ANUARIO BRIGANTINO



2004 Nº 27

ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración Municipal

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité científico

Alfredo Erias Martínez (director)
Xosé Mª Veiga Ferreira (subdirector)
Xulio Cuns Lousa (secretario)

Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Xosé Ramón Barreiro Fernández
José Antonio Fernández de Rota y Monter
José García Oro
José Antonio Miguez Rodríguez
Luis Monteagudo García

Colaboradores técnicos:

Nadine Mary Couceiro Vicos
María Elena Carro Vieites
Jesús Antonio Fraga Sánchez
Alberto López Fernández
Carmen López Villasol
Leonor Sánchez Edreira
Mª Isabel Sánchez Edreira
Olaia Torres Vázquez
Mª del Pilar Vázquez Ares

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2004 **nº 27**

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Excmo. Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais
Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña
Tlf. (981) 771946
alfredo.erias@betanzos.dicoruna.es

O INDICE XERAL DO ANUARIO BRIGANTINO (desde 1948 ata hoxe) pode consultarse na páxina web oficial do Concello de Betanzos, **http://www.betanzos.net**

Así mesmo, intégrase nas bases de datos da BIBLIOTECA XERAL da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, accesible na páxina: **http://busc.usc.es**

Tamén aparece nas bases de datos RISO e ISOC, esta realizada polo «CENTRO DE INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN CIENTÍFICA» (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C e que ofrece información sobre artigos publicados en máis de 1.000 revistas especializadas nos diferentes campos do coñecemento das Humanidades ou Ciencias Sociais (C/ Pinar, 25, 3º, 28006 Madrid, tlf.: 914112220, Fax: 915645069).

Cuberta:
Conxunto de fragmentos de torques que integran o chamado Tesouro de Xanceda. Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón (A Coruña). Foto: Lois Ladra.

Contracuberta:
Mes de Xaneiro do calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue, de Betanzos. Debuxo (e cromatismo hipotético) de Alfredo Erias.

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.

Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI -Betanzos-



Ilmo. Sr. Don Manuel Lagares Pérez

Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Betanzos

Este ano 2004 correspondeulle a Betanzos e a min, como Delegado Rexio, representar ó Antigo Reino de Galicia nas solemnidades do Corpus en Lugo, e eso lémbrame que, de algún xeito, e particularmente a través do *Anuario Brigantino* no terreo cultural, a nosa cidade, a vella capital de provincia, recupera pouco a pouco o protagonismo e a presencia de que gozou ata 1834, hai agora 170 anos. Pero non sempre podemos lembrar cousas boas, porque o Anuario perdeu un dos seus máis senlleiros colaboradores, Don Antonio Meijide Pardo, membro de número da Real Academia Galega e de outras nacionais e estranxeiras, a quen se lle concedera a Cruz de Alfonso X o Sabio e a Medalla Castelao, etc, pero, sobre todo, un dos máis grandes historiadores de tódolos tempos en Galicia, sabio onde os houbera, humilde e traballador, que axudou a levantar o nivel do *Anuario Brigantino*. Sempre estaba na súa presentación. Era un namorado de Betanzos. Non o esqueceremos.

A nivel xeral tamén foi un ano duro por culpa do terrorismo, que atacou varios trens de pasaxeiros en Madrid o 11 de marzo, deixando centos de mortos inocentes. Por eso en Betanzos, como en toda España, tivo lugar o día 13 unha das máis grandes manifestacións que se recordan baixo o lema «Coas víctimas, coa Constitución e pola derrota do terrorismo». Con tolerancia e cultura confío que estas atrocidades vaian desaparecendo das nosas vidas e de todo o mundo.

Tamén houbo este ano cousas boas. Entre moitas outras, por exemplo, a presentación de libros de Antonino Vázquez Bonome, de Xesús Torres, de Xulio Cuns, de Xesús Fraga ou de Xabier López. Este novelista, ademais, un dos nosos concelleiros, foi galardoado co Premio Nacional da Crítica, no apartado de lingua galega, pola súa obra *A vida que nos mata*, premio auspiciado pola Asociación Española de Críticos Literarios que se fallou en Pamplona.

O meu especial agradecemento ás institucións que nos axudan co *Anuario* (Deputación Provincial, Banco Etcheverría, Caixa Galicia e Fundación Manuel Villuendas Pena), a tódolos colaboradores, a D. Francisco Díaz, Delegado de Cultura, e ós membros do Comité Científico, encabezado polo Director, Alfredo Erias. ¡GRACIAS INFINDAS!

Portada da igrexa gótica de Santiago, de Betanzos (s. XIV-XV). Foto: Alfredo Erias.

ÍNDICE

Historia...

*Túmulos prehistóricos no Concello de Monfero, polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS..... 11

*Arte rupestre do Concelho de Barcelos (Portugal): Subsídios para o seu estudo, por FERNANDO COIMBRA..... 37

*La diosa céltica Coventina en las Islas Británicas, Las Galias y Galicia, por M. ALBERRO..... 71

*Os torques do Castro de Xanceda (Xanceda, Mesía, A Coruña), por LOIS LADRA 91

*Cerimonias celtas de entronización real na Galiza, por ANDRÉS PENA GRAÑA..... 117

*La figura de mujer del petroglifo da Pena Furada (Figueiras, Santa Mariña de Lesa, Coirós, A Coruña), por FERNANDO ALONSO ROMERO..... 161

*Referencias documentais ó concello de Abegondo durante a Alta Idade Media, por MAXI REI..... 179

*Foi Galiza un reino?, por ANTÓN COSTA RICO..... 199

*Nova aproximación ao estudio documental da Real Audiencia de Galicia: os preitos e expedientes de mosteiros, por GABRIEL QUIROGA BARRO..... 205

*Botas y espadas en la secreta sociedad de la escuadra y el compás: la masonería y los militares en la Historia de España, por ALBERTO VALÍN FERNÁNDEZ 223

*La Coruña en el reinado de Fernando VII: Manifestaciones político-religiosas y religiosidad popular, por Mª CONSUELO MARIÑO BOBILLO..... 243

*A Familia Poza: un exemplo de republicanismo e librepensamento en Pontevedra, por CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ..... 265

*Antiguas prácticas tradicionales de la isla de Ons relacionadas con el embarazo y el parto MARÍA A. CASTROVIEJO BOLÍBAR y FERNANDO ALONSO ROMERO 313

*O "CENTRO BETANZOS" DE BOS AIRES: CEN ANOS DE VIDA, 1905-2005, por XESÚS TORRES REGUEIRO..... 325

*LOTERÍA DE NAVIDAD, 1932: El segundo premio, en Betanzos, por JOSÉ-DOMINGO VALES VÍA..... 371

*Un recluso en Betanzos, llamado Vicente Ferrer, por VICENTE DE LA FUENTE 383

*Apunte biobibliográfico sobre D. Antonio Meijide Pardo, por JAVIER LÓPEZ VALLO

Arte, Literatura, Antropoloxía...

**Para as Muchachas de Ciudad Juárez [México]*, por OLGA PATIÑO NOGUEIRA 404

*Un eco del *FISIÓLOGO* en Santo Tomé Vello de Maside, por CARLOS SASTRE VÁZQUEZ..... 405

*O calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue: un achegamento ás súas imaxes, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ..... 415

*Viviendas de judíos y conversos en Galicia y el Norte de Portugal, por EMILIO FONSECA MORETÓN..... 431

*El Ferrol que pudo haber sido: El "Proyecto de Reforma y Ensanche de la Población" de Ferrol, de Santiago Rey Pedreira (1930), por EMILIO ARGIZ VÁZQUEZ.. 467

*O pintor Seijo Rubio e Betanzos: A feminidade da paisaxe mariñá, por JAVIER GONZÁLEZ FERNÁNDEZ..... 479

*Manuel Oliveira Guerra e a revista *Céltica* no camiño da irmandade galego-portuguesa, por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 491

*LAXEIRO, una personalidad inolvidable, por ANDRÉS BEADE DOPICO..... 507

*Apuntes gráficos dunha orquestra popular das Mariñas: Os Rambalts, por XULIO CUNS LOUSA e XOSÉ Mª VEIGA FERREIRA..... 515

Entidades culturais e deportivas...

*FUNDACIÓN CIEC, Centro Internacional de la Estampa Contemporánea..... 531

*FOTOPOLÍMEROS-INTAGLIO-TYPE: alternativa no tóxica de grabado, por ANNE HEYVAERT..... 543

*Outras entidades..... 547

Acontecementos do ano


*Ofrenda que fai o Alcalde-Presidente da Moi Nobre, Sempre Leal e Real Cidade de Betanzos dos Cabaleiros, como Delegado do Antigo Reino de Galicia, no día da Infraoitava do Corpus Christi, na Igrexa Catedral de Lugo, o presente ano de dous mil catro..... 577

*Pregón da VIª Feira Franca Medieval, por ÁNXELES PENAS..... 579

*Pregón das Festas Patronais de San Roque, por JOSÉ LUIS CUERDA..... 583

*Cincuentenario de Santa María do Azougue como Copatrona da Cidade, por Mª Mercedes Morandeyra Fajardo de Andrade..... 586

*Función do Voto, por MANUEL LAGARES PÉREZ..... 589



HISTORIA...

Retablo do Arcediano Pedro de Ben (ca. 1525), obra de Cornelius de Holanda. Igrexa de Santiago, de Betanzos. Foto: Alfredo Erias.

Túmulos prehistóricos no Concello de Monfero

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

Continuando cunha serie de traballos que ven de publicar a nosa Asociación sobre distintos xacementos arqueolóxicos na zona do Baixo Eume, presentamos agora unha análise do fenómeno tumular no concello de Monfero (A Coruña), enfocado non só sobre o estudio do entorno e emprazamento dos túmulos, senón facendo un estudio documental das coleccións diplomáticas dos mosteiros de Monfero e Caaveiro e de calquer outro documento medieval ou contemporaneo que nos puidera proporcionar información para a localización destes xacementos. Así mesmo reflectimos cal é situación destes despois das agresións sufridas na última década.

Abstract

Continuing a series of works which have just been published by our Association on different archeological sites in the area of the Lower Eume, we now present an analysis of the tumular phenomena in the Monfero area (A. Coruña), focusing not only on the study of the surrounding area and positioning of the tumuli, but also making a documental study of the diplomatic collections of the monasteries of Monfero and Caaveiro, and of any other medieval or contemporary document which could provide us with information to locating these burial sites. At the same time we evaluate their present state after the damage suffered in the last ten years.

I – INTRODUCIÓN

Neste traballo presentamos un estudio sobre o fenómeno tumular do concello de Monfero que se enmarca dentro dun proxecto de maior envergadura que a nosa Asociación ven desenvolvendo na zona do Baixo Eume dende hai varios anos. Deste proxecto xa foron publicados con anterioridade dous artigos, un sobre a localización de varios grupos de petroglifos[1] e outro sobre o mosteiro de San Cremenzo de Vilamateo.[2] A finalidade deste artigo é dar a coñecer o fenómeno tumular no concello de Monfero, para elo non só enfocamos este estudio dende o emprazamento e o entorno dos túmulos, senón que tamén realizamos un estudio documental proporcionado maioritariamente polas coleccións diplomáticas dos mosteiros de Santa María de Monfero e San Xoán de Caaveiro, que se encontran espalladas polo territorio nacional[3] e que foron publicadas en distintas revistas e boletíns[4] nunha pequena proporción. Así mesmo consultouse todo tipo de documentación medieval ou contemporánea (privilexios, foros, apeos, preitos, etc...),

*A Asociación Cultural "Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos" constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. Está formada na actualidade por 14 membros.

1 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2004, «Gravados rupestres na comarca do Baixo Eume», *Anuario Brigantino 2003*, 26: 51-76.

2 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2003, «Mosteiro de San *Cremenzo* de Vilamateo», *Anuario Brigantino 2002*, 25: 87-102.

3 Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Arquivo Histórico Municipal de A Coruña (AHMC), Arquivo Histórico Nacional (AHN), Arquivo do Museo de Pontevedra (AMP), Real Academia Galega (RAG), Arquivo Universitario de Santiago (AUS).

4 MARTÍNEZ SALAZAR, A.; LUCAS ÁLVAREZ, M.; VAAMONDE LORES, etc... Mención especial merecen a tese dotoural de RAFAEL REIGOSA LORENZO, depositada na Universidade Complutense de Madrid que non foi publicada e os diversos traballos publicados por LÓPEZ SANGIL, J.L. a quen manifestamos o noso agradecemento por deixarnos consultar dun xeito desinteresado os seus arquivos, nos que están recompilados os documentos pertencentes a estes mosteiros.

recompilando aqueles nos que se fai unha mención directa ós túmulos. En canto ás referencias bibliográficas teríamos que diferenciar dúas épocas. En primeiro lugar están as proporcionadas a principios do século XX por Cuevillas[5] (v. Santa Mariña de Taboada) e por Hernández Sampelayo[6] (que nomea os túmulos existentes na zona L do concello, Serra Loba e as súas estribacións). En segundo lugar están os traballos realizados a finais do mesmo século por Vaquero Lastres[7] (que abrangue a mesma zona da Serra Loba e estribacións), o LAFC[8] (que levou a cabo os traballos de prospección do gasoduto que atravesa o concello de Monfero SL-NO, no que se dan referencias dalgúns dos túmulos situados nas proximidades do trazado[9]) e por último as recollidas por Sobrino Ceballos e Veiga Ferreira[10] nun traballo sobre as ermidas na zona da Serra da Loba-Galiñeiro.




Fig. 1. Situación do concello de Monfero.

Tamén no ano 1998 a empresa Adóbrica Arqueoloxía fixo a prospección arqueolóxica do concello de Monfero (encargada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia) na que se localizaron 94 túmulos, pero da que non se publicaron os seus resultados[11] .

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O concello de Monfero conta na actualidade cunha extensión de 171'6 qm² e está delimitado administrativamente ó N cos concellos de Cabanas, A Capela e As Pontes, ó L coa provincia de Lugo (concellos de Xermade e Guitiriz), ó S cos concellos de Aranga, Irixoa e Vilarmaior e ó O cos de Vilarmaior e Pontedeume (fig. 1). Monfero está dividido en sete parroquias de O-L: Santa Mariña de Taboada, San Xurxo de Queixeiro, Santa María de Vilachá, San Fiz de Monfero, Santa Xiá de Monfero, San Pedro do Val de Xestoso e Santa María de Xestoso.

---

5 LÓPEZ CUEVILLAS, F., 1989, *"La civilización céltica en Galicia"*, Madrid, Colegio Universitario-Edición Istmo.

6 HERNÁNDEZ SAMPELAYO, P., 1922-42, «*Hierros de Galicia*», Madrid, Gráficas Reunidas, 1922-42, Memorias del Instituto Geológico de España. Criaderos de Hierro de España, Tomo III, capítulo XV: 539-580.

7 VAQUERO LASTRES, J., 1988, *Estudo do fenómeno tumular na serra Loba e Cordal de Montouto*, Santiago: Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental (Consellería de Cultura, Xunta de Galicia), Memoria inédita, 390 páxs.

1990, *El fenómeno tumular en el interior de Galicia: consideraciones sobre el emplazamiento de los monumentos*, tese de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.

1991-1992, «Del análisis del emplazamiento al estudio de túmulos en el NW», *Brigantium 1991-92*, 7: 151-176.

8 LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA E FORMAS CULTURAIS (LAFC), IIT, 2000, «La arqueología en la Gasificación de Galicia 8: Correción de Impacto del Gaseoducto de Transporte Vilalba-Valga», *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe, decembro de 2000*, nº 11, Universidade de Santiago de Compostela.

2001, «La arqueología en la Gasificación de Galicia 14: Correción de Impacto de las redes y ramales de A Coruña», *Traballos en Arqueoloxía da Paisaxe decembro de 2001*, nº 21, Universidade de Santiago de Compostela.

9 Danse referencias de algúns dos túmulos dos grupos de Anta, Lamelas, Galiñeiro (Xestoso) e mesmo do Castelo da Pluma (afastado máis de 1 km do gasoduto), non obstante non se nomean os dos grupos do Francés, ni os de Vite e Campo do Muniz-Torgal que nalgún caso atópanse a escasos 100 m do gasoduto.

10 SOBRINO CEBALLOS, J. e VEIGA FERREIRA, J.Mª., 2001, "As mámoas de Galiñeiro. Da ermida da Ascensión (Monfero) á de San Vitorio (Cambás)», *A Xanela, Outono 2001 (2ª época)*, 12: 13-15. O noso agradecemento a Juan Sobrino Ceballos, investigador infatigable que leva escudriñando as terras de Monfero nos últimos 20 anos. Grazas polas informacións facilitadas sobre os túmulos e o seu folclore.

11 O noso agradecemento a Alberto González e Susana Ricart polas informacións facilitadas.

Xeograficamente limita ó N co río Eume, polo L con parte da dorsal meridional galega (Serrón do Lobo, 700-709 m e a Serra Loba, 676-687 m), polo S coas estribacións dos Montes de Moncoso, Pico Vales (699 m) e o río Lambre. Mentres que polo O linda co río Anduriña e as estribacións do Monte do Catasol, sendo a altura máxima do concello o monte de Pena Feixa (716 m) situado na zona central do concello.

O clima é oceánico húmido con matices continentais nas zonas máis altas, invernos fríos e chuviosos e veráns secos, chegando á aridez nalgúns lugares.

Xeoloxicamente[12] o concello pertence á zona IV de P. Matte, que se caracteriza estratigraficamente pola presencia dun Precámbrico antigo formado por rochas metabásicas e outro moderno formado pola serie de Ollo de Sapo; un Ordovícico de desenvolvemento relativo e un Selúrico potente e variado, formado sobre todo por xistos. Na zona O aparece unha grande diversidade de rochas graníticas de tendencia alcalina e calcoalcalina (granito de dúas micas) que varían en idade e textura.

Estratigraficamente considéranse dous dominios, a serie Ollo de Sapo e a serie Ordes, coa presencia principalmente de gneis, xisto, cuarzoxisto, filita e cuarcita.

III - DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

Non foi doado seguir un so criterio á hora de facer unha distribución dos túmulos localizados debido á grande extensión do concello de Monfero, un dos máis grandes Galicia. Ó final, para unha mellor comprensión do texto, decidimos dividir a zona de estudio por parroquias de O a L, pero esta decisión tamén presenta atrancos derivados de que algunha das parroquias ten unha extensión superior á de moitos concellos galegos, como os casos de San Fiz de Monfero con 64'3 qm² e Santa María de Xestoso con 39'3 qm². De maneira que nos atoparemos exemplos nos que algún grupo serve de linde entre varias parroquias.

En primeiro lugar nomearemos os túmulos fisicamente localizados e tamén aqueles dos que a pesar de estar destruidos, se ten unha constancia máis ou menos precisa do lugar onde se situaban. En segundo lugar aqueles dos que temos unha referencia documental, pero non foron localizados. E por último aqueles dos que temos unha referencia oral, aínda que coas nosas reservas, xa que nesta zona os veciños entenden por medoñas os castros[13] e mesmo algún burato do terreo.

Santa Mariña de Taboada (NO do concello).

É a menor de todas as parroquias (3'1 qm²). Non foi localizado ningún túmulo, a pesar das moitas referencias obtidas tanto documental como verbalmente.

As referencias documentais atopámolas no *Interrogatorio do Catastro del Marqués de la Ensenada* onde aparecen os topónimos: Sitio da Mámoa, Sitio da Medoña, Modorra, Modoñas e Modias, pero que hoxe en día ninguén recoñece por eses nomes.

Tamén encontramos unha referencia bibliográfica en Cuevillas[14] na que se nomea un dolmen ou mámoa en Taboada-Pontedeume, lugar que sen dúbida se corresponde con Santa María de Taboada de Monfero. Este túmulo probablemente desapareceu.

---

12 Os datos xeolóxicos e estratigráficos foron tomados do Mapa Geológico de España 1:50000 nº 22 e 46 do I.G.M.E.

13 Sirva como exemplo o Castro das Medoñas (San Pedro do Val de Xestoso), no que se recolleu como folclore «...Cerca do castro das Medoñas, había 6 o 7 mámoas que se destruíron fai 10-12 anos (ano 1982-84), os túmulos tiñán unha altura de 2 m e un diámetro de 16'50 a 20 m...». En clara referencia ás murallas do NO do castro: «...As mámoas facían como un semicírculo, parecían que eran para defenderse..».

14 LÓPEZ CUEVILLAS, F., *"La civilización..."* Opus cit. lámina V, nº 3.




Fig. 2. Situación dos túmulos nas parroquias de Queixeiro e Vilachá.

Por último, as referencias orais indícannos que había tres túmulos que foron destruídos no ano 1962 nos lugares de As Ucheiras (O Lombo), A Chousa/Choupana e a Lagoa. Todos eles estarían moi preto entre si nas proximidades do antigo camiño real.

San Xurxo de Queixeiro (NO do concello).

Nesta parroquia localizamos un total de trece túmulos (fig. 2).

Grupo da Anta

Sitúase no Monte do Francés[15], emprazado ó SL do lugar de Cabana, entre os lugares de Gulpilleira e Cartelida (próximo ó linde do concello de Vilarmaior).

1.-) Anta de arriba - 1 (coordenadas UTM 573624'36 - 4804666'48, xeográficas 8º 05'27"57-43º 23'25"72).

Emprazamento (Emp.): chaira. Altitude (Alt.): 399 m. Regato máis achegado a (Reg.): 400 m. Substrato xeolóxico (Sust.): granito de 2 micas moi deformado. Terreo dedicado a (Terr.): arborado de repoboación. Medidas (Med.): 15 N-S x 16 L-O x 0'40 m de alto. Estado de conservación (Est.): malo, está moi achaiado e cortado polo L por un valado e un camiño.

2.-) Anta de arriba – 2 (coordenadas UTM 573708'62 – 4804552'56, xeográficas 8º 05'23"88-43º 23'22"00).

Emp.: chaira. Alt.: 398 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 25 Ø x altura que oscila entre 1'20 polo N e 1'80 m polo S. Est.: bo, está cortado por unha gabia que serve de linde fincas polo S.

---

15 LAFC "La arqueología..." , 2001, nº 21. Opus cit. Cítanse os túmulos nº 2-4 na páx. 96 e o nº 5 nas páxs. 99-100; non obstante omítense o resto dos do grupo a pesar de estar moi próximos entre si.

3.-) Anta de arriba – 3 (coordenadas UTM 573755'81 - 4804564'91, xeográficas 8º 05'21"78-43º 23'22"38).
Emp.: chaira. Alt.: 402 m. Reg.: 350 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 N-S x 28 L-O x 1'80 m de alto, burato de violación 4 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo, a pesar de estar cortado polo N por un sendeiro.
4.-) Anta do medio - 1 (coordenadas UTM 573799'91 – 4804431'38, xeográficas 8º 05'19"89-43º 23'18"04).
Emp.: chaira. Alt.: 398 m. Reg.: 200 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 N-S x 21 L-O x 1'20 m de alto, burato de 7 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: regular, ten unha forte violación e está cortado polo L por un valado.
5.-) Anta do medio – 2 (coordenadas UTM 573899'71 – 4804403'60, xeográficas 8º 05'15"46-43º 23'17"10).
Emp.: chaira. Alt.: 395 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 27 N-S x 23 L-O x 0'80 m de alto, burato de violación de 7'50 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, ademais dun gran burato central, encontrase cortado polo S e O por unha pista e cortado polo L por unha gabia que serve de linde de fincas.
6.-) Anta do medio –3 (coordenadas UTM 573910'54 – 4804389'71, xeográficas 8º 05'14"99-43º 23'16"65).
Emp.: chaira. Alt.: 395 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 N-S x 14 L-O x 0'50 m de alto. Est.: malo, atópase cortado polo N pola mesma pista que o túmulo anterior e polo L por unha gabia que serve de linde de fincas.
7.-) Anta de abaixo - 1 (coordenadas UTM 574030'92 – 4804368'95, xeográficas 8º 05'09"65-43º 23'15"93).
Emp.: ladeira. Alt.: 392 m. Reg.: 400 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 0'90 m de alto. Est.: regular, non presenta burato, está cortado polo L por unha gabia que serve de linde de fincas.
8.-) Anta de abaixo - 2 (coordenadas UTM 574068'98 – 4804420'79, xeográficas 8º 05'07"93-43º 23'17"60).
Emp.: ladeira. Alt.: 393 m. Reg.: 500 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo, está moi achaiado. Non presenta burato de violación.
9.-) Cartelida - 1 (coordenadas UTM 573442'43 – 4804296'19, xeográficas 8º 05'35"84-43º 23'13"78).
Emp.: chaira. Alt.: 413 m. Reg.: 350 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24'50 N-S x 26'50 L-O x 1'80 m de alto, burato de violación de 5 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, no interior do burato sobresae a punta dun posible esteo granítico (30 cm de alto).
10.-) Cartelida - 2 (coordenadas UTM 573565'92 – 4804378'95, xeográficas 8º 05'30"31-43º 23'16"42).
Emp.: chaira. Alt.: 410 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24 N-S x 22 L-O x 1'50 m de alto, burato de violación de 4'50 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo.
Grupo Vite
Localizamos un túmulo situado nas inmediacións do cemiterio de Queixeiro e dous túmulos ó S do lugar de Campo do Mulo. Este grupo ten a súa continuidade con outros dous túmulos na parroquia de Vilachá, que identificamos como as mámoas de Vite nomeadas no *Catastro del Marqués de la Ensenada*: «*...Marco quellaman lasierra de Queijeiro desde este aldelas Mamuas devite, desde este aldelas Penas deyedra...*»[16].
11.-) Cemiterio de Queixeiro (coordenadas UTM 575474'64 – 4804009'37, xeográficas 8º 04'05"67 – 43 º23'03"76).
Emp.: chaira. Alt.: 378 m. Reg.: 200 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: toxos e piñeiros. Med.: 16 Ø x 0'50 m de alto, burato de 5 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: moi malo estragado e achaiado polas continuas

16 Pregunta 3 do Interrogatorio correspondente á parroquia de Santa María de Vilachá, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 160, folio 4283r.

labores agrícolas. Folclore: «...foi feita polos mouros [...] a destruíran para quitar os chantos do interior».
12.-) Campo do Mulo - 1 (coordenadas UTM 575884'32 – 4803183'73, xeográficas 8º 03'47"88-43º 22'36"85).
Emp.: chaira. Alt.: 384 m. Reg.: 500 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: piñeiros. Med.: 20 Ø x 0'80 m de alto. Est.: bastante bo a pesar de ter plantados piñeiros. Non se ve burato de violación.
13.-) Campo do Mulo - 2 (coordenadas UTM 575907'97 – 4803196'67, xeográficas 8º 03'46"82-43º 22'37"26).
Emp.: chaira. Alt.: 383 m. Reg.: 500 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: piñeiros. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto, burato de 3'50 Ø x 0'20 m de profundidade. Est.: regular, está achaiado e ten piñeiros plantados.
Desta parroquia temos referencias documentais dun túmulo non localizado na zona de Vite, que non se corresponde cos anteriores: «*... epor otraparte eneredad delcasal, devide edeotrap*[te] *enlamamua de agra mouris, e de alli comos ssebay al marco quessedice dejaneyro...*»[17] . Tamén no Interrogatorio do *Catastro del Marqués de la Ensenada*, aparecen os topónimos: Chao da Anta/Arta en Río Paredes, Pena da Arca e Chao da Anta.
As referencias orais indícannos a probable existencia de varios túmulos que foron destruídos en Valoi e na zona de Os Campos[18] .

Santa María de Vilachá (situada ó O do concello).
Nesta parroquia localizamos un total de dezaseis túmulos (fig. 2).
Grupo do Campo do Muniz - Torgal, composto por 3 túmulos. É a continuación do grupo Vite (Queixeiro).
14.-) Mámoa do Torgal (coordenadas UTM 575711'18 – 4803202'00, xeográficas 8º 03'55"56-43º 22'37"51).
Emp.: chaira. Alt.: 370 m. Reg.: 450 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 20 N-S x 26'50 L-O x 1 m de alto, burato de 8 Ø x 0'70 m de profundidade. Est.: bastante estragado por unha forte violación, tamén cortado polo SL por un camiño e polo NL por unha gabia que serve de linde de fincas.
15.-) Campo do Muniz - 1 (coordenadas UTM 575986'90 - 4803148'19, xeográficas 8º 03'43"37-43º 22'35"66).
Emp.: ladeira. Alt.: 383 m. Reg.: 450 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 N-S x 19 L-O e unha altura que oscila entre 0'30-0'90 m, burato de 5'50 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, achaiado e con piñeiros plantados.
16.-) Campo do Muniz - 2 (coordenadas UTM 575974'83 - 4803118'09, xeográficas 8º 03'43"89-43º 22'34"69).
Emp.: ladeira. Alt.: 382 m. Reg.: 450 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 13 Ø x 0'30 m de alto, burato de 3 x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está moi achaiado e con piñeiros plantados. Sobresae un posible esteo de lousa de 0'70 de ancho x 0'30 m de alto.
Grupo da Serra de Queixeiro
Este grupo está formado por tres túmulos pertencentes á parroquia de Vilachá e outros tres pertencentes á de San Fiz que serán descritos máis adiante.
17) Xunqueira da Serra - 1 (coordenadas UTM 576457'86 – 4803106'20, xeográficas 8º 03'22"43-43º 22'34"13).
Emp.: ladeira. Alt. 446 m. Reg.: 850 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 12 N-S x 15 L-O x 0'40 m de alto. Est.: malo, está moi achaiado polas labores agrícolas. No túmulo pódense ver seixos e lousas procedentes da súa coiraza.
18.-) Xunqueira da Serra - 2 (coordenadas UTM 576500'92 – 4802924'59, xeográficas 8º 03'20"61-43º 22'28"23).

17 ARG, libros de mosteiros, Mosteiro de Caaveiro C-479, traslado de escrituras de foros de 1674, páx. 23.
18 Nunha información recollida no ano 1997, dixéronnos: «...Onde chaman Os Campos se destruíu unha mámoa fai 55 ou 60 anos que se vían pedras grandes de 3 x 4 metros...».

Emp.: ladeira. Alt.: 441 m. Reg.: 750 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular, pódense ver os seixos da coiraza.

19.-) Cal da Serra (coordenadas UTM 576635'96 – 4802353'71, xeográficas 8º 03'14"90-43º 22'09"68). Emp.: ladeira. Alt.: 460 m. Reg.: 700 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15'50 Ø x 1 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular.

O Tesouro:

Localízase ó L da igrexa parroquial, preto da estrada que vai cara ó Casal.

20.-) Túmulo do Tesouro (coordenadas UTM 574722'15 – 4802167'26, xeográficas 8º 04'40"01-43º 22'04"33).

Emp.: chaira. Alt.: 316 m. Reg.: 100 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 Ø x 0'30 m de alto. Est.: bastante malo, encóntrase achaiado. Pódense ver por todo o túmulo restos da coiraza de granito.

Grupo dos Edreiros-Naveira:

Localizamos nove túmulos, situados ó O dos lugares de Naveira, Val e Penedo, nunha zona moi interesante arqueoloxicamente, na que tamén foron localizados varios gravados rupestres[19] .

21.-) Pena da Cadea - 1 (coordenadas UTM 572387'52 – 4801574'60, xeográficas 8º 06'24"01-43º 21'45"94).

Emp.: chaira. Alt.: 305 m. Reg.: 175 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: praderías. Med.: 32 Ø x altura que oscila entre 0'30-1'30 m. Est.: malo, foi achaiado cunha pala mecánica para facer terras de labor.

22.-) Pena da Cadea - 2 (coordenadas UTM 572358'69 – 4801596'47, xeográficas 8º 06'25"28-43º 21'46"66).

Emp.: chaira. Alt.: 304 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: praderías. Med.: 24 Ø x 0'20 m de alto. Est.: moi malo, ó igual que o anterior foi achaiado para facer terras de labor.

23.-) Cal da Gafa - 1 (coordenadas UTM 572187'22 – 4801546'56, xeográficas 8º 06'32"92-43º 21'45"10). Emp.: ladeira. Alt.: 299 m. Reg.: 200 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x altura que oscila entre 0'30-0'70 m. Est.: moi malo, está achaiado. Polo túmulo vense restos da coiraza de granito.

24.-) Cal da Gafa - 2 (coordenadas UTM 572174'25 – 4801536'50, xeográficas 8º 06'33"50-43º 21'44"78). Emp.: ladeira. Alt.: 300 m. Reg.: 200 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 1 m de alto, burato de violación de 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular, vense restos de coiraza de granito.

25.-) Edreiros - 1 (coordenadas UTM 572309'00 – 4801499'11, xeográficas 8º 06'27"54-43º 21'43"52) Emp.: chaira. Alt.: 303 m. Reg.: 250 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 1 m de alto, burato de violación de 3 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, hai restos da coiraza de granito por todo o túmulo.

26.-) Edreiros - 2 (coordenadas UTM 572430'03 – 4801415'72, xeográficas 8º 06'22"'20-43º 21'40"78). Emp.: chaira. Alt.: 306 m. Reg.: 400 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'60 m de alto. Est.: regular, está achaiado e cortado por un valado que serve de linde de fincas.

27.-) Naveira - 1 (coordenadas UTM 572887'57 – 4801520'25, xeográficas 8º 06'01"83-43º 21'44"01). Emp.: outeiro. Alt.: 314 m. Reg.: un manancial a 175 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'60 m de alto, burato moi moderno de 1'50 x 1 m de profundidade. Est.: malo, o seu entorno está moi alterado polas labores agrícolas. No interior do burato sobresaen a cabeza de dous posibles esteos de granito.

28.-) Naveira - 2 (coordenadas UTM 572976'66 – 4801427'53, xeográficas 8º 05'57"91-43º 21'40"97). Emp.: chaira. Alt.: 308 m. Reg.: hai un manancial que serve de área recreativa a 50 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 17 Ø x 0'70 m de alto,

19 GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS, 2003, "Gravados rupestres ...." Opus cit.

burato de 3'50 L-O x 7 N-S x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e ten unha forte violación.
29.-) Naveira - 3 (coordenadas UTM 572662'08 – 4801388'77, xeográficas 8º 06'11"91-43º 21'39"82). Emp.: cume. Alt.: 317 m. Reg.: 450 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x 0'50 m de alto. Est.: moi malo, está achaiado. A localización foi posible grazas á limpeza de maleza efectuada no monte este ano.
Nesta parroquia de Santa María de Vilachá temos unha referencia documental dun túmulo non localizado que servía de marco do Couto Xurisdicional do Mosteiro de Monfero *«...portum qui est inter Villam Iohannen et Pradam; inde per illam maomam de Scalariis de Villaplana, deinde per illum fogium de Villarino...»*[20] .

San Fiz de Monfero (situada na zona central do concello dende o N ó S).
Nesta parroquia localizamos un total de corenta túmulos espallados por toda ela (figs. 3-4-5-6), destacando entre todos os grupos o de Castelo da Pluma e o de Serra Vella.
30.-) A Medoña da Mámoa: situada entre os lugares de Campo Abeledo e Sanguiñedo. Coñécese tamén como mámoa de Campo Abeledo e na documentación como mámoa da Arca ou mámoa da Trea, aínda que hoxe en día ninguén a coñece con estes nomes. (coordenadas UTM 580080'31 – 4803514'09, xeográficas 8º 00'41"27-43º 22'45"99).
Emp.: chaira. Alt.: 473 m. Reg.: 500 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15'50 N-S x 14 L-O x 0'50 m de alto. Presenta varios buratos, o principal ten 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: moi malo, o túmulo está moi alterado e cortado polo L, nos anos 92/93 foi practicamente destruido. Referencia documental: *«...e daly todo enlaagua doporto losyo e [...] del casal de Jº deSam guinedo el viejo enla panda deporto Losyo, y enel camino arriba de mamoa daarca, e en el marco de Coirel e como bay enel estremo de...»*[21] , *«...Alcampo Do Coirel y ala mamoa da Trea Yalcampo Pequeno de porto losio...»"*[22] . Folclore: «...Era toda de terra, non tiña chantos [...] a fixeron os mouros, había tesouros...», «...Era a máis grande de todas, moito máis cas da Serra Vella, tiña cantidade de seixos de distintos tamaños...».
Grupo da Serra Vella:
Tamén coñecido como Monte da Capela, está situado na zona alta do monte, ó NO do lugar de San Xiao de Arca. Folclore: «...As medoñas da Serra Vella as fixeron os mouros, metíanse nos buratos da parte de enriba para defenderse nas guerras...».
31.-) Serra Vella - 1 (coordenadas UTM 579370'00 – 4803551'02, xeográficas 8º 01'12"81-43º 22'47"46). Emp.: cume. Alt.: 509 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 18'50 Ø x 1'30 m de alto, burato de 4'70 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver un chanto de lousa cunha cazoleta e a coiraza de seixos.
32.-) Serra Vella - 2 (coordenadas UTM 579355'25 – 4803534'09, xeográficas 8º 01'13"48-43º 22'46"92). Emp.: cume. Alt.: 509 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 11'50 Ø x 0'90 m de alto, burato de 1'50 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, ten coiraza de seixos.
33.-) Serra Vella - 3 (coordenadas UTM 579334'59 – 4803504'64, xeográficas 8º 01'14"41-43º22'45"97). Emp.: cume. Alt.: 509 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø x 1'10 m de alto, burato de 3 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: bo, ten coiraza de seixos.
34.-) Serra Vella - 4 (coordenadas UTM 579289'58 – 4803486'24, xeográficas 8º 01'16"42-43º 22'45"39).

---

20 A primeira referencia documental atopámola no privilexio de Alfonso VII o 5/12/1135, ARG, fondo Vaamonde Lores, caixa 4, carpetiña 5, documento 8; se ben este privilexio é reproducido en varios documentos e memoriais ata o século XVII con diferentes variantes: *schalariis, squalariis, squalarios, sancta lariis, squeyras, escalaris, esqualarios, escalares, escaleras, esqueiras, esquieras.* Así mesmo no AHN, sección de códices, sinatura 259B, aclárase *«...Mámoa de Escalares de Villachá, que aora se llama la Mámoa de las Cabras...»*.
21 AHN, Fondo Clero, Carpeta 510, documento nº 5, demarcación do *Casal de Samgiao de Arca*, datada en 1442.
22 ARG, Preitos da Real Audiencia, atado 105, nº 106, trátase dun preito por reinvindicacciónss de bens datado o 07/05/1670.




Fig. 3. Situación dos túmulos no norte da parroquia de San Fiz.

Emp.: cume. Alt.: 512 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2'5 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, ten coiraza de seixos.

35.-) Serra Vella - 5 (coordenadas UTM 579139'83 – 4803502'43, xeográficas 8º 01'23"06-43º 22'45"97). Emp.: portela. Alt.: 497 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación e monte baixo. Med.: 12 Ø x 0'50 m de alto, burato de 3 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: moi malo, pódese ver parte da coiraza de lousas.

36.-) Serra Vella - 6 (coordenadas UTM 579164'16 – 4803486'26, xeográficas 8º 01'21"97-43º 22'45"43). Emp.: ladeira. Alt.: 499 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 9 Ø x unha altura que oscila entre 0'80 e 0'20 m, burato de 2'50 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e achaiado.

37.-) Serra Vella - 7 (coordenadas UTM 579174'74 – 4803419'04, xeográficas 8º 01'21"56-43º 22'43"25). Emp.: ladeira. Alt.: 509 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 Ø x unha altura que oscila entre 1'30 e 0'30 m, burato de 2 Ø x 0'20 m de profundidade. Est.: regular, está moi alterado.

38.-) Túmulo de Pena Cruzada, está situado entre os lugares de Cortizas e Os Gotes (coordenadas UTM 577351'17 – 4803111'66, xeográficas 8º 02'42"74-43º 22'33"98).

Emp.: portela. Alt.: 421 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24 Ø x 1'20 m de alto, burato de 5 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo.

Grupo da Serra de Queixeiro - II:

Este grupo é continuación do descrito anteriormente na parroquia de Vilachá. Existe unha referencia documental sobre dous destes túmulos: «*...seba aun marco que esta enzima del lugar de candedo junto ados mámoas i de allí derecho al puerto delugar da pruma...*»[23].

23 Apeo datado o 03/11/1669. ARG, fondo privados-eclesiásticos, sinatura C-460, páx. 9-v.

39.-) Cal da Lagoa - 1 (coordenadas UTM 576753'44 – 4802195'69, xeográficas 8º 03'09"76-43º 22'04"51).
Emp.: chaira. Alt.: 463 m. Reg.: 100 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: monte baixo. Med.: 15 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2'50 x 0'30 m de profundidade. Est.: regular.
40.-) Cal da Lagoa - 2 (coordenadas UTM 576742'71 – 4802135'58, xeográficas 8º 03'10"27-43º 22'02"57).
Emp.: chaira. Alt.: 461 m. Reg.: 80 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 N-S x 13 L-O x 1'60 m de alto, burato de 2'50 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e cortado polo O por unha pista.
41.-) Cal da Lagoa - 3 (coordenadas UTM 576769'16 – 4802157'63, xeográficas 8º 03'09"08-43º 22'03"27).
Emp.: chaira. Alt.: 463 m. Reg.: 100 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: monte baixo. Med.: 19 Ø x 1'50 m de alto, burato de violación moi moderno (cadrado) de 1 m² x 1 m de profundidade. Est.: regular, pódese ver a coiraza de seixo.
Grupo de Castelo da Pluma:
Este grupo está situado na zona que vai dende o Penedo Gordo, Castelo da Pluma[24] ata as proximidades do campo de tiro. Os túmulos están situados a rentes do antigo camiño real, hoxe en día convertido en estrada e pista forestal. Folclore: «...as fixeron os mouros [...] contábame a miña avoa que alí se defendían os mouros cando había guerra...», «...eran como trincheiras [...] foron feitas polos mouros nos tempos da guerra».
42.-) Castelo da Pluma - 1 (coordenadas UTM 577235'27 – 4801811'30, xeográficas 8º 02'48"55-43º 21'51"88).
Emp.: chaira. Alt.: 471 m. Reg.: 150 m. Sust.: cuarcitas feldespáticas. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 Ø x 1'60 m de alto, burato de 6 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: malo, non só polo gran burato de violación, senón tamén polas moitas árbores plantadas enriba del.
43.-) Castelo da Pluma - 2 (coordenadas UTM 577243'90 – 4801521'19, xeográficas 8º 02'48"31-43º 21'42"47).
Emp.: chaira. Alt.: 474 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 24 Ø x 2'20 m de alto, burato de 6 Ø x 1 m de profundidade. Est.: malo, polo gran burato de violación e os piñeiros plantados por todo o túmulo.
44.-) Castelo da Pluma - 3 (coordenadas UTM 577223'24 – 4801420'22, xeográficas 8º 02'49"28-43º 21'39"20).
Emp.: chaira. Alt.: 471 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø x 1 m de alto, burato de 3 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: bo, no interior do burato sobresaen un esteo de lousa (70 ancho x 45 cm de alto) e outro posible partido.
45.-) Castelo da Pluma - 4 (coordenadas UTM 577269'03 – 4801176'65, xeográficas 8º 02'47"37-43º 21'31"29).
Emp.: chaira. Alt.: 460 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto, burato de 2 N-S x 5 L-O x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado. A priori tivemos dúbidas de que se trátese dun túmulo, xa que no interior vense dúas pedras de lousa de máis de 4 m de longo, pero a orientación contraria ó resto dos afloramentos da zona, motivou a súa inclusión neste listado.
46.-) Castelo da Pluma - 5 (coordenadas UTM 577229'29 – 4801104'13, xeográficas 8º 02'49"17-43º 21'28"96).
Emp.: ladeira. Alt.: 461 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 17 Ø x 1'50 m de alto, burato de violación 5'50 L-O x 4 N-S x 0'70 m de profundidade. Est.: regular, no interior do burato sobresae parte dun esteo de xisto de 0'50 de alto x 0'60 m de ancho. Folclore: «...cando íamos para a Feira de Pontedeume sempre pasabamos polo camiño do Castelo da Pluma e recordo que no lombo da Medoña, tiña un burato que cando chovía estaba cheo de auga e non secaba ata os tres días...».

24 LAFC "La arqueología...", 2001, nº 21. Opus cit. Cítanse o túmulo nº 43 na páx. 99, o nº 46 na páx. 98 e o nº 47 na páx. 95. Ó igual que sucedeu no grupo Anta (Vilachá) omítense o resto dos túmulos do mesmo grupo.

47.-) Medoña dos Mouros (coordenadas UTM 577443'63 – 4800255'41, xeográficas 8º 02'40"08-43º 21'01"37).
Emp.: chaira. Alt.: 463 m. Reg.: 250 m. Sust.: cuarcitas feldespáticas. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 30 N-S x 25 L-O x altura que oscila entre 2'20 e 1'70 m, burato de 7 Ø x 0'70 m de profundidade e unha trocha aberta polo O. Est.: bo a pesar de estar cortado polo L por unha pista forestal e ter unha forte violación. Folclore: «...había unha pequena portiña e cando chovía me refuxiaba alí...», «...había grandes masas de terra que eran trincheiras de los moros...».




Fig. 4. Situación dos túmulos no occidente da zona central da parroquia de San Fiz.

Grupo Lamelas:
Está formado por catro túmulos[25] situados entre os lugares de As Lamelas e Nebras.
48.-) Lamelas - 1 (coordenadas UTM 576398'44 - 4800607'11, xeográficas 8º 03'26"33-43º 21'13"15). Emp.: portela. Alt.: 383 m. Reg.: 350 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 0'80 m de alto, burato de 4 N-S x 6 L-O x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e ten unha forte violación.
49.-) Lamelas - 2 (coordenadas UTM 576271'94 – 4800581'97, xeográficas 8º 03'31"96-43º 21'12"39). Emp.: portela. Alt.: 378 m. Reg.: 350 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 Ø x altura que oscila entre os 1 e 0'50 m, burato de 4'50 x 10 m x 0'50 m de profundidade. Est.: regular, encóntrase achaiado e ten árbores plantadas enriba del.
50.-) Lamelas - 3 (coordenadas UTM 576208'74 – 4800610'66, xeográficas 8º 03'34"75-43º 21'13"34). Posiblemente non se trate dun túmulo senón da acumulación de terra feita para asentar un depósito de auga. Emp.: outeiro. Alt.: 385 m. Reg.: 300 m. Sust.: cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 Ø x 0'50 m de alto. Estas medidas son aproximadas ó estar dentro dunha finca cerrada. Est.: malo, enriba deste posible túmulo está un depósito de auga que da servicio a unha vivenda próxima.
51.-) Lamelas - 4 (coordenadas UTM 576126'04 – 4800580'42, xeográficas 8º 03'38"44-43º 21'12"39). Emp.: outeiro. Alt.: 382 m. Reg.: 350 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 22 N-S x 18 L-O e unha altura que oscila entre 1'50 e 0'50 m, ten un burato de 6 Ø x 0'30 m de profundidade e outro máis moderno de S-N de forma irregular que forma parte dun vertedoiro. Est.: moi malo, aparte dos dous buratos está cortado polo L por un valado.
Grupo do Seixo:
Non se trata dun grupo concreto, senón de catro túmulos situados nos Montes do Coto, Monte do Seixo e Monte da Cota.
52.-) Mámoa do Coto - 1 (coordenadas UTM 573992'30 – 4800025'93, xeográficas 8º 05'13"48-43º 20'55"18).
Emp.: outeiro. Alt.: 365 m. Reg.: 300 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 0'90 m de alto, burato de 4 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: regular, está achaiado.

25 LAFC "La arqueología...", nº 21, 2001, Opus cit. Cítanse o túmulo nº 49 na páx. 94, o nº 50 na páx. 97 e o nº 51 nas páxs. 97-98, non obstante non se nomea o nº 48.




Fig. 5. Situación dos túmulos no oriente da zona central da parroquia de San Fiz.

53.-) Mámoa do Coto - 2, sitúase ó L do marco das Lobeiras (coordenadas UTM 573984'53 – 4799998'81, xeográficas 8º 05'13"84-43º 20'54"31).
Emp.: outeiro. Alt.: 363 m. Reg.: 250 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 1'20 m de alto, burato de 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular.
54.-) Campo da Mama, ó L do lugar do Seixo (coordenadas UTM 574780'23 – 4799825'43, xeográficas 8º 04'38"58-43º 20'48"40).
Emp.: portela. Alt.: 360 m. Reg.: 800 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 1'80 m de alto, burato de 7 x 8 x 1'20 m de profundidade. Est.: bo, a pesar da forte violación.
55.-) Monte da Cota, situado ó SO do lugar do Seixo (coordenadas UTM 574421'36 – 4799574'02, xeográficas 8º 04'54"64-43º 20'40"39).
Emp.: cume. Alt.: 355 m. Reg.: 700 m. Sust.: granito de 2 micas pouco deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 13 Ø x 0'50 m de alto. Est.: regular, está bastante achaiado.
Grupo do Francés:
Está situado ó O do cruce do Francés, a menos de 150 m do gasoduto.
56.-) O Francés - 1 (coordenadas UTM 576035'53 – 4799574'8019, xeográficas 8º 03'42"96-43º 20'39"83).
Emp.: chaira. Alt.: 334 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 19 N-S x 9 L-O x 1'40 m de alto. Est.: moi malo, está case cortado á metade por un camiño e nas inmediacións hai un vertedoiro incontrolado.
57.-) O Francés - 2 (coordenadas UTM 576002'76 – 4799565'46, xeográficas 8º 03'44"42-43º 20'39"54)
Emp.: chaira. Alt.: 336 m. Reg.: 150 m. Sust.: granito de 2 micas moi deformado. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 20 Ø x 0'60 m de alto, burato de 5 Ø x 0'60 m de profundidade. Est.: regular, está bastante achaiado.
Grupo da Pena Faladora:
Está formado por dous túmulos, localizados ó L e O dun afloramento denominado Pena Faladora.
58.-) Pena Faladora - 1 (coordenadas UTM 578456'17 – 4800107'08, xeográficas 8º 01'55"19-43º 20'56"18).
Emp.: ladeira. Alt.: 480 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 14 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo, o túmulo está moi alterado e achaiado, pódese ver a coiraza de seixos.
59.-) Pena Faladora - 2 (coordenadas UTM 578733'30 – 4800114'51, xeográficas 8º 01'42"88-43º 20'56"32).
Emp.: ladeira. Alt.: 495 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 Ø x 1 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular. Folclore: «...a fixeron os mouros, polos anos 1920/30 tiña laxes no seu interior...».
Grupo da Pila da Leña-Mascoto
Está formado por tres túmulos no lugar da Cruz da Pila da Leña e outro túmulo separado no lugar do Mascoto.
60.-) Pila da Leña - 1 (coordenadas UTM 579469'08 – 4800128'81, xeográficas 8º 01'10"20-43º 20'56"51).
Emp.: chaira. Alt.: 550 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 9 Ø x 0'50 m de alto. Est.: malo, está alterado e achaiado.

61.-) Pila da Leña - 2 (coordenadas UTM 579452'61 – 4800091'09, xeográficas 8º 01'10"95-43º 20'55"29).
Emp.: chaira. Alt.: 547 m. Reg.: 450 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14'50 x 0'80 m de alto. Est.: malo, está moi alterado, tivo colocado un poste para o tendido eléctrico. Ó situarse debaixo do tendido eléctrico, sufre constantes alteracións debidas as faenas de limpeza da liña.
62.-) Pila da Leña - 3 (coordenadas UTM 579412'78 – 4800019'25, xeográficas 8º 01'12"75-43º 20'52"98).
Emp.: chaira. Alt.: 549 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 N-S x 15 L-O x 1 m de alto. Est.: regular, está achaiado, pódese ver a coiraza de seixos e lousas.




Fig. 6. Situación dos túmulos no sur da parroquia de San Fiz.

63.-) Mascoto (coordenadas UTM 580183'65 – 4799764'77, xeográficas 7º 53'58"99-43º 20'40"78).
Emp.: chaira. Alt.: 564 m. Reg.: 150 m. Sust.: cuarzoxistos e metaarcosas. Terr.: monte baixo. Med.: 18 Ø x 1 m de alto, burato de 5 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: bo.
64.-) A Marola, túmulo situado entre os montes de A Marola e Pena Feixa (coordenadas UTM 581406'19 – 4799482'21, xeográficas 7º 59'44"51-43º 20'34"80).
Emp.: cume. Alt.: 641 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 23 Ø x 1'60 m de alto, burato de 3'50 Ø x 1'20 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos.
65.-) Os Carreiros, túmulo situado ó NO do monte da Pena Feixa (coordenadas UTM 580712'83 – 4799272'59, xeográficas 8º 00'15"41-43º 20'28"28).
Emp.: ladeira. Alt.: 621 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 8 Ø x 0'40 m de alto, burato de 2'50 x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e achaiado.
66.-) A Mámoa da Cruz, túmulo cortado pola estrada que vai dende O Xestal a A Illa (coordenadas UTM 578941'91 – 4796867'39, xeográficas 8º 01'35"30-43º 19'11"00).
Emp.: ladeira. Alt.: 431 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 NL-SO x 14 NO-SL x 1'30 m de alto, burato de 8 Ø x 1'80 m de profundidade. Est.: malo, ademais do gran burato de violación está cortado polo NO pola estrada e polo SL por unha congostra. Folclore: «...a fixeron os mouros...».
Grupo do Xestal:
Está formado por tres túmulos espaciados entre si ó NL do lugar do Xestal.
67.-) Xestal – 1 (coordenadas UTM 578592'50 – 4795868'27, xeográficas 8º 01'51"32-43º 18'38"75).
Emp.: chaira. Alt.: 357 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'30 m de alto. Est.: moi malo, está achaiado e só é recoñecible cando o monte está limpo. No centro do túmulo pódese ver a cabeza dun posible esteo da cámara.
68.-) Xestal – 2 (coordenadas UTM 578487'65 – 4795690'31, xeográficas 8º 01'56"07-43º 18'33"02).
Emp.: ladeira. Alt.: 343 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 19 NO-SL x 15 NL-SO x 1'70 m de alto, burato 3'50 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está cortado polo O por un camiño e polo N por un valado.
69.-) Xestal - 3 (coordenadas UTM 578172'00 – 4795572'95, xeográficas 8º 02'10"14-43º 18'29"34).
Emp.: ladeira. Alt.: 322 m. Reg.: 300 m. Sust.: cuarcitas e cuarzoxistos. Terr.: arborado de repoboación. Est.: foi destruído no 1998. No momento no que foi localizado estaba cortado á metade pola estrada que vai dende o lugar de Xestal cara a Cernadas.

Nesta parroquia temos varias referencias orais que nos falan da existencia de dúas medoñas que desapareceron na Serra de Queixeiro (onde na actualidade existe un circuíto de autocrós), dúas na zona da Pena do Cuco[26] e outras dúas no Campo da Pendella[27].




Fig. 6. Situación dos túmulos na parroquia de Santa Xía.

Santa Xiá de Monfero (situada ó S do concello).

Tan só atopamos cinco túmulos espallados pola parroquia (fig. 6).

Grupo de Moncoso:

Composto por dous túmulos, situados nas estribacións da Serra de Moncoso (ó SL da estrada Irixoa-Momán, na zona denominada O Bico da Costa).

70.-) Moncoso - 1 (coordenadas UTM 582067'73 – 4796864'17, xeográficas 7º 59'16"55-43º 19'09"69).

Emp.: portela. Alt.: 558 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 N-S x 17 L-O x 0'50 m de alto, burato de 9 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está bastante achaiado e cortado polo N por unha pista forestal.

71.-) Moncoso - 2 (coordenadas UTM 582050'94 – 4796807'57, xeográficas 7º 59'17"32-43º 19'07"86). Emp.: portela. Alt.: 560 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 23 Ø x 2'30 m de alto, burato de 3'50 Ø x 0'80 m de profundidade. Est.: bo, no interior do burato hai un esteo de seixo. Referencia documental: Serve de linde das parroquias de Santa Xiá de Monfero e San Pedro do Val de Xestoso «*...Mámoa dos Paos de Moncosso...*»[28], «*...linda principiando porla parte a L. enla Mamoa de Moncoso; dealli al Serron Gordo...*»[29]. Folclore: «...de pequenos nos metíamos dentro da cova [...] tiña uns chantos moi grandes [...] foi feita polos mouros».

72.-) Monte dos Novás, túmulo situado ó O da Graña de Sevil (coordenadas UTM 579739'37 – 4794230'93, xeográficas 8º 01'01"28-43º 17'45"24).

Emp.: ladeira. Alt.: 510 m. Reg.: 500 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 13 Ø x 0'80 m de alto, burato de 4 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular.

73.-) Penedo Mouro, túmulo situado ó O da Graña Sevil, preto da Fonte das Nenas (coordenadas UTM 579338'87 – 4793863'71, xeográficas 8º 01'19"24-43º 17'33"50).

Emp.: ladeira. Alt.: 488 m. Reg.: 100 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø e unha altura que oscila entre 0'60 e 0'30 m, burato 3 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está moi alterado e achaiado, no burato sobresae un esteo de lousa chantado de 0'50 alto x 0'80 m de ancho e

26 As referencias orais nos falan de que na chousa da Pena do Cuco (zona de Tineo) había dúas medoñas: «...era toda de terra [...] no recordo que tivera chantas, fai 40 anos (a referencia foi recollida en 1999) xa estaba bastante achaiada, aínda que tiña unha altura de 1 metro. A 3 o 4 metros da anterior había outra, esta era más alta e larga ca outra, aínda que as dúas eran redondas, estaba toda chea de croios de seixo por enriba, medía 17 m unha altura de 1'60 - 1'70 e un furado de 3 m».

27 Campo da Pendella: «...había dos medoñas destruídas, parece que unha delas se conserva en estado regular...».

28 AHN, sección de códices, sinatura 259B.

29 Pregunta 3 do Interrogatorio correspondente á parroquia de Santa María de Xestoso, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 159, folio 2666r.

outros dous deitados que puideran pertencer á cámara.
74.-) Mámoa de Carballido, estaba situada ó O do lugar de Sevil (coordenadas UTM 579628'51 - 4793886'47, xeográficas 8º 01'06"37-43º 17'34"13).
Emp.: ladeira. Alt.: 527 m. Reg.: 175 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: herbais. Est.: foi destruído para facer unha pradería hai menos de 10 anos. Referencia documental: «... *auna pena vicuda que esta enel monte de allí derecho ala mamoa de carvallido de alli ala portela de paraños...*»[30].




Fig. 8. Situación dos túmulos no norte da parroquia de San Pedro do Val de Xestoso.

San Pedro do Val de Xestoso (situada ó SL do concello).
Nesta parroquia atopamos trece túmulos, moitos deles aillados e espallados pola parroquia (figs. 8-9).
Grupo da Pena Vella:
Composto por tres túmulos situados ó N dos lugares de Pereiro, Castro e O Casal. Na zona coñecese como "mámoas, cotas".
75.-) Pena Vella - 1 (coordenadas UTM 584347'52 – 4799429'65, xeográficas 7º 57'33"93-43º 20'31"93).
Emp.: chaira. Alt.: 549 m. Reg.: 700 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo e arborado. Med.: 12 NO–SL x 15 NL-SO x 0'90 m de alto, burato de 2 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: malo, está cortado polo N por un camiño.
76.-) Pena Vella - 2 (coordenadas UTM 584260'61 – 4799382'27, xeográficas 7º 57'37"82-43º 20'30"43).
Emp.: chaira. Alt.: 550 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 11 N-S x 15 L-O x 0'90 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: regular, está cortado polo L polas obras dunha traída de auga feita nos anos 2001/2.
77.-) Pena Vella - 3 (coordenadas UTM 584062'17 – 4799292'58, xeográficas 7º 57'46"68-43º 20'27"60).
Emp.: chaira. Alt.: 555 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 13 Ø x 0'80 m de alto, burato de 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo.
78.-) A Cerca, o túmulo situábase nas inmediacións do Cruceiro de Isalonga (coordenadas UTM 583419'43 – 4798940'58, xeográficas 7º 58'15"41-43º 20'16"45).
Emp.: chaira. Alt.: 551 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Est.: destruído pola estrada, no seu lugar hai unha pequena canteira. Existen referencias orais que ben puideran referirse a este ou outros túmulos próximos «...había outras medoñas entre o Castro e a Fraga, pero algunhas foron destruídas...».
79.-) Pena Feixa, túmulo situado ó O do monte do mesmo nome (coordenadas UTM 581403'51 – 4798609'51, xeográficas 7º 59'45"10-43º 20'06"52).
Emp.: portela. Alt.: 678 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 15 N-S x 16 L-O x 0'80 m de alto, burato 4'50 Ø x 1 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e cortado polo NL pola pista que sube cara ós repetidores.
80.-) Mámoa do cruceiro da Lobeta, situada ó S do lugar de Caxiao[31], a poucos metros do cruceiro do mesmo nome (coordenadas UTM 583652'86 - 4797404'95, xeográficas 7º 58'05"89-43º 19'26"59).

30 Apeo datado o 26/11/1669. ARG, fondo privados-eclesiásticos, sinatura C-460, páx. 10-r.
31 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. Cítase como mámoa de Caxiao, páxs. 557-564.

Emp.: chaira. Alt.: 455 m. Reg.: 100 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 32 Ø x 1'80 m de alto, burato de violación 10 x 0'80 m de profundidade. Est.: regular, está bastante alterado e ten un gran burato de violación.




Fig. 9. Situación dos túmulos no sur da parroquia de San Pedro do Val de Xestoso.

Grupo do Canedo:

Composto por dous túmulos, bastante separados, pero que posiblemente formaran parte dunha necrópole máis numerosa.

81.-) Canedo- 1 (coordenadas UTM 584398'53 - 4796296'99, xeográficas 7º 57'33"40-43º 18'50"38).

Emp.: ladeira. Alt.: 451 m. Reg.: 350 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: terras de labor e praderías. Med.: 18 Ø x 0'70 m de alto. Est.: malo, está achaiado e cortado polo S polas labores agrícolas.

82.-) Canedo - 2 (coordenadas UTM 583945'23 - 4795802'05, xeográficas 7º 57'53"79-43º 18'34"52).

Emp.: chaira. Alt.: 478 m. Reg.: 300 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: terras de labor e praderías. Med.: 15 Ø x 0'50 m de alto, burato de violación 2 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado e situado entre as casas, a poucos metros da igrexa parroquial.

83.-) Mámoa de Mal de Clemente, este túmulo está situado a rentes da estrada, entre os lugares de Mal de Clemente e A Carballosa (coordenadas UTM 583262'12 - 4795019'14, xeográficas 7º 58'24"53-43º 18'09"42).

Emp.: chaira. Alt.: 502 m. Reg.: 300 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'40 m de alto. Est.: malo, está moi achaiado.

Grupo Serra da Loba-SO:

No se trata dun grupo propiamente dito, senón de dous túmulos situados na zona SO da Serra, que son continuación do Grupo Serra Loba que describiremos máis adiante na parroquia de Alto Xestoso.

84.-) Pena dos Nenos[32], túmulo situado nunha pradería ó SO do monte da Torre (coordenadas UTM 586754'36 – 4794997'78, xeográficas 7º 55'49"58-43º 18'07"31).

Emp.: ladeira. Alt.: 661 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: praderías. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo, está achaiado e cortado en parte polo L por valado terreiro. Existe outro túmulo nas inmediacións, pero en terras do concello de Labrada (Guitiriz).

85.-) Ferreiro da Loba[33], situado ó O do Cruceiro da Loba (coordenadas UTM 585354'61 - 4793280'82, xeográficas 7º 56'52"65-43º 17'12"24).

Emp.: chaira. Alt.: 639 m. Reg.: 550 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 30 N-S x 19'50 L-O x 2'20 m de alto, burato de 8'50 de Ø x 0'80 m de

32 VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium*, 7: 153 , identificámolo coma o nº 59 do plano.
33 VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium*, 7: 153 , identificámolo coma o nº 32 do plano. LAFC "La arqueología...", 2000, Opus cit., 11: 105-106.

profundidade. Est.: malo, está cortado polo L. No centro do burato hai un esteo/marco de seixo de 0'80 x 0'80 m. Existe outro túmulo a poucos metros do Cruceiro da Loba (cara ó SO) que pertence ó concello de Cambás (Aranga). Referencia documental: *«...de inde quomodo vadit ad mamoam qui est propinquor de mamoam que dicitur de Ferronis...»*[34] .

86.-) A Ortiga, situase ó SL do Pico Vales (coordenadas UTM 582226'80 – 4793468'75, xeográficas 7º 59'11"31-43º 17'19"58).

Emp.: ladeira. Alt.: 651 m. Reg.: 400 m. Sust.: cuarcitas feldespáticas. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 11 N-S x 8'50 L-O x 0'70 m de alto. Est.: malo, está moi alterado e en febreiro do 2004 foi cortado polo L por unha pista feita para un parque eólico (v. Anexo).

87.-) Casacamiño, túmulo situado ó O do lugar de Casacamiño (coordenadas UTM 582599'16 – 4792420'63, xeográficas 7º 58'55"36-43º 16'45"47).

Emp.: ladeira. Alt.: 632 m. Reg.: 200 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: praderías. Med.: 21 NL-SO x 24 NO-SL x 0'50 m de alto. Est.: malo, está achaiado polas labores agrícolas e cortado polo O por unha pista que vai a unha antiga canteira.

Nesta parroquia temos unha referencia bibliográfica de Sobrino e Veiga, sobre un posible túmulo nas inmediacións da capela da Ascensión: «...non se contabilizou outra posible mámoa situada a cincuenta metros da capela da Ascensión, que ampliaría así entre as dúas ermidas o campo de enterramentos...»[35] . Hoxe en día, no lugar onde se encontraría este posible túmulo, existe unha acumulación de restos de raíces das árbores. Tamén existen referencias orais sobre dous túmulos no Porto Paial.

Santa María de Xestoso.

É a parroquia situada máis ó L do concello, nela localizamos trinta e un túmulos (figs. 10-11), a maioría están situados na zonas máis altas do concello (Serrón do Lobo, Serra Loba e as súas estribacións).

88.-) Mámoa de Marco de Curra, situábase ó L do lugar de Curra (coordenadas UTM 590398'75 - 4803398'10, xeográficas 7º 53'02"87-43º 22'30"01).

Emp.: ladeira. Alt.: 590 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: praderías. Est.: foi destruída hai uns 12 anos para facer unha pradería. Referencia documental: *«...i dealli derecho al marco desanche q^e son unas peñas delosa i sexo junto auna modia, e de alli derecho al seixo das veigas...»*[36] .

Grupo de Vilachá

Está formado por catro túmulos, situados ó L do lugar de Vilachá.

89.-) Vilachá - 1 (coordenadas UTM 586573'21 – 4802041'42, xeográficas 7º 55'53"61-43º 21'55"67).

Emp.: chaira. Alt.: 517 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 16 Ø x 0'20 m de alto. Est.: moi malo, está case desaparecida. Folclore: «...foi feita polos mouros [...]medía 30 metros de diámetro a destruíron fai 30 anos, recordo que tiña chantos e un bo burato...».

90.-) Vilachá - 2 (coordenadas UTM 586612'25 – 4802015'21, xeográficas 7º 55'51"89-43º 21'54"80).

Emp.: chaira. Alt.: 516 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 16 Ø x 0'40 m de alto. Est.: malo, achaiado.

91.-) Vilachá - 3 (coordenadas UTM 586631'76 – 4801981'51, xeográficas 7º 55'51"05-43º 21'53"70).

Emp.: chaira. Alt.: 515 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: praderías. Med.: 30 Ø x 0'70 m de alto. Est.: regular, está achaiado.

92.-) Vilachá - 4 (coordenadas UTM 586760'84 – 4801905'87, xeográficas 7º 55'45"36-43º 21'51"20).

---

34 Trátase dunha carta partida por A,B,C con data 06/04/1240, arquivado no ARG, colección de documentos en pergameo, nº 101. A outra parte do documento está no AHN, sección Clero, carpeta 540, documento 11. Aínda que segundo a versión de PALLARES MÉNDEZ, Mª C., *"El Monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia medieval"*, 1979, a data do documento é do 06/04/1239). Nós cremos que se nomea en primeiro a lugar a mámoa de Ferreiro da Loba e despois a do Cruceiro da Loba, esta última situada no limítrofe concello de Aranga.

35 SOBRINO CEBALLOS, J. e VEIGA FERREIRA, J.Mª., "As mámoas de Galiñeiro..." Opus cit, 12: 13.

36 A primeira referencia documental atopámola nun Apeo datado o 14/10/1669. ARG, fondo privados-eclesiásticos, sinatura C-460, páx. 9-r.

Emp.: chaira. Alt.: 520 m. Reg.: 400 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 18 Ø x 0'60 m de alto. Est.: malo está achaiado e na actualidade metido nun mesto eucaliptal.

Grupo de Serrón do Lobo

Composto por un túmulo situado na Portela da Abelleira e catro túmulos no Serrón do Lobo[37], dous deles serven de límite provincial.

93.-) Portela da Abelleira (coordenadas UTM 590202'73 – 4801850'54, xeográficas 7º 53'12"50-43º 21'47"94). Emp.: chaira. Alt.: 662 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'80 m de alto, burato de 3'50 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos. Folclore: «...feita polos mouros [...] recordo que había dúas medoñas en liña...».

94.-) Serrón do Lobo - 1 (coordenadas UTM 590517'46 – 4801830'66, xeográficas 7º 52'58"53 – 43º 21'47"16). Emp.: cume. Alt.: 698 m. Reg.: 350 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 17 Ø x 1 m de alto, burato de 5 N-S x 3'50 L-O x 0'80 m de profundidade. Est.: regular, ten unha forte violación e pódese ver a coiraza de seixos.




Fig. 10. Situación dos túmulos no norte da parroquia de Santa María de Xestoso.

95.-) Serrón do Lobo - 2, coñécese como a Mámoa de Pedro Montero (coordenadas UTM 590561'65 – 4801778'31, xeográficas 7º 52'57"00 – 43º 21'45"45).

Emp.: cume. Alt.: 697 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 17 NO-SL x 9 NL-SO x 1'20 m de alto. Est.: malo, está moi alterado, cortado polo L por un valado e un camiño. Referencia documental: «*...por un marco q se nombra Elmarco de mamua depº* (pedro) *montº*[38] (montero)...». Este túmulo sirveu de linde do coto xurisdicional do Mosteiro de Monfero coa xustiza de Vilalba[39] e na

37 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páxs. 557-558.

38 A primeira referencia documental atopámola o 19/08/1574 ARG, fondo Clero Regular, sinatura nova C-729 nº 14, posteriormente aparece documentado en case todos os preitos e apeos que mantivo o mosteiro de Monfero coa xustiza de Vilalba.

39 Especial interese ten o documento atopado no ARG, fondo Preitos da Real Audiencia, atado 19249, nº 36. Nunha visita feita o 16/05/1719 noméanse as mámoas do Serrón do Lobo 1 e 2: «*... y muchos Basallos della trataron de Ynquerir qual hera laMamua llamada de* ***Pedro Montero*** *Yporq los bassallos de Ambas jurisones no fueron Conformes Endeclarar qual delas queay eneste Circuito tiene El Referido nombre, se* ***Conformaron*** *sus mrdes fuesse Una Mamua* (nº 95) *Que esta ala Vista de dha Pena do Serron doLobo Entrelas ptes del lebanteY medio dia Entrelaqual Yla Referida Pena Queda otra mamua* (nº 94) *En los trmos desta Jurison deMonfero q distan una de otras Unas Veintebrazas poco mas omenos* ***Que helixieron por*** *del* ***nombre dePedro Montero*** *mandaron Poner Ysepusso Un marco de Piedrade Lossa Alto aziala pte del Camino queporeste sitio passa desde la frª de sstaMaria degermade parala Puentefrey Vermuz trmos desa frª deGestosso a Cuia Piedra han puesto dos testigos deseijo blanco Uno alapte del bendaval y otro alnordes Y selean puesto alderredor y aRimado Cantidad de Piedras de seijo blanco y de otros xeneros, de manera q puede serbien conoçido, cuia mamua esta Enlo Alto de dho Serron do Lobo...».*

actualidade é a divisoria entre as parroquias de Santa María de Xestoso (Monfero-A Coruña) e San Martín de Piñeiro (Xermade-Lugo).

96.-) Serrón do Lobo - 3 (coordenadas UTM 590521'18 – 4801704'12, xeográficas 7º 52'58"44 – 43º 21'43"06).

Emp.: cume. Alt.: 696 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 16 Ø x 0'60 m de alto, burato de violación 3'50 x 0'30 m de profundidade. Est.: malo, está achaiado.

97.-) Camposa de Uceira (coordenadas UTM 590660'96 –4801179'50, xeográficas 7º 52'52"54 – 43º 21'26"00).

Emp.: chaira. Alt.: 640 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 15 Ø x 0'80 m de alto. Est.: malo, está achaiado, pódese ver a coiraza de seixos.

98.-) Mámoa de Xan Rei, é un túmulo situado ó O da estrada que vai do Alto de Xestoso cara As Pontes, preto do cruce que vai para o parque eólico de Sotavento (coordenadas UTM 589272'37 – 4801727'70, xeográficas 7º 53'53"90-43º 21'44"36).

Emp.: ladeira. Alt.: 621 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación e praderías. Med.: 14 Ø x 1 m de alto, burato de 3 Ø x 0'50 m de profundidade. Est.: regular, pódese ver a coiraza de seixos.

99.-) Rego Sanxan, o túmulo situábase á esquerda da estrada que vai de Alto Xestoso cara As Pontes (coordenadas UTM, 589099'61 - 4801173'14, xeográficas 7º 54'01"90-43º 21'26"46).

Emp.: chaira. Alt.: 626 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Est.: desapareceu cando amañaron a estrada, no lugar onde se situaba hai unha explanada onde se deixa area e brita.

100.-) Fonte Dola, túmulo situado entre o lugar de Porta Pena e Caulfe (coordenadas UTM 586759'81 – 4801280'05, xeográficas 7º 55'45"76-43º 21'30"91).

Emp.: ladeira. Alt.: 525 m. Reg.: 700 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: praderías. Med.: 27 N-S x 20 m L-O x 1 m de alto. Est.: regular, está cortado polo L polas labores agrícolas.

101.-) Mámoa da Pena Furada, situábase ó SL do lugar de Caulfe de Riba, a escasos metros do cruceiro do Toxal (coordenadas UTM 586881'89 - 4800490'98, xeográficas 7º 55'40"79-43º 21'05"29).

Emp.: portela. Alt.: 556 m. Reg: 500 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: praderías. Est.: desapareceu fai uns anos para facer unha pradería. Referencia documental: «*...primera demarc^on enlaMamua dapena furada dealli ala pena dattunbadoyra Y deella [...] Camino Ariva, adelantte sebuelbe aladha mamua dondecomenzo ademarcar...*»[40] . Na actualidade só queda a referencia dada polos veciños da zona.

Grupo de Armada, composto por tres túmulos situados ó N e O do lugar da Armada.

102.-) A Armada -1 (coordenadas UTM 587400'65 - 4800561'35, xeográficas 7º 55'17"71-43 21'07"35).

Emp.: cume. Alt.: 590 m. Reg.: 350 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: pradería. Med.: 11 N-S x 20 L-O x 0'40 m de alto. Est.: malo, achaiado e cortado polo N polas labores agrícolas. Folclore: «...cando eramos rapaces e aproveitando que íamos a lindar o gando, xogabamos a escondernos dentro da medorra e recordo que cabiamos de pe...».

103.-) A Armada - 2 (coordenadas UTM 587442'58 - 4800546'35, xeográficas 7º 55'15"85-43º 21'06"85)

Emp.: cume. Alt.: 589 m. Reg.: 300 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: praderías. Med.: 18 Ø x 0'40 m de alto Est.: malo, achaiado.

104.-) A Armada -3 (coordenadas UTM 587119'15 – 4800324'17, xeográficas 7º 55'30"34-43º 20'59"78).

Emp.: ladeira. Alt.: 581 m. Reg.: 500 m. Sust.: gneis porfiroide, ollo de sapo de gran groso. Terr.: praderías. Med.: 13 N-S x 20 L-O x 0'20 m de alto. Est.: moi malo, encóntrase case desaparecido e cortado polo N polas labores agrícolas.

105.-) Pena da Egua[41] , túmulo situado ó S do parque eólico de Sotavento (coordenadas UTM 590340'43 – 4799088'36, xeográficas 7º 53'08"02-43º 20'18"36).

---

40 ARG, fondos Preitos da Real Audiencia, atado 254, nº 29, datado o 22/09/1723.

41 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páx. 557 «*Momán (en un vértice o próxima).- Frente al fin de la carretera (Monte d'a Cernada)*» e na páx. 561 «*...junto al vértice de la Cernada...*».

Emp.: ladeira. Alt.: 680 m. Reg.: 650 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 18'50 N-S x 11'50 L-O x 0'60 m de alto. Est.: regular, está cortado polo L por un valado que divide o concello de Monfero (Coruña) do de Xermade (Lugo).

Grupo de Pico da Meda:

Está formado por dous túmulos, ó L e SL do lugar de Pico da Meda[42].

106.-) Pico da Meda (coordenadas UTM 587588'56 – 4798557'01, xeográficas 7º 55'10"51-43º 20'02"31).

Emp.: chaira. Alt.: 553 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 14 Ø X 1'10 m alto, burato de violación 3 Ø x 0'40 m de profundidade. Est.: bo. Folclore: "*A fixeron os romanos, que eran os que facían estas cousas. Non recordo que tivera chantos*".




Fig. 11. Situación dos túmulos no sur da parroquia de Santa María de Xestoso.

107.-) Fonte Verde (coordenadas UTM 587594'67 – 4798074'68, xeográficas 7º 55'10"52-43º 19'46"68).

Emp.: cume. Alt.: 551 m. Reg.: 300 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 18 Ø x 1'20 m de alto, burato de violación de 4 Ø x 0'30 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos.

Grupo de Penedo Xoquín:

Está formado por cinco túmulos ó SL do lugar de Guilfonso[43].

108.-) Cal das Chousas (coordenadas UTM 586459'07 - 4797071'84, xeográficas 7º 56'01"50-43º 19'14"65).

Emp.: ladeira. Alt.: 462 m. Reg.: 100 m. Sust.: metagrauvacas feldespáticas, ollo de sapo de gran fino. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 20 Ø x 0'50 m de alto. Est.: malo, está achaiado e atravesado por un camiño.

109.-) Penedo Xoquín - 1 (coordenadas UTM 586586'13 - 4797028'27, xeográficas 7º 55'55"89-43º 19'13"19).

Emp.: ladeira. Alt.: 470 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 12 N-S x 3'5 L-O x 1 m alto. Est.: malo, está cortado pola pista, soamente se conserva o 20% do túmulo.

110.-) Penedo Xoquín - 2 (coordenadas UTM 586639'24 - 4797003'09, xeográficas 7º 55'53"55-43º 19'12"35).

Emp.: outeiro. Alt.: 480 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo e arborado de repoboación. Med.: 17 Ø x 0'80 m de alto, burato de 3 Ø x 0'20 m de profundidade. Est.: bo, pódese ver a coiraza de seixos.

111.-) Penedo Xoquín - 3 (coordenadas UTM 586632'78 - 4797047'49, xeográficas 7º 55'53"81-43º 19'13"79).

Emp.: outeiro. Alt.: 481 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø e unha altura que oscila entre 0'30 e 1 m. Est.: malo, está moi achaiado. No centro sobresae a punta dun posible esteo (40 cm de alto).

---

42 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit., probablemente se trate das dúas mámoas nos cordais en Santabaia de Xestoso (o Madoña de), páxs. 557-561.

43 VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium 1991-92*, 7: 153, identificamos como o nº 81 do plano o túmulo 108 e co nº 66 o túmulo 110.

112.-) Penedo Xoquín - 4 (coordenadas UTM 586904'68 – 4796973'98, xeográficas 7º 55'41"78-43º 19'11"29).
Emp.: ladeira. Alt.: 512 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: arborado de repoboación. Med.: 15 Ø x 0'60 m de alto. Est.: regular, está bastante achaiado debido á repoboación forestal.



Foto 1. Situación actual de Pena Medoña-1.

Grupo da Serra Loba:
Aínda que aquí o presentamos coma un so grupo, trátase de varios túmulos espallados polo lombo da Serra Loba[44], que describiremos de NL a SO, que teñen continuidade cos túmulos nº 84 e 85 anteriormente descritos. Todos eles forman o linde entre os concellos de Monfero (A Coruña) e Guitiriz (Lugo) e no verán de 2004 víronse afectados pola remodelación dun cortalumes que recorre a dorsal da Serra (v. Anexo).
113.-) Pena Medoña - 1 (coordenadas UTM 588946'86 – 4797481'27, xeográficas 7º 54'10"83-43º 19'26"88).
Emp.: cume. Alt.: 673 m. Reg.: 250 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: repoboación forestal e cortalumes. Med.: 24 N-S x 12'5 L-O x 1'50 m de alto. Est.: malo, falta case a metade L do túmulo debido á renovación do cortalumes. Pódese ver o que probablemente son os esteos de lousa da cámara partidos e os restos da coiraza de seixos esboroada polo cortalumes (foto 1).
114.-) Pena Medoña - 2 (coordenadas UTM 588844'58 - 4797375'79, xeográficas 7º 54'15"43-43º 19'23"50).
Emp.: cume. Alt.: 674 m. Reg.: 150 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: cortalumes. Est.: está practicamente desaparecido polas continuas remodelacións do cortalumes. Tan só se pode ver polo N unha pequena parte da coiraza.
115.-) Cal de Gatelle (coordenadas UTM 588452'23 – 4796516'19, xeográficas 7º 54'33"35-43º 18'55"81).
Emp.: chaira. Alt.: 669 m. Reg.: 200 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 14 Ø N-S x 7 L-O x 0'40 que no corte se converten en 1'30 m de alto. Est.: malo, está cortado á metade polo O polo mesmo cortalumes que os túmulos anteriores. No corte apréciase claramente a coiraza de seixos e dous posibles esteos de lousa. A parte do túmulo que se conserva está na provincia de Lugo.
116.-) Cruz de Brais (coordenadas UTM 587926'99 – 4795949'13, xeográficas 7º 54'56"99-43º 18'37"65).
Emp.: cume. Alt.: 678 m. Reg.: 600 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: monte baixo. Med.: 23 Ø x 2'20 m de alto, burato de 1'50 de Ø x 0'70 m de profundidade. Est.: bo, a pesar de que unha gabia o corta lonxitudinalmente e as obras do cortalumes retiraron parte de masa tumular polo O, de xeito que queda ó descuberto parte da coiraza de seixos. No interior do burato alberga unha cámara dolménica composta por 6 esteos visibles (foto 2). Non se conserva a tapa da cámara.
117.-) Pena dos Cervos (coordenadas UTM 587554'30 – 4795725'93, xeográficas 7º 55'13"66-43º 18'30"57).
Emp.: cume. Alt.: 674 m. Reg.: 400 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: cortalumes. Med.: 20 Ø x 0'50 m de alto. Est.: malo, situado no medio do cortalumes, está achaiado polos continuos traballos de acondicionamento do mesmo.
118.-) A Torre (coordenadas UTM 587414'12 – 4795586'89, xeográficas 7º 55'19"96-43º 18'26"12)
Emp.: cume. Alt.: 684 m. Reg.: 500 m. Sust.: filitas e xistos. Terr.: cortalumes. Med.: 20 N-S x 13 L-O x

44 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páxs. 557, 561 e 565 probablemente se trate das mámoas da *«Loba, Alto d'a Ría e Pena Maior»*.
VAQUERO LASTRES, 1991-2 "Del análisis...", *Brigantium 1991-92*, 7: 153, identificamos como o nº 64 do plano o túmulo 113, co nº 63 o túmulo 114, co nº 62 o túmulo 116, co nº 61 o túmulo 117 e co nº 60 o túmulo 118.

0'40 m. Est.: malo, ó igual que o anterior está situado no medio do cortalumes e polo tanto achaiado polas continuas obras de acondicionamento do mesmo.
Nesta parroquia encontramos unha referencia documental que posiblemente se refira a un túmulo que non foi localizado nas estribacións da Serra Loba, ó O do lugar de Dureixa: *«...y adar ala fuente dosseixo blanco y adar omontillon pequeno y como sse va viene ariva al seyxo Blanco da caveza demarina martiz...»*[45] . Esta información coincide xeograficamente con outra referencia bibliográfica dada por H. Sampelayo[46]: «*Balado (Costa d'o)-Loma unida a la Loba- Tres? mámoas», «En la costa de Balado y en el monte de Malde (500), antes de llegar a la Loba, dibujan su perfil en lo alto varias mámoas*». Cremos que posiblemente se trate dos mesmos túmulos.



Foto 2. Cámara do túmulo nº 116. Cruz de Brais.

Tampouco localizamos o túmulo que figura como nº 80 no plano dado por Vaquero[47] e que se encontraría nas inmediacións de Ponte Guilfonso.
Existen tamén referencias orais dun túmulo na zona de Malde Filgueiras[48] e outros dous entre O Batán e o Salto do Coello.

IV - CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Nesta análise sobre o fenómeno tumular no concello de Monfero localizamos 118 túmulos, deles 7 na actualidade están destruidos e tan só temos constancia do lugar no que se situaban. Tamén hai referencias doutros 25 posibles túmulos, 4 deles por referencias documentais-bibliográficas e os 21 restantes por referencias orais, máis o menos fiables. Se estas referencias orais son certas, significaría que habería como mínimo un 20% máis de túmulos dos que aquí se mencionan. E na nosa opinión esta cifra amósasenos máis ben escasa.

Dito esto, non se poden facer unhas conclusións definitivas. Así que cos datos que temos nestes momentos á nosa disposición imos ofrecer unha análise estatística dos túmulos localizados, aínda que hoxe xa desapareceran.

Dende o punto de vista do seu emprazamento e o seu entorno, podemos dicir que existe unha clara tendencia ó emprazamento dos túmulos nas zonas chairas. Atopamos 51 deles (43'20 %) enclavados nestas zonas, seguidos de 32 túmulos que se sitúan en ladeira (27'12 %), 20 en cume (16'95 %) e 15 noutros emprazamentos (12'71 %).

A orografía suave de Monfero permite que se localicen 46 túmulos en cotas entre 460 e 560 m de altitude (38'98 %), a continuación hai 21 túmulos entre as cotas de 360 a 410 m (17'80 %), e o resto en cotas que varían dende os 290 a 700 m.

Por outra parte, fixemos unha superposición dos mapas de túmulos sobre os mapas xeolóxicos, coa finalidade de coñecer o substrato xeolóxico sobre o que se asentan os túmulos. Os resultados foron os seguintes: 55 túmulos en terreo de filitas e xistos (46'61 %), 27 en terreo granítico (22'88 %), 20 en terreo de cuarcitas e cuarzoxistos (16'95 %), 9 en terreo de gneises porfiroides (7'62 %) e 7 en terreo de metagrauvacas feldespáticas (5'94 %).

45 ARG, Preitos Real Audiencia, atado 94, nº 50, datado o 17/02/1662.
46 HERNÁNDEZ SAMPELAYO "El Hierro..." Opus cit. páxs. 557-564.
47 VAQUERO LASTRES, "Del análisis...", *Brigantium 1991-92,* 7: 153.
48 «...había unha mámoa que foi esnaquizada para facer unha pradería [...] era un refuxio dos mouros...».

Se ben non cremos que exista unha relación entre o asentamento do túmulo e o substrato xeolóxico, a tenor dos datos expostos podemos concluír que parece clara a tendencia a situalos en terreos de filitas e xistos. Nesta conclusión hai que ter en consideración que descoñecemos as extensións de terreo dos distintos tipos de substratos xeolóxicos, polo que non podemos ofrecer unha análise completa. Sirva como exemplo que o substrato granítico tan só se pode encontrar nunha pequena franxa situada no O do concello e nela sitúanse o 22'88 % dos túmulos localizados, polo que a porcentaxe con respecto ós outros tipos de substratos sería moi superior.

Tamén se pode dicir que existe unha clara vinculación dos túmulos coas vías de tránsito, xa que, en maior ou menor medida, todos os túmulos están situados nas proximidades dun camiño ou portela. En concreto hai 28 (23'73 %) que están cortados por un camiño, pista ou estrada. Pero a vinculación dos mesmos cos camiños antigos ou camiños reais estaríanos dando unha información parcial sobre o conxunto do fenómeno tumular, xa que neste concello algún dos camiños antigos serve de linde entre concellos, polo que soamente estaríamos a reflexar os túmulos que se encontraran a un lado do camiño.

A relación dos túmulos cos recursos hídricos indícanos que a maioría deles están situados a unha distancia aproximada que oscila entre os 100 e 400 m (84 túmulos - 71'86 %). E tan só dous túmulos están a menos de 100 m dun regato ou manancial e tres deles a unha distancia superior a 700 m.

En canto ás consideracións propias dos xacementos (aquí só computamos os 111 que existen hoxe en día) podemos dicir que máis da metade dos túmulos miden nun dos seus eixes entre 14 e 18 m (58 túmulos - 52'25 %), mentres que son moi escasos os túmulos de menos de 11 m, dos que hai soamente tres, ó igual que os de dimensións superiores ós 30 m, que hai cinco.

Por outra parte a medida da altura é moi relativa por atoparse a maioría dos xacementos achaiados, sobre todo polas labores agrícolas. Aínda así podemos constatar que hai 19 túmulos (17'11 %) que conservan unha altura superior a 1'50 m e incluso 5 túmulos pasan dos 2'20 m. Ademais cremos que existe unha relación directa entre os túmulos que conservan máis altura e o feito de atoparse nunha zona de paso ou portela.

Se ben a práctica totalidade dos xacementos presenta burato de violación, tan só 14 túmulos (12'61 %) conservan restos ortostáticos, sendo o nº 116 (Cruz do Brais) o único no que se pode ver unha cámara aberta, sen tapa. No resto tan só se ven un o dous esteos.

En canto ás referencias documentais, localizamos só 19 túmulos (16'10 %). Esta escaseza aclárase polas propias características dos documentos: privilexios, apeos, foros, preitos, etc... nos que tan só se nomea o túmulo que fai de límite e só en casos excepcionais, a modo de aclaración ou dúbida, se nomean os túmulos que se atopan á beira do que serve de límite. Deste xeito vemos como a Mámoa de Pedro Montero (nº 95) aparece nomeada dende 1574 ata ó século XIX, en máis de 30 documentos, mentres que soamente nun documento aparece un segundo túmulo (nº 94) que se atopa a escasos metros (v. nota 38).

Tamén se da o caso de que nos documentos máis modernos, o túmulo deixou de servir de referencia como linde para evitar a confusión que podía xerar o feito de que houbese máis dun túmulo na mesma zona e se dubidase cal deles facía de límite. Nese caso o túmulo é substituído como referencia por un marco ou unha pena, como é o caso da Serra de Queixeiro onde se nomea un marco (como referencia moderna ou precisa) en 12 documentos e tan só nun documento se aclara que está xunto a dúas mámoas: *«...seba aun marco que esta enzima del lugar de candedo junto ados mámoas i de allí derecho...»*[49] .

49 Apeo datado o 03/11/1669. ARG, fondo privados-eclesiásticos, sinatura C-460, páx. 9-v.

Outro caso é aquel no que se nomean os túmulos como colectivo, sen precisar cantos hai, polo que na actualidade é difícil saber por onde iría o limite. Esto podemos velo no *Catastro del Marqués de la Ensenada*, en referencia á parroquia de Santa María de Vilachá : *«...Marco quellaman lasierra de Queijeiro desde este aldelas Mamuas devite, desde este aldelas Penas deyedra...»*[50] e simultaneamente, no mesmo *Catastro* referíndose a parroquia limítrofe de San Xurxo de Queixeiro, omítense as mámoas: *«...Deallí alsitio daserra y Marco de divission q^e^ enel hay; Deste ala Puente dePedrerbe...»*[51].

Os casos mencionados lévannos a supoñer que moitas das referencias documentais nomeadas que serven como marcos nos apeos e deslindes implicitamente se refiren ós túmulos.

Na actualidade, neste concello hai 62 túmulos (52'54 %) que se utilizan como linde de fincas e 31 túmulos (26'27 %) que serven como límite parroquial. Non obstante non podemos considerar este dato como fiable. No primeiro caso é evidente que o linde de fincas actual nada ten que ver co linde de fincas dos lugares antigos. No segundo caso, se existe algunha relación entre as mámoas e o límite das parroquias, esta teríase que aplicar á antiga división parroquial (s. XI-XII), da cal descoñecemos parte dos seus límites. O que si podemos afirmar é que a división actual é bastante distinta da antiga. Das parroquias máis occidentais: Taboada, Queixeiro e Vilachá, non temos constancia de que fora modificado o seu territorio. Pero non sucede o mesmo coas parroquias centrais: San Fiz e Santa Xiá de Monfero, que se anexionaron parte de *Sancti Pelagii d'Eigon*, parroquia que desapareceu no s. XII sendo repartido o seu territorio entre as dúas anteriores e a de San Lourenzo de Irixoa. No caso das máis orientais, no s. XII existían tres parroquias: Santabaia de Dureixa, Santabaia de Xestoso e Santa María de Villa Plana de Xestoso, que posteriormente foron unificadas no s. XIII nunha soa parroquia que pasouse a denominar Santa María de Xestoso. Xa no s. XX, volveuse modificar para dividila nas dúas parroquias que hai actualmente: Santa María de Xestoso e San Pedro do Val de Xestoso.

Pero debemos ter en conta que no s. XII todas as parroquias estaban englobadas dentro do coto xurisdicional do mosteiro de Santa María de Monfero e do denominado Coto Pequeno, pertencente a Caaveiro. Deles coñecemos os seus límites a través dos privilexios reais que hoxe se conservan e estes límites correspóndense cos límites exteriores das parroquias. Así pois, os achados realizados é a documentación existente, permítennos constatar o vencellamento do fenómeno tumular co límite periférico do coto xurisdicional; límite que coincidiría en parte cos límites L e O do actual concello e por tanto co exterior das parroquias co conforman.

ANEXO-I

Como se pode ler neste artigo, o concello de Monfero perdeu co paso dos anos como mínimo máis do 20 % dos túmulos que se asentaban nas súas terras. Sería moi simple dicir que esta lacra, directamente ligada ó desenvolvemento e industrialización do rural galego, foi motivada pola ignorancia das xentes, que non souberon valorar ou descoñecían o significado destes xacementos. Esto podería ter unha explicación na falta total e absoluta

50 Pregunta 3 do Interrogatorio correspondente á parroquia de Santa María de Vilachá, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 160, folio 4283r.

51 Pregunta 3 do interrogatorio correspondente á parroquia de San Xurxo de Queixeiro, ARG, *Catastro del Marqués de la Ensenada*, libro 160, folio 3389r.



Foto 3. Túmulo, Peña Medoña-1 (nº 113).

de información sobre a protección legal aplicada os túmulos. Información da que carecen os propietarios dos terreos, en moitos casos por lasitude administrativa.

Non obstante, na última década fixéronse varios estudios que, en maior ou menor medida, deberían protexer estes e outros xacementos: o emprazamento do fenómeno tumular que cubre o L do concello (VAQUERO 91-92), a prospección derivada do gasoduto (LAFC-1998) e aquela derivada do parque eólico que se encontra en construción dende o ano 2004, así como a propia catalogación arqueolóxica do Concello (ADÓBRICA-1998). Nada máis lonxe da realidade, precisamente é nesta década cando temos constancia de que este proceso de perda grande e irreparable sufre un proceso de maior aceleración coa destrución dunha cantidade importante de túmulos que a continuación imos relacionar.

En primeiro lugar nomearemos aqueles que seguen a sufrir o mesmo proceso de destrución que antano producían as labores agrícolas e forestais realizadas polos particulares e que levaron a desaparecer totalmente os túmulos nº 67, 74 e o pouco que quedaba do nº 101. Se ben sería imposible poder cuantificar as distintas alteracións que sufriron e sofren os restantes túmulos do concello, si temos observado que os nº 20, 22, 82, 92, 102, 103 e 104 viron rebaixada notablemente a súa altura por esas labores.

Á marxe das propias labores agrícolas, tamén foron cortados o nº 76 polas obras dunha traída de auga (ano 2001-2002) e o túmulo nº 95 pola construción dun almacén para o forraxe e un camiño no lado do concello de Momán.

En segundo lugar nomearemos aqueles nos que a alteración ou destrución se produce pola construcción da rede viaria de pistas do parque eólico. Esa rede construída a partir do ano 2004 na zona limítrofe dos concellos de Monfero, Irixoa e Aranga (Pico Vales-Serra de Moncoso) motivou o corte á metade do túmulo nº 84 e parte do nº 70. Esa mesma rede destruíu totalmente un túmulo situado fronte o Peón de Ferreiros no concello de Irixoa e, no momento da paralización das obras, estaban en grave perigo de destrución outros dos túmulos no linde dos concellos de Irixoa e Aranga.



Foto 4. Túmulo do Cal do Gatelle (nº 115).

Por último mencionar as máis absurdas e incompresibles das destrucións que son as feitas pola propia Administración (neste caso a Consellería de Agricultura), quen coas obras de remodelación e conservación do cortalumes que vai polo cordal da Serra Loba, estivo achaiando co pasar dos anos os túmulos que se situaban neste cordal. Neste ano 2004 fixo desaparecer o túmulo nº 114, cortou a metade os nº 113 (foto 3) e 115 (foto 4) e volveu a achaiar os túmulos nº 117 e 118 (foto 5). O único que se salvou de tan absurda destrución foi o nº 116, que "tan so" perdeu parte da masa tumular (foto 6). O peor deste caso é que esa destrución era totalmente previsible e polo tanto evitable. Pero incluso nos tememos que se non se toman as medidas oportunas esta non será a última vez que os túmulos se vexan agredidos, xa que o cortalumes é remodelado periodicamente para manter a súa función protectora do lume e ironicamente destructora para o patrimonio histórico.



Foto 5. Túmulo de A Torre (nº 118).



Foto 6. Túmulo Cruz de Brais (nº 116).

Este tráxico balance non parece chegar ó seu final, xa que é precisamente neste último ano cando máis destrucións se produciron. Á vista destes datos, as administracións pertinentes deberían tomar as medidas de coordinación oportunas para evitar, na medida do posible, a destrución de novos xacementos.

Arte rupestre do Concelho de Barcelos (Portugal)

Subsídios para o seu estudo

FERNANDO COIMBRA*

Sumario

O autor apresenta o resultado de uma investigação sobre os petróglifos de Barcelos, realizada entre 1994 e 2003, onde se destacam algumas gravuras inéditas. Este artigo, para além da descrição das gravuras, propõe alguns aspectos metodológicos e hipóteses interpretativas.

Abstract

The author presents the results of a survey about the Barcelos' petroglyphs, made between 1994 and 2003, where some new engravings points out. This article, besides the description of the engravings, proposes some methodological approaches and some interpretive possibilities.

INTRODUÇÃO

A arte rupestre do concelho de Barcelos (Distrito de Braga), estudada neste artigo distribui-se pelas freguesias de Carvalhas, Durrães e Roriz. Na primeira, no Monte da Saia, existem três rochas com gravuras: a Laje dos Sinais, uma rocha com trinta e três covinhas e um penedo insculturado descoberto por Mário Cardozo em 1930 (1). Em Durrães, sobre um *tumulus* megalítico da Chã de Arefe, encontra-se curiosamente um penedo com dezoito covinhas. Em Roriz, no recinto de um castro da Idade do Ferro há seis rochas com gravuras. Trata-se de insculturas efectuadas numa época em que as divisões territoriais eram diferentes das actuais, parecendo à primeira vista não se justificar o limite geográfico concelhio para o seu estudo. Todavia, a investigação da arte rupestre levanta problemas diversos, sendo um dos mais difíceis a prospecção e o acesso aos locais onde existem as gravuras, sendo necessário recursos materiais e humanos nem sempre fáceis de obter. A razão de termos optado por limitar este estudo à área de um concelho e não a um vale fluvial, prende-se precisamente com o facto de ser indispensável um veículo de tracção integral e o apoio de um bom conhecedor dos caminhos e do terreno a prospectar. Ora, essas condições *sine qua non* foram alcançadas graças à boa colaboração dos Serviços de Arqueologia da Câmara Municipal de Barcelos, que disponibilizaram um "jipe" e o acompanhamento do Dr. Cláudio Brochado, Arqueólogo responsável pela elaboração da Carta Arqueológica de Barcelos.

Os primeiros estudos de arte rupestre que efectuámos no Concelho remontam a 1994, quando visitámos pela primeira vez o sítio conhecido por Laje dos Sinais, com a finalidade de fotografar em diapositivos uma suástica de braços curvos e motivos associados, para serem apresentados numa comunicação sobre a presença daquele símbolo na arte rupestre no Noroeste da Península Ibérica. (2) Posteriormente, em Agosto de 1996, regressámos ao Monte da Saia acompanhados pelo nosso colega e amigo italiano Giuseppe Brunod, (3) com o objectivo de efectuar o levantamento completo das gravuras da Laje dos Sinais, sendo utilizado o plástico polivinilo e marcadores de cor diversa. Esta campanha foi extremamente proveitosa, pois foram descobertas gravuras inéditas, nesta rocha, que não tinham sido detectadas por outros autores que a estudaram. Para além disso, descobriu-se, na encosta oeste do Monte, um penedo com

---

* Fernando Augusto Coimbra (Lisboa, 1956) é Licenciado em História, Variante de Arqueologia pela Universidade do Porto. É membro da Comissão Científica do HERAC – Helenic Rock Art Center (Phillippi, Grécia) e membro do Gabinete de História, Arqueologia e Património (V. N. de Gaia, Portugal). Na actualidade está a terminar o seu Doutoramento em Pré-história e Arqueologia na Universidade de Salamanca.

trinta e três covinhas, também inédito, cujo levantamento foi efectuado pela mesma técnica utilizada na Laje. Em Setembro de 1998, aproveitando o levantamento efectuado com plástico dois anos antes, decidimos apresentar uma comunicação preliminar sobre as gravuras do Monte da Saia ao IRAC 98 – International Rock Art Congress, organizado em Vila Real pela IFRAO. Infelizmente, em relação a este importante evento, passados vários anos, ainda só foram publicados alguns artigos na Internet, sendo previsível que não se cheguem a editar as actas, por falta de verbas. Uma vez que se verifica esta situação e que a Laje dos Sinais é propriedade da Sociedade Martins Sarmento, propusemos à sua Direcção a publicação do artigo apresentado em Vila Real na Revista de Guimarães, entretanto actualizado com mais bibliografia e mais imagens, o que se veio a efectivar algum tempo depois (COIMBRA, 2001a). Em Junho de 2002, voltámos mais uma vez ao Monte da Saia para experimentar outras técnicas de levantamento nas gravuras mais erosionadas da Laje dos Sinais e efectuar novas prospecções, visto que na extensa área deste monte existem vestígios de um povoado da Idade do Ferro.

Entre a arte rupestre de Barcelos destaca-se a Laje dos Sinais, pelo facto de conter um motivo (4) que não tem paralelo até hoje conhecido na Península Ibérica, tratando-se de uma possível sobrevivência de temática de arte megalítica em petróglifos do início da Metalurgia (Fig.1). Os únicos paralelos que encontrámos desse motivo situam-se precisamente em arte megalítica irlandesa de Newgrange, de Loughcrew, de Derrynablaha e de um túmulo satélite de Newgrange (VAN HOEK, 1993-1996: 77).

Existem mais alguns casos de "temas megalíticos" em petróglifos do Noroeste da Península Ibérica, como por exemplo em Pozo Ventura, Poio, Pontevedra (SARTAL LORENZO, 1999) e em Coto de Barcelos, Oia, Pontevedra (COSTAS GOBERNA e PEREIRA GARCIA, 1996-97). Mais adiante, ao descrever a Laje dos Sinais, desenvolveremos detalhadamente esta importante questão, que se prende ainda com a problemática dos contactos entre a Irlanda e o Noroeste da Península Ibérica durante a Pré-História Recente.

AARTE RUPESTRE

Considerações preliminares

En suma, el argumento más convincente a favor de considerar a Coventina como una diosa poseedora de un culto propio y poderes curativos es el propio manantial, que había sido considerado como sagrado desde la época céltico-britona pre-Romana, y que luego fue adoptado por los propios romanos al edificar allí un templete y un estanque para facilitar su culto. Más adelante, debido a la costumbre de los romanos de trasladar el personal de sus legiones de una parte a otra del Imperio según sus necesidades, pudiera muy bien haber ocurrido que algunos soldados u oficiales llevaran de esta forma el culto de Coventina a Las Galias y Galicia. Las dedicatorias halladas en las aras muestran claramente la "nacionalidad" de los devotos: celtas, batavianos, frisios, cubernios y germanos, y un Prefecto llamado Marcus Hispanus Modestinus dedicó un ara a las Ninfas en el Nymphaeum.

Monteagudo (1947) relata como 1000 soldados de la *Legio Septima Gemina* fueron enviados el año 119 dC desde sus bases en el NO de la Península Ibérica a Gran Bretaña, y expresa su creencia de que algunos de ellos podrían haber regresado a Galicia trayendo con ellos el culto a Coventina. Mas las unidades de guarnición en Brocolitia fueron provistas por la *Legio Sextae Victrix*, y la Legión VII nunca estuvo estacionada en el N de Inglaterra. Sin embargo, como se ha descrito arriba, un Prefecto llamado Marcus Hispanus Modestinus dejó en el Nymphaeum de Brocolitia un ara dedicada a las Ninfas y los Genios, lo que indica que algunos oficiales o legionarios provenían de Hispania. Lambrino por su parte cree que lo que ocurrió fue lo contrario: legionarios romanos fueron los que llevaron el culto a Coventina desde Galicia hasta Carrawburgh (1953: 74-87). En cualquier caso, los títulos otorgados a Coventina por los romanos (*Sancta* y *Augusta*), muy raros para diosas que no fueran originalmente romanas, indican que esta diosa no era una divinidad local (común en otras regiones célticas), y que Brocolitia no era probablemente el único centro de su culto.




Fig. 12. La diosa céltica Sequana, espíritu femenino del Río Sena en sus fuentes de nacimiento. En el siglo II aC fue erigido en ese lugar, al Norte de Dijon, un importante templo curativo denominado Fontes Sequqnae. Dibujo: Alfredo Erias.

Agradecimientos

El autor desea expresar su agradecimiento a la Dra. Lindsay Allason-Jones, Directora del Chesters Museum, al Prof. Seamus Mac Mathúna, Dean, Centre for Irish and Celtic Studies, Univ. of Ulster, N. Ireland y al Prof. Daithi Ó hÓgáin, Univ. College, Dublín.

BIBLIOGRAFÍA (OBRAS CITADAS EN EL TEXTO)

Acuña Castroviejo, F., "Nueva ara romana de Parga", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, Orense*, Lugo, VIII (1969-70): 71-74, 223-227.

Alberro, M., "Las tres leyendas célticas de Macha: reflejos de la transición hacia una sociedad patriarcal", *Anuario Brigantino*, 23 (2000a): 57-74.

Alberro, M., "The Celts in the NW of the Iberian peninsula, yesterday and today", *Celtic Studies II*, Institute of Cornish Studies, Univ. of Exeter, Nov. 3-5, 2000b (Nov. 5).

Alberro, M.,"Relaciones históricas entre Galicia e Irlanda según los manuscritos medievales céltico-irlandeses", *Hispania Antiqva*, XXIV (2000c):369-82.

Alberro, M., "Celtic Heritage in the North-West of the Iberian Peninsula", 36th International Congress on Medieval Studies, Western Michigan Univ., Kalamazoo, May 3-6, 2001a (May 3, Session 111).

Alberro, M., "El NO de la Península Ibérica como parte de la Zona Atlántica de la Edad del Bronce", *Hispania Antiqva*, XXV (2001b): 7-28.

Alberro, M., "Celtic Galicia? Ancient connections, and similitudes in the traditions and folklore of the Cornish peninsula and Galicia in Spain", *Cornish Studies Nine*, (2001c): 13-44.

Alberro, M., "Significancia de las referencias a España en las sagas orales célticas de la época pagana recogidas en los manuscritos medievales de Irlanda, Gales y Escocia", *Veleia*, 18-19 (2001-2002): 453-465.

Alberro, M., "Celtic Heritage in the North West of the Iberian Peninsula", *Emania*, 19 (2002a): 75-84.

Alberro, M., "La presencia céltica en el NO de la Península Ibérica durante el período romano", Actas del Primer Congreso Internacional de Historia Antigua., eds. L. Hernández Guerra, L. Sagredo San Eustaquio y J.M. Solana Sainz, Univ. de Valladolid, 2002b: 139-44.

Alberro, M., "La mitología y el folklore de Galicia y los países célticos del nordeste atlántico europeo", *Garoza*, 2 (2002c): 9-30.

Alberro, M., "La colonización de Irlanda y Escocia por grupos celtas procedentes de la Peninsula Ibérica según los manuscritos medievales escoceses". En: *Scripta Antigua in Honorem A. Montenegro Duque et J. M. Blázquez Martínez*, eds. S. Crespo Ortíz de Zárate y A. Alonso Ávila, Univ. de Valladolid 2002d: 869-81.

Alberro, M., "Milesians and Alans in the NW of the Iberian peninsula and the mythical invasion of Ireland", *The 23rd Harvard Celtic Colloquium*, Oct. 10, 2003a, 1st Session, 10.15 am. (será publ. en *Proceedings of the Harvard Celtic Colloquium* 22/23).

Alberro, M., "El agua, los árboles, los montes y las piedras en el culto, creencias, y mitología de Galicia y las regiones célticas del noroeste atlántico europeo", *Anuario Brigantino*, 24 (2003b): 11-38.

Alberro, M., "The Celticisation of the Iberian Peninsula, a process that could have had parallels in other European regions", *Études Celtiques*, XXXV (2003c): 7-24.

Alberro, M., "Los viajes marítimos de celtas britones a *Gallaecia* en el Siglo V dC, el paradigma céltico de las Islas de la Felicidad en el Oeste oceánico, y los *Immrama* de la arcaica tradición oral y la literatura medieval irlandesa", *Lvcensia*, 27, Vol. XIII (2003d): 239-60.

Alberro, M., *Los Celtas de la antigua Gallaecia*, Noia, Ed. Toxosoutos, 2004a.

Alberro, M., *Diccionario mitológico y folklórico céltico: Desde Galicia a las Islas Shetland, pasando por Bretaña, Irlanda, Isla de Man, Cornualles, Gales, Escocia y las Islas Orkney*, Betanzos, Briga Edicións, 2004b.

Alberro, M., "The celticity of Galicia, Spain", 24th Annual Harvard Celtic Colloquium, Harvard University, Cambridge, Massachusetts, Oct. 9th, 2004c. (será publ. en *Proceedings of the Harvard Celtic Colloquium* 23/24).

Alberro, M., "Celtic legacy in the North-West of the Iberian Peninsula", *e-Keltoi-Journal of Interdisciplinary Celtic Studies* 6:*"The Celts of the Iberian Peninsula"* (Center for Celtic Studies, Univ. of Wisconsin-Milwaukee), 2005.

Allason-Jones, L. and B. McKay, *Coventina´s Well*: *A Shrine on Hadrian´s Wall*, Chesters, 1985.

Allason-Jones, L., "Coventina´s Well", in S. Billington and M. Green, eds., *The Concept of the Goddess*. London, Routledge, 1996: 107-119.

Almagro Gorbea, M., "Los Celtas en la Península Ibérica", *Celtas y vetones*, Torreón de los Guzmanes, Iglesia de Santo Tomé el Viejo, Ávila, Diputación Provincial de Ávila, Sept-Dbre, 2001: 95-113.

Ares Vázquez, N., "En torno al ara lucense de «Cohvetene»", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXII (1967):156-64.

Arias, F., P. Le Roux, y A. Tranoy, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, 1979.

Baños Rodríguez, G., *Corpus de Inscripciones Romanas de Galicia II*, Pontevedra, 1994.

Bermejo Barrera, J.C., *Mitología y mitos de la España Prerromana* 2, Madrid, Akal, 1986.

Blázquez Martínez, J.M., *Religiones primitivas de Hispania*, I, ´Fuentes literarias y epigráficas´, Madrid, ´Biblioteca de la Escuela española de Historia y Arqueología en Roma´, 1962.

Blázquez Martínez, J.M., "Die Mythologie der Althispanien", *Wörterbuch der Mythologie*, II, Stuttgart, 1972: 707-828.

Bord, J. and C. Bord, *Sacred Waters- Holy Wells and Water Lore in Britain and Ireland*, London, Granada Publ., 1985.

Bouza Brey Trillo, F., "La Mitología del Agua en el Noroeste Hispánico", Discurso de recepción ante la Real Academia Gallega en 27 Jul. 1941. Publ. en Vigo, Artes Gráficas Galicia, 1973.

Carew, R., *The Survey of Cornwall*, London, 1602. (Repr. facsimil, Da Capo Press, Theatrvm Orbis Terrarvm Ltd., Amsterdam and New York, 1969).

Chadwick, N., *The Celts*, Harmondsworth, Penguin, 1971.

Clayton, J., *"Continuation of Description of, remarks on, the Temple of Coventina and its Contents"*, *Aracheologia Aeliana*, 8 (1880): 20-39.

Clinnick, A.A., *The Cornish Year- Cornish Folklore, Festivals and Characters throughout the year*, Penzance, Oakmagic Publications, (facsimil repr.), 1999.

CIL (Corpus Inscriptionum Latinarum), 1869. E. Hübner, ed., Berlin. *Suplementum*, Berlin, 1892. *Addimenta nova et corporis*, vol II, and EE, VIII, 1899. EE, IX, Part I, 1903.

Collingwood, R.G. and R.P. Wright, *The Roman Inscriptions in Britain*, 10 vols., Vol. I: *Inscriptions on Stone*, Oxford, 1965.

Courtney, M.A., *Cornish Feasts and Folklore*, facsimil repr., Penzance, Oakmagic Publ., 1998 (first published in 1886).

Cuba, X.R., A. Reigosa, y X. Miranda, *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo, Xerais, 1999.

Cunliffe, B.W., *The Temple of Sulis Minerva at Bath 2*: *The Finds from the Sacred Spring*, Oxford, Oxford University Committee for Archaeology 16, 1988.

Dean, T., and R. Shaw, *The Folklore of Cornwall*, London, Batsford, 1975.

Díez de Velasco, F., *Termalismo y Religión-La sacralización del agua termal en la Península Ibérica y el Norte de Africa en el mundo antiguo*, Monografía 1 de ILU-Revista de Ciencias de las Religiones, Madrid, 1998.

Dowden, K., *European paganism*, London and New York, 2000.

Du Maurier, D., *Vanishing Conrwall*, Harmondsworth, Penguin, 1972.

Fitzpatrick, A.P., ´The deposition of La Tène Iron Age metalwork in watery contexts in southern England´. In: B. Cunliffe and D. Miles, eds. *Aspects of the Iron Age in Central Southern Britain*, Oxford, University of Oxford Committee for Archaeology, Monograph 2, 1984: 178-90

Frazer, J.G., *The Golden Bough*: *a study in magic and religion*, 12 vols., London, 1911-15. (nueva edición: Harmondsworth, Penguin, 1996).

Green, M., *The Gods of the Celts*, Gloucester and New Jersey, 1986.

Green, M., "Women and goddesses in the Celtic world". Paper delivered at the BASR Conference on "Religion and Gender", Cherwell Centre, Oxford, Sept.1989. Publ. by the British Association of the Study of Religions, University of Leeds Printing Services, 1991: 1-26.

Green, M., *Celtic Goddesses*, London, British Museum Press, 1995.

Green, M., *Dictionary of Celtic Myth and Legend*, London, Thames and Hudson, 1992 y 1997.

Hall, G.R., "Ancient British Remains", *Archaeologia Aeliana*, 7 (1876): 3-17.

Hogg, G., *Customs and Traditions of England*, Newton Abbot, David and Charles, 1971.

Hole, C., *English Folklore*, London, Batsford, 1944-45.

IRG (Inscripciones Romanas de Galicia), III-Museo de Pontevedra, 1955, J. Filgueira Valverde y F. Bouza Rey; 1961, J.M. Álvarez Blázquez y F. Bouza Brey, Inscripciones Romanas de Vigo, *Cuadernos de Estudios Gallegos* XVI, 5-42. Obra completa: *Inscripciones romanas de Galicia. Suplemento al fascículo III. Vigo*, Santiago de Compostela, 1961.

IRPL (Inscripciones Romanas de la Provincia de Lugo), F. Arias Vilas, P. Le Roux et A. Tranoy, Paris, Publication du Centre Pierre Paris, 3, 1979.
Jones, F., *The Holy Wells of Wales*, Cardiff, Univ. of Wales Press, 1954.
Jones, P. and N. Pennick., *A history of pagan Europe*, London, 1995.
Lambrino, S., "La Deese Coventina de Parga (Galicie)", *Revista da Faculdade de Letras de Lisboa,* 18 (1953): 74-87.
Lane-Davies, A., *Holy Wells of Cornwall*, Cornwall, 1970.
Leach, M., ed., *Funk and Wagnalls Standard Dictionary of Folklore, Mythology and Legend*, London, New England Library, 1972.
Leite de Vasconcelos, J., *Religioes da Lusitânia na parte que principalmente se refere a Portugal*, 3 vols., Lisboa, 1897-1913.
Lewis, M.J.T., *Temples in Roman Britain*, Cambridge, 1966.
López Cuevillas, F., "O culto das fontes no noroeste hispánico", *Cuaderno de Estudios Gallegos*,11 (1935): 73-104.
López Cuevillas, F., "Esculturas zoomorfas y antropomorfas de la cultura de los castros", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, VI (1951): 177-203.
Low, M., *Celtic Christianity and Nature - Early Irish and Hebridean Traditions*, Edinburgh, Polygon, 1996.
Mac Killop, J., *Dictionary of Celtic Mythology*, Oxford, Oxford Univ. Press, 1998.
Marco Simón, F., "El dios céltico Lug y el santuario de Peñalba de Villastar, *Estudios en Homenaje al Dr. Antonio Beltrán Martínez*, Zaragoza, 1986: 731-759.
Monteagudo, L., "De la Galicia romana: Ara de Parga dedicada a Conventina", *Archivo Español de Arqueología*, 20 (1947): 68-74.
Olivares Pedreño, J.C., *Los dioses de la Hispania Céltica*, Madrid, Real Academia de la Historia, 2002.
Pelletier, A., *La Femme dans la société gallo-romaine*, Paris, Picard, 1984.
Prósper, B., "La divinidad paleo-hispana Cossue/Coso y el dios itálico Consus", *Aion*, 19 (1997): 267-303.
Przyluski, J.P., *La grande déesse*: *introduction à l´étude comparative des religions*, Paris, 1950.
Raftery, B., *Pagan Celtic Ireland*, London, Thames and Hudson, 2000.
Rodríguez González, E., *Breviario Enciclopédico "don Eladio"*, Á Coruña, A Voz de Galicia, 2001 (first edition 1885).
Ross, A., *Pagan Celtic Britain*, London, Routledge and Kegan Paul, 1967. (new editions 1992 y 1996).
Ross, A., *Folklore of the Scottish Highlands*, Stroud (Gloucestershire), Tempus, 2000.
Salway, P., *Roman Britain*, Oxford, Oxford University Press, 1981.
Smith, D.J.,"The Shrine of the Nymphs and the *Genius Loici* at Carrawburgh", *Archaeologia Aeliana*, 40 (1962): 59-81.
Taboada Chivite, J., *Ritos y Creencias Gallegas*, Á Coruña, Ed. Sálvora, 1980.
Tenreiro Bermúdez, M., "Os mouros: notas sobre a permanencia do mito no folclore", *Anuario Brigantino*, 25, (2002): 39-62.
Tillhagen, C.H., *Vattnens Folklore- Sägen och folktro kring bäckar, älvar, sjöar och hav,* Stockholm, Carlssons, 1996.
Torbrügge, W., "Vor-und Frühgeschichtliche Flusfunde zur Ordung und Bestimmung einer Denkmälergruppe", Bericht der Römisch-Germanischen Kommision, 1971: 1-146.
Vives, J., *Inscripciones Latinas de la España Romana*, Barcelona, 1971.
Vries de, J., *Altgermanisch Religionsgeschichte*, 2nd edition, 2 vols., Berlin, 1956-57.
Wheeler, R.E.M. and T.V. Wheeler, *Report on the Excavations of the Prehistoric, Roman and Post-Roman site in Lidney Park, Gloucestershire*, Oxford, 1932.
Wood-Martin, W.G., *Pagan Ireland*: *an archaeological sketch*, London, 1895.



La ciudad amurallada de Lugo, edificada por los romanos en el lugar donde probablemente existía un castro con el nombre del pan-céltico dios Lug, o un bosquecillo sagrado. (Foto: Alfredo Erias).

Os torques do Castro de Xanceda
(Xanceda, Mesía, A Coruña)

LOIS LADRA*

Sumario

Apreséntase un estudo global sobre un grupo de torques asoellado no castro de Xanceda. Estúdase o local do achado, as circunstancias en que se produciu a descoberta e as características formais, materiais, ornamentais e tecnolóxicas destas pezas, que constitúen unha mostra excepcional da ourivaria castrexa.

Abstract

The hoard of four golden torcs from the hillfort of Xanceda was found in the seventies. Three of them are outstanding examples of the Castro Culture craftmanship, with an exceptional technical, material and ornamental interest. Their economic and sociological significances at the end of the regional Late Iron Age are here outlined.

INTRODUCIÓN

O *Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón* ou *Museo Arqueolóxico da Coruña* –en adiante MAC– ven expondo ao público desde comezos dos anos 80 do pasado século, unha serie de torques coñecidos xenericamente por moitos coma *O Tesouro de Xanceda*. Porén e malia ao feito de seren amplamente citados na bibliografía científica, os torques de Xanceda aínda non tiñan sido obxecto dun traballo monográfico no que se estudaran globalmente e de maneira individualizada todos os seus compoñentes. Con esta pequena contribución pretendemos aportar o noso grao de millo de cara a posibilitar que estas pezas sexan coñecidas un pouco mellor, sen esgotar o tema, agardando que nun futuro non demasiado lonxano poidamos contar con outros estudos que veñan a completar, ampliar e –por qué non– corrixir os erros ou as inexactitudes que, involuntariamente, poidamos formular neste traballo.

O CASTRO DE XANCEDA


O Castro de Xanceda sitúase sobre a suave lomba dun outeiro localizado nas inmediacións do lugar denominado *O Castro*, na freguesía de San Salvador de Xanceda, pertencente ao concello coruñés de Mesía. A grandes rasgos, está situado na bacía alta do rio Tambre, implantado nunha zona con relevo de formas suaves e onduladas, conformado por antigas superficies de erosión, con altitudes medias comprendidas entre os 400 e os 500 m.s.n.m. Aínda que non existen estudos petrográficos e pedolóxicos específicos sobre este xacimento, pódese dicir que o seu substrato rochoso está constituído *a priori* por metasedimentos xistosos ou xistos metamórficos pertencentes ao chamado *Complexo de Ordes* (PARGA, 1982: 14) e que os solos naturais predominantes desenrólanse sobre *lehms relictos*, do tipo *Lehm pardo* ou *braunlehm* (VV.AA., 1967: 245-246).

Na contorna inmediata do Castro de Xanceda existen numerosos indicios toponímicos que revelan a grande riqueza arqueolóxica desta zona, destacando principalmente *Medorra* e *Chousa do Castro*, ambos en Xanceda, sen esquecer outros nomes de lugar relativamente


*** Arqueólogo. Licenciado con Grado en Xeografía e Historia (Prehistoria-Etnoloxía) pola Universidade Complutense. Diplomado en Estudos Avanzados (Arqueoloxía) pola Universidade de Santiago de Compostela. Mestre en Arqueoloxía pola Universidade do Porto.**

cercanos, que suxiren a presenza de diversos povoados antigos: *Os Castriños* (Reboredo), *O Castro* (San Salvador de Mesos), *O Castro* (Santo Estevo de Abellá), *Os Castriños* (Canedo), *Os Castros* (O Campo), *O Castro* (San Xiao de Céltigos), *O Castro* (Castiñeiras), *O Castro* (Soutelo), *O Castro* (A Castiñeira), *O Castro* (Tamarín)...

O Castro de Xanceda localízase a 43º 04' 55'' de latitude N e a 8º 14' 40'' de lonxitude W (Folla 70-IV, "Xanceda", do M.T.N. 1:25.000, 2ª Ed.,



Localización do Castro de Xanceda.



MTN 1:25.000, folla 70-IV, Xanceda. Pormenor coa situación do castro.

2003), a uns 380 m.s.n.m. As suas coordenadas UTM son, aproximadamente e para un ponto central da croa, X=561.567 Y=4.770.273. Trátase dun povoado presumibelmente conformado por un recinto central ou *croa* de planta tendencialmente oval, con foxo perimetral curvo e muralla-terraplén-parapeito, xunto con, cando menos, unha plataforma exterior anexa, polo lado NL, de maior superficie cá acrópole, coñecida polos lugareños coma *O Redondo* ou *A Redonda*. Os eixos maiores da croa, NL-SW e NW-SL, meden aproximadamente 85 x 55 m., estando pior definidos os limites do devandito antecastro. Verbo da superficie deste xacimento, a acrópole non acadaría a hectárea de extensión, rondando apenas os 6.640 m^2, en canto *O Redondo* ou antecastro norleste, sensibelmente maior, estaria á volta dos 7.650 m^2, sempre en medidas de carácter aproximativo. Polo tanto, somando ambas superficies estariamos *a priori* perante un povoado de pequenas dimensións, con pouco menos de 1,5 Ha.

O seu estado actual de conservación (Decembro 2004) pódese cualificar como relativamente bon, con periódicas alteracións superficiais por mor do seu aproveitamento agrícola, entre as cuais convén destacar o achanzamento e a eliminación de parte do treito SL do talude da *Redonda*, igualando a sua cota topográfica actual coa das parcelas inmediatas á mesma, nun proceso seguramente irreversíbel de ampliación da citada explotación agraria. Hoxe en día, o perímetro amurallado amosa en superficie unha vexetación arbórea caducifolia de carvallos, loureiros e castiñeiros, mentres que a plataforma interior da croa está adicada ao cultivo rotativo de millo e patacas, con presenza de pradarío herbáceo na explotación contigua do antecastro. Ao N do povoado e inmediato a el decorre un pequeno regato de escasa importancia, tributario do *Rego de Xanceda*, que, por seu turno, vacía as suas augas no *Rego do Gaiteiro*, e éste no *Rio Maruzo* para, finalmente, confluir no Tambre pola marxe dereita, sempre ao NW do curso principal do mesmo.


Infelizmente, o Castro de Xanceda non ten sido obxecto de escavacións arqueolóxicas e a información publicada sobre o mesmo non deixa de ser significativamente escasa. A ficha de catalogación confeccionada para este povoado por J. Rey hai agora vinte anos limitábase a consignar brevemente unha serie de dados pontuais, moi xenéricos e sen entrar en pormenores de maior calado, indicando apenas que tiña sido prospectado polo Sr. Monteagudo García (REY, 1984: 93). A nível administrativo e patrimonial, o código identificativo correspondente ao Castro de Xanceda é GA-15.047.004.

DESCOBERTA E ADQUISICIÓN DOS TORQUES

As circunstancias que rodearon o achado e a posterior recuperación destas pezas para os fondos do MAC continúan hoxe –case que un cuarto de século despois da súa descoberta– por esclarecer en moitos dos seus pormenores básicos. Ao longo da nosa pesquisa, consultamos a inxente documentación referente a estes torques existente no arquivo do MAC, revisamos a bibliografía especializada e as diversas noticias da prensa da época e mesmo chegamos a entrevistar personalmente aos protagonistas de tan sorprendente achado. A verdade é que as contradicións detectadas son numerosas e que dificilmente poderemos acadar unha versión exenta de certas fallas se contrastamos a totalidade das fontes disponíbeis.

De calquer maneira, non se nos escapa que isto é, por desgraza, algo que acontece con bastante frecuencia no que aos achados casuais de ourivaría castrexa se refere. Mesmo así, pensamos que a información derivada da entrevista que fixemos aos descobridores destas pezas e que pasamos a relatar de seguido, pode resultar de grande interese para certas cuestións contextuais que mais adiante serán planteadas.

Segundo o relato que amabelmente nos referiu o señor Pedro Blanco Barral, el e outros membros da súa familia terían descoberto haberá uns trinta anos e en varias quendas unha serie de pezas, maioritariamente fragmentadas, que corresponderían a varios exemplares diferentes, días despois de ter arado co tractor as diversas leiras que conforman a explotación agrícola coñecida como *A Redonda* ou *O Redondo*. Estes terrenos veñen sendo traballados polas mesmas xentes xa desde antes de terse producido o achado e aínda hoxe continúan a selo, tal e como puidemos comprobar recentemente *in situ*. Son, polo tanto, case que trinta anos de labores agrícolas desenvoltos na mesma explotación pola mesma unidade familiar, nun proceso que se mantén dinámico e en activo ata o momento presente, en que redactamos este traballo.



Vista aérea do Castro de Xanceda en 1982. O asterisco sinala o lugar aproximado onde terían aparecido os torques, segundo as informacións facilitadas polos seus descubridores.

O importante agora é ter en conta que, segundo esta versión dos feitos, as pezas recuperadas terían aparecido na terraza exterior inmediata á croa do castro polo NL, pois as leiras que conforman *O Redondo* non pertencen ao recinto fortificado mais interior deste povoado.

Outra fonte de información interesante sobre as circunstancias en que se produciu o achado atópase nos expedientes administrativos do MAC, que inclúen un traballo escolar realizado por dúas mozas de Xanceda, no que se afirma que a descoberta tivo lugar no interior da croa do castro ao seren aradas manualmente as suas terras con un *veso* ou "arado de ferro con dúas rodas". Este *veso* sería moi probabelmente un *vesadoiro* ou arado pesado de avantrén. Conforme a esta fonte, o *veso* tería desenterrado duas campás e aproximadamente oito "bastóns ou asas de cadaleitos", sen maiores especificacións sobre o seu contexto (LADRA, 1998).



Fotografía aérea recente do Castro de Xanceda onde se pode ver a destrución de parte do talude do antecastro NL.

Sexa como for, co pouco que sabemos das características contextuais nas que se produciu o achado, sería cecáis algo aventurado suxerir a hipótese de que se tratara orixinalmente dun depósito pechado, ainda que, por outras razóns que mais adiante veremos, pensamos que ben poderiamos estar perante o *depósito dun ourive ou dun fundidor*.

Con posterioridade ao achado, as numerosas xestións levadas a cabo pola esforzada e paciente dirección do MAC durante varios anos, conduciron á adquisición destes materiais para pasaren a formar parte dos fondos arqueolóxicos do museu herculino. Como apontamento anecdótico, pódese sinalar a falla de apoio económico que naqueles tempos amosaron as administracións estatal e autonómica; apoio que finalmente tivo que ser procurado con diferentes contías aportadas pola Fundación Barrié, a Deputación da Coruña e o proprio MAC. As actas de depósito dos primeiros e dos últimos fragmentos dos torques de Xanceda corresponden aos anos 1982 e 1985, dando con elo unha idea bastante significativa das diversas dificuldades e dos numerosos contratempos que sufriu o proceso de adquisición por compra deste excepcional conxunto de ourivaria castrexa.

OS TORQUES: ANTECEDENTES BIBLIOGRÁFICOS

As referencias pontuais aos torques de Xanceda teñen sido abondosas nos últimos vinte anos; porén, na prática totalidade dos casos rexistrados, as pezas foron usadas principalmente como recurso gráfico ou textual complementario do fío argumental desenrolado en cada momento polo autor que os *publicitaba*, sen ter acadado un claro protagonismo de seu, para alén da maior ou menor *espectacularidade* que as reproducións

fotográficas e os debuxos podían fornecer, sempre e de maneira indefectíbel, correspondentes aos fragmentos de maior porte e vistosidade icónica. En nengunha ocasión foron analisados globalmente todos e cada un dos diversos elementos que conforman este singular conxunto.

Revisando *grosso modo* algunhas das devanditas publicacións, atopamos informacións que non deixan de ter o seu interese para introducirnos nas consideracións técnicas e contextuais que mais adiante encetaremos. Pasamos de seguido a analisalas, seguindo unha orde cronolóxica.

Entre as primeiras referencias que daban a coñecer a existencia deste conxunto de pezas, sobrancea un traballo de F. Senén López, director do MAC na época en que se produciu a adquisición do *Tesouro de Xanceda*. Apenas catro fotografías espectaculares –que non incluían a totalidade dos fragmentos que conformaban o achado orixinal– víanse acompañadas por uns breves textos nos que se destacaba o bon facer técnico do ourive, con algunhas alusións relativas á decoración de unha das pezas, ornamentada con "*representaciones de carácter astral, posiblemente en relación con el sol y la luna (principio-fin)*" (LÓPEZ, 1985: 40, pé de foto). Amais desta pecular observación, non exenta de altas doses de subxectivismo, o citado autor refere o feito de que o exemplar mellor conservado "*resultó fracturado al intentar sus descubridores aplicarlo al cuello*" (LÓPEZ, 1985: 42). Por outra banda, suxírese a hipótese de que a decoración que amosa a haste dun dos fragmentos "*sigue el modelo de otros trenzados en cestería o en cuero*", así como a posibilidade de que se trataría de "*piezas inacabadas* (...) *que nos remiten a un posible escondrijo o taller*" (LÓPEZ, 1985: 42).

Entre as anécdotas que poderiamos sinalar na divulgación destes torques, destacaría a de unha publicación herculina de carácter pedagóxico que, ilustrada con senllas fotografías espectaculares dos exemplares Xanceda I e Xanceda II, outorga a sua proveniencia, posibelmente por mor dun erro de maquetación editorial, ao Castro de Elviña (VV. AA., 1987).

Nun traballo un tanto posterior, ao referirse ao *Tesouro de Xanceda*, Ladislao Castro menciona a adquisición de dous torques con unhas características formais moi singulares, novidosas e rechamantes, o cal, desde logo, "*abriu o horizonte dos deseños ata agora coñecidos*" (CASTRO, 1990: 170). En opinión deste autor, que acompaña a breve descrición destas pezas con senllos deseños de carácter xeral e de pormenor, os dous exemplares "*parecen obra do mesmo artista ou obradoiro, pois a súa semellanza é máis que evidente*" (Id.). Esta referencia xenérica, a falla dun estudo amiudado, é, sen dúbida, moi interesante, pois inclúe diversas observacións moi significativas, coma o carácter oco dos remates, o tintineu dos mesmos, a presenza na haste dunha ánima interior dun metal diferente ao ouro que a recobre exteriormente, o *barroquismo plástico* da decoración, a combinación ornamental de motivos *fundidos* e *aplicados*, o xogo co contraste da luz entre superficies pulidas e granuladas, etcétera (CASTRO, 1990: 170-171).

Mediada a década dos 90 do pasado século, ao tempo que se mellora o deseño gráfico dispoñíbel para os tres fragmentos mais espectaculares do conxunto xancedán, os seus repertorios técnicos e ornamentais merecen un novo apontamento, pois a panoplia decorativa, plástica e barroquizante, pasa a ser interpretada como "*una aportación mediterránea integrada en esquemas muy arcaicos*" (CASTRO, 1995: 140). Porén, este mesmo autor sinala que "(...) *en contrapartida, desde hace bastantes años se viene hablando de una corriente estilística acreditada por la orfebrería europea y llamada*

Estilo Plástico que tuvo su auge en los ss. III-II a.C., tal vez los torques de Xanceda fuesen explicables como producto de esta moda más o menos definida" (Id.).

Nun recente estudo global sobre os torques do Noroeste, os dous exemplares mais destacábeis dos recuperados no castro de Xanceda, "*caracterizados por sus claras influencias británicas*" (?!) chegaron a constituir, por si mesmos, os únicos representantes aducidos para un pretendido *subtipo VA3* dentro dunha nova proposta de clasificación tipolóxica para esta caste de pezas (PRIETO, 1996: 202).

No catálogo da exposición *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*, celebrada en Lugo en 1996, o achado de Xanceda viuse representado polos dous fragmentos que conforman o exemplar mais destacado deste conxunto (Xanceda I). Sobre este, en xeral, as informacións mais novidosas serán a caracterización xenérica do conxunto como "*tesoro o alijo de orfebre, preparado para refundir*" e a datación da sua descoberta no ano 1974 "*al realizar labores agrícolas en los aterrazamientos del castro*". Verbo do torques reseñado, en particular, destacan a especificación do carácter arxénteo da sua ánima interior e a sua adscrición funcional "*más en relación con un carácter simbólico ritual, a modo de cetro, que de collar*" (?!), así como a proposta de encadramento cronolóxico á volta do século I a.n.e. (LÓPEZ, 1996: 126).

Como dado anecdótico do uso ilustrativo a que foron sometidos os diversos fragmentos que integran o *Tesouro de Xanceda* en diferentes publicacións, convén salientar a fotografía de pormenor do exemplar Xanceda I que chegou a ocupar a portada das guardas do libro *The sacred torcs. Prehistory and Archaeology of a symbol* (CASTRO 1998).

Mención aparte merecen diversos traballos de investigación, de orientación claramente académica (memorias de licenciatura, teses de doutoramento...) que tamén se teñen ocupado parcialmente deste achado. Sen lugar a dúbidas, o mais completo de todos eles é o asinado pola Dra. Nuria Reboredo, infelizmente ainda hoxe inédito (REBOREDO, 2000), e no que se apresentou a que, ao noso entender, constitúe a mais exhaustiva e completa achega ao estudo das pezas que conforman o conxunto xancedán. Entre outras cuestións, neste traballo descrébense con pormenor moitas das suas características físicas, materiais, ornamentais e tecnolóxicas.

Finalmente, tampouco escasean os autores que, fronte á singularidade técnica e ornamental do exemplar xancedán mais rechamante (Xanceda I), recorren á consideración do mesmo coma un caso anómalo ou *torques transgresor* (sic), con unha decoración dotada de unha "*peculiar iconografía* [que] *está mucho más cerca de la lateniana que de la castreña*" (PEREA, 2003: 145), sin aducir razón concreta algunha para xustificar ou argumentar esta última apreciación.

En definitiva, a maiores das discrepancias pontuais entre os diversos autores que teñen abordado de maneira secundaria nas suas publicacións os torques do castro de Xanceda, para facérmonos unha idea aproximada de até que ponto teñen xurdido as diverxencias, nunha cuestión tan aparentemente sinxela coma o número total de pezas vencelladas a este achado, atopamos unha variabilidade cuantitativa tan sorprendente como a seguinte: no primeiro traballo (LÓPEZ, 1985) non se especifica absolutamente nada sobre este particular; posteriormente, fálase da adquisición de dous torques (CASTRO, 1990); pouco mais dun lustro despois, o cómputo elévase a tres exemplares inventariados (PRIETO, 1996), para, xa mais recentemente, chegarmos a documentar oito fragmentos adscritos a cinco exemplares diferentes (REBOREDO, 2000).

OS TORQUES: DESCRICIÓN E PARALELOS

Actualmente consérvanse no *Museu Arqueolóxico da Coruña* un total de oito fragmentos procedentes dos diversos achados acaecidos no Castro de Xanceda. Os seus números de rexistro corresponden ás entradas 842 (duas metades dunha mesma peza orixinal), 925 (un fragmento da haste de outro exemplar, semellante ao anterior), 926 (un remate de torques en forma de periña, con parte da haste), 927 (un fragmento de haste do tipo coñecido como *ártabro*), 1385 (un terminal piriforme, con arranque da varela, diferente do anteriormente citado), 1386 (un fragmento distal de haste, moi oxidado) e 1387 (un minúsculo anaco laminar dun remate a xeito de periña).



Conxunto de fragmentos que integran o Tesouro de Xanceda.

A continuación, ofrecemos unha descrición pormenorizada de cada un dos elementos que conforman este singular conxunto de pezas. Neste apartado apenas abordaremos xenericamente os aspectos referidos ás formas e repertorios ornamentais de cada torques. Os pormenores tecnolóxicos derivados da confección destes exemplares serán abordados con maior amplitude no seguinte epígrafe. A totalidade das pezas foron observadas a ollo nu, sendo pesadas con unha balanza electrónica de precisión (AND HF 2000G). Para facilitar a comprensión do texto, acompañámolo de numerosas fotografías, describindo os diferentes membros dos que, ao noso entender, terían sido, cando menos, catro exemplares orixinais diferentes.

XANCEDA I

Características formais e decorativas orixinais: Trataríase dun torques de gran porte, peso e volume, en forma de C aberto, con haste de sección complexa e estruturación ornamental tripartita, dotado de terminais piriformes ocos cos extremos achatados. O seu repertorio ornamental, barroquizante e moi complexo, afecta á práctica totalidade da peza, xogando con elementos volumétricos derivados da morfoloxía xeral do torques e con aditamentos aplicados, concentrados no módulo central da varela. Os remates amosan unha decoración basal adaptada ao perfil globular do seu feitío, con alternancia por xustaposición de duas bandas horizontais perimetrais en sucesión harmónica de baquetón gravado con filetes transversais, aplicado na xunción coa haste e cenefa gravada con interposición de faixa lisa no meio. A varela apresenta uns módulos distais con forma de entranzados xustapostos de espigados duplos paralelos, deixando na zona central un treito menor no que se optou por reproducir un esquema aparentemente simétrico de



Fotografía do torques Xanceda-I.

duplas espirais – lámina decorada – nó mesal – lámina decorada – duplas espirais, con cenefas transversais intermedias, fileteadas e localizadas nas zonas de transición entre os tramos lisos e volumétricos do corpo da peza. A ornamentación das láminas aplicadas sobre a haste no seu treito central inclúe diversos tipos de motivos, entre os que predominan as ringleiras de triángulos de gránulos enfrontados, seguindo un esquema semellante ao dos dentes de lobo, así coma unha cruz granulada de brazos iguais inscrita nun círculo e un tetrasquel enmarcado por unha circunferencia.

Recuperación e rexistro MAC: Este torques tería aparecido enteiro, ainda que actualmente se conserva en dous fragmentos a xeito de senllas metades moi semellantes entre si; unha delas é claramente maior en lonxitude e valor ponderal. Foron rexistradas ambas no MAC co número 842.

Características métricas e ponderais actuais: Apoiando as duas metades deste torques sobre un plano horizontal e recompondo o seu feitío orixinal unitario teríamos uns eixos



Xanceda-I. Á esquerda, detalle da ánima interior da peza. Á dereita, vista de perfil dunha parte do tramo central da haste na que se suxire unha posíbel face humana.



Xanceda-I. Detalle da transición entre os módulos da varela.



Xanceda-I. Detalle da decoración da parte central do torques.

máximos de aproximadamente 170 x 190 mm., con unha sección máxima no treito mesal da haste de 24 mm. e mínima, nos módulos distais, de 12 mm. Os remates amosan un comprimento máximo de 50 mm. e unha anchura central de 36 mm. O peso de cada unha destas metades é de 488,85 e 314,18 gramos, respectivamente.



Xanceda-I. Pormenor da unión da haste e do terminal.

Observacións: Diversas fontes sinalan o feito de que este torques apareceu enteiro, nun relativo bon estado de conservación (LÓPEZ, 1996; REBOREDO, 2000). Porén, a sua violenta manipulación recente –con posterioridade ao seu achado– provocou unha fractura na parte central da haste que, en función das evidencias físicas deixadas pola mesma, non foi, en absoluto, casual, senón mais ben claramente intencionada e recorrendo a senllos golpes transversais bilaterais, con arrastre do cicel aproveitando o perfil do anoamento que decora un dos extremos mesais da varela. Ao longo da superficie desta peza pódense observar numerosas improntas

de martelados, incisións mais ou menos fondas e múltiplas raiaduras. O acabado primixenio tería sido relativamente coidado, con eliminación das imperfeccións e rebarbas de materiais que afectaban á sua topografía. O torques ainda conserva parte das suas propriedades sonoras orixinais, pois opera coma un tintinábulo ao abanealo no ar, producindo un son metálico moi particular.



Xanceda-I. Tetrasquel inscrito nunha circunferencia.

XANCEDA II

Características formais e decorativas orixinais: Orixinalmente tería sido un torques semellante ao anterior, de gran porte, peso e volume, en forma de C aberto, con haste de sección complexa e estruturación ornamental tripartita, dotado de terminais piriformes achatados e ocos. O seu repertorio ornamental, baseado nunha gramática barroquizante e recargada, con claro *horror vacui*, comprendería uns módulos distais de perfil anelado, con superposición continua de aros laminares de ouro, en alternancia lisa e fileteada, evocando vagamente os arames enrolados nas varelas dos exemplares de tipo ártabro. A transición entre os treitos laterais e o corpo central faríase por meio de miúdas espirais de filigrana con pequeno prótomo central, xustapostas en ringleira situada entre os aneis e os anoamentos. No tramo mesal da haste, actualmente incompleto no seu desenrolo orixinal, apreciamos a presenza de tres grosos nós á volta de cadansua semiesfera, con motivos de filigrana e granulado aplicados nos espazos intermedios: lazos complexos, triángulos arracimados... En fin, todo elo dunha grande riqueza plástica e profusión ornamental, en claro contraste coa valoración estrictamente lisa e volumétrica dos terminais piriformes de cabos truncados.

Recuperación e rexistro MAC: Tería aparecido fragmentado en tres anacos moi desiguais entre si, correspondentes o maior deles a un tramo significativo da haste e os dous menores aos seus remates, estes con parte do arranque da varela. Corresponderíanse cos rexistros do MAC 925 (haste), 926 (terminal curto) e 1385 (terminal longo).



Xanceda-II. Fotografía xeral do torques.



Xanceda-II. Arriba e abaixo, detalles da decoración do módulo central da haste, evocando posíbeis acios de uvas e labores de cestería.









Xanceda-II. Á esquerda, ringleira de espirais con glóbulo central na transición dos módulos da varela. Á dereita arriba, sucesión de anoamentos que evocan unha posíbel face humana. Abaixo, detalle do extremo de unha das periñas do torques.

Características métricas e ponderais actuais: Os eixos máximos dos tres fragmentos conservados, de maior a menor, serían de 146 mm., 96 mm. e 74 mm., con unha sección maior da haste nos seus módulos laterais á volta dos 15 mm. e uns terminais de 39 mm. de anchura máxima. Os seus pesos respectivos serían de 452,12 gr., 139,80 gr. e 105,38 gramos.

Observacións: Os cabos distais dos tres fragmentos conservados foron truncados violentamente, con varios cortes transversais. Sen dúbida algunha, o feito que mais nos chama a atención no corpo central da haste é o afloramento masivo á superficie da peza do material usado como soldante, que amosa un aspecto cerúleo de cor grisallenta con matices cromáticos rosáceos e granates claros. O seu tratamento superficial é moi descoidado, sen desbotar a posibilidade de que algunha fonte de calor exterior teña alterado a sua aparencia orixinal. Os remates manifestan un maltrato epidérmico considerábel, con abolladuras, raiazos e cortes varios.

XANCEDA III

Características formais e decorativas orixinais: A reconstitución completa da sua forma primixenia resulta problemática ao conservarse apenas un pequeno tramo distal da haste, con parte do arranque do terminal, xunto con un fragmento laminar do que tería sido un remate globular oco. Tendo en conta a existencia dunha forte simetría bilateral na inmensa maioría dos torques castrexos, a imitación de falsos enrolamentos de arame no extremo distal conservado e o descoñecimento de exemplares con haste decorada de estruturación ornamental unitaria, aventurámonos a presupor unha peza de feitío relativamente semellante aos torques Xanceda I e II, con varela de ornamentación tripartita e remates piriformes ocos.



Xanceda III. Fotografía xeral dos dous fragmentos conservados.

Recuperación e rexistro MAC: Recuperouse tan só unha pequena parte da sua estrutura orixinal, correspondendo os dous anacos citados aos rexistros MAC 1386 (fragmento distal de varela) e MAC 1387 (fragmento de lámina curva do remate). Ambas partes amosan liñas de quebra parcialmente coincidentes, que semellan poder pegar entre si sen maior problema.

Características métricas e ponderais actuais: O fragmento MAC 1386 corresponde ao extremo distal da haste, con unha curvatura de desenrolo exterior de 110 mm. e interior de 92 mm., amosando unha sección circular de 10 mm. de diámetro, con arranque do terminal de 19 mm. de anchura máxima. O fragmento MAC 1387 apenas constitúe unha pequena parte da lámina dourada que conformaría orixinalmente o remate piriforme da peza, con uns valores métricos máximos para os eixos actuais de 20 x 12 mm. e un grosor que apenas acada o milímetro de espesura. Os seus pesos serían respectivamente de 80,20 e 1,20 gramos.

Observacións: A superficie exterior da varela encóntrase actualmente moi deteriorada, con presenza de oxidacións ferruxentas e diversas adherencias invasivas, ocultando significativamente o dourado orixinal da peza. No extremo distal do fragmento da haste ainda podemos observar o resultado final da unión por embutido, martelado e solda da varela co remate, o cal lle tería conferido unha maior estabilidade á xunción de ambos elementos. A cara exterior do fragmento laminar tamén amosa concrecións pontuais de varias adherencias espalladas pola sua superficie. No caso da haste, pensamos que debeu permanecer en contacto con algunha peza de ferro durante bastante tempo, provocando unha reacción química que lle tería conferido o seu aspecto oxidado actual. Do fragmento laminar apenas cómpre salientar a presenza dun dourado moi vivo na sua superficie exterior, alisada, que contrasta claramente con un interior rugoso e cincento, oculto á vista do espectador.

XANCEDA IV

Características formais e decorativas orixinais: Moi posibelmente tería sido un torques dos coñecidos como *tipo ártabro*, con perfil curvo en forma de C aberto, dotado de terminais piriformes e haste de sección circular con progresivo ensanchamento do seu grosor cara ao centro da peza. De estruturación ornamental tripartita, amosaría nos módulos distais fíos de ouro enrolados sobre a varela, para deixar paso a un treito central liso, marcando lateralmente o seu comezo e o seu fin senllas parellas de espirais de filigrana con botón central.

Recuperación e rexistro MAC: Actualmente só conservamos un fragmento desta peza (MAC 927), que supón pouco mais do módulo central orixinal da haste, con parte dos arranques dos treitos distais.

Características métricas e ponderais actuais: O desenrolo exterior da sua curvatura acada os 128 mm. e o interior os 110, con unha sección mesal máxima de 9 mm. de diámetro. As rodelas espiraladas atinxen os 13 mm. de diámetro, cada unha delas con quince



Xanceda III. Á esquerda, detalle da unión exterior da haste co terminal. Á dereita, pormenor do embutido interior e da soldadura dos dous elementos.

circunvolucións á volta do gránulo central. Na transición entre as espirais e os módulos distais da haste rexístrase a presenza dun arame de ouro con aparencia de bastante pureza, que dá cinco voltas sobre a varela até o ponto actualmente conservado. Amosa un peso total de 71,57 gramos.

Observacións: O fragmento actualmente custodiado no MAC obtívose por tronzamento transversal. Convén destacar a presenza na haste dunha forte incisión lonxitudinal que atravesou a lámina de ouro que forraba a varela e deixou á vista a natureza polimetálica da peza. En definitiva, a fragmentación do torques orixinal implicaria un proceso mais prosaico de apreciación intrínseca do seu valor meramente material.

METAIS, TÉCNICAS, ESTILOS, CONTEXTOS, USOS E PESOS.

Antes de mais, compre salientar o feito de que non contamos con analíticas metalográficas específicas para os torques de Xanceda, o cal nos impede determinar con precisión cuestións tan básicas como a natureza metálica dos materiais empregados na sua confección e o grao de pureza dos mesmos. Verbo desta cuestión, estamos seguros de que traballos posteriores virán a completar, clarexar ou mesmo corrixir moitas das apreciacións que agora imos sinalar.

En principio, estamos perante pezas de carácter polimetálico, pois no seu estado de conservación actual e grazas ás fracturas transversais e aos desgastes superficiais que amosan, resulta moi doado constatar o feito de que todos estes torques teñen unha ánima interior dun metal diferente do que tería sido o seu aspecto exterior orixinal, marcadamente áureo. Non é este un feito novidoso, pois xa se ten constatado noutras pezas anteriormente estudadas, ainda que neste caso, atendendo ao elevado peso que acadarían os exemplares Xanceda I e Xanceda II unha vez rematada a sua confección, podemos apontar que, posibelmente, mais do 80 % do metal empregado na sua elaboración non era ouro.

Por outra banda, algúns traballos teñen apontado a natureza arxéntea do núcleo interior destes torques (LÓPEZ, 1985; CASTRO, 1995), con presenza de aliaxes ricas en cobre e incluso vástagos de bronce (REBOREDO, 2000). En ausencia de resultados analíticos específicos, preferimos ser cautos a respeito desta cuestión. Asemade, descoñecemos o grao de pureza do ouro empregado para cubrir as superficies exteriores destas pezas, se



Xanceda IV. Arriba, á esquerda, fotografía xeral. Á dereita, detalle da transición entre os módulos da haste. Abaixo, forte incisión lonxitudinal na varela, deixando á vista a ánima interior non áurea.

ben non resulta pouco frecuente que, fronte a unha ánima non áurea, a calidade e a quilataxe do ouro que fica á vista sexan maiores que as presentes en exemplares totalmente auríferos. A importancia que suporía poder dispor dunhas boas metalografías para estas pezas derívase, entre outras razóns, do feito de que a prata e o ouro puros teñen uns pontos de fusión situados en valores absolutos moi semellantes, o cal dificulta sensibelmente calquer proceso tecnolóxico de manipulación térmica que afecte simultaneamente a ambos metais; pola contra, o recurso ás técnicas de aliaxe destes metais con outros en diversas proporcións supón unha baixa moi considerábel dos seus pontos de fusión, facendo mais doado o seu tratamento por aplicación de calor. Dito de outra maneira: os coñecimentos e os recursos tecnolóxicos necesarios para elaborar estas pezas serían moi diferentes en función da natureza metálica dos seus componentes, polo cal é necesario poder contar con analíticas fiábeis antes de podermos avanzar con certa seguranza calquer hipótese sobre o seu proceso de elaboración.

Porén, fronte ao claro risco de trabucarnos, ofrecemos a xeito de suposto probabilístico a teórica sucesión dos procesos tecnolóxicos que nos semellan mais verosímeis para acadar o resultado final presente nestes exemplares.

Nos casos de Xanceda I e Xanceda II e, moi probabelmente en Xanceda III, inicialmente, teríase realizado un protótipo do corpo central da peza, probabelmente en cera, que recollería a totalidade dos pormenores ornamentais da mesma documentados na sua configuración topográfica básica. A continuación, sería recoberto por arxila moi plástica e depurada para obter un molde o mais exacto posíbel ao orixinal. Posteriormente, ao aplicar de maneira controlada unha fonte de calor determinada, a cera derreteríase, liberando o espazo que

ocupaba para dar cabida, no seu lugar, á coada metálica que sería vaciada no interior do molde para conformar o núcleo do torques. Unha vez colmatado o receptáculo, este arrefecería lentamente até solidificarse totalmente, momento no que se procedería á extracción da ánima para sometela a un pulido que a regularizase superficialmente. Cando se tiveran eliminado todas as imperfeccións, as zonas en relevo serían douradas e ás superficies lisas aplicaríanselles unhas láminas de ouro previamente confeccionadas con fios e placas de gránulos recortadas, seguindo un esquema ornamental preconcebido polo ourive. Finalmente, os terminais serían embutidos e soldados á haste, ocultando a zona de unión entre ambos elementos con un baquetón decorado.

No caso de Xanceda IV, tomamos como ponto de partida un lingote de prata ou dunha aliaxe metálica de base posibelmente arxentífera, fundida e vaciada sobre un molde coa forma predeterminada da haste, para obter o núcleo interior ou ánima da peza. Con posterioridade á regularización superficial da varela, o seu módulo central sería forrado con unha lámina de ouro que abrazaría a ánima até pecharse na parte central interior da haste, usando como materia soldante un composto grisallento de natureza indeterminada e aspecto actual moi semellante á plasticina. A continuación, as rodelas de filigrana aurífera previamente confeccionadas serían aplicadas por parellas xustapostas sobre as duas zonas que marcan a transición entre os diferentes módulos da varela, recorrendo novamente ao uso da mesma materia soldante antes mencionada. O ponto central de cada unha das espirais veríase entón coroado por un glóbulo áureo soldado e posteriormente martelado. De seguido procederíase a enrolar sobre os treitos distais da haste un arame de ouro continuo que uniría a base das rodelas cos cabos da varela, usando de novo como elemento de ligazón o devandito soldante, ainda hoxe visíbel polas rebarbas que agroman á superficie dos intersticios, denunciando o escaso coidado do ourive, que non se preocupou por eliminar estes restos para mellorar o acabado final da peza. Finalmente, os extremos da haste serían embutidos na base dos terminais volumétricos posibelmente de feitío piriforme e hoxe non conservados, para realizar logo diferentes procesos de acabamento da peza.

En definitiva, poderíase dicir que, no caso dos torques do castro de Xanceda, tal e como acontece noutros achados coñecidos, o estado de conservación actual das pezas, fragmentadas e moi deterioradas, permítenos albiscar con maior pormenor os detalles tecnolóxicos que se agachaban no interior destas alfaias polimetálicas, denunciando seguramente un profundo control das técnicas mais requintadas entre as documentadas na ourivaria castrexa, ao tempo que se constata unha clara vontade de controlar as cantidades de metais investidas na sua elaboración, minimizando a porcentaxe total de ouro no peso final das pezas en favor posibelmente da prata, pero mantendo a tradición multisecular deste tipo de pezas que, indefectiblemente, amosan na inmensa maioría dos casos coñecidos un aspecto exterior marcadamente áureo.

Verbo da adscrición estilística deste conxunto de pezas, pensamos que en Xanceda I, II e III é relativamente doado apreciar a presenza dun estilo formal e ornamental moi particular, claramente herdeiro da tradición castrexa, ao tempo que moi anovador e con evidentes signos de barroquización. En linguaxe artística, diríase que sobre a base aprendida de uns conceitos formais e decorativos moi posibelmente *superados*, agroma a pericia e o bon facer dun artesán que *reinterpreta* aos clásicos para dar lugar a un *aggiornamento* francamente rotundo. A dúbida e a pergunta xorden axiña: ¿estamos perante uns torques *autóctonos* feitos por un ourive *indíxena* ou, pola contra, trátase de elementos *importados*, elaborados por artesáns foráneos incardinados en tradicións

tecnolóxicas diferentes? Se cadra nunca chegaremos a ter unha certeza absoluta sobre esta cuestión, ainda que, na nosa opinión, o peso da tradición imponse á espectacularidade do deseño nos torques de Xanceda: a necesidade dunha aparencia áurea, as landras piriformes dos terminais, a estruturación ornamental ternaria da haste, a presenza das espirais de filigrana, as resoanzas formais que nos cabos da varela remeten aos clásicos arrolamentos de arames... En definitiva, resulta imposíbel observar estas pezas sen termos presente en todo momento a marcada herdanza formal e ornamental que lle deben aos chamados *torques de tipo ártabro*.

Por outra banda e como xa resulta frecuente na inmensa maioría dos achados casuais de ourivaría castrexa (LADRA, 2002), carecemos dun contexto estratigráfico minimamente válido para os torques do castro de Xanceda. Porén, se atendemos ás circunstancias territoriais, locacionais e situacionais deste conxunto específico podemos avanzar as seguintes consideracións:

1. O achado sitúase dentro dos límites xa clásicos definidos por Cuevillas para a zona de maior densidade de aparición deste tipo de pezas, concretamente no territorio mais septentrional da Cultura Castrexa, entre os cursos principais dos rios Ulla e Navia (CUEVILLAS, 1951: 49).

2. Para alén disto, a recuperación física dos torques de Xanceda produciuse no interior dun castro, concretamente nunha terraza do mesmo, segundo os indicios xa referidos ao comezo deste traballo e os dados facilitados por outros autores (LÓPEZ, 1996: 126).

3. Finalmente, convén salientar que o achado de torques nos antecastros de algúns povoados non supón novidade algunha, pois xa contamos con antecedentes moi claros verbo desta particularidade situacional, entre os que poderiamos citar, por exemplo, o exemplar recuperado en 1911 nunha das terrazas exteriores do castro de Viladonga (CHAMOSO, 1977: 43).

O uso real efectivo que estas pezas tiveron ao longo da sua peculiar biografía tamén resulta unha cuestión de enorme interese para o seu estudo. O feito de teren aparecido no mesmo espazo físico diversos achados sucesivos de varias pezas enteiras (Xanceda I) e fragmentadas (Xanceda II, III e IV) aponta, *a priori*, a unha consideración hipotética das mesmas coma posíbel *depósito de ourive*, en clara concomitancia con outros conxuntos de natureza semellante, entre os que compre salientar o do Castro de Foxados (Curtis, A Coruña), integrado por varios torques –algúns deles enteiros e outros en estado fragmentario– acompañados, neste caso, por tortas de prata (CARRO e GONZÁLEZ, 1933).

Se reparamos nas fracturas presentes nestes fragmentos, tan só para o caso de Xanceda I podemos falar de quebra recente ou post-deposicional. Nos restantes exemplares, nada impede considerar as fracturas como antigas, o cal implicaría necesariamente que estas pezas foron ocultas –agás no caso xa sinalado– en estado fragmentario e incompleto. Isto é, carentes de *contexto sistémico primixenio* ou fora do uso para o cal tiñan sido orixinalmente concibidas. Esta cuestión non resulta baladí, pois, na maioría dos casos relativos á ourivaría, a mutilación deliberada da integridade formal orixinal dunha peza implica unha *morte simbólica* que unicamente ten sentido nun proceso de acumulación de riqueza ou de reciclaxe metálica (LADRA, 1999).

En calquer caso, o mais lóxico sería pensar que o contexto arqueolóxico de recuperación destas pezas non se corresponde co seu contexto sistémico orixinal, pois é moi probábel que estes torques tiveran, con anterioridade á sua deposición final, unha vida útil na que

terían sido usados como elementos simbólicos dotados de plena integridade formal e significado cultural intrínseco.

Se pensamos no uso sistémico orixinal dos exemplares Xanceda I e Xanceda II, convén non esquecer que o seu tamaño, peso, decoración e propriedades sonoras constitúen un claro inconveniente á hora de pensar neles como elementos de adorno exclusivamente concibidos para seren portados ao pescozo de calquer home ou muller. Para alén de resultaren moi incómodos pola sua rixidez, grandor e alto valor ponderal, a disposición destas pezas sobre unha caluga humana ocultaría sensibelmente a mensaxe ornamental do treito mesal da haste, dificilmente adaptábel ao pescozo dunha persoa, ao contrario do que adoita acontecer con outros exemplares, nos que a parte interior da sua curvatura fica exenta de impedimentos topográficos, amosando unhas superficies lisas e polidas, adaptadas para tal uso e ubicación anatómica. Se cadra, deberiamos inclinarnos a pensar nun uso mais ben ocasional ou cerimonial, sen desbotar a posibilidade de estarmos perante elementos votivos dotados duns extraordinarios parámetros morfolóxicos, ponderais, ornamentais e sonoros, que os converten en pezas únicas da ourivaría castrexa.

Outra cuestión reclama agora a nosa atención: a soma dos pesos dos fragmentos conservados do *Tesouro de Xanceda* ascende a 1758,68 gramos. E isto tendo en conta que nos atopamos perante pezas incompletas, sensibelmente mutiladas, que non farían demasiado difícil acadar os 3 kg. de materia prima total investida na sua configuración orixinal. Por poñer tan só un exemplo ilustrativo, o *Tesouro da Cividade de Bagunte*, que pasa por ser o maior depósito de torques arxénteos coñecido actualmente na área asignada á Cultura Castrexa (LADRA, 2001), componse de cinco exemplares case íntegros que soman un peso total de 419,7 gramos; é dicir, todos eles pesan menos que a maior das metades do exemplar Xanceda I, que acada por si soa os 488,85 grs. Este dado, sorprendentemente elocuente, ofrécenos unha referencia válida para podermos considerar o conxunto de Xanceda –no caso de que se confirme a natureza arxéntea das suas ánimas– como a maior acumulación de prata elaborada de toda a Proto-historia do Noroeste, sen esquecer que a intención orixinal do ourive era claramente que este metal permanecera oculto ao espectador.

Infelizmente, o estado actual dos diversos torques que integran este conxunto, incompleto e fragmentado, constitúe un claro impedimento á hora de tentar determinar a hipotética presenza dun sistema ponderal que cuantificase a cantidade de materia prima investida na sua confección orixinal. Porén, aténdonos a traballos anteriores (LADRA, 2000) e facendo os cálculos co exemplar Xanceda I, case enteiro e con moi pouca perda de masa, o seu valor ponderal actual –803,03 gr.– equivaleria con significativa precisión a 110 veces o siclo púnico lixeiro de 7,28 gr. (7,28 x 110 = 800,8 gr.), todo isto expresado coas debidas reservas.

De calquer maneira, a significación cultural dos torques de Xanceda para a Proto-historia galaica non fica exclusivamente reservada a cuestións de índole meramente tecnolóxica, material, ponderal, ornamental ou contextual. Para alén disto, este conxunto de elementos plantea unha clara problemática de adscrición estilística e cronolóxica, para a cal faremos as consideracións que a continuación formulamos.

PARALELOS E CRONOLOXIAS

Para abordarmos con certa amplitude a posíbel existenza de paralelos dotados de concomitancias tecnolóxicas, formais e ornamentais en relación cos torques de Xanceda, convén distinguir, neste conxunto, a presenza de, cando menos, dous tipos de pezas diferentes: un integrado polos exemplares Xanceda I e II –e, posibelmente tamén, por

Xanceda III– e outro conformado por Xanceda IV. Para este último cremos que non existe nengún problema á hora de relacionalo cos chamados *torques de tipo ártabro*, estudados e definidos tipoloxicamente como tais hai xa moito tempo (MONTEAGUDO, 1952) e convencionalmente datados por analoxías formais entre os séculos III – I a.n.e., con posíbeis pervivencias residuais no seu uso simbólico, que se terían prolongado en ambientes indíxenas non urbanos da cultura galaico-romana (vg. no Castro de Viladonga).



Torques de bronce dourado do Museo Arqueolóxico da Coruña, de procedencia descoñecida.

Se no caso dos chamados *torques de tipo ártabro* actualmente coñecemos a existencia de perto dunha vintena de exemplares publicados, para o outro grupo a situación complícase sensibelmente. Cremos que, no ámbito norocidental da Península Ibérica, tan só contamos con un clarísimo paralelo para Xanceda I e II: trátase dun torques de bronce dourado, actualmente conservado no MAC (LADRA, 2003) e de procedencia descoñecida. Para alén desta clara concomitancia nas formas, decoracións e técnicas de elaboración, apenas podemos referir a existencia de certas semellanzas pontuais con outros dous exemplares, que, casualmente, tamén amosan unha conservación fragmentaria, carente da sua unitariedade formal orixinal: trataríase dun posíbel fragmento de torques ainda por estudar, asoellado na Ponta do Castro (Barreiros, Lugo), actualmente no museu arqueolóxico de Vilalba, e de outro anaco recuperado no Monte de Lago-A Valiña, perto do castro de Masma (Mondoñedo, Lugo), hoxe no Museu Provincial de Lugo (BALSEIRO, 1994: 116-123).

Para alén destes paralelos mais ou menos claros na *Cultura Castrexa Galaica* da Segunda Idade de Ferro poderiamos referir a presenza de algunhas analoxías pontuais, especialmente no que atinxe ao gosto ornamental polos anoamentos nos torques arxénteos íberos (BANDERA, 1987-88, Lám. V-VI) e celtíberos (DELIBES, 1989: 112-113); polos volumes xeométricos destacados, nomeadamente esferoidais, das fíbulas dos conxuntos Palencia I (RADDATZ, 1969, Tafel 32-3a e 3b) e Palencia III (RADDATZ, 1969, Tafel 42-1 e 2), así coma nas fíbulas e arrecadas zamoranas do chamado *Tesouro de Arrabalde I* (MARTÍN e DELIBES, 1982). Como marco cronolóxico de referencia para a elaboración indíxena destas producións da ourivaría celtibérica da submeseta norte adóitanse sinalar os séculos III – I a.n.e., con unha ocultación por causas posibelmente bélicas nesta última centuria (DELIBES, 1989: 126-129).

Fóra da Península Ibérica podemos aducir algúns referentes pontuais en algúns torques ternarios de bronce, elaborados con moldes á cera perdida, de hastes decoradas a base de nós hercúleos e volumes esferoidais moi rotundos, particularmente nos exemplares galos de Rouillerot, de Barbuise e do Sul da Champagne, datados a finais do século IV e comezos



Detalle do torques de bronce dourado do Museo Arqueolóxico da Coruña, onde se pode observar a presenza de anoamentos volumétricos semellantes aos dos exemplares Xanceda I e II.

do III a.n.e. (CHARPY, 1991: 246 e 250). Estas e outras semellanzas formais tamén poderían ser aducidas, especialmente a un nível mais conceitual, nos torques do chamado *Estilo Vexetal Continuo* da rexión francesa do Marne (KRUTA e ROUALET, 1982) e nos colares do *Estilo Waldalgesheim* (CASTRO, 1990), tamén datados entre os estertores do s. IV e os albores do III a.n.e. Asemade, no que respeita ás analoxías tecnolóxicas, con cronoloxías mais recentes e analíticas metalográficas específicas, convén non esquecer o singular caso dun torques de bronce dourado, recuperado nunha sepultura gala atribuida a un guerreiro e datada na primeira metade do século I d.n.e., malia o feito de apresentar unhas características formais un tanto alonxadas dos exemplares xancedáns, de non ser pola presenza de remates volumétricos separados, en forma de periñas truncadas con aneis perimetrais basais (BECK et al., 1990/91: 95 e 97, figs. 2 e 3).

En definitiva, perante a ausencia de bons contextos estratigráficos para os exemplares galaicos, temos que recorrer ao estudo das analoxías continentais que, nun marco xeográfico extrapeninsular e centroeuropeu, nos remeten abrumadoramente a unhas cronoloxías á volta dos séculos IV e III a.n.e., para, xa na Península Ibérica, cinguirnos ás centurias III – I a.n.e. sobre a base dos paralelos ibéricos e celtíberos. Sexa como for, non queremos rematar este apartado sen formular algunhas apreciacións.

Como xa sinalamos con anterioridade, compre diferenciar entre o *contexto sistémico* ou de uso efectivo de certos elementos materiais nunha cultura dada e o *contexto deposicional* ou de abandono deses mesmos elementos. No caso do *Tesouro de Xanceda* pensamos que a sua ocultación se produciu nun momento claramente posterior ao que poderiamos chamar o seu *contexto simbólico orixinal* ou *ciclo vital primixenio*. Isto, sen esquecer que ese *ciclo* foi, posibelmente, moi breve, se tomamos en consideración o estado físico en que foron recuperadas as pezas. Pezas que, non por acaso, amosaban unha conservación maioritariamente fragmentaria e unha natureza material polimetálica.

Esta realidade material podería estar a evidenciar unha conxuntura política, económica, social e cultural diferente á que se tería dado no momento en que os primeiros torques castrexos apareceron en escena: a ninguén escapa que, baixo a nosa perspectiva economicista actual, os exemplares procedentes do castro de Xanceda terían constituído unha clara fraude. Porén, as explicacións en clave histórica poderían remeternos a un momento no que a disponibilidade de ouro fora escasa ou estivese altamente controlada por intereses alleos ás comunidades que tradicionalmente tiñan detentado o seu proceso de explotación, circulación e distribución. Por continuarmos nun plano hipotético, non resultaría estraño que a explotación imperial das minas auríferas do Noroeste por parte de Roma afectase enormemente ás povoacións indíxenas no seu acceso ao preciado metal. Nembargantes, a presenza de considerábeis cantidades de prata é un feito constatado en diversos castros galaicos (PÉREZ OUTEIRIÑO, 1992), o cal lévanos a pensar, xunto cos problemas de acceso ao ouro xa expostos neste particular momento histórico, que baixo a dominación romana este tipo de pezas tería o seu marco cronolóxico-cultural mais acaído, seguramente como pervivencias culturais indíxenas toleradas e controladas interesadamente polo Imperio.



Pormenor do torques de bronce dourado do Museo Arqueolóxico da Coruña, onde tamén aparece suxerida unha posíbel máscara humana.

Sexa como for, o certo é que este uso tan controlado da materia prima empregada na confección das alfaias castrexas, con un claro escamoteo da porcentaxe real de ouro investida, en beneficio dun espectacular aumento do peso relativo reservado a outros metais ou aliaxes, ten sido considerado por numerosos autores coma un indicador da sua adscrición cronolóxica hipoteticamente tardía, seguramente á volta dos finais do século I a.n.e. e comezos do I d.n.e. (CARRO e GONZÁLEZ, 1933: 92; CUEVILLAS, 1951: 108; CASTRO, 1990: 172).

VALORACIÓN A XEITO DE RESUMO

O chamado *Tesouro de Xanceda*, aparecido nos anos setenta do pasado século no antecastro do povoado homónimo, pode ser considerado, sen nengunha dúbida, como un achado excepcional. Os seus oito fragmentos posibelmente pertenceron a catro pezas orixinais diferentes. De confirmarse analiticamente a natureza arxéntea das suas ánimas,

este conxunto constituiría, hoxe por hoxe, a maior concentración ponderal de prata elaborada no territorio da *Cultura Castrexa*. Asemade, malia ao feito da sua conservación fragmentaria, amósasenos coma un documento material de enorme valor para comprendermos mellor diversas cuestións fundamentais da *ourivaria galaica*: tecnoloxía, formas, ornamentacións…

Porén, as circunstancias casuais nas que se produciu esta descoberta, á marxe de calquer intervención arqueolóxica que puidera ter ofrecido un contexto deposicional ben definido estratigraficamente, impédennos chegar a consideracións mais certeiras sobre o seu significado histórico e cultural orixinal.

De calquer maneira, o estudo amiudado destas pezas e dos seus paralelos mais inmediatos, tanto no ámbito norocidental coma no peninsular, ou mesmo no europeu, remeten a unha adscrición cronolóxica tardía dentro do fenómeno castrexo da Segunda Idade do Ferro. Afinando un pouco mais, mesmo poderiamos chegar a defender para a elaboración primixenia dos torques do castro de Xanceda unha datación á volta dos finais do século I a.n.e. ou incluso no século I d.n.e., sen desbotar unha posíbel deposición serodia, seguramente de época altoimperial.

Debemos recoñecer que até que se produzan varios achados deste tipo de pezas en contextos arqueolóxicos, estratigráficos e sistémicos de natureza cronolóxica perfectamente definida, poucas novidades poderemos aportar á cuestión das orixes, desenrolo e desaparición histórica da ourivaría castrexa, claramente necesitada de urxentes marcos temporais que nos permitan poder establecer con maior seguridade unhas bases mais pormenorizadas e concretas que as actualmente disponíbeis. Teremos que agardar ata que chegue ese momento, sen deixar por iso de dar a coñecer os novos exemplares que ano tras ano aparecen case sempre casualmente no Noroeste, confiando en que o planteamento de modelos explicativos alternativos ou complementarios aos xa existentes poda vir a deitar algunha luz que nos axude a continuar este xa mais que centenario camiño.

De certo que os excepcionais torques do castro de Xanceda non deixarán de constituir un claro referente para a investigación futura, como xa o teñen sido, de feito, nestes últimos vintecinco anos.

A Coruña, Marzo de 2005

BIBLIOGRAFÍA

-BALSEIRO, A. (1994) : *El oro preromano en la provincia de Lugo*. Lugo, Ed. Deputación Provincial de Lugo.
-BANDERA, M.ª L. (1987-88) : "Estudio crítico de los torques ibéricos", *Habis*, 18-19 : 531-563 + IX láms.
-BECK, L. et al. (1990-91): "Études de dorures gallo-romaines et mérovingiennes", *Antiquités Nationales*, 22/23 : 95-110.
-CARRO, X. e GONZÁLEZ, S. (1933): "O Tesouro de Foxados", *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, VI: 85-92 + VII Láms.
-CASTRO, L. (1990): *Os torques prehistóricos*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, Biblioteca de Divulgación, Serie Galiza, n.º 5.
-CASTRO, L. (1995): "Una interpretación de la orfebrería castreña", en F. Pérez Losada e Ladislao Castro Pérez (Coords.), *Arqueoloxía e arte na Galicia prehistórica e romana*, pp. 123-145. A Coruña, Monografías do Museu Arqueolóxico e Histórico de A Coruña, n.º 7.
-CASTRO, L. (1998): *The sacred torcs. Prehistory and Archaeology of a symbol*. Durham, The Pentland Press Ltd.
-CHAMOSO, M. (1977): "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados", en *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, pp. 41-46. Lugo, Ed. Patronato del Bimilenario de Lugo.
-CHARPY, J. J. (1991): "La Champagne", en VV. AA., *I Celti*, pp. 243-250. Milán, Ed. Bompiani.
-CUEVILLAS, F. L. (1951): *Las joyas castreñas*. Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
-DELIBES, G. (1989): "Los tesoros prerromanos de la meseta norte y la orfebrería celtibérica", en VV. AA. *El oro en la España prerromana*, pp. 108-129. Madrid, Ed. Zugarto.
-KRUTA, V. e ROUALET, P. (1982): "Une série de torques marniens à decor de style végétal continu", en Duval, P. M. e Kruta, V., *L'art celtique de la période d'expansion : IV et III siècles avant nôtre ère*. Actes du colloque. Hautes Études du monde gréco-romain, 13. Paris.
-LADRA, L. (1998): *Conxunto de torques procedentes do Castro de Xanceda [Tentativa de clarificación]*. Documento inédito, adxunto ao expediente relativo aos devanditos torques, depositado no Museo Arqueolóxico da Coruña (MAC).
-LADRA, L. (1999): "Algunhas consideracións sobre un fragmento de torques inédito recentemente aparecido no Castro deTroña", *Castrelos*, 12: 67-80.
-LADRA, L. (2000): "Estudo ponderal preliminar dos torques áureos castrejos", en *Actas do Congresso de Proto-história europeia em Homenagem a Martins Sarmento*, 2: 587-602.
-LADRA, L. (2001): "Os torques de prata da Cividade de Bagunte", *Estudos Pré-históricos*, 9: 111-122.
-LADRA, L. (2002): "Achega ao estudo contextual da ourivería castrexa", *Gallaecia*, 21: 177-191.
-LADRA, L. (2003): "Sobre un novo torques recentemente adquirido polo Museu Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón", *Brigantium*, 14: 109-115.
-LÓPEZ, F. S. (1985): "Mitología y arqueología del oro gallego", *Revista de Arqueología*, 51: 36-44.
-LÓPEZ, F. S. (1996): "Torques de Xanceda", en VV.AA., *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*, p. 126. Lugo, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.
-MARTÍN VALLS, R. e DELIBES, G. (1982): *El Tesoro de Arrabalde y su entorno histórico*. Zamora, Museo Provincial de Zamora.
-MONTEAGUDO, L. (1952): "Torques castreños de alambres enrollados", *Archivo Español de Arqueología*, 25 (86): 287-296 + Figs.
-PARGA, I. (1982): *Mapa xeolóxico do Macizo Hespérico*. Santiago de Compostela, Publicacións da Área de Xeoloxia e Minería do Seminario de Estudos Galegos.
-PEREA, A. (2003): "Los torques castreños en perspectiva", *Brigantium*, 14: 139-149.

-PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1992): "Almacenamento da materia prima entre os ourives castrexos: lingotes planoconvexos", en F. ACUÑA (Coord.), *Finis Terrae. Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*, pp. 97-130. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
-PRIETO, S. (1996): "Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica", *Complutum*, 7: 195-223.
-RADDATZ, K. (1969): *Die Schatzfunde der Iberischen Halbinsel*. Berlín, Walter de Gruyter & Co.
-REBOREDO, N. (2000): *La tecnología del oro en el primer milenio a. C. en Galicia: los torques*. Tese de doutoramento policopiada, depositada na Faculdade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
-REY, J. (1984): "Estudio y catalogación de castros de la provincia de La Coruña", *Gallaecia*, 7/8: 59-147.
-VV. AA. (1967): *Estudio agrobiológico de la provincia de La Coruña*. Santiago de Compostela, Instituto de Investigaciones Geológicas, Edafológicas y Agrobiológicas de Galicia - C.S.I.C.
-VV. AA. (1987): *Historia*. A Coruña, Ed. Concello da Coruña – Servicio Municipal de Educación, Colección "Descubrir Coruña", n.º 4.
-VV. AA. (2002): *Torques. Belleza y poder*. Madrid, Ed. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte – Caja de Ahorros del Mediterráneo.



Decembro, 2004. A explotación agrícola de A Redonda, lugar onde apareceu o Tesouro de Xanceda, cos protagonistas do achado traballando as mesmas terras un cuarto de século despois.

Cerimonias celtas de entronización real na Galiza

ANDRÉS PENA GRAÑA*

Ao insigne Proinsias Mac Cana (1936-2004), cabalgando xa con Rhiannon
«Ac ny minneis innheu un gwur ou,th gariat ti LL. 282-8»

Sumario

En *Gallaecia*, desenvolveuse un común avanzado sistema institucional celta. Este sistema foi resultado de contactos e infiltracións entre ideas e institucións ao longo de séculos entre os veciños habitantes do chamado Complexo Cultural Atlántico. Amosaremos como sobreviviron esas institucións dende a Protohistoria (dende o comenzo da dominación Romana) ata a Alta Idade Media.

Abstract

In *Gallaecia* (Galiza, Spain) an advanced common institutional Celtic system developed. This system was a result of contact and infiltration of ideas and institutions throughout centuries between neighbours and inhabitants of the so-called Atlantic Cultural Complex. We will show how these institutions survived from protohistory (from the beginnings of Roman domain) to the early middle ages.

I- TRES DEMARCATORIOS E CIRCUNAMBULATORIOS PASOS

C. LECOUTEAUX demostrou como, contribuindo á estabilidade, á seguranza e á prosperidade do novo territorio, demarcar cun touro garantía a propiedade, a fecundidade e a saúde das plantas e dos animais. Se cadra o solar touro (1) aportaría ao demarcado recinto a protección do Apolo Celta do pasado pagán asociado agora no presente cristián a San Xoán, a San Sebastián e a San Lourenzo, «abogosos» (do lat. *abigere*) contra as pragas.

Este tipo de ritual demarcatorio facíase tras dun previo cirimonial entronizatorio ou de investidura do


bonoloto

Diario de Ferrol


El Marco de San Lourenzo acumula lencería variada y preservativos

Una frontera con poderes curativos

Marco de San Lourenzo (Fene)

*** Andrés Pena Graña é doutor en Arqueoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, membro correspondente do Instituto de Estudios Celtas e arqueólogo, historiador e arquiveiro do Concello de Narón.**

señorío xurisdiccional. Os confirmados coma novos soberanos, coma señores, tomaban a continuación posesión do territorio percorrendo cun touro, procesionalmente, o couto, dominio ou xurisdicción, seguidos polo concurso de todo o pobo, e aínda, en caso de nos achar ante a toma de posesión dun espazo xurisdiccional novo, os novos señores sulcábano fundacionalmente cun arado tirado por unha parella de bois, ou por un boi, circunvalándoo e decoirándoo (*amojonándolo*) con fitos de pedra.



Carro votivo de Vilela, Paredes do Douro. Museu de Guimarães.

A estes usos e costumes demarcatorios, aludirían posiblemente as esceas procesionais presentes no chamado «carriño votivo» de Guimarães, obxecto xa dun notable artigo, ao que haberiamos aludido nós no ano 1995 (2), de Mario CARDOZO, quen descrebeu en 1946 con todo detalle este carro atopado en 1920 en Monte de Costa-Figueira, parroquia de Vilela, Concello de Paredes do Douro. Este carro hoxe comparte no Museu de Guimaraês vitrina cun, tamén votivo espetón, previsiblemente utilizado, como veremos, para quitar grandes anacos de carne do caldeiro na entronizatoria cerimonia que precedía a estas procesións demarcatorias.

Seguindo o antigo ritual fundacional indoeuropeo (3) -que, como apontamos noutro lugar hai anos, podería ilustrar xa moitos petroglifos da Idade do Bronce (4) en innúmeros lugares de toda Europa con representación de arados e de cabezas de touros (p. e. Mont Begó, Alpes Marítimos)-, estamos diante dun similar ao empregado para a fundación de Roma por Rómulo, quen acompañado pola súa banda sostendo a reixa do arado, ao que xunguira un boi e unha vaca brancos, sulcara o inviolable (5) e sagrado *pomoerium;* paseaba con un touro «marón» o novo propietario o seu espazo xurisdiccional familiar, repasando a demarcación e acompañado por grande concurso de veciños e dun fedatario que levantaba acta (6).

Isto documentóunolo Victor MIGUÉS ao amosar un touro levado suxeito por unha soga polo circuito a demarcar. Cando o touro, símbolo solar da potencia fecundante da terra, detiña a súa marcha, interrompían tamén a procesión os circunstantes para chantar fitos, para «erguer *coiras* ou marcos de pedra» no lugar da detención do animal. Nestes marcos acostumaban os señores facerse gravar, á vista de tódolos circunstantes, cruces terminais, acompañadas ocasionalmente dun texto epigráfico alusivo, ou dunha inicial (amábel comunicación de Alberto LÓPEZ FERNÁNDEZ) do nome do notario ou do escribán.



Placa de pedra negra con simboloxía -touro e arado-circunambulatoria e refundacional de Babilonia polo rei Ersahaddon ca. 671 a. C.

Completado o circuito, o propietario decapitaba axiña ao touro e refacía de novo o roteiro levando consigo o sanguento despoxo, e diante da ollada atenta dos circunstantes, vertía sobre cada un dos moxóns recén colocados o sangue que saía da testa do animal.

Nunha descinte gradación, sempre con estas solemnidades (7), tras a entronización, toma de posesión, ou *ordinatio*, os marcos serían postos, de forma subalterna, agora por orde do soberano, como tería acontecido coa colocación do marco do couto do Monasterio de San Martiño de Xuvia, que até fai pouco dividía en Santa Cecilia, Ferrol de Narón (8), agora postos polo nobre concesionario dunha doazón territorial no nome do soberano, como rexistran perto de Padrón, a antiga *Iria Flavia*, os tres monumentais marcos ou fitos terminais do deslinde (9) da *uilla* (= espacio xurisdiccional demarcado) de Pedroso outorgada a Sancho Yáñez por concesión do emperador Don Afonso Raimúndez un ano antes da súa morte, conservándose copia do cirógrafo no *Tombo B* da Catedral de Santiago (10).

Un destes imperiais marcos, o do *portum de Lampani*, nun porto, «paso sobre un regato», en Lampai, contén o seguinte epígrafe -que ven aclarar o sentido da voz en dativo *petranioi* na inscrición latína baixo imperial de Lamas de Moledo-, segundo, e ben asesorado polo Dr. Néstor ALONSO RILO, a nosa leitura:

«[cara A] (*signum crucis*) ERA Iª Cª/ Lª X (aspada) IIIIª (ano 1156). ET QUOTUS./ Iº KALENDARUM. SETEMBERIS. CUM AUCTORITATE. IMPERATORIS/ [cara B] ET OMNIBUS. INTERVINIENTIBUS/ [cara C] PATRONI/M STATUI».

Dáse a circunstancia tamén de que outro destes epígrafes foi inscrito sobre un reaproveitado menhir de mais de dous metros de altura, que xa deslindaba esta *uilla* de Pedroso posiblemente desde tempo inmemorial, cousa con frecuencia rexistrada nos cartularios coa xenérica, vaga e expresiva fórmula, *per alios suos termos antiquos de succo mortuorum uel antiquorum*.


O testemuño deste antiquísimo e coñecido procedemento cerimonial, empregado habitualmente en Galiza para demarcar a pacífica posesión dunha propiedade, pois se o espacio a demarcar era un territorio conquistado, p. e. en terra de mouros, empregábase para tomar posesión o procedemento especial (Claude LECOUTEAUX; Marcel BRASSEUR) de <<arrojar la lanza>> (cf. Marcial TENREIRO BERMÚDEZ e o seu estudio en prensa no *A.B.* dun episodio descrito na *Crónica de los Hechos del Condestable Miguel Lucas de Iranzo*) teríase reflectido tamén na plástica galega medieval figurando posiblemente nun capitel que, representando o sacrificio dun touro, se atopa fronte a unha epifanía, na semicolumna do segundo piar do lado do Evanxeo (ss. XIII a XIV), da coruñesa igrexa medieval de Santa María do Campo, debuxado e comentado por Alfredo ERIAS MARTÍNEZ:

> <<O animal centra a composición mentres nun esquema simétrico dúas persoas e un can a flanquean a cada lado. Os cans ládran-lle, os homes mais próximos pétan-lle a cabeza co calcañar das súas machetas, mentres á esquerda un mozo semella seguir ao can, e á direita unha muller trae un grande recipiente se cadra para recoller o sangue. Os cans semellan levar á idea de caza, pero [isto] non é coherente coa presenza desa muller. […] O que lle interesou ao escultor […] [foi]



Fig.8: Estudiando o Marco I con un grupo de amigos: Andrés Pena e Jorge Guitián en primeiro termo e Luis Monteagudo e Alfredo Erias detrás.

MARCO DO PORTO DE LAMPAI (PADRÓN)



CAPITEL DESENROLADO DE SANTA MARÍA DO CAMPO. ALFREDO ERIAS.

crear […] [entre os cornos do touro] unha espécie de pirámide e o seu contrapunto inferior >>(11).

O capitel, belamente reproducido por Alfredo ERIAS nesta ilustración, amosando o sacrificio dun touro, situado fronte a outro capitel historiado, onde significativamente se representa, como dixemos, unha epifanía, podería dar-nos se cadra a clave se non o pretexto, para reinterpretar as case corenta figuras que, segundo o demostramos nos precedentes parágrafos, no mundo celta representan ao touro *tarvos/trigaranus* posiblemente de **trin kraman-nos*, san. *trin kraman*, <<[toro] de tres pasos >> que a etimoloxía popular de época galorromana, como xa en 1875 o sinalase De WITTE (12), asocia a tres grullas, ánades ou limícolas.

Un documento publicado polo profesor Víctor MIGUÉS, hai uns anos, permitiunos (PENA 2000), na Galiza de mediados do século XVI (13), ve-lo vigor deste antigo costume indoeuropeo, o familiar e coñecido contexto demarcatorio e de toma de posesión ritual no que participa o touro -ao que cecais debamos topónimos coma Boimorto, nunha soberbia descrición, moi minuciosa, da circunvalación e da decoira (*amojonamiento*) da ferreiría quiroguesa de Quintá do Reconco da Amieira.

Sostén Marcel BRASSEUR (nunha amábel comunicación epistolar a través do catedrático etnocomparatista da *USC* Fernando ALONSO ROMERO) que esta triplicidade relacionada coa xurisdición e a toma de posesión estaría xa presente nas *Tres Irlandas*, no reencontro dos fillos de Mil coas tres raíñas de Irlanda, Bamba, Flota e Eriu (14). Fai-nos reparar BRASSEUR na asociación que destes tres encontros DUMÉZIL establecera entre as deusas irlandesas e as tres estacións, que importadas segundo a tradición por Numa do antigo pobo dos *aequicolae* realizaba o *Patrer Patratus* (15), cando cuberto o fecial cun *filum* repite unha fórmula ritual ao cruzar a raia do país e a porta da cidade ante a que se apresenta unha reclamación, repetíaa co primeiro home que atopaba e outra vez repetíaa dentro do foro, dando 33 días de prazo antes de declarar a guerra: as *piacula* dunha *bellum iusta* na escenografía romana a cargo do colexio dos *fetiales* constitúen a representación formal dun ritual de toma de posesión dunha terra. Para BRASSEUR <<*A rencontre deas Gaëls avec lles trois reines d´Irlande est un rituel de prise de posesión d´une terre*>> que se corresponderían exactamente cos tres pasos (*trin kraman)* de *Vishnu* e co ritual mencionado dos *fetiales* (16).

2 A PEDRA FRÍA: ENTRONIZACIÓN E OUTEIRO *(<<ALTAR>>)*

O Cis, Cens, ou Censo, un elemento omnipresente no foro galego medieval, foi entre os celtas un pago en especie para a mesa orixinado no banquete sacrificial, anualmente fornecido por un tributo vertical, expresión relixiosa e conmemoración civil, satisfeito no *forum* ou asamblea, pago tanto polos vasalos *ambacti* ou s*atellites* como polos servos aos seus *patroni*, *domini* ou señores. Rastrexaremos a posible xénese do *cis* no eido cultural da *Gallaecia* e ilustrándonos con seis espléndidos bronces votivos, todos eles moi anteriores á conquista romana, reconstruimos o primeiro banquete sacrificial e solemne: o sagrado ofício entronizatorio do rei ou do *princeps* da *treba* (tribo) sobre o sacrosanto altar, *Trebopala* ou *Croio Teutático*, da tribo. O rei preside o banquete sacrificial rodeado dos seus notabeis e parentes «*adfines*» (17).

II- *OILAM-TREBOPALA*

Veremos, acaso por primeira vez na literatura arqueolóxica hispana, a cerimonia de entronización real dun príncipe da treba, sobre a *Trebopala* ou altar da *Treba* ou Tribo (PENA 1991; 1992; 1995; 1997; 2000; 2004), como constituindo un feito excepcional, podería ter ficado viablemente rexistrada a finais do século II dC no outeiro de Cabeço das Fraguas na famosa inscrición que, perdida durante longos anos e reencontrada en 1959 por Adriano Vasco Rodríguez, sería en *lectio directa* transcrita por Jurgen UNTERMANN e por Rúsell CORTES e interpretada entón por Antonio TOVAR no contexto dunha suovetaurilia:

Oilam-Trebopala
Indi-porcom laebo
Comaiam-iccona-loim
Inna-oilam-usseam
Trebarune-indi-taurom
Ifadem///
Reve tr…



EPÍGRAFE LATINO PROVINCIANO BAIXO IMPERIAL
DE CABEÇO DÁS FRAGUAS

Lembremos que a afamada leitura de Antonio Tovar foi:

unha ovella para Trebopala /e un porco para Laebo / unha? para Iccona Loim/inna, unha ovella dun ano para Trebarune e un touro / semental /// para Reve T r[…].

E, asentados nela, fixemos a nosa de 1995:

unha ovella para Trebopala (protectora da Treba) / e un cocho para Laebo / unha crinosa [egua] para a Luminosa Epona / unha ovella dun ano / para Trebaruna (señora ou nai da Treba?) e un touro / dun ano/// para Reve, Señor/a? da Treba (Reve Tr[ebarune?] cf. PENA GRAÑA, in *Anuario Brigantino* 1994).

Nas glosas á tradución resaltabamos na primeira liña un nome composto por *TREBO* e *PALA, Trebopala,* e con aceitábel seguranza identificamos esta voz *PALA*, pedra, en galego moderno, en preliminares traballos co que en Galiza chamamos un outeiro, altar de pedra, existindo como dixemos a usual voz galega pala, <<pedra>>, e tamén, <<pedra cunha oquidade>>, p. ex. Buraco da Pala, en portugal, un grande penedo cunha cova (buraco) con interesantes representacións rupestres (SANCHES, 1993, p 62).


BURACO DA PALA

Nos dicionarios da lingua galega atopamos para esta acepción varias definicións. A primeira delas é latína, e non é desdeñable aquí a concordancia, considerando que as inscricións rupestres galaico lusitanas, están previsiblemente todas elas escritas en latín baixo imperial, *pala*, *«engasto no que van suxeitas as pedras preciosas»* (18), outras definicións, *«oquidade baixo as pedras onde se cobixan os peixes»* (19), refiren buracos ou oquidades aludidos, p. e. o ilustrado Buraco da Pala. Os corgos das palas chámanse en Galiza *burgarios* cando son obra da providencia ou da natureza, e aínda *burgarios cuadratos* (o *burgario cuadrato* equivale ao *lacus latíno*), cando deveñen da acción da piqueta do canteiro. Quizais existisen na Antiga *Callaecia* co sentido de «altar de pedra» [fronte ao que indican algúns lingüistas, penso que, como os sons *ka/ga* se representan cun común signo, indiferenciados, na escritura atlántica turdetana, os termos *Callaecia* e *Gallaecia* se empregarían tamén simultaneamente de xeito indiferenciado, empregando indistintamente ás veces ambas voces *ka/ga* un mesmo historiógafo da antigüidade, englobando ao común dos habitantes do Noroeste Peninsular celtoparlantes, e non a unha simple tribo] unha voz *pala* indoeuropea.

Pala é tamén a *parte picuda do azadón* coa que se cava. O radical óbviamente semella estar presente nas palabras casteláns <<palo>> e << pala>> de escura orixe, e máis claramente en <<palangana>>, e estaría seguramente presente no primeiro elemento da palabra galaica *palacurnae*, termo empregado para unha torta de ouro formada no fondo ou concavidade dos pozos ou cubetas de decantación mineiros. Cecais sexan latínas, cecais celtas e, sen dúbida moitas delas obra da natureza, as omnipresentes oquidades de outeiros galegos. Tamén chamamos en galego *palas* ás <<pedras aburacadas pola súa parte baixa>>, é o caso do altar rupestre e penedo de Santa Xusta, outeiro coroado cunha cruz, cuxas oquidades interiores, corgos, conservan todo o ano certas augas milagreiras (20). *Pala*, probabelmente é voz indoeuropea antiga,significando a un tempo en Galiza o altar de pedra e a oquidade natural da pedra, <<corgo>>, envolve unha clara idea de protección. *Pala* daría pé tamén a que se chame en galego *paleira* a unha cova, a un refuxio na pena granítica empregado polos animais e polos pastores, e á que os portugueses chamen *pala* ao pétreo dolmen coa súa correspondente cuberta e corredor. *Pala* é tamén, como vimos, común voz latína, designando con ela os ourives o engasto onde insiren as pedras preciosas (PENA GRAÑA 1995). Precisamente Buraco da Pala é, como dixemos, non unha charca, máis unha rocha enorme, cunha grande fenda e protector abrigo con afamadas pinturas rupestres.

Vemos como é factible asociar a palabra pala, <<pedra>>, en uso no galego moderno, coa *pala* indoeuropea, acaso precelta, pero, casualmente, tamén latína. *Pala* coligada coa latína *lacus*, relaciónase coa *Treba* (en *Trebo/Pala* e en *Toudo/Pala- *tewto pala* determinante-determinado <<do pobo- altar de pedra>> e co sacrificio institucional da tribo que no altar ten lugar, tipo *suovetaurilia*.

Pala alude en Galiza e Portugal, sen ningún xénero de dúbidas, sen obxección lingüística, con linguaxe espontáneo e potente a un altar de pedra, e non a unha charca ou fonte. Estes altares rupestres, outeiros ou palas, son berce e sosten de multitude de capelas, igrexas, templos e mosteiros galegos. É o caso por exemplo da igrexa *mozárabe* de San Miguel de



Trebopala de San Miguel de Celanova

Celanova erixida a escasos metros do seu outeiro rupestre, que lle precedería en máis de mil anos, con escadas de acceso á empinada rampa, feitas non precisamente para que por elas suban as vacas a beber no pilón ou *lacus* ou *burgario cuadrato*, [en Celanova o *lacus é* triangular,] un altar de pedra similar ao rupestre outeiro chamado *Pilón de Mougá* (Oia, Pontevedra) tamén co seu respectivo *lacus* ou *burgario cuadrato*, para os sacrifícios (21), parello tamén ao perdido de Panoias, onde *sanguis laciculis iuxta superefunditur* (COLMENERO. Anexo I de *Larouco*. 1993, p 62-63); análogo ao altar rupestre de Paderne, Betanzos, e aos innúmeros outeiros mencionados por MURGUÍA, F. LÓPEZ CUEVILLAS e R. DA SERPA PINTO (22), ou aos que, cheos de petroglifos publican LÓPEZ FERNÁNDEZ, GARCÍA NOVÁS co grupo de arqueoloxía da Terra de Trasancos, regularmente no *Anuario Brigantino* e, cada día podemos atopar nos longos paseos polo monte, ou botalos de menos cando, tamén case a diario, desaparecen baixo a demoledora piqueta dos canteiros:




Fig. 32.- "Pía" elíptica enmarcada en cuadrado. Pedra Maiore, S. Feáns, SW Elviña, Coruña.

Fig. 33.- Peñasco con escalones y folklore de ofrenda cristianizada. Vinseira Grande, NE Celas de Peiro, S. Culleredo, Coruña.

TÍPICAS TREBOPALAS (OUTEIROS) GALEGAS
LUIS MONTEAGUDO GARCÍA

> […] *As penedas con corgos naturales ou artificiales ou con pías e tanques abertos indudablemente pola man do home* […], *existe no Coto da Recadieira, lugar notable pol-os numerosos achádegos de obxetos áureos que n-il tiveron lugar, un penedo con corgo e canle* […] *que as penas dos xigantes a que denantes aludimos* [en Culleredo perto de A Coruña] *presentan buratos de xeito circular, <<hechos a pico y que se corresponden por medio de canales>>; que na pena das anduriñas, en San Estebo de Barcia, Lalín había corgos cobertos por laxes de tan grande tamaño, que custou moito maquialas; que en Logrosa, Negreira, alcóntrase outro penedo con tres buratos en forma de furil e dispostos en linea recta, que ao parecer estiveron también cobertos por unha laxe e derradeiramente que no Val de Vez, Miño e na*

citania das Laxes das Chás, Oimbra, vense penedos que ostentan pias rectangulares coidadosamente labradas pol-a man do home (1933-34, p 325-6) que foron interpretados como altares.

A palabra céltica *treba* de orixe indoeuropeo, pola súa raíz **trb*, relaciónase indubidablemente coa casa, mais *casa* é un *verbum aequivocum*. *Treba* <<Casa>> en sentido lato é voz equivalente á unha bisbarra ou <<territorio político autónomo celta>/*ciuitas*/*populus*/*territorium*, <<tribo>>. Acaso, dito esto coma unha hipótese apoiada agora nas triunfantes visións xenético-inmovilistas ou continuistas, e como reacción aos excesos das teses invasionistas, a voz *Treba*, coma concepto de soberanía doméstica puido nacer no Mesolítico, e poderíase ter empregado por primeira vez en Europa na transición do Mesolítico ao Neolítico para nomear as ubicuas longas casas plurifamiliares, de ata dez fogares e máis, con longas zanxas ou letrinas exteriores. Unhas casas sostidas por grupos de tres fortes vigas ou *trabes* exteriores dispostas en tramos, un longo habitáculo, que en planta presenta a sorprendente, típica e rechamante forma *casualmente* chamada *trapez*oidal. *Treb-a*>*Trap-ecio*>*Trab-e*>. *Treba*/Casa/ concepto de soberanía doméstica. Tendo en conta que a teoría continuista, por nós defendida dende 1992, ten xa moitos adeptos, *dico aperte* ¿É acaso **TREB* voz indoeuropea procedente desta realidade Mesolítica/Neolítica? ¿Procede a voz *Treba* da soberanía doméstica das tres rechamantes *trabes* da casa comunal? ¿Tomaría a figura xeométrica chamada trapecio seu nome da peculiar planta destas casas plurifamiliares? Como fora dito, este termo pasou logo a designar, non unha *casa* senón a toda a comunidade e o seu espacio económico e xurisdiccional, e o territorio político autónomo ou bisbarra, como o viron xa numerosos autores.


Treba institucionalmente expresa este concepto de soberanía doméstica, moi claramente na voz irlandesa *trebad* expresiva dos graos da xerarquizada sociedade civil e da posesión pacífica dunha terra polos soldados-granxeiros. E en Galiza, a *treba* é a espiña dorsal dunha complexisima estrutura social celta por nos desvelada en 1992, onde *Treba*, <<Casa>>, como acontecería co antigo galés, e como acontece en todas as linguas indoeuropeas [de modo análogo a como a palabra grega *oikos*, <<casa>>, significa tamén facenda, linaxe, comunidade política ou patria, ou a latína *ciuitas*, <<cidade>>, refire no Noroeste, e na Hispania Antiga en xeral, o *Territorium* ou o Territorio Político (TP) dunha comunidade, e, en sentido extenso, significa tamén comunidade e o seu territorio político *lapatianci* <<os da Terra de Labacengos>>, *Lemavi* <<os da Terra de Lemos>>, *Arrotrebae* <<os da Terra de Arrós>>, *Brigantini* <<os da Terra de Bergantiños>>, *Nemitos* <<os da Terra de Nendos>>, *Trasanci* <<os de Trasancos>>, etc. ¿De onde provén -e os que escollan a vía dos *títeres* teñen todo o noso respeto- a voz latína *tribus* ou a umbra *trifu* <<tribo>> se non?

A Céltica europea consiste en realidade nunha interminable retícula de milleiros de comunidades políticas autónomas ou interdependentes -*at/tributi, con/tributi, mór túath*-, dispostas a modo de mosaico, falando linguas emparentadas entre si en maior ou en menor grau, comunidades con moi amplias afinidades nuns casos,



*TREBAS DE TRASANCI, LAPATIANCI, ARRONI E *BESONCI*

ou con enfrontadas diferencias e aínda con débedas pendentes noutro. Pero toda esta retícula multicolor responde a un único impulso organizativo, a un compromiso territorial e comparte unha común fe. Demostramos na nosa tese como a Relixión Celta é fundamentalmente dogmática, cun sistema organizativo uniforme. A Céltica confórmase dun xeito comparable ao da Europa Cristiana Medieval, fraccionada politicamente pero unida pola estructura piramidal da Igrexa Católica Romana (23). Velaba polo mantemento desta estructura organizativa un verdadeiro entramado ou ordenamento político teocrático, expresado en clave relixiosa, baixo a *auctoritas* dun colexiado clero que, na sombra, como o vería César, constituía en realidade o poder verdadeiro.



TREBAS COSTEIRAS RECONSRUIDAS (A. PENA 1992)A PARTIRES DAS DIOCESES E ARCIPRESTADOS ALTOMEDIEVAIS
DEBUXO DE EVA MERLÁN BOLLAÍN

Conformando o tronco e a raíz da frondosa árbore que acubillaba a Europa Celta, dándolle o sentido e a forza, existía unha universal e eficaz rede articulativa tecida por un culto e letrado clero, organizado verticalmente cunha organización propia, conciliar e piramidal, descrita por César. Un clero internacionalmente cohesionado a través de verdadeiros concilios ecuménicos, cunha organización eclesiástica antecedente e parella á da súa sabia herdeira, a Igrexa Católica.

Un entramado teocrático capaz non só de consagrar un rei, senon tamén de neutraliza-lo príncipe nefando, e de, chegado o caso, excomungalo (*execratio*), privándoo dos dereitos civís e do poder. Un clero que oficiaba nos outeiros ou *palas* (PENA 1991; 1992)

Vimos como *pala* é voz de uso común no galego moderno, significando comunmente pedra, pelouro, rocha, e tamén oquidade, boquete, ou pedra cunha fendedura. As fendeduras ou boquetes, naturais ou artificiais, están presentes en infindade de outeiros ou altares de pedra galegos e a etnografía do país recolle que todos eles teñen privativas propiedades salutíferas, sendo, segundo un dito popular atribuído a Merlín (RISCO), comunmente bendita a auga da chuvia depositada no interior destes *laciculli*, corgos ou fendeduras da pedra dos outeiros, como acontece no outeiro ou altar rupestre chamado a Cama do Santo (24) non lonxe da ermida de San Mamede (24) en O Confurco (Lousame, A Coruña).

Os mais antigos templos galegos son, dende moito antes da Idade do Ferro, en realidade, estas *palas* ou *outeiros*, <<altares de pedra>>. En moitos deles, nas *palas* propiamente chamadas <<penedos figurativos>>, nen siquera interviu a man do home.

Foron estudadas tipolóxicamente estas palas, altares rupestres ou outeiros, chamadas na Idade do Ferro, sen ningún xénero de dúbidas, *Trebopalas* ou *crougín toudadigo*- <<croios teutáticos>>, é dicir, altares da **tewta*, do *toudo*, da *treba* ou da tribo, nun extraordinario

traballo intitulado <<A Relixiosidade *Callaica*>>, hai uns anos polo noso querido mestre e amigo, o sabio Don Luis MONTEAGUDO GARCÍA (25), con moito detalle.


Pero sendo Galiza, fósil etnográfico vivente, e vella praticante dunha inveterada relixiosidade, permanecendo casi ata hoxe ao marxe da invasión muslime como lembra o noso escudo real, non só se oficiaba no pasado pagán nas palas, aínda hoxe, no presente cristián, oficiamos frecuentemente, coa asistencia de cregos, en innúmeras pedras, nestas palas, outeiros, altares (26), como o sinalou o mencionado profesor Luis MONTEAGUDO GARCÍA.



Mesa de ofrendas do Neolítico empregada como chanta dun dolmen en Ardmore, Irlanda, e probablemente, como e Galicia, de protección

A *Trebopala*, ou o *Crougin/Toudadigo*, <<Croio Teutático, Altar da Tribo, Altar do Estado, Altar da Nación>>, ten en Galiza e na Área Cultural Atlántica un carácter santo, benéfico, e protector; rexistrado nesta concepción inmovilista dende a Prehistoria . Andan ben errados, e aínda *ferrados* das *catro patas*, os que pensan que as *palas* sonche cousa da Idade do Ferro, traídas nunha viaxe dende a Celtiberia, por Celtíberos, perseguidores de tordillos! (sic) ou *pardillos* máis ben, nunha quixotesca invasión *de Galiza*. Entón era era costume arrincar dos outeiros ou das mesas de oferendas do Neolítico Final grandes laxes de pedra decoradas con insculturas, xeralmente con petroglifos de círculos concéntricos e de *cazoleta*s, para reinstalalas logo no interior das cámaras dolménicas con fins protectores. No outeiro expoliado refacían os piadosos expoliadores, repetindo sobre o oco de violación do altar rupestre, ata o máis mínimo detalle, un a un os petroglifos ou as insculturas desaparecidas, e na mesma posición que antes ocupaban na laxe extraída. E hoxe é costume inveterada- Cf. comparativamente, o estado lamentabel da Hidria de Xerusalén da igrexa de Cambre- arrincar pedaciños de pedra dos altares como reliquias.

Os altares galegos rupestres, chamados outeiros, usualmente baixo a advocación dun abogoso santo, son, con milleiros de anos de continuado uso, dende o Neolítico, pasando pola Idade do Bronce, a Idade do Ferro e a Idade Media, lugares sacrosantos que nos protexen aos galegos aínda hoxe, ora contra os temporais e terribles treboadas do Atlántico, como, e seguimos agora ao polígrafo FENÁNDEZ DE LA CIGOÑA E NÚÑEZ, acontece por pór un exemplo coa Pedra Mazafacha (27) en Culleredo (A Coruña), ora, como o fai a bendita Pedra do Sol da Curota do Couto de Coallos en Santiago de Covelo (28), contra <<maos aires>> e o *ollomao*, <<mal de ollo>>, favorecendo case todas estas palas ou outeiros a saúde e a fecundación dos nosos campos; sacando o *meigallo*, a esterilidade e o *andazo*, <<pestes e contaxios>> a homes e a gandos, etc., etc., etc.. Cada outeiro posúe o seu propio articulado e especializado ritual, como case todos os galegos de certa idade e de celta cultura



Petroglifos galegos, idénticos aos da pedra de Ardmore, repostos no oco deixado pola peza arrincada da mesa de ofrendas do Neolítico Final. (ex A. López Fernández e I. García Novás do GATS)

rural experimentamos, e o experimentou de neno quen isto escrebe, coa súa avoa, que Deus garde, en varias ocasións e lugares, e a máis recente no Marco de San Lourenzo en Fene (A Coruña), marco que foi ata hai pouco tempo a ara ou altar dunha capela, sobre a que se oficiaba (29-478).

2.2. PALA, PEDRA E PROTECCIÓN

Pala como protección e *pala* como altar de pedra son voces que conflúen no outeiro, como o sostén o dito popular <<Se non houber maldizóns non precisariamos benzóns>>. De non ser porque ambas acepccións son compatíbeis, a nosa opinión anterior cedería ante as consideracións do indoeuropeista Eulogio LOSADA BADÍA, para quen este último termo de composto -pala, con posible remoto orixe indoeuropeo, poidese corresponder ao segundo termo do composto sánscrito feminino Viçpalâ, literalmente *protectora da granxa*, *protectora da casa*, *protectora da aldea*: viç = *granja*, *casa*, *comunidade*, *tribo*, *raza*, povo) + pala (i.e. pel-s, *«pena»*) = *«vixiante*, *gardián*, *protector»*. Temos, como teónimos e divinos apelativos, varios compostos máis en sánscrito que como último termo teñen *pala*: Gopalî, literalmente «protectora das vacas» = «pastora» (nome dunha *Apsara*, isto é, dunha ninfa), *Gopalas*, literalmente «protector das vacas» = «pastor» (apelativo de *Visnu* e de *Çiva*), *Yavapalas*, literalmente «protector da cebada», etc.

Co argumentado polo lingüista LOSADA BADÍA, e en sinerxia coa tradición arqueolóxica por nós reseñada consistente en arricar con fins apotropaicos anacos das palas, resulta totalmente coherente considerar a *TREBOPALA*, non coma deusa senón como categoría divina *<<altar da Treba>>* e ao mesmo tempo coma *Protectora [pedra] da Aldea*, *Protector [pétreo ónfalos, embigo] da Patria*, *Protectora [pedra] da Nazón*, o que encaixaría moi ben cunhas inscricións que en Cabeço das Fraguas viablemente, estan a dar noticia dunha cerimonia de entronización real, dun *rí túath*, rei ou *princeps* territorial ou dunha *treba* ou tribo.

Aínda perdura esta idea de protección nunha lenda da parroquia de O Val, Narón (A Coruña) que conta como a Pena Molexa -un outeiro- e outras rochas ou penedos existintes á súa beira son un rei e a súa hoste convertidos en pedra por un meigallo. Na noite do solsticio de verán, a noite de San Xoán- transfórmanse en humáns de novo para lembrarlle á xente que estarán sempre aí protexendo a terra. E contan tamén que *esa noite o rei e os seus homes percorren e vixían os montes, visitan e protexen as casas, ademáis de coida-los vellos* - cecais porque gardan as nosas tradicións antigas, ceais porque antes aos vellos se lles tiña respeto-. Vóltandose outra vez pedra na Pena Molexa ao rematar a noite solsticial, onde, en estática vixía, perennemente gardarán a Terra de Trasancos (PENA 1991).



Pena Molexa, O Val, Narón, outeiro e pena figurativa que concentra unha extraordinaria cantidade de lendas



Recreación de Carlos Afonzo -asesorado polo autor) dunha entronización nun Castro de Narón en Samaín.

III- BRONCES VOTIVOS ENTRONIZATORIOS

O conxunto de fenómenos que rodean ao matrimonio entre o Rei e o seu Estado ou *Treba*, encarnado na Deusa Nai e a súa *Trebopala*, *Toudo/Palanda-ega* <<*Tewto/Pala>>, -permitíndonos tamén traducir os nomes derivados de *pala*, de se aplicar estes a un río concreto, como <<río pedregal>>, sen mollala palleta en encharcadas autopsias, e sen inoportunas interferencias, posibilítannos a comprensión do interminable inmobiliario arqueolóxico galego destes altares ou outeiros de pedra, xeralmente granítica, pertencentes, agora ao Neolítico, agora ao Bronce, agora á Idade do Ferro, agora á Idade Media, e se nos apuran, como no chamativo caso do outeiro, con pegadas de uso continuo dende a Idade do Bronce ata a Idade Media, nomeado a <<Pedra que Fala>>, próxima a Santiago de Compostela, a todos estes períodos á vez. Son altares con estraños poderes, que nos acougan ou nos desacougan, como alimentados por unhas poderosas e misteriosas forzas, ocasionalmente ligados a lendas de reis durmintes, aos mouros, aos ananos, aos xigantes, ou a innomeados santos cun culto inalterable desde a noite dos tempos, que pervive até os nosos días. Pétreas testemuñas do pasado de coñecidas cerimonias entronizatorias e de toma de posesión celtas, xustificatorias da molestia tomada en Lamas polos *iussores* ou lapicidas Rufino e Tirón de epigrafiar en penas recónditas un texto monumental. En torno a estas palas ou outeiros, suspendidos posiblemente nas pólas de árbores veciños, acostumábase pendurar das árbores uns bronces conmemorativos, con representación das mencionadas detallistas escenas entronizatorias, e seguramente uns caldeiros e espetos empregados na comida sacrificial celebrada neses actos e aínda uns carriños votivos nos que se figuraba a circunambulación.

Nun destes exvotos contemplamos a imaxe xusta, perfeita, dun rei da celtísima *Callaecia* [ou *Gallaecia*] cabeza dos graus da sociedade [ai. *trebad*], e guia da súa *treba*, chantado sobre a *Trebopala*, descalzo, ao rente dos símbolos da realeza, do urso, do torque e do circunvalatorio touro, ante o caldeiro e a caldeirada do día da súa entronización. Así aparece representado no bronce votivo do Instituto de Valencia de don Juan, obra mestra da ourivesaría e da síntese simbólica Celta sen dúbida procedente da *Gallaecia* (e vaticino como axiña nos *demostrarán* que apareceu nunha rúa de Valladolid)- se a nosa *interpretatio* é correcta, bebendo e comendo -posiblemente cun cucharón na man como contrapunto á groseira ilustración da Topographia Hibérnica de Gerardo de Gales-, o caldo co sangue e a carne dunha, como veremos, egua previamente sacrificada, despiezada e cocida; da propia Deusa Nai que o escolleu.

Pero existe aínda unha forma plástica, máis sintética e máis perfeita de plasmar a anterior imaxe do rei descalzo chantado sobre o sacrosanto altar do Estado, destinada a asumir un enorme significado na nosa vella Europa: e falo dunha bela miniatura medieval contida no chamado libro de Pericopios de Enrique II de Richenau que amosa, como veremos, a imaxe de Cristo Rey cos seus pés no fecundo ventre da Virxe.

Na bretemosa *Gallaecia* a primordial *inauguratio principis* ou a *ordinatio* estaría xa, con todo luxo, detalle e esplendor, representada, por primeira vez no mundo céltico e na arqueología europea, no extraordinario programa iconográfico de seis se non xa sete- maravillosos bronces votivos sacrificiais galegos ou ao menos do Noroeste, ou do Oeste Atlántico Celta peninsular.

Efectivamente, nesas pequenas pezas de bronce, como no sintético bronce votivo de Cariño ou na mais programática e detallada iconografía do bronce votivo do Instituto de Valencia de Don Juan, que aparece reproducido sobre un eixo circundado dun circunvalatorio trenzado, a miúdo rematado cun prótomos de touro, desprégase todo un alarde simbólico alusivo ao concepto celta de Realeza Sagrada, nun prográma iconógrafico desenvolvido en torno a uns emblemáticos elementos sacrificiais, relacionados, un por un (e como xa o viran entón -de forma independente e converxente- en primeiro lugar Antonio BLANCO FREIJEIRO, Antonio TOVAR - e viu-no en 1995 (PENA *AB*1994) tamén, descoñecendo inícialmente os anteriores traballos, o autor destes papeis), coas inscricións baixoimperiais romano lusitanas de Cabeço e de Lamas.

Asociadas a un suporte sacrificial repleto de simbólicos elementos, participando nunha xeral escenografía resolvida sempre cun torques, cunha brosa (machada) e cun caldeiro, seis obras mestras da ourivesaría celta, os chamados *Bronces Votivos do Noroeste*, realizadas á cera perdida, constitúen, ao meu modo de ver, un dos *promptemas* ou paquetes de evidencia máis importantes e acaso a máis grande e extraordinaria aportación institucional da *Callaecia* e da *Lusitania* antigas á Europa Céltica e á Arqueoloxía das Institucións, pola feliz concurrencia sobre as sobreditas escenografías sacrificiais, e nos elementos nestes bronces representados, dun interdependente e rico aporte arqueolóxico, epigráfico, literario e etnográfico.

As pequenas pezas aparecen descontextualizadas, ignorándose o lugar do achado, aínda que serían, *ex more céltica*, colgadas posiblemente nos carballos das súas anelas para conmemorar cerimonias entronizatorias representadas ou figuradas no seu *aporte* ou programa iconográfico. Todos estes bronces procederían do entorno inmediato dos outeiros ou *Trebopalas*, dos lugares onfálicos da treba, onde permanceron ata a chegada do cristianismo e a conversión masiva no 314 da Gallaecia (PENA 1992), podendo, a partires desta data [a da súa *desafección*], aparecer entre a chatarra dos metalistas e fundidores en calquera sitio, usualmente un castro.

As entronizacións para as que, seguramente, foron realizadas as pezas [como os bronces de Celorico do Basto (Castelo de Moreira, Portugal), de Cariño (A Coruña), ou a fermosa peza recentemente aparecida, en avanzada fase de estudo polos profesores Fernando ACUÑA CASTROVIEJO e Raquel CASAL GARCÍA, co machado, o prótomos de touro, o torques e, como non, o seu esmerado, realista e espectacular caldeiro -para o cocido da carne e, de Lalín! (Pontevedra)-, datable segundo semella mesmo antes do século V a. C., con reserva da publicación do detallado estudo dos mencionados profesores, quen poderían revisar esta datación, segundo amable comunicación persoal dos mencionados profesores, mesmo á alza - as cronoloxías de A. BRANCO FREIJEIRO para estes bronces sitúano no século II a. C.], e suspendidas logo polos seus aneis das ponlas das árbores, tiveron lugar e foron oficiadas como demostraremos, sobre o altar de pedra, pala ou outeiro.

A máis programática ou literaria das seis pezas desta serie de bronces votivos figurados, é, sen dúbida, a conservada no Instituto de Valencia de Don Juan [que Xosé-Lois ARMADA PITA y Oscar GARCÍA VUELTA describiron (30) nuns recentes papeis, pero descoñecendo a función da peza, por eles descrita como *obxecto de funcionalidade dubidosa* (ata a presentación da nosa Tese Doutoral, publicada en 2004, sendo estes papeis unha traducción literal dun dos seus capítulos). Pero ARMADA e GARCÍA, fotografían na meritoria publicación os bronces con detalles de grande calidade e, particularmente, as súas fotos do bronce do Instituto fóronnos utilísimas para confeizoar un minucioso debuxo, aclarando o significado de tódolos demáis bronces: un esquema narrativo claro e completo dunha entronización real celta.

No bronce entronizatorio sacrificial atlántico do Instituto de Valencia de Don Juan, aproximando un desaparecido oficiante á escena un osiño, o que non deixa de ter a súa importancia capital, aparece dirixido por dous celebrantes de desigual rango, co seu torques un, e o outro sen el, unha celta *suovetaurilia*, moi anterior á conquista romana, entre os séculos II e IV a. C., un sacrificio e unha representación parateatral da investidura dun torquato futuro soberano que, por esa razón, ten aos seus pés outro torque, xigantesco este para que non collan dúbidas, desplegado sobre o macheta sacrificial símbolo e motivo central de todos os bronces que lle serve de chan.


A idea dun sacrificio maior, simbolizado no bronce do Instituto de Valencia de Don Juan polo machado sobre o que descansa un grande torque e un torquato, representado en todos os bronces fúndese coa reiterada presenza en todos eles dos torques dos reis e dos deuses xunto a un grande caldeiro.

Omnipresente, nos bronces entronizatorios represéntase con grande detalle o grande caldeiro, semellando desenvolver un relevante papel protocolario. Algo estase a cocer ou coceuse nel, pero ¿o que? Restos destes grandes e remachados potes ou caldeiros da Idade do Ferro, como os figurados, ocasionalmente depositados sobre carros votivos con rodas, foron



Bronce con un programa iconográfico conmemorativo de una entronización real y circunambulación jurisdiccional celta conservado en el Instituto de Valencia de Don Juan ex fotografías de Armada &Revuelta

achados nestes outeiros xunto a grandes garfos, como o exhibido xunto ao carriño de Guimarães, comúns a toda a Céltica, utilizados no banquete para sacar dos caldeiros a carne.



Non sería disparatado pensar polo que máis adiante diremos, que un día, en tan apartado lugar, contiveron os caldeiros o singular guiso do *ashvamedha* entronizatorio, un cocido de carne de cabalo, ilustrado e descrito con todo detalle para Irlanda por Gerardo de Gales, nunha cerimonia similar a tamén posiblemente documentada na inscrición de Cabeço das Fraguas: *Commaian Iccona Loimmina* <<Unha Crinosa para a Luminosa Epona>> [PENA 1994, p. 33-78], e acaso representada no Atlántico continental pola crin, «coma», mencionada, *pars pro toto*, e reiterada en tódolos nosos bronces. ¿Estaría no omnipresente misterioso trenzado de todos estes bronces da Gallaecia representada a crin do cabalo? Voltaremos sobre o tema máis adiante.

Amosaremos como, de modo similar ao relatorio entronizatorio da *Topographia Hibernica* de Gerardo de Gales, a topografia sacrificial do Noroeste representada polos mencionados bronces votivos, evidencia unha conxunción de elementos representados, a brosa ou machado, o torque e o caldeiro, na dirección da conmemoración dunha celebración entronizatoria sobre a *Trebopala*, *croio teutático e* outeiro da treba ou tribo -que cecais daría orixe a topónimos coma o de Palas de Rei- do príncipe.

Confirma o noso aserto no bronce do Instituto de Valencia de Don Juan, e *non obscura per obscuriora*, a certificada presencia, marxinal, dun xove osiño coa soga ao pescozo arrastrado ao centro da escena sacrificial desde o extremo distal ao caldeiro por un desaparecido, mais non sen nos deixar como o gato de Cheshire a impronta dos seus pés, personaxe. É de manual de peto que o *urso* ie. **arctos* e categoría divina expresada pola *Dea Artionis* é, entre os celtas, coñecido símbolo da soberanía. Ao osiño do bronce votivo de Valencia de don Juan vénlle ao peluche a observación de Henri HUBERT e de LLE ROUX (1970:137) de que un galo ou un irlandés pretendia simbolizar -e esa é, como veremos, a simboloxía da historia de Math nos galeses Mabinogi- a súa pertenza á nobre estirpe ou á linaxe real entre os celtas; a súa prosapia, non a súa aberrante descéncia dun urso, chamándose *Matugenos* ou *Math gamhain* <<fillo do urso>> brit. *Mangan* <<urso>> -termo equivalente a dicir sen nomea-lo: <<o animal do matorral, 'bicho do mato'>> -e lembremos que non só os Matos e Matosinhos, topónimos e antropónimos do galego-portugués cos que intitulo, en *choqueiro*, este apartado, puideron significar *pars pro toto* <<oso>>, senón tamén, e como *real probe* do noso aserto, que como sinónimo de oso a verba (sic) << bicho-do-mato>>, emprégase e pervive aínda ata os nosos días no brasileiro e no portugués [-aínda que nos movamos agora no terreo da poesía e da

hipótese, acaso a derradeira vez que aparece *mato* coma sinónimo de urso en galego, na típica actitude de erguer a cabeza para ulir o aire, o fose nun poema que sempre intrigou ao que subscribe estes papeis de Eduardo Pondal Abente (1835-1917) *Feros Corvos de Xallas* -] (31),



Dea Artio, símbolo da soberanía celta. Ainda hoxe a Guardia Real inglesa leva forrados os seus altos gorros de pele de oso.

2. 2. 2. REI, OSO, EGUA, TREBA

Nun solemne oficio sagrado entronizatorio, sobre a *Trebopala* ou Croio Teutático, o rei foi un día eleito pola Terra, pola Mater, polo País, pola Soberanía que representa aos habitantes, aos animais, ás plantas e aos recursos contidos nun recinto sagrado e delimitado, ao conxunto da tribo. A soberanía aparece entre os celtas encarnada nunha muller que escolle con cuidado ao soberano que a vai gobernar, un rei untado pola alta hierarquia sacerdotal en presenza da aldea.

Temos evidencia abondo para pensar que na *Trebopala*, a versión celtogalaica (e posiblemente orixinal) da Pedra de *Fal* (32), ou da Pedra de *Scone*; no "Croio Teutático" (croio "pedra") *Crougintoudadigoe*, a *Toudo Pala*, **Teuto Pala*, e quizais en Lamas de Moledo sobre o *Crouge-* <<outeio>>, <<altar>>, por este motivo chamado *Croio e Pedrón Real da Maga* (reaica/reaeco <<de la realeza>>, en dativo de singular: *Crougeai Maca Reaico petranioi*, estamos diante dun espacio sagrado para os celtas, considerado nin máis nin menos que un *ónfalos*, un embigo da *Mater* mesma, encarnada na propia pedra entronizatoria.

Esta idea daría pé ou porta pé, á lenda do rei Math (Urso = Rei) reinando en tempo de paz (en irlanda *trebad)* constantemente cos pés postos sobre o ventre dunha virxe, circunstancia alusiva á noción atlántica de parentesco divino e ao concepto ou a esencia do país que os reis, *olim de tempo*, encarnan. Esta é tamén a intencionalidade que impregna a coñecida historia galesa de *Rhiannon*, como xa o sostivese Rachel BROMWICH en 1959 (33) extendéndose á totalidade das Catro Pólas dos Mabinogui, fundamentalmente as historias dos vellos deuses Britónicos dos que as dinastías Galesas altomedievais proclamaban descender.

En Galiza, como no resto da Céltica, a palabra *Treba*, é concepto de soberanía doméstica e significa "Casa" en sentido extenso (PENA 1992), é dicir, territorio político, tribo ou bisbarra. Aínda que só apareza mencionada nas fontes en contexto territorial, nunha ocasión cando Plinio menciona aos *Arroni, Arrotrebae*, isto é aos Arrons ou Terra de Arrós, Territorio Político Medieval que chegou case até hoxe no c de Arrós, pertencente á Diócese de Mondoñedo-Ferrol.

Mais abondante no rexistro epigráfico esta voz deslinda un Territorio como fito terminal na inscrición rupestre de O Rigueiral (Sanfins, Valpaços) á beira dun regato sobre un altar co epígrafe cruciforme (34) TERMIN[US] TREB[AE] OBILI[ORUM]. Pero é precisamente na importantísima inscrición de Cabeço das Fraguas onde a voz *Treba* revela o seu sentido.

O carácter sagrado da monarquía celta sinalado por Miranda J. GREEN, entre outros autores (35) longos de enumerar, estreitamente asociada aos cabalos no rito de entronización (36),

podería aclarar o significado dos *piacula* sacrificiais das inscricións lusitanas sobre o altar de pedra. Se definindo pola parte ao animal, tal como o rabo define *á rabosa*, en galego á raposa, traducimos, de novo *pars pro toto*, *COMAIAM* como lat., e gal. med., *coma*, <<crenchada>>, <<crinada>> a posición institucional da inscrición de Cabeço das Fraguas pódese manifestar nunha egua, de crenchadas longas crins, motivo acaso intensivamente representado en todos os bronces votivos sacrificiais da Península (37), sacrificada á Luminosa Epona, *ICCONA LOIMINNA*, no contexto dun ritual entronizatorio (PENA 1995) (38) ben coñecido, que tería lugar nunha sinalada asamblea estacional tribal, probabelmente o Samaín ou 1º de novembro - como posible reflecto da entronización dunha divindade solar (diying god) para aumentar o *wergeld* do seu sacrificio (39) solsticial invernal- ao que asistirían o soberano, o clero e a aldea.

De *comaiam,* Antonio TOVAR limitouse a sinalar que COROMINAS e ALBERTOS deronlle o significado de <<ovella>> sen criterios lingüísticos convincentes. COLMENERO pola súa parte, nunha publicación mais recente (1993:105), recolle con unha interrogante este significado de ovella. Sobre as inscricións de Lamas de Moledo e de Cabeço das Fraguas remitimonos aos nosos papeis de 1995: O Territorio e as categorías sociais na Gallaecia Antiga. Un matrimonio entre a Terra (*Treba*) e a Deusa Madre (*Mater*) cf PENA 1955, AB 17, p 33-78 (38)

2. 2. 3. LUMINOSA EPONA, BULREIRO DIAÑO

Pisando os nosos pasos, repasamos o programa iconográfico dos bronces votivos con escenografías tridimensionais, desenvolvidas sobre unha tira en forma de cola de cabalo, ou ben levan incorporado este motivo de trenzada crin, acaso equina no simbólico contexto narrativo e decorativo das pezas.

No caso mais espectacular de tódolos bronces, o do Instituto de Valencia de don Juan, xunto ao torque, o caldeiro, o trenzado, a brosa ou macheta, o protagonista, o oficiante, os circunstantes, e as vítimas propiciatorias, figura o urso mencionado atado a unha corda empurrado cara a escena por un circunstante do que só conservamos os pés. Se a relación do torque coa soberanía e as deidades no mundo celta non precisa de máis comentario, o mesmo acontece co oso. O oso é, sen dúbidas, un animal alleo ao repertorio indoeuropeo de animais sacrificiais, pero resulta imprescindible nunha entronización porque constitúe o emblema por excelencia da Soberanía no mundo Celta, onde se encadra, pese a quen pese, en Galiza (40).

E seguindo co noso tema como dixemos máis arriba […] *Cando un galo se chama Matugenos ou un irlandés Math gamhaim, fillo do oso* […], *non é porque se imaxine descer dun oso* […] *senón porque pretende relacionarse co simbolismo real do oso* (41), o urso do Instituto encaixa definitiva e rotundamente estas pezas de bronce do eido cultural galaicolusitano, oferendas votivas, nun contexto sacrificial claramente alusivo á Realeza Sagrada Celta [acaso simbolizada tamén polas deusas ou categorías diviñas galas *Arduinna* e *Artio* (GREEN 1996: 165-167)] (42). Os excepcionais bronces tentan representar e conmemorar un acto excepcional, e algúns conservan uns aneis cos que serían previsiblemente suspendidos das pólas de árbores, inmediatas á *Trebopala*, croio teutático



Miniatura do manuscrito da Topographia Hibernica de Gerardo de Gales Royal Irish Academy.

ou altar do Estado (PENA 1995: 60-1) (43) para perpetuar a memoria da entronización real.



Oso ou «Bicho do Mato» simbolizando o carácter real da escenografía representada. Fragmento do bronce do Instituto de Valencia de don Juan.

Os exvotos do Noroeste, acaso ofrendados a carón dos outeiros ou altares rupestres ao ar libre, conmemoraban cerimonias que neles tiveron lugar. A Etnografía Comparada permítenos discernir que a investidura real tiña entre os celtas dous tempos. Estes dous tempos estarían representados simultaneamente nunha única composición nos bronces. Un primeiro tempo, *ordinatio* ou entronización propiamente dita,consistía nunha parateatral representación dos místicos desposorios entre o aspirante a soberano e a súa Terra ou Deusa Mai, encarnada na purísima egua branca que o rei diante do pobo, e por este orden, primeiro finxía cubrir, sacrificaba logo, e despezaba, cocía e consumía despois.

O segundo tempo é o tempo da xurisdiccional circunvalación ou da toma de posesión, celebrada a continuación; logo de ter bebido do sangue e consumido da carne da egua de *alba coma,* crin ou cola, sacrificada na *Trebopala* e cocida no caldeiro, á vista do seu pobo; logo de repartir esa carne e ese sangue con toda a súa *aula,* comungando primeiro os cabaleiros de máis rango e logo todo o *Grád Túaithe*, tódolos graos da sociedade da Treba, todo o pobo; sentado o soberano sobre a entronizatoria *pala,* investido xa da realeza tras a súa mística comuñón coa Deusa Nai, encarnación do País, o aspirante, xa feito rei, erguíase e baixaba do outeiro, tomando posesión dunha terra en paz [ai. *trebad*]. Posiblemente, en épocas máis antigas, o soberano carregaba co arado (no carro) e percorría seguído do seu corio e dos habitantes da súa tribo os límites inviolabeis e sacrosantos da Treba. Na comitiva xurisdiccional, precedida por un boi e presidida polo rei, participaba toda a Treba. Completando o rei o xiro da xurisdición súa e dos seus, revistaba un a un, cada marco, colocando marcos novos onde faltaban, e restablecendo os caídos ao lugar de seu.

O extraordinario carácter e trascendencia política destes actos, movería a encargar logo a un xeitoso artista fundidor, a un hábil broncista, a representación sintética de ambos episodios, xurdindo así os bronces votivos fedatarios destes actos, algúns con aneis para ser posiblemente depositados ao ar libre xunto ao outeiro ou a *Trebopala*, nos lugares hoxe cheos de lendas, de encantos e de tesouros escondidos, onde serían atopados (44). Esto explicaría porque estes bronces non aparecen en contextos arqueolóxicos *ortodoxos,* senón nos lugares de culto, outeiros ou *Trebopala*s, ocasionalmente moi productivos para os buscadores de tesouros con detectores de metais, ou, nun presente cristián aparecen entre a ferralla dos fundidores castrexos.

De quiñentos a oitocentos anos despois (*sic*) de que eses bronces fosen realizados, esta tradición, tería motivado que outros *iussores,* na Lusitania do Baixo Imperio e administración romana, encargaran a un lapicida conmemorar, agora cun epígrafe, sobre algún destes outeiros estes actos, xordindo así a famosísima inscrición provinciana de Cabeço das Fraguas (Guarda), rexistrando, agora en soporte textual, o mesmo contexto e similares circunstancias que antes rexistraban os bronces. O acto entronizatorio e os sacrificios de vítimas outrora representados

nos bronces votivos, sintetizase agora nun epígrafe: *OILAM TREBOPALA/ INDI PORCOM LAEBO/ COMAIAM ICCONA LOIMINNA/ OILAM VSSEAM /TREBARUNE INDI TAVROM/ IFADEM/ REVE TRE*[…/], que apoiados no *promptema* (paquete de evidencia relacionada entre si) exposto, e aínda parcialmente apoiados en A. TOVAR, e en N. ALONSO RILO, lemos pola nosa parte:

> <<Unha Ovella para o Altar [de pedra] da Treba e un Porco para Laebo (Leto?, a *Mater* do deus solar celta) e unha Crinosa (Egua) para Epona Luminosa, unha aña para Trebaruna e un Touro xove? Para Reve Tre[…]>>.

Acaso a *rogatio* de similares *iussores* baixoimperiais, os bos de Rufino e de Tirón, epigrafaron tamén sobre outro outeiro, en Lamas de Moledo un ditoso texto coa maldita verba <<porcom>> redixindo, máis mal que ben, no seu latín provincianiño como os Veaminicoros dan un añal de Lamas de Moledo ao Pedrón chamado Outeiro da Réxia Maga [hoxe aínda chamado Outeiro da Maga] e un redañento porco para Xúpiter celióbrigo:

> *RVFINUS ET/ TIRO SCRI/PSERVNT VEAMINICORI DOENTI ANGOM/ LAMATICOM/ CROUCEAI MAGA REAICOI PETRANIOI R/ADOM PORGOM IOVEAI CAEILOBRIGOI.*

E os *rogatores* fixéronnos, e fixeron a moitos cun xulgamento emporcado, verquer para negar os uns,ou defendermos os outros, o sermos, ou sermos non, celtas os galaicolusitanos, ríos de tinta. En este preito, nin declarando ao seu favor ante notario as presuntas vítimas (*acnom* -con metátese-/*agnus*, *porcom/porcus*), conxuntamente coas *testemuñas* que redactan (*Rufinus* et *Tiro*), nin aínda clamando ao ceo Xúpiter (*Iove*) esquivarían os lamáticos provinciais o erudito escrutinio agudamente rigoroso de VILLAR.

A diferencia dun rutinario oficio, como sucede cunha misa diaria, as excepcionais cerimonias entronizatorias lusogalaicas saíndose do común e do corrente, xustificarían aos lamáticos de Moledo en época baixoimperial o gasto extraordinario dun lapicida, víndonos, e en pésimo latín provinciano -que moi poucos alcanzaran a ler quedaba moi fino na aldea-, ou se se prefire en provinciano latín baixoimperial, infiltradísimo coma era de esperar de expresións conservadas dun léxico anterior, os excepcionais epígrafes tardíos, non tan importantes por conter ese *sermo* vulgar, supostamente lusitano -restrinxíndose o Lusitano claro está en realidade aos topónimos, aos antropónimos e aos teónimos- canto por colexirse da propia existencia dos enguedellados textos unha continuidade do entronizatorio costume, rancio e ibajoimperial - que tamén tiveron os romans nos tempos dos seus reis (*October Equus*) - común aos Celtas e á India Védica. Non por casualidade TOVAR e BRANCO relacionaron axiña os bronces coas inscricións.

Na práctica totalidade dos bronces votivos sacrificiais do Noroeste hispánico figúrase unha trenza. A trenzada coleta ¿do cabalo?, ¿símbolo da Soberanía?, constituiría, de ser certa a nosa hipótese, xunto co brosa ou machada, símbolo do sacrificio do touro circunvalatorio e xunto co torque dos deuses e dos reis, un expresivo *kit* celta da *condición real* (45) e, seguramente, é o primeiro rexistro entronizatorio acaso en Europa. Agora, coa soga ao colo… *do urso*, considero apropiado pensar que o caldeiro ou sítula alude a unha internacional caldeirada ou entronizatorio guiso do *ashvamedha* indoeuropeo, feita coa carne do despece da poldra branca, previamente *coñecida* e sacrificada logo, representada no códice da *Topographia Hibernica* de Xerardo de Gales (en III, XXV e XXVI); é doado, nun ambiente cultural celta, concebir ao soberano chantado na súa *pala*, no *ónfalos* da *Treba*, comendo da

carne ao caldeiro en primeiro lugar, e tendendo logo coa súa man aos compañeiros seus de armas e de fatigas, as porcións da vianda da santísima egua de *alba coma*, nun expresivo e poderoso aceno, plasticamente amosado no códice do cambriense. Penetrando no significado desta comuñón o soberano, os seus homes, e o seu pobo, e aínda nós mesmos, porque Xesús o fixo tamén e nolo lembra o sacerdote en cada misa, comprendemos moi ben o sentido último de tomar e comer do corpo e do sangue dese sacrificio.



A entronización dun rei Irlandés descrita por Giraldus Cambriensis na Topographia Hibernica

Caso de ser aceitabel e correcta a nosa hipótese, neste contexto cultural e entronizatorio da mencionada inscrición rupestre de Cabeço das Fraguas o mouro substantivo en acusativo de singular *comaiam* se aclararía, pois *coma* é na lírica galaico portuguesa e no galego medieval un, de novo *pars pro toto*, poético sinónimo de egua. Reforzando o que acabamos de dicir (PENA 1995) no folio 10 verso do *Tombo A* da Catedral de Santiago de Compostela, o rei de Galiza Ordoño (46), que dotara á Igrexa Apostólica no ano 951 (21 de marzo) coa *uilla* de Borvene, xunto ao río Miño, recebe *in offercione kaballum cum alba coma* como reposición (un vestíxio do *Tuarastal* (47). De onde *comaiam* se correspondería coa palabra latína *coma* que significa cabeleira, crin, follaxe, ou mesmo raios dunha lapa ou do sol, lóstregos de luz (48) (cf. *cometes, -ae*, masc., *cometa, -ae*), e talvez cos verbos latinos *comare*, ser melenudo, e *comere*, pentear, rizar o pelo, adornar o cabelo. Sendo moi prudentes, sen esquecer como o ritual preliminar do sacrificio indoeuropeo (cf. comparativamente *Odisea* III, 440 ss.) contempla chimpar ao lume, ademais da consabida fariña e libacións de viño ou de cervexa, cabelos da testa do animal previamente preparada e adornada, mesmo cubertos os cornos do animal que vai ser sacrificado a continuación, de láminas de ouro. Se a crin representada nos bronces, o rabo de cabalo, *coma*, a *comaiam*, fose a dun équido, este *açvamedha* céltico reforzaría a idea conmemoratoria dun relevante acontecemento entronizatorio do príncipe tribal, un acto transcendente, fielmente representado e transmitido nas expresivas e valiosas pezas de bronce.

Pero concurrindo tamén outras posibilidades máis remotas, ante as obxecións -aínda que moitísimo mais febles que a nosa *real probe* aquí aportada-, apresentadas polo indoeuropeista Juan José MORALEJO ÁLVAREZ e polo sanscritólogo Eulogio LOSADA BADÍA en contra da premisa *Iccona = Epona*, advertimos que todo o que levamos dito debe considerarse cun fío de reserva, mais, sen dúbida, cunha enorme ou máxima probabilidade.

A alba crin penteada, trenzada, *comaiam*, tal vez dunha fermosa egua de *alba coma* ofrecida á luminosa deusa dos cabalos, Iccona/Epona/Rhiannon, integraríase así naturalmente no repertorio dos sacrificadores do Noroeste, confirmando a célebre cita de Estrabón quen, aínda que unificando todos os modos de sacrifícios nunha xeral opinión, nos refire que *sacrifican a Ares machos cabríos, cabalos e prisioneiros de guerra, facendo asimesmo hecatombes ex more helénico, como di Píndaro: sacrifican un cento de toda especie* (49). E a *interpretatio* Estraboniana, o sacrificio dun cabalo, nun contexto celta e indoeuropeo *Açvamedha*(50) e *Purusamedha* (51), estaría confirmada polos bronces votivos sacrificiais, eventualmente aludindo a unha visitada e conocidísima cerimonia relixiosa e ritual entronizatorio (PENA 1995) (52).

A célebre e parcial descrición de Xerardo de Gales (53), como ilustrando o segundo, b, dos dous bronces votivos do Museo Arqueolóxico Nacional, por nós publicados por primeira vez no ano 1991, dunha entronización irlandesa, no manuscrito da *Royal Irish Academy*, na que o postulante en aparente actitude de introducir a súa cabeza nun caldeiro, o rei do Ulster aparece negativamente descrito, tanto dende o punto de vista técnico coma do expresivo, sen etiqueta nen decoro, comendo directamente coas mans do caldeiro a carne previamente troceada da egua que, *coñeceu* primeiro *in conspectu populi*, publicamente, e que -tras tela matado e terse bañado no seu óptimo sangue- despezou e coceu a continuación. E así se figura na miniatura do códice da *Topographia Hibernica* como o rei do Ulster metido nun bañado co sangue e o caldo do animal, come da preciosa e santa carne do caldeiro coas mans.

Mais seriamos infieis á verdade non sinalando a notable diferencia que separa a afectada e vexatoria entronizatoria escena irlandesa do célebre relato do cambriense, miniada no mencionado códice da Royal Irish Library, da similar escena que é, ao meu modo de ver, a que nos mostra o bronce do noso Instituto de don Juan, onde o previsible rei, solemnemente asistido por un aparato de oficiantes, garda grande compostura, gárdaa tamén o alto sacerdote, co seu torque ao pescozo, e sen dúbida gárdana tamén os dous monagos, cregos menores *non torquatos*, aínda que un deles, o ocupado en arrastrar cara a escena ao osezno, deixando nos seus pés o testemuño dunha existéncia disipada, esvaecéuse-nos como un Chesire Cat.

O príncipe herdeiro galaico, o *tanaiste*, non se proxecta ao guiso para ser rei, máis introduciría no interior do caldeiro posiblemente o seu [perdido] ganchete ou cucharón (54), obtendo con comodidade a carne cocida, ou o caldo que come e bebe: a carne e o sangue da *comaian*, crinosa, rabuda e santísima personificación de Iccona Loiminna, da branca egua, da Luminosa Epona, da *Mater*, da Patria (oximoron *de avolengo*, sen dúbida), da *Treba*, a quen *coñeceu* primeiro, simbólicamente nunha cerimonia parateatral, logo sacrificou e esnaquizou e, agora, ante o enorme recipiente do caldo entronizatorio, con digna conteción consome. O *torquato* oficiante, de rango elevado, ¿o *ovate?* ocupado ao seu lado en pasar a coitelo ao carneiro, *agnom/acnom* (metat. *ancom*) no <<croio>> *crougin*, <<outeiro>>, no *ónfalos*, <<embigo>>, da Deusa Nai, da *Maga*, da celta categoría divina da realeza, do *Crougeai Maga/reaeco* <<Outeiro da raíña Maga>>- ben podería musitar ao rei unhas verbas lembrándolle a súa condición mortal e como ó remate do seu reinado, *Ela*, a *triple Mater*, coma a santísima categoría divina *Iccona Loiminna*, nome lusogalaico da *Luminosa Epona*, voltará axiña na súa sobrenatural cabalgadura, como veu buscar a Pwil a amazona Rhiannon na súa egua branca, a reclama-la súa alma, tras probar a súa fidelidade, e a levalo con ela na súa grupa ao Alén.

Aclaro o anterior aserto. *Rhiannon*, significando <<Grande Raíña>>, é unha amazona do Outro Mundo, unha moura a cabalo, a protagonista dun relato Galés. A nosa *Rhiannon* galega, posiblemente *Maga*, posible equivalente celta dunha Virxe Intercesora, foi convertida

pola Igrexa, sen dúbida por descuido, nunha irreverente besta chamada Diaño Bulreiro, nun cabalo branco que hoxe estirando o seu lombo acolle ocasionalmente un grande número de personas que á volta dunha festa queren pasar o inundado e impracticable porto dun río, pero que onte, na plena Idade Media, tal e como amosa unha escena do moimento de Egas Moniz do século XII [na tapa do sepulcro lese: HIC: REQUIESCIT: F(i)L(iu)S: DEI: VIR: INCLITUS: ERA: MILLESIMA: CENTESIMA:LXXXIIII, in Alfredo ERIAS MARTÍNEZ <<La Eterna Caza del Jabalí>>. *Anuario Brigantino* 1999, nº 22, pp 359-60] aínda estaba a cumplir o seu papel de conducir polo aire ao luminoso paradiso da Eterna Xuventude e Boa Ventura as almas dos nobres lusogalaicos.



Ilustración de Rhiannon (Señora Raiña) por Alan Lee.

A mesma idea aparece recollida nun texto hitita do ritual *Šalliš uaštalliš* atopado en 1936 cerca do Gran Templo de *Bogazköy* que María DEL HENAR VELASCO LOPEZ, a quen seguimos agora, sen poder ela comprende-lo alcance da súa presencia, considera "[…] muy original y, desgraciadamente, también muy fragmentario" [*in El Paisaje del Más Allá. El tema del Prado Verde en la Escatología Indoeuropea.* Valladolid. 2001 p. 233] . Este texto hitita recolle un contrapunto indoeuropeo do ambiente que estamos ilustrando por primeira vez. Dise en "KUB XXX 28:

> *La madre para él/ su madre […] a él con sus manos lo cogió y lo transportó". Es claro" –di López- "que la madre ejerce aquí la función psicopompa. La dificultad estriba en determinar quien es realmente la madre: ¿la madre del rey que ha muerto antes?, ¿la madre tierra que lo acoge? [Ibid. p. 234]".*


Para nós non cabe a menor dúbida, a Nai, *Mater,* a *Trebopala*, é a encarnación da Terra, do País, da Patria, coma un embigo ónfalos, coma un ventre e fecundo chan sobre o que chantou un día os seus pés espidos, para ser untado e para gobernar, o rei que Ela elexiu. Ela correspondéndose coa nosa galega *Meiga* e *Moura*, dama belida de cabelos de ouro, é quen regresa, tomando a forma da lunar, luminosa e psicopompa mula *Epona /Iccona Loiminna*, á hora da morte do rei, para recoller ao seu místico esposo e levalo ao Paradiso de cuxa porta ten a chave. Ela, a Grande Raíña, casa no outeiro e pedrón Magaraíñico (Crougeai Magareaeco Petranioi) con tódolos reis que foron no país e recolleos a todos.

E estas equinas connotacións da gala *Epona* ou da galesa *Rhiannon*, da Grande Raíña, presentes en Galiza en en Portugal teñen coma contrapunto unha famosa cita anual no noso país. A Deusa Nai, pervive hoxe na etnografía galega como a Moura, un vivinte fósil radiante que nos regala coa súa presencia cada abrente da mañanciña de San Xoán iluminando a función dos obxectos arqueolóxicos que examinamos, cando vén á procura dun xeneroso esposo merecedor de compartir con Ela o seu amor e os seus tesouros no Máis Alá, no Alén.

E ela é a *Macha* irlandesa, e é a raíña *Medb* de *Cruachain*, é tamén a raíña e señora, que ten que casar moitas veces <<[…] porque nunca, nen antes estiven/ desprovista dun home/ xa

que sempre había un esperando/ á sombra do outro [...] (Táin Bó Cauilnge, 36-7. trad. M. ALBERRO)>>, e gostar de moitos maridos, escollendo aos seus homes entre os reis sucesivos.

Se a comparación é, de modo relativo, tolerable para facer esa idea comprensible, como o bendito Cristo Rei maxestosamente senta na súa *Pedra Fría* na iconografía Atlántica, o príncipe herdeiro galaico planta os seus espidos pés sobre a súa *Trebopala*, sobre a súa Pena Faladoira, ou Pena que Fala (outeiro próximo a Santiago de Compostela, irl. *fál*, gall. *pala*, pena, pedra) cunha machada e un torque aos seus pés. A entronizatoria pedra galaica, a nosa categoría divina, a *Pala* galega, a pedra de *Scone* escocesa, ou a pedra de *Fál* irlandesa (55), forman a familia dos *ónfalos* e das pedras propias de equiparables e comúns ambientes culturais celtoatlánticos (F. RÉGNIER).



Cristo sobre la Piedra Fría. Escola de Lovaina ca. 1500.

E aínda que sempre quedarán co noso respeto -e coa súa *jotica*-, os que prefiran a peregrina vía dos pardillos, ou dos tordillos, *turdulli*, para o autor destes papeis a *Trebopala*, o *Croio Teutático*, encarnando á Deusa Mai, ao País, ao Estado, constitúe unha belísima categoría divina e representa un solemne vínculo relixioso: o compromiso que adquire o soberano no momento da súa eleizón e entronización, de administrar, como o reccolle o *adagio* Medieval, *Rex eris si recte facias si non facias non eris*, con xustiza e con rectitude a terra en paz. O resultado deste compromiso *Trebad* é o nome que recibe en Irlanda << o disfrute pacífico da propiedade dentro da treba, bisbarra ou territorio político autónomo>> Na *trebad*, sendo o rei xeneroso o é a Terra dando leite as vacas, froitificando as árbores, as searas... e acaso as nosas autopsias (visións) [PENA 1995].

> *«/P. 206/ [...] It is Nuadha Airgeadlámh, son of Euchtach, son of Edarlámh, of the posterity of Neimheadh who was chief over them at that time. Indeed, they obtained four cities, so as to be teaching the young folk of that country in them. The names of the cities here: Fáilias, Gorias, Finias, and Murias. The Tuatha De Danann place four sages in those cities to teach the sciences and the varied arts they had to the youths of the country; Semias in Murias, and Arias in Finias, and Eurus in Gorias, and Morias in Fáilias. After being a while of their time in these cities, they proceed to the north of Scotland, so that they were seven years at Dobhar and at Iardobhar. They had four nobre jewels, which they brought from those cities, namely, a stone / p.207/ of virtue from Fáilias; it is it that is called Lia Fáil; and it is it that used to roar under each king of Ireland on his being chosen by them up to the time of Conchubhar (as we mentioned before), and it is to that stone is called in Latín Saxum fatale. It is from it, moreover, is called Inis Fáil to Ireland. So that it is therefore a certain antiquary composed this verse :*
>
> *1. The stone which is under my two heels,*
> *From it Inis Fáil is named;*
> *Between two shores of a mighty flood,*
> *The plain of Fál (is for name) on all Ireland.*

[This stone which is called Lia Fáil], another name for it (is) the Stone of Destiny; for it was in destiny for this stone, whatever place it would be in, that it is a man of the Scotic nation, i.e. of the seed of Míleadh of Spain, that would be in the sovereignty of that country, according as is read, in Hector Boetius in the history of Scotland. Here is what hei says, viz.

1. The Scotic nation, nobre the race,
Unless the prophecy be false,
Ought to obtain dominion,
Where they shall find the Lia Fáil.

Nen fallat fatum, Scoti quocunque locatum, invenient lapidem, regnare tenentur ibidem.

When the race of Scot heard that the stone had this virtue, after Feargus the great, son of Earc, had obtained the power of Scotland, and after he had proposed to style himself king of Scotland, he sends information into the presence of his brother Muircheartach, son of Earc, of the race of Eireamhón, who was king of Ireland at that time, to ask him to send him this stone, to sit upon, for the purpose of being proclaimed king of Scotland. Muircheartach sends the stone to him, and he was inaugurated king of Scotland on the same stone, and he was the first king of Scotland of the Scotic nation /208/ [...].Geoffrey KEATING, SECTION X.» Of the invasion of the Tuatha De Danann here», translated into English and preface by David COMYN, Patrick S. DINNEEN and Marianne Mcdonald via the CELT Project CELT: Corpus of Electronic Texts: a project of University College, Cork (2002) Distributed by CELT online at University College, Cork, Ireland. http://www.ucc.ie/celt. pp. 206-8 (56).

Perdida a bela imaxe do rei cos pés nus, erguido, ou sentado sobre a súa *Pala*, pétreo altar galegoportugués e pedra da Soberanía, encarnación da Terra, do País que o rei debe protexer, cuidar e mellorar, perdida hoxe a memoria do simbolismo real do urso; perdido tamén polo feitizo da Moura o distanciamento do arqueólogo; esquecida segundo o universal principio corruptor establecido por MAX MÜLLER, a necesidade de ter os pés descalzos sobre o chan patrio, sexa este pequeno ou grande, encharcado todo nos presentes tempos da bela Marbella; extraviando Galiza, España e Europa nos intereses das compañías transnacionais o ininterrompido contacto co chan, coas raíces, cos antepasados negados, desaparecerá e poderán extraviarse o conceito de país e de países. Entón, para satisfación dos apátridas e dos deconstructores a potente voz da raigame, o compromiso adquirido e proclamado un día por un rei co seu reino e co seu pobo, coas señas identitarias forxadas pola historia á luz de lóstrego, o acervo de Europa cederá á promesa de aceirados invernos, ata que nos acorde do letargo algún día con novos alalás, máis non con alboradas o legado exclusivo do cameleiro, ou do mercheiro vociferante, ou o alarde do deserto, non o dun galo, co seu canto agudo ao amencer.

A presenza dunha ave, ou das patas dunha ave na escena representada no bronce do Instituto de Valencia de don Juan é de difícil interpretación. En atención ao tamaño das súas patas, podería ser esta un galo ou unha pita, de coñecido enlace funerario. Podería tamén indicar esta ave unha heráldica parolante (Pena 2004) como a Pita do monte <<urogalo>> dos Pita da Veiga. Aínda encaixaría no contexto o paxaro ou aviña chamado carrizo, *reyezuelo*, sendo, xunto ao oso, coherente co programa iconográfico (F. ALONSO ROMERO), cumprindo medradamente nos países celtas este paxariño, o mais pequeno de todos, un exclusivo papel

relacionado coa realeza, mais, considerando diante do proporcionado da composición, a desproporción das grandes patas, non conclúo nada.

Segundo o pensa Danielle MAGGI (57), non sería imposible que *Iccona* aludira á deusa celta gala Epona, pois non só descubrimos lonxe da Península Hispánica o son indoeuropeo orixinario [k] por [p] en áreas gregas lindantes co ilirio (58), como o amosa por exemplo a forma dialectal grega *híkkos* en lugar da forma grega clásica *híppos* para designar ao cabalo (59), ou algo mais perto xa en terras umbras e oscas, senon que o atopamos máis perto de nós en varios dialectos célticos, como por exemplo no antigo irlandés e no celtibérico, linguas estas dúas últimas que conservan o [k] do labiovelar **kw* indoeuropeo en vez de o transformar en p. A vella relación entre *Epona / Iccona*, a Soberanía e a Deusa Nai, pódese ver a través das Tabletas de Pilos onde *Pótnia*, << a Señora>>, dado o seu incuestionable encaixe na función soberana, aparece nos rexistros de barro, datados entre o ano 1400 e o ano 1300 a. C. (60) como *Pótnia Hikweia*, neste contexto da soberanía, do *PÓTNIOS HIPPÓN* e da *PÓTNIA HIPPÓN* que Blázquez Martínez (61) asociaría aos cabalos e ás serpentes da deusa mediterránea clásica, atributos do *despótês* e da *potnia thêrón* (PENA *AB* 1994). Sobre uns míticos cabalos (PENA 2000; 2004) recolle Vicente RISCO (1962, p. 295) unha interesantísima lenda:

> *Perto do pozo Meimón, á banda de arriba da estrada de Ourense a Castrelo, hai unha nacente de auga nunhas penas, chamada fonte de Ana Manana [vid. Annwn = "O Alén"]. Un que iba segar a Castela, encontrou no camiño un señor moi luxoso que lle perguntou de onde era e si coñocía o pozo de Meimón.Como lle dixese que si, o señor deulle un queixo de catro esquinas* (62) *e dixolle que si quería ser rico, ao chegar á indicada fonte, chamase tres veces: "Ana Manana" e á terceira aparecería-lle unha muller moi bonita e ben posta; il daríalle o queixo, e ela daríalle a il parte dos tesouros que alí tiña gardados. Mais todo tiña que ser en segredo, sen que ninguén o soupese. Volvéu o paisano á súa casa, máis antes de chegar ao pozo Meimón, meteuse por un atallo cara a súa casa, pra ver á muller e máis aos fillos. E como as mulleres son tan sabichosas, e a súa andaba "de aquela maneira", deulle o antoxo de saber qué levaba o home nunha saqueta, e nun descoido dil, abriuna, víu o queixo e deulle unha dentada nunha esquina. O home colléu o queixo sen fixarse, marchou á fonte, chamóu tres veces "Ana Manana", e á terceira vez apareceulle unha muller que semellaba unha raíña con cara de ánxele, mais que viña enrabecha-da. Ao entregarlle o encargo dixo ela:*
>
> *-Si, home si; boa a fixeches. Iste é o cabalo que me había de levar, máis fuches primeiro á casa, e a larpeira da túa muller coméulle unha pata. Deixou o queixo no chao, e volveuse un precioso cabalo branco, coxo dunha perna enterira. A muller dixo:*
>
> *-Agora teño que quedar eiquí encantada para sempre, cos tesouros que tamén te habían tocar […]. Máis común e que en lugar de un queixo, se empreguen bolas ou moletes de pan, para desencantar as tres doncelas. Dúas efectivamente marchan nas súas mulas ou caballos brancos* (63)*; a terceira, cuxo molete está incompleto por telo probado, violando a prohibición a muller do circunstante desencantador, fica en-cantada porque á su cabalgadura faltalle unha pata.*

Demostramos, posiblemente por primeira vez, como Rhiannon, a raíña que acode a recoller ao rei deste mundo para se casar con el, compartindo o seu morado no Paraíso e que retorna

tamén polos cabaleiros defuntos -os convidados do seu home que Rhiannon transporta a cabaliño ata a porta do seu pazo [no *Sidh*, no Alén] para leva-los consigo á súa morada de ultratumba-, se corresponde, seguramente, coa branca e misteriosa cabalería que se aparece en Galiza a moitos estirando o seu espiñazo para transportar aos camiñantes ata a outra beira cando medrando os ríos tras as chuvias invernais non se poden vadear.




Ilustración da historia da triple Ana Manana de Eva Merlán Bollaín, contida no seu libro Contos de Trasancos (Concello de Narón Editor).

Esta sobrenatural besta, que constitúe unha imaxe mítica dunha vella crenza relixiosa de tránsito ao Alén, aos lombos dun *psychopompos* cabalo, non somentes estaría representada no mencionado monumento funerario de Egas Moniz do Século XII (64), nas escenas máis antigas datadas na primeira metade do século, permanecendo o seu culto vivo na Idade Media - nun friso do moimento debuxado por ERIAS vese claramente nunha escena como posiblemente falecen nun común leito catro mulleres, como na seguinte escena, mentres dúas almas se acomodarían, segundo parece, nunha besta, esta se vai estirando para facer sítio ás outras dúas, e na terceira escena do mesmo panel, longa como un can salchicha, vemos á besta xa completamente estirada e coas catro amazonas sentadas, partindo, coma Sancho e Don Quixote sobre Clavileño, para o ceu.

Se cadra aínda teñen os nenos das aldeas galegas, que non pasen moito tempo ante o televisor, a última notícia de Epona-Rhiannón, da santísima besta condutora de almas, dos seus avós. Pero xa non é a mesma versión, a igrexa e aínda Vicente RISCO sen penetra-lo seu carácter, por se acaso a convertérona hoxe nunha representación do demo:

> "a quen lle aparece moito é aos mozos que van de tuna. Un caso que se repite moito é o de oito ou dez mozos que van xuntos en pandilla, de noite, e perto dun río atopan unha cabalería, e tratan de montar para pasalo río. Monta un primeiro, outro detrás. Este mira e di:
>
> -Aínda colle outro.
>
> Monta o terceiro, e ve que aínda hai sitio:
>
> -Aínda colle outro!
>
> E así van montando todos. A besta vaise alongando e os demais suben nela. Acomodados todos, o cabalo, besta ou mula, métese no río. Entón poden ocurrir dous casos. Ou que un dos xinetes ó ver tanta xente no cabalo diga asustado:
>
> -Ai, Xesús que nunca tal vin!



Escenas más antiguas (mediados del s. XII) del sepulcro de Egas Moniz. Dibujo: Erias.

E naquil istante, coa invocación do nome de Xesús, desaparece de súpeto o cabalo e déixaos a todos no río, do que saen, naturalmente, mollados como pitos… Ou tamén, sen que ninguén diga nada, que a besta pegue un estoupo, ou que se parta en dúas pola mitá; o caso é que no río han caer e han levar molladura (Vicente RISCO, 1962, p. 301-302).

Coma nun poético coloquio de amor, entre o rei e a categoría divina personificada polo outeiro, «altar» de pedra, da tribo, chámese *Trebopala* «Pedra da Tribo», chámese *Toudopala*, «Pedra do Teuta (Estado)», chámese Crougintoudadigoe, «Croio (altar de pedra) Teutático, ou chámese *Mater/Matres*, establécese un diálogo ou mística conexión, o día da entronización.

Esta unión expresaríase entre os celtas e germanos celtizados dunha maneira solemne, mesurada, sen se recargar, figurando o ventre fecundo da virxe garante da subsistencia dunha sociedade agropecuaria, unha imaxe expresada maxistralmente no famoso Libro de Pericopios de Enrique II, (Richenau, Lago Constanza). A miniatura do Lago Constanza representa ao bendito rei sentado no seu trono, a Cristo en Maxestade tendo como porta pés á Mater santísima, nada máis e nada menos (*Matres*, unha trindade virxe, nai fecunda, e vella, para os celtas) (65). A maxestosa imaxe de Cristo Entronizado, pousando os seus pés no benditiño ventre froitífero da súa Nai, non é en consideración á súa simboloxía en modo algún incongruente ou irreverente, nen para o sistema Celta, nen para o dogma Católico, onde a Virxe María é Nai Universal. Hai que entender que estes conceptos facilitaron a conversión instantanea ao cristianismo dos celtas.

A *Trebopala*, a «Pedra da Tribo», a *Toudopala*, a «Pedra do Teuta (Estado)», o *Crougintoudadigo-*, ou «Croio (altar de pedra) Teutático>> encarna, segundo o penso, unha moi seria e elevada concepción, lonxe de responder a un abrevadeiro, a un encharcado capricho ou á húmida ensoñación do frívolo lingüista alleo ao saber multidisciplinar -O finado Proinsias Mac Cana describiu a dous colegas que estudiaron os Mabinogui con estas verbas: *On the one hand the exemplary philologist who never allowed his arguments and conclusións to stray far from textual analyse, on the other the speculative enquirer who seemed sometimes to place as much store by instinct as by evidence and whose reconstructions, even at the most air-borne, have a disarming semblance of plausibility*.

Sendo as anteriores advocacións relixiosas categorías divinas expresivas da mutua comuñón e do compromiso da *Mater*, a terra fecunda, coa súa *Treba*, coa súa *Teuta*, co seu País representado polo recto rei dun reino en paz, onde a inimaxinable perversión do sistema, ilustrada polos presentes tempos (66), e no pasado polos nefandos reis Bress e Brenno, viciaba a orde moral e natural da *treba*.

Constitúe a *Trebopala* no repertorio lexitimador da monarquía, onde se inscriben todos e cada un dos temas desenvolvidos nas chamadas Catro Pólas dos galeses Mabinogui, un

motivo de enorme emprestancia e o día da entronización real é o momento máis fundo e máis belo da vida da tribo. Pero desaparecidos, se cadra coa súa vella Europa, os inmortais lazos dos celtas coa súa terra, desaparecidos xa case tódolos Celtas en realidade, igual que a santa a obriga se transformou hoxe nun abrevadeiro, xa na Idade Media a *Trebopala* aparece na historia galesa de Math <<Oso>> convertida nunha singular, e aínda triple, doncela porta-pés, noutra incomprendida e bizarra historieta, desenvolvida na Cuarta Póla dos Mabinogi:



Libro de Pericopios de Enrique II Richenau (Lago Constanza).

> *MATH o fillo de Mathonwy era o señor de Gwynedd, e Pryderi o fillo de Pwyll era señor dos ventiun Cantrefs do Sul; e eran eses os sete Cantrevs de Dyved, e os sete Cantrevs de Morganwc, os catro Cantrevs de Ceredigiawn, e os tres de Ystrad Tywi. Por aquel tempo, Math o fillo de Mathonwy non podia existir a menos que os seus pés estivesen na barriga dunha virxe, excepto só cando o estaba prevenido polo tumulto de guerra. Agora a doncela que estaba co era Goewin, a filla de Pebin de Dol Pebin, en Arvon, e ela era a mas preclara doncela do seu tempo coñecido nese lugar. E Math estaba obrigado a morar permanentemente sempre en Cair [«croio», «outeiro de pedra»] Dathyl, en Arvon, e non podia ir a circunvalar a terra* (67), *pero Gilvaethwy o fillo de Don, e Eneyd o fillo de Don, os seus sobrinos, os fillos da súa irmá, co seu mordomo, ian a circunvalar a terra no seu lugar* (68).

Na Historia de *Math*, na cuarta póla, tres virxes, simbolizando esta triplicidade o carácter da *Mater* (unha moza, unha nai e unha vella), ou tres mozas portapés do rei, representan segundo o penso, sucesivamente ao altar da tribo *Trebo*/*Pala*, unha categoría divina do embigo, ónfalos da Deusa Mai, mentres que o principal protagonista, o rei Math «Urso», escenifica coa súa obriga de ter sempre os pés postos sobre o ventre da virxe, o perpetuo compromiso dun soberano celta de andar cos pés no chan, de gobernar o seu país, adquirido polo rei no día da súa entronización, desde o mesmo momento en que chantou os seus espidos pés sobre o outeiro, o *crougintoudadigo* «croio teutático» ou a *trebopala*, e poñéndose en contacto directo co ónfalos da *Mater*, *Pala* ou *Fál*, o ventre fecundo da virxe que coñeceu co particular *ashvamedha (69)* o día da súa entronización e con quen se é tolerable- poderiamos dicir que comungou (70).

O soberano alzado na *pala* do rei, fundiuse en, por, e con, a Soberanía, nunha carne e nun só sangue, ata que, desprazando a «pataca miuda», os *peccata minuta*, do seu sitio, corrompéndose o linguaxe segundo universal lei postulada por MAX MÜLLER,o que

simbolizaba o compromiso do soberano de ter os pés no chan, é dicir, de gardarse digno en todo momento coa súa conducta e superior virtude moral e mental da *Treba*, do *Toudo* ou Terra, do País, do Estado que o escolleu se cadra non coa facilidade co que, postulado cada catro anos, esquece un candidato de hoxe o *compromiso* ao día seguinte de resultar electo-, un día deixou de ter sentido.

Esta miña concepción do significado das categorías *Trebopala*, e *Trebaruna*, de difícil interpretación [que bebendo da Mitoloxía Comparada tan cara aos lingüistas decimonónicos, mais que de neogramaticóloxía e de abrevadeiros, require, para a interpretación do obxecto arqueolóxico, casando as palabras coas cousas, dun coñecemento da etnografia galega, fósil vivinte da cultura celta europea] co tempo esqueceuse, posibilitando a entrada no xogo ou na escena, na Cuarta Póla dos Mabinogui, do Señor de *Gwynedd*, *Math*, fillo de *Mathonwy* -nome e patronímico de *ursulino* arrecendo- e a súa excentricidade de manter os pés, salvo en tempo de guerra, en todo momento sobre o ventre da fermosa doncela Goewin; até que deixando a virxe fecunda o estado virtuoso e a *Math* sen porta pés, florece ese celta, delicioso enguedello, coa empreñada substituta de obscura virtude e luminoso nome, *Arianrhod*, nai dun louro vástago *Dylan Eil Ton* «Fillo da Onda» e do solar *Lleu Llawgyffes* (a quen lle foi destinada unha sen par esposa, *Blodeuwedd*, criada dos pétalos das flores do campo).

Na extraordinaria trama que apresentamos nin os empreñes da fecunda virxe, correspondentes coa fructificación da Nai Terra teñen nada de particular, nen o ten o que na Idade Media se represente ao Soberano Cristo radiante no seu trono e cos pés sobre o ventre da súa Santísima Nai, a Virxe María.

Concluímos pensando que por encarnarse para entronizar ao soberano a Deusa Nai no sacrosanto outeiro ou *pala*, non resulta peregrino neste contexto que o país, o Territorio Político Autónomo Celta, ou a *Treba* mostre este outeiro ou *pala* coma un ventre de nai, un «embigo», un pétreo ónfalos, na epigrafía sacrificial do Noroeste, sinalado por categorías diviñas -non por deusas- coma *Trebopala*, *Trebaruna* ou *Crougintoudadigo*

2.3. O PENTE, A MOURA, O TESOURO E PROBA-A. UNHAS CONSIDERACIÓNS FINAIS

A miudo nos critican, celtófobos e celtíberófilos, por vermos os celtólogos *cousas celtas* na cultura lusogalega tradicional que nos convirten entre os nosos coterráneos dos bretemosos Fisterras Atlánticos dalgunha maneira nos <<derradeiros Celtas *praticantes* de Europa>>. *Cousas celtas* son as do ciclo de cidades asulagadas, ou de Valverde, con paralelos atlánticos recentemente comentados por Jean POULIQUEN (marzo, 2005, cf.: *http:// www.celtia.info/ culture/folklore/ drowned_cities.html*), na bretona cidade de Ker-Ys, na galesa de Bala Lake, na irlandesa de Loug Neagh; *cousas celtas* son os compartidos mouros galegos, con seres míticos de igual nome en Bretaña e Irlanda, e un longo etc., *cousas celtas* son historias da nosa pequena mitoloxía, que ocasionalmente, escapando do rebumbio dunha morea de cenutrios -nosos e da *Terra de Foris*- iñorantes que aparentan ciencia, permiten, como veremos a continuación, establecer a función de uso dos obxectos arqueológicos ¿Quen podía pensar que a etnografía popular galega nos ía permitir aunar as palabras coas cousas, a Lingüística e a Arqueoloxía?.

Gostamos amosar nos nosos papeis, rendendo tributo á benfeitora influencia comparatista do egrexio profesor F. ALONSO ROMERO, como, complementarias a grandes relatos do pasado como os Mabinogui galeses ou aos contidos no irlandés *Lebor Gabála Érenn* «Libro das Invasións», fica unha morea de historias celtas vivas nos países celtas, proliferando no Noroeste da Península Ibérica, significativamente en Galiza, e no occidente de Asturias de

lingoa galega (alí chamada asturiano occidental), innúmeros contos e lendas -coma os recollidos polos irmáns CARRÉ ALVARELLOS- de clara raigame e tradición directa celta. Contos reimplantados logo, coa repoboación, coa reconquista e cos movimentos migratorios, pola Meseta, por Extremadura, polo sul de Portugal -onde se perderan pola sanguenta opresión muslime- e aínda polas Illas Canarias. Son as historias que Risco gostaba de chamar «a nosa pequena mitoloxía», innúmeros contos do negado acervo cultural Celta de Galiza; as lendas que, *sine animus incomodandi*, fan perder os nervos a algún colega meu anticeltista.

Se a pequena mitoloxía nos amosa que peitear o cabelo, poñer a asollar o ouro ao sol, amosar un tesouro ao primeiro home que pasa a carón do outeiro, vir do Alén a este mundo en pos dun héroe para levalo consigo ao Outro Mundo, a compartir riquezas e felicidade, é a principal ocupación das nosas belísimas mouras, a arqueoloxía nos indica que a principal ocupación dos encargados das exequias dos reis e dos cabaleiros mortos de épocas pasadas, tal vez consistise en pagar esa eleizón, esa viaxe e esa beleza, con un pente de ouro e cun espello depositados no túmulo ou tumba dos reis e dos cabaleiros defuntos, e representados nas estelas funerarias dende a Andalucía atlántica da Idade do Bronce, ata a Escocia Altomedieval.

Recollidas e estudadas moitas destas lendas para Galiza por Fernando ALONSO ROMERO, etnógrafo comparatista, sin parangón na Península Ibérica, con elevado alcance comparabel só ao de BOPP, de Jacob GRIMM, de MAX MÜLLER, ou de W. MANHARD e A. BIRLINGER, e recentemente polo seu seguidor manifesto, autor destes papeis e por numerosos autores, sometidas estas autopsias a moitas peneiras lingüísticas, e de moitos calibres, de Eulogio LOSADA BADÍA, de Luis MONTEAGUDO GARCÍA, de J. J. MORALEJO ÁLVAREZ, e belamente ilustradas estas historias en Narón por Eva MERLÁN BOLLAÍN, orixinal ilustradora galega de vernaculares e compartidas lendas dos países celtas insulares, finalmente as presentamos pola nosa parte nestes papeis examinadas, baixo a nosa lente, cun método etnoarqueolóxico.



«A Proba> > Ilustración da historia de A Moura da Pena Molexa de Eva Merlán Bollaín, contida no seu libro Contos de Trasancos (Concello de Narón).

Visitado en outro tempo e lugar (PENA 1995) o significado da dimensión indoeuropea do rito de penetración chamado *açvamedha*, revisado agora nestes papeis ese ritual extendido pola fachada Atlántica Europea (Irlanda, Gales, Galiza, Portugal e acaso a Celtiberia) (71), pola Europa continental, e pola Antiga Índia Aria, exploramos agora as connotacións marcadamente equinas de Rhiannon, unha fermosa e sobrenatural moura galesa, cuxo nome significa «Señora da Realeza> <<Grande Raíña>> quen saíu dunha mámoa, «tumulo», para se casar con Pwill o príncipe herdeiro de Dyfed, significando que o rei reina pero, nunha monarquía de orixe diviño,

é a Soberanía, a *Mater* quen escolle ó rei -e non o abandona nunca- con quen quere casar, a escenificación do matrimonio entre o rei e a Deusa Nai, é a escenificación da lexitimación, da monarquía de dereito diviño, e, sobre todo do poder dos druidas, do clero. O que orixinariamente consistía nun deber da Deusa Nai que escollera e casara cun rei mortal: o feito de vir pola súa ánima e levala consigo ao seu reino, vai perdendo este sentido no presente cristián, pero non todo o sentido. Xurde entón a historia de Rhianon, para lexitimar unhas liñaxes galesas, que dela proclamaban descer, quen logo de casada -falsamente acusada de esnaquizar ao seu fillo- foi obrigada a sentarse coas bestas na corte e a cargar e transportar «a cabaliño» sobre o seu lombo ao seu pazo aos convidados polo seu esposo, comportándose como unha acémila.



«A Cobiza>> Ilustración da historia de A Moura da Pena Molexa de Eva Merlán Bollaín, contida no seu libro Contos de Trasancos (Concello de Narón Editor)


As versións galegas relacionadas co Ciclo de Rhiannon (73) mantéñense en estado puro. A Moura, ou mouras trillizas, con nome propio, Ana Manana, ou Aureana, Laureana e Ana, todas de sobrenatural fermosura e fachenda, gostan aparecer na mañanciña de de San Xoán, saíndo do Alén, pola súa mámoa, «túmulo» ou «montiño» (como as mámoas chamadas en Narón por este motivo Montiños da Moura), pola súa fonte ou pola súa pena (a Pena Molexa), ao mundo exterior, dispoñendo o seu tesouro, para buscar e probar a un esposo (PENA 2000) merecente. A nosa Rhiannon galega aparece nas aldeas moi ben caracterizada como o amosa un conto popular moi extendido por toda a xeografía galega, e aínda pola *terra de foris* (reconquistada e repoboada Extremadura e Andalucía occidental fundamentalmente por galegos) belamente debuxado pola ilustradora Eva MERLÁN BOLLAÍN. Ana Manana, un alcume galego cun curioso patronímico, representa á triple divindade feminina celta, gosta saír da súa morada subterránea ao exterior, agora montada/s na súa/s mula/s -as tres mulas de ouro que aparecen o día de San Xoán na Pena Molexa-; agora en sendos cabalos brancos coma en Neda, na fonte da Aureana, de Laureana e de Ana -onde unha das trillizas, por lle faltar unha perna enteira á súa montura, verase imposibilitada de traspasar o limiar do Alén-, agora polo seu propio pé.

A Moura vén a este mundo a mañanciña de San Xoán para buscar esposo, sometendo previamente ao pretendente á eleizón encoberta entre ela e un fabuloso tesouro. Penetramos, hai xa uns anos (PENA 1992) nas intencións matrimoniais destas aparicións da nosa vella Deusa, Nai celta, a sobrenatural e fermosísima Moura, que eran coñecidas do pobo dende tempo inmemorial como claramente o amosan os expedientes promovidos por Vázquez de Orxás en tempos do rei Felipe III, publicados por Marcos MARTINÓN.

O rexio e maxestoso arquetipo psychopompos da Soberana Celta, sempre rodeada dunha enorme fermosura, prestancia e dignidade, nunha coiné cultural de lendas atlánticas estreitamente emparentadas, asocia as raíñas e os cabalos co mundo funerario dos reis e dos guerreiros no

promptema (paquete de evidencia relacional) onde encaixamos arqueolóxicamente os espellos e os pentes votivos representados nas estelas funerarias atlánticas de moitas épocas dende Andalucía a Escocia, e, significativamente, o áureo pente votivo de Caldas. Epona, a «Señora dos Cabalos», é en realidade unha categoría divina aínda que vén sendo comunmente considerada, dentro da tan xeralizada coma errónea concepción politeista da relixión celta, coma unha «deusa dos cabalos». Verdade é que os celtas estableceron unha asociación (é a historia de Rhiannon nas Catro Ramas dos Mabinogui) entre as raíñas e os cabalos. Pero Epona, a señora dos cabalos, e Rhiannon, a «Señora Raíña», responden a mesma categoría divina e maxestosa dunha única deusa celta de carácter triple ou trinitario. Na Epona descuberta en L'Allier e adquirida polo Musèe de Saint Germain, esta deusa adoita o aspecto dunha amazona e raíña celta que porta unhas chaves na súa man. Nunha *deusa dos cabalos* sería posible pensar que as chaves servisen para abrir a corte, pero ilustrado o seu carácter polos Mabinogui, segundo a miña opinión, as chaves que porta a Rhiannon/Epona[/Iccona] do museo de Sant Germain, teñen a mesma función que as chaves de San Pedro, ou de San Roque, santos de clara vocación psychopompa, sostendo en realidade a santa amazona, rescatadora das almas dos cabaleiros difuntos, as chaves do Ceo. Confirmaría o meu aserto o feito de que estas chaves aparecen frecuentemente substituidas nas representacións iconográficas por unha mazá, representando o froito da árbore da vida, a mesma promesa de inmortalidade, e que ocasionalmente a deusa se faga acompañar dun can.

Cecais non sería posible desenguedellar este enguedello se DUMÉZIL non amosase o camiño, iluminado previamente por Max Müller e por Frazer (agora *rehabilitados*), mostrando como en Roma a *Regia Domo* non era xa o Pazo Real senon *aula* do *Pontifex Maximus*. Pero nese edificio residual no Foro da Roma republicana, a lembranza dos reis que foran pervivía dun xeito xa incomprendido, asociado ao ritual do *October Equus* en cuxo *piaculum* ocasionalmente chimpábase á carreira a cabeza arrincada dun cabalo alanceado contra a porta da *Regia*, ritual que DUMÉZIL (74) relacionou co sacrificio védico *açvameda* propio dun ritual de entronización. Nós axiña reivindicaremos o noso granciño de area sentando a relación dos bronces votivos sacrificiais do Noroeste e das inscricións de Lamas e de Cabeço con rituais entronizatorios celtas.



«Non pasou a proba>> Ilustración da historia de A Moura da Pena Molexa de Eva Merlán Bollaín, contida no seu libro Contos de Trasancos (Concello de Narón Editor)

En Cabeço das Fraguas, nunha inscrición votiva, acaso conmemorativa dunha entronización, desenvolvendo un papel similar ao dos bronces con programas iconográficos entronizatorios, sería de esperar que unha posible egua, *ICCONA*, apresentase un epíteto *Loiminna*, propio

dunha arcaica divindade indoeuropea da chamada por DUMÉZIL función soberana, correspondendo no Lacio a vella *Iuno Lucina* asociada no seu aspecto radiante á soberanía e aos meteoros. Tentaremos demostrar a continuación coma neste posible sacrificio dunha egua á *Luminosa Iccona* (*loiminna / loemina* < **lômena* < **louksmena cf.* latín *lûmen* < **leuk-s-men* < **leuk-s-men -â* = «brillante como a Lúa» (75)) a Treba consumaría unha hierogamia, expresada, como amosamos, no mundo celtoatlántico a través do sacrificio pacífico dunha egua branca, purísima, e da posterior inxesta da súa carne -símbolo da súa unión ou matrimonio co reino en paz e o seu príncipe ou soberano-, previamente cocida no caldeiro. A arcaica divindade soberana *Iccona Loiminna* da luz e dos meteoros é equiparable, pero oposta á súa vellez coa súa mocidade [nun mundo de intensificación do sobrenatural, onde o barco de pedra é o que mellor flota, onde o chosco é o que mellor ve, onde unha muller a piques de parir vence aos cabalos nas carreiras, e onde a anciá ten un vigor sobrenatural], á «Vella», ou *Cailleach*, é divindade soberana do Atlántico (cf. Fernando ALONSO ROMERO, «El espíritu del grano» y «La Moura constructora de megalitos») no seu aspecto invernal (pero non escuro, cf. o chamado «Arco da Vella») que promete unha nova vida (76). Cando chega a primavera, a Vella bebe do manantial da xuventude, e recobra a mocidade (Santa Bríxida e a Candeloria), e cando chega o verán convértese en nai fecunda.

A Soberanía representou algo moi importante na cultura galega, aínda tan xerarquizante, vertical e distributiva, pero nos tempos que corren dexenerou na estrutura abafante e caciquil do país que algúns padecemos. No mundo indoeuropeo, e dun xeito particularmente espectacular na Europa Celta (77), en algúns outeiros, *palas* ou altares de pedra de Galiza, tiveron lugar unhas fondas escenificacións, obxecto destes papeis, do matrimonio da Deusa Nai co seu País, Terra ou *Treba*, representado polo rei e os seus súbditos.

Xerardo de Gales, detallando con exceso, convertindo unha mística unión nunha obscenidade, describiu a cerimonia sen penetrala. O cambriense non alcanzou a ver o vínculo establecido nesta unión, entre a *Trebopala*, pedra e embigo da *Treba*, outeiro de granito, como a de Celanova, cunhas escaleiras de acceso -non para que suban a beber as vacas- e uns corgos ou pías sacrificiais no seu cumio, e o Rei, a «Casa Real», «o País»; entre a función sagrada da Realeza e do Estado, encarnado na Deusa Nai *Toudo/Palandaigae, no Crougin/Teutatico,na Trebo/ Pala*, e na estraordinaria egua branca, limpa, sagrada, ICCONA LOIMINNA fiel imaxe da pureza e da perfeción da natureza e do país, que se unía co rei previamente por ela escollido, alzado sobre o outeiro, uncido sobre o seu ventre. Un rei que se bañaba ou purificaba, no *lacus* entronizatorio, no alto do outeiro posiblemente co sangue do sacrificio da egua, encarnación da divindade e comía logo a carne, expresión da Patria, Nai e Señora, feita carne (Topographia Hibernica, 3, 25), e o rei e bebía logo do seu sangue (78), o zume da Nai que vivifica a natureza e fomenta o leite dos animais.



Epona psicopompa coa chave do Sidh ou do Alén (como San Pedro), recolle no lombo da sua santísima besta (o Diaño Bulreiro da Mitoloxía Galega) aos cabaleiros difuntos

Foi, segundo parece, o avó do propio Gerardo de Gales o autor dos Mabinogui, quen legándonos a historia de Math, o fillo de Matowny, nos fixo tirar do osiño representado no bronce do Instituto de Valencia de Don Juan amosando como a Relixión Celta, de refinado modo, anticipando incluso conceptos teolóxicos que tiveron sentido co cristianismo, permite

comprender o profundo significado do sacramento por Cristo instituído na «Última Cea», no pan e no viño, onde na comuñón, están substancialmente a carne e o sangue da Divindade entregada a un sacrificio voluntariamente aceptado para a redención humana. Esta extraordinaria conxunción de cousas permite comprender que, anualmente, Media humanidade non chora a morte dun home.

Sen dúbida, aínda pasando desapercibida hoxe e podendo resultar inintelixible aos non indoeuropeos no seu momento, non pasou desapercibido aos Celtas do pasado pagán o valor teolóxico da entrega do *Iesus Nazarenus Rex Iudeiorum* a unha morte aceptada, legando antes a súa propia carne e o seu propio sangue, participándolles aos seus discípulos e fieis, da súa divindade, do seu sacrificio e promesa de imortalidade.

Pwyll e a maxestosa Rhiannon conforman a historia da lexitimación da soberanía. Esta circunstancia permítenos comprender a importante noción atlántica de parentesco divino e o concepto ou a 'esencia do país' que os reis encarnan, a intencionalidade que impregna a escena galesa de Rhiannon, como xa o sustivese Rachel BROMWICH (80) en 1959, tamén extensible mesmo á totalidade das Catro Pólas dos Mabinogui: «fundamentalmente as historias dos vellos deuses Británicos dos que as dinastías Galesas alto medievais proclamaban descer». O acoplamento, fusión, unión mística ou matrimonio entre o Reino, a Deusa Nai, encarnación da Terra, da súa *treba* ou tribo e o Rei, evidénciase no mito galés medieval na primeira das Catro Pólas dos Mabinogui no enlace de Pwyll con Rhiannon que tiña un específico significado político «melusino» importando moito a nobreza galesa a mensaxe destes contos lexitimadores da casa gobernante. Unha mensaxe tal e como o viu Catherine MCKENNA moi clara no momento da composición das Catro Polas dos Mabinogui, entre 1060 e 1120, período cadrante en Galiza coa época do conde Froila Vermúdez e do seu fillo o Conde de Traba e Galiza, Don Pedro Froilaz e do seu equivalente portugués Don Egas Nunes, todos eles nobres de reinos Atlánticos e de ambientes xeográficos e culturais Celtas, amplamente examinados na nosa tese doutoral (*Treba y Territorium, Génesis y desarrollo del mobiliario e inmobiliario arqueolóxico e institucional de la Gallaecia*, edición dixita do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. ISBN 84-9750-450-x. Santiago de Compostela 2004). Pero esta historia permite comprender tamén por que a Moura vén penteando os seus loiros cabelos cun pente de ouro, e por que asolla os seus tesouros nos outeiros a mañanciña de San Xoán.



Área Cultural Atlántica nun mapa de Patrice Brun. O concepto de Celticidade Acumulativa, exclúe calqueira modelo invasionista. Os Celtas responden a unha coiné cultural e institucional que fende as súas raices no Neolítico e na Idade do Bronce

E este contexto institucional atlántico e melusino é un concepto

Celta, excede en celticidade a dimensión dunha fibela «de caballito», e permanece visible con nitidez na Idade Media, alleo ás consideracións, reparos e obxecións lingüísticas e etnográficas que con toda razón e xustiza se nos poidan facer. Vímolo desde outro prisma (PENA GRANA 2004), xa con exhaustiva base factográfica ou documental, ao falar da organización da Treba.

Pensamos que para aproximarse ao estudio da Relixión Celta, faise necesario valorar a nova realidade por nós insinuada ou suxerida, moi por riba, nestes papeis, debéndose considerar un posible escenario de carácter «monoteista trinitario» e reorientar, ao día de hoxe, o rumbo dos estudos do seu problemático panteón. Para achegármonos á Relixión Celta, á súa simpatía pola intensificación e o misterio, onde, encarnando os tres pasos do sol comparte un común carácter solar o deus pai, co seu posible deus fillo, e un viable deus e xuiz de ultratumba. Só desde a nosa proposta unitaria, e tal vez coa endoscópica óptica que utilizamos e amosamos nos precedentes capítulos, será posible prantexar solucións aceptables e consontes coa realidade. Dende o noso ponto de vista, a Relixión Celta precisa de crentes sinceiros para ser comprendida, dunha certa sutileza, allea aos estraños nunha terra estraña, somentes adquirida da prática relixiosa popular, aprendida dos avós, das raíces, das nosas vivencias etnográficas, segredas e profundas. Das vivencias celtas nos países celtas, da Cultura Celta, nin máis nin menos.

NOTAS

(1) Miranda GREEN. *Simbol and Image in Celtic Religious Art.* Edit. Routledge. London and New York.1989 p. 179-184.

(2) A PENA. «Un matrimonio entre a Terra e a Deusa Naie». *Anuario Brigantino* para 1994 nº 17, p. 53-56.

(3) Este ritual de arar con un touro ou con unha parella de bois que entón son sacrificados, o inviolable *pomoerio* como xa o vise Dumézil, podería ter relación co procedimento empregado, aínda hoxe, na India Védica para revestir de inviolabilidade a un recinto sagrado, erguendo o arado onde van ser construídas as portas, é dicir o espazo non sulcado que se pode traspasar. No templo de Gounay-Sur Aronde apareceron osamentas de tres años, e de cochos, sacrificados, consumidos nunha enchente polos oficiantes mentres que as entrañas foron queimadas aos deuses, pero en troco os bóvidos sacrificados en Gounay foron-o ante as fosas centrais: «la mise à mort se faisait probablement près du poteau situé devant les fosses centrales. L'ánimal était soit égorgé, soit abattu d´un coup de hache sur la nuque, plus rarement à l´aide d´un merlin ou d´une lance. La dépouille était ensuite déposée dans la fosse centrale, où elle séjournait plusieurs mois, jusque´à ce que les parties en décomposition aient pénétré la terre. Les restes osseux étaient ensuite retirés de la fosse soigneusement nettoyée. Le crâne était exposé prés de l`entrée. Le reste de la carcasse était déposée dans le fossé, de part et dáutre de l´entrée» Pierre CATTELAIN- Claude STERKX. *Des dieux celtes aux dieux romains*. Editions du CEDARC. Treignes, Belgique 1977, pp.19-20.

(4) Sendo, como nolo lembra en amábel comunicación persoal, Marcial TENREIRO BERMÚDEZ, o tema demarcatorio representado probabelmente nos petroglifos *de succo*, onde se insculpen bois e arados ou homes arando, de Mont Begó, Francia.

(5) A idea da inviolabilidade e do dereito de asilo dos templos, representada por unha cadea que percorre todo o recinto, no renacentista Hopital Real de Santiago de Compostela podería ser herdeira dunha longa tradición. Cobra agora neste contexto sentido a incomprendida expresión altomedieval *de succo mortuorum vel antiquorum*, «de sulco dos mortos ou dos antigos» empregada nos diplomas da Alta Idade Media para enfatizar o feito de que aquelas *uillae* antigas foron «sulcadas» fundacionalmente co arado tirado por bois nun tempo inmemorial «polos mortos ou polos antigos» indicandose, sen dúbida, a grande antiguidade dos marcos xurisdiccionais das *uillae* de vella criación, en oposición aos marcos das *uillae* recén constituídas en pleno proceso das presuras. Tal costume, como se desprende das prohibicións «*De sulcis circa uillas*», contidas no parágrafo 23 do *Indiculus superstitionum et paganiarum*, composto no século VIII nun *scriptorium* de Maguncia (cf. Christoph DAXELMÜLLER Historia Social da Máxia. Barcelona 1997

p.110), non sería descoñecida para os francos. A particularidade de que a vítima escollida para o sacrificio fose un touro que nunca tivo contacto con unha vaca «marón» ou «añal» (¿*Taurom Ifadem*?) pola súa pureza ou polas súas virtudes máxicas semella contribuir a garantir a axuda divina á inviolabilidade e prosperidade da demarcación. Estes touros están presentes en todos os bronces votivos sacrificiais da antiga Gallaecia e Lusitania, probabelmente sinalando este reiterado motivo iconográfico asociado a unha macheta, a circunvalación obrigada, realizada polo rei tras a súa entronización.

(6) Victor Manuel MIGUÉS RODRÍGUEZ «Em verbo dun surprendente ritual fundacional de umha ferraría Quiroguesa non século XVI. Um apontamento histórico-etnográfico». In *Brigantium.* Bol. Museu Arqu. Hist. Coruña 1995/96, vol 9 pp 117-136.

(7) Quizais sexa este tamén o sentido dunha estraña notícia demarcatoria que sempre me chamou a atención, nun documento de Celanova: «per ubi formissimi diuissimus cum ipsos domnos iam prefatos in illorum grande concilium sub unos? [=¿uoues?] andantes» que tería encaixe traducindo a posible abreviatura por *uoues* en troques de por *unos.* Celanova 982, lindes da de Santa Comba ex LÓPEZ FERREIRO, cf. PENA GRAÑA 1991, p.30

(8) «per ipsam ripariam recta lignea quomodo ascendit et uadit ad petram que stat plantata supra eclesiam de sancta Cecilia» os concellos de Narón e de Ferrol, unha reposición de Fernando II de outro marco, perdido, colocado polo emperador Alfonso Raimúndez que aparece mencionado na confirmación do couto de Fernando II de 1 de abril de 1169, documento solto do A.H.N., pasta «Jubia e outros monasterios». In MONTEIRO DÍAZ, obr. cit. pp 98-117.

(9) Recentemente descubridos por Jorge Guitián Castromil e Xoán Guitián Rivera.

(10) *A.C.S.* Tombo B, f.24 r.

(11) ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo. «COLECCIÓN DE DIBUXOS DE GALIZA E PORTUGAL III. Caza Medieval. Asimismo Dores BARRAL RIVADULLA (1998, p.233.), rexeitando a idea de CAAMAÑO MARTÍNEZ, quen consideraba o conxunto como un tema cinegético di: «collería interpretar dita representación como unha escena cotidiana, a matanza dun animal? En relación directa co grémio dos carniceiros que tiña o seu sede en dita igrexa». Sen embargo, como nos o sinala en atenta comunicación epistolar a historiador da Arte Nedés, Manuel Lamas: "En principio parece un argumento de peso el hecho de que una hipotética financiación -de una parte de la iglesia al menos- por los carniceros coruñeses explique su existencia. Más creo que debe repararse en el hecho de que el capitel vecino en el costado oriental sea una Epifanía, flanqueando ambos la puerta de entrada lateral, y que ambos se nos presenten como los únicos historiados en el interior del templo, es decir cabría advertir una coordinación ideológica. En este sentido Erwin PANOFSKY indicara que una serie de obras francesas del siglo XII presentaban sacrificios rituales paganos –a la manera de la *suovetaurilia* clásica- contraponiéndolos a imágenes eucarísticas; es decir, el sacrificio cruento de reses quedaba cedía en beneficio del "santo sacrificio" de la misa (Entre los ejemplares en cuestión citaba cierto capitel con el sacrificio ritual de un buey o de un toro en la iglesia de Besse-en - Chandesse, que no tengo visualizado y sería bueno confrontar con el coruñés. Por otra parte, el relieve de *Taurus* que se encuentra en un friso zodiacal de San Isidoro de león lo presenta entre victimarios, y de una manera que recuerda la nuestra). De todos modos, tales imágenes románicas perdieron popularidad en el siglo XIII. Más si con esta base anterior tratamos de relacionar los capiteles Coruñeses, ¿sería admisible ver una contraposición entre un sacrificio cruento y la imagen infantil del Redentor de quien sería recordado su sacrificio en la cruz en el sacramento de la Eucaristía, incruento, que se hacía presente habitualmente en el muy próximo altar mayor? Siendo más escépticos, veríamos la plasmación de una matanza, como alusiva al gremio de carniceros, situada frente a otra escena narrativa en la que intervenía la patrona de la iglesia: Se trataría tanto de una suerte de homenaje a María como de un



Cernuno xuiz en maxestade no Alén, os cornos do deis e a serpiente con cuernos de carnero anuncian a súa volta á vida.

ostentoso recordatorio sobre la financiación de la obra constructiva. De visiones tan opuestas derivan para mi las grandes dudas: ¿se refleja, acaso, la cotidiana acción de unos matarifes, un espectáculo festivo, un sacrificio ritual pagano, o un sacrificio ritual actual aún que de hondas raíces? A esta última posibilidad corresponde tu argumento sobre la demarcación territorial mediante sacrificio".

(12) De WITTE, R A, 1875, I, p.387, «foi o primeiro en subpor isto», di Jan de VRIES autor que nos remite [p. 186 sub nota 3] a TOUTAIN, *Cultes* III, 1921, p.284; CLEMEN, *Relgesch*., I, 1926, p.317 (non afirmativo) e á *Mythologie* de GUIRAUD.

(13) "En la ferrería nueva de Quintá do Reconco da Mieira, que es xurisdicción de la encomienda de Quiroga de la orden del señor San Juan de Jerusalén, a cuatro días del mes de setiembre del año del señor de mill y quinientos y ssesenta y seis años, en presencia e por ante mí, escrivano, y testigos de yusso escritos, parescio presente Francisco Basques de Quiroga, tenedor de la dicha errería da Beyga de Quintá, e dijo que el avia echo y edificado la dicha errería en su territorio y propiedad […] y estando dentro de la dicha cassa y errería da Beyga de Quintá, el dicho Francisco Basques de Quiroga e Ysabel Basques de Caneda, su muger, fundadores, hacedores, propietarios, de la dicha errería y mucha parte de los veçinos y moradores çercanos y comarcanos de la dicha tierra de Quiroga […] trageron y metieron, por ante mí, escribano e testigos e personas arriba e avajo contenidas, un toro marón, presso con dos sogas, una atrás y otra adelante, y lo sacaron, los dichos braçeros y ofiçiales y biscaynos y perssonas, por la puerta prinçipal de la dicha errería, y lo llevaron al llano y beiga que se diçe el de Quintá, al camino questá sobre del poço que sse diçe das boussas, donde llega el termino y demarcacçion de la otra errería y lo pasaron por el rio y cabeça del dicho poço y lo llevaron por entre el témino y demarcación de la dicha otra ferrería de abajo, asta llegar al camino y marco que allí estava. Pusieron junto a él otra piedra e marco y, desde allí, lo llevaron derecho por el camino que va para la Losera, que eredad del dicho Francisco Basques, y xurisdicción que al presente posee el señor Diego de Quiroga, por el su coto de San Christobo, y pussieron dos marcos, uno en medio del camino, y otro en el tesso y camino de la Lossera y, dende allí, al derecho abajo, asta el poço sobre del reguero del Reconco da Mieira, que es sobre del poço de la dicha errería, donde esta un penedo grande, y, desde allí, passaron otra vez de la otra parte del río y lo llevaron por el camino devajo la sieera y pusieron allí un marco, y, dende allí, çercaron la dicha veiga de Quintá todo por riva del camino, y por el monte y eredad del dicho Francisco Vasques, y pussieron un marco en el dicho monte y, dende allí, lo llevaron derecho al dicho camino y marcos del termino de la dicha ferrería, de manera que bolvieron a donde primero le avían llevado, de manera que hiçieron el dicho circuyto enteramente, en el qual, el dicho Francisco Basques, pusso, e mandó poner, marcos e mojones, según arriva se contiene, y ello pediendome el dicho Francisco Basques, a mí, el dicho escrivano, por fee e testimonio, y a los pressentes le fuessen testigos.Y echo lo susodicho se bolvieron él, y los ofiçiales, y perssonas, a la dicha errería, con el dicho toro, y le ataron las piernas y lo derrivaron sobre la junque, teniendole por los cuernos y sogas, y el dicho Francisco Basques e Ysabel Basques, su muger, tiraron del palo de la tapadera del chifron y dieron agua ala rueda del maço, el cual dio de golpes en el pescuesso del dicho toro, de los cuales golpes se corto de presto carne, cuero y guessos asta que se lo acavo de cortar. Y partido, tomaron la dicha caveça los dichos ofiçialesy brasseros, corriendo sangre por ante Mí, el dicho escrivano e testigos, salieron por la puerta susso dicha de la dicha ferrería y cercaron por donde antes anduvieron con el dicho toro siendo vivo, bañando y mojando los dichos marcos y mojones con la sangre que de la dicha caveça salía y çercaron todo lo susso dicho enteramente como dicho hes […]" ano de 1566. in MIGUÉS RODRÍGUEZ, Victor. 1995, obr. cit. pp 117- 136.

(14) «Dans leur marche vers Tara, les Gaëls rencontrent les trois déesses éponymes du pays: Bamba, Flotla et Eriu. Seule Eriu leur souhaite bonnes possession de leus nouvelle terre. En échange de sa protection, elle leur demande cependant un engagement: que l´île porte désormais son nom. Amorgen y consent; cést pourquoi l´Itlande s´appelle, depuis ce jour-lá, Erin, du nom de la déesse Eriu. «Les fils de Mil s´entretinrent avec Bamba à Siab Mis. Elle leur dit: «Si cést pour vous emparer de l´Irlande que vous êtes venus, vous n´étes pas venus sous un bon signe». «C´st par nécessite», dit Amorgen au genou blanc, le poète. «Faites-moi un don», dit-elle. «Quel don?» dirent ils. «Que mon nom soit donné à cette île» dit-elle. «Quel est ton nom?, dirent-ils. «Bamba», dit-elle. « Que ce soit un nom de l´île», dit Amorgen. Ils s´entretinrent avec Flota à Eblinne. Elle leur parla de la même manipere et elle désira que son nom fût donné à l´île. Amorgen lui dit: « Que Flotla soit un mom de l´île». Ils s´entretinrent avec Eriu à Uisnech. Elle leur dit: «ô guerriers, soyez les bienvenus. Il y a longtemps que les prophétes ont prédit votre venue. Cette île sera vôtre à tout jamais. Et à lést du monde il n`y aura pas d´île meilleure. Nulle reace n´y sera plus nombreuse que la vòtre». «C´est bien». Dit Amorgen, «la prophétie est bonne». «Faites-moi un don, ô fils de Mil et enfants de Bregon», dit-elle, «que nom nom soit donné á cette île». «Que ce soit son principal nom», dit Amorguen» Avant de prendre possesion de l´île, il faut livrer bataille. Les Gaëls sont vainqueurs et le Tuatha s´inclinent, non sans

avoir durement négocie leur retraite. Le pays sera désormais équitablement divisé, non point sur le mode humain, mais sur le mode mythique: Les Gaéls occuperont le pays en surface, et les Thuatha se répartiront le «Sidh», cést-à -dire le monde du Dessus: les tumuli, cairns, lacs et autres lieux magiques dont est trufées lÍrlande. C´est ainsi que l´Irlande fut partagée entre les dieuz et les hommes»

(15) «Les trois rencontres et les trois dialogues a pue pés semblables avex les trois reines, les trois «Irlandes» qui jalonnent la marche d´Amorgen seraient, romancées elles aussi e détoumées de leur valeur prope pour justifier trois dénominations de l´ile, trois stations comparables à celles que fait le *pater patratus* avant de se pésenter su le forum ennemi: à la frontière, puis près de la première personne recontrée, puis devant la porte de la ville, il répète la formule qui l´habilite, sa plainte et son exigence. On ne voit pas, en tout cas, de meilleure justification à la singulière conposition du réci»(cf. DUMÉZIL. Idées Romaines, Gallimard 1969).

(16) Tito LIVIO *Historia de Roma* I, 31, 5-14

(17) Termo polisémico, referido aos notabeis de outros *territoria,* de outras *trebas* cos que se establecían lazos de parentesco, e por este método, os condes galegos dos séculos IX, X, XI e XII eran *principes* ou *imperantes* de multitude de *terrae* ou *territoria* familiares por *iur* hereditario.

(18) X. C. FEIXÓ CID (Diccionario de lingua galega) 1986, p 68.

(19) De algunhas mesas de oferendas do Neolítico Final, altares rupestres, cheos de petroglifos, de círculos concéntricos con cazoletas, onde se oficiaba, foron arrincadas uhnas grandes lajas tanto en Galiza como nas illas británicas para as integrar como protección nas cámaras dolménicas neolíticas, entón no *lacus* ou oco de reserva deixado pola pedra extraída na mesa de ofrendas, se refixeron cuidadosamente, un a un, os petroglifos desaparecidos como resultado da extracción. Estas pedras levabanse como protección ás cámaras funerarias, e este costume, de arrincar pedazos do altar como protección perdura aínda no campo galego. Esta idea de protección das oquidades, burgarios ou laciculos omnipresentes nas pedras graníticas da paisaxe atlántica galega, bretona, escocesa, cornica e irlandesa, pudo dar lugar, *pars pro toto,* a que se chamas *palas* a estes altares.

(20) FERNÁNDEZ DA CIGOÑA E NÚÑEZ *O Poder das Pedras. O Mito da Fecundación en Galiza* (Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, Instituto Galego de Estudos Mariños Eds.), Vigo 2003, p. 84. Cf., sobre *pala,* as tres últimas definicións do dicionario de X. L. FRANCO GRANDE, quen define a voz *paleira* como a <<touba dun animal» (PENA *AB* 1994, 45).

(21) F. BOUZA BREY. *BRAG* XX, p. 57.

(22) M. MURGUÍA. *Historia de Galiza* vol. I 2ª ed. p. 57; F. LÓPEZ CUEVILLAS e R. DA SERPE PINTO. Estudos sobre a Idade dO Ferro no NW dA Península. *Arquivos do S. EE. GG.* VI. 1933-34: 29-31.

(23) A menos que se prefira pensar que Cristo inventou a Igrexa, aos curas, aos arcedianos, aos coengos, aos bispos, aos arzobispos, aos papas, etc.

(24) FERNÁNDEZ DA CIGOÑA E NÚÑEZ *O Poder das Pedras. O Mito da Fecundación en Galiza*.Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, Instituto Galego de Estudos Mariños. Eds. Vigo 2003:130

(25) Luis MONTEAGUDO GARCÍA «A Relixiosidade Callaica: estela funeraria romana de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrais, priscilianismo e outeiros» in *Anuario Brigantino* 1996, n.19, p 11-118.

(26) Moitas veces construense sobre eles santuarios, capelas ou igrexas, en ocasións estes santuarios construense arrimados a estes outeiros ou imediatos a eles, como acontece coa igrexa *Mozárabe* de San Miguel de Celanova, construída a escasos metros dun enorme altar de pedra ou *Trebopala* coas súas escadas de acceso ao monumental *lacus* ou *burgario cuadrato* da parte superior do monumental outeiro.

(27) FERNÁNDEZ DA CIGOÑA 2003: 87(ss.

(28) FERNÁNDEZ DA CIGOÑA 2003: 70-71.

Entre los pueblos balcánicos los objetos obscenos poseían propiedades para favorecer la agricultura y la cría del ganado. De ahí que hasta la Segunda Guerra Mundial, en algunas aldeas de Bosnia cuando los campesinos tenían que realizar alguna tarea relacionada con la agricultura o la protección del ganado, que implicara algún riesgo, uno de los participantes debía desnudarse completamente con el fin de que cualquier ser maligno que pudiera rondar por allí se fijara en él, en lugar de entorpecer con el mal de ojo la labor que se estaba realizando. También se mantuvo en Bosnia, en Albania y en Servia hasta esa fecha histórica, la práctica tradicional que se realizaba para proteger el transporte de objetos pesados, como piedras o troncos de árboles, que se cargaban en carros de bueyes. Durante esas operaciones, un hombre desnudo tenía que ir caminando delante de los bueyes para llamar la atención de las personas con las que se encontrasen y evitar así que cualquiera de ellas pudiera echarles el mal de ojo a los bueyes o a la carga que transportaban (Vukanovic, T. P. 1981, 45). El profesor y antropólogo Lisón Tolosana recogió en algunos pueblos de la provincia de Pontevedra la creencia en el poder del falo contra el embrujamiento y el mal de ojo. Cuenta este profesor que cuando los bueyes o las vacas se negaban a moverse, su dueño se quitaba la gorra, se tocaba con ella sus genitales y después la pasaba por el lomo de los animales, convencido de que con esta acción los libraba del maligno poder que les impedía andar (Lisón Tolosana, 1979, 203).

Pero la práctica tradicional albanesa que más relación tenía con el tema que aquí estudiamos, era la que realizaban las mujeres con sus hijos cuando estos tenían que salir de casa. Nunca los dejaban salir sin antes acariciarles la cara con la mano con la que previamente se habían tocado la vulva. Con esta acción se les consideraba protegidos contra el mal de ojo o contra cualquier peligro. También era costumbre en las bodas que la abuela de la novia se tocara con una mano su propia vulva, y a continuación, y con la misma mano, tocara la cara del novio delante de todos los invitados, que consideraban esta práctica una poderosa precaución contra el mal de ojo (Vukanovic, T. P. 1981, 47).

El aojamiento o mal de ojo, conocido también como fascinación en la Antigüedad, es una de las creencias populares más extendida por toda Europa, y en Galicia todavía está muy arraigada. Quienes creen en ese mal suponen que hay personas y animales con poderes malignos para hacer daño a los seres humanos, a las cosechas y al ganado. Si no se ponen los medios adecuados para evitarlo, se corre el riesgo de que los animales enfermen o se mueran, y lo mismo le sucede a las personas. De manera que las enfermedades y las desgracias se pueden extender hasta producir incluso la muerte de todo aquel que no




Fig. 6.- Dibujos de Sheelags *realizados por Wright en 1865. Fue el primer autor británico que a pesar del puritanismo de la época victoriana, se atrevió a publicar estas figuras y a referirse a ellas como "representaciones del órgano femenino con fines apotropaicos contra los encantamientos y el mal de ojo".*

tome las precauciones necesarias para defenderse (Rey Seara, E. 1989, 229).

Otro de los males que producía el mal de ojo era la esterilidad. Y es lógico imaginar el temor que esta desgracia produciría en las comunidades campesinas en las que toda la vida se sustentaba en la fecundidad de las personas y de sus ganados, así como en la fertilidad de la tierra. De ahí que los medios a los que se recurría para evitar esa desgracia fueran símbolos de la fertilidad, poderosos talismanes para combatir al *fascinum*. Fascinación que generalmente la causaba la envidia a través del poder pernicioso de la mirada. La persona que envidiaba el bienestar ajeno *podía extraer la maldad de este sentimiento del fondo de su alma*, y transmitir así ese mal al prójimo a través de la mirada envidiosa. Y puesto que el causante de los males era la mirada, la forma de evitarlo era rehuir esa mirada o hacer lo posible por desviarla hacia otros objetos a los que no pudiera perjudicar; de ahí la aparición de los amuletos con motivos sexuales o las figuras de carácter obsceno que atrajeran la atención de los envidiosos (Rey Seara, E. 1989, 232, 237).

En la Edad Media eran muy comunes los amuletos con significado sexual, así como también el recurso a determinadas palabras y gestos corporales de clara índole sexual, para alejar el mal de ojo o el mal en general. La figa como amuleto o el gesto de "hacer la figa" tiene un claro significado sexual por su relación con la vulva (Leite de Vasconcelos, J. 1996, 220). El empleo de palabras y de gestos obscenos con el fin de repeler el mal de ojo o las malas influencias, era muy frecuente en los tiempos de la civilización romana. En las embarcaciones griegas y romanas se llevaban imágenes de Príapo o símbolos fálicos a los que atribuían gran poder apotropaico (Neilson III, H. R. 2002, 248). Incluso se celebraban determinados ritos tendentes a favorecer la fertilidad. Por ejemplo, en las fiestas de Floralia, en el mes de abril, o en las dedicadas a la diosa Anna Perenna, el 15 de marzo, en la que participaban jóvenes con cánticos obscenos con fines apotropaicos para favorecer la fertilidad (Adams J. N. 1990, 4). En los tiempos de los romanos, Artemisa se había identificado con Diana, *una diosa de la primavera y la fecundidad que era invocada con Juno para bendecir el matrimonio y los partos sin problemas* (Warner, M. 1991, 361).

Podríamos seguir mencionando antecedentes romanos en nuestros intentos por rastrear los orígenes del culto a la fertilidad que debió de efectuarse en este santuario de Pena Furada, pero con ello no lograríamos otra cosa que añadir más suposiciones a las ya mencionadas en este trabajo. Sin embargo, nos falta por analizar un aspecto más que no debemos pasar por alto, pues está relacionado con las connotaciones de fertilidad que posee esta figura gallega de *Sheela-na-gig*. Me refiero a su orientación astronómica. De entre todas las rocas que afloran en este santuario rupestre, se fue a elegir precisamente la que tiene uno de sus lados orientado hacia el Oeste. Esta cara occidental de la roca está ligeramente inclinada en dirección Este-Oeste; de manera que su parte superior mira al Este y la inferior al Oeste. La figura de mujer se grabó en esta superficie rocosa con la cabeza en la parte superior, hacia el Este, y los pies, que llegan hasta la base de la roca, en dirección Oeste. La inclinación natural de esta roca facilitó la tarea del artífice que grabó la figura, y la dotó además de un cierto realismo puesto que parece que está de pie y mirando a poniente. Pero lo llamativo de esta mirada no es únicamente que esté orientada hacia el Oeste, sino exactamente hacia un punto de esa dirección en la que solamente se pone el sol en una determinada fecha del año: en el equinoccio. La orientación Este-Oeste de esta *Sheela-na-gig* no deja dudas a este respecto, y añade un dato más, tan importante como el desmesurado tamaño de su vulva, a lo que representa como símbolo mágico de fertilidad




Fig. 7.- Figura que se repite casi idéntica en sendos canecillos de las iglesias góticas (s. XIV) de San Francisco y Santa María del Azougue en Betanzos. Dibujo: Alfredo Erias.

y de vida. El sol de poniente en el equinoccio de primavera, penetra en el misterio de su vulva pétrea con ¿quién sabe qué esperanzas humanas de fertilidad, fecundidad y protección contra las personas, los ganados y las cosechas? El Oeste astronómico es el lugar por donde se pone el sol en el equinoccio, de manera que su significado debemos verlo también en relación con el Más Allá, con el sol de poniente que penetra en el mundo de las sombras en el que habitan los antepasados y, por lo tanto, con las almas de los que gracias a ellas van a volver a la vida nuevos seres humanos.

Es muy probable que el culto a los antepasados tuviera en Galicia y en otras comunidades atlánticas del norte de Europa, una relación muy estrecha con el calendario astronómico. La celebración de la fiesta del Día de Todos los Santos, de la Navidad, de la Pascua y de otras celebraciones cristianizadas en el calendario de la Iglesia, así lo permite suponer. La pervivencia en Galicia de un culto muy fuerte al mundo de los muertos muestra claramente que los antepasados familiares no dejan de existir, simplemente viven en otra dimensión de la que regresan para entrar en el mundo de los vivos en determinadas fechas; haciéndose así notar de diversas formas o adquiriendo diversos aspectos para hacerse visibles a los que siguen vivos. Este viejo concepto del mundo de ultratumba, paralelo al nuestro, se mantiene también vivo en la mentalidad popular de muchos lugares de Galicia a través de las tradiciones que la Iglesia cristianizó, pero que continúan aún llenas de vestigios paganos. Viene a resultar así que el antepasado muerto no ha desaparecido del todo, sino que es un ancestro que vive permanentemente en el recuerdo familiar y que hace que determinadas decisiones y comportamientos se efectúen en su nombre.

Esto nos permite comprender que los que veneraban a los ancestros creyeran que estos podían concederles riquezas, fertilidad y nuevos nacimientos. Todavía en algunas comunidades escandinavas las mujeres suelen ir al cementerio para buscar inspiración a la hora de decidir qué nombre poner a sus hijos (Hayden, B. 2003, 246). En diferentes pueblos a lo largo de la cordillera de los Vosgos, que comienza cerca de Belfort (Francia) y se extiende hasta la Baviera renana, se creía en el siglo XIX que los niños nacían con las almas de sus antepasados. Pero esta creencia no se limitaba a esa región, sino que en Suiza y en Alemania se suponía que las almas de los antepasados se ocultaban en los huecos de las piedras en espera de su reencarnación (Gélis, J. 1991, 39). De esa manera se concebía que el destino del antepasado y el del niño que iba a nacer estaba íntimamente unido en una línea de continuidad de la vida, que al igual que el renacer cíclico de la naturaleza que brotaba de la tierra, surgía de ésta el ser humano, manteniéndose así la perpetuidad de la especie. Pero este ciclo seguía ritmos diferentes según la región europea en la que se mantenían estas antiguas creencias. Así, por ejemplo, en las montañas de Alsacia se creía que si alguien se moría en la familia, es que iba a nacer un nuevo niño en su seno; mientras que en la Baja Normandía el proceso era al revés: el nacimiento de un niño significaba la muerte de un familiar. De ahí el dicho popular: *hay que dejar sitio para la juventud*. Y se pensaba que era señal de buena suerte el que un niño naciera el mismo día que se moría una persona. En la provincia de Loir-et-Cher, se creía a finales del siglo XIX que la vida del recién nacido duraría tanto como la del fallecido. En Lorraine se llegaba incluso a pensar que era mala suerte encontrarse con una mujer embarazada puesto que significaba un anuncio de muerte (Gélis, J. 1991, 39-40).

El día de mañana, cuando se explore a fondo este santuario de Pena Furada, quizá podamos averiguar lo mucho que nos oculta aún esta enigmática figura de mujer, *Sheela-na-gig* muy posiblemente del siglo XI, pero descendiente de una Diosa Madre o Diosa de

la Tierra en la que creyeron nuestros antepasados europeos. Esta roca en la que la grabaron sería pues una *petra genetrix*, una fuente de vida y de fertilidad que, como dice Mircea Eliade, *refuerza la sacralidad de la Tierra Madre con las virtualidades prodigiosas de que se suponía que estaban dotadas las piedras*. La sacralidad de las piedras está muy llamativamente exaltada en los megalitos de los países atlánticos europeos, dotados de un rico tesoro de creencias y de tradiciones relacionadas con los poderes fertilizantes de los menhires, las *pedras de abalar*, las rocas en las que se practican "deslizamientos" con fines fertilizantes, frotamientos contra determinadas rocas, (Mircea Eliade, 1999, I; 201, 163); así como en las llamadas "sillas" y "camas de santos". Por ejemplo, en el promontorio de Maughold Head, en la costa oriental de la isla de Man, hay una roca conocida con el nombre de la *Silla de San Maughold*, de la que se decía en el siglo XIX que curaba la esterilidad de las mujeres que se sentaban en ella en el equinoccio de primavera (MacNeill, M. 1962, 354). Ritos semejantes los efectuaban las mujeres estériles en Inglaterra y en Bretaña, no sólo en torno a los monumentos megalíticos, sino también en las "camas de santos", además de sentarse en determinadas rocas con huecos con forma de asiento natural a los que atribuían propiedades fertilizantes y curativas (Bord, J. and. C. 1982, 31 y ss.).

Y como remate de este breve trabajo, recordemos que los pescadores de la provincia de A Coruña creían que acostarse con mujeres la noche anterior de salir a pescar les garantizaba una abundante pesca (Lisón Tolosana 1979, 205). Los pescadores británicos, cuando los barcos todavía navegaban a vela, creían que acariciar el *pudendum* de una mujer antes de salir a pescar, les traería buena suerte y obtendrían buenas capturas. Esta tradición marinera se conocía con el nombre de *touching the bun* (Hillier, C. 1977, 90). Si no conociéramos el verdadero significado que tenía este gesto, lo consideraríamos meramente burdo y hasta quizá obsceno; pero contemplado dentro del contexto de lo que hemos visto en este artículo, tenemos que reconocer que las cosas no son lo que parecen, al igual que la procacidad con que se muestran las figuras humanas de los canecillos de las iglesias románicas, no pretenden los fines que a primera vista nos parecen tan evidentes.

Agradecimiento

Deseo expresar mi agradecimiento a Alfredo Erias Martínez, que tuvo la amabilidad de acompañarme a ver el petroglifo de Pena Furada, facilitándome así la realización de este trabajo.

BIBLIOGRAFÍA

ADAMS, J. N. 1990. *The Latin Sexual Vocabulary*. (Duckworth. London).

ALONSO, E. 1996. *Gamelas y marineros*. (Diputación Provincial de Pontevedra).

ALONSO ROMERO, F. 1996. *Creencias y tradiciones de los pescadores gallegos, británicos y bretones*. (Xunta de Galicia. Santiago de Compostela).

ANDERSEN, J. 1977. *The Witch on the Wall. Medieval Erotic Sculpture in the British Isles*. (Allen & Unwin. London).

BORD, J. and C. 1982. *Earth Rites*. (Granada. London).

CARRILLO LISTA, Mª. P. y FERRÍN GONZÁLEZ, J. 1996. Algunas representaciones de vicios en el románico gallego: la lujuria. (*Anuario Brigantino*, 19; 235-244).

CASTIÑEIRAS GONZÁLEZ, M. A. 2003. A poética das marxes no románico galego: bestiario, fábulas e mundo ó revés. (*Semata*, vol.14; 293-334).

ELIADE, M. 1999. *Historia de las creencias y las ideas religiosas*. (Paidós. Barcelona).

FERNÁNDEZ MALDE, A. 1993. Petroglifos da Pena Furada (Figueiras, Coirós). *Anuario Brigantino*, nº 16; 15-24).
FREITAG, B. 2004. *Sheela-na-gigs. Unravelling an Enigma*. (Routledge. London).
GÉLIS, J. 1991. *History of Childbirth.* (Polity Press. Cambridge).
HAMILTON, W., KNIGHT, R. P., WRIGHT, T. 1865. *A Discourse on the Worship of Priapus, and its Connection with the Mystic Theology of the Ancients. To which is added An Essay on the Worship of the Generative Powers during the Middle Ages of Western Europe*. (London: privately printed). With 40 illustrations by H. James Bellars).
HAYDEN, B. 2003. *Shamans. Sorcerers and Saints*. (Smithsonian Books. Washington).
HILLIER, C. 1997. *The Devil and the Deep. A Guide to Nautical Myths & Superstitions* (Adlard Coles Nautical. London).
HUTTON, R. 1993. *The Pagan Religions of the Ancient British Isles. Their Nature and Legacy*. (Blackwell Publishers. London).
LEITE DE VASCONCELOS, J. 1996. *Signum Salomonis. A figa. A barba en Portugal*. (Publicações Dom Quixote. Lisboa).
LISÓN TOLOSANA, 1979. *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia.* (Editorial Akal. Madrid).
MACNEILL, M. 1962. *The Festival of Lughnasa*. (Oxford University Press).
MERRIEN, J. 1994. *Le Légendaire de la Mer*. (Terre de Brume Editions. Rennes).
NEISON III, H. R. 2002. A terracota phallus from Pisa ship E: more evidence for the Priapus deity as protector of Greek and Roman navigators. (*The International Journal of Nautical Archaeology*, 31.2; 248-253).
REY SEARA, E. 1989. Notas sobre la fascinación en la Antigüedad. (*Gallaecia*, vol. 11: 229-238).
VUKANOVIC, T. P. 1981. Obscene Objects in Balkan Religion and Magic. (*Folklore*, vol. 92: I; 43-53).
WARNER, M. 1991. *Tú sola entre las mujeres. El mito y el culto de la Virgen María*. (Taurus. Madrid).





Figs. 8 y 9.- Peldaños esculpidos en la roca sobre la que se encuentra otra figura humana. Santuario rupestre de Pena Furada (Figueiras, Coirós. A Coruña)



Fig. 10.- Un hombre y una mujer desnudos mostrando ostentosamente su sexo. Canecillos del ábside de la iglesia gótica de Santiago de Betanzos (s. XIV-XV). Foto: Alfredo Erias.



Fig. 11.- Colgante fálico galaico-romano que se conserva en el Museo das Mariñas (Betanzos). Donación de los herederos de D. José Seoane Calviño («Pepe do Canteiro»), de Bergondo. Foto: Alfredo Erias.



Fig. 12.- Falo de piedra encontrado en el castro de Adragonte (Paderne, A Coruña). Museo das Mariñas (Betanzos). Depósito de D. Pedro Bonome Rivas. Foto: Alfredo Erias.

Referencias documentais ó concello de Abegondo durante a Alta Idade Media

MAXI REI*

Sumario

Este traballo trata de ser unha recollida e análise documental, así como contextualización histórica, de tódalas referencias da época medieval ós lugares e parroquias que, andando o tempo, constituirán o actual concello de Abegondo.

Abstract

This work attempts to be a documentary collection and analysis, as well as to set in its historical context, all references from medieval times to places and parishes which over time constitute the present municipality of Abegondo.

Este traballo é a primeira parte dun proxecto de estudio sobre as referencias documentais ó concello de Abegondo ó longo de toda a Idade Media. O obxectivo é a recopilación e comentario histórico de cantas referencias atopemos neste período a calquer dos lugares, igrexas e parroquias que andando o tempo, no transcurrir do século XIX acabarán dando lugar ó concello de Abegondo, tal como agora o coñecemos. Para iso estructuramos o traballo en tres partes que se corresponden coas tradicionais divisións que a historiografía fai da Idade Media. Veremos as *villae* que van aparecendo, cos seus santos patronos e que co tempo darán lugar ó nome dalgunhas das parroquias, os seus propietarios, as donacións que se fan… nunha documentación máis escasa do que quixeramos, con máis sombras que luces, pero aínda así intentaráse manter o rastreo da evolución histórica destes lugares, tratando de observar e analizar estas referencias desde todas as perspectivas que poidamos para que o resultado final sexa o máis completo posible.

A súa estructura estará basada no seguimento do eixo cronolóxico, xa que entendemos que, aínda que pode resultar unha forma de análise un tanto primaria, obedece ó sentido que se lle desexa dar ó traballo: a recuperación e o comentario das referencias documentais; este eixo cronolóxico, evidentemente, non se poderá manter para as vindeiras partes debido a que teremos moita maior abundancia de documentación.

Tampouco esquecemos a debilidade da natureza do obxecto de estudio, estudiar unha circunscripción política que xurdiu centos de anos despois; semella non ter sentido: non ten sentido se a análise desa documentación se fai ailladamente, cara adentro, pero ten sentido se se incardina no ámbito xeográfico que lle é natural: a comarca das Mariñas, que, moi *grosso modo* aparecerá nos documentos da alta idade media co nome de Nemitos, máis tarde co de Nendos, será pois, neste senso, un punto de partida e aproveitamento para posteriores traballos que se fagan sobre este ámbito xeográfico comarcal.

***Maxi Rei (Abegondo 1975) é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.**

É obvio dicir que este traballo tamén ten un claro compoñente divulgativo: o seu obxectivo é enriquecer o coñecemento que se ten deste concello, pero tamén, non cabe dúbida, proporcionar referencias básicas da Historia Medieval ós habitantes do mesmo, porque é neste tempo cando se configurará o organización espacial e territorial do mesmo, cando agroman na documentación as aldeas, os camiños, as fontes, os ríos…

* * *

SÉCULO IX: *O DOCUMENTO DE TRUCTINO: COMENTARIO E RETROSPECTIVA. A DONACIÓN DE SISNANDO*


O chamado documento de Tructino é a confirmación dun listado de parroquias pertencentes á sede iriense que se fai no século IX; López Ferreiro atribuía tal documento ó ano 830, á época de Afonso II, sen embargo, López Alsina[1] afirma que é de máis tarde, pois segundo el non cadran os nomes dos personaxes da época, e propón a data do ano 868. Neste documento aparecen sesenta e cinco igrexas, case todas ó norte do río Tambre, da comarca das Mariñas dinos : *In nemitos sca. eulalia in castellum ad asperunti. Sca. Maria in portimilio. ecclesia de bandoia. Ecclesia montani ad reuoreto. Scm. stephanum in piauela. Scm. iacobum ad berosindi. Scm. uicentium ad cella gundemari in ripa mero. Ecclesia in madagio, eccelesia en palleo. sca. eulaliain auigondo cum sua villa et scm. tirsum in auegondo*[2] . Estas dúas últimas pertencen ó concello de Abegondo, constitúen a súa primeira referencia histórica. Desta primeira noticia deben ser comentados varios aspectos: chama a atención un amplio grupo de igrexas que se ubican na comarca das Mariñas, (igual que ó longo do río Tambre e na desembocadura do mesmo). Estas igrexas pertencerían todas ó mesmo *commisso* ou, como se dirá máis tarde *comitatus*, que se pode traducir por condado; isto é: un modelo de administración territorial onde este espacio constitúe o marco apropiado para vencellar ós seus habitantes co rei a través do tenente do *commisso,* estes territorios agruparían un número variable de células básicas de producción e colonización rural: as *villae,* e estarían delimitados por cauces fluviais, de maneira que ás veces na documentación da época aperecerá o termo *valle* para facer referencia ó mesmo; neste caso trátase, como ben se explica no documento, do *commisso* de Nemitos, que atoparemos bastante veces nos documentos dos séculos IX e X citándoo como *territorio* ou *valle*.

---

1 LÓPEZ ALSINA, F.: *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media.* Santiago, 1988. p. 159 a 161; este documento tamén está citado en LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Sta. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago, 1899. apéndice p. 6. Tamén no CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae) na páxina web do centro Ramón Piñeiro www.corpus.cirp.es/codolga/ no que se intenta facer un corpus de documentación medieval galega desde unha perspectiva máis filolóxica que histórica; este documento cítase no 830, sen ter en conta a opinión de López Alsina.

2 segundo López Alsina correspóndense con: no concello de Betanzos: San Martín de Tiobre e San Esteban de Piadela (onde máis adiante atoparemos un mosteiro); do concello de Coirós: Santa Eulalia da Espenuca (onde tamén atoparemos un mosteiro); do concello de Oza dos Ríos: San Pedro de Porzomillos, San Martiño de Bandoxa, Santiago de Reboredo; do concello de Cesuras, San Vicente de Carres, e San Julián de Mandaio; no concello de Carral, xa un pouco desligado do núcleo que parecen formar as anteriores aparece a de San Esteban de Paleo. (tanto nesta última, como perto de Bandoxa, atopáronse restos tardorromanos: o cal é indicativo dunha continuidade poboacional).

Baliñas Pérez[3], cando fai a relación de circunscripcións territoriais da Galicia altomedieval, non toma en conta este documento, situando a primeira referencia a Nemitos ó ano 910, sabemos que non é así. A división do noroeste galaico nestas circunscripcións faráse sobre a antigua división do Parroquial Suevo (en torno ó ano 570); os límites son os mesmos en liñas xerais, xa que son case sempre os ríos, pero esta división é máis detallada.



Situación do Concello de Abegondo na comarca das Mariñas. «Municipios y parroquias de Galicia» Torres Luna eb alii. Santiago, 1989.

Esta primeira referencia histórica plantéxanos moitas incógnitas: ¿Que eran estas igrexas? Territorios organizados desde o poder eclesiástico, centros rurais desde onde irradia o cristianismo, fundadas por algún notable ou poderoso e dotadas con terras para manterse, eso non cabe dúbida… ¿podemos afirmar que se trataba de extensións de terreo onde se ubican varias *villae*, semellantes á actualidade, ou eran só unha única *villa* baixo o patronazgo relixioso dun determinado santo? Se se ubicaran varias *villae* e estas pertenceran ó ámbito xurisdicional da propia igrexa, éstas serían citadas, como así se fai coa *villa* da igrexa de Santa Eulalia de Abegondo, aínda que isto tampouco resulta moi sólido de manter[4] ¿cando se formaron?, a esta pregunta pódese respostar coa anterior: nun proceso de cristianización e de devoción, de sensibilización relixiosa, tódalas igrexas teñen unha advocación, ¿como chegan a pertencer á sede de Iria, acaso por donación?, moi posiblemente, téñase en conta as doacións que os monarcas astures fixeron á sé de Iria a partires do descubrimento da tumba do Apóstolo, e de cara á integración e administración deses territorios baixo o poder astur. Son as igrexas as que delimitarán as feligresías, a partir do termo *filii ecclesiae*, ou sexa, as actuais parroquias: en efecto, a igrexa supuña un centro neurálxico da vida social en torno ó culto ó santo e onde se celebraban os ritos de paso, os fillos da igrexa serán os que acudan a ela, e, andando o tempo, os límites da feligresía serán os seus terrenos e os dos habitantes dos lugares que acoden á igrexa, ou sexa, dos feligreses.

Se botamos man de documentos anteriores nos que poidan aparecer referencias á división administrativa e relixiosa non atoparemos resposta algunha, sen embargo sabemos que o termo *parroquia* xa aparece nas disposicións do concilio de Lugo, do ano 569[5];

3 BALIÑAS PÉREZ, C.: *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII-IX)*. Santiago 1992, cap 2, apéndice nº 1, p 331-365. Tampouco na súa obra *Gallegos del año mil* A Coruña 1998 p.281.

4 LÓPEZ ALSINA, F.: *La ciudad de Santiago…* p 168: estas igrexas rurais xa poseían un territorio estable: unha base xeográfica fixa que incluía un número variable de *villae*.

5 FARIÑA JAMARDO,J: *La parroquia rural en Galicia*. Madrid 1981.

poucos máis anos despois atopámonos co Parroquial Suevo, onde o territorio de Iria se divide en parroquias, nesta división o espacio que estudiamos queda englobado na circunscripción de Brecantinos; hai que ter en conta, segundo sinala Cecilio Díaz[6], que a meirande parte dos nomes territoriais que ofrece o Parroquial son xentilicios, serían comarcas habitadas pola mesma tribu sobre a que se estarían exercendo unha acción pastoral, sen que se puideran sinalar parroquias (a igrexa e o seu entorno próximo) concretas como sinala o documento de Tructino; hai que ter en conta que Martiño levou a cabo unha forte actividade relixiosa na Gallaecia, loitando contra un moi arraigado priscilianismo, precisamente para iso escribiu *De correctione rusticorum*, mais a súa actividade centrouse entre o Miño e o Douro. Non hai nada que permita manter que estas igrexas foran fundadas nese proceso de recristianización. Pola súa parte Cecilio Díaz, no seu traballo que estamos a seguir, sinala que existiu unha profunda acción eclesiástica nos séculos IX e X, onde comenzaron a aparecer parroquias, organizadas como verdadeiros centros de culto local, coa súa igrexa provista dun patrono e o seu territorio delimitado. A pregunta sobre o contexto e circunstancias nas que se fundan estas igrexas sigue en pé, a resposta debe de andar flotando entre os séculos VIII e IX[7], e, movéndonos nun campo de probabilidades máis que de certezas, tampouco se debe desbotar a posibilidade de que fosen anteriores.

No intervalo que vai dende a acción pastoral de Martiño de Dumio, ata o documento que nos ocupa, case trescentos anos despois, o concepto de parroquia mudou; nese intervalo de tempo produciuse a "ruptura histórica"[8] e o vacío de poder que supuxo a invasión musulmana, que en Galicia foi moi atenuada debida á súa escasa duración, desto dinos o gran medievalista Sánchez Albornoz[9]: "Galicia (…) conquistada polos musulmáns no 714, quedou libre dos islamitas no 740. Os seus antigos habitantes proseguiron a súa vida milenaria. Non sufriron ningunha crise decisiva no seu existir tradicional, (…) en Galicia perduraron vivas durante moitos séculos tradicións sociais, xurídicas e estatais do Imperio Romano (…) aínda no século X se convertía formulariamente ós libertos en cidadáns romanos". Neste tempo de invasións e vacío de poder político cómpre sinalar que foi o bispado[10] de Iria o único do norte peninsular que non foi invadido polos musulmáns, de xeito que durante este século, as terras deste bispado mailo de Lugo (e será aí onde se instala o bispo de orixe africana Odoario, segundo os discutibles e discutidos documentos) constituían o ámbito onde con máis facilidade se podían adaptar os inmigrantes hispanogodos fuxidos da invasión musulmana, como consecuencia disto aumentará a poboación rural e fundaránse novas *villae*, restaurándose outras máis antigas; Baliñas

6 CECILIO DÍAZ M.: *Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy* (Historia de las diócesis españolas, 14) Madrid. (Coord. García Oro) p. 18. Naturalmente o concepto de parroquia que utiliza este autor difire do utilizado por López Alsina: é importante ter en conta que nesta época hai unha diferencia entre feligresía e a parroquia propiamente dita, sendo esta última moito máis extensa.

7 en LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P.: *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid, 1976. Temos un documento no que, á altura do 992 se nos comenta a fundación da *ecclesia Sanctie Marie de Bonimento* entre o territorio de Présaras e Aveancos. p. 163.

8 desde o punto de vista da perduración de vellísimas institucións sociais, fiscais e económicas, para Claudio Sánchez Albornoz, esta "ruptura" é moi matizada: "*Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media"* A Coruña 1981.

9 SÁNCHEZ ALBORNOZ C.: *España, un enigma histórico* Buenos Aires, 1957 (p. 419).

10 BALIÑAS PÉREZ, C.: *Do mito á realidade*….cap 2, p. 119-160.

Pérez[11] sinala que os hispano-visigodos fuxidos deberon ser como moito un milleiro e concentráronse en zonas moi circunscritas da Galicia nor-oriental, sinaladamente a Terra Chá, e os vales montañosos de Cervantes, Triacastela e Samos, polo tanto a conclusión (cos datos que temos) é que este proceso non afectou á comarca que estamos estudiando…



Mapa de Abegondo coas súas parroquias (cortesía do Departamento de Urbanismo do Concello de Abegondo.

Plantexando a proposta de que as igrexas ás que fai referencia ó documento estiveran situadas no mesmo lugar que están as actuais, é obrigado sinalar unhas palabras encol do lugar de emprazamento: as dúas igrexas que caen no noso ámbito de estudio están situadas na ladeira dun val, non demasiado lonxe dos castros que hai en tales lugares, os seus fundadores tiveron que escoller o lugar de ubicación por algunha razón concreta que non acabamos de vislumbrar; ámbalas dúas ofrecen unha panorámica bastante extensa, desde a de Abegondo contémplase gran parte do que hoxe é a súa parroquia, desde a de Mabegondo tamén, este feito de estar situadas en lugares de moi boa visibilidade non se lle puido escapar ós homes da época e debeu ser un factor, sen que, por falta de máis documentos poidamos tirar ningunha conclusión, de bastante peso á hora de escoller o lugar.

Tampouco debemos perder de vista, que en torno á segunda metade do século IX se producen dous ataques vikingos[12], da pouca información que temos tampouco podemos tirar conclusión ningunha; pero o feito de que foron vencidos na Coruña no ano 844 si é dabondo significativo. Haberá varias vagadas, volveremos sobre elas máis adiante, sobra dicir que estas incursións resultaban terroríficas, máis aínda que a dos propios musulmáns.

Tamén se debe chamar a atención sobre os nomes das igrexas que pertencen ó noso ámbito de estudio: cítanse como *auigondo* e *auegondo*… é moi posible que fose o mesmo fundador o das dúas igrexas, nun lugar común que puidese ter o mesmo nome, para logo desligarse; máis tarde xa as atoparemos co mesmo nome que na actualidade.

Outro camiño de indagación e rastreo histórico podémolo seguir a través do estudio da toponimia do termo *cum sua villa* facendo referencia á parroquia de Santa Eulalia de Abegondo; a *villa* como xa foi dito máis arriba, é o marco básico de habitación altomedieval[13], presentando sempre unha base xeográfica estable dentro duns límites

11 BALIÑAS PÉREZ, C.: *Do mito á realidade*….p. 171.

12 ALMAZÁN, VICENTE: *Gallaecia Scandinavica*. Vigo, 1986. p. 87.

13 PORTELA e PALLARES: *Nova Historia de Galicia*. VVAA. Oleiros 1996. p. 173.

perfectamente recoñecibles, responde a un esquema xeral herdado de época visigoda[14], son espacios acerca dos que a ocupación antiga non se pode dubidar; son, en moitos casos sen solución de continuidade, herdeiros dos asentamentos que sucederon ós castros[15], é máis: Sánchez Albornoz afirma que, na zona galaica, a inmensa maioría das vilas que afloran ós textos deberon ser prolongación das vilas hispano-romanas, hispano-suevas ou hispano-godas[16]. Á falla dun riguroso estudio toponímico (e microtoponímico) da zona, é de salientar que nas dúas parroquias citadas se atopan na actualidade lugares cun nome que inclúe o termo *villa*, así, na parroquia de Santa Eulalia de Abegondo temos "Vilanova" e perto do mesmo "Regueiro da Vila" (en alusión a un rego de auga que pasa por alí e que durante moitísimo tempo se utilizou, como en tantos outros lugares, para o rego dos prados) non moi lonxe do adro, no que sería o terceiro vértice do triángulo que formarían a localización deses topónimos, veu desaparecendo nos últimos corenta anos un lugar chamado "Vilariño", non demasiado lonxe da parroquia de S. Xulián de Cabanas; na parroquia de San Tirso de Mabegondo atopamos "Vilamarín", ¿son topónimos que proceden desta época? Sobre todo os da primeira parroquia é moi posible que si, pola propia expresión que o documento recolle; se o termo *villa* ou derivados proveñen desta época altomedieval non debemos perder de vista a existencia de topónimos co nome de "Vilar" nas parroquias de Meangos, Crendes, Vizoño e Folgoso[17], así como do nome de "Vilardel" na parroquia de Leiro, o vilar, como sinalaremos máis adiante, en posterior á *villa*, e xorde por unha necesidade de aumentar a terra roturada, por un aumento de poboación. Tampouco podemos esquecernos, claro está, do nome da parroquia de Vilacoba, moi significativo e no que nos pararemos máis adiante. Existe polo tanto unha continuidade de asentamentos no mesmo espacio, sendo nesta época na que van aparecendo por primeira vez na historia os nomes actuais dos lugares, será neste e no próximo século onde bastantes documentos nos amosen as primeiras referencias escritas, as primeiras noticias históricas, mais isto non quere dicir que non existiran desde antes: as *villae* son herdeiras dunha tradición de poboamento moito máis antiga: un modelo de hábitat xurdido coa romanización, moito máis leve ésta que no resto da península, e que continuou sen demasiados sobresaltos ó longo da época xermánica, pero de novo a falta de documentos e de máis prospeccións e estudios arqueolóxicos levantan un muro alén do cal non podemos ver máis.

A modo de conclusión podemos afirmar que o documento de Tructino, a pesares de tódolos interrogantes que plantexa, e ós que non estamos en disposición de dar respostas taxativas, móstranos algo tan importante como é o comenzo da documentación histórica da comarca, esas igrexas supuñan ante e sobre todo, unhas rentas para Iria. É un punto de partida moi interesante e axudándonos doutros estudios de carácter arqueolóxico constátase unha posible continuidade poboacional, que desde a cultura castrexa, pasando

---

14 LÓPEZ ALSINA, F.: *La ciudad de Santiago de Compostela en*...p 201.

15 PORTELA e PALLARES: *Nova … p. 173 e ss.*

16 *Historia de España*, tomo VII (fundada por Ramón Menéndez Pidal; dirixida por J. M. Jover Zamora), La España cristiana de los siglos VIII al XI: el reino astur leonés 722-1037. Sociedad, Economía, Gobierno, Cultura y vida (tomo redactado por Sánchez Albornoz) p 123-191.

17 NOMENCLATOR de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España: Provincia de La Coruña (con referencia al 31 de diciembre de 1950). Instituto Nacional de Estadística, Madrid, 1950.

polos restos romanos, tanto da comarca como no concello, (en Vilacoba), chegamos á luz histórica nesta xoia documental de finais do IX. No noso ámbito de estudio atopamos a primeira referencia a dúas parroquias, que como tais aparecen neste documento, unha cunha *villa* que atopamos a través da toponimia actual, con nomes case homónimos: Abegondo, Mabegondo. Só hai catro topónimos na zona con tal remate, dous son estes e outro atopáremolo de seguida como *Cularagondo*, o cuarto dá nome ó concello co que moitas veces tende a confundirse o noso obxecto de estudio: Bergondo. Todos, dito sexa de paso, na comarca das Mariñas, e non demasiado lonxe.

Pero este século aínda nos aporta outro documento, recollido nos tumbos de Sobrado e datado máis de sesenta anos antes da fundación do propio mosteiro, trátase da coñecida *karta donationis quam fecit Sisnandus (sponse sue) domne Eldontie de uillis et de hominibus et de habere*[18] , trátase da rica donación que fai Sisnando á súa muller Aldonza, segundo a lei xermánica, datada o 29 de abril do ano 887 nel especifícase toda unha serie de gando, de vinte servos, dez nenos e dez nenas dos que se di os seus nomes: exemplo palmario da existencia da escravitude neste tempo: os rapaces e rapazas doadas eran propiedade del, desde un punto de vista xurídico non podían ser outra cousa senón eso mesmo, e de 30 *villae* repartidas por varios territorios ou *commissos*, sendo estos Nemitos, Montanos, Presaras e Castella; interésanos o primeiro porque nel aparecen un par de primeiras referencias ó noso obxecto de estudio, así como outros lugares da comarca, algún dos cales xa nos sonará do documento anterior; di o anaco que nos interesa *"…iste sunt: in Nemitos, Generozo, Uiuenti, Caliobre, Uendabre, Pontelia, Teodorici, Heletes cognomento Limenioni, Crendes, uillare Porcimilio…"*[19] . A igrexa que existiría no último pertencía á sé de Iria, segundo o documento de Tructino que acabamos de ver, mais, ¿estase a refirir a algo distinto neste documento co termo *uillare*? É posible que si, fálasenos dun vilar, que ven sendo a extensión da vila, un anexo desta que xurde coa necesidade de ampliar a superficie cultivada[20] .

No noso ámbito de estudio atopamos Crendes e Limiñón; o primeiro é chamado polo mesmo nome que na actualidade, sen embargo o segundo é chamado por dous nomes *"…Heletes*[21] *cognomento Limenioni …"*, Heletes, que se chama, que se apoda, Limenioni; velaí un lugar con dous nomes, asistimos neste documento á sustitución dun nome por outro, un pérdese, o outro perdurará, volverémolo a atopar nun interesante documento do ano 942, no que nos deteremos máis adiante, onde se recolle a demarcación dunha *villa*, aquí obtemos a clave da orixe deste nome: *"…et homines de Lemenioni, neptos Lemeni…"* orixe antroponímico como se ve: …e homes de Lemenioni, netos de Lemen… trátase dunha

18 LOSCERTALES …*Tumbos*…. p 146. Tamén en CODOLGA.

19 Trátase dos seguintes nomes: Xanrozo, na parroquia betanceira de Requián (nome tamén de orixe patronímico: Requilani>Requián; S. Estevo de Vivente, Callobre, lugar da parroquia de Sta. María de Cuíña - máis tarde deterémonos nel - (concello de Oza dos Ríos) e Sta. María de Pontellas, no concello de Betanzos; Uendabre e Teodorici non fumos quen de localizar.

20 ANDRADE CERNADAS e PÉREZ RODRÍGUEZ *Galicia medieval* en Historia de Galicia, tomo III, Oleiros 1995. p. 28.

[21] Obsérvese a súa proximidade fonética co termo grego 'ελετός: "que pode ser collido ou capturado", aínda que supoñemos que non é máis que unha mera casualidade. Pola súa parte, JUAN J. MORALEJO: *Mandeo, Mendo, Miodelo* en Anuario Brigantino nº 25, 2002, (p.77-87) opina que tal nome ten paralelo co hidrónimo salmantino Yeltes, co topónimo Avetes en Celanova e co hidrónimo Ábedes (afluente do Támega)

costume comprobada documentalmente de que os colonizadores de novas terras, incluso de orixe servil, daban o seu nome ás terras que ocupaban[22] , o nome de Heletes xa non o voltaremos a atopar máis; así pois, o nome de Limiñón provén dalguén que se chamaba Lemen (ou Lemeni), que lle foi cedido o lugar de Heletes e que posiblemente vivía na data á que fai referencia o primeiro documento, (últimas décadas do século IX) e os netos e descendentes - estamos a falar aínda de familias extensas - (*Lemenioni*: que se podería traducir como "os de Lemen") estiveron presentes perante as autoridades cando se demarca unha *villa*, que veremos de seguida; este documento tamén plantexa os seus interrogantes xa que nel non se citan as circunscripcións relixiosas que constitúen as igrexas, senón as unidades básicas de hábitat rural e de producción que son as *villae*, sabemos que estas dúas acabarán por convertirse en parroquias, pero ¿non o serían xa agora?, se non o eran, alomenos o proceso estaba en marcha.

Desde outro punto de vista tamén é resaltable o feito da grandísima riqueza que se amosa neste documento, o propietario, que as dá en dote á súa muller pertencía – non pode ser doutro xeito – á alta aristocracia galaica; ¿estaría emparentado coa familia que fundou os mosteiros que imos a ver, de Cines, Sobrado…Celanova? Seguramente que si. Temos por forza que preguntarnos se deste feito se pode deducir que houbera unha continuidade na tenencia da terra dos grandes propietarios hispanorromanos e hispanogodos, navegando por este campo de probabilidades, (evidentemente nunca de certezas xa que a documentación así o condiciona) temos que dicir que as probabilidades de que esta hipótese sexa certa son bastante considerables.

REFERENCIAS NO SÉCULO X: *as posesións dos mosteiros de Cines, Sobrado e Celanova.¿un mosteiro en Vilacoba?. O Vilar de Paredes.*

Moi perto de Limiñón, a principios do século XI, fúndase o mosteiro de Cines[23] ; como foi dito, este lugar limita co concello de Abegondo, é lóxico e esperable que na delimitación (e donación inicial) se nómbrase algún lugar do noso interés: nun documento que se asina antes do 27 de xuño do 911, no que se acotan os límites do mosteiro, (o ano da súa fundación, según López Sangil é o 909) atopamos de novo as primeiras referencias a lugares que acabarían sendo parroquias. A condesa Paterna dona unha serie de lugares ó mosteiro, a petición dela, Ordoño II acota os termos do mesmo. Esta acotación faise tendo en conta elementos naturais e arqueolóxicos, que na propia época ben se poderían considerar como parte perceptiva da natureza; unha acotación moi precisa, do noso ámbito de estudio di, (non transcribimos todo o documento): "*… per archam inter Carraes et Cularagondo, per valum inter ambos Iohancios; per petram qui dividit inter Presidiu[24] , et Iohancium et Iohancium et Villar[25] ,*

22 FARIÑA JAMARDO,J: *La parroquia rural en Galicia*. Madrid 1981, p.88, que asimesmo cita a Sánchez Albornoz: *Despoblación y repoblación del valle del Duero*. Buenos Aires, 1966 p. 41-42.

23 LUCAS ÁLVAREZ M.: *El archivo del monasterio de S. Martiño de Fóra O Pinario de Santiago de Compostela*. Sada 1999, tomo II, p 1034; LÓPEZ SANGIL, *la fundación del monasterio de Cines*, en Anuario Brigantino nº 24, 2001, p. 139-157. (tamén en www.estudioshistoricos.com páxina feita baixo a súa iniciativa); FREIRE CAMANIEL, *El monacato gallego en la Alta Edad Media.* A Coruña 1998 p. 688; e FERREIRA PRIEGUE: *Los caminos medievales en Galicia* no Boletín Auriense, 1988, p 128-129. Tamén en www2.uah.es/historia1/Regestos/default.htm índice de documentos altomedievais. Tamén en CODOLGA.

24 Obsérvese o parecido do nome deste lugar co termo latino *praesidium*: protección, asilo, defensa; guarnición, destacamento; posto de garda. Esto xa o destacou VALES VILLAMARÍN: *las antiguas rutas jacobeas del territorio brigantino* Anuario Brigantino nº20, p 217-239, 1997.

25 Vilar, na actual parroquia de Santiago de Meangos.

per rivulum de Symia; per ipsam aquam usque ad Merum et inde per Merum usque ad Liminum et inde per rivulum Liminum usque ad castrum Ienrocio ubi incipemus". Este anaco ten interese para o noso estudio, e os elementos de análise que ofrece non son poucos: para empezar o termo *archam*, que separa os lugares de Carraes (Carres, que vimos no documento de Tructino, do actual concello de Cesuras) de Cullergondo, velaquí a primeira noticia que temos desta parroquia, pero ¿a que se refire tal termo? *Arca* ou *archam* está recollido por Marco Vitruvio Polión como unha sinal de delimitación[26], ou sexa, un marco; sen perder de vista o contexto máis próximo atopamos outro "marco" dividindo as parroquias de Loureda e Paderne[27], do mesmo municipio; ¿restos dalgún monumento megalítico? Posiblemente non, pero sen lugar a dúbidas, algo moi visible, coñecido e de carácter unívoco para os homes da época; aínda que tampouco se pode desbotar tal hipótese, xa que liñas máis arriba, di "*…per mamulam qui stat inter Ferrarios*[28] *et Genrozo…"* da época medieval temos moitos máis exemplos neste sentido.

O seguinte termo de delimitación que nos aparece no documento fai referencia a un lugar da actual parroquia de Cullergondo: Xuanzo (tamén, estamos ante a primeira referencia documental a este lugar); este termo aparece varias veces *…per valum inter ambos Iohancios…* resulta confuso, unha posible tradución sería: "polo valado[29] entre ambos Xuanzos", ¿é posible que houbera dous lugares moi próximos co mesmo nome divididos por un valado? ¿non se referirá ó mesmo lugar que atopamos de seguido como *Iohancium* e que está atravesado por un valado ?... neste caso o que si temos certo é que a orixe semita do antropónimo non ofrece lugar a dúbidas *Iohan-*, de novo a orixe doutro lugar provén dun nome propio, de orixe extrañamente semita, xa que estamos ante unha moi abondosa onomástica xermánica. De seguido atopamos outra nova (e primeira) referencia á actual parroquia de Presedo, á que separa de *Villar* e de *Iohancium* unha *petram*, que aquí ten o mesmo significado delimitador que o termo *archam*, ¿pode ser outro resto megalítico que serve de novo para separar lugares ? moi posiblemente… Este novo topónimo pode tratarse do Vilar da parroquia de Meangos ó que xa fixemos referencia de pasada máis atrás. O chamado río Symia[30] pode ser o que aparece na actualidade co nome de rego de Fontao, que desemboca no Mero; pola súa parte o *rivulum Liminum*, co mesmo nome que o lugar sobre o que reflexionabamos máis arriba pode tratarse dalgún regato de moi cativa importancia, xa que tampouco hai ningún cauce fluvial que leve ese nome …

A familia que o funda dótao dun terreo cunhas *villae* e cunhas terras co que manterse, unha familia da alta aristocracia galaica, como así indica o feito de que sexa o rei asturleonés o asinante destes documentos, á que veremos fundando os mosteiros de Sobrado, Celanova, situando ós seus membros nos postos claves de poder político e eclesiástico; unha familia con grandes posesións, era a posesión da terra a que daba o poder social, o poder político, non se esqueza, e desde esta perspectiva, e coa prudencia á que obriga a

---

26 DICCIONARIO LATINO-ESPAÑOL ESPAÑOL-LATINO de Blánquez Fraile, A. Barcelona 1985

27 VALES VILLAMARÍN, F.:*El marco del Monte Medela*. Anurio Brigantino nº 22, 1999.

28 López Sangil apunta a posibilidade que se refira ó lugar de Ferreiros, na feligresía de S. Miguel de Filgueira de Traba (concello de Cesuras), habida conta de que as mámoas limitan lugares limítrofes, seméllanos que esta ubicación está demasiado distante.

29 *vallum*: empalizada, estacada, valado, tamén muralla.

30 O nome deste río volverémolo a ver na donación que se fai da cuarta parte da *villa* de Outeiro, en Leiro, no ano 1200 (AHUS. Clero leg 737 f.213v).

falta de máis documentación, temos que sinalar a probabilidade de que gran parte do actual concello de Abegondo fose propiedade deles, como así debía ser gran parte da comarca. Agora ben, a falta de documentación obriga a plantexar máis preguntas de carácter interpretativo ¿era esta aristocracia galaica descendente, sen que houbese ruptura algunha, da galaica-visigoda, da galaica-sueva ou mesmo da galaico-romana?.

O curso da liña cronolóxica que estamos a seguir obríganos a perder de vista un intre a documentación de Cines, posto que será nada menos que nos tumbos do mosteiro de Celanova[31] onde atopamos a seguinte referencia ó noso ámbito de estudio: así, no ano 934 temos un documento no que San Rosendo (pertencía á mesma familia que fundou os mosteiros de Cines, Sobrado e Mera; foi bispo de Mondoñedo e de Santiago, fundador do mosterio de Celanova, consagrado en 942 e a onde se retirou, onde morreu no 977; a súa nai Ilduara era irmá de Elvira, muller de Ordoño II) mailos seus irmáns fan o reparto do patrimonio deixado polos seus pais Gutier e Ilduara, así, na parte que lle corresponde á súa irmá Adosinda, entre outras posesións, aparece "*…in Nemitos Mavegondo et pumares de Kancellata, et Porzimilio.*" Velaí dúas igrexas que aperecían no documento de Tructino como pertencentes á igrexa de Iria voltan de novo a aparecer aquí, ¿mudaron de dono, ou trátase non tanto das igrexas concretas, senón de *villae*?, *Porzimilio* xa o atopabamos na dote que facía Sisnando á súa muller, no ano 887; pola súa parte *Mavegondo* aparece como lugar, ¿seguiría pertencendo a igrexa á sede de Iria-Santiago e estase a referir o documento a unha *villa* ou algo alén da propia igrexa de san Tirso?, pola súa parte *Kancellata* corresponde con Santa María de Cancelada, parroquia do concello de Bergondo. Agora pertencen estes lugares a unha das familias máis poderosas da Galicia desta época, de novo batemos coa falta de documentación que nos explique como se chegou a esto e en que contexto se produciu. Se temos en conta que esta familia estaba emparentada coa monarquía astur-leonesa, non debe extrañar que acabaran nas súas mans vilas ou lugares que antes pertencían á sé iriense, non tanto por apropiación como por troco ou mesmo donación, habitual nestes termos, era obvio xa que estamos a falar da familia aristocrática máis importante da época.

Atopamos tamén aquí a primeira referencia aos pumares da comarca, dito doutro xeito: ás maceiras das Mariñas, este é un elemento moi importante e aparecerá en multitude de documentos medievais: as maceiras, que é ben doado supor que constituirían unha parte importante da alimentación da época, (a base da mesma seguirían sendo os cereais durante moitos séculos) segundo este documento non se doa o lugar senón os pomares, as maceiras do mesmo, agora ben, hai que ter en conta a posibilidade de que estes espacios agrícolas chamados así tamén fosen terreos de cultivo, téñase asimesmo en conta que nesta comarca aínda hoxe se utilizan as maceiras como valos que delimitan fincas de cultivo, e que esta pode ser perfectamente unha herdanza medieval. As mazás, xuntos coas castañas e se cadra en menor medida as noces, eran froitos que constituían un complemento fundamental na alimentación da época, xa que se podían conservar en bon estado durante moito tempo, e aínda que non aportaban tódolos nutrintes que o corpo precisa, permitían unha mínima alimentación en caso de carestía. Hai que ter en conta que as maceiras non dan o seu froito en tódolos sitios, xa que precisan dun clima óptimo e

31 ANDRADE, J.M.(edición a cargo de): *O tombo de Celanova*. Santiago 1995. p. 664; ó mesmo documento tamén fai referencia PALLARES MÉNDEZ, M.C.: *Ilduara, una aristócrata del siglo X*. Sada 2004, p. 21. Tamén en CODOLGA.



*Foto aérea de Cos (*Codais*). Fonte: Sixpac.*

benigno, non demasiado frío: a comarca das Mariñas é un lugar idóneo para o desenvolvemento destes frutais, aínda hoxendía son raras as casas que nas súas hortas non teñan maceiras, unha herdanza milenaria, non cabe dúbida… Atestiguado queda.

Voltando á documentación que nos ofrecen os tumbos de Sobrado[32], atopamos de seguida un documento do ano 935, que ten como encabezamento: *"Testamenti de monasterio de Uilla de Coua quod fecit Arbitrius et filii eius Mauranus Presbiter et Munusclus"*. Encabezamento que nos dá unha noticia canto menos problemática: Arbitrio e os seus fillos doan un conxunto de pertenzas ao mosteiro de Villa de Coba, nunca máis volveremos a atopar ningunha referencia a este mosteiro, polo tanto debemos tomar esta referencia con bastante cautela; Freire Camaniel cita este documento; García Oro dinos nun ton lírico pero acertado que en terras galaicas xurden os mosteiros coa mesma xenerosidade que a vexetación[33], apuntando que gran parte dos mosteiros tiveron vida efímera; aínda así este documento ten algunhas outras cousas interesantes para seren comentadas: *"…villa vocabulo Coua cognomento villar Froilani, territorio Nemitos, non procul a monte qui nuncupatur Scudris, iuxta riuulo Mero."* "vila de nome Coba, á que chaman vilar de Froilán, no territorio de Nemitos, non lonxe dun monte chamado Escudris, perto do río Mero"; non aparece ningunha referencia á advocación relixiosa da parroquia, na que acabará habendo dúas: san Paio[34] e Santo Tomé, senón que se trata de

32 LOSCERTALES….: *Tumbos*…. p 145-146. Trátase da primeira referencia documental á parroquia de Santo Tomé de Vilacoba. FREIRE CAMANIEL, *El monacato gallego en la Alta Edad Media*. A Coruña 1998, p. 953. BALIÑAS PÉREZ C: *Do mito á realidade*…p 304. tamén en CODOLGA.

33 GARCÍA ORO, J: *Galicia en los siglos XIV y XV*. A Coruña 1987, p 37.

villae, neste caso da mesma que ten dous nomes: Coba[35] e Froilán[36], de orixe romana o primeiro, xermánica o segundo, tamén máis antigo o primeiro que o segundo, xa que se sabe que os topónimos *Vilar* son ampliacións feitas dalgunha *villa*, eses dous nomes acabaron co tempo por denominar dous lugares, un dos cales dará nome á parroquia: Vilacoba; ese era o lugar onde estaba o mosteiro que se cita, vexamos o que se doa: *"…villa que uocitant Coua cum adiacentiis suis, Uilores, Colobre[37], Preseto…"* e segue especificando ademais as cantidades de gando, casas, terras… das que non poden faltar os pumares. Atopamos a segunda referencia a Presedo, véxase como vai evoluíndo o nome ó longo destes séculos: *Presidiu > Preseto.*

No vindeiro documento[38], pertencente a este mesmo tumbo, datado no ano 942, ó que xa fixemos unha referencia máis arriba xa que nos dou a solución á orixe do nome da parroquia de Limiñón, delimítase un vilar: *villar de Parietes*, lugar que segundo a documentación se atopa entre as actuais parroquias de san Esteban de Cos e san Salvador de Limiñón; a delimitación deste lugar faise nun contexto de que non se ten claro, e ademais específicase no propio documento a quen pertence a *villa*, a maneira de facela é a través de varias *archae*, fontes, ríos e camiños, aparecendo varios nomes de lugares que tampouco dimos localizado: *…que diuiserunt inter Codays et ipsum uillarem de Paredes. inuenerunt archam in ripam Mero, ubi dicent ad Canarium[39] et de Coria[40] in directo de ipsa archa in directo Sancto Stephano, et alia archa principalia iuxta uiam Codais, et inde ad fontem Iusteli[41], et de Coria ad illas cercarias que bouca que dicent Tructesindi. Et tercia archa in quoto super uarzinam que Bouea[42] et de Coria in ipsa Uarzina de*

34 É máis coñecido S. Paio que S. Tomé. Na honra do primeiro celébrase a famosa romería das cereixas o primeiro domingo do mes de xullo.

35 É obvio que se trata dunha referencia a algunha cova e esta podería ser unha prospección romana en búsqueda de ouro: ERIAS MARTÍNEZ, A.: *Tres asuntos mariñáns: "o Berce", ara romana de Vilacova…*(Anuario Brigantino nº 7, 1984); neste traballo o autor incide na existencia de toponimia relacionada coa minería aurífera, seguindo asimesmo a Monteagudo.

36 trátase do lugar actual de Freán, xa que o parecido dos nomes non dá lugar a dúbidas. De novo atopamos outro nome de lugar de orixe xermánico e antroponímico; nome que non debía ser moi raro xa que houbo dous monarcas con ese nome.

37 ¿pode tratarse de Vilardel, na actual parroquia de Leiro? Pola cercanía ben é posible; Colobre: ¿lugar na parroquia de santa María de Cuiña, concello de Oza dos Ríos? Semella quedar un pouco lonxe…

38 LOSCERTALES ….: *Tumbos…*p. 160 a 163.

39 trátase de presas de pequena altura destinadas á pesca, que tamén serven para comunicar as dúas beiras do río, caneiros, en CARRILLO BOUTUREIRA, F. *La actividad pesquera en Galicia de los siglos IX-XIII, a través de la diplomática medieval y de la toponimia actual.* Anuario Brigantino nº 22, 1999. p 105-135.

40 segundo Monteagudo *coria* son pedras ou marcos que xunto coas mámoas serven para pór límites a este vilar: *Menhires y marcos de Portugal y Galicia* en Anuario Brigantino nº26, 2003. Neste caso non teñen ese significado, senón *de Coria* significa "delimita…"

41 as fontes tamén sirven (o mesmo que os ríos e os restos preshistóricos) para a delimitación dos lugares. Volveremos a atopar esta fonte Vistela nun documento do ano 1149, nunha donación feita ó mosteiro de Sobrado polo conde Rodrigo, a condesa Toda e o seu fillo Vela Gutiérrez, do Monte da condesa Maior (DAVIÑA SÁINZ, S.: *El monasterio de las Cascas I.* Anuario Brigantino números 21 e 24, 1998 e 2001).

42 segundo Monteagudo trátase do río Govia *Hidronimia gallega* nº 22, 1999.

Bouea. Et quarta archa in ripa de ipso rio de Bouea. Et quinta archa, que de Coria inter Melangus[43] *et Parietes. Et sexta archa in Bauza, que dicent Cerquitum*[44]*, qui diuidit inter Trius*[45] *et Parietes. Et alias archas et de Corias que diuident inter Limenioni et ipsas Parietes et Caliobre*[46]*. Et concludent per fontem bonam in directo usque ad ipsam archam quem primiter inceperunt inter Codais et Parietes.* Como vemos, a *villa* non é só a aldea, o conxunto de casas coas súas dependencias, senón as terras de cultivo das mesmas, que é o que se delimita dun xeito, sen lugar a dúbidas, moi preciso e inequívoco para a xente da época.

Temos que ter en conta que esta delimitación faise entre o ángulo que forman dous ríos: o Mero e o Govia, en ningún caso se di que se cruzan, si é certo que, á falla dun estudio microtoponímico hai lugares que non atopamos. No mapa topográfico nacional 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional (mapa 45-IV) non atopamos ningún lugar con nome de Paredes, así como tampouco no listado de topónimos oficiais do DOG para a provincia de A Coruña,[47] sen embargo a xente do lugar chámalle Paredes a un monte e unhas leiras situadas á beira do río Mero, "entre Cos e Limiñón", dicía un viciño, exactamente igual á escritura da súa delimitación, (e de paso engadía: que alí ían os xitanos cortar as pólas dos salgueiros que nacían á beira do río para facer cestos…) aínda que na actualidade pertencen á parroquia de Cos, polo monte que leva o nome de Paredes atravesa unha fonda corredoira que chama a atención, un viciño dicíanos que era o camiño de sempre, e engadía, o "camiño Real", ou sexa, trátase do antigo camiño xacobeo, a verdadeira ruta que non coincide co trazado actual, e que pasaba, sen lugar a dúbidas, por Paredes. Tamén aquí atopamos a primeira referencia histórica a este lugar: unha vez máis atopamos dous lugares: S. Esteban, que é o patrono da parroquia, e que neste documento se refire ó lugar da igrexa, de advocación do santo, e Codais, seguramente máis primitivo, que evoluciona perdendo a "d" intervocálica, do mesmo xeito que *Adois* > *Ois* (no concello de Coirós) os dous nomes semella que teñen algunha relación.

As *archae* ás que se refire o documento non teñen necesariamente que ser restos megalíticos, polo propio contexto semella que están moito máis cerca de ser marcos divisorios; así, seguindo estas cos nomes que recoñecemos na actualidade obteríamos un lugar bastante ben delimitado, case de forma triangular, vindo a ser dous lados do mesmo os ríos Mero e Gobia, ou aínda non os propios ríos, senón algo antes; os lugares de Limiñón, Callobre, Meangos e Truz que aparecen no documento hai que entendelos non como os lugares propiamente ditos, senón como as terras propiedade dos mesmos. Feita a delimitación o propio documento recolle a decisión dos xuíces e autoridades respecto ó

[43] primeira referencia documental á parroquia de Meangos; obsérvese que a raíz do nome é grega: Melangus > μέλας, negro, oscuro, sombrío; desa raíz derívanse dous nomes que foneticamente se aproximan a este nome, tal como aparecerá recollido nos documentos desta época: a) μελαγ–γαιος: de terra negra; b) μελαγ–χροος: de pel oscura, moreno. (¿?)

44 cerquitum: pode tratarse do actual sitio de carballal; ten a mesma raíz: cerq- relativo ó carballo.

45 lugar de Truz, parroquia de San Tirso de Mabegondo, verémolo na Idade Media incluso como feligresía.

46 este si que se trata de Callobre, na parroquia de Cuiña, onde apareceu un forno tardorromano: ERIAS, A: "Horno tardorromano en Callobre"en *Brigantium*, boletín do museo arqueolóxico e histórico de A Coruña, 1982.

47 DOG do 25 de marzo do 2003, onde se aproba, a raíz do Decreto 189/2003, a nomenclatura correspondente ás entidades de poboación da provincia de A Coruña..

titular da mesma …*tuti quia ueritas est de isto Sesnando et de suos auctores. Et ordinauerunt ipse episcopo et illi iudices ad illum sagionem Fofum, ut asignaret ipso uillare de Parietes ab integro per suos terminos antiquos post partem de isto Sesnando et de suos actores in presentia de ipsos iudices…*

Dez anos despois da data do anterior documento, no 952, os condes de Présaras, Hermenexildo e Paterna, da mesma familia que os fundadores do mosteiro de Cines, fundan o mosteiro do Sobrado, de maneira que, xa no primeiro documento[48] propiamente do mosteiro, datado o nove de outubro dese ano, onde se fai testamento a favor do mosteiro, xa atopamos referencias ó noso ámbito de estudio …*in valle Nemitos villa [Melangus] que dicitur… cum domos uel omnibus intrinsecis suis ad integro, ipsa uilla cum omnibus prestationibus suis. In uilla Codais pumares quos comparauimus de Uistella…* Faise doación ó mosteiro dunha serie de propiedades familiares, das que figura a vila de Meangos e esa finca que se denomina como maceiras de Cos, non nos volve a aparecer a vila de Paredes; esta doación pode ser relacionada coa do mosteiro de Cines, xa que son familiares, trátase dunha poderosa familia galega, da que varios dos seus membros acadarán a dignidade episcopal. Pero este pomar xa non aparece no seguinte documento no que se confirman as posesións do mosteiro de Sobrado, o 13 de novembro do ano 959 "…*in territorio Nemitos, uilla Melangus cum adiectionibus suis…*"; esta omisión pode deberse a moitos motivos, entre os que pode estar que sete anos despois ese pomar xa non existise.

A documentación do século X que provén destes tumbos monacais aínda non remata aquí; así, no ano 971 atopamos outro inventario de bens deste mosteiro, o que doaron os propios fundadores e os seus fillos; no ámbito territorial que estamos a estudiar só aparece unha referencia, ven a confirmar o que vimos ata o de agora: "…*in ualle Nemitos (…) uilla Melangus cum adiunctionibus suis…*"

O século X apórtanos unha información considerable, producto indirecto dun ideal de santidade relixioso que consistía na vida monacal, que xa viña de séculos anteriores, así se fundarán tantos, sobre todo por parte da familia desa poderosa familia de S. Rosendo; os monxes destes mosteiros irán anotando as propiedades dos mesmos, desde as actas fundacionais, onde se especifican as donacións iniciais que fan os seus fundadores (todos desa forte familia) e os límites do mesmos (feitos, como así fica demostrado, a través de restos prehistóricos, cursos de auga, camiños antigos), ata as sucesivas donacións de particulares, que deste xeito esperaban que os rezos e pregarias dos monxes intercedesen polas súas almas unha vez mortos; ou tamén cedidos porque non lles quedaba outro remedio e así procuraban tamén o amparo material do mosteiro. Nesa documentación atopamos as primeiras referencias, e ás veces pistas que permiten rastrear a procedencia de nomes de actuais parroquias e lugares do actual concello de Abegondo. Atopamos os nomes das parroquias de Cos, Limiñón, Meangos, Cullergondo, Presedo e Vilacoba, así como lugares que hoxe en día son aldeas (Freán, en Vilacoba), Xuanzo (na parroquia de Cullergondo) e Vilar, (en Meangos) e o Vilar de Paredes, aldea que co tempo, sen que saibamos as razóns, rematou desaparecendo. Todos lugares máis ou menos próximos ó mosteiro de Cines, non pode ser doutro xeito, hai que insistir, todos están no val do Mero ou perto del.

É este século X o punto de partida para o estudio histórico ben documentado destes lugares, ¿existían antes? Claro, ¿desde cando? Non o sabemos, aínda que algúns, pola

48 LOSCERTALES….: *Tumbos*…p. 21 a 23.



*Foto aérea de Meangos (*Melangus*). Obsérvase perfectamente o castro atravesado pola liña de alta tensión.*

propia orixe do nome non poden ser dunha época moi lonxana a esta, o cal non implica que non houbese continuidade poboacional desde tempos pretéritos, só que é aquí cando reciben nomes de orixe xermánica e empezan, (categoricamente falando) a entrar na historia; nesta época van configurando propiedades dos mosteiros, verdadeiros organizadores do espacio altomedieval, tanto no eido material (agrario) como no eido espiritual (idea relixiosa de retiro monacal, cristianización definitiva dos espacios rurais); por iso se citan, porque son propiedades dos mesmos, e polo tanto, fontes de riqueza, de rentas; extensións de terras que aportan ós seus titulares os parámetros cos que se mide o poder, non tanto político como social e sobre todo, relixioso. Tamén nos permite esta información otear ó lonxe os propietarios da terra, a poderosa familia fundadora de mosteiros dótaos con bastantes propiedades, a hipótese que se debe plantexar é a seguinte ¿eran as terras que configuran o actual concello de Abegondo propiedade deles? Batemos coa falta de documentación que nos permita un exame máis profundo e exhaustivo da pregunta, pero, nun alto grado de probabilidades podemos afirmar que si, (sen menoscabar a posibilidade de que tamén houbese pequenos propietarios libres), igual que debía ser unha parte considerable da comarca das Mariñas.

Por outra parte cabe sinalar a importancia do río Mero, que aparece en case tódolos documentos que analizamos, é polo tanto, un elemento de primeira importancia a través do que se articula este territorio, a cercanía do río ou dun curso de auga debía ser un factor de gran importancia á hora de habitar un lugar, e neste caso así o demostra a documentación, tamén, como non podía ser doutro xeito, marca os límites das vilas e dos mosteiros: velaí unha herdanza medieval, xa que hoxendía tamén segue a marcar eses límites, (¿ou unións?) entre parroquias, entre concellos…

REFERENCIAS NO SÉCULO XI:
CONTINUACIÓN DOS MOSTEIROS: O DE *PIADELA*

No tumbo A da catedral de Santiago[49] atopamos un documento polo cal Alfonso V, por consideración de dona Fronosilde, acótase o mosteiro de S. Esteban de Piadela, tendo como data o 30 de decembro do 1020 : a forma de acotación dos seus límites é a mesma que a vista para os anteriores e propia da época, mediante *archae*, cursos de auga e castros; di: *Quomodo se leuat ipsa arca de Piaua et inde per se uereda antiqua*[50] *de Generozo et inde ad illum casale de domno Oppa et inde ad illum castrum quod est inter Liminionem et Generozo et inde ad illam aquam que discurrit inter Uiuenti*[51] *et Liminione infra ubi intrat in Mero et de Mero in prono usque ad illos saxeos*[52] *qui stant in ripa Mero inter Sanctum Romanum et Sexurriam et inde ad couas latroniles et inde per illam carralem qui discurrit inter Uillarem et Lauretam usque in ueredam Sancti Felicis et inde ad illum castrum de per uereda de Boioi et inde ad linares et inde ad illam lamellam de illa condominia de Ilioure et inde per ipsam ueredam antiquam usque in ipsa anta de iuxta ipsa arca de Piaua usque primitus incoauimus*. Este documento ofrece dúas novas referencias a lugares de Abegondo que aínda non tiñamos visto: trátase de San Román (*Sanctum Romanum)* e Seixurra (*Sexurriam*), ambos na actual parroquia de S. Martín de Orto, de novo atopamos outra parroquia con dous santos, igual que viamos antes en Vilacoba. O río Mero, que volve a delimitar as propiedades contiguas deste mosteiro, do mesmo xeito que limitaba o vilar de Paredes, pasaba cerca destas dúas entidades de poboación, na actualidade non, xa que fai unha parada no encoro de Abegondo-Cecebre para seguir o seu curso polo concello de Cambre; os dous lugares citados quedan, vindo de Abegondo, alén do encoro; asimesmo volve a aparecer *Liminionem*, Limiñón. Pola súa parte, os termos de Vilar e Loureda pertencen á parroquia de Santa María de Guísamo, concello de Bergondo; as covas dos ladróns tamén é un termo que aparece en algúns documentos medievais[53] , podería tratarse de lugares de monte onde se refuxiaran os que asaltaban os camiños: lugares tenebrosos na mentalidade popular. Segue xa por máis termos coñecidos: San Fiz, Vixoi[54] , e logo ata Illobre[55] .

Voltando ós tumbos do mosteiro de Sobrado atopamos unha nova referencia[56] , a un lugar que xa temos visto. En efecto, con data do 13 de outubro do ano 1031, unha tal Munia fai testamento ó seu sobriño, Gutier, abade concedéndolle *"… pro anima eius*

---

49 LUCAS ÁLVAREZ M.:. *Tumbo A de la catedral de Santiago.* Santiago 1998, p. 149 a 151.

50 Camiño antigo de Xanrozo… antigo camiño indíxena ou vía romana ¿e por que non as dúas cousas? É o mesmo que segue por Liminionem, cruza o Mero, adéntrase por Paredes, sube ata Melangus…

51 Parroquia de S. Esteban de Vivente, concello de Oza dos Ríos.

52 Derívase de *saxum*: pena, peñasco. Adxectivo que significa: de pedra, rocoso, pedregoso. Ten, polo tanto, o mesmo sentido que o termo *archa*. É a raíz do nome seixo: pedra xeralmente lisa, dura e de pequeno tamaño. Desta mesma raíz pode prover o seguinte nome *saxurriam*, seixurra.

53 atopámolo tamén en RECUERO ASTRAY M. (et alii.): *Documentos medievales del reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*A Coruña 1998, p. 13; no documento no que Alfonso VII fai donación á catedral de Santiago da Terra de Montaos e no que define os termos desta, o 31 de maio do 1124. ACS Tumbo C folio 113.

54 ambos nomes de lugares co tempo darán lugar ó nome da parroquia de S. Fiz de Vixoi, concello de Bergondo.

55 lugar da actual parroquia de Santa María de Pontellas. Como curiosidade dicir que a primeira referencia a este lugar figura no (discutible e discutido) testamento do bispo lucense Odoario.

56 LOSCERTALES….: *Tumbos.*… p 74-75.



Arriba, foto aérea de Presedo e do principio de Leiro (na parte inferior).
Abaixo, Mabegondo, co pazo de Quiroga no centro da imaxe.



ecclesiam quam uocitant Sancta Maria de Preseto, territorio Nemitos, discurrente riuulo Mero…", e aquí aparécenos unha novedade respecto ós anteriores documentos: é o primeiro lugar onde aparece a igrexa de Santa María, nos outros dous anteriores só é o lugar, a *villa*; aquí trátase da igrexa, douselle un nome dun santo a un lugar pero non perdeu o anterior que tiña, outro exemplo máis da creación de igrexas en lugares nos que xa existía unha *villa*. Pero o problema aparece porque noutro documento anterior lembramos que se doaba Presedo a aquel mosteiro de Vilacoba; entón ¿ como mudou de propietario, dun mosteiro a un particular? ¿ou será que nunca houbo aí un mosteiro, senón que o documento se refería á propia igrexa? ¿sería posible que o propio mosteiro, de habelo, deixaría de existir en pouco tempo xa que non tiña con que manterse? Podería ser, é unha posibilidade que hai que ter moi en conta. Os titulares da igrexa dóana a un abade, aínda que non o indica debía ser o de Sobrado, aínda que tamén hai que ter en conta o feito de que o termo "abade" podía indicar un párroco, un cura; o cal, neste contexto, non ten sentido. Tampouco hai que pasar por alto neste documento a independencia xurídica da muller, é ela quen fai o testamento e isto é así porque pode facelo, así llo autorizan as leis e as costumes, tampouco perdamos de vista que a sociedade galega, dende as primeiras palabras que dela se escribiron polos autores latinos, é matriarcal, exemplos deste tipo son moi ilustrativos.

Os personaxes que aparecían no anterior documento volvémolos a atopar no seguinte[57] , datado o 31 de maio do 1044, neste caso Gutier como testigo, de novo esa muller chamada Munia dona a *villa que uocitant Iohanzu, territorio Nemitos, secus fluuium Mero, cum omnibus adiuntionibus uel procurationibus suis(…) tibi Trasuario Osoriz et uxori tue Animie*. Só atoparamos a referencia de Xuanzo cando se delimita o mosteiro de Cines: agora sabemos a quen pertence esta *villa* que é doada cos seus anexos, o obxecto desta donación é un matrimonio, el aparece co apelido, ela non… Trasuario é un composto de Suario, antropónimo de orixe xermánica, nome que atoparemos neste lugar e arredores en numerosos documentos, de Suario derívase o nome de Sueiro, sendo os descendentes deste, «Suárez»; pois ben, ámbolos dous apelidos abundan na parroquia de Cullergondo, a onde na actualidade pertence esa *villa*, polo tanto é fácil deducir que houbo unha continuidade poboacional nas mesmas familias desde estes tempos altomedievais ata hoxe, así o atestigua a xenealoxía dos apelidos. Este documento tamén presenta as súas dúbidas: son donacións que se fan a particulares, esto indica o feito da existencia de pequenos propietarios libres, que doan, por razóns que o documento non aclara, pero que por inferencia da época podemos supor (dependencia feudal: entrega de terras ós máis poderosos da zona a cambio de protección).

Aínda na segunda metade do século XI, nun par de documentos máis, atoparemos referencias a lugares do actual concello de Abegondo, máis de seguir xa nos pasaríamos dos límites que a historiografía marca para o estudio desta época: lémbrese que no 1037, tras a batalla de Tamarón, sube ó trono astur-leonés Fernando I de Castela, a partir de aquí o predominio de Galicia sobre o reino será sustituído polo de Castela, os horizontes políticos xa camiñan cara a outros lados, os centros de poder político vanse alonxando cada vez máis… Na seguinte parte teremos boa ocasión de deternos nestes e noutros documentos que van explicando o devir histórico dos lugares e parroquias que conformarían centos de anos despois o noso obxecto de estudio: as dezanove parroquias que compoñen o actual concello de Abegondo.

57 LOSCERTALES… *Tumbos*… p 85-86.



Antigo mosteiro de Cines (hoxe casa rural chamada «Rectoral de Cines») coa igrexa gótica detrás.



Arriba, Xuanzo (parroquia de Cullergondo). Abaixo, Cerneda, co castro en primeiro plano á esquerda. Fonte: Sixpac.



BIBLIOGRAFÍA:

ALMAZÁN, VICENTE: *Gallaecia Scandinavica. Introducción ó estudio das relacións galaico-escandinavas durante a Idade Media.* Vigo, 1986.

ANDRADE CERNADAS e PÉREZ RODRÍGUEZ *Galicia medieval* en Historia de Galicia, tomo III, Oleiros 1995.

ANDRADE, J.M.(edición a cargo de): *O tombo de Celanova.* Santiago 1995.

BALIÑAS PÉREZ, C.: *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII-IX).* Santiago 1992.

CARRILLO BOUTUREIRA, F. *La actividad pesquera en Galicia de los siglos IX-XIII, a través de la diplomática medieval y de la toponimia actual.* Anuario Brigantino nº 22, 1999.

CECILIO DÍAZ M.: *Iglesias de Santiago de Compostela y Tuy* (Historia de las diócesis españolas, 14) Madrid. (Coord. García Oro).

DAVIÑA SÁINZ, S.: *El monasterio de las Cascas.* Anuario Brigantino (números de 21 a 24, 1998 a 2001).

DOG. do 25 de marzo do 2003, onde se aproba, a raíz do Decreto 189/2003, a nomenclatura correspondente ás entidades de poboación da provincia de A Coruña.

ERIAS MARTÍNEZ, A.: *Tres asuntos mariñáns: "o Berce", ara romana de Vilacova.*..Anuario Brigantino nº 7, 1984.

ERIAS, A: *"Horno tardorromano en Callobre.* Brigantium, boletín do museo arqueolóxico e histórico de A Coruña, 1982.

FARIÑA JAMARDO,J: *La parroquia rural en Galicia*. Madrid 1981.

FERREIRA PRIEGUE: *Los caminos medievales en Galicia* no Boletín Auriense, 1988.

FREIRE CAMANIEL, *El monacato gallego en la Alta Edad Media.* A Coruña 1998.

GARCÍA ORO, J: *Galicia en los siglos XIV y XV*. A Coruña 1987.

JUAN J. MORALEJO: *Mandeo, Mendo, Miodelo* en Anuario Brigantino nº 25, 2002.

LABORATORIO DE ARQUEOLOXÍA E FORMAS CULTURAIS DA USC: "Estudio de Impacto Arqueológico de la Red de Gaseoductos de Mugardos: Ramal Sur" .

LÓPEZ ALSINA, F.: *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago, 1988.

LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Sta. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela.* Santiago, 1898-1909, en 11 tomos.

LÓPEZ SANGIL, J. L.: *la fundación del monasterio de Cines*, en Anuario Brigantino nº 24, 2001.

LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P.: *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. Madrid, 1976.

LUCAS ÁLVAREZ M.: *El archivo del monasterio de S. Martiño de Fóra O Pinario de Santiago de Compostela*. Sada 1999.

LUCAS ÁLVAREZ M.:. *Tumbo A de la catedral de Santiago.* Santiago 1998.

MENÉNDEZ PIDAL R (fund.).: *Historia de España*, tomo VII: La España cristiana de los siglos VIII al XI: el reino astur leonés 722-1037. Sociedad, Economía, Gobierno, Cultura y vida (da autoría de Sánchez Albornoz).

MONTEAGUDO L.: *Hidronimia gallega.* Anuario Brigantino nº 22, 1999.

MONTEAGUDO L.: *Menhires y marcos de Portugal y Galicia.* Anuario Brigantino nº26, 2003.

NOMENCLATOR de las ciudades, villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de España: Provincia de La Coruña (con referencia al 31 de diciembre de 1950). Instituto Nacional de Estadística, Madrid, 1950.

PALLARES MÉNDEZ, M.C.: *Ilduara, una aristócrata del siglo X*. Sada 2004.

Plan Xeral de Ordenación Municipal de Abegondo (PXOM): catálogo de bens arqueolóxicos .

PORTELA SILVA E. e PALLARES MÉNDEZ P.: *Os mosteiros, protagonistas da colonización e do proceso de señorialización na Galicia medieval: o exemplo do mosteiro de Sobrado*, na revista "Estudis D´Historia Agraria" nº 2.

RECUERO ASTRAY M. (et alii.): *Documentos medievales del reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*A Coruña 1998.

SÁNCHEZ ALBORNOZ C.: *España, un enigma histórico* Buenos Aires, 1957.

TORRES LUNA et alii: *Municipios y parroquias de Galicia*. USC. 1989.

VALES VILLAMARÍN: *las antiguas rutas jacobeas del territorio brigantino* Anuario Brigantino nº20, 1997.

RECURSOS DE INTERNET:
www.estudioshistoricos.com
www.corpus.cirp.es/codolga/consulta
www.uah.es/historia1/Regestos/default.htm
www.xunta.es/conselle/ag/fogga/sixpac/visor/

Foi Galiza un reino?

ANTÓN COSTA RICO*

Sumario

Pretendemos achegar aos lectores un apunte de interese didáctico, máis que de erudición histórica, sobre a cuestión de se Galiza foi ou non un Reino, presidido xa que logo por reis propios, un asunto que está a suscitar arestora un certo debate colectivo e académico. Este apunte xurde da miña docencia universitaria relacionada coa historia da educación en Galicia, debendo respostar a interrogantes do alumnado. A resposta é que Galiza foi un Reino, pero non do modo como certo imaxinario social quixera sentir. Foi un Reino "impreciso" e adiantado no tempo.

Abstract

Our intention is to bring our readers a note of didactic interest, rather than mere historical erudition, on the question of whether Galicia was or was not a Kingdom, ruled over by its own kings, a subject that has created a certain collective and academic debate. This work has grown out of my university teaching relating to the history of education in Galicia, in response to students' questions. The answer is that Galicia was a Kingdom, but not in the shape and social form that one would imagine. It was an "imprecise" Kingdom, and ahead of its time.

¿Por acaso foi a Galiza un reino entendido en termos políticos? A historiografía tradicional hispánica alude moi escasamente a isto, e só para referirse ao rei Don García que gobernou unha Galiza independente durante seis escasos anos (1065-1071),contando, porén, coa animadversión dunha parte da nobreza galega. A tradicional historiografía hispana que asenta, en particular, nos estudos maiores de Américo Castro, Sánchez Albornoz e Menéndez Pidal, adoptou unha orientación castelanista tendente a diluír a posíbel diversidade histórica dos territorios configuradores da chamada Coroa de Castela, baixo influencia, á súa volta, dos tratadistas do século XIII, Jiménez de Rada e Lucas de Tui.

Baixo tales influencias a historiografía sobre Galiza apenas presentou referencias distintas até chegar a tempos moi recentes a fins do século XX, sendo oportuno mencionar, en todo caso, a obra de Emilio González López, sintomaticamente titulada *Grandeza y decadencia del Reino de Galicia* (Buenos Aires, 1957, con edición ampliada en galego en Vigo, 1978) e mesmo o ensaio *Separatismo e Unidade* de Eduardo Menéndez-Valdés Golpe, editado por Galaxia en l970.

Teñen sido as obras formuladas por Camilo Nogueira e por Anselmo López Morais, en particular, as que na actualidade abriron un discurso historiográfico que reforza a idea dun Reino de Galiza, negado pola tradicional e aínda a máis recente historiografía hispana: ¿Qué hai de esto? ¿Trátase dun novo mito, neste caso «nacionalista», tal como unha especie de «sebastianismo» portugués, segundo foi usado en contra do «impostor» Filipe II dos Austrias?.

*** Antón Costa Rico é Profesor Titular de Teoría e Historia da Educación na Facultade de Ciencias da Educación (da que foi Decano) da Universidade de Santiago de Compostela e directivo de Nova Escola Galega. É historiador da educación en Galicia.**



Fernando II (rei de Galicia e León de 1157 a 1188). Tumbo A do Arquivo da catedral de Santiago.

O que pode haber de certo está explicado analiticamente en diversos lugares. O que aquí se pretende é a realización dunha glosa didáctica. Houbo si un Reino de Galiza, aínda que para poder explicalo hai que retrotraerse ao tempo Antigo e á Alta Idade Media, máis que á Baixa Idade Media, de tal modo que ao ser moi alta a precariedade documental para tal tempo en toda a Hispania, non é doado «construír» o imaxinario e o relato histórico acaído a tal escenario, abríndose logo un maior espazo para as conxeturas.

De partida, Galiza desde a súa romanización sempre gozou «de facto» senón «de iure» dalgunha singularidade social, cultural e política até o presente. Dende o ano 298 depois de Cristo existe a *Gallaecia* como provincia romana composta por tres conventos: o lucense, o bracarense e o asturicense, sendo sobre todo os dous primeiros, que comprendían o conxunto das terras da actual Galiza e do Norte de Portugal até o Douro, máis que as que van de Zamora a Asturias, os que máis cohesionados estiveron nos periodos a seguir.

No ano 411, mediante un pacto cos romanos, os suevos alcanzaron arredor da cidade de Braga o liderato político das terras desta *Gallaecia,* baixo a figura dun rei destas terras, ao que se refiren escasos e distintos documentos mediavais (algún escrito desde actuais terras francesas) como *Regnum Suevicum* e tamén *Regnum Gallaicorum*, manténdose



Alfonso IX (rei de Galicia e León de 1188 a 1230). Tumbo A do Arquivo da catedral de Santiago.

unha continuidade até o ano 585. Formaban parte deste Reino tamén terras da tradicional rexión de León e algunhas de Extremadura, con outras de Portugal sobre o Tejo, terras que anteriormente foran unha parte da Lusitania.

Cando o reino visigodo con Leovixildo e con capital en Toledo incorpora a *Gallaecia* no ano 585, os vellos conventos lucense e bracarense volveron reaparecer politicamente baixo a administración política dun *Dux Galliciae*, o que así parece que se mantivo até a invasión musulmana no ano 711. Agora desaparecerán as estructuras políticas visigóticas, sendo o seu lugar ocupado por magnates locais, mentres en terras de Asturias contra Santander pugnaba por aparecer un liderato político-militar que terminou afirmándose como de carácter real coa figura do rei Silo (anos 774-783), quen eliminou a resistencia ao seu poder de varios magnates galegos. Esta integración de Galiza baixo un poder asturiano consolidouse no reinado de Afonso II (anos 790-842), momento no que «aparecen» en Compostela os restos do Apóstolo Santiago o Maior, o que da lugar á construcción dunha Igrexa baixo a protección do tradicional Bispo de Iria; e tamén neste periodo cando se afirma a sé política e relixiosa de Oviedo – en terras que até estes momentos dependían no campo relixioso tanto de Lugo, como de Mondoñedo-. Hai que sinalar que as *Crónicas*

Carolinxias do ano 798 citan ao rei Afonso (educado na súa adolescencia no mosteiro de Samos) como «rei de Galiza e Asturias». Un seu curmán, como Ramiro, será o seu sucesor, co apoio dos magnates galegos, en contra dos seus opositores cántabro-asturianos, e casará á súa única filla coñecida cun magnate galego. Ramiro é continuado polo seu fillo Ordoño I (anos 850-866), chamado «rei de Galiza» en textos árabes. O seu fillo Afonso (III) o Magno, logo de exercer funcións reais como príncipe desde Santiago (desde o ano 862), será o novo rei para o periodo 866-910, sendo denominado polo Papa «Regi Galleciorum» no momento da súa consagración. Rei dun Reino, con capital en Oviedo, que agora amplía e consolida os seus territorios até o Douro, tamén en terras do actual Portugal.

Afonso o Magno, antes de morrer, divide o Reino entre os seus tres fillos: León, Galiza e Asturias. Ordoño rei de Galiza desde o 910 unifica no 914 todos os tres territorios e traslada a corte a León, desde onde reinará até 924, momento este no que o galego Hermenexildo – da familia do rei- inicia unha linaxe de condes da cidade de Porto, da que co tempo formará parte o primeiro rei portugés Afonso Henriques. Á morte deste Ordoño II, de novo os tres territorios son divididos entre tres fillos (Sancho Ordóñez, como rei de Galiza, Afonso e Ramiro); logo de varias peripecias dinásticas Ramiro [de Asturias] imponse como rei único entre os anos 930 e 950 situando a capital en Zamora. Aparece nas crónicas musulmáns como «rei dos galegos». Á súa morte reproduciranse os conflitos internos na familiar real. Até a fin do século X seguirán inestábelmente Ordoño III (fillo de Ramiro Ordoñez), Sancho I, Ramiro III e Vermundo II, no medio de trifulcas dinásticas. O fillo deste último será o novo rei como Afonso V entre os anos 999 e 1028, sendo rexente bastante tempo o conde galego Mendo Gonzalves, na súa condición de *Dux Gallaetiae*. O fillo de Afonso V, casado cunha filla deste conde, reinará como Vermundo III até o 1037; este rei concederalle á súa irmá Sancha, casada cun fillo do rei navarro Sancho o maior, título real e o creado Condado de Castela (que só desde 1157 comenza a ser Reino). Á morte sen sucesión de Vermundo III a súa irmá herda o reino con sé en León e con ela o seu home Fernando, fillo do rei navarro e conde de Castela, unficando agora terras xa extensas. Sancha e Fernando dividiron as terras entre os seus fillos: por unha parte León, que encomendou a Afonso (será o Afonso VI), e por outra, Castela (con Navarra e Zaragoza), para Sancho e Galiza (con Portugal, Badaxoz e Sevilla) para García. A pronta morte de Sancho en Castela e o apresamento de García polo seu irmán en 1071 deixaron todas as terras en mans de Afonso VI de León, o conquistador de Toledo en 1085, que se erixiu e foi aceptado como Emperador. A el se dirixiu, con todo, o Papa Urbano II no ano 1088 como «Regi Ildefonso Gallaetie».

Este Afonso VI foi pai de dúas fillas, Urraca e Tereixa, que foron casadas con dous nobres borgoñóns que viñeran en axuda do Rei para a conquista de Toledo, Raimundo e Henrique, respectivamente, sendo agasallados os dous como condes de Galiza (Urraca e Raimundo en 1903, con autoridade real acordada a Urraca como primoxénita) nun caso, e de Portucale e Coimbra (Tereixa e Henrique) no outro.

O fillo maior de Urraca e Raimundo, Afonso Raimundes, educado na casa nobre dos Trava, os señores máis importantes do País, sendo aínda neno, foi coroado na catedral de Compostela en 1111 como Rei de Galiza na súa calidade de príncipe, mentres a súa nai Urraca substitúe ao seu marido morto no trono en León. E unha vez morta a raíña Urraca (1126), Afonso Reimundes herdou o trono, como Afonso VII. Ao tempo Tereixa, condesa de Portugal e nai de Afonso Henriques entraba en desavinzas co seu fillo, ao punto de librarse a batalla de S. Mamede en 1128, gañada polo seu fillo co apoio dos nobres

portugueses, en desacordo co hipotético liderato «rexional» dos Trava, un deles amigado con Tereixa, que retivo só mentres viviu o condado de Coimbra. Eran os antecedentes da declaración de independencia de Portugal, o que ocurreu en 1143, cando morreu Tereixa, sendo o mesmo Afonso Henriques o primeiro rei que unificou todas as terras do Norte e Coimbra, chegando nas conquistas até Lisboa, que ben logo sería declarada capital.

Neste tempo Compostela acadaba con Xelmírez a calidade de arcebispado e de metrópoli relixiosa, en contra da vella metrópoli galega de Braga, de onde xurdiron enfrontamentos entre as dúas cidades. Compostela tamén se oporá á outra sede tradicional de Toledo, mentres aumentaba o seu prestixio relixioso, e tamén político e cultural, ao punto de distinguir o *Codex Calixtinus* –feitura do escritorio catedralicio- entre *Hispania* e *Gallaecia*. Alén dos Pirineos aumentaba a sona de Galiza, como así o reflexan as numerosas referencias aparecidas nas francesas *Chansons de geste*. Eran tempos de consolidación oral do romance galego; de construción de templos románicos e das catedrais. A de Santiago adquire unha definitiva centralidade, como a máis prestixiosa do reino. Alí van dar os restos dos Trava máis ilustres e tamén da muller do rei Afonso VI, Berenguela, e do conde Raimundo.

Ao morrer, Afonso VII deixou Castela ao seu fillo Sancho, de curto reinado, sendo sucedido polo seu fillo Afonso, o primeiro conde de Castela. León e Galiza, pola súa parte, quedaron para Fernando II, como así se titulou rei en distintos documentos. Este, que concedeu un número singular de Cartas forais para a creación de vilas en Galiza, ao morrere en 1188 –sendo soterrado na catedral de Compostela-, foi continuado vigorosamente polo seu fillo Afonso VIII (que aparece na historiografía española como Afonso IX). Este, no seu segundo matrimonio con Berenguela, da familia real de Castela, tivo como fillo varón a Fernando, pasando a ser o herdeiro que en 1230 comenzaría a reinar en todas as terras de León, Galiza e Castela: o que quedou para a historia como Fernando III o Santo. Con el, pero sobre todo co seu fillo Afonso o Sabio acentuaríase a hexemonía castelán na Corte, e a perda de poder político da nobreza de orixe galega.

Así, en particular, desde a fusión entre León e Castela con Fernando III, a denominación de Reino de Galiza, aplicada a terras que sobardaban abondo os lindeiros da actual Galiza, sería máis unha denominación singularizadora que unha resposta a unha realidade política.

Os nobres galegos, en todo caso, terán un recoñecible peso na Corte, menor que noutrora, baixo a primacía dos Castro, en substitución dos Trava, até a morte do rei Pedro I, ao que maioritariamente apoiaron en 1369. O cambio dinástico que aquí se produce a favor da casa dos Trastámara (por certo de orixe galega) reforzou máis á nobreza de orixe castelá, que agora recibiu importantes mercés e encomendas en Galiza.

Durante os séculos XIV e XV a nobreza galega, incluíndo os señores eclesiásticos, non se sentirían en ningún momento baixo o liderato plenamente unificado de ningún cabezaleiro, manifestándose en varios momentos unha simpatía pro-portuguesa por parte de algúns como os Castros, coa súa rama portuguesa,o Andeiro, ou tamén Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga), que se posicionou en apoio en 1474 da filla de Henrique IV de Castela, Xoana, obtida de matrimonio con portuguesa. A morte deste Pedro Álvarez como a de Pedro Pardo de Cela en 1483 en Mondoñedo, e a desposesión que a raíña Isabel de Castela lle fai en 1484 das terras de Vilafranca e de Ponferrada aos Condes de Lemos, viñan significar a fin da autonomía nobiliaria, como base posíbel dun poder galego. O impulso centralizador que se instaurou foi extraordinariamente forte, por máis que non foi antinobiliario.

¿Foi a Galiza un reino? Si, aínda que pouco sólido, se nos retrotraemos ao Reino dos Suevos; foino, en certo modo, polo liderato e control que exerceron os nobres galegos que acompañaron aos reis durante o século IX e boa parte do X, así como durante boa parte do XI, durante o XII e mesmo durante o primeiro tercio do s. XIII. Un reino cunha sé política en León e cunha sé relixiosa en Compostela. Un reino cristiano case sempre entretecido por tres territorios compoñentes: a Galiza, Asturias e León. Cunha insuficiente conciencia histórica como tal – en parte pola súa xeografía e polo tempo-, o que o fixo máis feble e máis dependente de avatares nobiliarios e de linaxe; sen «heroicidades», simbolicamente fundadoras. O espazo que xerou unha lingua romance propia, o galego, e que acolleu un movemento literario cortesano, relixioso e social de indubitábel importancia e trascendencia, pero que, con todo, non deu curso durante o século XIV a un desenvolvemento científico en lingua galega, como por exemplo aconteceu no caso catalán. Un espazo singular, con arquitectura política inacabada, con insuficiente consciencia política de si, que coa súa «anticipación» temporal con respecto a outros territorios-reino, non callou nin solidificou nunha estrutura política e institucional máis sólida e recoñecíbel polos outros. Todo deixou, porén, unhas marcas políticas, culturais e lingüísticas, que seguen a estar no sochán do noso entramado social e político actual, no sochán das reivindicacións galegas e da súa identidade.

BLIOGRAFÍA

AAVV, *Historia Xeral de Galicia*, A Nosa Terra, Vigo, l997.

GONZÁLEZ LOPEZ, E., *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1978.

LÓPEZ CARREIRA, A., *Os reis de Galiza*, A Nosa Terra, 2002.

MENÉNDEZ-VALDÉS GOLPE, E., *Separatismo e Unidade*, Galaxia, Vigo, l970.

NOGUEIRA ROMÁN, C., *A memoria da nación. O Reino da Gallaecia*, E.Xerais de Galicia, Vigo, 2001.

ORRES, C., *Galicia Sueva. El Reino de los Suevos*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, l977.

Son variadas as achegas publicadas en números especiais e ordinarios de *A Nosa Terra.*

Nova aproximación ao estudio documental da Real Audiencia de Galicia: os preitos e expedientes de mosteiros

GABRIEL QUIROGA BARRO*

Sumario

Analízase desde un punto de vista arquivístico o conxunto de preitos e expedientes do denominado "Preitos e expedientes de Mosteiros" do fondo documental da Real Audiencia de Galicia, custodiado no Arquivo do Reino de Galicia

Abstract

In this article, the author analyzes, from an archival perspective, a particular records series inside the fonds of the Royal Court of Galicia, kept in the Archives of the Kingdom of Galicia: the lawsuits of the Monasteries.

Con ocasión da publicación en CD-ROM dun novo instrumento de descrición do fondo documental da Real Audiencia de Galicia, o *Catálogo de preitos e expedientes de mosteiros*[1] , decidimos acometer o estudio documental deste conxunto. Ese traballo permitiunos redactar a *introducción* ao catálogo. Agora o presentamos aquí de forma separada, aproveitando a amable invitación de Alfredo Erias.

O estudio sigue a metodoloxía exposta noutras publicacións anteriores, sobre a que volveremos tratar máis abaixo. Combina o exame das fontes lexislativas, doutrinais e documentais para o coñecemento dos procedementos xudiciais do *antigo réxime* co tratamento estatístico dos preitos e expedientes identificados a partir da base de datos de descrición elaborada no Arquivo do Reino de Galicia. Nunha segunda fase, os datos obtidos permiten elixir un ou varios tipos documentais concretos que serán obxecto de análise pormenorizada.

Esta análise, que é de natureza arquivística[2] , parte do modelo proposto no seu día por Vicenta Cortés Alonso como método para a identificación de series documentais[3] . Un método amplamente difundido hoxe, con diferentes variantes, entre a comunidade arquivística española, e que ten demostrado a súa utilidade no contexto de amplos proxectos de identificación e valoración de fondos documentais[4] .

O obxectivo final que perseguimos é acadar un coñecemento máis profundo da realidade documental do fondo da Real Audiencia de Galicia e do funcionamento interno do Tribunal, e con isto mellorar a organización e descrición do conxunto. Algo tanto máis necesario canto que, se ben existen xa sólidos estudios de base sobre a orixe, organización e funcións da Real Audiencia de Galicia[5] , e, en xeral sobre a organización xudicial da Coroa de Castela durante a Baixa Idade Media e os comezos da Idade Moderna[6] , aínda sigue a haber un déficit xeral de coñecemento sobre os procedementos xudiciais, especialmente sobre os de carácter civil, deste período[7] .

***Gabriel Quiroga Barro é director do Arquivo do Reino de Galicia.**

OS PREITOS E EXPEDIENTES DE MOSTEIROS

No fondo da Real Audiencia de Galicia, o conxunto de preitos e expedientes tradicionalmente denominado *Mosteiros* está constituído, trala última revisión realizada con motivo da edición do catálogo, por 7.908 documentos tramitados a instancia de diferentes mosteiros, a maior parte deles galegos[8] , con rendas, propiedades ou intereses en Galicia.

Como é ben coñecido, os expedientes e preitos iniciados por comunidades monásticas constituían, xunto cos tramitados a pedimento doutras institucións ou persoas, *casos de corte* nos diferentes tribunais reais da Coroa de Castela, entre eles a Real Audiencia de Galicia[9] . Isto significaba que estes colectivos e individuos podían acudir directamente á Audiencia, sen pasar por outros tribunais inferiores, en demanda de xustiza. Probablemente foi esta a razón que levou aos escribáns de asento da Audiencia e logo aos primeiros responsables do Arquivo do Reino a organizar e describir separadamente cada un destes conxuntos. Outra consecuencia derivada desta circunstancia (xunto con outras, como a facultade itinerante do tribunal e a utilización do Auto Ordinario) foi unha notable acumulación de procesos tramitados en primeira instancia perante a Audiencia[10] .

Todo isto explica a existencia no Arquivo dun catálogo convencional en cédulas soltas con aquela denominación, elaborado partir da información recollida nos chamados *Libros índices*[11] , e a permanencia e utilidade que seguen a ter estes instrumentos.

Antonio Gil Merino sinala que a "serie" de preitos e expediente de *mosteiros* comprende 8.200 documentos, recollidos en 436 atados e con datas extremas entre 1531 e 1841. Engade que se refire a *bens, rendas, tributos e incidencia da xurisdicción dos Mosteiros principais, así como dos antigos transformados en priorados a eles anexos, das Ordes de San Bieito e do Císter, algún de Santo Agostiño e doutras Ordes de ambos os dous sexos.* Di tamén que os preitos ofrecen grande interese pois *nalgúns foron incorporados como proba instrumentos dos séculos XIV, XV e aínda anteriores, para o estudio de institucións desta rexión na Baixa Idade Media*[12] . Pedro López engade a esta información unha ampla *nota histórica e importancia para a investigación*[13] .

A revisión da base de datos permite fixar o número de documentos que recolle o novo catálogo informatizado na cifra expresada máis arriba, e as datas extremas, en 1511[14] e 1833[15] .

APROXIMACIÓN Á TIPOLOXÍA DOCUMENTAL

De acordo coa metodoloxía exposta noutro lugar[16] , os pasos que seguimos na investigación que se abre coa preparación da edición dun novo catálogo da Real Audiencia son os seguintes:

1. Revisión íntegra e sistemática de todos os rexistros que compoñen a base de datos que representa os documentos. Corrección de erros ortográficos, sintácticos e de datación. Corrección e normalización de topónimos e descritores de materias, de acordo coas fontes habituais que está a utilizar o Arquivo[17] .

2. Establecemento do marco teórico-xurídico que nos permitirá abordar unha identificación previa, definido polas normas legais que regulaban a estructura e o funcionamento da Audiencia e polas obras doutrinais e os documentos que hoxe nos serven de axuda para comprendelo.

3. Pre-identificación dos tipos documentais presentes por comparación entre a lista de procedementos da Audiencia descritos nas fontes citadas, e nomeadamente por Vicente Álvarez de Neira, primeiro arquiveiro do centro e avogado do Tribunal[18] , e a relación dos descritores de materia e tipos documentais que inclúe a base de datos analizada.

4. Tratamento estatístico dos tipos documentais pre-identificados, para coñecer os máis representativos.

5. Análise documental dos máis representativos.

Unha vez completados os catro primeiros pasos da investigación, o resultado amósase no seguinte cadro:

CADRO I: Estatística de procedementos nos preitos e expedientes de mosteiros

PROCEDEMENTO	Nº CASOS	% SOBRE TOTAL CASOS	% SOBRE TOTAL EXPED
A) Procedementos Civís e de Goberno relacionados por Vicente Álvarez de Neira[19]			
Demanda de reivindicación	5.618	76,29	70,63
Demanda de libertad y renta redimible	-		
Demanda de jactancia	-		
Demanda de lesión, enorme y enormísima	-		
Demanda de retracto	2	0,02	0,02
Demandas de graciosa			
Demandas de partija[20]	5	0,06	0.06
Demandas de nulidad de contratos	4	0,05	0,06
Misión en posesión de bienes de vínculo[21]	12	0,16	0,15
Autos ordinarios[22]	713	9,68	8,96
Amparo de posesión	5	0,06	0,06
Denuncia de obra nueva[23]	22	0,29	0,27
Retención de bulas	-		
Rollos de fuerza eclesiástica y rollos de fuerza de conocer y proceder	16	0,21	0,20
Ejecuciones[24]	389	5,28	4,89
Concursos y pleitos de acreedores[25]	273	3,70	3,43
Ajustes de cuentas[26]	6	0.08	0,07
Prorrateos[27]	74	1	0.9
Expelos contra colonos[28]	15	0,20	0,18
Procesos contra ejecutores de los subdelegados de cruzada y otros	-		
Interdictos posesorios[29]	6	0,08	0,07
B) OUTROS PROCEDEMENTOS			
Querellas de exceso (simples querellas)[30]	100	1,35	1,25
Reales provisiones ordinarias[31]	50	0,67	0,62
C) PROCEDEMENTOS CRIMINAIS RELACIONADOS POR VICENTE ÁLVAREZ DE NEIRA			
Pleitos sobre falsedad de moneda	-		
Pleitos sobre homicidios	-		
Pleitos sobre injurias reales[32]	17	0,23	0,21

PROCEDEMENTO	Nº CASOS	% SOBRE TOTAL CASOS	% SOBRE TOTAL EXPED
Pleitos sobre injurias verbales	6	0,08	0,075
[Injurias no determinadas]	11	0,14	0,13
Pleitos sobre amancebamientos, adulterios, incestos, estupros y sodomías	-		
Pleitos sobre sobornos	-		
Pleitos sobre estafas, cohecho y baratería	-		
B) OUTROS PROCEDEMENTO CRIMINAIS			
Delitos	18	0,24	0,22
Extracción[33]	2	0,02	0,02
Total procedementos identificados	**7.364**		**92,58**
TOTAL EXPEDIENTES	**7.954**		

Os datos que se ofrecen son ben expresivos: as *demandas de reivindicación* predominan de forma clara e rotunda no conxunto (76,29% do total de casos identificados). Algo que concorda cos resultados que a investigación histórica ten establecido desde hai anos sobre a conflictividade xudicial relacionada cos mosteiros galegos, e concretamente sobre a famosa Provisión de 11 de maio de 1763 de suspensión das demandas de despoxos[34]. Son significativos tamén en comparación coa análise que no seu día fixemos sobre o conxunto de preitos de *Veciños* da Real Audiencia. Alí predominaban os procedementos de *Auto Ordinario* (38,62% sobre o total de casos identificados), *Provisión Ordinaria* (33,17%) e *Simple Querela* (9,67%)[35].

Pero non é este o lugar axeitado para valorarmos estas diferencias desde outro punto de vista que o puramente arquivístico. De acordo co método que estamos a seguir, pretendemos analizar a continuación o tipo documental que Álvarez de Neira denominou *Demanda de reivindicación*. Un procedemento longo que contrasta vivamente cos procedementos sumarios *sine estrepitu ni figura de juicio* empregados maioritariamente polas comunidades veciñais[36]. Antes, debemos advertir de que aquí non faremos senón esbozar unha aproximación a este tipo documental. Un estudio máis fondo requiriría unha análise pormenorizada da lexislación do Antigo Réxime que serviu de marco para o seu desenvolvemento e a consulta sistemática dun número relevante de expedientes.

A demanda de reivindicación

A denominada *acción reivindicatoria* é considerada polo actual Código Civil como unha das accións[37] protectoras do dominio. Dispón así, no seu artigo 348, que: *El propietario[38] tiene acción contra el tenedor y el poseedor de la cosa para reivindicarla[39]*. É xa que logo esta acción *a acción de propiedade por excelencia,* e defínese como *a que pode ser exercida polo propietario que non posúe contra o posuidor que, fronte ao propietario, non pode alegar un título xurídico que xustifique a súa posesión[40]*.

Os requisitos esixidos para exercitala son:

§ Que o demandante xustifique o seu dereito de propiedade.

§ Que a acción se dirixa contra quen teña a cousa no seu poder.

§ Que non concurra ningún dereito do demandado que xustifique a súa pretensión de reter a cousa fronte ao propietario.

§ Que a cousa de que se trate quede debidamente identificada[41].

O principal efecto desta acción é *a restitución da cousa coas súas accesións*[42] .

No Dereito histórico español, a acción reivindicatoria rexíase, entre outras, polas leis 28 e 29, tít. 2º da III Partida[43] . A lei 28, por exemplo, recolle o principio da defensa do posuidor fronte ao propietario que non e quen de probar o seu dominio:

> *Pro muy grande nasce a los tenedores de las cosas, quier las tengan con derecho o non: ca maguer los que gelas demandassen dixessen que eran suyas, si lo non pudiessen probar que les pertenecia el señorío dellas, siempre finca la tenencia en aquellos que la tienen; maguer non muestren ningún derecho que han para tenerlas.*

González Alonso cita casos de procedementos de restitución dos que se ocuparon os gobernadores de Galicia, ben antes da célebre provisión de 1480, ben nos anos inmediatamente posteriores. Así, en 1484, ordénaselle a López de Haro, na súa condición de Xustiza Maior, resolver, por vía de comisión, "sin estrepitu ni figura de juicio, un suposto de restitución de bens mobles roubados a un comerciante de Santiago"[44] . En 1475, encoméndaselle a D. Enrique Enríquez, Gobernador de Galicia, "faser restituír e tornar e entregar qualesquier billas e lugares e heredamientos e bienes que por unos a los otros e los otros a los otros estobieren tomados...[45]

A esta demanda dedica Herbella de Puga o capítulo XIII do seu libro: *De reivindicación, sobre demanda de reivindicación, y prueba de dominio, identidad, pertenencias, y anexiones*[46] . Defínea como *acción real para abocar y recuperar de otro la cosa propia del que demanda*[47] . Sinala tamén que

> *6. El que intenta la reivindicación, debe probar dos estremos; el dominio de la cosa de su parte, y la posesión, o detentación de parte del demandado.*
> *7. Compete no solo al que tiene dominio directo, si también al que tiene solo el útil, como al forero ó enfiteuta, contra cualquiera que le ocupe la cosa, y aun contra el dueño del directo, si se intrusó en ella sin legítima causa, durante las voces del foro.*
> *8. Ha lugar la reivindicación contra el que con dolo deja de poseer, por molestar al actor, o precisarle a que siga su acción contra otro, quizá poderoso o esento.*
> *9. Y también compete contra el que no poseyendo al tiempo de la demanda, o contestación, estubiere poseedor al tiempo en que se da la sentencia, y contra el se puede ejecutar.*
> *10. Compete la reivindicación al que adquirió el dominio por cláusula de constituto u otra ficta tradición, contra el comprador posterior o persona que detente la cosa*[48] .
> Advirte igualmente da dificultade que entraña a proba de dominio:
> *y como la prueba y el derecho se mide por la persona del actor y no del reo, se aconseja por algunos autores, que se mire mucho y se consulte el que intenta proponer demanda reivindicatoria*[49] .

Pois

> *82. El poseedor se presume señor de la cosa poseída.*
> *83. No está obligado a presentar título que legitime su posesión, y es bastante que haga dudar del derecho del actor para ser absuelto*[50] .

O procedemento

Herbella non alude en ningún momento ao procedemento que se había seguir na tramitación da *demanda de reivindicación* . Non o fai porque dá por suposto que o modelo a seguir debe ser o do xuízo ordinario, ao que se refire no capítulo V (*Sobre el juicio de amparo de posesión ordinario*): *Sustanciación de todo juicio ordinario*[51] .

Na clasificación xeral dos xuízos, di Manuel Pérez-Victoria Benavides, citando á Vicente y Caravantes, que ordinario é aquel *en que se procede mediante acción, segundo regra de dereito, gardando a súa orde e solemnidades,* ***sendo o patrón de todos os demais***[52] .

As etapas ou fases básicas do xuízo ordinario eran, segundo este autor, tres: Demanda e contestación, proba e sentencia[53] . Este modelo contrasta, pois, co seguido noutros procedementos propios do estilo da Real Audiencia de Galicia, como o Auto Ordinario, a Vía de Forza, as Provisións Ordinarias ou a Simple Querela, caracterizados pola brevidade[54] .

Así pois o esquema básico do proceso civil ordinario é o que amosa o seguinte cadro:

CADRO II: Modelo de desenvolvemento do proceso civil ordinario

PROCESO CIVIL ORDINARIO

1. INICIACIÓN

- Demanda
- Citación do Demandado
- Contestación do demandado

2. PROBA

- Proba testifical
- Proba documental
- Inspección ocular
- Confesión do demandado
- Alegato de "bien probado"

3. RESOLUC.

- Sentencia

4. EXECUCIÓN

- Real Provisión Executoria



O mosteiro de Monfero a principios do s. XX. A.R.G., colecc. Fotográfica, sig. 73.

Sinala Pérez-Victoria como este procedemento áchase xa establecido nas súas liñas básicas no Espéculo, Fuero Real (matizado polas Leis de Estilo) e terceira Partida. O Ordenamento de Alcalá sinalou con precisión os prazos procesuais. Esta normativa foi recollida nas Recopilacións, onde destacan as disposicións dos Reis Católicos, e concretamente a Pragmática de Medina del Campo de 1489, as *leyes por la brevedad* de 1499, e as Ordenanzas de Madrid e Alcalá de 1502 e 1503, respectivamente, *que sentaron as bases do procedemento de forma breve e expedita*[55] .

Xunto co resto da normativa en materia xudicial de Castela, as Ordenanzas da Real Audiencia regularon o proceso no título V (*Del modo de sustanciar los procesos*), VI (*De las recusaciones*), VII (*De las sentencias definitivas*) e VIII (*De las apelaciones y suplicaciones*)[56] .

Importancia da proba

Non imos entrar aquí a analizar polo miúdo cada unha das fases do proceso. Cómpre sinalar tan só a importancia que na acción reivindicatoria ten a fase de proba, tal e como Herbella sinala insistentemente, xa desde o título, no capítulo que dedica á mesma:

> *22. No puede decirse perfecta la prueba de dominio si el que reivindica no acredita con toda claridad que los bienes que demanda son los mismos que contienen los instrumentos, o investiduras de que se vale, y que funda su derecho.*

23. La prueba de identidad debe concluir necesariamente, no admite posibilidad en contrario; y debe ser tan urgente, eficaz y demostrativa, como que los documentos con que se vista la probanza señalen los territorios, como con el dedo.
24. La identidad en materias antiguas, se prueba por fama pública, enunciativas en distintos instrumentos, descripciones en apeo, inventarios por confrontación de nombre con dos confines, o uno infalible por la añal pensión, conjeturas, e indicios, probada cada cosa en su caso[57]

Dentro desta fase, subliña Herbella a transcendencia que no estilo da Audiencia tiña o **articulado de preguntas**, que propoñía o que daba probanza para que fosen interrogadas as testemuñas:

5. Hay articulado de preguntas e interrogatorio de preguntas: el primero es el que comprende los capítulos o particulares que produce el que da probanza para que a su tenor sean ecsaminados los testigos que presenta; y queda referido al núm.2 del cap. 5: y el segundo, es el que algunos casos o juzgados produce la parte contra quien se recibe la probanza para repreguntar a los testigos presentados por la otra cuando no se presenta acompañado que repregunte o cuando el juez o recetor deber repreguntarlos[58] , así como o ***alegato de entiéndase****, en el que se recopila la sustancia literal del articulado y sus capítulos*[59] .

Os documentos consultados amosan tamén a importancia que a prorrogación do termo ou período de proba tiña. Fixado nas Partidas en 9, 27 ou 90 días, segundo os casos, en 1502 se estableceu en 80 (para os lugares de aquende os portos) ou 120 (para os lugares de allende os portos)[60] . Na Audiencia de Galicia, segundo o testemuño de Herbella, era de 9 días comunes, pero

Si el termino [no] es bastante, si [sic] pide prorrogación por pedimento simple, que se concibe de la manera siguiente: (...) que respecto es reducido, las probanzas dilatadas, y se han de dar a larga distancia, se sirva prorrogarle hasta el de la lei [80 días][61] .

Sen embargo, cando unha das partes non podía cumprir os prazos sinalados, podía solicitar, se era quen de facelo[62] , a *restitución in integrum*, é dicir, a devolución dos autos ao momento anterior á sentencia de proba[63] .

Transcendencia das notificacións

Xunto coa proba, destaca Herbella a imperiosa necesidade de dar traslado de todas as actuacións ás partes para evitar a nulidade do proceso:

36. (…) porque en los pleitos civiles y en las causas criminales, después que salen del sumario de todo el proceso y autos, debe darse traslado a las partes en cualquiera tiempo del litigio y en cualquiera estado que lo pidan (…). (…) porque hay dos especies de autos en el proceso, ***la una el pleito*** *que respecta al hecho principal, como son las declaraciones de testigos, confesiones, instrumentos y más pruebas:* ***la otra es de autos del juicio*** *que respecta a la forma y orden sustancial del proceso, y son la citación, presentación del libelo y semejantes (…).*
39. Todo lo actuado sin citación es nulo, sin que necesite declaración; de tal modo que no causa el menor juicio a las partes (p.98).
40. Por esta razón es muy justo el real auto de acuerdo del año de 1755, dispositivo de que, cuando se pide algún compulsorio en pleito pendiente, se señale el escribano o archivo y paraje en que se hallen los papeles que han de ser compulsados, espresándolos distintamente; porque, como ha de citarse la parte contraria para sacar el compulsorio, deben constarle todas estas particularidades[64] .

Seguindo a Carlos Garriga, cómpre relacionar esta insistencia en gardar as formalidades do proceso, coa formación de tribunais reais colexiados a últimos do século XV (especialmente entre 1489 e 1494). Neles, prestouse especial atención ás garantías formais que debían envolver a fase de determinación dos preitos, coa particularidade de dispoñérense de tal modo imbricadas que a violación de calquera bastaba para poñer en perigo a consecución do resultado pretendido (…), a xustiza aparente da decisión[65].

A colexialidade do tribunal tomaba corpo ao longo do proceso de distintas formas:

§ En Audiencia Pública. Conformada por alcaldes maiores/oidores de todas as salas ou, máis tarde, de cada unha delas rotatoriamente. Daba curso ao proceso en *autos*[66].

§ En Audiencia de Relaciones. Ante os alcaldes maiores/oidores da sala que tiña encomendado o preito. Correspondía ao trámite de vista pública, que tiña lugar trala conclusión do preito para sentencia interlocutoria ou definitiva. Tiña especial importancia *por ser unicamente entonces cando os oidores que debían sentenciar vían directa e globalmente o preito*[67].

§ En Acordo. Determinaba finalmente o preito[68].

Documentos básicos do expediente

De acordo cos documentos examinados[69], os documentos básicos que conforman o expediente son:

1. Demanda[70]
1.1. No seu caso, acompáñase Memorial de bens[71]
2. Real Provisión de emprazamento e carta en seguimento[72]
3. Alegato de contestación do demandado[73].
4. Sentencia de proba
5. Real Provisión receptoría e probanza[74]
6. Dilixencias de notificación ás partes para a proba testifical[75]
7. Dilixencia de presentación do *articulado* de preguntas para as testemuñas
8. Testemuño de declaracións das testemuñas[76]
9. Real Provisión compulsorio de papeis
10. Dilixencias de notificacións ás partes para a proba documental
11. Testemuño do compulsorio de papeis
12. Pedimento de *publicación* das probanzas[77]
13. Providencia de Audiencia Pública de publicación das probanzas
14. Alegato *de bien probado*[78]
15. Providencia de Audiencia Pública de conclusión[79]
16. Sentencia[80]

Como é natural, este esquema pode chegar a complicarse en forma notable. Ademais, no conxunto será posible atopar moitas variantes. Detéctanse así, por exemplo, *procedementos posesorios mixtos, que tratan de causas de posesión e propiedade conxuntamente*[81]*;* e procedementos especiais de restitución, como é o caso da restitución de termos ocupados a cidades,vilas e lugares públicos e concellís, regulado na Nova Recopilación, lei 3, título 7, libro 7[82].

CONCLUSIÓN

A combinación de estudio estatístico e análise arquivística do conxunto de documentos da Real Audiencia de Galicia descrito tradicionalmente no Arquivo do Reino baixo a



O mosteiro de Celanova nun gravado do s. XIX. A.R.G., colecc. Cart. e Icon., sig. 60.

denominación de "Preitos e expedientes de mosteiros" permítenos afondar na estructura documental desta agrupación, na liña doutros estudios anteriores, como os dedicados aos expedientes de apeos, aos de veciños ou á *vía de forza*. Se nestes casos os procedementos predominantes eran propios das facultades gobernativas da Audiencia ou se situaban na incerta fronteira entre o gobernativo e o xudicial (procedementos breves ligados á reparación de agravios: vía de forza, autos ordinarios, provisións ordinarias e simples querelas), no caso dos procesos de mosteiros, achámonos en presencia de procedementos de tipo fundamentalmente xudicial.

A demanda de reivindicación, exemplo cualificado deste tipo de procedementos que seguen o modelo do proceso civil ordinario, predomina de forma esmagadora no conxunto, tal e como xa adiantaron no seu día investigacións realizadas desde o campo da Historia económico-social.

O estudio detallado deste procedemento aporta nova luz sobre a forma que tiña o alto tribunal galego tiña de tramitar os procesos ao longo da Idade Moderna, ao constatar como a práctica se desviaba con frecuencia dos modelos legais e doutrinais existentes para adaptarse ás variantes circunstancias da realidade. Así, esta breve investigación ofrece como primeiras conclusións a bondade do método seguido e a necesidade de seguir o camiño de investigación iniciado con novas achegas que permitan trazar un debuxo máis nidio da práctica xudicial galega durante o antigo réxime.

Desde o punto de vista arquivístico, o emprego da metodoloxía estatística e da análise pormenorizada dos procedementos permitirá identificar con precisión as series documentais que integraban orixinalmente o conxunto.

BIBLIOGRAFÍA

AIKIN ARALUCE, Susana. *El recurso de apelación en el derecho castellano.* Madrid: Reus, 1982.

BARREIRO, Baudilio. "La pragmática de perpetuación de foros, intento de interpretación". *Compostellanum*, XVII, 1972, pp. 73-116.

BOUZADA GIL, Mª Teresa. *La vía de fuerza. La práctica en la Real Audiencia de Galicia. Siglos XVII-XVIII.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2001

BURGO LÓPEZ, Concepción. La historia social de Galicia en la época moderna (1970-2001). Balance historiográfico, en *Balance de la Historiografía Modernista 1973-2001. Actas del VI Coloquio de metodología histórica aplicada. (homenaje al profesor Dr. D. Antonio Eiras Roel), celebrado en Santiago de Compostela, de 25 al 27 de octubre de 2001).* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, pp. 31-45.

CÓDIGO de las Siete Partidas.Tomo II, que contiene la tercera, cuarta y quinta partida, *en Los CÓDIGOS españoles concordados y anotados. Tomo tercero.* Madrid: Imprenta de la Publicidad, 1848.

CORTÉS ALONSO, Vicenta. Nuestro modelo de análisis documental. *Boletín de ANABAD*, 1986, vol. 36, pp. 419-434

DURANTI, Lucíana. *Diplomática. Usos nuevos para una antigua ciencia.* Carmona: S&C, 1996.

FERNÁNDEZ VEGA, Laura. *La Real Audiencia de Galicia. Órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808).* La Coruña: Diputación Provincial, 1982.

GARRIGA, Carlos. *La Audiencia y las Chancillerías castellanas (1371-1525). Historia política, régimen jurídico y práctica institucional.* Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1994.

GIL Merino, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del investigador*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976.

GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín. *Gobernación y gobernadores. Notas sobre la Administración de Castilla en el período de formación del Estado moderno.* Madrid: Universidad, Facultad de Derecho, Servicio de Publicaciones, 1974.

GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín. La Justicia, en M.Artola (dir.), *Enciclopedia de Historia de España.*II. Madrid: Espasa Calpe, 1988, 343-417.

HERBELLA DE PUGA, Bernardo. *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia de Galicia.* A Coruña: Ilustre Colegio Provincial de Abogados, 1975.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro; MARTÍNEZ CORTIZAS, Antonio. Mecanización de los catálogos de la Real Audiencia de Galicia. *IRARGI. Revista de Archivística. III, 1990, pp. 26-38.*

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

LÓPEZ GÓMEZ, Pedro; QUIROGA BARRO, Gabriel (dir.). Arquivo do Reino de Galicia. *Catálogo de instrumentos de descripción documental y bibliográfica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, p. 17. Dispoñible en internet en < http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivo%20reino/index.html>

MALDONADO Y FERNÁNDEZ DEL TORO, José. Líneas de influencia canónica en la historia del proceso español. *Anuario de Historia del Derecho Español*, V. 23, 1953, pp. 467-494.

MARTÍN SUQUÍA, Ramón (coord.). *Vocabulario de indización y consulta de la base de datos BADATOR.* Vitoria: Gobierno Vasco, IRARGI, 1993.

MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. *Diccionario de la Administración Española. Tomo I*. Madrid: J.López Camacho, 1892.

NOVÍSIMA recopilación de las leyes de España. Tomo II, que contiene los libros quinto, sexto y séptimo, en *Los Códigos Españoles concordados y anotados. Tomo octavo.* Madrid: Imprenta de la Publicidad, 1850.

ORDENANZAS de la Real Audiencia de Galicia. La Coruña: Antonio Fraiz, 1679.

PÉREZ-VICTORA BENAVIDES, Manuel. El juicio ordinario en el procedimiento de la recepción. *Anuario de Estudios Sociais y Jurídicos*, 10-11, Granada 1981-1982, pp. 543-561.

PUIG BRUTAU, José. *Fundamentos de derecho civil. Tomo III. Volumen I.* Barcelona: Bosch, 1971.

REAL Audiencia de Galicia. Juzgado de la Protectoría del Voto del Apóstol Santiago. Catálogo documental. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1998.

REAL Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de apeo. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999.

REAL Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de veciños. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002.

SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, José. *La Administración de Justicia real en León y Castilla en la Baja Edad Media (1252-1504)*. Madrid: Universidad Complutense, 1980.

SANDOVAL VEREA, Francisco. A informatización da serie oficios e cargos públicos: un exemplo do traballo de mecanización do fondo de Real Audiencia do Arquivo do Reino de Galicia, en *II XORNADAS de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia. Cooperación: realidade e futuro. A Coruña, 24-26 de abril de 1997*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, pp. 479-483.

VILLARES PAZ, Ramón. Carlos III y la temporalidad del foro. Los pleitos sobre despojos, en *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII. Actas del Seminario de Segovia sobre agricultura y población en España (14, 15 y 16 de septiembre de 1988)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica, 1989, pp. 411-428.

VILLARES PAZ, Ramón. A provisión de 1763, revisitada, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Tomo I. Historia e Ciencias Sociais. Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Santiago de Compostela, 29 de maio-3 de xuño de 1995*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Universidade de Santiago de Compostela, 1997, pp. 209-224.

FONTES DOCUMENTAIS

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Arquivo de xestión (tradicionalmente denominado "Historia do Arquivo"):

- [*Informe de D. Vicente Álvarez de Neira, arquiveiro, sobre a colocación e traslado do "Archivo Público y General del Reino*"]. 1775, novembro, 26. Arquivo do Reino de Galicia Sig. 142/7

Real Audiencia de Galicia: 7.954 preitos e expedientes de mosteiros. A análise documental está baseada no exame detallado dos seguintes preitos:

- *O mosteiro de San Paio de Santiago cos clérigos da confraría e coro da Catedral da mesma cidade sobre o lugar e casal de Frades de "Yuso" e outros bens*. 1550-1555. Sig. 866/4.
- O *Mosteiro de Melón e o fiscal da súa maxestade co licenciado D. García Sarmiento Sotomayor, dono dos coutos de Vincios e Gondomar, Alonso de Lanzós e Rui Porca sobre reivindicación do couto de Santantuiño coas freguesías de Peteiros, Torueiros e outras, no val de Louriña, a súa xurisdicción, rendas e vasalaxe*. 1515-1567. Sig. 872/66.
- O *mosteiro de Armenteira con D. Rosendo de Aval y consortes, sobre demanda de bens*. 1789-1790. Sig. 101/34.

Cítanse ademais os seguintes:

- *O mosteiro de Melón con Benito de Andrade e consortes sobre reivindicación da granxa de Arbo e outros lugares da terra de San Martiño*. 1636. (ARG, RAG 34/67).
- *O mosteiro de Lérez con Lope Montenegro e consortes, sobre reivindicación do lugar de Pazos, na freguesía de Cerponzóns*.1561. (ARG, RAG, 866/8).
- *O mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago con Alonso Vázquez Fraga e outros sobre reivindicación dunha casa na rúa de Baldomar da cidade de Santiago*. 1684. (ARG, RAG 34/68).
- *O convento de San Domingos de Betanzos con Don Jacinto de Puga, Alberto París e outros, sobre reivindicación de bens no lugar do Vieiro, na freguesía de Santo Tomé de Vilacoba*. ARG, RAG, 1.558-1.560/9, (Colección Cartográfica. Real Audiencia – Col. Cart. RA 20).
- *D. José Antonio Billar Pimentel e Miranda con D. Guillermo de Soto y Valcárcel e outros veciños de freguesía de Santa María Magdalena de Xudán, concello de Miranda, sobre reivindicación da metade do mazo de Vilaxe e outros bens do vínculo e morgado que fundou Bartolomé Ares Méndez de Miranda, na freguesía de Xudán*. ARG, RAG, 17.606/28 (Col. Cart. RA 15).

NOTAS

1 . - Real Audiencia de Galicia. *Catálogo de preitos e expedientes de mosteiros.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2004.

2.- Como ten posto de relevo Luciana Duranti, este tipo de análise garda moita proximidade coa análise realizada pola Diplomática. Fronte a esta, a Arquivística, ou máis concretamente, a Arquivística especial (en palabras da profesora italo-canadiana) analiza «la documentación como un complejo de documentos, como un todo (...). En cambio, el documento singular, la unidad archivística elemental es el área de la diplomática». DURANTI, Lucíana. *Diplomática. Usos nuevos para una antigua ciencia.* Carmona: S&C, 1996, p. 21.

3.- CORTÉS ALONSO, Vicenta. Nuestro modelo de análisis documental. *Boletín de ANABAD*, 1986, vol. 36, pp. 419-434.

4.- Por razóns de operatividade, fundamentalmente, nesta segunda fase reducimos o noso estudio á análise do procedemento elixido e dos documentos básicos que constitúen o expediente.

5.- FERNÁNDEZ VEGA, Laura. *La Real Audiencia de Galicia. Órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808).* La Coruña: Diputación Provincial, 1982; LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996; BOUZADA GIL, Mª Teresa. *La vía de fuerza. La práctica en la Real Audiencia de Galicia. Siglos XVII-XVIII.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2001.

6.- Sen ánimo de exhaustividade, cómpre destacar os traballos de GARRIGA, Carlos. *La Audiencia y las Chancillerías castellanas (1371-1525). Historia política, régimen jurídico y práctica institucional.* Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1994 e SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, José. *La Administración de Justicia real en León y Castilla en la Baja Edad Media (1252-1504).* Madrid: Universidad Complutense, 1980. Desde un punto de vista puramente documental, é salientable a obra de LORENZO CADARSO, Pedro Luís. *La documentación judicial en la época de los Austrias. Estudio archivístico y diplomático.* Cáceres: Universidad de Extremadura. Servicio de Publicaciones, 1999. A pesar do título, a obra deste autor ten máis un enfoque diplomático que arquivístico, na medida en que non integra o estudio de cada tipo documental simple na análise unitaria dos procedementos complexos que conforman os testemuños da actividade dos órganos xudiciais. Única forma de aproximarse ao coñecemento das series, as agrupacións básicas no seo dos fondos documentais.

7.- Sen entrar, por transcender os límites deste breve estudio, no caso do procedemento penal, máis coñecido, entre os escasos estudios existentes sobre o proceso civil, constitúen aportacións básicas os traballos de AIKIN ARALUCE, Susana. *El recurso de apelación en el derecho castellano.* Madrid: Reus, 1982; MALDONADO Y FERNÁNDEZ DEL TORO, José. Líneas de influencia canónica en la historia del proceso español. *Anuario de Historia del Derecho Español*, V. 23, 1953, pp. 467-494; ou PÉREZ-VICTORA BENAVIDES, Manuel. El juicio ordinario en el procedimiento de la recepción. *Anuario de Estudios Sociales y Jurídicos*, 10-11, Granada 1981-1982, pp. 543-561

8.- Hainos tamén doutros lugares de fóra de Galicia, como Portugal (mosteiro de Santa María de Feáns), Valladolid (mosteiro de San Benito el Real de Valladolid) ou Burgos (mosteiro de San Juan Bautista).

9.- Dentro desta categoría, distinguíanse os casos de corte notorios, que en materia civil eran os presentados por concellos, mosteiros, confrarías, universidades, títulos e oficiais de El-rei. A diferencia dos que non o eran (menor orfo, viúva honesta, bens de morgado...), os demandantes *notorios* estaban eximidos de dar información que acreditase a súa condición. Véxase, por exemplo: Manuel PÉREZ-VICTORA BENAVIDES. El juicio ordinario en el procedimiento de la recepción. *Anuario de Estudios Sociais y Jurídicos*, 10-11, Granada 1981-1982, p. 546. Sobre os casos de corte na Real Audiencia de Galicia: HERBELLA DE PUGA, Bernardo. *Derecho práctico y estilos de la Real Audiencia de Galicia.* A Coruña: Ilustre Colegio Provincial de Abogados, 1975, pp- 12-16, Unha discusión sobre as implicacións arquivísticas que comporta a existencia do caso de corte e das chamadas tradicionalmente "series" no Arquivo en QUIROGA BARRO, Gabriel, "Introducción" en *REAL Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de apeo,* op.cit., pp. 17-19.

10.- Disto non cómpre deducir mecanicamente a ausencia de procesos tramitados en segunda instancia por institucións con privilexio de "caso de corte" . Por exemplo, no conxunto de preitos de mosteiros, é posible atopar tamén, ao carón de procesos en primeira instancia, tanto procedementos iniciados por mosteiros perante outros tribunais e apelados despois á Real Audiencia como procesos nos que o demandante principal é unha persoa ou institución diferente, mentres que o mosteiro correspondente é só un terceiro en discordia. Un exemplo do primeiro en: ARG, Real Audiencia de Galicia (RAG), 866/4. *O mosteiro de San Paio de*

Santiago cos clérigos da confraría e coro da Catedral da mesma cidade sobre o lugar e casal de Frades de "Yuso" e outros bens. 1550-1555. O preito é unha apelación da sentencia dictada polo tribunal do Provisor do Arcebispo de Santiago. Exemplo do segundo caso en: ARG, RAG, 872/66. *Mosteiro de Melón e o fiscal da súa maxestade co licenciado D. García Sarmiento Sotomayor, dono dos coutos de Vincios e Gondomar, Alonso de Lanzós e Rui Porca sobre reivindicación do couto de Santantuiño coas freguesías de Peteiros, Torueiros e outras, no val de Louriña, a súa xurisdicción, rendas e vasalaxe*. 1515-1567. O demandante principal era o fiscal.

11.- Os *Libros índices* son os antigos instrumentos de descrición elaborados polos primeiros arquiveiros do Arquivo do Reino desde fins do século XVIII. Véxase: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996, t.II, pp. 1.066-1068. O catálogo en cédulas soltas elaborado con posterioridade ocupa os ficheiros nº 22 a 27 da sala de consulta do Arquivo. Véxase: LÓPEZ GÓMEZ, Pedro; QUIROGA BARRO, Gabriel (dir.). Arquivo do Reino de Galicia. *Catálogo de instrumentos de descripción documental y bibliográfica*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, p. 17. Dispoñible en internet en < http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/arquivo%20reino/index.html>

12.- GIL Merino, Antonio. *Archivo Histórico del Reino de Galicia. Guía del investigador*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1976, pp. 80 e 82.

13.- LÓPEZ GÓMEZ, Pedro. *La Real Audiencia…, op.cit.,* pp. 1136-1140 e 1213-1225.

14.- Data en que se inicia un preito do mosteiro de Oseira con Juan Varela, Gonzalo de Araújo e outros sobre reivindicación do lugar de Cristimil, na terra de Camba. ARG, RAG, 1.392/40. Do total de expedientes que integran o conxunto, en 24 casos non foi posible determinar a data, polo mal estado de conservación ou por carecer dela o documento.

15.- É ben coñecida a data do 26 de xaneiro de 1834, que corresponde ao Real Decreto que inaugura un novo réxime xurídico na Administración Xudicial , e crea novas audiencias, establecendo o seu territorio e sinalando a igualdade en autoridade de todas elas. Entre elas achábase a nova *Real Audiencia de La Coruña*. Por esta razón, débense delimitar os fondos documentais de ambas as dúas audiencias (a antiga Real Audiencia e a que despois pasará a denominarse Audiencia Territorial) a partir desa data.

16.- QUIROGA BARRO, Gabriel. "Introducción", en *REAL Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de veciños*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2002, pp. 22-23 e 37-41.

17.- Basicamente, en canto as materias, unha adaptación do vocabulario de indicación da base de datos BADATOR. Véxanse os que se citan na p. 19 de: *REAL Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de apeo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 1999, e nomeadamente: MARTÍN SUQUÍA, Ramón (coord.). *Vocabulario de indización y consulta de la base de datos BADATOR*. Vitoria: Gobierno Vasco, IRARGI, 1993. No que se refire a topónimos, estase a seguir o nomenclátor oficial da Xunta de Galicia, accesible na dirección web http://www.xunta.es/conselle/nomenclator/index.htm, así como as obras citadas en *REAL AUDIENCIA DE GALICIA. Catálogo de expedientes de veciños*, p. 40.

18.- [*Informe de D. Vicente Álvarez de Neira, arquiveiro, sobre a colocación e traslado do "Archivo Público y General del Reino*"]. 1775, novembro, 26. Arquivo do Reino de Galicia (ARG), Arquivo de Xestión (AX) 142/7.

19.- Ibidem.

20.- Materia: herencias, reparto de sucesión. Tipo documental: misión en posesión y partija de bienes

21.- Tipo documental: misión en posesión de bienes de vínculo.

22.- Materia: posesión.

23.- Materia/tipo documental: denuncia de obra nueva.

24.- Materia: procesos ejecutivos.

25.- Materia: Deudas

26.- Materia: liquidación.

27.- Materia: prorratas, repartimientos.

28.- Materia: expulsión de bienes.

29.- Tipo documental: interdicto posesorio.

30.- Materias: abuso de autoridad, abuso de poder, conflictos de jurisdicción, delitos por razón del cargo. Eliminánronse as tramitadas por outras vías (autos ordinarios).

31.- Materias: cumplimieno de ordinarias, aranceles, audiencias, ayuntamientos, baldíos, cabras, cargos judiciales, cese de cargos, comunes, concejos, conservación de montes, conservación de viñas, construcción de tabernas, curtidores, curtidos, denunciadores generales, escribanos, exención de luctuosa, exención de oficios, exención de pagos, fianzas, fianzas a residencia, hijos varones, hueco y residencia, incompatibilidad de oficio, jueces, jueces de residencia, juicios de residencia, lobos, luctuosa, matrimonio, molinos, ovejas, pesos y medidas, reales provisiones ordinarias, recusaciones de escribanos, residencia, salarios, tabernas, tenientes de corregidor, tenientes de juez, títulos, títulos de juez, títulos de escribano, viñas, visitas, viudas, zapateros.

Aparece un elevado número de autos ordinarios que corresponden a materias de provisións ordinarias: de loitosa, nomeamento de xuíces, exención de pagos, exención de dereitos, pesos e medidas, nomeamento de oficios de república, xuízos de residencia… Estes non se contabilizan aquí

32.- Materia: Injurias reales, malos tratos, agresiones.

33.- Materias: extracción de cosechas, e. de granos, e. de leña, e. de moneda, e. de paja

34.- A bibliografía sobre a Real Provisión de 1763 é ben coñecida. É recollida, por exemplo, por BURGO LÓPEZ, Concepción. La historia social de Galicia en la época moderna (1970-2001). Balance historiográfico, en *Balance de la Historiografía Modernista (homenaje al profesor Dr. D. Antonio Eiras Roel), celebrado en Santiago de Compostela, del 25 al 27 de octubre de 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 2003, p. 41, nota 46. Sobre o elevado número de preitos iniciados por comunidades monásticas en relación co despoxo ou a reivindicación de bens forais (que daría lugar ao despoxo) son coincidentes tanto os testemuños contemporáneos da Provisión (citados, por exemplo, por Baudilio BARREIRO: La pragmática de perpetuación de foros, intento de interpretación. *Compostellanum*, XVII, 1972, pp. 81) coma os datos aportados pola investigación recente: VILLARES PAZ, Ramón. "A provisión de 1763, revisitada", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Tomo I. Historia e Ciencias Sociais. Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995). Santiago de Compostela, 29 de maio-3 de xuño de 1995*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Universidade de Santiago de Compostela, 1997, p. 214. A porcentaxe de demandas de reivindicación que ofrece este autor (78%) sobre o total de 626 preitos rexistrados no "Inventario de Preitos da Orde de San Bieito", do ano 1757, está moi próxima á cifra aquí aportada. Este elevado número demostra tamén outra apreciación de Villares: que estas demandas non aparecen a mediados do século XVIII "cual nube turbadora de una paz arcádica anterior" senón que existía unha conflictividade social arredor do sistema foral moi anterior. Véxase: VILLARES PAZ, Ramón. Carlos III y la temporalidad del foro. Los pleitos sobre despojos, en *Estructuras agrarias y reformismo ilustrado en la España del siglo XVIII. Actas del Seminario de Segovia sobre agricultura y población en España (14, 15 y 16 de septiembre de 1988)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica, 1989, p.417.

35. - QUIROGA BARRO, Gabriel. Os preitos e expedientes de veciños da Real Audiencia de Galicia, en Fernández Cortizo, Camilo; González Lopo, Domingo L.; Martínez Rodríguez, Enrique, *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel. Tomo I. Historia.* Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, 2002, p. 445-446; e *Real Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de Veciños*, op. cit., t.I, pp. 46-47.

36.- Sobre a orixe destes procedementos rápidos, *por petición*, na Audiencia e Chancelería Castelá, véxase, por exemplo, SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, José. *La Administración de Justicia real en León y Castilla en la Baja Edad Media (1252-1504)*. Madrid: Universidad Complutense, 1980, p. 416. Segundo Carlos GARRIGA, foi precisamente a potestade de *impedir y remover o reparar todos los agravios que embargan la realización del Derecho*, outorgada á Audiencia castelá no proceso de institucionalización desenvolvido a partir das Cortes de Toro de 1371, a partir da cal se libraban provisións ordinarias, *a facultade máis xenuina da Audiencia* e, *o que é máis, probablemente fóra tamén a matriz de todas as restantes*: GARRIGA, Carlos. *La Audiencia y las Chancillerías castellanas (1371-1525). Historia política, régimen jurídico y práctica institucional.* Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1994, p. 80.

37.- *Accións civís* son *as que se propoñen nos xuízos para obter a declaración ou o recoñecemento dos dereitos, o cumprimento de obrigas (...) ou a entrega de cousas ou cantidades que nos pertencen, ou que podemos reclamar (...)*: MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. *Diccionario de la Administración Española.* Tomo I. Madrid: J.López Camacho, 1892, p. 133, voz *Acciones Civiles.*

38.- Excede a nosa intención e os nosos coñecementos facermos un estudio histórico sobre uns conceptos e uns procedementos firmemente asentados no Dereito Civil español que teñen, como é ben coñecido, a súa orixe no Dereito romano, transformado no Dereito Común da Recepción. Pero non deixa de ter interese definicións como as que As Partidas ofrecen: *Propiedad, e possession son dos palabras, que ha entre ellas muy gran repartimiento. Ca propiedad tanto quiere decir, como el señorio que el ome ha en la cosa. E posesión tanto quiere decir, como tenencia*. Vid.: Partidas, 3ª, título II, Lei XXVII, en *Los Códigos españoles concordados y anotados. Tomo tercero. Código de las Siete Partidas. Tomo II, que contiene la tercera, cuarta y quinta partida.* Madrid: Imprenta de la Publicidad, 1848, p.17. E na lei I, do título XXVIII da mesma 3ª Partida: *Señorío es, poder que ome ha en su cosa de fazer della, e en ella lo que quisiere segun Dios, e segund fuero:* Ibidem, p. 333.

39.- PUIG BRUTAU, José. *Fundamentos de derecho civil. Tomo III. Volumen I*. Barcelona: Bosch, 1971, p.175.

40.- Ibidem, p. 176.

41.- Ibidem, p. 185. Di tamén este autor que *A efectos de la identificación de la finca reivindicada tiene mucha más importancia la exacta determinación de sus linderos que el dato de su extensión superficial* (p. 214)

42.- Ibidem, p. 216. *Ademais, a restitución implica a liquidación dun estado posesorio que o noso Código regula efectivamente no título que trata da posesión* (arts. 451 a 458)... (Ibidem).

43.- MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. *Diccionario de la Administración Española.* Tomo I. Madrid: J.López Camacho, 1892, p. 133, voz *Acciones Civiles.*

44.- GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín. *Gobernación y gobernadores. Notas sobre la Administración de Castilla en el período de formación del Estado moderno*. Madrid: Universidad, Facultad de Derecho, Servicio de Publicaciones, 1974, p. 123.

45.- Ibidem,p. 148.

46.- HERBELLA DE PUGA, Bernardo. *Derecho práctico*…, op.cit., p. 167.

47.- Ibidem, p. 172.

48.- Ibidem.

49.- Ibidem. Non fai falla dicir que Herbella bebe nas fontes legais do Antigo Réxime e nos tratadistas en voga na súa época.

50.- Ibidem, p. 182.

51.- HERBELLA DE PUGA, Bernardo, op. cit., pp. 60-62.

52.- PÉREZ-VICTORIA BENAVIDES, Manuel. "El juicio ordinario en el procedimiento de la Recepción". *Anuario de Estudios Sociales y Jurídicos*, 10-11, 1981-1982, p.545. (A letra negriña foi posta por min).

53.- Ibidem, p. 547. Sobre as fases do proceso civil ordinario, véxase tamén: GONZÁLEZ ALONSO, Benjamín. La Justicia, en M.Artola (dir.), *Enciclopedia de Historia de España*.II. Madrid: Espasa Calpe, 1988, p. 395 e ss.

54.- *Real Audiencia de Galicia. Catálogo de expedientes de Veciños.* I., op. cit., pp. 48-49.

55.- PÉREZ-VICTORIA BENAVIDES, Manuel, op. cit., p. 543. Carlos Garriga relaciona a regulación do proceso que os Reis Católicos acometeron por estas datas coa regulación orgánica que desenvolveran uns anos antes baixo o principio da expansión de tribunais colexiados *nos confíns de Castela, diversos na súa factura, pero esencialmente uniformes, cortados todos polo patrón do que radicaba en Valladolid*. A regulación do proceso realízana depurando o estilo das Chancelerías e poñendo orde nos trámites e prazos do proceso ordinario, que foran alterados pola desordenada política lexislativa baixomedieval: GARRIGA, Carlos, *La Audiencia…, op. cit., pp. 146 e 149.* José MALDONADO Y FERNÁNDEZ DEL TORO (Líneas de influencia canónica en la historia del proceso español. *Anuario de Historia del Derecho Español,* V. 23, 1953, p.491) subliña que o modelo do proceso romano-canónico *se aclimata así en nuestra patria, fácil y abiertamente en las obras doctrinarias y con algún mahyor esfuerzo en la legislación y la práctica (...) y, sobre todo, en (...) las Partidas (...) que llega a funcionar después como auténtico sistema legislativo, y a normar con efectiva eficacia durante varios siglos la actuación procesal de nuestros tribunales.*

56.- *ORDENANZAS de la Real Audiencia de Galicia.* La Coruña: Antonio Fraiz, 1679, fol. 72-82

57.- HERBELLA DE PUGA, Bernardo, op. cit., p. 174.

58.- Ibidem, p. 93. A importancia que lle outorga a este trámite queda reflectida no feito de que lle dedica todo un capítulo: *CAPÍTULO VIII: de articulados e interrogatorios sobre articulados, interrogatorios y citación para probanzas:* Ibidem, p. 91.

59.- Ibidem, p. 61. En realidade, os documentos amosan que este alegato era unha forma habitual de destacar determinadas peticións en diversos momentos procesuais, non só na fase de proba. Por exemplo, na de iniciación: "Pedimento do procurador do demandado presentándose no preito e pedindo **se entendan con el autos e dilixencias"** (a negriña é nosa), en O *mosteiro de Armenteira con D. Rosendo de Aval y consortes, sobre demanda de bens*. 1789-1790. ARG, RAG, 34/101, fol. 26r. No mesmo preito: "Pedimento do procurador demandante para que se despache receptoría e ***se entienda con la prueba"***, fol. 29 r. Ten o seu correlato no Pedimento do procurador demandado uns folios máis adiante: 33 r. Igualmente, no preito, xa citado, entre o mosteiro de San Paio e os clérigos da confraría e coro da Catedral de Santiago sobre o lugar e casal de Frades de Yuso e outros bens (nota 7), no escrito de contestación da apelación por parte do demandado, inclúese un "otrosí" para que "***esta apelación se entienda con la sentençia de prueba***" (fol. 192 r).

60.- PÉREZ-VICTORIA BENAVIDES, Manuel, op. cit., p. 551.

Nesta escola laica dirixida por Celestino Poza non se impartía ningunha disciplina de relixión nin doutrina cristiá. As disciplinas eran Ximnasia Hixiénica, Música, Fisioloxía e Hixiene, Historia Natural, Historia Universal, Debuxo, Agricultura, Industria, Comercio, Física e Dereito, ademais de Lectura, Escritura, Gramática...

A raíz do control abafante que se estableceu logo da Semana Tráxica de Barcelona (1909), e o fusilamento de Francisco Ferrer i Guardia, que levará ao peche de moitas escolas laicas, esta de Pontevedra, por exemplo, recibirá a visita mensual dun inspector logo que se detectara que, entre o diverso material escolar, había na aula un cadro alegórico da República. Dito inspector velaba de que o mencionado cadro non se volvese a colgar e que non se impartisen doutrinas "contrarias al orden y la moral".

Tamén xogou un destacado papel na defensa da escola laica e racional o xornal pontevedrés *La Libertad*, no que escribirán pedagogos como Eduardo Guillar Clari ou, máis tarde, Álvaro de Albornoz, defendendo, en 1914, a figura e obra de Ferrer i Guardia.

En 1910 o Concello de Pontevedra adquire un terreo, e tramita no Estado a construcción dunha escola do sistema Froëbel, que se construirá anos despois. Existira xa unha no século XIX.

Tamén funcionará en Pontevedra nos anos da IIª República a "Escuela Moderna", de Hernán Poza Juncal, que escribira na revista *Universitarios* de Santiago e será máis tarde profesor na Escola Normal de Barcelona.

[Costa, 1989; Costas, 1996; Durán, 1977a; Fortes, 1993, (1995; Sotelo Resurrección, 1997; Valín, 1990a, 1993].

II. 2. A Masonería en Pontevedra

II. 2. 1. A loxa «Helénica nº 63/nº 11»

Non nos ocuparemos en profundidade da loxa «Helénica nº 63/nº 11», que funcionou entre 1882-1890, e da que dependería o Capítulo «Constancia», por ser xa coñecida mercé aos traballos do profesor Valín. Só mencionaremos que a ela pertencían Indalecio Armesto, *Arístides*; Sebastián Abal, *Abrahan*, grado 3º; José de la Campa, *Descartes*, grado 18º; Antonio Dobarro, *Balsamo*, grado 18; Juan J. Domínguez, grado 18º; Eulogio Fonseca, *Fenelón*, grado 18º; Diego González, *Gambetta*, grado 18º; José Gorostola, *Grevy*, grado 18º; Pascual Paz, *Pierrad*, grado 18º; Pedro Otero Rey, *Trafalgar*, grado 2º; Manuel Quintana, *Garibaldi*, grado 18º, e outras dúas persoas máis, unha apelidada García e a outra Valls.



Á esquerda, Indalecio Armesto Cobián. Á dereita, o seu sobriño, Víctor Sáid Armesto.

II. 2. 2. A loxa «Helenes nº 7».

Dependente da Grande Loxa Rexional do Noroeste de España, funcionou en Pontevedra, durante a IIª República, a loxa «Helenes nº 7», que se fundara na cidade na década anterior, probablemente arredor de 1922.

Este taller masónico tiña o seu enderezo postal na Farmacia de Joaquín Maquieira Fernández.

Respecto dos compoñentes coñecidos da masonería pontevedresa, a maior parte deles membros da loxa «Helenes nº 7», coñecemos, gracias aos datos que nos teñen facilitado Luis Lamela, Alberto Valín e diversa bibliografía, os seguintes:

Álvarez Roy, Gabriel: *Helios*. 3º.
Bermejo Sánchez, José: *Zozaya*. 3º. Foi tamén do Triángulo Solón nº 8" (Marín).
Bretón Avello, Tomás: Irradiado en 1933.
Caamaño Cimadevila, Amancio: *Servet.* 3º. Foi tamén de «Libredón nº 6» (Santiago).
Cob de Guardia, Roberto: *Raul*. 1º. Foi tamén do «Triángulo Solón nº 8» (Marín).
Conte Camps, José: *Caminante*. 3º.
Corbal Hernández, Andrés: *Tenero, Tejero*. 1º.
Cueto Ibáñez, Juan: *Indarra.* 3º. Foi tamén de «Ibérica nº 1» (Madrid, 1932).
Eceiza Farré, José: *Juan de Padilla.* 4º. Probablemente é a persoa do mesmo nome que funda, en 1930, unha empresa de axentes e transitarios de alfándegas, que aínda funciona.
Echeverría Novoa, José: 3º.
Escarabajal Peralta, Pedro: *Asdrúbal* o *Tolstoy*. 3º. Pertenceu tamén ao «Triángulo Solón nº 8» (Marín, Pontevedra).
Fonseca Buceta, Jesús: *Nazareth.* 1º. Industrial, foi detido en 1936.
García Temes, Vicente: *Viriato.* 1º.
Guillán Abalo, Manuel: *Fermín Galán.* 3º.

Maquieira Fernández, Joaquín: *Ives-Delage.* 3º.
Maquieira Fernández, Josefina
Martín March, Gonzalo: *Igualdad.* 2º. Tamén do «Triángulo Solón nº 8» (Marín, Pontevedra).
Mas Sastre, Salvador: *Lanuza.* 1º. Foi tamén do «Triángulo Solón nº 8» (Marín) e probablemente do «Triángulo Atlántida».
Millán Mariño, Isidoro: *Urco.* 1º.
Paz Martínez José Antonio: *Licurgo* o *Marconi*. 4º. Foi tamén do «Triángulo Solón» (Marín, Pontevedra); «Lucus nº 5» (Lugo); «Triángulo Atlántida nº 1» (Ferrol); «Breogán nº 16» (Ferrol); «SCRC Alberto de Lera» (Gijón).
Pedreira Pazos, Manuel: *Rousseau.* 2º.
Pérez Guedella, Ramón: Plancha de quite en 1933.
Pérez Prego, Maximiliano: *Claudio.* 3º.
Pintos Fonseca, Basilio: *Fraterno.* 1º. Aparece como un dos suscritores «Pro-Rotativa *El Socialista*», a comezoa da IIª República.

De Celestino Poza Cobas e o seu fillo Celestino Poza Pastrana pénsase que foron masóns, pero non se ten encontrado, polo momento, documentación.

Si o foron Joaquín Poza Juncal, aínda que non sabemos de que loxa era e o seu irmán Laureano Poza Juncal, que aparece nos listados de masóns refuxiados en Francia en 1940 e do cal incluímos un texto masónico da súa autoría no Apéndice deste traballo.

Tamén era masón o deputado José López Varela, pero non sabemos a que loxa estaba afiliado.

Outro grupo de pontevedreses estivo vencellado á loxa madrileña «Comuneros de Castilla», entre 1891-1892. Son Alfredo Rodríguez de Aldao (ou Rodríguez Urfe de Aldao), de nome simbólico *Pitágoras*, que tamén formou parte, entre 1912-1914, do Capítulo «Esperanza», tamén de Madrid.

A «Comuneros de Castilla» tamén pertenceron, entre 1891-1892, Antonia Aldao y Sarmiento «Victoria», Amalia Armesto e Aldao «Iris» e Víctor Said Armesto «Arístides», todos familiares de Indalecio Armesto.

[AAVV, 1978; AAVV, 1996; AAVV, 2001; Alfeirán, Romero, 2001; Anasagasti, 1985; Aracil; Barreiro Barreiro, 1991; Barreiro Fernández, 2001; Blanco Valdés, 1999; Castelao, 2000a, 2000b; Díaz-Plaja, 1993; Durán, 1977a; Ferrer, 1987; Fortes, 1993; Foruria y Franco; Márquez, Poyán, Roldán, Villegas, 1987; Núñez; Paz, 2004; Paz-Andrade, 1986; Pereira Martínez, 2002, 2005; Portela, 1988a, 1988b; Prada, 2004; Santos Gayoso, 1990; Sotelo Blanco, 1983; Sotelo Resurrección, 1997; Valín, 1990b, 1993, 1996].

II. 2. 3. Biografías de masóns pontevedreses: Membros de «Helenes nº 7»:

Gabriel Álvarez Roy:

O seu nome simbólico era *Helios*, e chegou a ostentar o grado 4º. Naceu en Madrid en 1899. Capitán veterinario do corpo de Veterinaria Militar. Iniciado en 1930 na loxa "Cabo Espartel nº 446" de Alcazarquivir (Marrocos), onde obtivo tamén o grado 2º. Logo marcha a Barcelona, integrándose na loxa "Humanidad nº 3", da que foi secretario en 1931, e exaltado ao grado 3º. Intégrase logo na loxa "Democracia", tamén de Barcelona, da que será secretario, así como Grande Secretario Adxunto da Grande Loxa Rexional do Nordeste de España. En 1932 ingresa na loxa "Plus Ultra", tamén de Barcelona, da que será secretario. En 1933 é nomeado secretario do comité organizador da Agrupación de Librepensadores

de Cataluña. Obtén o grado 4º no Soberano Capítulo Rosa-Cruz "Integridad" de Barcelona. A sublevación militar colleuno en Madrid, presentándose no Goberno Militar, participando activamente no exército republicano. Apresado en 1939, será xulgado en consello de guerra, sendo condenado a 30 anos de reclusión maior. En 1940 retráctase do seu pasado masónico. Causou baixa no Exército. Estará recluído en diversas prisións. Sería procesado posteriormente polo Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo, sendo condenado a 12 anos e un día de reclusión menor. En 1945 consigue a prisión atenuada no seu domicilio, séndolle posteriormente conmutada a pena a seis anos e un día de confinamento.

Manuel de Paz non menciona a súa pertenza a "Helenes nº 7", pero o profesor Valín Fernández nos testemuñou que foi membro dela.



Os masóns pontevedreses Joaquín Maquieira Fernández, á esquerda, e Amancio Caamaño Cimadevila acompañando a Castelao pouco tempo antes dos eu desterro a Badaxoz.

Amancio Caamaño Cimadevila:

Naceu en Compostela. Era licenciado en Medicina, en Veterinaria e profesor de Piano. En Santiago, con outros amigos, funda a loxa masónica "Libredón nº 6". En 1922 aséntase en Pontevedra. Aquí formará parte da loxa «Helenes nº 7», dependente da Grande Loxa Rexional do Noroeste, co nome simbólico de *Servet*, sendo exaltado ao grado 3º de mestre masón o 3 de maio de 1929. Propietario dun importante sanatorio en Pontevedra, as obras do cal comezaran en 1929 e se remataran en 1931. Foi director do Hospital Provincial de Pontevedra.

Na Xunta Directiva fundacional do Centro Republicano de Pontevedra, elixida o 4 de marzo de 1930, é designado presidente, permanecendo no cargo aínda en xuño de 1931. É un dos asinantes do manifesto fundacional da Federación Republicana Galega, en marzo 1930. Formará parte do Comité Executivo da FRG, elixido en Pontevedra entre o 14-15 de marzo de 1931.

Membro da Comisión Xestora da Deputación Provincial de Pontevedra, o 25-5-1931 será presidente da Deputación. En outubro de 1932 forma parte da mesa presidencial do mitin de presentación do Partido Republicano Galego celebrado en Lugo. Nas eleccións xerais de 1933 foi candidado polo PRG, pero non saíu elixido. Ingresará máis tarde en Izquierda Republicana, sendo un dos representantes galegos (delegado suplente) elixidos para participar a asemblea fundacional de IR en Madrid. Un dos máis importantes dirixentes na provincia, participará en mitins conxuntos co Partido Galeguista (*La Voz de Galicia*, 14-11-1935). Pero en xaneiro de 1936 abandona IR por estar en desacordo coa formación da coalición da Fronte Popular.

Con grande presitixio como médico, e posición acomodada, fora o principal doador da provincia pontevedresa para as víctimas da Revolución de Asturias de 1934, ademais de

cooperar de maneira destacada con Socorro Vermello Internacional. Foi fundador e propietario do periódico *Clarín* e presidente da Sociedad Recreo de Artesanos de Pontevedra.

Logo da sublevación militar, será detido o 24 de xullo, permanecendo recluído na Prisión Provincial establecida na Escola Normal. Será destituído da súa praza de médico do Gran Hospital Provincial de Pontevedra o 18 de agosto de 1936. Procesado e condenado a morte logo da sublevación militar de 1936, será fusilado na Caeira o 12 de novembro deste ano. Tiña 42 anos. O seu sanatorio e bens serán incautados. Na década dos cuarenta, logo dun logo proceso, sonlle restituídos á familia.

Andrés Corbal Hernández:

Membro de «Helenes nº 7», o seu nome simbólico era *Tenero* ou *Tejero* e só ostentaría o grado 1º (aprendiz). Politicamente liberal, formou parte, como concelleiro, da Corporación municipal de Pontevedra elixida o 1 de xaneiro de 1910. Dous anos despois, sería síndico 1º e, en 1914, alcalde da cidade. Tivo enfrontamentos con moitos membros da Corporación; un deles, Rodríguez de Castro, que dicía que con Corbal era imposible chegar a ningún tipo de acordo, o cualificaba de «maniquí de Riestra». Precisamente Rodríguez de Castro, xunto con García Temes ou García Filgueira, protagonizarán unha sonora protesta no Concello, sendo procesados por desobediencia ao alcalde e alteración da orde pública. Problemas de supostos desvíos de fondos económicos levarán a que un fiscal da Coruña -aínda que o xuíz de Pontevedra non vira razóns para facelo- a pedir o procesamento de Corbal e doutros membros da Corporación (entre eles os citados anteriormente).

Durante o seu mandato a Corporación pediu ao Goberno a abolición da pena de morte.

Sería suspendido do seu cargo (así como varios tenentes de alcalde e concelleiros) polo gobernador civil o 7 de setembro de 1915.

Juan Cueto Ibáñez:

De nome simbólico *Indarra*, ostentaría o grado 3º. Nacera en Villareal (Álava) en 1881. Era tenente coronel de Carabineiros, procedente da Arma de Infantería. En 1931 marcha de Pontevedra, ingresando posteriormente, en 1932, na loxa «Ibérica nº 1» de Madrid. Impartira clases entre 1909-1915 nos colexios de Carabineiros e, entre 1920-1922, na Universidade de Columbia de Nova York. Persoa vehemente, amiga de dicir sempre o que pensaba, sufriu varios arrestos por esta razón. Publicou un folleto sobre os sucesos de Vera de Bidasoa. Foi administrador do Pazo Presidencial e as súas Dependencias, e axudante do Cuarto Militar do Presidente da República. Figura en dúas circulares da Grande Loxa Rexional do Centro de España como un dos masóns que estaban en armas ou realizaban misións para o Goberno republicano. En novembro de 1936 trasládase a Bilbao, orde organiza o Batallón nº 7 de Izquierda Republicana, ocupando a xefatura do sector de Ochandiano e, a finais de ano, era o Comisario dos Batallóns de Izquierda Republicana, cargo no que cesou en xaneiro de 1937 por discrepancias con outros xefes. Cando os sublevados franquistas tomaron Bilbao, Cueto dirixiu dúas cartas ao novo gobernador militar (perante o cal negouse a comparecer) manifestándolle que a súa incomparecencia era debida a que "él estimaba como fuerzas leales y legítimas las rojas separatistas con las cuales estaba absolutamente identificada su alma, ya que no podía estar con ellas en cuerpo". Procesado en procedimento sumarísimo de urxencia, foi fusilado o 29 de xuño de 1937 en Bilbao.

José Echeverría Novoa:

Previamente á chegada da IIª República, o republicanismo pontevedrés aparece unido no Centro Republicano de Pontevedra, que se funda en marzo de 1930. José Echeverría Novoa será vicesecretario do mesmo e, logo da demisión de Osorio-Tafall, ocupará o cargo de secretario.

Echeverría é un dos asinantes do manifesto da Federación Republicana Galega en marzo de 1930. Foi gobernador civil de Alicante e Bilbao. En xullo de 1936 érao de Santander.

Politicamente militará na ORGA-FRG en 1931 e, a partir de 1934, en Izquierda Republicana de Pontevedra. Encontrámolo intervindo en mítins na campaña conxunta de Izquierda Republicana e o Partido Galeguista a finais de 1935 (*LVG*, 14-11-1935) e na campaña electoral de febreiro de 1936 (*LVG*, 1-2-1936). En maio deste ano será un dos compromisarios elixidos na provincia de Pontevedra para a elección do presidente da República (*LVG*, 5-5-1936).

Nos sucesos de maio de 1937 de Barcelona encontrámolo como Delegado de Orden Público, aínda que foi axiña «cambiado» por presións da FAI.

Vicente García Temes:

Membro de «Helenes nº 7», o seu nome simbólico era *Viriato* e foi grao 1º. Naceu en Pontevedra arredor de 1870 e era avogado de profesión. Tivo unha activa vida política na cidade de Pontevedra: concelleiro en 1897, 1899, 1900, síndico en 1901, concelleiro en 1902, 1906, 2º tenente de alcalde en 1909, concelleiro en 1912 e de novo 2º tenente de alcalde en 1914. Dirixiu os xornais republicanos *La Unión Republicana* (1897), *El Combate* (1899) e *La Acción* (1905). É un dos asinantes, pola Xunta municipal do Partido Republicano, que convoca a recibir a Alejandro Lerroux en Pontevedra o 26 de xullo de 1904. Participou na Confederación Regional de Agricultores Gallegos, intervindo nas campañas de carácter antiforal e obreirista do primeiro tercio do século XX. Nas vísperas da IIª República será socio do Centro Republicano, que se integrará na Federación Republicana Gallega, e afiliado ao Partido Radical-Socialista.

Sera elixido Presidente da Deputación Provincial o 1 de agosto de 1932.

Joaquín Maquieira Fernández:

Farmacéutico de profesión, no seu establecemento tiña o enderezo postal a loxa «Helenes nº 7». Na rebotica da súa farmacia reuníase, na segunda década do XX, o chamado «Club Karepas», unha tertulia que conformaban, ademais do propio Maquieira, Castelao, Losada Diéguez, Sánchez Cantón, Blanco Porto, Iglesias Vilarelle, Octavio Pintos, Claudio Losada, Vicente Barreiro e Gamallo. Cando se presenta en Pontevedra o álbum *Nós* de Castelao, producirase un traxicómico incidente, entregando Maquieira, nunha oficina de telégrafos, un telegrama no que se pedía a independencia de Galiza, supostamente escrito por «Jorge Manrique». Na Xunta Directiva fundacional do Centro Republicano de Pontevedra, elixida o 4 de marzo de 1930, figura como Tesoureiro-Contador, permanecendo nese posto aínda en xuño de 1931. É un dos asinantes do manifesto fundacional da Federación Republicana Galega en Lestrove, en marzo de 1930. Membro da ORGA-FRG. Membro da Comisión Xestora da Deputación Provincial de Pontevedra, en xaneiro de 1933 é designado pola mesma para formar parte do Comité de Propaganda do Estatuto de Autonomía, e o 31 de maio dese ano será Presidente da citada Deputación. Detido nos primeiros tempos do Alzamento fascista, estará preso un tempo en San Simón. Posto en liberdade, conseguiu marchar a Montevideo. Cando Castelao chega en 1940 no barco «Arxentina» a Montevideo,

penúltima escala antes de arribar a Bos Aires, acuden a recibilo varios mebros da colonia galega, tanto exiliados como emigrados: Antón Crestar, Eduardo del Río, Luis Tobío, Manuel Meilán, Xesús Canabal, Xosé Cancela Freixo e Joaquín Maquieira (os catro últimos membros da masonería). Maquieira faleceu na capital uruguaia tras dun longo exilio.

Gonzalo Martín March:

Foi profesor da Academia preparatoria do Instituto de Pontevedra. Militou na ORGA-FRG e posteriormente en Izquierda Republicana. Durante a IIª República foi alcalde de Marín e gobernador civil de Ourense en 1936. En 1935 encontrámolo participando como orador en mitins de propaganda republicano-galeguista (PG-IR) (*LVG*, 14-11-1935). Nos días da sublevación militar de xullo de 1936 consigue fuxir de Ourense a Pontevedra, pero foi detido e estivo preso no Instituto de Pontevedra. Xulgado en Consello de Guerra sumarísimo, presidido polo coronel Cánovas Lacruz, e con Martín Barbadillo como fiscal, é acusado de traizón e condenado a morte. No proceso, Martín March declárase autor de todo o sucedido en Ourense para evitar o movemento militar, e di que "si su vida es un obstáculo para la paz que se la ofrenda a España". Foi fusilado o día 17, negándose a recibir os auxilios relixiosos. Tiña 39 anos. Fora membro tamén do triángulo masónico "Solón", de Marín.

Isidoro Millán Mariño:

Membro de «Helenes nº 7», o seu nome simbólico era *Urco* e só acadou o grao 1º (aprendiz). Nacido en Pontevedra en 1890, foi avogado. Participou no Pacto de Barrantes. Foi deputado por Pontevedra polo Partido Liberal Demócrata en 1933. Durante a IIª República foi Director Xeral de Xustiza e Prisións e asesor no Ministerio de Educación. En 1935 entrevistouse con Calvo Sotelo en Cuntis, defendendo a unión das forzas de centro e dereita para opoñerse ás esquerdas. Logo da sublevación franquista foi deportado durante seis meses a un pobo de Cáceres, acusado de ser masón. Logo permaneceu afastado da actividade política, dedicándose á súa profesión. Morreu en 1983.

José Antonio Paz Martínez:

Naceu na Coruña en 1904. Profesionalmente era Segundo condestable da Armada. O seu nome simbólico era *Licurgo* ou *Marconi*. Grado 4º. Ademais de a «Helenes nº 7», onde se iniciou na masonería en 1929, pertenceu tamén ao «Triángulo Solón» (Marín, Pontevedra) en 1930; «Lucus nº 5» (Lugo) en 1931; «Triángulo Atlántida nº 1» (Ferrol) en 1932; «Breogán nº 16» (Ferrol) en 1933, da que foi Venerable Mestre, e ao Soberano Capítulo Rosa Cruz «Alberto de Lera» (Gijón). Durante a Revolución de 1934 estivo preso en Ferrol, interesándose pola súa persoa Diego Martínez Barrio. Durante a Guerra Civil aparece mencionado nunha circular da Grande Loxa Rexional do Centro de España como un dos masóns que prestaban servizo e loitaban a favor do Goberno lexítimo, como dependente do Ministerio de Marina, "destino Sánchez Bercaiztegui".

En agosto de 1939 atopábase no campo de refuxiados de Argelès sur Mer 8 bis en Francia. Durante a IIª Guerra Mundial incorporouse aos maquis no sur de Francia, acadando o grao de coronel e perdendo unha perna en combate. En decembro de 1945 participou na fundación do Bloque Repubricán Nazonal Galego (BRNG), en Toulouse, como representante do PCE.

O xulgado especial nº 1 do Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo instruiulle sumario en 1944, sendo condenado anos despois a 16 de reclusión menor e accesorias, pero estaba exiliado. Moito despois presentou unha solicitude relacionada cos seus haberes pasivos.

Maximiliano Pérez Prego:

No Centro Republicano de Pontevedra, que se funda en marzo de 1930, encontramos como vocal 1º a Maximiliano Pérez Prego. A demisión de Osorio-Tafall provocará unha serie de movementos na directiva, pasado a ser Pérez Prego vicesecretario do Centro.

Será membro da ORGA-FRG de Pontevedra en 1931, presidente de Acción Republicana en 1933, presidente do Comité Provincial da Autonomía (Pontevedra); Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra) (tamén pte do Comité Executivo) (LVG, 2-6-1936). Foi elixido compromisario para a elección do presidente da República (LVG, 5-5-1936).

Foi fundador-propietario-director do diario republicano pontevedrés *El País*, que funcionou na IIª República. Colaboraron no mesmo Eugenio López Aydillo, Otero Pedrayo, Joaquín Poza Juncal, Roberto Blanco Torres, Antón Vilar Ponte, etc. Este xornal era o «portavoz» de Joaquín Poza Juncal e de Bibiano Fernández Osorio-Tafall, defendendo os postulados políticos do Partido Republicano Galego e logo de Izquierda Republicana. Partidario da Autonomía de Galicia (igual de *El Pueblo Gallego*), na súa cabeceira figuraba o lema LIBERTAD, IGUALDAD, FRATERNIDAD.

Casado con Agripina Poza Cobas, o matrimonio non tivo fillos. Falecerá en 1937.

II. 2. 4. Outros masóns pontevedreses:

Ocuparémonos despois dos relacionados coa familia Poza.

Eulogio Fonseca García:

Fillo de Luis de Fonseca e de Francisca García de Redondo, pertenceu, no século XIX, á loxa pontevedresa «Helénica», e non sabemos se tamén a «Helenes nº 7». Foi concelleiro da cidade en 1881, 1883, 1885, 1887 e 1901. Casaría con Consuelo Quinteiro. Propietario dunha fábrica de madeiras e dunha casa de baños na Moureira. Construiu unha casa -que hoxe alberga o Arquivo Histórico- de extrañas características arquitectónicas. Era tío de Javier Pintos-Fonseca García de Redondo.

Emiliano Iglesias Ambrosio:

Naceu en Ponteareas en 1878. Cursou estudos de bacharelato en Pontevedra. Liderou a xuventude federal desa cidade. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, exerceu un tempo de abogado en Pontevedra. Destacado dirixente do Partido Radical de Alejandro Lerroux dende principios do século XX, é un dos convocantes, en xullo de 1904, pola Juventud Republicana, dun manifesto para recibir en Pontevedra a Lerroux. En 1906 foi avogado defensor de Ferrer i Guardia. Foi concelleiro en Barcelona. Na Semana Tráxica de Barcelona foi detido, encarcerado e procesado na chamada «Causa contra Trinidad Alted Fornet, Emiliano Iglesias Ambrosio, Luis Zurdo Olivares, Juana Ardiaca Mas e Francisco Ferrer Guardia, polo delicto de rebelión militar». As actuacións deron comezo o 29 de xullo de 1909 e finalizaron o 5 de xullo de 1910. Pedíronlle a pena de morte. Entre 1910 e 1923 foi deputado a Cortes por Barcelona. En 1914 tante a fusión do Partido Radical coa Unió Federal Nacionalista Republicana. Foi detido durante a revolta de 1917. Durante a Dictadura de Primo de Rivera estivo exiliado en Francia. Coa chegada da II República será gobernador civil de Barcelona un tempo, pero terá que abandonar o cargo polas presións dos anarquistas, que apoian a Companys. Deputado nas Cortes Constituíntes en 1931 polo Partido Republicano Radical na candidatura de Pontevedra, será reelexido en 1933, pero non acadará acta nas eleccións xerais de febreiro de 1936. Foi

embaixador en México. Como xornalista, ten unha delongada traxectoria: colabora en *La Unión Republicana* (Pontevedra), *La Acción* (Pontevedra), *El Grito del Pueblo* (Pontevedra), *La Voz del Campo* (Marín),*El País* (Madrid) e *El Liberal* (Madrid), dirixindo *La Justicia* (Pontevedra) e *El Progreso* (Barcelona). Faleceu en Madrid en 1941. Ferrer Benimeli o identifica como un dos deputados masóns das Cortes Constituíntes.



Casa de Eulogio Fonseca chea de elementos simbólicos. Hoxe é o Arquivo Provincial de Pontevedra. Abaixo, Emiliano Iglesias Ambrosio.

José Juncal Berdulla:



Nace en 1869. Foi director de *La Unión Republicana* (Pontevedra), fundador de *El Grito del Pueblo* (Pontevedra) e director de *La Acción* (Pontevedra), *La Libertad* (Pontevedra), *El Progreso* (Barcelona) e *Galicia en Cataluña* (Barcelona). Foi embaixador en Portugal, sendo substituído, logo das eleccións xerais de febreiro de 1936, por Claudio Sánchez Albornoz.

Sendo embaixador en Lisboa tiña cualificado ao Estado Novo de Salazar como «un estado rico habitado por cidadáns pobres».

Autor de dous libros. Estivo casado con Amelia Lerroux, irmá do célebre republicano Alejandro Lerroux.

Será presidente do Centro Galego de Barcelona (fundado en 1923). Era director da Escola de Maxisterio de Barcelona. Baixo o seu mandato a entidade meteuse de cheo na política radical, ata o punto de acabar actuando en certo sentido como un apéndice daquel partido. A dimisión obrigada do director da revista do Centro Galego de Barcelona, *Galicia en Cataluña*, Lois Suárez, por negarse a publicar un polémico artigo de Juncal, provocou que o crecente descontento de bo número de socios coa liña de actividade política adoptada non conseguiu que esta fora corrixida. Celebrouse unha asemblea xeral na que non houbo acordo entre os dous sectores e produciuse a escisión dos encabezados por Suárez, máis da metade dos asistentes á asemblea, fundando o Centro Cultural Gallego.

A súa filiación masónica aparece nos Boletíns Oficiais do Grande Oriente Español.

Pero falaremos máis amplamente del ao analizar o republicanismo político en Pontevedra.


José López Varela:

Ferrer Benimeli o cita como un dos deputados masóns das Cortes Constituíntes de 1931, pero descoñecemos a que loxa pertencía. Votou en contra do voto femenino en outubro de 1931. Era deputado do Partido Republicano Radical. Nas eleccións de 1936 se presenta na candidatura de Centro por Pontevedra (era melquiadista) pero non sae elixido.

Manuel Portela Valladares:

Nacera en Pontevedra en 1869. Foi deputado a Cortes polo distrito da Fonsagrada entre 1905 e 1923. Ocupou o cargo de gobernador civil de Barcelona en 1910. En 1922 é

membro do comité nacional da "Liga Española dos Dereitos do Home". Chegada a IIª República, resulta eleito deputado, independente, pola provincia de Lugo. Gobernador xeral de Cataluña en 1934, un ano despois é ministro da Gobernación nun dos gabinetes de Alejandro Lerroux. As contínuas crises políticas provocarán que, no mes de decembro dese ano 1935, sexa designado, por Alcalá Zamora, Presidente do Consello de Ministros. Nas eleccións xerais de febreiro de 1936 de novo é deputado, por Pontevedra, nesta ocasión formando parte dunha coalición de Centro. Propietario do diario vigués *El Pueblo Gallego.* Logo da sublevación militar de xullo de 1936 quixo achegarse, infructuosamente, aos sublevados, pasando entón a Francia. Volve á zona republicana, participando nas Cortes de Valencia. Co inicio da II Guerra Mundial foxe a Marsella, mantendo unha actividade política de cara a acadar unha fronte única republicana. Ocupa o cargo de fideicomisario e presidente do trust que administra os bens do SERE, organismo de apoio aos refuxiados. Baixo o réxime de Vichy sofre detencións e abusos, sendo confinado en 1940 en Cassis sur Mer. Neste mesmo ano comeza o preito sobre os seus bens, que acabarán sendo incautados. Logo de dúas peticións por parte do goberno franquista pedindo a súa extradición a Francia, sofre no ano 1943 rexistros e interrogatorios por parte da Gestapo. Neste ano de 1943 formaba parte do "Supremo Consello Español do grado 33", da masonería -xa o era dende 1933-.





Arriba, Manuel Portela Valladares.
Abaixo, José Eceiza Farré.

Co final da contenda volve á actividade política. En 1945 adherirase, con matizacións, ao Consello de Galiza, por petición de Castelao, co que tiña unha estreita amizade.

En 1945 colaborará ocasionalmente coa revistas *Iberia* e *Galeuzka*.

En 1946 preside o Bloque Nazonal Republicano Galego, constituído en Toulouse, e fálase del como posible ministro do goberno Giral.

En 1949 redacta o seu testamento, deixando os seus bens ao "Museo de Pontevedra". Morre en Bandol o 29 de abril de 1952.

Alfredo Rodríguez de Aldao (ou Rodríguez Urfe de Aldao):

Parente dos Armesto (a familia tiña un pequeno pazo en Bueu, o de «Aldao»). De nome simbólico *Pitágoras*, pertenceu á loxa madrileña «Comuneros de Castilla» entre 1891-1892. Entre 1912-1914, como xa vimos, está integrado no Capítulo «Esperanza», tamén de Madrid, coincidindo con el nestes anos figuras tan relevantes como Augusto Barcia Trelles ou Eduardo Barriobero. Tamén pertenceu a este Capítulo o extremeño Mario Roso de Luna (co que Alfredo mantivo correspondencia), que terá estreitas relacións do grupo teosófico pontevedrés «Marco Aurelio», ao que pertencía Alfredo, e do que logo nos ocuparemos.

[AAVV, 1978; AAVV, 1996; AAVV, 2001; Alfeirán, Romero, 2001; Anasagasti, 1985; Aracil; Barreiro Barreiro, 1991; Barreiro Fernández, 2001; Blanco Valdés, 1999; Castelao, 2000a, 2000b; Durán, 1977a; Ferrer, 1987; Fortes, 1993; Foruria y Franco; Márquez, Poyán, Roldán, Villegas, 1987; Moreno; Núñez; Paz, 2004; Paz-Andrade, 1986; Pereira Martínez, 2002, 2005; Portela, 1988a, 1988b; Prada, 2004; Santos Gayoso, 1990; Solà; Sotelo Blanco, 1983; Sotelo Resurrección, 1997; Valín, 1990b, 1993, 1996; Veláquez;
www.sbhac.net/Republica/Personajes/Listaper.htm
www.sbhac.net/Republica/Personajes/Militares/Militares1.htm].

II.3. O grupo teosófico «Marco Aurelio»

A palabra «Teosofía» fai referencia a unha doutrina que sostén que todas as relixións constitúen intentos do home de achegarse ao divino; é dicir, cada relixión posúe unha porción dunha verdade universal; todas tratarían de explicar o mesmo, ollando os mesmos feitos a través do seu prisma cultural e histórico. É un estudo comparado de relixións, filosofías e ciencias, dacordo coa «Sabedoría Divina» (*Theo-Sophos*).

A Sociedad Teosófica foi fundada en Nova York en 1875 por unha muller, Helena Petrovna Blavatsky, xunto con Henry Olcott e William Judge. Inicialmente, o seu obxectivo era o estudo e explicación dos fenómenos relacionados cos médiums e o espiritismo, aínda que, despois de que Blavatsky e Olcott viaxaran á India, se interesaron tamén polo estudo das relixións orientais. En 1889, cando Blavaksky escribe *A clave da Teosofía*, os obxectivos da sociedade eran os seguintes:

-Formar un núcleo da Fraternidade Universal da Humanidade, sen distinción de raza, sexo, casta ou cor.


-Fomentar o estudo comparativo de relixións, filosofías e ciencias.

-Investigar as leis inexplicadas da Natureza, e os poderes latentes do home.

Certos problemas entre os fundadores provocaron a aparición de escisións e novas correntes.

A sucesora de Blavatsky foi a inglesa Annie Besant. Foron os seus tamén momentos de divisións, especialmente logo que que Besant considerara que un xove indú, Krishnamurti, era a rencarnación vivinte de Xesucristo. Mesmo se creara unha orde, «Estrela de Oriente», cuxo propósito era recibir ao Mesías. Sería disolta polo propio Krishnamurti.

Algúns sectores da Sociedade Teosófica non aceptaron esta teoría e se escindiron: un deles foi


A LA SAGRADA MEMORIA
DE
H. P. B.
EN EL DIA DEL LOTO BLANCO
≡
Los miembros del **Grupo independiente MARCO AURELIO** saludan fraternalmente á los verdaderos discípulos de
HELENA PETROVNA BLAVATSKY
≡
Pontevedra 8 de Mayo de 1914

Rudolf Steiner, da Sociedade Antroposófica; outro, foi o grupo pontevedrés «Marco Aurelio».


En Galiza, hai un grupo de intelectuais relacionados co espiritismo e a teosofía: Manuel Otero Acevedo, Víctor Said Armesto, Alfredo Rodríguez de Aldao ou Javier Pintos-Fonseca. Con eles estivo relacionado Valle Inclán, moi interesado, todos estes anos, polo ocultismo, igual que o seu amigo Rubén Darío. Valle, ademais de referencias menores noutros libros, escribirá dúas obras claramente teosóficas e herméticas: *La lámpara maravillosa* e o pemario *El pasajero*. E sábese que tiña Valle a intención de escribir outro tratado de carácter teosófico sobre Prisciliano.

A loxa teosófica «Marco Aurelio» fundouse en Pontevedra en 1911. Formaban parte dela, entre outros, Javier Pintos-Fonseca, Jacobo Sanmartín e Alfredo Rodríguez de Aldao. En Andalucía viña de formarse outra loxa teosófica, «Rama Fraternidad». En 1919 se fundará en Sevilla o Centro de Estudios Teosóficos, co que estará vinculado Diego Martínez Barrio.

Co grupo «Marco Aurelio» estivo estreitamente vinculado o escritor e pensador teósofo e masón extremeño Mario Roso de Luna, o «mago de Logrosán», de nome simbólico *Prisciliano*, a quen nomearon presidente honorario do mesmo. Precisamente o grupo, por iniciativa de Javier Pintos-Fonseca, publicará en Pontevedra, en 1915, nunha edición non venal para agasallo, o libro *Beethoven, teósofo*, de Roso de Luna. Sabemos, por térnolo dito Marina Pintos-Fonseca, neta de Javier, que un dos exemplares reservados por Javier para os seus fillos, -que ela conserva-, tén dúas ilustracións orixinais de Castelao.

Tanto Javier Pintos como Alfredo Rodríguez mantiveron correspondencia con Roso de Luna, así como outros galegos (Pedro Arnó de Villafranca, de Pontevedra, profesor; Waldo Álvarez Insua, xornalista; Primitivo Sanjurjo, profesor na Univesidade de Cornell (USA), Vicente Risco e Matías Usero Torrente).


Tivemos a sorte de que Marina nos obsequiara con algúns documentos orixinais tanto do grupo «Marco Aurelio» como doutros grupos teosóficos. Por exemplo, unha tarxeta, datada en Pontevedra o 8 de maio de 1914, na cal o «Grupo independiente



Ramón del Valle Inclán.
Abaixo, á dereita, Manuel Otero Acebedo no 1888 cun tuno portugués.



Marco Aurelio» lembra a «sagrada memoria de H. P. B. en el Día del Loto Blanco», e no que saúdan fraternalmente aos «verdaderos discípulos de Helena Petrovna Blavaksky»; o folleto titulado «A los espiritualistas evolucionistas ante el actual conflicto europeo», editado pola «Rama Arjuna» da Sociedade Teosófica, Barcelona, agosto de 1914; o folleto «La espada misteriosa», editado en Pontevedra o 1 de marzo de 1919 e da autoría de Jonás Marti Acbon (realmente o militar Jacobo Sanmartín, membro de «Marco Aurelio» -espada de longa historia da que era propietario Javier Pintos Fonseca, e que aínda conserva a familia-; outro folletiño sobre a «Orde da Estrela de Oriente», da autoría de Juan de Sales, publicado na revista *Dharma* editada pola «Rama Venezuela» da Sociedade Teosófica, ou outro folleto sobre Budismo, editado o 12 de agosto de 1914, que inclúe tamén un breve texto de Anatole France.


BEETHOVEN, TEÓSOFO

UN CAPÍTULO DE LA OBRA

El Drama lírico de Wagner y los Misterios de la Antigüedad

POR

MARIO ROSO DE LUNA

Presidente honorario del Grupo MARCO AURELIO de Estudios Teosóficos

EDITADO
para su distribución gratuita
por
J. P. F.

PONTEVEDRA
Tip. Viuda e Hijos de Antúnez
1915

II. 3. 1. Javier Pintos-Fonseca García de Redondo:

Naceu o 5 de decembro de 1869. Era fillo de Basilio Pintos Amado e Carmen Fonseca García de Redondo, sobriño do músico Román Pintos Amado e neto do poeta Xoan Manuel Pintos. Casou coa súa curmá Luisa Fonseca Buceta e tiveron por fillos a Luisa, Eulalia, Álvaro, Basilio, Carlos (morto axiña), Carlos, Luis e Adriano (depurado do seu posto de mestre de Santa Tecla-Teis-Vigo o 30-8-1936). Un cuñado seu, Jesús Fonseca Buceta, foi membro da loxa «Helenes nº 7» (co nome simbólico de *Nazareth*, e grado 1º) e era tamén masón, e membro de «Helenes nº 7», o seu fillo Basilio Pintos Fonseca (*Fraterno*, grado 1º), casado con Josefa del Río. Tamén o seu fillo Carlos, profesor de matemáticas, militante do Partido Radical-Socialista e quizais de Unión Republicana, encarcerado en Madrid logo dos sucesos de xullo de 1936, foi procesado polo Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo, aínda que non consta que fose masón. Represaliado, tivo que dar clases particulares. Precisamente Celestino Poza Cobas deixoulle un piso para que puidese exercer a profesión. Casado con Marina Sánchez Basanta, tiveron por fillos a Carlos e a Marina Pintos-Fonseca, a que me facilitou documentación de «Marco Aurelio», casada, á súa vez co doutor Isidro María, que me facilitou as árbores xenealóxicas da familia.

Dos outros fillos, Luis foi un excelente pintor (súas son as pinturas do «Café Moderno» de Pontevedra, hoxe se de «Caixa Galicia») e Adriano, grande instrumentista tamén de guitarra.

Javier Pintos-Fonseca foi concelleiro na cidade de Pontevedra entre 1897-1901, ocupando temporalmente a 2ª tenencia de alcaldía. Profesionalmente foi corredor de comercio. Dono dunha ampla biblioteca, entre a que descababan os libros sobre teosofía, participou activamente na vida cultural da cidade (homenaxes a Cervantes ou a Said Armesto) e cultivou a amizade tanto de políticos (Riestra, Besada, Vincenti...) como de escritores e artistas (Muruais, Labarta, Portela, Perfecto Feijóo, Valle Inclán, Víctor Said, Caballero, Quiroga, Sobrino, Castelao ou Losada Diéguez).

Grande amante da música, foi un virtuoso da guitarra, instrumento para o que transcribiu partituras de Beethoven e Mozart, así como un investigador da música popular galega. Foi

un dos promotores e fundadores da «Sociedade FilarmónicaW (1921), con persoas como Losada Diéguez, Emilio Quiroga, Octavio Pintos, Iglesias Vilarelle ou Sobrino.

Acumulou durante a súa vida numerosos datos de historia, xentes e costumes de Pontevedra, redactando tamén un interesantísimo diario, que conserva a familia.

Outros membros da familia Pintos-Fonseca formaron parte do Partido Galeguista.

[Arquivo MP-F; Fortes, 1995; Giráldez, 1999; Lantier, 1978; Márquez, Poyán, Roldán, Villegas, 1987; Gálvez; Moreno; Pellecín; http://hamyguito.galeon.com/misterio.html; www.elmistico.com.ar/descarga/anniebesant/].



Javier Pintos Fonseca.

III. O REPUBLICANISMO POLÍTICO EN PONTEVEDRA

III. 1. A prensa republicana

Antes de analizar a actuación política do republicanismo pontevedrés faremos unha breve incursión polos seus órganos de prensa máis representativos.

-*La Unión Republicana*: Publícase entre 1892 e 1899. Son os seus directores Valentín Peña e Pepe Juncal, e redactores Emilio Couto, Emiliano Iglesias e Severiano Pérez. O periódico sería excomulgado polo cardenal Martín de Herrera, Pepe Juncal encarcerado en 1898 e Emiliano Iglesias Ambrosio procesado, acusado de atentado contra a liberdade do culto católico e a forma de Estado.

-*La Unión Nacional*: Portavoz dos republicanos da cidade. Joaquín Poza Cobas é o seu administrador en 1900.

-*El Grito del Pueblo*: Aparece en 1903. Fundador: José Juncal. Joaquín Poza Cobas será un dos directores.

-*El Balandrán*: Saiu un só número, en 1903, como resposta a unha Misión dos xesuítas. Foi suspendido polo Goberno Civil aos dous días. Este clima antixesuítico viña dado pola axitación clerical e católica contra a estrea de *Electra*, de Pérez Galdós, en Pontevedra, que provocará enfrontados sentimentos.

-*La Acción*. Semanario republicano. Sae entre 1905 e 1906. Director: José Juncal Berduya. Redactores: Emiliano Iglesias Ambrosio, o citado Juncal, etc. É a última vez que estes dous xornalistas galegos participan dentro dun órgano do republicanismo unido. Máis tarde se vincularon a Lerroux. En 1907, como consecuencia das tensións entre lerrouxistas e unionistas de Salmerón, que se precipitan coa escisión en dous bandos da familia Poza, o periódico desaparece. Continuou o labor de *El Grito del Pueblo*, e será substituído por *La Libertad*.

-*La Libertad*: Titúlase ao principio "Órgano do Partido Republicano da Provincia" e máis tarde "Semanario republicano radical". Aparece o 5-3-1906 (para Durán, en 1905) e cesa non antes de 1931. Foron directores Celestino Poza Cobas, José Juncal (1907), Joaquín

Poza Cobas (dede 1908) e Joaquín Poza Juncal (nas últimas épocas). A partir de outubro de 1908 aparece como propietario Joaquín Poza Cobas, que xa era o seu administrador un ano antes. O periódico imprimíase na imprenta do citado Joaquín Poza Cobas, e tiraba 500 exemplares. De orientación republicano lerrouxista, o xornal cualifícase como defensor do sistema republicano e da estructuración federal do Estado.

-*El País*: Diario republicano da tarde. Funciona na IIª República. O seu fundador-propietario-director foi Maximiliano Pérez Prego, do que falamos xa anteriormente.

-*La República*: Órgano do Partido Republicano Radical-Socialista. Aparece en setembro de 1931. Foi o seu director Celestino Poza Cobas.

[Barreiro Barreiro, 1991; Cabo, 2003; Durán, 1977a, 1977b, 2004; Fortes, 1993, 1995; Santos,1990].

III. 2. ACTIVIDADE POLÍTICA E INSTITUCIONAL

III. 2. 1. Partido Republicano de Pontevedra

O republicanismo pontevedrés do último tercio do século XIX é federal, zorrillista. Destaca a figura egrexia de Indalecio Armesto, xornalista, filósofo, masón, así como a do seu sobriño Víctor Sáid Armesto, que segue a estela do seu tío tanto no eido profesional como no que respecta á masonería, aínda que, no seu caso, o seu labor masónico desenvólvese en Madrid, onde ingresa, coa súa nai, na masonería.

Logo de morte de Indalecio Armesto en 1890, será José Juncal Berdulla quen represente, a finais do XIX, a esperanza dos republicanos locais, vinculados ao zorrillismo (sector másonico e progresista).

En 1891 se inaugura en Pontevedra o Círculo Republicano (1891), que xunta aos mozos e aos restos dos "históricos". En 1892 aparece *La Unión Republicana*, do que Juncal será brillante redactor. Escribirá sobre o motin campesino da Ponte do Burgo (1892), alentando aos campesiños non só a asociárense, senón tamén a súa actitude levantisca, animándoos a non pagaren os impostos de "cédulas persoais". Polo que escribe sobre os dramáticos sucesos de Campo da Porta (Salcedo) é procesado por un tribunal militar, e condenado, ingresando no cárcere. A súa aureola aumenta e, en 1895, é director do diario, levando con el como colaborador a Emiliano Iglesias, e mesmo -cando vive en Pontevedra- a Ricardo Mella.

Estes xoves republicanos son partidarios da unión das esquerdas -burguesa e obreira- á fin de derrocar a monarquía; de aí que esperten simpatías en anarquistas, socialistas, obreiros e campesiños asociados.

En 1897 Juncal é secretario do Partido Republicano de Pontevedra, e profesor da súa Escola Normal.

En 1898, por "inxuriar" ao Círculo Católico de Pontevedra ingresa no cárcere. Segue escribindo dende alí e, a raíz dun atentado contra a casa do marqués de Riestra, é desterrado a 3 anos, 6 meses e 21 días, e multa. O semanario socialista pontevedrés La *Emancipación* réndelle homenaxe. O periódico *La Unión Republicana*, sempre en continúa pugna co católico *El Áncora*, é clausurado.

No desterro, marcha a Madrid, onde reside Lerroux. Estamos en 1899. Colabora nos semanarios republicanos *El Combate* e *El Grito del Pueblo*. Por un artigo "¡A las armas!», volve ser procesado, aumentando o seu prestixio tanto entre os seus correlixionarios pontevedreses como madrileños.

Joaquín Poza Cobas dirá del:

> La historia política de Juncal sirve en este país de vanidades y de las bajas ambiciones como soberbio modelo de modestia y desinterés. Si a nuestro amigo le guiaran otros móviles que el amor a las ideas; si hubiese, como los menguados, mirado sólo a su medro personal, estaría hoy ocupando puestos importantísimos en la política, pues le sobra talento para ello. Juncal se sacrificó constantemente y hasta ayudó a subir correligionarios suyos, que le eran muy inferiores espiritualmente y que moralmente no podían parangonársele. Citaremos un hecho para probarlo: Pepe Juncal fue elegido presidente de las juventudes republicanas españolas, cuando Salmerón fue nombrado jefe de los republicanos, y nuestro amigo declinó el honor porque su modestia es tanta, que no se creyó con méritos suficientes para desempeñar el cargo.

En 1901, reclamado por Lerroux, trasládase a Barcelona. Residirá tamén en Madrid, Valencia e de novo Barcelona, onde chegará a ser catedrático da Escola Normal.

En 1899 regresa a Pontevedra, procedente de Filipinas, Celestino Poza Cobas, que se convertirá nun dos homes fortes dorepublicanismo local (o semanario republicano coruñés *El Combate*, así o constata). Pero a súa personalidade provocará algúns problemas: como salienta José Antonio Durán, no semanario *El Centinela*, que aparece nestes momentos, dirixido por Emiliano Iglesias, participan activos elementos republicanos "disgustados con el autoritarismo que demuestra el nuevo hombre fuerte del movimiento, Celestino Poza Cobas."

Nestes anos destaca tamén a figura de Emiliano Iglesias Ambrosio, figura clave do Partido Radical en Galicia ata o final da IIª República, aínda que tamén residirá durante varios anos fóra da nosa terra.

III. 2. 2. Partido Radical de Lerroux contra Solidaridad Gallega

En 1904 o Partido Republicano de Pontevedra organiza un mitin, no Teatro Circo, no que vai falar Alejandro Lerroux, de xira por Galiza. O acto é convocado a través dun manifesto asinado por Joaquín Poza Cobas, en nome de *El Grito del Pueblo*, Emiliano Iglesias, pola Juventud Republicana, Sebastián Maquieira, polo Casino Republicano, e outros. Nesta viaxe, unha irmá de Lerroux, Amelia, formaliza relacións con José Juncal, co que casará tempo despois. Lerroux levarase a Emiliano Iglesias a Barcelona.

A oposición de Lerroux ao proxecto da Solidaritat Catalana, que se exporta a Galiza, provocará a división política da familia Poza. Casado xa Pepe Juncal con Amelia Lerroux, e tamén casado Joaquín Poza Cobas cunha irmá de José Juncal, esta póla da familia Poza queda vinculada ao Partido Radical de Lerroux, mentres que o seu irmán Celestino avoga pola implantación de Solidariedade.En 1907 Celestino Poza Cobas é entrevistado por Eugenio López Aydillo, que está a escribir o seu libro *Galicia ante la Solidaridad* analizando as posibilidades de que o modelo da Solidaritat catalana prospere en Galiza. Celestino Poza Cobas, republicano federal, é o encargado de impulsar este movemento na provincia, aínda que confesa que case non ten de quen botar man.

O núcleo lerrouxista pontevedrés perdurará no tempo, tendo como voceiro ao xornal *La Libertad*. Sen embargo, a raíz da visita a Pontevedra do líder radical en 1913, o sector mozo do republicanismo da cidade, agrupado en torno ao quincenario *El Rebelde*, amósase en desacordo coa moderación do partido, e fundan o Partido Radical Autónomo de Pontevedra, ingresando na conxunción republicano-socialista.

Previamente á chegada da IIª República, o republicanismo pontevedrés aparece unido no Centro Republicano de Pontevedra, que se funda en marzo de 1930, en asemblea presidida por Celestino Poza Cobas. Na súa Xunta Directiva fundacional figura como presidente Amancio Caamaño Cimadevila; Vicepresidente, Joaquín Poza Juncal; Secretario, Bibiano Fernández Osorio-Tafall; Vicesecretario, José Echeverría Novoa; Tesoureiro-contador, Joaquín Maquieira Fernández; Vocal 1º, Maximiliano Pérez Prego e vocal 2º, Avelino Silva Güimil.

A posterior dimisión de Osorio-Tafall levará a José Echeverría Novoa a ser agora Secretario, Maximiliano Pérez Prego Vicesecretario, Avelino Silva Vocal 1º e entra na directiva, como vocal 2º, Francisco Otero Juncal.

III. 2. 3. A IIª Republica

Nas eleccións municipais de abril de 1931 o Centro Republicano presenta unha candidatura que levará, por exemplo, a Bibiano Fernández Osorio-Tafall á alcaldía da cidade, e a Joaquín Poza Juncal, entre outros, a ser eleito concelleiro. Pero xurdirán discrepancias co traballo desenvolto, por exemplo, por Poza Juncal, partido as críticas curiosamente da outra póla da familia, o seu tío Celestino Poza Cobas e o seu curmán Celestino Poza Pastrana. Aínda que o Centro forma parte da Federación Republicana Galega –Poza Cobas será o seu representante- pouco a pouco este sector amósase partidario de que o Centro, que funciona como Partido Republicano de Pontevedra, se oriente cara ao radical-socialismo. Osorio-Tafall e Poza Juncal, deputados da FRG, ou Maximiliano Pérez Prego, acabarán vinculándose primeiro ao Partido Republicano Gallego, logo a Acción Republicana de Manuel Azaña e posteriormente a Izquierda Republicana, mentres que outro sector, maioritario, ingresa no PRRS e será o cerne, tempo despois, de Unión Republicana.

[Arquivo CPC; ARG; Arquivo MP-F; *El Ideal Gallego*; *La Voz de Galicia*; AAVV, 1932; AAVV, 1935; AAVV, 1952; AAVV, 2001; Adrio, 2004; Alfeirán, Romero, 2001; Álvarez, 1992; Barreiro Fernández, 2001; Caeiro, González,de Saá, 1995; Cores, 1976a, 1976b, 1977, 2000;Durán, 1977a, 1977b, 2004; Fariña, Pereira Figueroa, 1986; Fernández Santander, 2000; Fortes, 1993, 1995; Lamela, 1993; Marco, 2003; Mosquera, Evaristo; Paz-Andrade, 1986; Pereira Martínez, 2002; Portela, 1988a, 1988b; Sotelo, 1997; Vilas, 1977].

IV. A FAMILIA POZA: BIOGRAFÍAS

Laureano Poza Estévez

O patriarca da familia será o ebanista e contratista da cidade do Lérez Laureano Poza Estévez. Casará con Casilda Cobas Juncal, tendo a parella os seguintes fillos: Celestino, Joaquín, Josefa, Casilda, Agripina e Peregrina.

Celestino Poza Cobas:

Naceu o 22 de marzo de 1868 en Pontevedra. Logo de traballar como carpinteiro, estudiará bacharelado nesa cidade, Maxisterio e posteriormente Medicina, por libre, en Santiago, licenciándose en 1892. Embarcouse como médico nun navío. Dende 1893, residiu en Filipinas, asentándose logo en Calapán, capital da illa de Mindoro. Alí adquiriría varias propiedades. En 1898 tocoulle vivir de preto a guerra, sendo ferido nun asalto que un milleiro de tagalos efectuaron ao lugar onde vivía, defendido por 14 españois. Logo de


resistiren 40 días, firmaron a capitulación honrosa, quedando Poza e os seus compañeiros en calidade de prisioneiros. En abril de 1899 chega a Barcelona, no vapor «Alicante», procedente de Filipinas, sendo recibido na súa cidade natal como un heroe. Pouco despois renunciaría ás propiedades que tiña na illa.

De regreso a Pontevedra en 1899, neste mesmo ano xa está construíndo a casa na que, en 1902, instalará o Sanatorio Poza. Localizábase en Andrés Muruais, 3 e 6. Disporía de salas de operacións, radiodiagnóstico, radioterapia, infravermellos e ultravioleta, sala de masaxes e, por exemplo, ascensor, calefacción, etc. É xa un dos homes fortes do republicanismo pontevedrés.

En 1903 dirixe a Escola Laica.

En 1904 solicita praza de médico, sen emolumentos, no Hospital Provincial, sen éxito. Uns anos despois será concelleiro no Concello de Pontevedra, no período 1906-1909, participando nas Comisións de Obras e Policía Urbana, Abastos, Beneficencia, Alumeado, Cemiterios, Abastecemento de Augas e Incendios.

En 1908 é proposto pola Corporación para ocupar unha praza de cirurxián, novamente gratuíta.



Celestino Poza Covas.
Abaixo, automóbiles da súa empresa.



Celestino acepta, pero un pequeño conflicto co director do Hospital, que entendía que era el quen tiña que asignar o lugar onde ían traballar os médicos, e non a Corporación, así como, por ser Poza concelleiro, podía haber problemas de incompatibilidades, paralizou o ingreso. Aínda que o asunto das incompatibilidade foi resolto favorablemente polo Concello, o certo é que, definitivamente, Celestino Poza decide renunciar á praza. Nestes anos xa é un reputado médico-cirurxián.

En 1907 é o encargado de botar a andar o movemento de Solidariedade Galega na provincia de Pontevedra.

Será dos primeiros pontevedreses en dispoñer de automóbil propio, importando algúns de Francia, chegando a dispor, en 1912, dunha pequena frotiña de automóbiles, seis deles da marca francesa «Darracq». Algúns deles prestaban servizo na compañía «Autobuses de Pontevedra». Xa en 1907 importara de Inglaterra un turismo «Humber», matrícula PO-19.Foi tamén accionista do Tranvía a Marín e colaborou na implantación de lineas de transporte por estrada.

A finais de 1914 solicita ao Concello que se lle nomee médico honorario gratuíto para a praza que citamos anteriormente, ao que accede a Corporación, pero poucos meses despois é destituído polo alcalde, nunha decisión que o periódico *La Libertad* cualificou de "alcaldada".

Manterá unha estreita amizade co médico Varela Radío ou con Rof Codina.

A título anecdótico, nun libro publicado en 1920 aparece como un dos socios fundadores da colectividade "Pro-Colón, Español" establecida en Pontevedra.

Un dos promotores do Centro Republicano de Pontevedra, preside a súa constitución. Influirá para que este Centro se defina politicamente a prol do radical-socialismo, triunfando as súas teses e nacendo o Partido Republicano de Pontevedra, do que será presidente en 1931, e o seu delegado na Federación Republicana Galega. Pouco despois, neste mesmo ano 1931, considerando que a FRG non responde ás expectativas, promove que se ingrese no Partido Republicano Radical-Socialista, sendo presidente do comité pontevedrés e asistindo como delegado ao seu Congreso galego de 1931, ao nacional de 1932 e de novo ao Congreso galego celebrado en Santiago entre os días 11 e 12 de marzo de 1933. Nel, será elixido presidente do Comité Rexional do Partido, que pasaría a residir en Pontevedra. Na sesión de clausura aparece na mesa presidencial un tal Poza Juncal (creo que é un erro, aínda que podería ser Hernán) do Comité Provincial de Pontevedra (*LVG*, 14-3-1933).

Dende 1935 milita en Unión Republicana, partido do que será presidente do Comité Local de Pontevedra, resultando elixido deputado, nas eleccións de febreiro de 1936, na candidatura da Fronte Popular. En 1936 encontrámolo como suscritor do semanario socialista *La Hora*, que imprimía e dirixía o impresor socialista Ramiro Paz. Tamén ocupara o cargo de secretario no consello de *La Libertad* (do que fora director en 1906), e foi tamén director de *La República*. Órgano do PRR-S, fundado en setembro de 1931.

Profesionalmente, ademais de rexentar o seu Sanatorio, en 1931 solicita á Corporación Provincial a súa restitución no posto do que fora destituído en 1915, ao que accede esta. En 1933 é, brevemente, Director interino do Gran Hospital pero as diferencias políticas do momento motivaron o seu cese, aínda que seguiu como cirurxián, un mes despois.

A súa crítica á creación dunha praza de médico actinólogo para o Sanatorio da Lanzada –alegando que no seu sanatorio xa había anos que esta se practicaba, e que non era máis que unha parte da Fototerapia e esta, á súa vez, unha ínfima parte da Electroterapia, polo cal non tiña sentido unha praza de tan pouco calado que, ademais, agravaba a situación xa catastrófica das finanzas do Hospital, cheo de débedas- provocará unha airada reacción

dos xestores da Deputación, que o cesarán do seu posto de médico no Hospital. De todos xeitos, a finais deste ano 1933 é reintegrado no seu posto.

Unha grave doenza que sofre en 1934 –será operado en Madrid polos doutores Gómez Ulla e Varela Radío- fará que, pouco despois, presente a súa renuncia, aínda que segue traballando no seu Sanatorio.



Celestino Poza Covas (con barba) á beira de outros presos na illa de San Simón.

Co triunfo da sublevación militar fascista, será detido –o mesmo acontecerá cos seus fillos Celestino e Luis-, e trasladado ao Instituto, habilitado como prisión. Pero testemuñas do momento, como Evaristo Antonio Mosquera, contan que nese tempo realizou un longo periplo por outros cárceres da provincia, no que foi sometido a torturas, quedándolle sen movemento unha man, que exercitaba cunha pelota de goma ata que a recuperou. Neste momento deixou barba, facendo a promesa de que non a cortaría ata que se gañase a guerra. O 23 de agosto de 1936 ordénaselle que entregue o seu automóvil marca «Opel», matrículo PO-4760, na Delegación de Orden Público de Pontevedra.

Xunto co seu fillo Celestino e outros republicanos foi trasladado á illa de San Simón. Mosquera conta que o vello Poza, ademais do seu optimismo –convencido da victoria- realizaba uns paseos pola illa imaxinando que o facía polas paisaxes de Pontevedra. Como tiña medidos os pasos, calculaba os quilómetros que andaba, e recreaba, cos seus compañeiros, os lugares polos que, na súa imaxinación, ía camiñando.

Pai e fillo, médicos os dous, durmían nunha pequena habitación na entrada da prisión. Como exercía moitas veces os seus labores sanitarios cos presos e mesmo con oficiais da prisión, lles ofreceran durmir na Oficina, pero o rexeitaron. En novembro reciben a noticia do fusilamento, na Caeira, de Luis.

Aínda protagonizaría, xunto cun grupo de evanxélicos de Marín, o seu fillo Tino e o citado Evaristo, un plante, negándose a confesarse cos cregos da prisión, un dos cales, Nieto, exercía moitas presións. Curiosamente, un militar de alta graduación que presidía a misa, Luis de Vicente, ante a circunstancia de ver como afastaban do resto dos prisioneiros a un grupo de doce homes –os citados Poza e outros-, logo de el comulgar dirixiuse ao altar, e saudou o valor e sinceridade dos que se negaran a confesarse, e estreitoulles, empezando polo vello Poza, as mans.

Procesado, o seu consello de guerra celebrouse o 17 de febreiro de 1937, sendo condenado a reclusión perpetua con accesorias de interdicción civil e inhabilitación absoluta. Salvouse da morte, pero, ademais dos anos que permaneceu en prisión, os seus bens foron incautados, o sanatorio saqueado, etc. Será posto en liberdade en 1941. O pouco que quedou foilles devolto en 1943.

Do seu matrimonio con Consuelo Pastrana nacerán seis fillos: Marina (casada co músico Jesús Taboada, avós de Roberto Taboada); Celestino, Electra, Luis, Consuelo e Aurora (casada con José Adrio Barreiro).

Falecerá en Pontevedra o 8 de agosto de 1954, sendo soterrado no cemiterio civil de Pontevedra.

O profesor Alberto Valín pensa que Celestino Poza era posiblemente francmasón, opinión que comparte Xosé Fortes. O ideal librepensador e tolerante de Poza Cobas manterase sempre. Por exemplo, a comunidade evanxélica de Marín tiña instalada a súa igrexa nunha casa da súa propiedade. E xa na adolescencia lía revistas librepensadoras.



Dúas imaxes de Celestino Poza Pastrana.




Celestino Poza Pastrana:

Celestino Poza Pastrana naceu en Pontevedra o 2 de setembro de 1903. Cursa estudios no Instituto de Pontevedra e logo Medicina en Santiago e en Madrid, e como non podía ser doutro xeito, inculcado polo seu pai –vinculado á Institución Libre de Enseñanza- ingresa, xunto coa súa irmá Marina, como interno na Residencia de Estudiantes, na "Colina de los Chopos", de onde sairía a xeración máis brillante da intelectualidade española.

Formado en Xinecoloxía co doutor Varela Radío, en medicina interna co profesor Carballo e en cirurxía co doutor Cardenal, tivo como compañeiros de Universidade, entre outros, ao que foi o otorrino doutor Tapia e ao urólogo Peña. Era tamén moi amigo do célebre médico Roberto Nóvoa Santos, ao que acompañou nas oposición que, en 1927, este fixera para a cátedra de Madrid.

Nestes anos, na Residencia de Estudiantes tivo como compañeiros e amigos a personalidades como García Lorca (con quen se encontrará, en novembro de 1932, en Pontevedra, na visita que fixo o poeta granadino), Dalí, Gabriel Celaya, Severo Ochoa, Luis Buñuel, Américo Castro, Moreno Villa ou Jesús Bal y Gay, entre outros. Licenciouse en 1928, ano no que aparece como un dos asinantes do manifesto que os republicanos galegos dirixen, en Madrid, o 11 de febreiro de 1928, á Xunta Nacional de Alianza Republicana, comprometéndose a estructurar en Galiza o Partido Republicano.

De regreso a Pontevedra, será activo socio do Centro Republicano e presidente do comité do Distrito 2º; presidente, en 1932, do Partido Radical Socialista e directivo, logo da desaparición do



Dúas obras de Celestino Poza Pastrana.



anterior partido, de Unión Republicana. Casará con Aurelia Couto Mallén, falecida en 1938. Está soterrada no Cemiterio Civil de Pontevedra.

Profesionalmente, logo de traballar un tempo no sanatorio do seu pai, onde se forma médica e humanamente, obtén por oposición a praza de médico auxiliar de Cirurxía no Hospital Provincial en 1931. En 1932 encárgase do gabinete de electroterapia e, xa como cirurxián de número, segue no mesmo centro en 1934, rexeitando o nomeamento de Delegado Técnico, en 1936, por ser cargo de designación. En 1933 concluíra a súa tese de doutoramento sobre o tema *El tratamiento de las gangrenas secas por la Radioterapia*. O 17 de xullo de 1936 morre a súa filla pequena, Margarita.

Destituído da súa praza de médico no Gran Hospital Provincial o 18 de agosto de 1936, o mesmo que o seu irmán Luis, do que logo faleremos, preso no cárcere de Pontevedra e na Illa de San Simón, será procesado o 17 de febreiro de 1937 na causa "Celestino Poza Cobas y 19 más". O seu pai é condenado, intervindo el no Consello de Guerra ofrecendo a súa vida pola del (testemuña recollida no libro *Mi viejo carnet* de Prudencio Landín). Absolto, sae de San Simón o 24 de novembro de 1937, véndose obrigado a sobrevivir en difíciles circunstancias. Ata 1943 no se lle devolve á familia o que quedaba útil da incautación do Sanatorio. E volverá a ser detido en 1947, acusado de pertencer a unha denominada "Unión de Intelectuales Libres".

Nestes anos exerce a medicina moitas veces de maneira filantrópica, preocupado polos máis pobres e necesitados, aos que non cobra; as xentes do barrio da Moureira chamábanlle "o apóstolo dos pobres". Arriscando a súa seguridade, atendeu tamén a fuxidos e agochados.

En 1951 é reposto no seu cargo de cirurxián no Hospital Provincial, ocupando logo postos de relevancia. Paradoxos da vida, será proposto pola Deputación para a Medalla da Beneficencia, daráselle o seu nome á sala na que traballaba e mesmo recibirá a medalla ao Mérito Militar.

En 1961 organiza en Santiago unha xuntanza de exalumnos da Residencia de Estudiantes.

Pénsase que foi membro da Masonería.

Algo máis que afeccionado á pintura, cunha formación moi completa que seguía os pasos dos movementos de vangarda da época e que reflicte de xeito poderoso, persoal e tráxico os momentos que lle tocaron vivir, cunha modestia que soubo dos eloxios de Vázquez Díaz, Pesqueira, Laxeiro, Colmeiro e outros. Eran tamén grande afeccionado á fotografía, ao tabaco, á colombofilia e ao xadrez.

Precisamente estaba a preparar unha exposición antolóxica da súa obra nunha importante galería de Barcelona –sería a súa primeira exposición- cando un tráxico accidente, cando viña de atender a un enfermo, sega a súa vida e a da súa segunda esposa, Isolina Méndez, o 25 de abril de 1971. O enterro da parella, no cemiterio civil de Pontevedra, foi unha grande manifestación de doo, e o Hospital Provincial organizou na súa lembranza unha velada necrolóxica.

Un amigo de Poza Pastrana, profesor da Carleton University, en carta de condolencia aos seus fillos, dicía: «Foron eles (os Poza) os que me ensinaron a coñecer que é o humano..., e foron eles os que me cambiaron e enxendraron para o humano».

Outro amigo, Luciano del Río, salienta nun artigo publicado no primeiro cabodano:

> Fora Poza Pastrana, nos seus anos mozos e universitarios, un interno na Residencia de Estudiantes, na Residencia do Pinar, como a chamaban, tan vencellada á Institución Libre de Ensinanza, porque non poucos residentes eran, foran, discípulos dos profesores da Institución. Uns e outros, residentes e institucionalistas, recibiran no seu espírito o frescor dos

ventos eticistas do krausismo hispanizado por aquel señero varón que foi don Francisco Giner de los Ríos; unha suave, límpida e breve ráfaga de cordura moral sobre algúns homes de España. E no recordo daqueles contactos estudiantís viviu Celestino Poza e deles nacera a súa adoración por Antonio Machado, pola súa figura humana e a súa obra. Del conservaba un dos máis entrañables recordos, reliquia recollida en Colliure, e un "póster" de Picasso conmemorativo da homenaxe que a Francia intelectual rendeu, no seu día, ao dolorido poeta dos pinares sorianos e dos "azules montes del ancho Guadarrama".

O 2 de setembro de 2003 celebrouse en Pontevedra unha homenaxe á súa persoa, promovida pola familia e apoiada polo Concello. Nos diversos actos realizados (no Cemiterio Civil, na rúa que leva o seu nome e na Casa do Concello), tomaron a palabra Antonio Campos Romay, Carlos Pereira Martínez, Lois Bará, Xosé Fortes Bouzán, Luís Lamela García, Jesús Díaz Bustelo, Carlos Etcheverría Vázquez, Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra, e Celestino Poza Domínguez, neto do homenaxeado..

Luís Poza Pastrana:

Médico tamén era o seu irmán Luis Poza Pastrana. Socio do Centro Republicano, milita primeiramente no Partido Radical Socialista, ingresando posteriormente, o 1 de agosto de 1935, no Partido Galeguista. Na tradición familiar afírmase que era o secretario particular de Alexandre Bóveda.

Luis Poza, membro do Comité de Cooperación Intelectual de Pontevedra (con Luciano del Río, Evaristo Mosquera, Javier Andrade Cimadevila, Bernardo Salom de la Hoz e Tabucho Pintos Fonseca), é un dos que recibe en Pontevedra, o 19 de novembro de 1932, a Federico García Lorca, que viña a dar unha conferencia no Cine Coliseum.

Nas eleccións de febreiro de 1936 encontrámolo participando como orador en mitins da Fronte Popular (*LVG*, 1-2-1936).

Será destituído da súa praza de médico no Gran Hospital Provincial o 18 de agosto de 1936. Procesado, xunto co gobernador civil, etc., será fusilado na Caeira o 12 de novembro de 1936. O seu corpo descansa no cemiterio civil de Pontevedra.



Luis Poza Pastrana.

Josefa Poza Cobas:

Casada con Santiago Díaz. Tiveron polo menos un fillo, Alejandrino Díaz Poza.

Casilda Poza Cobas:

Casada con Jacinto Otero Blanco. Pais de Polita Otero Poza.

Agripina Poza Cobas:

Casada con Maximiliano Pérez Prego.

Peregrina Poza Cobas:

Ficou solteira.

José Adrio Barreiro:



José Adrio Barreiro.

Xenro de Celestino Poza Cobas (estaba casado coa súa filla Aurora) era o avogado José Adrio Barreiro, membro tamén do Partido Radical-Socialista e posteriormente de Unión Republicana. Foi gobernador civil de Ourense e membro da Xestora da Deputación Provincial de Pontevedra, que presidirá o 19-3-1936, durante uns días. Foi un dos compromisarios elixidos en Pontevedra para a elección do presidente da República (*LVG*, 5-5-19.6). Foi fusilado na Caeira o 12 de novembro de 1936. Algúns dos seus descendentes, nesta época democrática, seguiron a tradición política familiar. Segundo o investigador Luis Lamela, estaba preparando o seu ingreso na masonería. Un irmán del, Gonzalo Adrio, casaría cunha filla do masón coruñés Arturo Taracido.

Joaquín Poza Cobas:

A outra póla familiar parte de Joaquín Poza Cobas, fillo tamén do citado Laureano Poza Estévez. Libreiro e impresor, na súa imprenta situada na rúa Michelena imprimiríanse, por exemplo, os *Documentos, inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, noticias, etc. para la Historia de Pontevedra*, de Casto Sampedro Folgar (1902), algúns números da revista *Nos*, numerosos regulamentos de sociedades obreiras ou periódicos como *El Amigo del Pueblo*, de Vigo. Tiña tamén unha librería na praza Indalecio Armesto.

Vencellado ao movemento republicano da cidade xa a finais do século XIX, en 1900 aparece como administrador do periódico *La Unión Nacional* portavoz dese movemento. En 1904 é un dos asinantes, en nome de *El Grito del Pueblo*, que convoca ao mitin que Lerroux vai dar en Pontevedra. Dirixente do Partido Radical dende os seus inicios, nas alturas de 1906. Será tamén director dos periódicos *El Grito del Pueblo*, órgano do Partido Republicano, e *La Libertad* (órgano do Partido Republicano da Provincia" e máis tarde "Semanario republicano radical"). En 1907 é o seu administrador e, dende 1908, director e propietario, imprimíndose nos seus talleres tipográficos. Logo o substituirá o seu fillo Joaquín.

É tamén un dos asinantes do xa citado manifesto dos republicanos galegos á Xunta Directiva da Alianza Republicana en 1928. Socio do Centro Republicano de Pontevedra, militará inicialmente no Partido Radical-Socialista, aínda que se daría de baixa posteriormente. En 1935 ingresa en Unión Republicana.

Casado con Pilar Juncal, irmá do avogado, histórico dirixente tamén do republicanismo pontevedrés e membro do Partido Radical José Juncal Berduya (cuñado dun dos máximos dirixentes do republicanismo español, Alejandro Lerroux; concuñado, pois, de Lerroux), da súa descendencia coñecemos os nomes de a Joaquín, Hernán, Laureano, Fausto, César, Pilar, Dorotea, Luz e Carmen.

Joaquín Poza Juncal:

Avogado e xornalista, director de *La Libertad*, é un dos asinantes do manifesto fundacional da Federación Republicana Galega en 1930 e vicepresidente do Centro Republicano de Pontevedra. Logo da proclamación da II República será sucesivamente, en 1931, concelleiro da cidade, gobernador civil de Ourense (*El Ideal Gallego*, 21-4-1931,



Joaquín Poza Juncal.

dá noticia da súa chegada a Ourense) e deputado nas Cortes Constituíntes, por Pontevedra, pola Federación Republicana Galega. Votou a favor do voto femenino na sesión parlamentar do 1-10-1931 e o 1-12-1931 e aparece como parlamentario defensor dun proxecto de lei no que, entre outras cousas, se falaba de como cubrir as vacantes de maxistrados e avogados en Cataluña, debido ao estipulado no seu Estauto de Autonomía (en agosto de 1932). Membro de Acción Republicana de Pontevedra en 1933 e de Izquierda Republicana en 1934, ano no que morre. É colaborador de *El País*, que funcionaba voceiro do PRG e logo de IR. Participará activamente nas asembleas de elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi tamén avogado asesor da Caixa Rural do Lérez, fundada en 1926. Escribiu, ademais dos xornais xa citados, en *Faro de Vigo*, e en prensa agrarista como *El Emigrado* (A Estrada). Ferrer Benimeli o inclúe dentro dos deputados masóns nas Cortes Constituíntes de 1931.

Hernán Poza Juncal:



Hernán Poza Juncal.

Nace en Pontevedra en 1903. Será membro activo da Federación Universitaria Española e escribirá na revista compostelá *Universitarios*. Dirixirá "La Escuela Moderna", e dará algunha conferencia, mesmo por radio, como unha que pronunciou sobre "El bilingüismo de Galicia", da que se fai eco a revista *Vida Gallega*, nº 550. Socio do Centro Republicano de Pontevedra, foi profesor da Escola Normal de Mestres de Barcelona. Xa exiliado en Estados Unidos, ensina español no "Eastman School of Languages and Business" (1940), e é director do "Poza Institute of Languages and Business" (1941). En 1938 foi xefe de redacción do diario *La Voz* de Nova York. Entre 1938 e 1943 foi comentarista de radio. A partir de 1943 tamén foi profesor do "Brooklyn College" en Nova York. Publicou o libro *Pratical Handbook of Commercial Correspondence in Spanish and English*. Escribía baixo o pseudónimo de "Xan Calqueira". Ao contrario que o seu curmán, o meu tío avó Luís, non mantiña relacións moi cordiais con Castelao.

Descendentes de Hernán deben ser a doutora Esther E. Poza-Juncal, residente en Durham, Carolina do Norte, membro do Departamento de Medicina Interna da University of North Carolina School of Medicine, en Chapel Hill, e probablemente tamén Inés V. Poza-Juncal, que traballa no Hoog Foundation for Mental Healt da Universidade de Texas.

Laureano Poza Juncal:

Estudiou Químicas, licenciándose cun brillante historial académico. Profesor na Escola Industrial de Vigo de Química Industrial Orgánica e Análise Químico. Socio do Centro Republicano de Pontevedra, militará en Acción Republicana de Pontevedra en 1933 e posteriormente de Izquierda Republicana. Militaría tamén en Izquierda Republicana de Madrid.

Nas eleccións de febreiro de 1936 intervén en actos políticos na provincia de Pontevedra (*LVG*, 1-2-1936). Será depurado en 1936 do seu posto de profesor na Escola Superior de

Traballo. En México, país ao que se exiliou foi profesor de Ciencias Químicas na Universidade Internacional e no Instituto Hispano-Mexicano Ruiz de Alarcón. En México aproximouse ao grupo dos socialistas galegos exiliados. Era membro da Masonería: un artigo da súa autoría, "Orígenes de la Masonería. Una realidad histórica", pode consultarse en Internet. Aparece como copatrocinador da fermosa revista *Vieiros*, editada en México entre 1959-1968. No libro *El exilio español en México* elóxianse as súas investigacións coa urotropina e outros medicamentos.

Publicou tamén *Pensamientos Filosóficos y Proyecciones Esotéricas*, na editorial mexicana Herbasa.

César Poza Juncal:

Procurador de profesión, membro de Izquierda Republicana de Pontevedra. É un dos milicianos antifascistas que máis se distinguen nos días da sublevación militar, en defensa da República. En 1936 é detido, figurando a súa profesión como a de mestre nacional.

Fausto Poza Juncal:

Aparece, no libro que citamos anteriormente, publicado en ca. 1920, como un dos socios fundadores da colectividade "Pro-Colón, Español" establecida en Pontevedra.

Ramón Poza Couso:

Membro do Partido Radical-Socialista e logo de Unión Republicana, faleceu sendo aínda persoa nova. Unhas fontes nos din que era médico, mentres que otras falan de que a súa pofesión era a de industrial.

Tamén encontramos un **Celestino Poza**, de profesión xastre, militando no PRRS de Pontevedra, pero non temos máis noticias.



A Familia Poza nos anos 20 do s. XX.

[Arquivo CPC; ARG; AAVV, 1932; AAVV, 2001; Abellán, 1976; Adrio, 2004; Alfeirán, Romero, 2001; Barreiro Fernández, 2001; Cabo,2003; Caeiro, González, de Saá, 1995; Conde, 2004; Cores, 1976a, 1976b, 1977, 2000; Costa, 1989; Costas,1996; Diéguez, 2002; Durán, 1977a, 1977b; Fariña, Pereira Figueroa, 1986; Fernández Santander, 2000; Ferrer, 1987; Fortes, 1993, 1995; González Martín, 1995; Iglesias Veiga; Lamela, 1993; Mosquera, Evaristo; Ordóñez Alonso; Poza Juncal; Rodríguez Martínez, ca. 1920; Santos, 1990; Sotelo, 1997; Valín, 1993, 1996; Vázquez Osuna; Vilas,1977]
[http://translationbybetty.tripod.com/commercialletter.html www.content.karger.com/ProdukteDB/produkte.asp?Aktion=ShowFulltext&Prod www.copsa.cop.es/23icap/program/4.html www.healthgrades.com/directory_search/Physician/Profiles/InternalMedicine)
www.mason.com.mx/libros/hb192.html
www.mason.com.mx/novedades.html
www.medscape.com/viewarticle/408751_print
www.ncbi.nlm.nih.gov/entrez/query.fcgi?cmd=Retrieve&db=PubMed&list-uids
www.secciondecolores.com/libreriascoyoacan/novedades/index1.htm
www.sma.org/smj/97mar16.htm]

APÉNDICE I

ORIGENES DE LA MASONERÍA: UNA REALIDAD HISTÓRICA

Laureano Poza Juncal

Repetidamente hemos sustentado la tesis de que la masonería es tan antigua como la misma humanidad.

Decir masonería es decir proyección positiva a través del tiempo y del espacio, de lo mejor de la sabiduría antigua hacia las humanidades de todos los tiempos.

Masonería es vida positiva, generosa, vida en superación, honestidad y servicio. Masonería es ciencia, es arte, es filosofía.

La filosofía de la masonería es la filosofía de la humanidad y en esta filosofía se han inspirado los más grandes sabios de todos los tiempos.

La filosofía masónica está enraizada en las enseñanzas de los avatares que en las distintas edades encarnaron en el planeta para proyectar nuevas formas de pensamiento y superación filosóficas para procurar la evolución de los pueblos hacia un devenir superior en libertad, fraternidad y servicio.

No se trata de confrontar la masonería y su filosofía como algo actual, que los grandes hombres iniciados en sus templos imprimieron en su manera de sentir, pensar y hacer.

Esto es, en cierto modo, una respuesta a los supuestos «reformadores» de los cuales nunca hemos escuchado programas filosóficos sociales o humanos que la institución no contenga ya en sus constituciones, usos y costumbres, así como en los rituales y liturgias de los distintos grados del rito.

Nadie creerá que la política pueda ser una innovación en la masonería. Sería ridículo.

No olvidemos que los humanos, y toda su gama de organizaciones con abundantes «sabios», no son más que meros redescubridores de los que en otras edades y en otros niveles planetarios han confrontado.

En la masonería el hombre recibe grandeza y poder y son estas virtudes las que en todos los tiempos han fluido hacia los mundos de nuestra supervivencia.

Iniciación

Masónicamente consideramos que la iniciación aunque sea simbólica, establece un punto de partida de un estado de conciencia inferior a otro superior.

Este acontecimiento se ha producido en todos los tiempos de los que la humanidad tiene memoria. Hasta entre los que hoy nosotros llamamos salvajes, por cuyas etapas evolutivas hemos pasado todos, realizan sus rituales iniciáticos, por extraño que ello parezca.

Después del ritual, aquellos que fueron involucrados en las ceremonias son considerados por toda la organización tribal, como dotados de cualidades superiores y mando, que los demás respetan voluntariamente.

Aristóteles al referirse a los misterios de Eleusis, dijo *que «la iniciación era no aprender sino experimentar»*. La iniciación es vivencia interna, autorrealización.

Si un profano conoce nuestros actos y rituales, conoce algo que no ha experimentado ya que sólo el *«verdaderamente iniciado»* pasó por la prueba y experimentó por sí mismo el *«acto iniciático»*.

Por esta razón el iniciado nunca deja de serlo por más que reniegue, perjure, traicione o se «rasgue las vestiduras» para sacarse la iniciación. El acto iniciático lo acompañara por sus vidas futuras.

Quien ha recibido la iniciación por su propia voluntad y por la voluntad de sus hermanos, ha jurado y a sido consagrado a la Gloria del Gran Arquitecto del Universo y proclamado de acuerdo con las normas litúrgicas del caso, ha sido constituido masón por los tiempos de los tiempos presentes y futuros.

En este acto iniciático intervienen fuerzas ocultas de elevado poder y el mundo dévico moviliza verdaderas legiones de devas que transportan fuerzas cósmicas de extraordinaria sutilidad que implantan en el corazón del candidato el germen de un nuevo mundo interno.

Si os dijera que los masones realmente interesados en el proceso masónico no hacemos más que redescubrir lo que se ha fijado en nuestro mundo emotivo, mental e intuicional en otra edades de nuestra existencias, sentirías que estoy diciendo algo fuera de realidad.

Sin embargo, la formidable fuerza de la masonería, sus principios y su filosofía arraigan poderosamente en nuestro medio y en nuestro mundo por el ancestral conocimiento, sabiduría y virtud que implícita e intuitivamente empujan al masón a luchar por las nobles causas de la libertad, la justicia y por el progreso de las humanidades de todos los tiempos. Este es nuestro verdadero destino.

Hiram Abiff

Estas filosofías y tradiciones herméticas simbolizadas en la Leyenda de Hiram Abiff, personaje real, histórico, como puede probarse por las copias de cartas cruzadas entre los reyes Salomón, e Hiram, rey de Tiro, que figuran en los bien guardados archivos de los eruditos del pueblo de Israel, constituyen uno de los pilares más importantes de las tradiciones masónicas.

Hiram Abiff fue el decorador del Templo de Salomón, el que le dio sabor litúrgico a toda aquella obra vinculada al destino de toda una gran raza en la cual está involucrada la humanidad de nuestro tiempo.

Hiram Abiff, dice la Biblia, «estaba saturado de sabiduría y entendimiento y hábil en todo trabajo con latón, oro, hierro, piedra, madera, lino fino, azul, rosa y también para grabar toda clase de objetos y hallar solución a todo problema que se le planteara».

Hiram era hijo de una viuda de Neftalí, (de aquí la expresión de «Los hijos de la viuda» con que nos identificamos los masones a través de los siglos) y su padre era de Tiro. Hiram gozaba de la confianza del rey Salomón y formaba parte de su Consejo del Reino y era tratado como un igual por los dos reyes.

La práctica del ceremonial

De acuerdo con lo registros históricos, Moisés estaba familiarizado con los grandes rituales Egipcios, en los que había sido iniciado antes de abandonar aquel territorio conduciendo a los judíos a través de la diáspora.

Se asegura que practicaba el Gran Ritual del AMEN, a través del cual imprimía valor, fuerza, esperanza y poder oculto a cuantos le seguían. Sólo así la dura lucha contra un destino lleno de incógnitas, privaciones y sacrificios.

El mundo hermético nunca abandonó a Moisés en su misión en busca de la «tierra prometida» y gracias a ello pudo conquistar Palestina para su pueblo.

De no haber sido asistido por el «mundo dévico» que lo alentó, sostuvo e impulsó durante su gran peregrinación por tierras desconocidas, su empresa hubiera terminado con la dispensión, ya que los grandes problemas internos surgidos entre sus seguidores pusieron en peligro repetidas veces la unidad, pero aún así la diáspora fue llevada a buen fin.

Volviendo brevemente sobre nuestros pasos, no olvidemos que «el mismo rey Salomón había heredado la misma línea egipcia de sucesión derivada de Moisés». No ha sido casual sino causal, que Salomón se hubiera convertido en la época de su reinado, en luz y guía del pueblo hebreo.

A través de los siglos se conservaron las tradiciones derivados de las experiencias hebreas y se asegura que la sucesión de maestros instalados fue trasmitida dentro del seno de una nueva organización a la que pertencía la segunda logia y desde entonces los venerables maestros de las logias que derivan su sucesión de los Misterios de los Hebreos se han sentado siempre en el lugar de Salomón y los dos vigilantes ocupan los de Hiram, rey de Tiro y de Hiram Abiff, personaje central de la leyenda por todos conocida.

Por este proceso puede establecerse una auténtica verdad que respalda a nuestra tradición masónica.

Las ceremonias masónicas fueron transmitidas de era en era con pequeños cambios, pero a través de los tiempos fueron cambiando algunas palabras de los ceremoniales, de acuerdo con los usos y costumbres que predominaban en aquellas épocas.

La Palabra Perdida

La Palabra Perdida, a la que con frecuencia aludimos en nuestros ceremoniales, no fue hallada, pero fue restaurada al descubrirse una cierta bóveda secreta. Su verdadera pronunciación nunca fue conocida.

No precisamos decir que su correcta pronunciación entraña la vinculación de un PODEROSISIMO MANTRAN a la vida hermética de quien pueda poseerla y es el propio eslabon perdido, la palabra perdida la llave magica y mística de la puerta que conduce al pórtico del templo de la virtud, de la sabiduría, del poder y de la luz.

Es este el grande y mágico don de iniciado en los misterios herméticos a niveles de amor, de servicio, de sabiduría y de poder.

La Leyenda

Debemos aclarar que una de las imágenes verdaderamente importante incorporada al ceremonial del tercer grado de nuestro simbolismo ha sido muy desfigurada a través de los siglos que llevan en actividad nuestros rituales.

Esta imagen, la Leyenda de Hiram Abiff, incorporada a la liturgia de nuestro tiempo, como parte de una tradición milenaria en la filosofía masónica no es más que una silueta de la gloriosa enseñanza de los misterios egipcios de los cuales ha derivado.

Es necesario hacer constar que sólo volviendo al significado oculto de la citada leyenda y escudriñando en el hermetismo de sus orígenes, se puede restablecer en parte de la grandeza de su significado que vive en el corazón de la masonería a través de los tiempos, ya que en el presente se está restableciendo gracias a los estudios del significado hermético de las liturgias, usos y costumbres de la Orden y del mensaje que intuitivamente reciben las logias herméticas de la institución y que a su vez proyectan al pueblo masónico de nuestras jurisdicciones regulares.

Vivimos una era de restitución de las sabias verdades herméticas y en el devenir de nuestra era podemos encontrar la «palabra perdida» incrustada en la piedra filosofal de la gran sabiduría, de la virtud, y el amor que vive en la filosofía de la Orden.

Los Misterios Menores

Estos misterios se celebraban en el templo de Deméter y Cora, en Agra, cerca de Atenas, y durante el desarrollo de los mismos se enseñaban los misterios de la vida en el mundo astral.

Estas enseñanzas también figuraban en los antiguos misterios de Egipto, en los que la vida después de la muerte tenía una muy especial significación.

Los misterios de Eleusis se celebraban con gran pompa y el ceremonial era desarrollado por el Hierofante, quien representaba la suprema dignidad y otorgaba la jerarquía correspondiente al nivel de iniciación que se alcanzaba en los misterios menores.

Es necesario hacer una comparación entre estos ceremoniales y los rituales que la masonería actual realiza con sus aspirantes a los primeros grados de nuestro simbolismo. Si se estudia

detalladamente, llegamos a la conclusión de que existe una analogía significativa entre ambos rituales, salvando el tiempo y la época en los que se desarrollan estos acontecimientos.

Durante las ceremonias de los misterios menores se recitaban ciertas fórmulas ritualísticas que adquirían gran solemnidad en el ambiente secreto del templo y se daban ciertas instrucciones sobre la vida después de la muerte.

Los iniciados en estos misterios proclamaban: "La muerte es vida y la vida es muerte". Y así mismo: "Quien busca realidades en esta vida las buscará también después de la muerte". Aquí vemos el sentido trascendente de esta liturgia.

El hierofante que practicaba estos ritos era un elegido de alta ética e intachable conducta. El hierofante era, así mismo, un iniciado dotado de poderes ocultos, capaz de manifestarlos en las ceremonias iniciáticas.

En el más elevado sentido de los conceptos, el Hierofante podía ser el prototipo para un verdadero Venerable Maestro que impartían sus ceremoniales a los exaltados a los grados simbólicos o filosóficos con la unción, respeto, jerarquía y superior responsabilidad a los aspirantes a penetrar en nuestros augustos misterios.

Como el tiempo deteriora tantas cosas, también deterioró la jerarquía y espiritualidad con que se practicaban estos misterios menores. La vigencia de gran altura se ha perdido con la decadencia de Grecia y el fanatismo, la superchería y el engaño a los creyentes se apoderó de los actores, y el pueblo, defraudado, se apartó de los que practicaban esta superchería.

Algo parecido sucedió con los misterios de Egipto durante la decadencia de aquella gran civilización.

En torno a estos misterios menores existe un relato que merece la pena reseñar: "Sísifo fue condenado a subir a una cima un bloque de mármol al cual rodaba cuesta arriba y al llegar a la cima el bloque caía nuevamente al abismo, y vuelta a empezar".

Esto se interpretaba como el estado de egoísmo en que vive un hombre que hace planes egoístas durante toda su vida y cada vez que logra su objetivo se derrumba su aspiración hasta que, convencido de su inutilidad, desiste de tan penosa lucha por la conquista de los bienes materiales.

El bloque que se precipita una y otra vez al abismo representa la lección de la vida a través de una y otra existencia hasta que se convence de que los bienes del espíritu son superiores a los de la materia que en el caso de la anécdota de Sísifo no le ha producido más que fatiga, dolor y tiempo perdido, precioso tiempo perdido.

El egoísmo, el deseo desmedido de lo innecesario desgarra la mente y el alma del hombre "hasta que lo incinera con el sufrimiento".

En los misterios de Egipto, existía una escuela hermética en la que se adiestraba a los candidatos en determinadas disciplinas relacionadas con las normas de vida y los rituales y pruebas que se realizaban, por las que tenían que pasar los aspirantes, análogamente a las logias herméticas de nuestra masonería que funcionan en algunos orientes.

En estas escuelas ingresaban solamente aspirantes muy seleccionados y eran sometidos a severas pruebas para probar su verdadero deseo de penetrar en aquellos misterios.

Millares de aspirantes han sido iniciados en aquellos ritos en los que se daba enseñanza hermética, la cual era guardada en el más estricto secreto, igual que lo hacen hoy las logias herméticas de la Orden.

Los Mysrae, así llamaban a los iniciados en estos ritos, "vestían una piel de cervatillo moteada".

Como podemos observar, si analizamos cuidadosamente estos misterios, encontraremos una gran analogía con los ceremoniales y el sentido intrínseco de los rituales del primer grado preferentemente y con los del segundo y tercero de nuestra masonería moderna, con los que se considera existe una gran significación de fondo.

No se confundan las iniciaciones que se practican en nuestros templos actualmente, con las practicadas con los rituales de Eleusis, cuando estos rituales se encontraban en todo su esplendor. Los rituales se practicaban con tal solemnidad y preparación interior que los iniciados quedaban facultados a penetrar en los estratos de la tierra por fenómenos de exteriorización.

Los Misterios Mayores

En estos misterios, la vida en el mundo celestial era el tema fundamental de la instrucción a los iniciados.

«Epifanio hace remontar estos misterios a los tiempos de Tuachos», 1800 años antes de Cristo. Hago resaltar estas fechas con objeto de que los hermanos mediten sobre las similitudes que pueden observarse entre estos acontecimientos de tan remota antigüedad y los conceptos vertidos en las actuales litúrgias de nuestra Institución.

Bien quisiéramos que las liturgias de todas las logias y Cuerpos Filosóficos esparcidos por todo el Planeta, fueran estudiadas con el profundo y trascendente sentido que amerita su contenido y que el ceremonial derivado de las mismas correspondiera a su verdadero significado.

Durante la celebración de los rituales correspondientes a estos misterios mayores «toda Grecia entraba en fiesta», se celebraban grandes procesiones y toda clase de ceremonias exotéricas las cuales han sido descritas por distintos escritores.

Pero ¿Qué había detrás de estas grandes festividades? Los misterios mayores eran en realidad desconocidos por el mundo exterior. El hermetismo guardado con una gran recogimiento era la tónica que prevalecía y los curiosos deseosos de conocer, como sucede hoy con nuestras logias, los acontecimientos de lo que sucedía detrás de «la cortina de las festividades» esperaban inútilmente.

Sólo los seleccionados y probados candidatos, después de pasar muchas pruebas por largo tiempo, podían traspasar los velos del Sancta Sanctórum de la realidad hermética que rodeaba a aquellos acontecimientos.

En los misterios mayores se enseñaba, además de otros conceptos que citaremos más adelante «la evolución futura del hombre y el camino hacia una vida superior».

El sacrificio del pan y del vino se ejecutaba antes de las ceremonias de la gran iniciación y durante la ceremonia se «revelaba a los candidatos los misterios del Petrona, libro formado por dos tablitas de piedra», que contenían enseñanzas herméticas de muy alto significado.

Durante estos ceremoniales se transportaban los tesoros del gran templo de Eleusis a Atenas, los cuales eran solemnemente custodiados por el gran hierofante acompañado por los miembros de los Colegios Sacerdotales y los servidores del templo de Eleusis. Estos tesoros sólo los iniciados podían verlos.

«En los misterios mayores se enseñaba también sobre la vida después de la muerte y asimismo cómo controlar la mente, la reencarnación y el sistema septenario del mundo, el esquema de las siete cadenas de mundos» y su situación en relación con el sistema solar, tal y como se conocen hoy estos acontecimientos, claramente explicados en la «Doctrina Secreta» de Madame Blabasky.

«El ceremonial de los misterios mayores culminaban con la explicación y significado trascendente de una espiga de trigo que simbolizaba el eterno cambio que sufría una y otra vez al ser enterrada en los planos inferiores del mundo físico, para surgir como una nueva entidad con toda su forma de vida después de la aparente muerte fuera de la luz y del sol.

Esto representaba la renovación y la lucha interior por alcanzar nuevas formas de vida más pródigas, más perfectas, más bellas y generosas a las que tenía que enfrentarse el iniciado para hacerse merecedor del grado que se le ha otorgado.

Las enseñanzas que se le daban al nuevo iniciado eran dadas por el hierofante igual que hoy son dadas por el venerable maestro.

Yo invito a todos mis hermanos de los distintos grados a leer con detenimiento las liturgias, y verán las extraordinarias analogías que encontrarán en pasajes, a veces un tanto disimulados, con los conceptos que dejamos anotados anteriormente.

Quien medite sobre estos acontecimientos se dará cuenta por qué desde hace decenas de años sostenemos con tesón que nuestra Institución es tan antigua como la misma humanidad, ya que los misterios mayores de Eleusis son fiel reflejo de los antiguos misterios de Egipto y éstos los son a su vez de otras antiguas escrituras y tradiciones.

Bien quisiera poder explicar cómo se han transmitido estas tradiciones desde la más remota antigüedad a través de los Iniciados, esotéricamente hablando, que la gran logia planetaria envía

época tras época, raza tras raza para conservar en nuestros mundos aquellos principios que constituyen la meta futura de nuestra Humanidad.

Es por esto que insisto una y otra vez en que la masonería tiene una misión planetaria que cumplir y que sólo los ciegos y los sordos no ven ni escuchan «la música de las Esferas» que refleja la vibración consciente de los que espera al planeta en un plazo ya determinado por la gran logia blanca del planeta.

Por último, citaremos la frase del gran Platón: «Dios Geometriza». Esta frase tiene una significación trascendental ya que abre los caminos a los métodos y misterios de la evolución e incita al estudio del conocimiento hermético y tanto sentido ha dado a la evolución de la existencia que los estudiosos del mundo oculto, como los verdaderos iniciados del Eleusis recibirían de su gran hierofante.

Platón y Sócrates abrieron el camino a la filosofía del proceso y al estudio evolutivo de todos los tiempos. Platón ha sido el genio de la filosofía hermética, sus obras resumen esoterismo.

Muy brevemente nos ocuparemos de la escuela Pitagórica ya que su filosofía tiene un gran significado e interés para la masonería.

Este gran filósofo nació en la isla de Samos, Grecia, allá por el año 586 antes de Cristo. Fue uno de los mas grandes filósofos místicos de la antigüedad.

Hizo estudios en Italia, Egipto y Asia Menor. «En Egipto fue iniciado en Sais», también fue iniciado en los misterios de Eleusis, en los Kabíricos y en los Caldeos.

«En la India conoció al Señor Buda y se convirtió en uno de sus discípulos». le aconsejó regresar a Europa para propagar su filosofía y los conocimientos esotéricos que poseía.

Estudió ciencias esotéricas con los Bramanes en la India y astronomía y astrología en Caldea y en Egipto. Después de su regreso se instaló en Crotona, Italia, allá por el año 529 a. C. en donde fundó su famosa escuela Pitagórica.

«Este gran Iniciado enseño la doctrina de la reencarnación tal y como se enseñaba en la India, así como muchas otras facetas de la filosofía esotérica», era el sabio más versado en geometría de su siglo.

Pitágoras ha sido el más grande matemático, geómetra y astrónomo de la antigüedad y uno de los más eminentes metafísicos y sabios de su tiempo.

La geometría pitagórica está llena de simbolismos. Pitágoras dio la pauta para el conocimiento de los números, a través de los cuales el hombre puede descubrir el universo y su expresión geométrica.

En el universo todo es geometría. Las formas de pensamiento de que nos habla la doctora Bessant tienen una expresión geométrica definitiva.

La palabra y la meditación del hombre hacia los niveles superiores de la estructura cósmica, son expresiones que finalizan en formas cabalísticas que el verdadero cabalista hermético ve e interpreta, como producto de un conocimiento científico y una intuición ampliamente desarrollada, aún no al alcance de la inmensa mayoría de los hombres de nuestro tiempo.

Si «Dios Geometriza» como dijo Platón, la geometría se encuentra en el universo, no sólo en las formas físicas que contemplamos, sino en el oculto de los misterios del reino y ahí se encuentran todos los acontecimientos derivados de las grandes realizaciones de la creación, de los misterios del presente y del futuro.

No olvidemos que para el cabalista que vive los misterios de los Sephirots todo es presente y el pasado no existe para él y las formas del mundo próximo lejano u oculto todo es geometría que lo llevarían al conocimiento de los más íntimos problemas del universo.

Pitágoras ha sido el gran místico, el gran geómetra, el gran iniciado que ha venido a nuestro mundo a dejar la semilla de la interpretación geométrica del micro y del macro cosmos.

En nuestros estudios masónicos es difícil no encontrarse con la simbología pitagórica en las diferentes expresiones alegóricas de nuestros «instrumentos de trabajo masónico» y en el campo de la filosofía vive la expresión pitagórica en casi todos los estudios herméticos de cierto nivel.

El que desee penetrar en el oculto de los misterios del reino a través de la filosofía de la masonería, se encontrará siempre con la simbología pitagórica como un soporte de lógica y evidencia en todo lo trascendente de la filosofía masónica.

Pitágoras, el Gran Maestro de Crotona, es el autor del famoso teorema: «En un triángulo rectángulo, la suma de los cuadrados construidos sobre los catetos es igual al cuadrado construido sobre la hipotenusa», el cual tiene una gran significación simbólica que cada cual debe estudiar o interpretar.

Casi todo el simbolismo masónico tiene bases pitagóricas y nuestros ocultismo masónico debe rendir tributo de admiración y justicia a este gran filósofo.

Pitágoras enseñó su teoría de la música de las esferas y las matemáticas trascendentales, resumiendo así los arcanos de la naturaleza.

Vinculó al número el principio de todas las cosas y explicó la constitución del universo y sus diversos planos a través de las matemáticas trascendentes.

Adquirió fama imperecedera como el más eminente metafísico y sabio de la antigüedad.

Los más grandes descubrimientos científicos que actualmente estamos contemplando, están vinculados a la expresión numérica, con cuyas combinaciones y estudios, las grandes mentes de nuestro tiempo, inspiradas por las potentes fuerzas expresivas del mundo oculto, están dando a la humanidad de nuestro tiempo el progreso evolutivo de esta era de acuario en que vivimos.

Ni la humanidad ni la masonería podrán olvidar nunca al gran Pitágoras que actualmente, a través de su rayo, llega a nuestro mundo de la esperanza de un porvenir más luminoso.

Los Templarios

La Enciclopedia Británica afirma que «los historiadores juzgan a los templarios inocentes de los cargos formulados contra ellos».

El círculo interno de la Orden poseía una doctrina esotérica, de cuyas tradiciones es heredera la masonería contemporánea, y sus simbolismos aún hoy podemos admirar, sobre todo en Europa.

La Orden del Templo, nació de las escuelas secretas y fue la fuente de las fraternidades esotéricas que nacieron después de su aniquilación.

Trescientos años más tarde de la aniquilación de los templarios, surgió una fraternidad en Europa que lanzó un llamado a la reforma del mundo y sus filosofías eran las mismas que enseñaban los templarios.

Coñecemos os Estatutos da Sociedad Hijos de Betanzos por seren publicados polo semanario betanceiro *La Defensa* [5] . Foran aprobados na asemblea xeral da sociedade celebrada o 25 de xaneiro de 1906.

Os seus fins recollíanse no artigo 2º dos estatutos e eran os seguintes:

> a) Fomentar el espíritu de unión y solidaridad entre los hijos de Betanzos residentes en la República Argentina.
> b) Propender à difundir la enseñanza primaria en Betanzos, sosteniendo al efecto una escuela gratuita para niños de uno y otro sexos, de acuerdo con las prácticas modernas y dentro de las tendencias liberales.

4 Sobre os irmáns García Naveira poden verse os traballos de Santiago de la Fuente García en Gran Enciclopedia Gallega, tomo 15, e de Manuel Rodríguez Crespo, *Lucha y generosidad de los hermanos García Naveira*, Betanzos, 1983.

5 Publicaronse no citado semanario entre o nº 28 (10 de febreiro de 1907 e o nº 33 (17 de marzo de 1907). Repetiron a primeira entrega (a portada) por erro de compaxinación. Arquivo Municipal de Betanzos, Colección de prensa local, *La Defensa*, órgano de las Asociaciones de Agricultores.

c) Repatriar, cuando las circunstancias lo exijan y previo examen facultativo, á los hijos de Betanzos que, hallándose enfermos, carezcan de recursos para ello.
d) Procurar ayuda á sus asociados y á los que por primera vez arriben á esta República.
e) Celebrar el día 15 de Agosto de cada año una fiesta, cuya organización y programa correrá a cargo de la Junta Directiva.

Contemplaba tres tipos de socios: activos, protectores e honorarios. Os primeiros eran os nativos de Betanzos e o seu partido xudicial, ou que tiveran residido na cidade betanceira. A súa cota mensual era de un peso arxentino. Os protectores eran os que, sen ser fillos de Betanzos simpatizaran cos fins da sociedade e aboaran como mínimo a cota establecida. Estes non tiñan voto nas asembleas e non podían formar parte da directiva. Por último, os honorarios serían aqueles designados pola asemblea de socios en razón dos seus méritos.

Para ingresar como socio requeríase ser presentado por dous socios que avalaran a boa conducta do candidato; non desempeñar emprego ou ocupación contraria ao prestixo e bo nome da sociedade, e residir na Arxentina. Perdíase a condición de socio ao adeudar tres mensualidades sucesivas (se ben podían reingresar aboándoas), o que desprestixiase á sociedade ou faltara ao cumprimento dos estatutos.

A xunta directiva podería amoestar ou suspender a un asociado, escoitándoo previamente, reservándose a asemblea o dereito de expulsalo. Neste caso non podería reingresar na sociedade. Os socios que se ausentasen (supoñemos que en viaxe á terra natal ou a outro país) pedirían licenza e ao seu retorno podería ingresar novamente, sen perder o carácter de socio.

Os fondos sociais (unha vez satisfeitos os gastos de sostenemento) tiñan unha distribución fixada: o 70 por cento á escola, o 20 por cento á repatriación (socorro este no que tiñan preferencia os propios socios), tal como se contemplaba nos apartados b e c do artigo 2º. Estes fondos non poderían ser destinados a outra finalidade. Por último, o 10 por cen restante destinábase a fondo de reserva, que a xuizo da Directiva podería aplicarse a calquer dos dous fins anteriores se as circunstancias o esixían.

A Xunta Directiva compoñíase de once membros (Presidente, Vicepresidente, Secretario, Vicesecretario, Tesoureiro, Vicetesoureiro e cinco Vocais) e tres suplentes. Elexíanse cada dous anos podendo ser reelexidos.

O Presidente elexíase individualmente e os demáis cargos en conxunto, repartíndose logo entre os electos as diferentes funcións. A Xunta directiva reuníase ordinariamente unha vez ao mes e extraordinariamente cando o dispuxese o Presidente ou o solicitasen tres dos seus membros.

As resolucións directivas adoptábanse por maioría de votos, sen contar o do Presidente, quen só decidiría en caso de empate. O "quorum" necesario era da metade máis un dos membros directivos.

A sociedade disolveríase no caso que non houbese un mínimo de dez socios activos comprometidos a sostela[6] . Nese caso, unha comisión liquidadora remitiría os fondos, se os houber, ao hospital de San Antonio de Betanzos e depositaría os documentos no consulado de España.

Por 1908 ponse a disposición dos socios unha incipiente biblioteca. Amplíase tamén o artigo 2º dos estatutos establecendo que o socio que falecese e non tivese familia, sería velado no local social, con representación da Directiva no velorio e sepelio, e, caso de carecer de

6 A redacción desta disposición está en senso "positivo": La Sociedad será indisoluble, siempre que diez socios activos se comprometan á sostenerla.

recursos, os gastos do enterro serían costeados pola sociedade. Fan tamén unha campaña de captación de socios espallando unha circular entre os betanceiros que aínda non eran socios.

Destes primeiros anos de vida temos algunha información polos semanarios locais *La Defensa* e *La Aspiración*. Este tiña un representante en Bos Aires (Ángel Ruiz, primeiro e logo Ramón Sanjurjo Ossorio, este cunhas crónicas moi literarias e humorísticas) e outro en Cuba, que se encargaban de informar abondosamente da vida das sociedades, dos socios e incluso das viaxes dos emigrantes máis favorecidos nunha destacada sección titulada "De Buenos Aires" ou "Desde Buenos Aires". *La Defensa*, ademáis, publicará en folletín coleccionábel os estatutos da entidade. Este semanario, que se subtitulaba "Órgano de las sociedades de agricultores" e que estaba vencellado ao movimento de rexeneración "Solidaridad Gallega", comeza adicando un laudatorio solto á sociedade, encomiando os seus fins, entre os que se fala de "fundar en Betanzos una escuela gratuita y ayudar en todo lo que se pueda á los asociados y á los que de aquí lleguen á aquella República, á luchar contra la vida implacable". Pon as súas columnas á súa disposición, louva á xunta directiva e cita unicamente o nome de José Carballeira, "nuestro queridísimo amigo (...), hombre inteligente y de caballerosidad intachable, amante de su tierra como el que más y eficacísimo alentador de todo lo que venga á redundar en beneficio de ellos."[7] .

En 1906 a sociedade celebra e fai xestión do seu primeiro ano de vida. A festa celebrada o 19 de xaneiro consistiu nunha sinfonía pola orquestra; o xoguete cómico nun acto, en prosa, *Walkyria*; dúas palabras alusivas ao acto polo Presidente; a comedia de Echegaray, *Los Hugonotes*, rematando cun baile (*La Defensa*, nº 28. 10-2-1907). Na memoria fálase de 171 socios e dun capital social de 685 pesos con 80 centavos. Entre as actividades fálase de obras de caridade, actos de filantropía, cultura e solidariedade; como por exemplo a repatriación de dous brigantinos enfermos e socorro de dúas viúvas de emigrantes, "a pesar de no ser socios", sen tocar o capital social xa que se fixeron a conta do peto dos socios.

En 1907 o presidente é Luis López Páez, que xa o era dende a fundación, persoa que reflicte un pouco a condición de moitos dos dirixentes societarios desta etapa inicial: comerciantes ou de profesións liberais con boa posición económica que constitúen a élite dos emigrados. En xuño dese ano atopábase en Betanzos[8] : "...actualmente nos honra con su presencia en Betanzos." Embarcara o día 15 de maio. O semanario betanceiro faise eco dos eloxiosos párrafos, acompañados dun retrato, dirixidos a López Páez por *Nova Galicia* (nº do 19 de maio de 1907), órgano da colonia galega na Arxentina, con motivo da despedida que lle fixeron as amizades antes de emprender viaxe a Galicia:

> Nuestro estimado colega "Nova Galicia", órgano de la colonia gallega en la Argentina dedica en su número correspondiente al 19 de Mayo próximo pasado cariñosos y elocuentes párrafos de elogio y encomio al valimiento y nobles prendas que adornan al Sr. D. Luis López Páez, ilustre Presidente de la sociedad "Hijos de Betanzos" en aquella República y nuestro distinguido paisano que actualmente nos honra con su presencia en Betanzos.
>
> El referido colega bonaerense publica el retrato del Sr. López Páez con motivo de la solemne fiesta íntima que organizaron sus numerosos amigos para obsequiarle antes de emprender su viaje a Galicia y cuya reseña coincide en todos sus detalles con la que nos envió nuestro inteligente y activo corresponsal Angel Ruiz y que hemos insertado en el número anterior.
>
> Réstanos solo á nosotros, por lo tanto hacer constar nuestra íntima satisfacción por la justicia que propios y extraños y sin distinción de nacionalidades hacen en la gran capital argentina á los

7 *La Defensa*, nº 26; 27-1-1907.

8 *La Aspiración*, 23-VI-1907, nº 168, aínda que a numeración deste periódico é problemática.

merecimientos, ilustración y caballerosos sentimientos de tan apreciable y digno hijo de Betanzos, heredero indiscutiblemente de las cívicas virtudes y grandes bondades que hicieron destacar ostensiblemente la querida figura de su malogrado padre, cuya memoria será siempre dolorosa para cuantos le hemos amado y admirado en vida, lloramos su muerte.

Na ampla reseña do acto de despedida que reseña Ángel Ruiz (creemos que é un seudónimo de Vicente Abarrategui) fálase do xantar (cun menú no que non faltou, no medio das "francesadas" de moda, o peixe da marea e os chícharos á brigantina) amenizado por orquestra; dos variados discursos, destacando o do director do semanario *Nova Galicia* Fortunato Cruces, que pronunciou "*unas frases en nuestro dialecto; valiéndole una entusiasta ovación*.", sen faltar tampouco outro que falou en inglés. Entre o máis de medio cento de asistentes citados atopamos nomes fundacionais como Marcos e Manuel Vieites, Edmundo Núñez Cabaleiro, Vicente Abarrategui, Luciano Méndez, Francisco Sanmartín (que asesorou ao chef para os pratos enxebres), José Carballeira ou Juan Jesús García Iribarne, fillo do filántropo D. Juan, que sen dúbida atendía alá os negocios do seu pai.

En Betanzos Luis López Páez atopariase de seguro co acaudalado filántropo D. Jesús García Naveira, de quen o semanario betanceiro daba noticia da súa chegada á cidade natal para pasar o verán. Antes da viaxe o filántropo xa estivera presente no acto de despedida que lle tributan ao presidente en Bos Aires os seus compañeiros e as súas amizades. Proba de que López Páez (quen desempeñaba un cargo na razón social Sangrador, González y Cª. vencellada aos García Naveira) gozaba de boa situación económica é o feito de que ao ano seguinte volta a pasar as vacacións en Betanzos, segundo notificaba o devandito semanario.

Nesta época viñan de constituirse en Bos Aires outras dúas sociedades de emigrantes do viciño concello de Coirós; trátase de "Hijos del Ayuntamiento de Coirós", que se constitúe en 1906 con vintecinco socios fundacionais, e a "Sociedad Hijos de Ois", fundada ao ano seguinte. E como entidade supramunicipal e aglutinadora dos galegos de Bos Aires cómpre lembrar a fundación do Centro Galego, sustituto do anterior que non pasou dunha ducia de anos, que ten lugar nese mesmo ano, o 2 de maio de 1907. Estariamos aquí ante unha visión nacional ou rexional galega da organización dos emigrantes fronte aos localismos e minifundismos municipais ou parroquiais. Con todo, a posterior evolución do asociacionismo galego en Bos Aires faría compatíbel a pertenza a ambos tipos de entidades: unha de carácter asistencial (función que tamén cobrían o Hospital Español ou o Hospital Galego) e outra social e recreativa e de vencello máis directo coa terra de orixe. O Centro Galego aprobará en 1912 o estatuto que a transformará nunha sociedade benéfico-mutualista, con asistencia sanitaria e mesmo funeraria a partir da construcción do panteón social, o que vai orixinar o seu continuado e enorme crecemento: 4.209 socios en 1917; 48.000 en 1934; 50.000 en 1935; 70.000 en 1941, deles 28.000 arxentinos…, nunha progresión que a convertirá en 1950 na primeira entidade mutualista de América con oitenta e cinco mil asociados, deles varios miles de nacionalidade arxentina.[9]

A REVISTA "LAS MARIÑAS"

Durante os anos 1910 e 1911 a sociedade vai publicar un órgano bi-mensual titulado Las Mariñas, os días 1 e 15 de cada mes, periodicidade que semella excesiva na emigración se

9 Angel Jankilevich: *Historia de los Hospitales de Comunidad de la Ciudad de Buenos Aires*, www.aadhhos.org.ar

temos en conta que a maioría das publicacións que verían a luz despois tiñan periodicidade anual.[10] Con este mesmo título existira un semanario en Betanzos entre os anos 1886 e 1893, con interrupción durante algúns anos, que acadou a publicar cento oitenta e dous números. Quizá a súa lembranza influiu á hora de poñerlle título.

No nº 6, do 1 de xuño de 1911 publican unha especie de editorial titulada "Resurgimos". Parece ser que a publicación se paralizara durante uns meses debido a críticas recibidas.

Na cabeceira, dentro dunha orla debuxada, figuraba unha fotografía —a única que incluía a revista coa excepción dunha da xunta directiva— cunha vista xeral de Betanzos. A redacción e administración estaban domiciliadas na rúa Bolívar 173, a sé social de "Hijos de Betanzos". Trátase dunha publicación de oito páxinas a dúas columnas. A última está toda ela dedicada a publicidade de pequenos negocios de asociados e achegados: dúas mercerías, tres xastrerías, dúas modistas, dous armacéns, dúas imprentas, un café restaurant, unha fiambrería, un de específicos para animais, unha xoguetería e bazar, e un anunciando vistas panorámicas de Betanzos. Tamén algúns de profesións liberais: avogado, escribano público... Das imprentas destaca en tamaño o da imprenta José A. Santos, en Méjico 1299, que era nesa altura o presidente da sociedade, e na que posiblemente se imprimía a revista, xa que non trae pé de imprenta. A outra imprenta era a de J. V. Uría e irmáns. Ademais do presidente impresor, varios dos anunciantes son tamén directivos da entidade: o vicepresidente Angel Pérez coa súa tenda e mercería "Nueva Aurora" na rúa Rivadavia; o avogado Leoncio López Mosquera, vocal; o pro-tesoureiro Manuel Via, asociado con Naveira coa xastrería "La Económica", ou o tesoureiro e administrador da revista Luciano Méndez, concesionario dos específicos Vitafena para animais.

Tiña seccións fixas: "De Betanzos" con novas necrolóxicas, natalicias e de sociedade; "Crónica Brigantina", asinada por Juan de Cachiñas (seudónimo, creemos, de Juan Gómez Navaza); "Noticias locales" da colonia arxentina; "Hijos de Betanzos" con circulares e novas relativas á sociedade. Incluía poemas en galego de autores do noso Rexurdimento literario, xa falecidos nesa altura: Valentín Lamas Carvajal (O Alalalaa, nº 6), Manuel Curros Enríquez (As cartas, nº 6; O Ciprianillo, nº 7, A emigración, nº 10), Benito Losada, Alberto Camino (Nai chorosa, nº3, figuran só as iniciais do autor) ou o betanceiro Fernando García Acuña (Orballeiras, nº 10); noticias sobre a construcción do ferrocarril de Betanzos a Ferrol que se inauguraría ao ano seguinte; colaboracións de José Asorey, Picardel (seudónimo tamén de Gómez Navaza, pensamos), Jesús V. Uría, José Crespo Otero, estes dous últimos en versos casteláns.

Os prezos de suscripción eran de 1 peso arxentino por trimestre adiantado e 3 pesos por ano adiantado. Tamén figuran en pesetas. Por seis meses a suscripción costaba 5 pesetas e por un ano 8 pesetas. Barata non era, comparando os prezos que rexían aquí.

> Para lograrlo hemos constituido una liga que costeando la pérdida que origine el periódico, (si la hubiere) ponga á este á cubierto de las contingencias que produciría en su marcha la falta de suscriptores. Creemos, ateniéndonos á las excitaciones que se nos dirigen y al empeño que todos pondremos en ello que ese caso no ocurra, pero dejamos constancia de esa resolución, porque nos guía el propósito de no omitir gasto alguno para que la hoja corresponda á la importancia de la colectividad y sea solicitada con interés por aquellos para quienes el nombre de Betanzos constituye una visión de la tierra ausente; y al mismo tiempo como justificativo de la rectitud que impondremos en la Administración del periódico, en defensa de los intereses que se nos confían y en honor de la confianza que en nosotros se deposita. "¿Lo querrán? ¡He ahí el problema!

10 No Arquivo Municipal de Betanzos hai os números 3, 4, 6, 7, 8 e 10.

Dende Betanzos, sen embargo, a sociedade e a súa publicación eran olladas coa máxima simpatía. O director da Banda Municipal, Antonio Segura, dedicáballe unha composición aos "Hijos de Betanzos", que estes agradecerían encantados.

E continuando con música, en 1912 a sociedade organiza unha festa no teatro Bos Aires "en honor del universalmente célebre brigantino Pepito Arriola", o pianista que comezara a súa carreira artística de neno prodixio e que entón estaba de xira na Arxentina. Ao parecer, segundo a crónica, asistiron entre tres mil cincocentos e catro mil espectadores ao acto celebrado o 15 de outubro dese ano.[11]

Entre os subsidios que a sociedade dispensa a compatriotas e veciños necesitados está o envío de 100 pesetas para os sete orfos dunha muller que morreu nas obras do ferrocarril a Ferrol, na montería do Penso en 1910. Ao ano seguinte envían 50 pesetas para a suscripción que se está a facer en Betanzos para mercarlles aos irmáns García Naveira as insignias da Cruz de Beneficencia, coa que viñan de ser galardoados. Tamén dispoñen que o día da entrega se reparta medio kilo de pan aos pobres que o soliciten (*La Aspiración*, nº 42). No verán de 1914 envían 2.000 pesetas por conduto de D. Juan García Naveira (quen fai de intermediario en varias ocasións da sociedade betanceira, mesmo xa antes de constituirse a entidade) coa finalidade de adquirir instrumental de cirurxía para o hospital de San Antonio de Padua, do que a institución se atopaba deficitaria. O Concello en pleno acorda aceptar o legado.

Novamente en 1917 o Hospital de San Antonio viase beneficiado con outro legado dos betanceiros en Bos Aires. O concello acordaba outorgar un voto de grazas á sociedade "Hijos de Betanzos" polo valioso agasallo do "arsenal quirúrxico".

En 1923 a sociedade vai proceder a un reaxuste nos seus estatutos. Fálase de asociados, en lugar de fillos de Betanzos, debido a que xa habería unha xeneración de fillos arxentinos. Especifícase que a sociedade non poderá cambiar de nome nin aceptar unión con ningunha outra baixo outro título, non podería trasladar o domicilio fóra da capital nin inmiscuirse en cuestións políticas nin relixiosas. Pasa a segundo plano o relativo ao ensino en Betanzos (escolas de nenos e nenas), quizá porque a obra escolar dos García Naveira deixara sen sentido aquel obxectivo. A cota seguía a ser a mesma de 1905: un peso ao mes. Para ser admitido como socio inclúese a condición de non padecer ningunha enfermidade crónica recoñecida. Contémplase a revocación de dereitos aos socios de fóra da capital que deixaran de aboar seis mensualidades, o que indica que hai socios de fóra de Bos Aires, así como aos que insulten obscenamente algún consocio ou convidado (tería ocorrido algún caso). Explicítase a axuda moral que todos os socios están obrigados a manterse mutuamente: proporcionando traballo ou ocupación segundo as aptitudes de cada un, recomendando ou garantizando a sua conduta, defensa de arbitrariedades que contra eles se cometa…A metade dos ingresos pasa a dedicarse a axudas por enfermidade, repatriación e defunción. A comisión directiva aumenta a doce membros (antes eran once) e tres suplentes, aparecendo a figura de secretario xeral, e dous tercios da xunta directiva debían ser nativos de Betanzos e o seu distrito xudicial (o que indica o aumento de nativos arxentinos), e reuniariase dúas veces ao mes en lugar de unha. Institúese a figura do Tribunal de honor composto por cinco membros, que


ESTATUTOS
DE LA SOCIEDAD
"HIJOS DE BETANZOS"
BUENOS AIRES

11 *Nueva Era*, nº 17; 24 de novembro de 1912.






tería o carácter dun tribunal de apelación en todos os asuntos sometidos á súa consideración, ben por parte da directiva ou por socios que se consideren agraviados por algunha resolución. Normalmente este tribunal de honor compúñase por persoas de idade, con prestixio e traxectoria social dentro da colectividade. A asemblea xeral podía constituirse coa cuarta parte do total de asociados (antes a terceira parte), e a convocatoria fariase con oito días de antelación (antes 15). As asembleas extraordinarias podían convocarse a petición de 25 socios (antes 40). Tamén aparece como novidade a creación de comisións autónomas con dez membros como mínimo para contribuir ao engrandecementos social en diferentes fins. A reforma dos estatutos ou o cambio dos fins sociais somentes podería aprobarse pola metade máis un dos socios (antes as tres cuartas partes). En caso de disolución da sociedade (que non ocorriría mentres houbera dez socios comprometidos a sostela), os fondos distribuiríanse entre o Hospital Español e o Centro Galego de Bos Aires, en lugar do Hospital de San Antonio de Betanzos que contemplaban os anteriores.

O CENTRO SOCIAL BETANZOS

Por 1930 atopamos un cambio na denominación da sociedade: Centro Social Betanzos. Mais non cabe dúbida que se trata da mesma entidade que ademáis ese ano celebra as súas "vodas de prata" cunha velada o día 6 de decembro no seu salón social na rúa Lima 733. De feito, na súa revista fan constar "fundado en 10 de Diciembre de 1905". Neses anos trinta coexisten en Bos Aires outras sociedades representativas de concellos limítrofes con Betanzos e pertencentes ao seu partido xudicial, nunha especie de minifundismo que tendía a reproducir na emigración a estrutura municipal e mesmo parroquial do país de orixe, como xa vimos no caso de "Hijos de Ois": a sociedade "Hijos Ayuntamiento de Coirós", a sociedade "Bergondo y sus Contornos" e a "Sociedad Oza de los Ríos" (fundada o 14 de xaneiro de 1922). Algunhas






Sede social:
Lima 733

Directivas do Centro Social Betanzos en 1931 (arriba) e 1935 (abaixo).





Tres aspectos do local do Centro Social Betanzos na Rúa Lima 733.

celebraban os seus actos e reunións no local do Betanzos. Os propios betanceiros non serían alleos a ese minifundismo parroquial ao crearse pouco despois "Hijos de Requián y Piadela".

Por esta época vaise producir unha escisión entre a colectividade betanceira emigrada e un grupo vaise esgallar para fundar unha nova entidade que se vai denominar Centro Cultural Betanzos. Escisión que case se vai producir coincidindo co cambio de réxime en España, tres meses antes do advenimento da República, conxuntura política que parece estar detrás desta ruptura nos seus prolegómenos.

Semella que o Centro Social adquiriu unha orientación de certa selectividade, con actividades demasiado recreativas, fomentando os xogos de salón. Estas actividades non eran ben vistas por outros socios que querían unha entidade con máis compromiso social nun momento histórico de cambio político en España e en Galiza.

En 1935 o Centro Social Betanzos fará un chamamento á unión dun xeito curioso. Convocan unha "conscripción" de socios, outorgando distincións: Medalla de ouro ó que presente maior número de socios e 2 diplomas especiais ós seguintes. Sen embargo, na revista do ano seguinte non hai ningunha alusión a esta campaña que máis de unión semella de captación de asociados.

A entidade publicou unha revista co seu nome, de certo luxo e non exenta de calidade gráfica con portadas artísticas con obras de A. Montoto, Sotomayor e Veiga Roel. Saía anualmente coincidindo coas festas de San Roque. Nela colaboraron V. Abarrategui, Ángel López Veiga, José R. Lence, Germán Berdiales, A. Zapata García, Xosé Vía Golpe... Dende Betanzos aparecen colaborando o alcalde Ramón Beade, Juan P. Serrabona, J. Teijeiro, Celestino Luis Crespo, José Alguero, Vales Villamarín, Veiga Roel,… Publicaron tamén textos sobre Betanzos recollidos doutras publicacións.



FESTEJOS DE SAN ROQUE — 1932

O CENTRO CULTURAL BETANZOS

En cada gallego hay un dirigente de Sociedad. Aquí la Presidencia es un destino.
¡Y viva el Reino de Galicia!
Victor Luis Molinari: Itinerario; *Galicia Emigrante*, nº 1, xuño 1954.


O Centro Cultural Betanzos fúndase o 27 de xaneiro de 1931. O 17 de febreiro dese ano abría os salóns aos seus asociados na rúa Moreno 1059. E en agosto anúnciase a saída da revista *Betanzos* editada polo Centro Cultural Betanzos, "culta y prestigiosa sociedad" no dicir da revista *Céltiga*. Ademáis na festa campestre a celebrar en agosto estaba prevista a filmación dunha película do evento (ao xeito do que facían outras entidades galegas da emigración) que se enviaría logo a Betanzos para proxectar no cine, cousa que descoñecemos se se chegou a realizar.

Manuel Freyre preside unha amplísima directiva de dezasete membros, ademais de tres revisores de contas, un da comisión de festexos e cinco da comisión de prensa. Vencellado a esta entidade vai aparecer por primeira vez o local social de Méjico 1660, vetusto caserón que permanecerá ligado á colonia betanceira por espazo de medio século.

O Centro Cultural buscaba nos sectores culturais, comerciais e oficiais de Betanzos o prestixio e a hexemonía entre os emigrantes. Pablo Rejo foi o encargado de levar en man aos comerciantes máis prestixiosos o primeiro número da revista, que tivo unha "cariñosa" acollida. Estes enviaron cartas de felicitación que se publicaron no número dous con membretes de Bonome, Núñez e outros. Ademais anúnciase a toda páxina o xastre José Novo, quen sería alcalde accidental pouco despois. Para o Centro Cultural a revista era digno exponente de la cultura brigantina y la verdadera representación de la Colectividad en la Argentina." Xa no

número 2 aparecerá destacado na cabeceira como representante en Betanzos o debuxante e fotógrafo José Veiga Roel, quen sen embargo colabora tamén coa revista do Centro Social Betanzos. É de suliñar que varios dos seus contactos (Bonome, Novo, Veiga Roel) son nese momento concelleiros republicanos.






Arriba, xunta directiva do Centro Cultural Betanzos (1931). Abaixo, Danza de Mariñeiras deste centro.

Na revista publican poemas de Cabanillas, Victoriano Taibo, López Abente, Matías Escariz, Eladio Rodríguez e reproducen outros de Valle Inclán, Villaespesa, Curros, Rosalía... Publican tamén textos de Otero Pedrayo, Augusto D´Almar, Ricardo Flores e Álvaro de las Casas. Aparte das fotografías de rincóns típicos mariñáns e betanceiros e da galería social (fillos de asociados e socias), aparecen debuxos de Castelao e un deseño de Camilo Díaz.

En 1935 o Centro Cultural Betanzos aparece vencellado á sociedade "Hijos de Requián y Piadela", dúas parroquias betanceiras estas, no que parece un proceso de reunificación de pequenas entidades. A sociedade de Requián e Piadela estaba moi enfeudada con don Adolfo Sánchez Díaz, quen fora o último alcalde betanceiro da monarquía e sería reposto no cargo logo dos sete anos da Ditadura de Primo de Rivera, e que tiña a casa petrucial en Guiliade, na parroquia de Piadela. De feito, noméano presidente honorario e a revista publica a carta deste aceptando a distinción, carta que remata dun xeito un tanto clientelista, vendendo as xestións e os "celosos desvelos" para conseguir a luz eléctrica e a estrada de Guiliade a Guísamo, pese a que non gozaba nese momento da II República de cargos políticos.

Na revista que editan en agosto dese ano figuran as dúas entidades unidas: Centro Cultural Betanzos e Hijos de Requián y Piadela. En 1936 voltan publicar a súa revista, de bastante calidade gráfica e de contidos. En total coñecemos cinco números da súa revista, publicados anualmente de 1931 a 1936 mais unha publicación máis pequena e modesta de 1938. Polos contidos desta, precisamente, albiscamos as causas da separación da colectividade betanceira neses anos. Así sabemos que o Centro Cultural Betanzos organiza un festival de axuda á "España leal". Na publicación insértanse chamamentos con alusións á causa da República: "Betancero: Como siempre, nuestra Casa Leal espera tu visita." ou "Betancero: Nuestros hermanos sacrificados exigen unión y colaboración en la lucha por la independencia y libertad de nuestra tierra." Mesmo un coengo da Catedral da Córdoba arxentina pregúntase no seu artigo "¿Cuál hubiera sido la actitud de Cristo?" ou de qué lado debían inclinarse os católicos, non dubindo en contestar "Con el pueblo, por el pueblo y para el pueblo".

Na pequena publicación de agosto de 1938 explican a súa versión sobre a frustrada fusión:





> Por qué fracasó la fusión
> Es bien sabido que la fusión fracasó por no aceptarse que el nombre de la nueva sociedad llevara por base Centro Cultural Betanzos, impuesto por nosotros.
> ¿Por qué queriamos nosotros defender este nombre?
> Porque sabiamos que la fusión estaba animada por intereses ajenos a nuestras sociedades.
> Lo comprobamos, mientras se hacían los trámites de fusión: cuando las sociedades realizaron un pic-nic en conjunto con el propósito de disponer los ánimos para lograr la armonía que se buscaba y al cual sólo concurrieron del Social unas cinco personas a la tardecita, ni una familia, ni un niño; cuando nuestro Comité organizó un banquete a beneficio de España Leal, al que no conseguimos atraer a ninguno de ellos; cuando Requián y Piadela se negó a acompañarnos para alquilar salón, como otros años, para dar la fiesta de San Roque, mientras por su parte se dedicaban ocultamente a la misma tarea; y aun observamos otros detalles, que por su índole no debemos mencionar.
> Hoy es ya popular que los de Betanzos quieren formar un "grupo" que desbanque a otro "grupo" que actúa en una nobilísima institución regional.
> Nosotros lo suponiamos y, recordando que el Centro Social tuvo un momento de vida fácil cuando estos mismos intereses le fueron favorables y que luego cuando le fueron contrarios cayó sin estrépito pero también sin dejar un recuerdo grato, previmos el mismo desenlace y exigimos que se mantuviera nuestro nombre, porque el Centro Cultural Betanzos surgió por culpa de ellos como un símbolo de normalidad social y no se animaría nadie a suprimirlo sin haber logrado antes superarlo. Cuando la voluntad sincera sea mayoría, la fusión será un hecho.

Despois da guerra civil española vaise producir unha reunificación dos betanceiros arredor da denominación Centro Betanzos, nome que xa se vai manter ata a actualidade. En 1934 xa aparecía este nome quizá por ter cambiado o de Centro Social. Con todo, deberon ficar resaibos desa separación pois aínda en 1947 "Un betanceiro" paga un anuncio na revista social facendo un chamamento aos de Guiliade, que adoitaban facer festas por separado:

> "¡¡ GUILIADE!!
> Las grandes obras son posibles, si se deponen egoismos e individualismos en beneficio colectivo. Por encima de todo personalismo, debe estar la Institución, a la que debemos apoyar con todo nuestro esfuerzo, quienes quiera que sean los que la dirigen.
> Los hombres pasan, el Centro Betanzos perdura.
> ¡¡Haga su obra!!"

O CENTRO BETANZOS

Froito da fusión ou reagrupación das entidades devanditas vai surxir o Centro Betanzos, denominación que continúa na actualidade a colectividade betanceira en Bos Aires.

A emigración galega en Bos Aires desenvolveuse entre tendencias minifundistas (sociedades parroquiais e de ámbitos territoriais menores que sobrepasaban as trescentas nos anos trinta) e de concentración. Castelao insistiu moito no exilio bonaerense nesta cuestión, defendendo a creación de centros provinciais "como tránsitos auspiciosos de una unidad más elevada"[12] . Xurdirán así o Centro Ourensán en 1941, o Lucense en 1943, o Pontevedrés pouco

12 "...¿Puede acaso una asociación de cien personas, que sólo pagan un peso de cuota al mes, realizar en esta gran ciudad una obra cultural, recreativa, benéfica, mutualista o patriótica digna de ser tomada en consideración?..." Castelao, en *Lugo*, Buenos Aires, 1944.

despois. Castelao, presidente honorario do Betanzos, facía unha excepción con este, que consideraba que tiña proxección provincial por corresponder a unha das provincias históricas galegas. Mais serodiamente xurde o Centro Coruñés, en 1963. Sen embargo o Betanzos mantivo a súa independencia e tentou aglutinar a sociedades pequenas doutros concellos das Mariñas betanceiras, dándolles apoio loxístico e realizando conxuntamente actos sociais e conmemorativos.


En 1944 o Centro Betanzos aproba uns novos estatutos que serán reformados en 1952 e que virían conciliar as diferencias entre as entidades fusionadas. En 1953 farán unha edición destes estatutos. Neles os cambios máis salientábeis con respecto aos anteriores son a prohibición dos xogos de azar "y en especial de los denominados bancados", insístese que carecerá de carácter político ou relixioso, sendo o seu lema "Por Betanzos, la Cultura y Solidaridad entre sus hijos". Insértase como un fin da sociedade a publicación dun periódico ou revista titulado "Betanzos" para "propagar los fines de la Asociación y difundir el conocimiento general de lo que a Betanzos, sus personas y cosas se refiere". Acórdase expresamente celebrar con actos conmemorativos de carácter extraordinario as datas do Día de Galicia, da fundación da primeira sociedade de Betanzos en Bos Aires, e as tradicionais festas de San Roque. En caso de disolución os fondos sociais serían distribuídos a partes iguais entre o Centro Galego e a Municipalidade de Bos Aires con destino á asistencia pública. As persoas "de sexo femenino" que ingresen denominarianse socias beneficiarias, cos mesmos dereitos que os socios sen igualarse nas obrigas e a súa cota sería a metade.Cómpre ter en conta que os estatutos tiñan que observar a lexislación arxentina do momento (eran aprobados polo poder executivo) e estábase na etapa da presidencia do coronel Perón, unha dictadura con características fascistas. As mulleres (non tiveron dereito a voto ata moi tardiamente) non aparecen desempeñando cargos directivos ata os anos oitenta.

Arredor de 1956 o Centro Betanzos acada o meirande número de asociados (mil vintecatro) e a partir dos anos sesenta colle novos pulos coa chegada de mozos novos.

O Betanzos non só aglutinou ao seu redor aos betanceiros e os seus descendentes, senón tamén a emigrantes doutros concellos do partido xudicial de Betanzos. Xentes orixinarias de Oza dos Ríos, Coirós, Sada, Paderne, Abegondo, Bergondo…tiveron no Betanzos unha entidade que os acolleu aínda que os tres primeiros concellos tiñan a súa propia asociación emigrante en Bos Aires. Tamén emigrantes procedentes doutras zonas do país galego preferiron o agarimo do Betanzos á hora de relacionarse socialmente cos conterráneos. E resulta curioso como algúns arxentinos non galegos de orixe se integraron na sociedade betanceira, chegando mesmo a desempeñar algún cargo directivo. É o caso, por exemplo, dos irmáns Luis e Aquiles Lambruschini ou dos Nakamijo. En ambos casos trátase de individuos procedentes doutras comunidades emigrantes, italiana e xaponesa respectivamente, e que residían moi próximos á sede do Centro Betanzos. Aquiles Lambruschini, funcionario do Tribunal Supremo, comenzou acudindo ao local social, inmediato á súa casa, a "botar a partida" e rematou sendo bibliotecario.[13] Nos estatutos devanditos facíase constar expresamente que poderían ser socios os arxentinos, os naturais de Betanzos e o seu partido xudicial, os galegos, os demáis españois residentes na Arxentina e tamén os nativos doutras nacións poderían ingresar, nunha proporción que non superase a terceira parte do total dos socios.

13 Segundo Andrés Beade, Aquiles rematou facéndose peronista e insistíu en colocar un busto do Xeneral Perón no local, cousa á que non accederon o resto dos directivos.

Tamén entre os compoñentes da Coral "Os Rumorosos" había varios que non eran galegos, entre eles o propio mestre Corallini, o seu director, arxentino "que se siente gallego sin haber nacido en Galicia".



Fachada do local da Rúa México 1660, sede da colectividade betanceira por máis de medio século.

O LOCAL DE MÉXICO 1660

"El Centro Betanzos tiene su residencia en una amplia casa en la que también conviven más de una veintena de asociaciones, en su mayoría de la provincia de La Coruña y con las cuales este centro tiene muy estrecha relación, hasta el punto de que, con ellos, ha constituído una superentidad que, en determinadas ocasiones y en fraternal unión, realizan actos de gran trascendencia que suelen ser verdaderos acontecimientos en nuestra colectividad. En la sede social, antigua y lujosa residencia de una acaudalada familia, hay gran profusión de cuadros y fotos que le recuerdan al visitante la comarca brigantina, los lares nativos, y despiertan la "morriña"…

Avelino Díaz, *Anuario Brigantino* 1951.

Dende os anos trinta a colectividade betanceira tivo como sede social unha ampla casa señorial (de 20 por 50 metros de fondo e patio traseiro) situada no 1660 da rúa México, en pleno centro de Bos Aires. Xa vimos como de primeiras aparecía vencellada ao Centro Cultural Betanzos. Esta residencia era propiedade dunha familia de emigrantes españoles instalados con negocios de moblarías. Durante máis de medio século esta vai ser a casa dos betanceiros en Bos Aires, e non só dos betanceiros, pois aquí terán a súa sede compartida entidades do partido xudicial de Betanzos e outras como a ABC de Corcubión e moitas máis.

O buffet ou bar-restaurante ocupaba unha parte do edificio e a el accedían clientes alleos ao Centro Betanzos. Os socios deste gozaban de prezos especiais para toda clase de celebracións e banquetes que alí realizaban. O buffet subalugábase en réxime de concesión polo Centro Betanzos. Na publicación societaria do ano 1956 lemos este anuncio: "O millor xantar do mundo / en rúa México 1660 / co Brigantino Bernardino García / o Bufeteiro do Centro Betanzos." Curiosamente, o Brigantino Bernardino era de Sada. Despois o "bufeteiro" foi José Caamaño (de Camariñas), quen despois de deixar a concesión seguía a anunciarse e saudar aos socios a través da revista. Nos anos setenta a concesión tívoa Antonio Fuentes.

Posteriormente, as sucesivas subas do aluguer por parte dos propietarios do edificio (que, por outra parte, tampouco o querían vender) afogaron a economía da sociedade que tivo que abandonar finalmente o vetusto caserón.

ACTIVIDADE SOCIAL

As conmemoracións e banquetes constituían un punto de encontro e a posibilidade de contacto con outras familias emigradas, nalgúns casos xa coñecidas de antes, e mesmo de que as fillas e fillos dos emigrantes entaboaran relación.

Ademais do Banquete de aniversario, celebrábanse festas campestres (tres picnis por exemplo no ano 1961, nos meses de xaneiro, febreiro e marzo, coincidindo co verán austral) no Recreo da Federación de Sociedades gallegas en Punta Chica. O Entroido festexábase con

bailes de máscaras e algún ano Enterro da sardiña, revivindo o que en Betanzos se celebraba dende primeiros do século XX.

A festa da Madalena, a primeira do ciclo festivo en Betanzos, o luns de Pascua, tamén tiña o seu eco porteño, na que "no faltarán los higos, las cacahuetes, las uvas pasas y otras golosinas típicas del Lunes de Magdalena en el populoso barrio de La Magdalena (Betanzos) que tanto añoran los numerosos vecinos emigrados en Buenos Aires y en general todos los betanceiros." Efectivamente eran moitos os veciños dese barrio (que pouco despois deixaría de ser "populoso" co derribo de moitas casas polo ensanche da estrada), destacando a familia López García, que deu dirixentes ao Betanzos e un compositor de sona. E, por suposto, as festas de San Roque e os Caneiros celebrábanse con veladas artístico-danzantes. Por último, o xantar de camaradería que adoitaba celebrarse con representantes doutras entidades galegas.



Grupo de betanceiros no campo de recreo do Centro Betanzos (1952).



Banquete social no ano 1961. No lado da esquerda: Antonio Fafián, Manuel Otero «Seixo», Luis García, Enrique Sóñora, Marcial Folgueiras e Luis Picado. Na dereita: Pepe Otero, Andrés Beade, Enrique Lousa, Señora de Pepe Otero, América Pérez, Maruja Novo, Marta de Rifón e José Luis Rifón.

Durante algúns anos o Betanzos disfrutou dun campo de deportes propio en San Isidro e así figura na cabeceira da revista por 1946. En 1948 aparece citado como Campo de recreo "Os Caneiros"- San Isidro F.CC.A. Sen embargo este terreo viuse afectado posteriormente pola construcción da autopista Iberoamericana, o que provocou unha pequena crise na entidade.

COMPROMISO COA CULTURA GALEGA

Destacados persoeiros da cultura galega en Bos Aires participaron moi activamente nas actividades do Betanzos, sobre a todo a partir da guerra civil española que levou ao exilio a moitos dos nosos máis destacados persoeiros. O primeiro entre todos, Castelao, sempre moi vencellado ao Betanzos dende a súa chegada a Bos Aires, do que foi nomeado Presidente de Honra. O sadense Ramón Suárez Picallo, xornalista e avogado. Antón Alonso Ríos, deputado pontevedrés exiliado logo de numerosas peripecias narradas no libro *O siñor Afranio*, e presidente do Consello de Galiza. O escritor Xosé Neira Vilas, moi vencellado ao Betanzos que aparece nalgunha das súas historias de emigrantes, colaborando na revista en varias ocasións.

Entre os que xa se atopaban en Bos Aires antes da guerra citemos a Eduardo Blanco Amor (que ten colaborado na revista *Betanzos* con textos especiais), Rodolfo Prada (orador en varios actos, colaborador da revista nalgunha ocasión e autor do folleto sobre Antolín Faraldo que editou o Betanzos), Ricardo Flores (dramaturgo da veciña vila de Sada, que colaborou varias veces na revista), o escultor e gravador Domingo Maza (que colaborou con gravados na revista e faría o busto de Castelao) e outros moitos.



Coral «Os Rumorosos», dirixida por José Corallini.

A Biblioteca social

Levaba o nome do ilustre betanceiro Antolín Faraldo. Inaugurouse con solemnidade o 2 de agosto de 1947, abrindo o acto a masa coral Os Rumorosos que interpretou o himno galego, intervindo o presidente da comisión de cultura Rafael Cabo (fillo), o secretario do Consello de Galiza Antón Alonso Ríos, a rapsoda Josefina García recitando poemas galegos. A continuación, o secretario do Betanzos Antón Suárez Do Pazo ofreceu ao director do coro, mestre José Corallini, e a cada un dos seus compoñentes as medallas de prata cumprindo o mandato da asemblea xeral celebrada meses antes, medallas que foron entregadas polo presidente Juan Suárez. Houbo palabras de agradecemento de Corallini e unha representante do coro, que interpretou varias cancións, pechando o acto o poeta Avelino Díaz.

O primeiro bibliotecario foi Martín Nakamijo e posteriormente foino Aquiles Lambruschini, dúas persoas que nada tiñan que ver con Betanzos, de orixe xaponés o primeiro e italo-arxentino o segundo.

A biblioteca foi medrando con doazóns de socios, algúns autores e de editoriais: "La Editorial Losada viene obsequiándonos periódicamente con ejemplares de diferentes publicaciones españolas de los últimos tiempos", dicían na revista por 1962. En 1960 contaba a biblioteca cunha "magnífica colección bibliográfica compuesta por más de 1500 volúmenes". Colección que foi ampliándose paseniñamente. A partir do 1º de xaneiro de 1961 anunciaba que abría ao público polas tardes de luns a venres. Os socios e socias poderían retirar un tomo cada vez para ler no seu domicilio. Contábase facer un catálogo coas obras existentes para facelo chegar aos asociados. Na actualidade conta con máis de 2500 volumes.

Nalgunha ocasión, xa na etapa democrática no noso país, o Centro Betanzos fixo doazón á Biblioteca Pública de Betanzos de exemplares valiosos como o de *As cruces de pedra na Galiza*, de Castelao.

O Coro "OS RUMOROSOS"

> Entre os conxuntos máis prestixiosos do noso mundo enxebre cabe relembrar "Os Rumorosos", que baixo a dirección do distinto músico e poeta Manoel Prieto Marcos, cumpliu un ciclo xerárquico que desgraciadamente non quedou rexistrado na placa fonográfica a causa da esaxerada teima perfeccionista do seu director, que sempre coidaba que o coro debía perfeccionarse aínda máis.
>
> Bieito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Ediciós do Castro, 1989.

Outro orgullo da entidade no campo cultural consitúeo a Coral Polifónica Os Rumorosos, fundada en 1933. Nun primeiro momento debía ser allea á colectividade betanceira, pois moitos dos seus integrantes iniciais procedían de diversos puntos de Galicia. Nese ano fundacional publicou unha revista co título de *Alalá*. Logo aparece vencellada ao Centro Cultural Betanzos (na revista desta entidade de 1935 aparece unha foto do coro). Os seus primeiros directores foron Isidro B. Maiztegui e o poeta Manuel Prieto Marcos. Na súa longa traxectoria acadou diversos premios como o mellor coro da colectividade galega, en 1946, baixo a dirección de José Corallini. A Corallini, director de 1942 a 1949, sucedeuno na dirección o compositor betanceiro Carlos López García, "Chapa", axudado por Alfredo Castro, compostelano de Bastabales.

Contou Os Rumorosos con membros que non pertencían á colectividade galega:

> Hay en nuestra coral, un porcentaje muy elevado de coristas argentinos de ambos sexos; tenemos otro buen número de españoles no gallegos, y tenemos un italiano que nos enorgullece —el amigo Colaccico—; todos estos grandes elementos nos acompañan por su gran amor a Galicia y la música emotiva y agarimosa de nuestra 'terriña meiga´…
> Agustín Cachaza: A los coristas no Gallegos de la Coral del Centro Betanzos "Os Rumorosos" y al maestro Corallini, *Betanzos*, nº 42, decembro 1947.

Caso especial, aparte do propio Corallini, é o do italiano Antonio Colaccico, destacado barítono do Coro que foi agasallado pola entidade en 1951. Nunha entrevista de 1972 lembraba a súa incorporación: "Cuando el maestro José Corallini se hizo cargo de la dirección del coro fui invitado por él a sumarme al elenco. Con Corallini me une una gran amistad desde que ambos nos conocimos en el Conservatorio Nacional como alumno de él. Por esa vía empecé mi vida de corista de Os Rumorosos".

Posteriormente, en 1971 a coral grabou un disco patrocinado polo Centro Lucense. Actualmente dirixe o coro, que tamén conta cun grupo estritamente feminino, o profesor Hugo Muñoz.

Grupo de baile "BRÉTEMAS E RAIOLAS"

Outra actividade complementaria da anterior é o grupo de baile chamado Brétemas e Raiolas. Os seus responsables eran Alejandro Barandela e Pablo Fernández. Posteriormente, o seu director foi César Quiroga Casares e baixo a súa dirección obtivo o primeiro premio de danzas galegas no único concurso que se celebrou en Bos Aires. En total, entre cantantes, bailaríns e músicos, chegou a agrupar a 50 persoas. O grupo ten actuado con éxito en escenarios relevantes como os teatros Colón, San Martín, Coliseo e Avenida. Na actualidade o seu repertorio contempla temas iberoamericanos e internacionales, sen excluir o galego, situándose entre os coros máis destacados no ámbito arxentino. Tamén ao abeiro do Centro Betanzos naceu en 1984 o conxunto "Xeito Novo", o grupo de música celta e galega máis importante do país que o pasado ano celebrou o seu vixésimo aniversario.

Conxunto de danza "CÉSAR QUIROGA"

Dentro das actividades de fomento do folclore galego destaca tamén un conxunto de danzas fundado en 1950, se ben xa anteriormente existía a tradición dun grupo infantil de danzas que interpretaban a ancestral danza gremial dos mariñeiros, típica da tradición cultural betanceira. De feito, na publicación do Centro Cultural Betanzos de agosto de 1938 campa na portada a foto dos nenos integrantes da danza típica dos mariñeiros. Tamén esta entidade tivo un grupo de adultos de danza de mariñeiros.

Clases de lingua galega

A finais dos anos oitenta o Betanzos seguía a acoller a todos aqueles dispostos a traballar e aprender a prol da nosa lingua e cultura. César Varela nun artigo publicado en 1986 referiase así á actividade de varios vellos galeguistas:

> A todos eles [refírese a Castro Morgadanes, Xan González, Ricardo Flores, Pedreira, Anxélica Fontenla] coñecinos no histórico Centro de Betanzos, onde manteñen unhas animadas clases de lingua e cultura galegas baixo a dirección do seu culto profesor Hixinio Martínez, fuxidos todos do oficialista Centro Galego, onde antes desenvolvían as suas actividades culturais.

Ademáis dos citados galeguistas, a estas clases acudían persoas alleas a Galicia desexosas de coñecer a súa lingua e cultura: "Curiosamente, todas estas xentes procedentes doutras culturas, asisten entusiasmadas ás clases de galego do Centro de Betanzos".[14]

Edición de libros e folletos

—*Conferencia de Rodolfo Prada sobre Antolín Faraldo.*

Rodolfo Prada: "Antolín Faraldo". Conferenza pronunciada o día 22 de xullo do 1953 no Centro Galego de Bós Aires. Ediciós Centro Betanzos. Bós Aires. 1954.

Trátase dun folleto de 30 páxinas. No colofón faise constar o seguinte: "Edición de mil exemplares custeada pol-o distinto asociado do Centro Betanzos, e fillo de isa cidade, don Xosé Viqueira, que saíu do prelo en Bós Aires o dia 28 de Xuño de 1954, no XVIII aniversario do plebiscito da autonomía de Galiza, data que sinalou o conquerimento nas furnas das ideias espalladas por Antolín Faraldo de libertade prá nosa terra."

—*Folleto Betanzos honra aos seus Mártires.*

"Betanzos honra a sus mártires. Comité de homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito. Julio de 1955. Betanzos – La Coruña. España."

Trátase dun folleto de 24 páxinas que ten na portada o debuxo de Castelao pertencente ao álbum *Galicia Mártir* co pé: "Non enterran cadavres; enterran semente. – Castelao". Leva unha Introducción asinada en Bos Aires o 20 de xullo de 1958 pola "Comisión en la Argentina de Homenaje a los mártires de Betanzos y su distrito". O relato dos feitos parece ser que é da autoría de Ramón Beade Méndez, dirixente agrario socialista, que fora Deputado a Cortes e Alcalde de Betanzos e que falecería pouco despois o 5 de xullo de 1956. Alberto Vilanova di na súa obra monumental *Los gallegos en la Argentina* (páx. 1393) que a súa redacción (querendo dicir quizá a súa edición) "se debe a los entonces directivos Srs. Angel García Golpe y Andrés Beade". O folleto parece que se distribuiu en Betanzos polos anos sesenta, máis tarde da data da Introducción e por suposto da que figura na capa, pois algúns dos primeiros envíos foran interceptados pola Garda Civil. O enderezo que figura na contracapa é o de Andrés Beade Dopico, fillo de Ramón e emigrante na Arxentina dende 1953. A súa posesión podía acarrear un grave problema durante os anos da Dictadura franquista polo que compría agachalo, como fixo o que me facilitara hai anos unha fotocopia, o desaparecido dirixente comunista local Ricardo García Gondell, quen o tivera agachado no faiado debaixo das tellas.[15]

---

14 César Varela: "Buenos Aires: unha ollada en clave galega", en *A Nosa Terra*, nº 301 e 302, de 9 e 23 de outubro de 1986.

15 No ano 2001, no marco dun congreso sobre o Exilio Galego, publicouse unha edición facsimilar ao coidado de Víctor Manuel Santidrián Arias e con prólogos de Andrés Beade Dopico e Xesús Alonso Montero. A edición foi subvencionada pola Fundación 10 de Marzo de Comisións Obreira, o Concello de Betanzos e o Consello da Cultura Galega. En Betanzos agasallouse cun exemplar aos asistentes ao acto da súa presentación, realizada por Xesús Alonso Montero.

—*Libro de Manuel Lueiro Rey: "Un tempo de sol a sol"*, con ilustracións de Luis Seoane. Premiado na III Feira Nacional do Libro celebrada en Vigo en 1973.
—*Libro de Carlos Penelas: "De Espenuca a Barracas al Sur"*. Coedición co Concello de Betanzos.

En xullo de 2004 lanzou o seu selo Centro Betanzos Ediciones, inaugurado coa obra de Carlos Penelas *"Cuaderno del Principe de Espenuca"*.

A REVISTA *BETANZOS*

Durante anos o Centro Betanzos vai editar a revista *Betanzos*, con periodicidade anual (agás contadas excepcións), unha publicación de referencia non só para a colectividade emigrante senón tamén para as escasas persoas que a recibían en Betanzos de xeito máis ou menos clandestino. A propia entidade era consciente desta influencia e así o indican nun editorial: "Hoy por hoy único órgano periodístico brigantino sustraído a la censura franquista y, en cierto modo, vocero de la expresión democrática del pueblo de Betanzos, no obstante su impresión en la emigración." (nº 58, páx. 35, agosto 1962).

E así era de feito, constituíndo para aquelas minorías ás que chegaba anualmente a publicación dende América un pequeno bocado de liberdade. Parece ser que a revista traíana emigrantes ou empregados dos barcos cos sobres e direccións e botábana ao correo en Vigo ou na Coruña.

Xa vimos como nos estatutos de 1944 figuraba expresamente entre os fins a publicación dun órgano titulado "Betanzos". O primeiro número que coñecemos é de agosto de 1946 e leva o número 41, o que non quere dicir que antes saíran corenta números. Non semella posíbel que sacaran corenta números dunha publicación sen que deixara algún rastro. Nin siquera sumando xuntos todos os números das publicacións que editara a colectividade betanceira ata ese momento (10 números de Las Mariñas, 3 do Centro Social Betanzos, 4 do Centro Cultural Betanzos) daría ese número. Inclinámonos por pensar que cando se publica o nº 41, correspondente co editorial "Nuestros 41 años de vida", dalgún xeito intenta confundirse a numeración da publicación cos anos da entidade. Só así nos explicamos este feito.

Ata 1951 saíu máis ou menos coa periodicidade anual. Logo hai un salto ata o ano 1960, en que vai aparecer cada dous anos. Prodúcese outro salto entre 1964 e 1971 en que non se publica. En 1972 aparece en forma de periódico, figurando como director Jaime Pita, con moitas reportaxes e noticias de Betanzos, en ton crítico moitas veces.

En agosto de 1979 prodúcese un cambio na cebeceira incorporando un deseño de Mallo López, consistente nunha gaivota sobre o título, e figurando como director Andrés Beade. Posteriormente aparecen algúns números que incorporan ao título o ano de publicación: Betanzos´89, Betanzos´90…

Ao longo de tantos anos foron moitos os colaboradores da revista. Dende emigrantes asociados a persoas vencelladas á asociación ou escritores galegos que colaboraron dende Galicia ou ben se lles reproduciron textos. Entre os primeiros: Antón Suárez Dopazo, Xosé Ares, Manuel Barreiro, V. Abarrategui Paradela, Lois Cortiñas, Manuel Roel, Jaime Pita, Enrique Lousa Pandelo, Enrique Sóñora, Andrés Beade… Vencellados á asociación ou galegos relevantes na Arxentina: Gumersindo Sánchez Guisande, Maruja Boga, Fiz A. Fernández, Avelino Díaz, Xosé Núñez Búa, Rodolfo Prada, Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Neira Vilas, Leopoldo Nóvoa, Ramón Rey Baltar, Laxeiro, A. Tenreiro, Ramón de Valenzuela, Alberto Vilanova. Colaborando dende Galicia Jesús Alonso Montero e outros.

Do poeta betanceiro Celestino Luis Crespo reproducen algún poemas do libro que viña de publicar *Brétemas mariñás*, o primeiro en galego da postguerra. Tamén textos de Francisco Vales Villamarín, Alfredo Curiel, debuxos e fotos de Veiga Roel.

En 1989 aparece *Nueva Historia, publicación de la subcomisión juvenil del Centro Betanzos*, revista que tiña vocación de bimensual e sacou un número en abril e outro en agosto de 1989. É unha publicación ciclostilada, de pouca calidade técnica. No número de 2 de xaneiro de 2000 a publicación *Galicia en el mundo* incluíu un caderniño de cultura especial de oito páxinas dedicado á Asociación Centro Betanzos.



Portada da revista Betanzos *de 1962, por XELP (Xosé Enrique Lousa Pandelo).*

COMPROMISO DEMOCRÁTICO

O compromiso do Centro Betanzos coa causa da II República española derrotada polo fascismo é unha constante, non xa nos primeiros anos da postguerra senón incluso décadas despois. A lembranza de persoeiros betanceiros da II República é continua na revista da entidade: o ex-alcalde e deputado Ramón Beade, o alcalde do Frente Popular Tomás López da Torre, fusilado; Bernardo Miño, dirixente agrario e concelleiro socialista, paseado. Mesmo cando fallece o concelleiro republicano Ricardo Bonome Seoane publican unha ampla nota necrolóxica.

O asentamento da democracia en España é unha arela defendida por todas as directivas que tivo o Centro Betanzos despois da guerra civil española. Así, en agosto de 1962 rematan o seu editorial transmitindo "un cordial y afectuoso saludo a nuestro Betanzos, augurándole un inmediato futuro democrático y de bienestar social". Nese ano suscriben e difunden con outras entidades galegas e españolas unha declaración de adhesión ás folgas que mantiveron os traballadores de Asturias, País Vasco e Cataluña, e ás manifestacións estudiantís que se produciron.

Por outra banda, o Betanzos sempre se significou na defensa dos perseguidos polas dictaduras latinoamericanas, acubillando no seu seo a activistas e representantes de agrupacións exiliadas forzosamente dos seus países: uruguaios, chilenos… O mesmo ocorreu cando a última dictadura militar arxentina, implantada no 1976, acochando á CTERA (Confederación de Traballadores da Educación da República Arxentina) e ao deputado nacional polo socialismo Alfredo Bravo, como el mesmo recoñecía nun artigo recollido na páxina web da entidade:

> Cuando salí de la cárcel la primera visita que hice, a pesar de tener libertad vigilada, a pesar de prohibirme la dictadura todo movimiento, fue ir al Centro Betanzos y abrazar a los amigos, porque no solo habian dado cobijo a la CTERA, sino que habian hecho todo lo posible y lo imposible por ayudarme a mi y a mi familia.

Homenaxe aos mártires betanceiros

No transcurso da conmemoración das Festas de San Roque en agosto de 1956 o Centro Betanzos realizou o venres 24 de agosto no seu casal social unha "Omenaxe os mártires betanceiros asesiñados pola tiranía franquista". O programa do acto consistiu na interpretación do hino galego; unha verbas limiares do presidente José Luis Fariña, pechando o acto o deputado galego e membro do Consello de Galiza e delegado de Chile ao primeiro Congreso da

Emigración Galega Ramón Suárez Picallo, "recordando os que foran Seus Compañeiros de loita e de espranza".

Posteriormente, en agosto de 1959, colocouse no vestíbulo do local social unha praca lembratoria cos nomes dos trinta e tres betanceiros víctimas dos sucesos derivados do golpe militar de 1936 que leva na cabeceira este texto: "Betanzos honra a sus mártires caídos en defensa de la República".

COMPROMISO GALEGUISTA

> Entre as máis sinaladas entidades galeguistas, enroitadoras do quefacer colectivo, merece tamén un posto de honor a "Asociación Benéfica e Cultural do Partido de Corcubión", que xunto co Centro Betanzos estiveron sempre ó servicio incondicional da causa galega. (...) E no tocante ó Centro Betanzos, o seu casal de México 1660 constituiu sempre un dos abeiros societarios que máis rexa postura patriótica amostrou en todo intre dentro da colectividade. Nos seus salóns desenroláronse moitos dos máis importantes aconteceres e actos do galeguismo que axudaron a manter vixentes os ideais democráticos dos galegos de aquén mar; e dentro das súas ringleiras aparecían guieiros como Antón Suárez do Pazo, Xosé Folla, Xosé Daporta, Agustín Freire, Lois Ares, Andrés Beade, Ricardo [Osvaldo] Dans e moitos máis.
>
> Bieito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Ediciós do Castro, 1989.

Non é raro, pois, que as Mocedades Galeguistas, constituídas o 28 de agosto de 1953 como unha especie de xuventudes da Irmandade Galega, celebrasen reunións os sábados alternativamente no Centro Ourensán, no de Betanzos, no Coruñés e no Pontevedrés, "aínda que gustaban máis de reunirse nos dous primeiros por seren os máis afíns á súa causa." [16] Algúns dos seus membros, como Antón Santamarina ou Xosé Neira Vilas tiveron moita relación co Betanzos.

No editorial da revista de decembro de 1948 afirmase: "Hemos dado a nuestra labor una definida y clara orientación patriótica gallega…" É o ano en que nomean a Castelao presidente de honra, coincidindo coa aparición de Suárez do Pazo e outros galeguistas na directiva.

En 1953 o Centro Betanzos pronúnciase no contencioso surxido co himno galego, desvirtuado co tíduo "Himno aos Pinos" en actos celebrados o Día de Galiza por algunhas entidades galegas. A coral Os Rumorosos comprometida a actuar nun dos actos vese mesturada na polémica. A directiva decide acordar que de aí en diante o coro non actuaría en ningún acto organizado por entidades galegas onde sexa incluído o himno galego con calquer outro nome. Invita a todas as masas corais a que se sumen a esta actitude e enviar copia do acordo a entidades galegas, xornais e agrupacións.

Nomeamento de Castelao como Presidente[17]

Ao chegar ao exilio bonaerense, Castelao vai conseguir aglutinar aos galegos da emigración máis conscentes ao redor da idea da defensa da democracia e da personalidade diferenciada de Galiza. Lembremos brevemente: Pouco despois da súa chegada en 1940, funda a Irmandade Galega para desempeñar o labor do Partido Galeguista. En 1944 constitúese o Consello de Galiza, órgano que intenta representar a lexitimidade republicana de Galicia no exilio e do que

16 B.C.: A cincuenta anos da fundación das Mocidades Galeguistas. Os mil fillos de Castelao", *A Nosa Terra*, nº 1098, 2/8-X-2003. Ver Neira Vilas en Memoria da emigración.)

17 Este apartado e parte do seguinte forman parte da miña intervención títulada "Relación de Castelao con Betanzos" nas "Xornadas de estudio e debate sobre Castelao, no 50 cabodano" organizadas polo concello de Betanzos os días 31 de marzo e 1 de abril do ano 2000.



Castelao (sentado con gafas) con directivos das sociedades do partido xudicial de Betanzos o 6 de outubro de 1947. Á súa dereita, Antón Suárez Dopazo, do Centro Betanzos.



Castelao será o seu presidente até a sua morte. É o ano da publicación do "Sempre en Galiza", importantísimo ensaio sobre o decurso histórico do país galego, a análise dos últimos acontecementos e o posicionamento que lle compre a Galiza no futuro próximo. En 1947 regresa de París, onde formara parte do goberno republicano durante un ano, e é recibido apoteosicamente en Bos Aires. Ao ano seguinte, no Dia de Galiza, le o seu famoso discurso "Alba de Gloria". Castelao é un mito en vida.


Neste senso, as relacións de Castelao coa emigración galega e as súas sociedades foron moi intensas. Co Centro Betanzos, entidade que mantivo ao longo do franquismo a defensa da causa republicana, democrática e galeguista, non o foron menos. Relacións facilitadas pola identificación dos dirixentes betanceiros daquela hora co ideario que Castelao representaba. O Betanzos formou parte dunha comisión intersocietaria que organizaba tódolos actos de celebración patriótica: o aniversario do plebiscito do Estatuto, o Día dos Mártires, o día de Galiza, ou o aniversario da República.

Non é de extrañar, pois, que a Comisión direitiva do Betanzos acordara por unanimidade en sesión celebrada o 24 de xuño de 1948 nomear a Castelao presidente honorario da entidade.

O presidente Juan Suárez e o secretario xeral Antón Suárez do Pazo, tío e sobriño creemos, asinan a carta datada a 10 de xullo na que lle comunican a Castelao o acordo adoptado e pregandolle que acepte a distinción *"en mérito á súa patriótica laboura en col da difusión e defensa dos probremas de Galiza, i-a súa insobornábel aititude en Hespaña e no extranxeiro, sempre ó servizo da nosa patria"*. Na propia carta definen ao Centro Betanzos como *"entidade*

netamente galega, e plenamente identificada co movimento de recuperazón das liberdades da nosa terra".

Castelao contesta cunha carta manuscrita o 7 de agosto aceitando o nomeamento. Leva o membrete do Consello de Galiza e dí así:



"Bos Aires, 7 de agosto do 1948
Consello de Galiza
Sr. Dn. Juan Suárez
Presidente do Centro Betanzos
Bos Aires

Meu querido amigo e compatriota:
Recibín a súa carta dándome a coñecer un acordo da Comisión Direitiva do Centro Betanzos, pol-o que se me desina Presidente Honorario d-esa Asociación. Xa me sentía honradísimo con sóio merecer o agarimo de vostedes, e non minto ao decirlles que me abruma o favor que acaban de facerme ao darme un tíduo que non sei cómo pagarlles. Para min Betanzos –como xa dixen en público- representa algo máis que a xurisdición municipal ou xudicial que agora leva ise nome: representa unha hestórica e groriosa provincia, que foi varias veces a cabeza de Galiza. Eu vexo ao Centro Betanzos coa categoría que o seu escudo simboliza, é decir, como un Centro Provincial. E teñan a seguridade de que o meu agradecimento non é finxido, senon sentido, arelando que poida desmostralo con feitos e non con verbas.
Moitísimas gracias, moitísimas gracias.
Reciba vostede e os seus compañeiros de Comisión un saúdo fraternal.
Castelao."

Ao día seguinte Castelao participa na celebración das festas da sociedade betanceira e preside (como presidente do Consello de Galiza) un gran banquete que xunta 500 persoas de todas as entidades do partido xudicial de Betanzos. Na súa intervención, saudada con afervoados aplausos, lembra que foi no Centro Betanzos onde dera a súa primeira conferencia ao chegar a Bos Aires e que tamén foi no Betanzos onde participou no primeiro banquete da coleitividade.

Cómpre dicir que, de entre todas as entidades galegas, só o Centro Betanzos e o Centro Ourensán compartian esta Presidencia honoraria de Castelao.

A distinción de Presidente de Honor do Centro Betanzos foille entregada a Castelao o 21 de agosto de 1948 nun acto público celebrado no local social da entidade, rúa México 1660, como colofón da celebración das festas tradicionais. O diploma que se lle entregou levaba a seguinte lenda:

Considerando: que o Dr. Alfonso R. Castelao é un outo eixempro de lealdá e fidelidade á patria galega, e representa o latexar dos nosos sentimentos, i o anceio coleitivo d-unha Galiza ceibe, na sesión do 24 de xuño, por unanimidade, resólvese nomealo Presidente Honorario do Centro Betanzos.

A entrega realizouna o secretario Suárez do Pazo, cun discurso do que entresacamos este parráfo:

Nomear un Presidente honorario, na maoría dos casos sigñifica un compromiso intranscendente i-un feito rutinario sin ningunha sigñificación, posto que se considera como un adorno na vida societaria. Pero nomear en estos tempos Presidente honorario d-unha entidá galega ao Dr. Caste-

Año del Libertador General San Martín
Bós Aires 8 de Xaneiro de 1950.

CENTRO BETANZOS

México 1660 — Buenos Aires

CASTELAO entrou na inmortalidade



O sábado 7 de Xaneiro as 11 da noite unha noticia encheo de door a tuda a coleitividade galega de Bós Aires.

No sanatorio do Centro Galego acabábase d-extinguir a vida do guieiro da galeguidade.

Víctima d-unha longa e treicionera enfermedá, Alfonso R. Castelao morría entre a ademiración, o cariño, o respeto i-as bágoas de todo galego ben nascido, e ainda d-aqueles que sin sere galegos ademiraban ó lider do movimento nazonal galego.

Tempo había que se esperaba o fatal desenlace. Aquiles que coñecíamos o seu estado de saude i-o longo e penoso proceso da sua enfermedá, sabíamos que non había remedio par-a sua doencia.

Pero aínda eisí aferrabamonos a unha romántica espranza, agardábamos aínda que fose un milagre, calisquera cousa, pois non podíamos conformarnos c-a realidade da sua morte a corto prazo.

Mais o destiño fireunos no mais celme do noso sentimento; a mais outa figura da Galiza contemporánea morreo na tristeira noite do 7 de Xaneiro, perdendo con elo Galiza ó mais esgrevio dos seus fillos i-o mais atervoado paladín das suas liberdades.

A noticia chegou a todol-os fogares, i-en tudos houbo a mesma eixpresión de door, de rebeldía, de tristura.

E que Castelao era unha figura de tudos ben querida.

Calisquera galego de calisquer tendencia, o quería i-o respetaba.

Il encarnaba a xenuina representación da nosa patria. Il era o guieiro máximo, o lider indiscutido das nosas aspiracións. Il foi por direito propio, ¡Galiza!, porque Castelao era Galiza e Galiza era Castelao.

Ben pronto o salón principal do Centro Galego, onde foi velado o insine fillo de Galiza, veuse totalmente cuberto de ofrendas froraes qu-en cantidades interminábels eran enviadas en homaxe o noso morto.

As entidades galegas, vascas, catalás, centros españoles, instituzóns culturales i-artísticas arxentinas, periódicos arxentinos, sociedades galegas de Rosario, Mendoza, a Plata, Río de Xaneiro, Montevideo, Nova York, Cuba, Chile e d-outros países, istaban presentes nas suas ofrendas froraes.

Chegaron cables do mundo enteiro adhiríndose o duelo.

As radios arxentinas trasmitían pesarosas a noticia. Todol-os periódicos de Bós Aires sin eixcepción adicaron n-as suas páxinas longas e sentidas eixpresiós de pesar, destacando a outa persoalidade do noso Castelao.

Pol-o Centro Galego desfilaron milleiros de persoas para darlle o último adeus a figura tan querida.

O médico amigo, irmán no patria i-na espranza que tanto loitou para aliviarlle a sua doenza —o Dr. Sánchez Guisande— tivo ó seu cárrego a penosa tarea de embalsamar o corpo de Castelao, para un día poder leval-o a decansar a Galiza.

Máns amigas; máns de patriotas galegos, depositaron terra da nosa patria dentro do ataúd, terra traída de Galiza, recollida por intelectuales galegos para Castelao, a que chegou a Bós Aires 4 días antes da sua morte, como si agardase que chegara isa reliquia para dormir o seu derradeiro sono.

O enterro foi algo impoñente, Castelao iba cuberto c-a bandeira de Galiza e le-

lao, sigñifica recoñecer a súa persoalidade coma guieiro das arelas galeguistas, e sigñifica unha afirmación crara e inconfundible do pensamento da sociedá que da ese paso.
De ahí que para o Centro Betanzos este feito teña unha outa sigñificación i-un valor trascendental, pois con elo afirmamos a nosa posición galeguista, e por ende autonomista, i-o compromiso de loitar pol-a diñificación de Galicia e pol-o conquerimento das súas liberdades, proclamando ao Dr. Alfonso R. Castelao a figura máixima de Galicia, pois ao nomealo noso Presidente, facémolo recoñecendo n-él ó xenuino representante de Galicia, e coma tal de feito e por propio direito, Presidente de todol-os galegos (...)



Membros da Comisión Directiva do Centro Betanzos facendo garda de honor diante do busto de Castelao no seu primeiro cabodano. De esquerda a dereita, Vicente Campos, E. Vaamonde, Domingo Maza (autor do busto), Antón Suárez Dopazo, Ricardo Flores, Santiago Gasalla, Ricardo López e José Daporta.

O rianxeiro agradeceu a distinción visiblemente emocioado e pasou a facer —ao dicer do boletín societario— "*unha brillante disertación en col da historia da nosa cibdade natal*". Tamén o boletín A Nosa Terra, órgano da Irmandade Galega, louvaba o discurso de Castelao que "*foi un extraordinario aporte á difusión da hestoria de Betanzos, e unha peza oratoria do máis outo valor, que puxo de manifesto os grandes coñecimentos de Castelao da hestoria de Galiza, pois ante os ollos dos betanceiros presentes desfilaron coma n-unha pantalla imaxinaria, maxistralmente debuxada por Castelao, todo o pasado do seu povo tan rico en hestoria e de tan antergas tradicións*".

Certamente, é unha mágoa para Betanzos e para Galiza que non se conserve (polo menos non é coñecido) o texto deste discurso de Castelao.

Dedicación dun busto a Castelao

Como é sabido, Castelao morreu no exilio arxentino en 7 de xaneiro de 1950. Uns meses despois o Centro Betanzos participa nun funeral cívico en lembranza e homenaxe do guieiro difunto, ao tempo que comeza unha colecta entre os asociados coa finalidade de costear un busto do homenaxeado.

Precisamente a morte do rianxeiro ocasionou no Centro Betanzos un anoxoso incidente, zanxado pola directiva da entidade coa expulsión de cinco asociados "non polos ataques aos membros da mesma, senon polas ofensas á memoria do Presidente honorario do Centro Betanzos", é dicer a Castelao.

A propia directiva tirou unha folliña dirixida aos socios para explicar e xustificar a súa actuación diante de versións desvirtuadas que circulaban entre a colectividade. Nela aclárase o incidente xurdido na mañá do domingo 8 de xaneiro dese ano, en pleno verán austral, cando nunha festa campestre organizada polo Centro Betanzos, a directiva ordeou paralizar a música e o baile ao enteirarse da morte de Castelao, acaecida a noite anterior. A medida fora acordada con anterioridade pola directiva, en previsión do desenlace temido.

O propio presidente da entidade dirixeuse ao escaso e madrugador público —unhas trinta persoas, das que moitas non eran asociadas— para comunicar a mala nova do pasamento da "mais grande figura da Galiza contemporánea e a máis xenuina representación do espririto e sentimento patriótico galego". Se ben os asistentes á festa poderían continuar no Campo "Os Caneiros" de San Isidro —tal era o nome do lugar— e disfroitar das súas instalacións, o baile e a música ficarían suspendidos, reintegrándose o importe da entrada ao mesmo, pois "non se consideraba correcto que, no intre de atoparse a galeguidade en loito, nunha institución galega se estivera de festa, e moito menos na nosa da cal Castelao era Presidente honorario". Mais un pequeno grupo de persoas non somente recibiu con disgosto a supresión do baile senon que se revoltou violenta e airadamente contra a resolución directiva insultando aos seus membros e á memoria do propio Castelao. A repercusión que debeu ter o vergoñante feito entre a colectidade betanceira e ainda entre os emigrantes galegos, xunto coas versións malintencionadas dos socios expulsados, moveu á directiva a publicar a folliña aclaratoria.

Ao cumplirse o primeiro cabodano do pasamento de Castelao "A Galiza de Bos Aires rende homenaxe ao seu inmorrente guieiro", como dicían os titulares de *A Nosa Terra* aló editada. Este órgano nacionalista destacaba especialmente o que tivera lugar o 6 de xaneiro no Centro Betanzos no que se descubriu con gran solemnidade o busto en bronce realizado polo artista compostelano Domingo Maza. O completo acto contou cun concerto da coral Os Rumorosos, dirixida polo betanceiro Carlos López, unhas verbas do presidente Suárez do Pazo, unha ofrenda floral das rapazas da Sociedade de Rianxo, o recitado do poema que Cabanillas adicou a Castelao na súa morte, a cargo de Xosefina García, unha intervención do presidente da Asociación de Oza dos Ríos, Manuel Vaamonde, en nome das sociedades betanceiras, un discurso de Rodolfo Prada, presidente da Irmandade Galega, pechando o acto Antón Alonso Ríos, secretario do Consello de Galiza.

O Centro Betanzos sacou un número do seu boletín dedicado a esta efeméride. Na portada do boletín reproducíase a fotografía do busto e nas páxinas interiores publicábase a nómina de donantes da costación pro-busto ao tempo que se daba noticia escrita e gráfica da colocación do mesmo en lugar destacado do centro social. Como é público e coñecido, este mesmo busto atópase actualmente en Betanzos, xa que foi doando polo Centro Betanzos ao concello e hoxe podemos velo no Museo das Mariñas entre a bandeira da República e a da Irmandade da Fala. A celebración do funeral cívico que se celebrara en maio de 1950 ocupaba tamén parte do espacio, ainda que a maioría estaba dedicado a lembrar a relación do homenaxeado coa entidade betanceira. Así, unha fotografía de Castelao con representantes das directivas das Sociedades de emigrantes do Partido Xudicial de Betanzos (Centro Betanzos, Unidos de Sada, Casa de Coirós, Hijos de Ois, Oza dos Ríos e Residentes de Cesuras) datada no ano 1947, reproducíase de forma destacada. Un artigo do presidente do Centro Betanzos, Antón Suárez do Pazo, en tono galeguista afirmaba, lembrando unha conversa con Castelao, que a Galiza ideal era a Galiza da emigración en contraposición á Galiza asoballada polo centralismo e a ditadura franquista: "... cada galego que emprende o camiño da emigración é unha concencia que se está salvando para a Galiza do porvir". Paro eso as sociedades de emigrantes debían ser unha especie de escolas de galeguidade e democracia para reeducar as conciencias dos nosos emigrantes.

Outro documento interesante publicado no mesmo número extraordinario do boletín é a copia da carta enviada a Castelao pola directiva do Centro Betanzos notificándolle o acordo unánime de nomealo Presidente Honorario e unha copia da carta de Castelao comunicando a aceptación do nomeamento. A reproducción das dúas cartas era titulada deste xeito polo

propio boletín: "Documentos Hestóricos na vida do Centro Betanzos".

O busto de Castelao atópase actualmente e dende 1983 no Museo das Mariñas en Betanzos doado ao Concello polo entidade emigrante. Lembremos que coa chegada da democracia a España e coa constitución da corporación municipal democrática o Centro Betanzos tivo a idea de doarlle o busto ao Concello para formar parte dun monumento que se colocaría nunha praza da cidade.



Comisión Directiva 1960-61. Sentados: Antonio Alonso, Agustín Freire, Luis Picado(presidente), Óscar Dans e José García. De pé: Ángel Lagos, Andrés Beade, Ángel García, Mario Taboada, Manuel Noguerosa, Luis Fariña (fillo) e Joaquín Migal.

> En el pleno de la corporación realizado el 25 de marzo último, el teniente alcalde Ricardo García Gondell [non se di que era o portavoz do PCG] propuso que a dicha plaza [refírese á da Constitución], que actualmente se designa del General Franco, se le adjudicara el nombre de PLAZA CASTELAO y se instalase allí el busto del insigne patriota gallego que el Centro Betanzos había donado para levantarle un monumento en una plaza o calle betanceira. Los concejales de UCD se opusieron tanto a la propuesta de García Gondell como a la del portavoz del PSOE, teniente alcalde Antolín Sánchez Presedo, quien por su parte solicitó que fuese instalado en la Plaza de Santa María a la que sugirió designar PLAZA DE GALICIA, tomando en cuenta su ubicación en un lugar tan típico y monumental de la ciudad. La actitud recalcitrante de la mayoría municipal de UCD dio origen a que las autoridades del Centro Betanzos decidieran suspender el envío del busto de Castelao hasta que se creen las condiciones favorables en la actividad política betanceira.

No interior do boletín, páxina 3, Andrés Beade Dopico (que era o seu director) asina un duro artigo redundando no tema: "Ni calle, ni plaza..., ni busto. La U.C.D. de Betanzos contra Castelao". Lembra como se desenvolveu a proposta e como foi rexeitada pola maioría Ucedista, ao tempo que a mesma maioría resolvía designar co nome de Castelao á vella biblioteca municipal, que "vegeta en un edificio sumamente deteriorado y está huérfana de todo apoyo económico y de promoción cultural.", e colocar dentro dela o busto de Castelao. Un busto que "continuará en el ´exilio´en Buenos Aires, en las honrosas instalaciones del Centro Betanzos, hasta que las circunstancias cambien."[18]

O 50 ANIVERSARIO

En agosto de 1955 celebrou o Betanzos os actos conmemorativos do 50 aniversario da súa fundación, celebrando ao tempo as tradicionais festas do San Roque. Era presidente nese momento José Luis Fariña e Vicente Campos Barral o secretario xeral. Os actos conmemorativos son ben expresivos do compromiso do Centro Betanzos: conferencia do escritor e poeta

18 *Betanzos*, vocero del Centro Betanzos, nº 69, agosto de 1980. Curiosamente, no mesmo boletín, a denuncia do rexeitamento municipal para o busto Castelao compartía portada coa noticia do vóo Bos Aires-A Coruña realizado polo betanceiro José Viqueira no seu avión particular, viaxe na que estaba previsto trasladar o busto de Castelao.



Comisión Directiva no 1979, na que xa vemos mulleres. De pé: Andrés Beade, Ricardo López, Manuel Vales, Josefa Rodríguez, Pepita Fuentes, Julio Méndez e Fernando Méndez. Sentados: Fernando Suárez, Modesto Viqueira, Enrique Sóñora (presidente), Osvaldo Dans e José Otero Naveira.



Homenaxe anual do Centro Betanzos a Castelao e Rosalía no anfiteatro do Centro Galego. 6 de agosto de 1983.

arxentino Víctor Luis Molinari presentado por Rodolfo Prada, banquete de confraternidade (cun menú a base de caldo galego, empanada de bacallau e polo con ensalada); ofrenda floral aos socios falecidos no panteón do Centro Galego na Chacarita a cargo de Antón Suárez do Pazo; acto cívico na sede social de homenaxe e recordación aos mártires betanceiros "caídos en defensa de nuestras libertades, sacrificados por la tiranía franquista"; homenaxe á Nación arxentina con interpretacións dos himnos arxentino e galego con conferencia do escritor arxentino Manuel Agromayor presentado por Rodolfo Prada; por último, unha velada artístico-danzante. Esta contaba cunha primeira parte con representación da obra teatral "Un ovo de duas xemas", do sadense Ricardo Flores, a cargo do cadro escénico do Centro Coruñés (no que tiña parte un mozo Xosé Neira Vilas), e interpretacións de folclore galego con gaiteiros, parellas de baile e o conxunto da Danza dos mariñeiros do Centro Betanzos. E unha segunda parte coa actuación das orquestras Típica Ricardo Garcés e Miami Jazz. Como curiosidade diremos que o prezo das entradas para as mulleres, tanto socias como invitadas, era ostensiblemente inferior ao dos homes. Quizá fose unha estratexia para asegurar o éxito da velada por vía da presencia feminina.



Ofrenda floral diante da placa dos «Mártires betanceiros», realizada polos directivos Osvaldo Dans Varela, á esquerda, e Francisco Moreno Vilariño (popularmente coñecido como «O Fusilado» ó formar parte dun grupo de «paseados», quedando ferido cando o deran por morto).

CELEBRACIÓNS PATRIÓTICAS

Conxuntamente con unhas entidades (Comisión Pro-Relacións de sociedades do partido de Betanzos) ou con outras (Comisión Intersocietaria) o Betanzos vai contribuir á organización dunha chea de celebracións patrióticas galegas: o Día de Galiza, aniversario do Estatuto Galego, Día dos Mártires Galegos, aniversario de Pardo de Cela, aniversario dos Mártires de Carral, homenaxe a Antolín Faraldo e homenaxe aos Mártires betanceiros. A partir da morte de Castelao en 1950 tamén compre engadir o cabodano do seu falecemento. Son datas clave para a memoria histórica do país e a defensa das liberdades do pobo galego.

Unha Comisión Pro-Relacións entre as sociedades do Partido de Betanzos conmemora aos Mártires da Revolución galega de 1846 ou Mártires de Carral no 105 aniversario. *A Nosa Terra* dedicarialle ao acto dobre páxina con estractos das intervencións de Ramón Rey Baltar e Alonso Ríos, presentados por Suárez do Pazo. Ao acto, celebrado no casal do Betanzos adherironse unha chea de entidades galegas.

Tamén o Día de Galiza era conmemorado todos os anos polas entidades que formaban a Comisión. Estas eran, ademais do Betanzos, Oza dos Ríos, Casa de Coirós, Unidos de Sada, Hijos de Ois e Residentes de Cesuras.





CONMEMORACIÓN DA INDEPENDENCIA ARXENTINA

Outra conmemoración que a colectividade betanceira celebrará de xeito especial é a da Independencia Arxentina. Velaí a consigna aos socios na revista de 1947: "Educa a tus hijos en el amor de su Patria Argentina, y el respeto a la tuya Galicia".

En 1955, con motivo dos actos conmemorativos do 50º aniversario da entidade, realízase na sede social un "Homenaje a la Nación Argentina", consistente na interpretación dos "Himnos nacionales Argentino y Gallego" e unha conferencia do escritor e xornalista arxentino Manuel Agromayor sobre "Raíces gallegas en la historia argentina".

En 1960, con motivo do 150º aniversario da Revolución de Maio dedican un enfervorizado editorial "¡Al gran pueblo argentino, salud!". Fálase dos actos que tiveron lugar o 25 de maio e nos que estivo presente a colectividade galega conmemorando o Sesquicentenario da independencia arxentina. Manifestacións multitudinarias e ofrendas florais ao pé do histórico Cabildo tiveron lugar para conmemorar a efemérides:

> La colectividad gallega en la República Argentina unida por lazos indestructibles de consanguinidad y afanes comunes con el gran pueblo argentino, no podía estar ausente en estas manifestaciones de júbilo (...) A esta adhesión de dimensiones espirituales incalculables se asoció el Centro Betanzos con cuerpo y alma. Al frente de la marcha cívica, confundido entre la policromía de múltiples banderas argentinas, gallegas, republicanas y estandartes y guirnaldas adornadas de blasones y



Catro expresidentes do Centro Betanzos co alcalde Manuel Lagares (no medio) no acto do 93º aniversario: Osvaldo Dans, Antonio Suárez, José Luis Rifón e Andrés Beade.

> escudos representativos de las distintas comarcas gallegas, se enarbolaba señero el estandarte de Betanzos, flanqueado por decenas y decenas de betanceros que marchaban enardecidos por el fervor ciudadano, en comunión de sentimientos democráticos (...) Nuestro portaestandarte fue un argentino. La bandera argentina la enarbolaba un betancero. Esta hermandad de sentimientos y de esperanzas son el más grande tributo que puede rendir el Centro Betanzos en Buenos Aires al pueblo y a la nación de San Martín y Rivadavia.
>
> *Betanzos*, revista del Centro Betanzos, nº 47, decembro de 1960.

MEMBRO DA FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS

A Federación de Sociedades Galegas de Bos Aires creouse no ano 1921 chegando a reunir un bo número das sociedades galegas existentes na capital arxentina, se ben ao longo dos seus avatares históricos foi perdendo algunhas. O galeguismo, o republicanismo e a democracia foron os seus peares ideolóxicos. Nas eleccións constituintes de1931 enviara dous representantes que foron eleitos deputados das Cortes españolas e nas eleccións de 1936 apoiara a candidatura da Frente Popular. Editou un periódico e contaba con amplas instalacións na rúa Chacabuco e o "Recreo Alborada" en Punta Chica a 22 quilómetros da capital, que usufrutuaban as entidades federadas.

O Centro Betanzos ingresará na Federación de Sociedades Galegas tardiamente, cara o ano 1962. Na Federación cada sociedade tiña autonomía plena e a representación estaba en función da masa social de cada entidade. Andrés Beade, en representación do Betanzos, desempeñou diversos cargos: secretario de prensa, secretario de relacións, secretario xeral e tamén a dirección durante dous anos do periódico *Galicia*, cando a deixa Arturo Cuadrado.

Na actualidade, as relacións do Centro Betanzos coa actual directiva da Federación pasan por un momento de desencontro, sendo desexable acaden unha situación de entendemento en ben dos intereses da colectividade.

NOVA SEDE SOCIAL

Con axuda do concello de Betanzos, que financiou o 50% da compra e pasou a ser o seu propietario, a sociedade mercou e reformou un edificio na rúa Venezuela nº 1534/36. Dende anos atrás o Centro viña recadando fondos para esa finalidade, que completou con axudas

institucionais. O 24 de maio de 1990 tivo lugar o acto oficial da inauguración da nova sede social, con asistencia do alcalde de Betanzos Manuel Lagares.

A sede, moi próxima á anterior, é un edificio de tres plantas que acolle na primeira unha cafetería e restaurante e nas outras as dependencias propias do Centro.



ACTUALIDADE

Na actualidade, o colectivo integra a casi medio millar de betanceiros ou descendentes. Beatriz Lagoa Veiga, que estivo en Betanzos en compañía da súa nai a finais do pasado 2004, ocupa a presidencia dende hai nove anos. *"Soy argentina porque nací a los seis días de llegar mi madre a Buenos Aires, pero me siento una brigantina más"*, declaraba a *El Ideal Gallego* o 6-XI-2004.

Aínda contando con perto dos cincocentos socios, o decaemento do Centro Betanzos (e doutras entidades da emigración) foi visíbel ao longo das últimas décadas. Hoxe xa case teñen máis peso na masa social os nacidos na Arxentina que os betanceiros de nacemento. Por iso a sociedade (como anunciaba na súa páxina web) vense preparando para unha reconversión sen perder as raíces:

> A partir de 2004, anticipando lo que sera su centenario, el Centro Betanzos se convertira en un verdadero centro cultural que abarque las diferentes expresiones artisticas. A las ya comentadas del coro, folclore, musica y edicion de libros, se agregan exposiciones a cargo de prestigiosos artistas plasticos; un taller de cine documental; un cineclub que proyectara peliculas con tematica social referente a España y Galicia; dos talleres de teatro, uno infantil y otro para adultos; y un ciclo de conferencias mensual que desarrollara diversos temas.
> La Asociacion Centro Betanzos de Buenos Aires (...) sigue con las puertas abiertas para todos los gallegos y no gallegos que quieran mejorar el futuro, manteniendo viva la presencia de Betanzos y de Galicia en la Ciudad de Buenos Aires.

Coincidindo coa conmemoración do centenario celebraronse xa diversos actos conmemorativos. Así, no pasado 23 de abril o deputado Norberto La Porta descubría unha praca que declara Sitio de Interés Cultural á Asociación Centro Betanzos pola Lexislatura da Cidade Autónoma de Bos Aires polo seu aporte ás culturas galega e arxentina. Este acto que contou coa actuación do grupo Xeito Novo deu inicio ás actividades que a entidade organizará para festexar o centenario.

Tamén no pasado maio, coincidindo coa celebración das Letras Galegas, o Arquivo municipal de Betanzos organizou unha exposición documental relacionada co Centro Betanzos e a emigración á Argentina que serviu para acercar aos betanceiros de acó a traxectoria e realidade histórica dos betanceiros de alén mar, un colectivo emigrante que conta xa con cen anos de vida.


DATOS NUMÉRICOS DE ASOCIADOS

Nos primeiros anos a totalidade dos asociados eran betanceiros ou da bisbarra de Betanzos. Parece que o número de socios fundacionais foi de 62. Máis das primeiras décadas carecemos de datos numéricos. Haberá que agardar ata 1956, que foi o ano de maior número de asociados, con máis de mil.

ANO	Nº SOCIOS
1905	62
1906	171
1956	1024
1975	870
1982	820
1988	720
1989	650
1998	524
2004	500
2005	481

Co paso dos anos vaise incrementando o peso dos descendentes directos xa nacidos na Arxentina. A partir da década dos oitenta do pasado século produciuse un constante decrecemento no número de socios, debido ás repatriacións que se produciron dende eses anos, motivadas pola depauperada situación económica arxentina e á desaparición física dunha masa social cada vez máis envellecida.

Na actualidade, a masa social reduciuse a 481 e máis da metade xa eran nados na Arxentina. Todo parece indicar que a desaparición da emigración ao país austral conlevará finalmente a desparición do Centro Betanzos. Mentres tanto a entidade conmemora o seu centenario e mantense como un fidel embaixador e divulgador de Betanzos e da cultura galega na capital arxentina.



Ubicacións das sedes das colectividades betanceiras en Bos Aires
1. Rúa Méjico, 1660. Sede do Centro Cultural Betanzos e Centro Betanzos (1933-1990)
2. Rúa Venezuela, 1534/36. Sede do Centro Betanzos dende 1990.
3. Rúa Victoria, 700. Sede inicial de Hijos de Betanzos, 1905.
4. Rúa Lima, 733. Sede do Centro Social Betanzos nos anos trinta.
5. Rúa Bolívar, 173. Sede de Hijos de Betanzos, 1910.

ALGÚNS PERSOEIROS DO CENTRO BETANZOS E DA COLECTIVIDADE BETANCEIRA

LUIS LÓPEZ PÁEZ

Primeiro presidente da Sociedad Hijos de Betanzos. Outros irmáns seus tamén pertencían á sociedade: Vicente e Raimundo. Parece que traballaba como comercial, empregado da casa Sangrador, González y Cia., vencellada aos García Naveira, que o enviou algunha vez en viaxe de negocios a Europa. En 1911 a revista *Las Mariñas* daba noticia da súa voda con Emilia L. Sangenis. No 1918 é un dos fundadores da primeira Casa de Galicia (produto da fusión de catro sociedades galegas), da que foi o primeiro presidente e que tiña un ideario rexionalista e autonomista. Os fins orixinarios desta entidade foron desvirtuándose co tempo, chegando o seu local a convertirse en sala de xogos de azar, o que motivou o abandono de moitos fundadores, entre eles Luis, que pasaron a fundar outra entidade co nome de Hogar Gallego, a fins de 1924, da que nomearon presidente outravolta a López Páez. Pódese dicir pois que era un personaxe destinado a presidir toda canta entidade pola que pasaba.

CELSO MIGAL

Betanzos, 1878-Bos Aires, 1956. Chegara a Arxentina por 1905 e foi membro fundador do Centro Betanzos. Ocupou tamén diversos cargos no Centro Gallego. Na súa morte a revista Galicia do Centro Galego, Galicia, dedicoulle unha necrolóxica con foto (nº 490, xullo-agosto 1956). Por ela sabemos que comezara traballando de carpinteiro para, posteriormente, fundar unha sociedade de carpintería mecánica "que es en la actualidad una de las más importantes de esta industria en esta ciudad".

JOSÉ MARÍA FERREÑO SÁNCHEZ

Betanzos, 1906-Bos Aires, 1956. Era da Infesta. Marchou de neno coa familia criándose na Arxentina dende a infancia. Estivo vencellado a entidades deportivas e culturais arxentinas. Así no seu pasamento, ademais das entidades galegas, fixeron uso da palabra representantes da Agrupación Círculo River Plate, Club Atlético River Plate e Asociación Cultural Elena Larocque. Era xerente dunha fábrica de papel que pertencera ao seu sogro, un chinés. Casara coa filla deste, a doutora Isabel Cheong e tiveron un fillo odontólogo, Dr. Ferreño, que herdara os rasgos da nai. Para moitos galegos resultaba chocante acudir á consulta dun Dr. Ferreño e atoparse cun chinés que falaba galego. Na necrolóxica que lle dedicou no seu órgano social afirmábase que o Centro Gallego "pierde un elemento rector de primer orden" coa desaparición de José María Ferreño. Foi membro do Centro Betanzos, aínda que foi un destacado dirixente do Centro Gallego. Otero Pedrayo, que o coñeceu en Bos Aires, dedicoulle no seu libro "Por os vieiros da saudade" unha páxina amistosa e cordial, así como un artigo que viu a luz no *Anuario Brigantino* de 1949 co título "Un bon betanceiro", no que tamén fai alusión á súa dona. Neste aparece co segundo apelido Buxía en troques de Sánchez . Finou en Bos Aires aos cincoenta anos.

MANUEL VÍA GOLPE

Propietario da cadea de comercio Cervantes, comercializaban a marca Brigo. Debeu chegar a Bos Aires canda o seu irmán Xesús. En 1911 xa era directivo de "Hijos de Betanzos". Con motivo da súa viaxe a Betanzos en 1931 e como portador dunha misión oficial do Centro Social para unha comisión Pro-monumento García Hermanos, este organizou un "banquete y reunión danzante" na súa honra.

XESÚS VÍA GOLPE

Chegou a Bos Aires no 1904, dedicándose ao comercio. Ocupou diversos cargos no Centro Betanzos e tamén no Centro Gallego: vocal (1930-31); bibliotecario (1931-32), secretario (1932-33) e membro do Consello de Apelación (1947-49). No 1949 representou ao Centro Galego na homenaxe da colectividade emigrante a Rosalía, realizando un discurso en galego. Finou en 1952.

ANTÓN SUÁREZ DO PAZO

Naceu en Betanzos en 1922. Saíu de Betanzos con dezaoito anos (el di con quince nun artigo). Era dependente do comercio de Lousa. En Bos Aires tamén traballou no comercio co seu tío Juan Suárez, ao que sucedeu nos negocios. Posteriormente asociouse con Xosé Abraira. Foi secretario do Centro Betanzos no 1948 e presidente no 1951. A súa xestión no asunto duns terreos sociais expropiadas con motivo da construcción da autopista iberoamericana foi obxecto

posteriormente dunha crúa polémica, con ataques persoais polo medio, que dividiu durante un tempo aos asociados en pro e anti Suárez do Pazo, culminando coa marcha deste da sociedade.

En 1949 casa con Margarida Suárez. Da súa voda, celebrada nos salóns do Betanzos, fíxose eco *A Nosa Terra* e a ela asistiron cabezoleiros da Irmandade Galega e Castelao, indisposto, enviou unha salutación especial. (ANT, nº 468, maio 1949).

Convertido ao galeguismo en América, logo dunha etapa xuvenil falanxista, militou na Irmandade Galega, trasunto do Partido Galeguista. En 1969 é suspendido como afiliado da Irmandade Galega por "*manifesta colaboración coas agrupacións antigalegas e de siño franquista a carón do Goberno do Centro Galego*", segundo o seu voceiro (ANT, nº 510, xaneiro 1969). Parece que a razón foi apoiar á agrupación Galicia ás eleccións do Centro Galego, mentres que a Irmandade Galega apoiaba oficialmente á agrupación Celta.

> Cándido Rey, Antón Rodiño, Cándido Gonzales e Antón Suárez Dopazo tamén sobresaíron como dirixentes do meirande releve no goberno e no quefacer das nosas sociedades e círculos comunitarios, aparecendo en toda emposta que se terciara na vangarda da loita ceibadora. (...) Da mesma maneira que o derradeiro Suárez Dopazo que se constituiu nun dos principais persoeiros do Centro Betanzos. Pero non somente no seo de tais entidades cumpliron a súa xeira, senón na Comisión Intersocietaria de Entidades Galegas na que en todo intre se fixeron notar entre os seus principais loitadores, o mesmo que no quefacer das agrupacións pro Centro Galego e na súa Comisión de Cultura na que tamén sobresaíron como algúns dos máis barudos compoñentes do seu costal anovador que fixo trocar a liza de estreitas limitacións que sempre a tiñan acarisado.
>
> Bieito Cupeiro: *A Galiza de Alén Mar*. Edicións do Castro, 1989, páx. 230.

JOSÉ VIQUEIRA

Marchou de Betanzos con 18 anos para traballar cun tío que tiña un comercio téxtil. Na época peronista debido á inflación e á crise interior no sector, realizou importantes negocios coas grandes existencias en almacén que tiña o seu tío, abrindo posteriormente unha cadea de tendas de roupa, Tiendas Santa Rosa, que chegou a ter sucursais en todas as capitais de provincia e tiña a casa central na rúa Irigoyen (Praza do Congreso), coa particularidade de que a maioría dos empregados eran betanceiros. Acadou unha gran fortuna, sendo dono dun avión privado co que visitaba as súas propiedades polo país, facendo mesmo unha viaxe a Europa en 1980.

Era socio (xa era o seu tío) do Centro Betanzos, participando da súa vidal social, exercendo mesmo de vocal en 1947-1948, asistindo ás súas festas, poñendo publicidade no órgano do Betanzos cun gran anuncio dunha páxina da súa cadea de tendas ou financiando publicacións como a conferencia de Prada sobre Antolín Faraldo. Faleceu en 1986 co seu pequeno "imperio" téxtil desfeito e na ruína.

PEDRO C. ROMERO

Músico de Rianxo, parente do autor da célebre peza *A Rianxeira*. Foi directivo do Centro Betanzos nalgunha ocasión, desempeñando a vicepresidencia en 1951-52 nunha etapa fondamente galeguista da entidade.

LUIS D. CABRERA

Propietario dunha imprenta onde se editou algunha vez a revista Betanzos. Foi directivo da entidade. A súa nai era betanceira.

ANDRÉS BEADE DOPICO

Naceu en Betanzos en 1926, fillo do dirixente agrario socialista, Alcalde e Deputado a Cortes Ramón Beade. En 1953 emigrou a Bos Aires permanecendo trinta anos ata 1983 en que regresou a Betanzos. Alí traballou de primeiras nunha estación de servizo e, posteriormente, de administrativo contable nunha empresa. Casou cunha betanceira emigrada, América Pérez, e tiveron dous fillos. No Centro Betanzos desempeñou varios cargos directivos, primeiro de vocal (con Luis Picado), de secretario (con Oscar Dans, Rifón e Enrique Sóñora de presidentes) e, finalmente, presidente. Tamén foi dirixente da Federación de Sociedades Gallegas e director do seu periódico *Galicia* durante dous anos. De volta a Betanzos foi concelleiro en varias lexislaturas polo PS de G-PSOE.

JOSÉ LUIS RIFÓN

Naceu en Betanzos en 1933. Marchou cos pais de neno para Bos Aires, cidade onde exerceu como

A panorámica está tomada desde un punto de vista moi alto, case vemos as derradeiras casas de Betanzos a vista de paxaro. Resulta curioso que o outeiro do primeiro plano quedara escurecido, mentras que a fondura recibe máis luz, toda a que traspasa un craro entre as nubes rachadas do ceo. Este procedemento xoga co modo máis habitual de compoñer, que consiste en ir escurecendo gradualmente os planos cara ó fondo, aquí o segundo plano é máis luminoso, e conta cunha pincelada máis colorista e detallista. O espectador síntese inmediatamente atraído á contemplación do arrabalde.



«En la iglesia» (1935). Acuarela y carboncillo sobre papel. 47x60 cm. Deputación Provincial da Coruña.



«Soportales de la Fuente de Unta» (ca. 1933). Acuarela sobre papel. Colección Francisco Vales-Villamarín Vía. A Coruña.

Unha pequena obra de paisaxe que amosa unha completa mestría no dominio da técnica impresionista, fundamental nos seus primeiros anos, titúlase: "*A porta da casa de Esperanciña*", datada en 1918, é propiedade particular da Sra. Mateo de Arenaza, da Real Academia de Belas Artes do Rosario, e representa o portal dunha finca en San Pedro de Nós, Oleiros, do que asoman tras del varios eucaliptos, que lle serven para xogar con diversas tonalidades entre azuladas e violáceas.

IV. O ESTILO DE MADUREZ DE SEIJO RUBIO. A TÉCNICA POSTIMPRESIONISTA

Nos seus apuntes traballa dun xeito sumario, delimita con trazo groso e firme os contornos, e as sombras non pasan de ser simples raiados no papel... Procede con espontaneidade e seguridade en sí mesmo, e non fai correccións.

Seijo Rubio foi un excelente acuarelista, empleou con preferencia a técnica húmida. É decir, pintaba sobre unha superficie previamente humedecida, de maneira que a cor se misturaba no propio papel de maneira espontánea, por ósmose. O pintor debía proceder con rapidez e soltura coa pincelada, controlando a difusión da mancha de cor. O branco o proporciona aquí o propio papel, de debe ser reservado en zoas concretas. Importa a lixereza e transparencia da cor. O debuxo debe ser esvozado con líneas sumarias, e pouco marcadas, porque doutro xeito, resaltarían de maneira evidente sobre a cor. Seijo Rubio dedicou cada vez máis tempo a esta tecnica na súa vellez.

O Concello de Betanzos posúe dúas acuarelas de Seijo Rubio. A primeira data de 1950 e ten por título "*Rúa de Betanzos*", amosando o fondo dunha longa perspectiva na que se recortan as torres

da igrexa de San Francisco. Está realizada con técnica húmida. Respecto a composición, compre reparar na pequena figura dunha señora en primeiro plano, que se volve para introducirnos na escea.

A outra titulada "*Betazos*", asinada en 1952, con técnica mixta, empregando plumilla para perfilar e acuarela, mostra o ábside e torre da Igrexa de Santiago, cos soportais do pazo gótico veciño introducindo a perspectiva. Pola rúa aparece unha muller vestida con roupas tradicionais, introducindo unha nota de cor popular. E salientable o moderno do enfoque, que parece casual, como tomado dunha instantanea fotográfica, o soportal que encadra a estampa aparece cortado polo borde superior do papel.



«La Marisma» (1926). Terceira medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes (cadro desaparecido ou destruido). Representa a Ría de Betanzos na baixamar.

Na pintura ó oleo realiza un debuxo de contorno claro, seguro, irreprochable, esta maneira de proceder ven da Escola Vasca, como xa dixemos. Comparar coñecidos óleos de Seijo Rubio como "*Pazo de Beiramar*", "*Remanso*", "*Pinares*" cos paisaxes que forman os fondos de "*Gregorio de Sepúlveda*" de 1908, ou co "*Paisaxe de Alquezar*", cadro firmado por Ignacio Zuloaga en 1916, demostran canto lle debía Seijo Rubio no aspecto técnico e tamén no ideolóxico compre decilo. Nos anos en que se axuntaban as Irmandades da Fala triunfaban os pintores vascos, e o país descubría que a arte da pintura non era patrimonio exclusivo das xentes do Sur, casteláns, andaluces ou levantinos, e Villar Ponte no seu prólogo a "*Del Arte Gallego. La Exposición Regional de 1917*", disertaba sobre a relación entre os conceptos de "*raza*" e "pintura" tan importantes no xénero costumista daquel tempo.

Respecto a cor, Seijo Rubio usa intensidades cromáticas moi vivas, as veces excesivamente contrastadas ou ácedas. Máis a miudo foi criticado polos seus desacertos no usa da cor que polo seu debuxo.. Ademáis o fin dos seus anos se percibe un progresivo deterioro que é paralelo o propio deterioro físico do pintor na súa vellez.

Seijo Rubio chegou a dominar tamén a técnica dos luministas valenciáns, como demostran cadros como "*Rúa de Damas*", unha perspectiva tomada desde a coruñesa Praza de Ázcarraga sobre esa rúa da Cidade Vella, ou *Praza da Leña*, onde fai unha estampa popular de Pontevedra. O cadro máis logrado dentro de esta técnica é, sen dúbida "*Baño de luz*"de 1923[17] , onde representa os nenos escrofulosos que toman o sol nun pavillón do antigo sanatorio de Oza, preto da Coruña. É o mesmo tema que trata Sorolla en "*Chicos en la playa*", que a dicir de don Miguel de Unamuno, representaba nenos enfermos tomando baños de mar. Mais, en opinión do profesor Xosé Manuel López Vázquez[18] , aínda nestes cadros sabe Seijo Rubio impoñer o seu estilo persoal sobre esta tendencia, afirmando o modelado dos obxectos, non permitindo que a luz os aplanara, dándolles "corporeidade". No caso dos seus nenos en "*Baño de luz*", nunca perde a liña de contorno nas súas figuras.

No caso das súas rías, podemos observar a mesma cualidade, que os diferencia dos seus contemporáneos da xeración anterior. Lloréns difumina o contorno dos obxectos cara ó fondo cunha especie de néboa, fronte á que contrastan os obxectos do primeiro plano, claramente iluminados, pero aplanados, contra ese fondo difuso do que non parecen participar... En troques, Seijo Rubio resalta con rotundidade cada un dos obxectos que habitan as súas rías. A afirmación común de que Seijo Rubio o parendeu todo de Lloréns, é falsa, como podemos ver seguindo a súa biografía. Realizou a súa aprendizaxe á marxe deste pintor, e nunca houbo entre eles unha relación mestre-discípulo, aínda que sí de amizade.

Nas súas rías, Seijo Rubio toma un punto de vista moi alto, xeralmente desde a súa desembocadura, e contempla as voltas que o río fai no interior, serpenteando entre as areas, mentres ó fondo as montañas pechan o horizonte perfilándose contra un ceo nuboso. Estas nubes coas súas formas monumentais aínda fan parecer máis insignificantes ós homes e mulleres, pescadores e mariscadoras que habitan a ribeira das súas paisaxes.

Elixe, a cotío, días claros nos que a vista pode esculcar o panorama sen osbstáculos... casoupas, barcas deitadas na area e eucaliptos sobre os outeiros que prestan variedade de detalles á paisaxe, sempre animada por mulleres traballando, mariscando ou mesmo recollendo algas.

Xeralmente, con pequenos cambios, repite o modelo da "Marisma"[19], cadro que representaba a Ría de Betanzos e co que gañou unnha terceira medalla nacional en 1926. Lamentablemente, este cadro que decoraba a Embaixada Española en Berlín perdeuse cos bombardeos aliados na etapa final da II Guerra Mundial. Conservamos outros bos exemplos de esta temática como "*Baixamar*" de 1942, cadro que colga do Sporting Club Casino da Coruña, "*A Ría*" de 1945 que mostra o Museo Provincial de Lugo, ou "*Ría do Eume*" tamén chamado "*Baixamar*" de 1950 que garda o Concello de Pontedeume: son algunhas das súas mellores obras.



«Betanzos» (1952). Acuarela sobre papel. 30x22 cm. Concello de Betanzos.

Con todo, ás veces achégase a elementos concretos da paisaxe das Mariñas couñesas, como ocorre nas súas *"Casas de pescadores"*, de 1930, ou en *"Solpor na Ría da Pasaxe"*, de 1932, nas que pon a súa atención nunhas barcas deitadas sobre a area da praia e nos seus aparellos[20]. Ás veces é o portal dunha casa señorial, como en "*Pazo de Beiramar*"[21], que representa un lugar das Xubias, preto da Coruña, ou na vela vermella dunha dorna no medio dunha Ría, como é ocaso de "*Remanso*"[22].

Outras paisaxes poden ter como motivo principal unha capela, un cruceiro, unhas casas na montaña, etc., motivos da nosa arquitectura popular, pero sempre é o ambiente máis que a arquitectura o que lle interesa amosar. Moitas veces algunhas mulleres no adro dunha igrexa, poden compoñer unha escea pintoresca de baile ou de feira, pero sempre se trata de motivos secundarios. O que lle interesa ó pintor, repito, é o ambiente, como se ve no seu óleo *"Praza da Leña"*, por exemplo, ou no *"Mercado de Betanzos"* de 1926[23].

Con todo, os cadros de Seijo Rubio non sempre son luminosos e cheos de craridade, *"Tarde de choiva"*, cadro que pertence á Colección Caixa Vigo, é un notable exemplo de paisaxe de contornos difusos, pero cheo de belos resprandores prateados.

V. A ESTÉTICA FEMININA DA PAISAXE GALEGA

Seijo Rubio e a súa xeración comparten unha parecida estética da paisaxe galega, de orixe romántica. Moitas veces, os poetas e pintores do seu tempo refírense á nosa paisaxe como un mundo de formas curvas e brandas tinguidas sempre dun ambiente de profunda melancolía.

No seu discurso lido o 7 de outubro de 1926, no paraninfo do Instituto da Coruña, con motivo da súa distinción coa Orde Civil de Alfonso XII, don José afirmaba que:

> (...) Además, enamorado de Galicia, esta hermosa terriña, identificado como el que más con el alma meiga, que palpita lo mismo en el corazón de nuestras montañas, que en la agarimosa y suave femineidad de las plácidas mariñas, esta saudade que se respira y nos envuelve a todos, ha sido la que hizo despertar todas las excelencias del amor por el divino arte que encierran.

O amor á paisaxe galega dáballe folgos para seguir polo vieiro do seu ideal, a Arte, e insiste nesa caracterización desa temática do xeito do que falamos, lene, feminino e melancólico. A historia de este tópico de raíz literaria é moi longa.

A primeira definición da paisaxe galega como unha "*paisaxe feminina*" e mesmo "*pasiva*" procede da súa comparación coa paisaxe castelá, de formas rectas, aristadas, e por tanto *masculinas*. Esta caracterización dunha e doutra aparece xa claramente expresada por Giner de los Ríos, (o

creador da Institución Libre de Enseñanza), nun artigo pubricado en 1885, co título de "*Paisaje*". Giner comparaba a paisaxe castelá coas paisaxes do Norde, en especial co galego, para dar unha idea clara do seu valor superior, só apreciable polos homes de maior preparación intelectual e moral. Despreciaba a delicadeza e gracia da paisaxe galega, onde "*la belleza es femenina expresión de una actividad desplegada sin lucha en un ritmo tranquilo*" e máis ensalzaba a paisaxe castelá, onde "*asoma por doquier el esfuerzo indomable que intenta abrirse paso a través de obstáculos sin cuento; así como en un día y lugar se suceden con rapidez vertiginosa el hielo y el ardor de los trópicos, así también el sol deslumbra con un fulgor casi negro en el fondo de un cielo de puro azul, casi negro*", para concluir decindo: "*Es la nota varonil, masculina, que pudiera llamarse*". Giner definía a Castela como a "e*spina dorsal de España"*, as súas terras alentaban o espírito da Patria[24] .

A Xeración do 98 desenvolveu literariamente o tópico exposto por Giner. En Machado, Azorín e máis en Unamuno atopamos referencias similares. Antonio Machado, no seu poema "Orillas del Duero", exclama: "*Castilla varonil adusta tierra / Castilla del desdén contra la suerte* (...). Inspirados nas mesmas ideas os pintores formados na Institución Libre de Enseñanza, como Beruete, descubriron o valor da paisaxe castelá.

Xa no tempo do noso pintor o célebre médico compostelán Novoa Santos, pubricou un curioso artigo titulado "El sexo del paisaje", no *Eco de Santiago* en 1924, no que escribe:

> Creo que fue el maestro Unamuno quien dijo del paisaje de Galicia que era un "paisaje femenino". Curvas blandas, suaves los montes y altozanos; curvas que vistas recortadas sobre el fondo del cielo o dominadas desde lo alto dan la impresión de senos turgentes de mujer, de tonos graciosamente encorvados, de majas descansando sobre el musgo, cubiertas de yedra. Valles y cañadas que se hunden mansamente y que se adentran en el regazo de la tierra, como se recogen los pliegues y las curvas en líneas palpitantes de una mujer venustísima. Así, este paisaje es el reverso de aquel otro paisaje de prominencias resecas angulosas, rajadas a pico; de collados, pasos y simas profundas, sembradas de aristas vivas, de agujas graníticas que amenazan al cielo con sus púas. Líneas que sugieren un hombre, o el espinazo de un macho gigantesco y monstruoso emergiendo de la entraña de la Tierra. Si este paisaje es un paisaje masculino, el de Galicia es un paisaje femenino.
>
> Pero este es un concepto geomético del paisaje. Un paisaje tiene además, "su alma" y el alma del paisaje está en la emoción que nos sugiere. Los paisajes de líneas antropomorfas incitan a la meditación, y caminando sobre el filo de sus rocas o descansando sobre el más alto de sus picos, sentimos inquietud de lo Desconocido, el dolor de la vida y la terrible infinitud del Universo. En cambio la contemplación de uno de nuestros paisajes de Galicia, pleno de feminidad también nos arrastra en el flujo de la Admiración y el Ensueño, y nos guía, como la bien amada en cuyo pecho nos recogemos en el abandono de nosotros mismos. En todo momento podemos ver en nuestro paisaje la sonrisa pícara, dulce y liviana (liviana es decir sutilísima) de una hermosa mujer; y en el "otro" el gesto agrio y violento del varón que nos enseña a meditar y a trepar para la lucha. Nos sentimos amantes ante el primero, y en cambio nos sentimos pensadores y luchadores ante el segundo. (...)[25]

Para Novoa Santos, a paisaxe galega é unha paisaxe de formas femininas, pero ademais ten a súa alma, suxire emocións nas xentes que a habitan.

En troques Correa-Calderón discute estas ideas en "El arte racial de Suárez Couto", publicado en 1925 por Ronsel. Existe unha paisaxe feminina representada nos "aspectos más lindos de nuestras marinas", mais canda ela, na nosa terra se ergue outra paisaxe masculina representada polas ribeiras rocosas do Sil, os montes do Caurel, Burón ou dos Ancares. Pero con todo esto Correa-Calderon non fai senon afondar no tópico.

Tamén o poeta por excelencia das Irmandades da Fala, Ramón Cabanillas, fala no poema "Galicia" de Vento Mareiro da nosa terra representada como unha muller "Nai e señora / sempre agarimosa e forte (...)".

Se nos achegamos ó concepto da paisaxe galega que aparece nos libros de Wenceslao Fernández Flórez, íntimo de Seijo Rubio, podemos atopar as mesmas ideas: feminidade e melancolía. Na "*Procesión de los días"* podemos ler:

> Ni aún la belleza intensa del paisaje circunstanciaba -una ría de ensueño, los siempre verdes bosques de pinos- atenuaba aquella tristeza mansa y dulce, como de mujer en cautiverio, que invadía la ciudad; más bien la aumentaba con la melancolía de todos los paisajes gallegos[26].

Na plástica de Seijo Rubio, a feminidade da paisaxe exprésase nas rías sereas na baixamar, nos reflexos das súas augas represadas, nas súas mulleres que marisquean ou recollen algas, nos outeiros que as pechan cos seus perfiles redondeados, nos seus ceos que amontonan nubes algodonosas.

NOTAS

2 Non corrixo o apelido Seijo por Seixo, pese a ser de indubidable orixe galega, por respetar a forma na que o pintor o escribía, e sabendo ademais que se o puxera do xeito correcto, non sería máis coñecido por todos.

3 Pódese comprobar esta data de nacemento na acta de matrimonio de don José Seijo Rubio, que se conserva no Libro de Rexistro da Igrexa de San Xurxo da Coruña, correspondente ó 15 de maio de 1907.

4 SEIJO RUBIO, José: "*Datos artísticos y profesión artística*" (dous pliegos escritos pola man do pintor) sen data, Real Academia de Belas Artes de Galicia, A Coruña.

5 Aínda que a forma otográfica correcta do seu apelido, de evidente orixe galega, é Seixo, preferín deixala tal como está, por ser a que el usou nos seus escritos, e ser ainda a mais popular para referirse ó pintor.

6 CASTELLS VILA, Mª del Rosario: "Don José Seijo Rubio y Betanzos", en *La Voz de Galicia*, 29 de abril de 1967.

7QUESADA, Emilio: "El hombre y su obra, Seijo Rubio, lleno de honores y distinciones exhibe en su tarjeta de visita un solo título, pintor" en *El Ideal Gallego*, 5 de xaneiro de 1964.

8 SEIJO RUBIO, J. en: "Contestación al Ilmo señor don José Seijo Rubio al discurso de ingreso en la Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario, del Ilmo. Señor don Eduardo Sanjurjo de Carricarte" en *Apuntes de la Vida y del Arte del Pintor Felipe Bello Piñeiro*. Moret, A Coruña, 1963.

9 Foi don Agustín Bonilla Seijo, xefe de telégrafos de Betanzos, e parente do pintor, quen lle propuxo a don Adolfo celebrar a exposición. Mais foi o mesmo Sánchez Díaz quen lla organizou. Agradezo ó seu fillo don Adolfo Sánchez Castro, que me dera tódolos detalles acerca deste particular.

10 Para unha definición desta Xeración, pode ser consultado o libro de Carmen Pena: "Pintura de la Generación del 98. Paisaje e ideología", editado por Taurus, Santillana, Madrid, 1982.

11 BELLO PIÑEIRO, F: "De arte. Exposición de pinturas de Seijo Rubio en La Coruña», en *El Correo Gallego*, Ferrol 24 de nadal de 1918.

12 Aparece reproducido no libro de Francisco Pablos: "Pintores Gallegos del Novecientos". Fundación Pedro Barrié . Ed. Atlántico. 1ª edición, nadal de 1981.

13 Esta obra encóntrase no Hospital Juan Canalejo da Coruña, ó que lle agradezo que mo teña mostrado.

14 Aparece tamén reproducido en "Pintores Gallegos del Novecientos".

15 Este cadro pertence á Real Academia de Belas Artes Nosa Sra, do Rosario, da Coruña, á que lle agradezo que mo teña amosado. Aparece reproducido en "Artistas Gallegos", pintores. Regionalismo II. Nova Galicia Edicións , Vigo, 1ªedicion, 1999. Este libro aporta un estudio da obra do pintor escrito por Josefina Cerviño.

16 Aparece reproducido en "Artistas Gallegos", Op. Cit.

17Este cadro pertence o Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña.

18LOPEZ VAZQUEZ, J. M.: en "*Enciclopedia temática de Galicia". Arte". "El Arte Contemporáneo"*. Ediciones Nauta, Barcelona, 1988. Páxinas 210-211.

19 Unha fotografía en branco e negro apareceu en *La Voz de Galicia* o 9 de xuño de 1926, o pintor gardou unha copia de esta fotografía, que hoxe garda a Real Academia de BBAA. Nosa Sra. do Rosario na Coruña.

20 O primeiro se expón na Real Academia Galega, na Rúa Tabernas da Coruña, o segundo no Museo de Belas Artes coruñés

21 Este cadro está exposto no Museo Quiñones de León de Vigo.

22 Este cadro, depósito do Museo de Pontevedra, se mostra no Instuto Sánchez Cantón de Pontevedra.

23 Este cadro foi sustraido do Consistorio de Betanzos en 1970. Unha fotografía en branco e negro de

este cadro apareceu publicada en Vida Gallega , o 30 de nadal de 1930.
24PENA, Mª del Carmen: "Pintura de paisaje e ideología". Taurus, Madrid. 1982.
25 NOVOA SANTOS: "*El sexo del paisaje*" en El Eco de Santiago, de 20 de xullo de 1924.
26 FERNÁNDEZ FLÓREZ, W.: "La procesión de los días" en Obras Completas, Aguilar, madrid, 1968, páx 26.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO, Alejandro, (1917): "Del arte gallego. Exposición Regional de 1917. (Bocetos de Crítica)". (Prólogo de Antonio Villar Ponte). ***La Voz de Galicia***. A Coruña, 1917.
CERVIÑO, Josefina (1999): "Artistas Gallegos", pintores. Regionalismos II. Nova Galicia Edicións, Vigo, 1ª edición.
CORREA-CALDERÓN (1925): "El arte racial de Suárez Couto. Notas de estética gallega". Editorial Ronsel. Lugo..
ECHEVERRÍA PAZOS, Rosa María (1986): "Wenceslao Fernández Flórez: su vida y su obra". Excma. Diputación Provincial de La Coruña, A Coruña.
ESTÉVEZ-ORTEGA, E. (1930): "Arte gallego". Editorial Lux. Barcelona.
FERNÁNDEZ FLÓREZ, Wenceslao (1968): "Obras completas", (tres tomos), Aguilar, Madrid, séptima edición.
FIGUEROA, Excelentísimo Señor Marqués de (e outros) (1920): "Exposición Seijo Rubio". Liceo Recreativo de Betanzos.
GONZÁLEZ CATOYRA, Alfonso (1994): "Cronología Coruñesa": 1901-1993. A Coruña.
ILARI JUNQUERA, Mª L. y PABLOS HOLGADO, F. (1995): Catálogo de la Colección de Arte Museo "Quiñones de León". Concello de Vigo, Vigo.
LIAÑO PEDREIRA, Mª. Dolores (1991): "Catálogo del Patrimonio Artístico de la Diputación de A Coruña, I Pintura y Escultura", volumen II, A Coruña.
LÓPEZ VÁZQUEZ, José Manuel B. (1988): "El arte contemporáneo" en *Enciclopedia temática de Galicia.* Ediciones Nauta. Barcelona, páx. 207-211.
LÓPEZ VÁZQUEZ, José Manuel B. (1985): "Los pintores del 16", en *Galicia Arte. Arte Contemporáneo*. Ediciones Hércules, A Coruña, páx. 211-228.
MARTÍNEZ VILANOVA, Fernando. (1988): "A pintura galega, (1850-1950). Escola, contextualización e modernidade". Edicións Xerais de Galicia. Colección "Universitaria". Vigo.
PABLOS, Francisco. (1981): "Pintores Gallegos del Novecientos". Fundación Pedro Barrié de la Maza. Editorial Atlántico. 1ª edición.
PENA, Mª del Carmen, (1998): "Pintura del Paisaje e ideología. La Generación del 98". Taurus Ediciones. Madrid.
RODRÍGUEZ YORDI, Julio (1954): "*La Peña y la peña*. Tertulia y teruliantes". Editorial Moret. A Coruña.
SEIJO RUBIO, J. y MARTÍNEZ MORÁS, F. (1909): "Diario". [Diario de viaxe dos comisionados de arqueoloxía da Exposición Rexional de 1909, na Provincia da Coruña, J. Seijo Rubio e F. Martínez Morás, (anotacións do 10 de abril ó 5 de xullo de 1909). Texto inédito manuscrito, propiedade de D. Felipe Senén López Gómez].
SEIJO RUBIO, JOSÉ. (1917): "Teoría y práctica del arte de escribir". 2ª edición. A Coruña.
SEIJO RUBIO, JOSÉ. (1963): "Contestación del Ilmo. señor don José Seijo Rubio al discurso de ingreso en la Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario, del Ilmo. señor don Eduardo Sanjurjo de Carricarte" en "Apuntes de la Vida y del Arte del Pintor Felipe Bello Piñeiro". Moret, A Coruña.
UNAMUNO, Miguel de. (1976): "En torno a las artes". Espasa-Calpe, Colección Austral, Madrid, páx. 58.
VVAA (1927): "Recuerdo del Homenaje al Ilmo. Sr. don José Seijo Rubio". A Coruña, Tipografía *El Ideal Gallego*.



Seijo Rubio y F. Morás en el dolmen de Dombate, tomando notas. Exposición Regional Gallega, de 1909.

Manuel Oliveira Guerra e a revista *Céltica* no camiño da irmandade galego-portuguesa

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario
Manuel de Oliveira Guerra e a revista *Céltica*
Abstract
Manuel de Oliveira Guerra and the important literary material of the *Céltica* publication

In memoriam de Manuel Oliveira Guerra no centenario do seu nacemento.
A María Virgínia Teles Guerra polo seu silencio militante.

Manuel de Oliveira Guerra, fillo do operario e posterior empresario vidreiro Augusto de Oliveira Guerra, naceu en 1905 en Oliveira de Azeméis. Padecendo a enfermidade de ósos coñecida como "Mal de Pott", aos 12 anos tivo que ser internado en Francelos no Sanatorio Marítimo do Norte onde pasou nove anos encamado, feito que marcaría toda a súa vida. Grazas a unha profesora que visitaba o sanatorio, acabou o 2º ano no Liceo de Aveiro, os seus únicos estudos oficiais. O afán de saber e o gusto pola lectura e pola escrita manifféstanse desde moi cedo e increméntanse na súa estadía no sanatorio, onde participa con colaboracións literarias no xornal *O Girassol*[1] e tamén en *O Correio de Azeméis*. Aos vinte anos saiu do sanatorio e ocupou un lugar de traballo na fábrica do pai. En 1928 casa; o matrimonio terá catro fillas en apenas cinco anos. Marcha de viaxe ao Brasil e, herdeiro dunha grande empresa, viuse no regreso sen traballo nin futuro ao vender o pai a parte da fábrica a un socio. Tras unha discusión foi desherdado, ficando só cun armecén de vidros situado na rúa Pinto Bessa.

Como literato cultivou o conto e a poesía. En 1932, con 25 anos, publicou o libro de poemas *Padre Nosso*, cun prefacio de Ramada Curto. A publicación orixinou unha forte polémica entre os periódicos *O Correio de Azeméis* e *Opinião* polo carácter anticlerical, e ocasionou sentimentos encontrados, de rexeitamento e de aceptación, por parte dos lectores e da crítica en xeral provocando que se esgotase en 15 días. A musa do autor é a mesma musa satírica de Guerra Junqueiro, de Curros Enríquez e de tantos outros poetas anticlericais cultivadores, ademais, dunha poesía de protesta e denuncia. O primeiro libro de poemas, polas presións que o clero exerceu sobre o pai do autor, conseguiu que a súa carreira poética ficase en suspenso, e o segundo libro, coa mesma temática, *Ave Maria*, cuxa edición tiña que saír poucos meses despois do primeiro, non se publicou até 1960.

En 1962 reanuda as publicacións en edición do autor co libro de contos *Caminho Longo* e co libro de poemas máis intimistas *Algemas*; en 1963 publica o poemario *Coisas desta Negra Vida*. En declaracións á prensa expón que tiña listos para publicar os libros *Tarreiro da Sé*,

***Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora em Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Língua Galega e Literatura do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.**

1. Anos máis tarde el mesmo dirixiría esta publicación durante varios números.

poemas, *Terra Nai*, poemas de temática galega, *Caminho de Amor*, poemas, e o segundo tomo de *Caminho Longo* con impresións de viaxe. Nas páxinas de *Céltica* anunciou a publicación de *Maruxa* e *Grilheta*. Moitas das obras posúen trazos autobiográficos onde se manifesta unha amarga crítica polo prezo que o autor tivo que pagar pola actitude crítica pero tamén responsabiliza do fracaso das súas ilusións literarias á falta de medios económicos. As edicións de autor, de poucos exemplares, provocaron que a súa obra fose descoñecida polo público. Se na literatura, un dos dous grandes amores, fracasou, o outro, Galiza, ía darlle satisfaccións e tamén problemas.

Desde a súa estadía no sanatorio, a onde chegaban xornais de Galiza, apaixonouse polos problemas da cultura luso-galaica e polas relacións entre Portugal e Galiza ao que dedicaría os máis grandes esforzos no desexo de lograr unha aproximación maior dos dous pobos irmáns. O amor polas cousas de Galiza comeza coa chegada á clínica dunha nena galega, María da Luz Álvarez Rodríguez, coñecida por Lucita, a través de quen el e Antonio Correia da Silva descubriron as semellanzas lingüísticas:

> *Un día, há muitos anos (em 12 de Junho de 1923) entrou no Sanatório Marítimo do Norte uma crianza vinda da Galiza, que se chamava Maria de la Luce Álvarez Rodríguez e que tratavam familiarmente por Lucita. Gostava-se dela, do seu ar tristinho de doente, e eu e o António Correia da Silva, com a nossa extremada mania de observar tudo e de transformar tudo em motivo de estudo, entretinhamo-nos por vezes a faze-la palrar afim de lhe apanharmos termos galegos que, por nós postos em confronto com o português arcaico e moderno, nos davam com a sua contextura verbal, a sua fonia, o seu sabor dialéctico e o seu poder de expressibilidade, à medida das semelhanças, digamos, das igualdades lingüísticas entre o galego e o portugués... A nossa amizade à Lucita carreou-nos a estima compreensiva e grata da família, que de quando em quando transpunha a fronteira para a visitar em Francelos, e o pai, D. Jacob Álvarez Varela, homem de boas relações com o meio intelectual galego, quiz dar-nos a demonstração dos seus sentimentos afectivos, enviando diáriamente El Pueblo Gallego, e, mais ainda, trazendo para O Girassol, a preciosa colaboração de Amador Montenegro Saavedra, conto escrito expressamente para esse fim e em galego, denominado "Natilhas sin prato"*[2]

En 1960 reanuda a actividade literaria e crea a revista de aproximación luso-galaica *Céltica* onde colaboraban intelectuais do Norte de Portugal e da Galiza, e da que sairían catro números.

Céltica non pretendía ser unha publicación importante no panorama artístico ou literario defendendo unha determinada corrente estética, senón que tiña a función de servir de portavoz do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses que estaba en formación, actuando como axente aglutinador dos valores da Galiza e de Portugal do Norte. Este Círculo de Estudos Galaico-Portugueses foi o soño de Manuel Oliveira Guerra, pensando sempre en establecer un ambiente espiritual e sentimental de aproximación por riba das fronteiras políticas, posibilitando un clima óptimo para un futuro de creación intelectual tal e como se dera na magnífica obra dos Cancioneiros medievais.

O día 21 de xaneiro de 1961, envía unha carta a moitos intelectuais galegos e portugueses cun Boletín de Asinatura. Os que asinan *Céltica* automaticamente pasan a formar parte do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses. Así os primeiros serían os intelectuais galegos e portugueses que apoiaran a Oliveira Guerra e colaboraran na revista, entre os que estaban: António Leite, Lois Carré Alvarellos, Salvador Barata Feyo, María Victoria Armesto, Rebêlo Bonito, Hugo Rocha, José Luis Castroverde, Bertino Daciano da Silva Guimarães, José António Novais, Mário Dias Ramos, Leonor de Almeida, Avelino Abuín de Tembra, Miguel González

2. Estas palabras figuran no traballo "De Amador Montenegro Saavedra a Rosalía de Castro", publicado por Oliveira Guerra en *O Girassol* en Outrubro de 1955.



Fig 1.- Foto de Manuel de Oliveira Guerra.

Garcés, Celso Emilio Ferreiro, José González Collado, Tomaz Casals Marginet, João da Silva Correia, José María Castroviejo, Manuel María F. Teixeiro, Ernesto Veiga de Oliveira, Leandro Carré, Carlos Carneiro, Jaime Izidoro, António Pinheiro Guimarães, Manuel Vázquez Peña, Pura Vázquez, António Calem (António Lousada), José María Álvarez Blázquez, Isidro Conde Botas, António Norton, Manuel de Boaventura, Eduardo V. da Fonseca, F. Javier Carro, Antonio Tovar Bobillo, Serafim Ferreira, Costa Barreto, Luis Filipe de Gusmão Cortes Rodrigues (Luis Ribeira Seca), Dora Vázquez Iglesias, José Díaz Jácome, Henrique Massó Bolívar, Henrique Chao Espina, Álvaro Paradela, José González Parente. A todos eles convócaos a unha reunión na que se discutiría o proxecto de Estatuto e se elixiría a Comisión Instaladora. Na imposibilidade de comparecer a esa reunión, roga que deleguen nel o encargo de votar no seu nome. Agradece calquer consideración que xulguen deba ser introducida nas disposicións estatuarias que lles envía para que sexa sometida á apreciación da maioría dos presentes á reunión. As respostas ían desde os que, como Xosé María Álvarez Blázquez, consideraban que todo era perfecto, até o portugués Manuel de Boaventura quen, desconfiando da difusión do Boletín en Galiza, propoñía crear unha publicación como *Céltica* nunha cidade galega para dar a coñecer os autores portugueses na Galiza. O poeta Manuel María propón a creación dunha comisión de filógos portugueses e galegos, na que intervirían escritores de recoñecido prestixio e as corporacións lingüísticas portuguesas, brasileiras e galegas, para estudar a posibilidade de unificar a grafía galego-portuguesa; así mesmo avoga por estender a actividade do Círculo ao Brasil e a terras onde hai notábeis grupos de emigrantes galegos, principalmente Buenos Aires e Cuba.

Manuel V. Peña, o delegado dos *Cadernos de Estudos Galaico-portugueses* na Coruña, envía unhas "Acotaciones al reglamento" onde, ao final, se lamenta pola falta de referencia a Galiza:

> *Al terminar la lectura del reglamento se nota de falta cualquier referencia a Galicia. Al parecer, se trata de un círculo de estudios puramente portugués, con reglamento portugués, con sede en Portugal y sin la menor relación con Galicia. Creo que debe existir un representante en cada una de las cuatro provincias gallegas, quizá como Vocales de la Directiva. Deben existir asesores -¿Quizá vocales?- de literatura, poesía, música, danza, costumbre, folklore, etc. Estos vocales, o lo que sea, se reunirán por lo menos dos veces en el año y, por lo menos unha vez al año, se desplazará uno de ellos a Oporto para establecer contacto directo con el Círculo y presentar sus problemas o sus soluciones. Santiago de Compostela parece ser el punto neutral para las reuniones. Hace falta un distintivo, una insignia, un escudo.*

Os máis activos e principais colaboradores de Oliveira Guerra son, na Galiza, os irmáns Carré, Manuel Peña, González Garcés, Álvarez Blázquez, Díaz Jácome, Manuel María, Pura Vázquez, José María Castroviejo, Isidro Conde, Abuín de Tembra e, en Portugal, Barata Feyo, Carlos Carneiro, A. Pinheiro Guimarães, Leonor de Almeida, António Lousada. Contou tamén co apoio da Associação de Jornalistas e Homens de Letras do Porto.

Despois da reunión do día 15 de febreiro de 1961, onde se estableceron os socios fundadores[3] , Oliveira Guerra convoca aos residentes no Porto, galegos, portugueses e outros

3 .Estaba previsto que esta reunión se celebraría na Sede da Associação dos Jornalistas e Homens de Letras do Porto mais, finalmente, tivo lugar na casa de Oliveira Guerra.

residentes españois, na súa casa, o día 4 de marzo do mesmo ano, reunión á que asisten colaboradores importantes como o escritor Hugo Rocha, o escritor e Director do Colégio Oficial Espanhol do Porto, Dr. Júlio Martínez Almoyna, o xornalista Dr. Ramos de Almeida, o Enxeñeiro Henrique Shereck, Director do Rádio Club Português de Miramar, Maria José Teixeira de Vasconcelos (Pascoais), Maria de la Purificación Lugrís Freire, filla do que fora ilustre Presidente da Real Academia Galega, Elisa de Carvalho, Directora da Revista *Jornal Feminino*, Mestre Escultor Barata Feyo, Pintores Carlos Carneiro, Jaime Isidoro e António Leite, poetas António Norton, António Lousada e António Pinheiro Guimarães, José María Illa, Director do xornal *Ecos de España*, e outros moitos. Aquí lense as adhesións recibidas de Galiza e procédese á lectura do proxecto de Estatuto, tendo en conta algunhas enmendas suxeridas. Oliveira propón constituír unha comisión de catro persoas para proseguir as actividades por el desenvolvidas, até o momento, en solitario. O propio Oliveira suxere as persoas que formarán parte desa comisión que fica constituída por María da Purificación Lugrís Freire, José María Illa, Hugo Rocha, Abilio de Sousa Faria e Oliveira Guerra.

Galegos importantes que compartían o proxecto escribiron artigos na prensa defendendo a feliz idea: Celso Emilio Ferreiro, Dora Vázquez, María Victoria Fernández España, Borobó...

Abuín de Tembra publica en *La Noche*, o día 24 de febreiro de 1960, "Mensagens para a Galiza, de Oliveira Guerra, poeta portugués", eloxiando o proxecto e a publicación da *Céltica*; compara a Oliveira, namorado de Galiza, con Macías e considérao un gran poeta:

> *Se ha fundado en Oporto una nueva revista galaico-portuguesa. Por si no fuera bastante 4ventos, que ve la luz en Braga, Oporto va a ser la sede de esta espontánea floración literaria, en torno al monumento erguido a Rosalía, en la plaza de Galicia, envuelta en brumas y sauces. El alma del movimiento pro Galicia, que no hace mucho se ha iniciado en Oporto, es Oliveira Guerra. Lo conocemos personalmente y conocemos también muchas de sus andanzas, idas y venidas, por nuestro país. Oliveira Guerra, espíritu inquieto, febril y soñador, ha hecho de su vida una elevada misión poética: la de agrupar ninfas y musas, trovadores y juglares en torno al Miño, por los lados de Caminha, Valença y Monção.*
>
> *No conocíamos las cualidades de Oliveira Guerra como gran poeta. Ahora, nos llega a manos una revista, Jornal Feminino y en ella aparecen, tal vez, los mejores versos que, sobre temática gallega, se hayan escrito en los últimos años. Titula él sus versos, "Mensagens para a Galiza". Son tres los poemitas, por este orden: "Galicia", "Senhora do Padrón" y "A luz das Rías Baixas".*
>
> *Oliveira Guerra nos parece un Macías, que rompe lanzas por su amada en fiera lucha, o un Don Quijote que vive y alienta por su Dulcinea. Galicia es, para Oliveira Guerra, dama pobre y campesina, aunque la hidalguía la lleva dentro del espíritu.*

María Victoria Fernández España, o 16 de marzo de 1960 publica en *La Voz de Galicia* o artigo enviado desde Bonn, "A miña primeira visita a Portugal", reproducción do traballo escrito con destino á revista *Céltica*. Curiosamente, este era o primeiro texto publicado en galego pola autora. A redacción do xornal manifesta a aceptación do proxecto de Oliveira Guerra nunhas liñas que o preceden:

> *Reproducimos hoy en nuestras columnas el artículo que María Victoria Armesto ha escrito con destino a Cuadernos de Estudos Galaico-portugueses, publicación recientemente surgida en Oporto y cuyo fin es el acercamiento entre nuestos dos pueblos, fomentando este interés y acercamiento los intelectuales de una y otra riberas del Miño.*

A propósito dunha visita de Oliveira Guerra a Vigo, o *Faro de Vigo*, o día 5 de abril de 1960, publica un diálogo co escritor e denomínao como "el escritor luso enamorado de Galicia":

> *El poeta y escritor lusitano, que cuenta con un haber literario de alta calidad, ha emprendido, desde hace tiempo, la generosa tarea de fomentar toda exaltación del acervo artístico, literario y*

científico galaico-portugués, que comprende la región Norte del país hermano y las cuatro provincias gallegas. Esta labor no se limita a una determinada época ni escuela, sino al estudio del tesoro de ayer, de los valores de hoy y a la proyección al futuro, que indudablemente espera el detacado puesto que a lo galaico-portugués corresponde para el mejor sevicio a la grandeza de Portugal y España.

O *Faro de Vigo* xulga como magnífico labor o emprendido polo "selecto escritor e investigador" luso:

Uno de estos investigadores, que pertenece a la selecta minoría, es Oliveira Guerra, poeta luso enamorado de Galicia... El poeta y escritor lusitano, que cuenta con un haber literario de alta calidad, ha emprendido, desde hace tiempo, la generosa tarea de fomentar toda exaltación del acervo artístico, literario y científico galaico-portugués, que comprende la región Norte del país hermano y las cuatro provincias gallegas. Esta labor no se limita a una determinada época ni escuela, sino al estudio del tesoro de ayer, de los valores de hoy y a la proyección al futuro, que indudablemente espera el destacado puesto que a lo galaico-portugués corresponde para el mejor servicio a la grandeza de Portugal y España[4].

E felicita a Oliveira Guerra pola publicación do primeiro número de *Céltica*:

Literatura, Poesía, Arte en todas sus manifestaciones. Ciencia e Historia del mundo galaico-portugués, constituyen la savia de este árbol, con raíces, ramas, flores y frutos en las dos márgenes del Miño. Nuestra felicitación más entrañable al querido amigo y compañero de ideales[5].

O 5 de xuño de 1960, o mesmo xornal fala do primeiro número de *Céltica*, publicación recopiladara de temas de interese científico, literario e artístico do campo galego-portugués, como algo transcendente:

Y para centrar la recolección de la fecunda cosecha de esas siembras, el infatigable investigador lírico ha iniciado la publicación de unha gran obra fraccionada en cuadernos de estudios galacio-portugueses, bajo acertadísimo título de Céltica, que ya de por sí resume, la trascendencia de la obra.

Borobó nos seus Anacos de *La Noche*, o 1 de xuño de 1960, publica "*Céltica* de Oporto", onde saúda o primeiro número da publicación e anuncia as visitas a Santiago de varios colaboradores portugueses de Oliveira Guerra: o autor do monumento a Rosalía en Oporto Barata Feyo, importante escultor, e o pintor Carlos Carneiro. Borobó fala dun vello amigo, o único colaborador en castelán de *Céltica*, José Antonio Novais[6].

Na Galiza a prensa fala con interese do tema e non se escoitan voces críticas.

Unha parte da prensa portuguesa acolleu ben o proxecto. Aparecen artigos eloxiosos en diferentes titulares. O *Jornal de Notícias*, co título "Curiosa iniciativa ao serviço do estreitamento das relações culturais entre Portugal e a Galiza", recoñece o pasado cultural dos dous pobos e as marcas culturais dunha mesma sensibilidade[7].

---

4. *Faro de Vigo*, 5 de abril, de 1960. O artigo vai asinado por Bene.
5. *Faro de Vigo*, 5 de xuño, de 1960.
6. Borobó resume a súa personalidade con estas palabras: "Se trata de José Antonio Novais, a quien conocimos cuando estudiaba en la Escuela de Periodismo de Madrid y dejaba crecer su incipiente barbita existencialista en los primeros tiempos de las Cuevas de Sésamo. Era hijo de un corresponsal de la Prensa portuguesa en Madrid, pero parecía un madrileño fetén aunque un poco saudoso. Castizo como un chotis y dulce como un fado, fue uno de nuestros mejores amigos en aquellas noches delirantes y asmáticas de Sésamo. Junto a doña Mercedes Queipo de Llano y su corte de pintores y artistas, en la que destacaba por su volumen la fuerte personalidad del pintor lugués Tino Grandío. José Antonio Novais nos dedicó un ejemplar de su único libro, de prosa nostálgica y exquisita: *Calle del Reloj*. Uno de sus hermosos relatos, *El hombre de los pájaros* es, precisamente, su colaboración en *Céltica*".
7. *Jornal de Notícias*, 31 de maio de 1960.

O *Jornal Feminino*, nunha pequena nota, anuncia a saída do primeiro número da publicación *Céltica*:

> *Saiu o primeiro caderno de estudos galaico-portugueses com o título Céltica, numa organização de Oliveira Guerra. Este primeiro número contém valiosa colaboração e boa apresentação gráfica*[8].

Pero é en Portugal onde aparecen voces discordantes como a de Mário Dias Ramos -amigo de Oliveira Guerra e colaborador no primeiro número de *Céltica* con estudos críticos sobre tres autores[9] e coa publicación dun poema-, quen, o día 7 de xullo de 1960, no *Jornal de Notícias*, publica o artigo "Para um intercámbio Luso-Galaico", onde afirma que o intercambio, tal e como propuxera o delegado na Coruña, Manuel V. Peña, tiña que ser moi amplo, abarcando ao pobo, e critica indirectamente a Oliveira por lucimento persoal:

> *Está visto que a este movimento assiste pela sua própria natureza uma amplidão –e a máxima amplidão foi exigida pelo dr. Manuel V. Peña, um dos valores lúcidos da Galiza literária de hoje, quando se propôs dar o primeiro passo para a realização desse intercâmbio...*
>
> *Servir ao intercâmbio é exactamente servir á divulgação dos dois pobos, os seus costumes, a sua cultura, em suma, a sua existência. Não podemos nem devemos esquecer esta condição, porque o intercámbio nã pode servir as nossas paixões introspectivas ou as nossas ambições pessoais: cada um por si deixa de existir para servir a missão que lhe está confiada*[10].

Mário Dias Ramos critica a iniciativa nunha entrevista publicada tamén no mesmo xornal, o que provoca a resposta de Ramos de Almeida e unha entrevista con Oliveira Guerra baixo o título de "Ouvindo Oliveira Guerra: a propósito duma entrevista". O xornalista afirma que estivo na casa de Oliveira na aprobación dos estatutos do Círculo, defende a *Céltica*, na que colaborou e seguirá colaborando, e o espírito bo do seu creador:

> *Colaborei com a semente, porque conheço a mão que lhe deu vida. E continuarei a colaborar, sempre, com a verdade das intenções lavadas, e a preocupar-me mais em sentir, e perceber, a força obscura e vertical duma raiz sem pruridos literários, tenha ela o nome que tiver, do que em procurar na sua Céltica os génios fasciculados que provavelmente lhe faltam. E foi por ter lido a entrevista com Màrio Dias Ramos, no Jornal de Notícias no día 9, que vim ter consigo.*

Oliveira responde ao entrevistador asegurando que as afirmacións de Dias Ramos o fixeran rir. Ponse de manifesto que o señor Ramos era un rapaz do círculo de Oliveira, a quen este tratara como da familia chegando a vir a Galiza con el onde pasou dúas ou tres semanas invitado por uns amigos seus. Cando lle pregunta por que non se dirixiu a todos os intelectuais, Oliveira responde que non quixo correr riscos cos "novos génios":

> *Eu achei preferível contentar-me com a colaboração expontanea e aceitável de nomes como os Carrés, Manuel Peña, Garcés, Álvarez Blázquez, Díaz Jácome, Manuel María, Pura Vázquez, José María Castroviejo, Isidro Conde, etc., (isto do lado galego) e de nomes como Barata Feyo, o seu, Carlos Carneiro, A. Pinheiro Guimarães, Leonor de Almeida, António Lousada, et., do lado de cá, e não correr o risco de me aproximar dos novos génios em formação que andam por ai e cuja companhia talvez não me conviesse muito. Eu estou numa atitude calma em face dum determinado âmbito de ideias e há por ai quem procure avançar por rumos que não me solicitam e que seriam destrutivos do meu sonho e dos meus planos, que são meramente sentimentais e espirituais... Com alguns da Galiza tambem se impõe cuidado...*

8. *Jornal Feminino*, 1 de xuño, de 1960.
9. Os estudos de Dias Ramos son sobre o libro de Celso Emilio, *O sono* sulagado, a novela de Manuel V. Peña titulada *La ruta*, e os tres libros de poemas de Miguel González Garcés: *Isla de dos, Poema del Imposible sosiego* e *El libro y el verso*.
10. *Jornal de Notícias*, 7 de xullo de 1960.

Oliveira entende que o Mário fala de literatura feita polos autores novos, reducindo todo a unha loita xeracional exclusivamente literaria, cando o que se pretendía crear era unha entidade supranacional:

Isto não surgiu para defender uma corrente estética, um critério novo dum grupo de meninos assanhados, para se confinar a um sector de actividade intelectual (o do conto e o do poema) mas para lutar pela criação duma entidade supranacional que desenvolver, um conxunto de actividades de acordo com o programa do estatuto aprovado há dias pelos sócios fundadores e transcrito em numerosos jornais, abrangendo a História, a Etnografia, a Arqueologia, a Filologia, a Música, o Folclore, a Literatura, a Poesia, etc.. Ora o entrevistado quer apenas contistas e poetas e muito jovens. Ele não quere nada com as Carolinas Michaelis, os Leites de Vasconcelos, os Menéndez Pidal, os Jorges Dias, os Filgueiras Valverde, os Rodrigues Lapa, os Rebelos Bonito, os Ernestos de Oliveira...produtores de literatura científica a que ele chama literatrua morta.

Manifesta estar satisfeito dos resultados do traballo e confía no éxito da súa iniciativa polo número de simpatizantes que ten a un e o outro lado do Miño:

Continuaremos a trabalhar e se o êxito não for maior, que seja nos próximos meses pelo menos como o que se registou até agora. Há meses era apenas eu. Hoje somos algumas centenas de adeptos, dos quais algumas dezenas são intelectuais, e por detrás dessa camada de nomes registados há sem dúvida uma multidão que se irá manifestando a pouco e pouco.

Dous días máis tarde o mesmo xornal publica o artigo "Faces actuais do intercámbio Luso-Galaico, coas iniciais M. V. de A, onde se valora o esforzo pero se critica o carácter "literatizante, de discutíbel valor", de *Céltica*, a iniciativa tería que ser, sen olvidar o aspecto cultural, máis ampla:

Falar-se de intercâmbio entre Portugal e a Galiza é, pois, quase uma expressão pleonástica. As realidades de uns são as de outros quer cultural, quer social, quer espiritualmente. A existência de uma língua semelhante (o galego, que está mais próximo da fala portuguesa que da espanhola) justifica também a necessidade de uma mais actuante ligação entre portugueses e galegos. Simplesmente (e talvez sem motivos visíveis) pouco se tem feito para que ambos os povos se conjuguem numa eficaz troca de ideias e realizações práticas.

Há poucos días, porém, surgiu uma nova revista cultural, a Céltica, colaborada por nomes portugueses e galegos cuja finalidade é exactamente pugnar por uma definitiva aproximação. Acreditamos, no entanto, e embora o objectivo seja de estimular, que a publicação referida tomou um carácter literatizante (cujo valor intrínseco, neste capítulo, é também discutível) o qual não virá trazer achegas de peso à necessária intercomunicação galaico-portuguesa. Na verdade, pensamos que o caminho para a conseguir debe ser traçado em bases de natureza mais geral de forma a que as iniciativas adquiram uma projecção popular –sem que, claro, se esqueça o aspecto cultural desde que realizado validamente[11].

O día dous de abril de 1961 o *Notícias de Guimarães* publica "Intercâmbio Cultural Luso-Galacio", manifesto asinado o 27 de xaneiro do mesmo ano no Porto polo grupo de escritores e artistas da cidade, Mário Dias Ramos, Serafim Ferreira, Roberto Reis, Vasco Lima Couto, Aureliano Lima, Egito Gonçalves, Papiniano Carlos, Pedro Alvim, Carlos Porto, LuísVeiga Leitão, António Rebordão Navarro, Alfredo Martins, Justino Alves, Costa Júnior, João Corregedor da Fonseca, Orlando Neves, Maria Virgínia de Aguiar e António Reis, onde exprimen o seu desacordo pola forma na que se iniciou o movemento, desde o primeiro número de *Céltica*, órgao cultural do mesmo, criticando a Oliveira por considerarse o "entendedor exclusivo" dos asuntos culturais -literarios e artísticos- da Galiza e de Portugal. Aclaran que os colaboradores portugueses de *Céltica* non representan a literatura máis válida de Portugal.

11.*Jornal de Notícias*, 9 de xullo, de 1960.

Critican a Oliveira por monopolizar a publicación, con cincuenta páxinas da súa autoría. Achan irrealizábeis as actividades que figuran no projecto de estatuto.

Non só se manifestan criticamente, tamén fan propostas. Para eles non hai escritores do norte, do centro e do sul, hai escritores portugueses e deben ser coñecidos na Galiza:

> *Ter a pretenssão –assaz justíssima- de dar ao conhecimento dos galegos a nossa literatura e não lhes levar a presença literária de Régio, Torga, Aquilino, Virgílio Ferreira, Urbano Tavares Rodrigues, Óscar Lópes, António José Saraiva, entre muitíssimos, é, digamos, o aborto do própiro feto que não chega sequer a vingar a sua existência. Céltica não tem uma crítica literária à altura, nem estética e filosófica da nossa literatura; não deu até agora uma noção orgânica e vital da autêntica poesia portuguesa, não tem uma unidade temática nem formal definida e, de forma alguma, serve a nossa cultura actual ou pasada. Eis porque, a par do reduzidíssimo número de nomes que dedicam ou dedicaram a sua atenção sobre a Galiza e a sua literatura, é urgente e indispensável que colaborem aqueles que são os autênticos e definitivos representantes da nossa literatura. Assim, Céltica teria que reformar totalmente a sua actual orientação, errada e decrépita, porque não pode continuar a ser obra de um, quando a lucidez intelectual dos escritores portugueses está a ser afectada.*

Consideran absurda calquer formación sen unha unidade de escritores e intelectuais que representen de verdade a cultura portuguesa. Propoñen que, antes que se forme calquer "Círculo", se proceda á revigorización do intercambio cultural entre Portugal e Galiza. Conclúen dirixíndose aos intelectuais galegos:

> *Pretendemos levar ao conhecimento dos intelectuais galegos o clima que Céltica encontrou dentro da nossa vida artística e literária. Um clima de desconfiança, franca suspeita e, por fim, de indiferença. Desejamos que, da vossa parte, se unam forças necessárias e lúcidas para que lutem no sentido de se unificarem ambos os direitos verdadeiramente representativos das duas culturas irmãs. Está, desta forma, cumprida a nossa missão frente aos nossos camaradas galegos e espanhóis. Resta-nos aguardar os factos.*
>
> *E SE NADA DISTO SE FIZER; MELHOR SERÁ QUE NÃO SE FAÇA NADA DISTO!*

O Suplemento literario do *Notícias de Guimarães*, o sete de agosto de 1960 fai unha crítica da publicación *Céltica*, asegurando que ten moitas deficiencias:

> *O primeiro número da Céltica apresenta deficiências grandes e alguns desequilíbrios; resta-nos o desejo de que Oliveira Guerra venha a cumprir com rigor a missão que chamou a si.*

Así pois discutiuse non só a existencia da revista senón tamén a creación do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses.

A revista *Céltica*, subtitulada como "Caderno de Estudos Galaico-Portugueses", aparece organizada e dirixida por Oliveira Guerra en 1960 como o voceiro do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses en formación. A súa vida foi efémera pois fica reducida aos anos de 1960 e 1961 coa publicación de catro números sen numerar e sen datar. Dos catro "cadernos", como os denominaba o seu creador, o primeiro é de cor entre beige e amarela, o segundo verde, o terceiro azul e o cuarto rosa. Os catro, impresos na Escola Tipográfica da Oficina de S. José, Rua de Alexandre Herculano, están paxinados sucesivamente: o primeiro remata na páxina 48, o segundo vai da 51 á 144, o terceiro da 147 á 240, e o cuarto da 243 á 336. As páxinas que faltan corresponderían ás iniciais, trátase dunha folla co nome da revista, contada como dúas páxinas pero non numeradas. A revista conta co arranxo gráfico de António Leite e coas colaboracións artísticas de "amigos da Galiza e de Portugal", destacando as ilustracións do artista catalán Tomás Casals Marginet[12] .

12. Autor dun poema en catalán publicado en *Céltica* e dun artigo de arte sobre as representacións de Cristo no románico catalán pirenaico, escrito tamén para publicar na revista.

O primeiro número leva un índice, sen indicacións de páxinas, na páxina interior da capa cos seguintes títulos:

-"Ao que veño", presentación e explicación do proxecto por Oliveira Guerra.
-"O primeiro paso" de Lois Carré Alvarellos, apoiando ao anterior.
-"Consideracións sobre Arte" de Barata Feyo, traballo precedido da escultura do Infante Don Henrique da súa autoría, e seguido duns versos autógrafos de Rosalía de Castro acompañados dun deseño da poeta e da composición XIV de *Cantares Gallegos*.
-"A miña primeira visita a Portugal" de María Victoria Armesto.
-"Carta a un galego" de Oliveira Guerra a Don José Díaz Castroverde.
-"Reflexões sobre o fado" de Rebelo Bonito.
-"Noriega Varela" de Hugo Rocha, traballo acompañado dun deseño de Collado e de tres poemas do poeta da montaña.
-"O Ninfeo de Bóbeda", traballo sobre arte de José Luís Castroverde.
-"Uma doce cantiga" de Bertino Daciano.
-"El hombre de los pájaros", narración en castelán de José António Novais.
-"Impressões de Leitura", sobre o libro de Celso Emilio Ferreiro, *O soño sulagado*, a novela de Manuel V. Peña titulada *La ruta*, e tres libros de poemas de González Garcés,[13] de Mário Dias Ramos.

A continuación veñen os títulos dos poemas que, dentro da revista, forman parte dunha sección co título de "Poetas da Galiza e de Portugal" e que son os seguintes:

-"Poema para o Homem de Hoje" de Leonor de Almeida.
-"Quen me dera unha Tenza Salvaxe" de Abuín de Tembra.
-"Poema" de Mário Días Ramos.
-"Tentación" e "Cántico" dous poemas de González Garcés.
-"O medo" de Celso Emilio Ferreiro.

Nunha separata en papel de cor amarela e cunha xilogravura de de Marginet aparece o poema "Irmã Galícia" do libro *Maruxa* que Oliveira Guerra pensaba publicar.

O segundo número inclúe os títulos[14]:

-"Ao que venho", explicación do proxecto, de Oliveira Guerra.
-"Carta do romancista" de João da Silva Correia felicitándoo pola *Céltica*.
-"Infante", poema de Oliveira.
-"De Mar a Mar: el Mar de Portugal", homenaxe ao Infante D. Henrique no quinto centenario, de José María Castroviejo.
-"Carta a D. Henrique", poema de Manuel María.

Baixo o título de *Estudos* e ao xeito dunha sección aparecen os traballos:

-"A lição moral dos Museus e arquivos nacionais" de Bertino Daciano.
-"Um precursor", sobre Xosé López de la Vega, de Lois Carré Alvarellos.
-"O culto dos mortos no Natal" de Ernesto Veiga de Oliveira.
-"Literatura Galega. Romance" de Leandro Carré.
-"O románico catalão pirenaico" de Casals Marginet.
-"Os cantos de Almuádem e os Alalás da Galiza", estudo acompañado de exemplos musicais, por Rebêlo Bonito.

Artes plásticas é o apartado no que se inclúen:

-"Considerações sobre Arte" de Barata Feyo.
-"Visão estética", sobre a pintura, por Carlos Carneiro.

13. Os libros de González Garcés son: *Isla de dos*, *Poema del Imposible sosiego* e *El libro y el verso*.
14. Os títulos do índice, nalgúns casos, están abreviados.

-"Domínguez Álvarez, pintor português de ascendência galega", traballo acompañado dun deseño do artista, por Jaime Izidoro.

-"Júlio Resende, pintor europeu" por António Pinheiro Guimarães.

-"D´Assumpção: Prémio Sousa Cardoso" por António Pinheiro Guimarães".

-"Collado, pintor e ceramista" por Oliveira Guerra.

A sección *Letras* consta dos traballos:

-"Eduardo Pondal, o máis alto expoente do lirismo céltico da Galiza" por Hugo Rocha quen incorpora os poemas "Muiñeira" e "Falade galego" do libro *Queixumes dos pinos*. -"Impressões de leitura" por Oliveira Guerra, sobre o crítico de arte António Pinheiro Guimarães, a obra literaria de José António Novais, o poeta Manuel María e Pura Vázquez.

O apartado *Prosadores da Galiza e de Portugal* inclúe:

-"O demo de lume", conto de Manuel V. Peña; "Al filo del alba", conto de Pura Vázquez, e "El niño muerto" de José António Novais.

O último apartado, *Poetas da Galiza e de Portugal* comprende catro poemas de António Pinheiro Guimarães, un de José António Novais, un de Manuel María[15] , un de António Lousada, un de Xosé Mª Álvarez Blázquez[16] , dous de Isidro Conde[17] , un de Abuín de Tembra[18] , e tres de Oliveira Guerra.

Unha separata repetindo seis veces a palabra Galiza na portada inclúe, con dúas xilogravuras de Marginet, os poemas: "Ô Galiza e Portugal, viveiro de trovadores" de António Norton, "Galiza ten un arcanxo" de Pura Vázquez, e "Creação do mar" de Oliveira Guerra.

O terceiro número, o primeiro estruturado en seccións, ábrese con *Movimento em marcha* que inclúe os traballos:

-"Ao que venho" de Oliveira Guerra.

-"Alguns depoimentos", celebrando a publicación.

-"O mundo que o português creou e a Onu", fragmentos dun discurso de Oliveira Salazar.

-"A Galiza em Portugal" por Isidro Conde e, "Portugal na Galiza" e "Hugo Rocha" por Oliveira Guerra.

Na sección *Estudos*:

-"Ramón Cabanillas, o último dos grandes poetas do Saudosismo Gallego" por Hugo Rocha.

-"Literatura Galega: teatro" por Leandro Carré.

-"Leite de Vasconcelos, animador dos novos" por Manuel Boaventura.

Na sección *Artés plásticas*:

-"Três pintores portugueses, três concepções da nossa realidade: D´Assumpção, Eduardo Luís, António Quadros" por Eduardo V. da Fonseca.

-"O adeus de Watanuki, o pintor japonês que soube sentir a alma e a fisionomia tão severas do velho burgo do Porto" por Barata Feyo.

-"De la peinture de D´Assumpção por António Pinheiro Guimarães.

-"O pintor António Leite e a súa primeira exposição no Porto" por Oliveira Guerra.

-"O pintor Pesqueira Salgado" por Oliveira Guerra.

Na sección *Letras*:

"Impressões de Leitura" é un apartado que corresponde por enteiro a Oliveira Guerra con: "A obra espanhola de Camões dos doutores Vieira de Lemos e Julio Almoyna"; un traballo sobre o

15. O poema "Gacetilla Literaria" de *Documentos Personaes*.
16. O soneto "Xohaniña", primeiro prémio dos Jogos Florais de Guimarães.
17. Son dous sonetos, "Primavera" e "Outono", traducidos ao portugués por Ilka Sanches.
18. É o canto I da triloxía *Camiños*.

ensaio de Isidro Conde *El verso blanco en la poesía española*; "F. Javier Carro, estreia poética: *El dolor de la carne*", "Antonio Tovar, autor de *El tren y las cosas*", "Serafín Ferreira e o seu livro de contos *Noite de libertação*; co título "Falta de tempo" xustifícase por non poder dar as súas impresións dos moitos libros galegos e portugueses que lle enviaran.

Prosadores da Galiza e de Portugal consta de:

-"O milagre que São Geraldo não fez" por Costa Barreto.
-O conto "Noite negra" de Serafim Ferreira.
-O conto en castelán de Dora Vázquez, "Niebla".
-"Meditaciós á beira do Rin de María Victoria Armesto.

Poetas da Galiza e de Portugal inclúe un poema de António Norton, un de José María Álvarez Blázquez[19], un poema de Luís Ribeira Seca, un de Enrique Chao Espina[20], un de Dora Vázquez[21], "Tres sonetos de la muerte", en castelán, de Pura Vázquez, un de José Díaz Jácome[22], un poema de Henrique Massó, dous poemas de Álvaro Paradela[23], e o canto III da triloxía *Camiños* de Abuín de Tembra.

Unha separata coa palabra *Galiza*, repetida seis veces e situada en diagonal, inclúe, con deseños de Marginet, o poema "Galiza" de Oliveira Guerra dedicado a José Díaz Castroverde; o poema en catalán de Casals Marginet, "Galicia i Portugal"; o titulado "Galiza" de António Lousada e "Galicia" de José González López.

O número catro mantén a mesma estrutura do anterior.

A primeira sección, *Movimento en marcha*, consta de:

-"Ao que venho", explicación do proxecto por Oliveira Guerra.
-"Projecto de Estatuto do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses".
-A carta que a "Comissão Instaladora"[24] dirixe aos amigos para colaborar no proxecto.
–"Portugal na Galiza" e "A Galiza em Portugal", resume dos acontecementos importantes.
-"Pelos caminhos da unidade" texto de José Miguel Ruíz Morales traducido do castelán por Julio Almoyna.

O apartado *Estudos* comprende:

-"Francisco Añón: o poeta galego que mais prezou Portugal e a língua portuguesa" de Hugo Rocha.
-"Apuntamentos pra a história das boas relaciós luso-galaicas" de Uxío Carré Alvarellos.
-"A defensa do idioma galego" de Maximino Castiñeiras García.
-"Os elementos fundamentais da cultura portuguesa" de Jorge Dias.
-"Valle Inclán, veinticinco años después" de Diego Bernal.
-"El poeta ciego"[25] de Pura Vázquez.

O apartado *Artes plásticas* inclúe:

-"Carlos Carneiro e a sua exposição em Guimarães" por Barata Feyo.
-"Exposição de pintura de Margarida Tamegão" por Oliveira Guerra.
-"O pintor José González Collado" por Oliveira Guerra.
-"Pintura abstrata?" por António Pinheiro Guimarães.

---

19. "O poema sen voz", premiado nos Jogos Florais de Guimarães.
20. "A miña saudade".
21. "Canto a miña nai"
22. "E foi namorada", lembranza de Rosalía e Murguía no centenario dos seus esponsales.
23. "Desbotamento" e "Parto".
24. Formaban parte da mesma María de la Purificación Lugrís Freire, Hugo Rocha, José María Illa Ocaña, Ablílio de Sousa Faria e Oliveira Guerra.
25. O traballo céntrase na figura de Valentín Lamas Carvajal

Na sección *Letras* están os seguintes traballos críticos de libros co nome de "Impressões de leitura":

-"Francisco de Assis, renovador da humanidade de Guedes Amorim" por João Apolinário.
-"Rodrigo A. De Santiago, ensaísta de *La música popular gallega*" de Rebelo Bonito.
-O estudo sobre María Mariño de Uxío Novoneira.
-"António Norton e o seu livro de poemas *A outra face*, de Maria José Teixeira de Vasconcelos.
-"Jorge Listopad com *Tristão ou a traição dum intelectual*[26], "Aquilino Iglesia alvariño e o seu *Día a día*", "Silvia Dora e os seus livros", "Manuel de la Fuente com *Íntimo latido* e *La Bela Otero*", "Dora Vázquez e o muito que escreve", e "A. Abuín de Tembra e os seus artigos e poemas" todos estes traballos pertencen a Oliveira Guerra.

No apartado *Prosadores da Galiza e de Portugal* podemos ler o *Auto do labrego*[27] de Manuel María.

O apartado "Poetas da Galiza e de Portugal" inclúe o poema en castelán "Ángeles inútiles" de Fernando Echebarría; "O tempo i a memoria", poema de Xohana Torres; dous poemas de Realva; o poema de Miguel González Garcés titulado "Conto"; "Suplício de Tântalo" de Alice de Azevedo e "Eles non saben" de Antón Tovar Bobillo.

A separata coa palabra Galiza, repetida seis veces pero en forma de cadro, contén o poema de Oliveira Guerra titulado "Luar em Santiago".

Galiza ocupa un papel predominante no aspecto literario. A sección "Impressões de leitura", iniciada por Mário Dias Ramos, no primeiro número está dedicada na súa totalidade ao estudo de obras de tres autores galegos: o libro de poemas de Celso Emilio *O sono sulagado*; a novela en castelán de Manuel V. Peña titulada *La ruta*, e os tres libros de poemas, tamén en castelán, de Miguel González Garcés: *Isla de dos, Poema del Imposible sosiego* e *El libro y el verso*. No segundo número, Dias Ramos, enfrontado a Oliveira Guerra é sustituído por este na sección que, neste caso, se ocupa dun crítico de arte portugués e non de autores literarios.

Neste segundo número esta sección é independente da titulada *Letras*, pero nos números tres e catro as *impresións de lectura* forman parte da sección *Letras*.

No número tres, Oliveira analiza dúas obras ensaísticas, unha o libro da autoría do portugués Vieira de Lemos e do galego Júlio Almoyna sobre a obra española de Camões e a outra trátase do ensaio en castelán "El verso blanco en la poesía española" de Isidro Conde de quen, ao final, comenta uns poemas. A continuación fala da estrea poética do galego Francisco Javier Carro co libro en castelán *El dolor de la carne* e do libro en castelán de Antonio Tovar, *El tren y las cosas*, gañador do premio de poesía Marina 1959. Por último, un autor portugués, Serafim Ferreira, cun libro de contos, pecha a sección protagonizada na súa maior parte por autores e obras galegas.

A sección do número catro iníciase da man de João Apolinário cunha glosa da biografía de Francisco de Asís publicada polo portugués Guedes de Amorim. Rebelo Bonito comenta o ensaio "La música popular Gallega" do Director da Banda da Coruña Rodrigo A. De Santiago; Uxío Novoneyra resume a vida e a obra de María Mariño Carou; Maria José Teixeira de Vasconcelos comenta o libro *A outra face* do poeta portugués António Norton; Oliveira Guerra fala acerca do libro de Jorge Listopad *Tristão ou a traição dum intelectual*; o de Aquilino Iglesia Alvariño, *Día a día*; a obra poética da portuguesa Sílvia Dora; os libros en castelán do galego Manuel de la Fuente; a obra da galega Dora Vázquez e a de Abuín de

26. O libro publicouse en Portugal traducido por Eugénio de Andrade.
27. Peza de teatro en nove escenas, premiada no 1º Certame do Minho, realizado en 1960 en Lugo.



Fig. 2.- Foto de Isidro Conde. De esquerda a dereita: María Emilia dos Santos de Oliveira Guerra, Manuel de Oliveira Guerra, Mercedes Pintos de Conde, Pura Vázquez, Ramón Piñeiro e Enrique Massó.

Tembra. A pesar de que neste último número os traballos sobre autores portugueses son máis e algún tan importante como Listopad, os galegos seguen sendo superiores en número.

Só no apartado *Artes plásticas* os artistas portugueses superan aos galegos. Na sección *Poetas da Galiza e de Portugal* son moitos máis os autores galegos que publican, aparecendo poemas de Rosalía, Pondal e Noriega tamén noutras seccións. Grandes figuras do pasado e do presente e, entre as últimas, a excelente tríada feminina formada polas irmás Pura e Dora Vázquez xuntamente con Xohana Torres. Dous poemas de Rosalía, dous de Pondal, tres de Noriega Varela, dous de Xosé María Álvarez Blázquez, un de Celso Emilio, un de José Díaz Jácome, dous de Isidro Conde, tres de González Garcés, un de Antón Tovar, tres de Avelino Abuín de Tembra, dous de Manuel María, Dous de Pura Vázquez, un de Dora Vázquez e un de Xohana Torres.

Os traballos de narrativa en galego superan tamén en número aos portugueses.

A sección que nace no segundo caderno co nome de *Prosadores da Galiza e de Portugal* inclúe un conto en galego de Manuel Vázquez Peña; un conto de Pura Vázquez en castelán e outro conto, tamén en castelán, de José Antonio Novais.

O número tres publica dous contos dos autores portugueses Costa Barreto e Serafim Ferreira; un conto en castelán de Dora Vázquez e un relato autobiográfico de María Victoria Armesto, inaugurando o equilibrio entre autores galegos e portugueses, roto outra vez no número catro ao ocupar toda a sección a obra teatral de Manuel María.

Os críticos literarios ocupánse sobre todo de autores galegos. O portugués Hugo Rocha inclúe en cada número un traballo sobre Noriega Varela, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas e Francisco Añón. O galego Leandro Carré Alvarellos presenta interesantes estudos sobre a novela galega no número tres, e sobre o teatro no número catro. Curiosamente, os autores que

publican poemas ou relatos son comentados no mesmo número ou no número seguinte, así Abuím de Tembra, colaborador con poemas nos números un, dous e tres, é presentado coa súa obra por Oliveira Guerra no número catro; o mesmo ocorre con Dora Vázquez.

Se a literatura galega está moi ben representada con autores de primeira liña antigos e novos, no caso da portuguesa do norte séntese a falta, xunto a Listopad, de figuras do mesmo nivel como José Régio, Aquilino Ribeiro, João de Araújo Correia, Miguel torga, Ferreira de Castro, Óscar Lopes, ou Pedro Homem de Melo. Semella lexítima e mesmo lóxica a idea de colaboración e unión entre o norte de Portugal e Galiza porque formaron parte da vella Gallaecia. A representación de autores portugueses posibelmente non tería que limitarse exclusivamente aos do norte senón que, co mesmo criterio co que se inclúen obras en castelán e mesmo en catalán de autores galegos e non galegos, podería estenderse o mesmo criterio a todo o país aínda que primando sempre os autores do norte por ser o centro xerador do proxecto. Causa estrañeza a ausencia dun bo crítico que se encargase dos novos camiños da literatura portuguesa. Oliveira Guerra, defensor da importancia de figuras de primeira liña no campo do ensaio científico e filolóxico como Carolina Michaelis, Leite de Vasconcelos, Menéndez Pidal, Filgueira Valverde ou Rodrigues Lapa, e amigo de grandes autores como Listopad, Pedro Homem de Melo e Eugénio de Andrade, considera negativo para o seus proxecto a inclusión de moitos autores novos e as súas razóns tería nese momento, razóns que poderían cambiar nun futuro porque a publicación estaba aínda nacendo e o que se necesitaba era colaboración, boa vontade e critica construtiva.

Criticouse a Oliveira Guerra por utilizar a publicación para lucimento persoal mais, se ben é certo que, a partir do número dous, colabora en case todas as seccións, os seus estudos pretenden sempre a divulgación das obras de autores portugueses e, o que é máis importante para Galiza, dos autores galegos. O feito de que publicase poemas seus e anunciase a publicación das obras *Maruxa* e *Grilheta* non pode considerarse un exceso senón un dereito lexítimo que lle correspondía como autor que tivo que ver morrer cando nacía a súa carreira literaria.

En canto ao proxecto de Estatuto do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses, os galegos temos que agradecer ao seu promotor o obxectivo de procurar por todos os medios lexítimos a creación dun ambiente de maior coñecemento e de máis íntima cordialidade entre as xentes da Galiza e de Portugal[28]. Interesantísimas son as actividades fixadas[29]: visitas de amizade, observación e estudo; conferencias sobre Arte, Literatura, Etnografía, Arqueoloxía; exposicións de artesanía e de artes plásticas; festivais folclóricos; manifestacións teatrais, recitais poéticos, concertos musicais, realizacións cinematográficas, programacións radiofónicas, esforzos no sentido de ser obtida a montaxe da televisión en cadea, ligando os dous pobos, desenvolvemento da gravación de discos; xogos florais e concursos de arte; congresos; publicacións de libros de autores sen editor e reedición de libros galaico-portugueses esgotados; organización de bibliotecas públicas de libros galegos e portugueses; tentativas para o aumento de venda do libro español –e sobre todo galego- en Portugal e do libro portugués en España –e sobre todo na Galiza-; a publicación dun boletín das actividades desenvolvidas, que podería ser *Céltica*, con forma mellorada, e que contaría ademais coas colaboracións de autores galegos e portugueses.

Céltica configura a súa estrutura sólida a partir do número dous, pero non chegará máis alá do número catro. No ano 1960 comezou a pórse en camiño un belo soño que se truncou en 1961

28. Capítulo I, artigo 2º.
29. Capítulo I, artigo 3º.

por varias circunstancias, algunhas explicadas por Oliveira Guerra nunha carta enviada aos amigos galegos o 13 de maio de 1963:

Queridos galegos:

Quase dois anos passaram desde que um grave caso de saúde e uns acidentes de carácter económico me levaram a abandonar temporàriamente as actividades em que eu andei envolvido, atinentes ao estabelecimento dum melhor conhecimento intelectual entre as gentes de Aquem e de Alem Minho.

Desde então nao voltou a publicar-se a CéLTICA, nao chegou a ser submetido à aprovação, quer em Espanha quer em Portugal, o projecto de Estatuto do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses, quebrou-se o ritmo da correspondencia que eu mantinha há tanto tempo com muitas dezenas de intelectuais galegos, não trabalhei mais para a publicação dos livros que tenho para publicar e, o que é mais impressionante, não voltei à Goliza! A última vez, salvo erro, que transpuz a fronteira foi para trazer de Vigo ao Porto a querida Purinha Vázquez, que depois de alguns dias entre nós levei a Lisboa, para embarcar com destino à Venezuela.

Ora Purinha Vozquez regressa à sua querida terra, saudosa, e eu que estava sem passaporte, renovei-o para ir obraçá-la no momento de desembarque em Vigo e para a levar de seguida ao seio da familia, a Orense. E volto, portanto, à Galiza, depois duma tão longa e penosa auséncia. E volto não sei com que esperança de que vou poder retomar a minha actividode antiga, restabelecer o meu contacto, levar por diante o meu sonho de tantos anos! voltar a publicar a CÉLTICA e dar corpo jurídico e real ao Círculo de Estudos. Purinha nas suas cartas vindas de Caracas, falou-me sempre no desejo de voltar à sua Galiza e de me ajudar na realização da empreitada que eu me impusera e sustentei durante quase dois anos, e eu não sei se devo a esse incentivo a predisposição de voltar a lutar...

Em vésperas de pisar de novo terra galega, eu quiz mandar a todos os meus amigos da Galiza um abraço, duas palavras de amizade e carinho, uma promessa embora um tanto vaga de próxima actividade. Que o regresso de Purinha Vázquez, minha doce irmã espiritual, seja, no próximo dia 26, um recomeço de actividade tendo o objectivo de estreitar mais o conhecimento e a estima entre portugueses do Norte e os Galegos. Que o regresso de Purinha seja na verdade um recomeço feliz e fructuoso...

Ademais das persoais, outras circunstancias non propicias serían o inicio da guerrilla militar en Angola, a falta de colaboradores entregados tanto galegos como portugueses, as críticas negativas que parten dun membro do Círculo e se estenden aos creadores de literatura máis abaixo do Douro e, sobre todo, a morte prematura de Oliveira en 1964.

Manuel Oliveira Guerra, sempre ben recibido en Galiza polos galeguistas, foi un dos portugueses que máis a amou, terra protagonista nos seus esforzos e tamén en moitos dos seus poemas. Sirva de exemplo o seguinte:

Criação do Mar[30]

Alma de artista, creador, o Mar
um dia, inspirado,
entrou de modelar com sábio geito
o barro duro e quente e atrigueirado
talvez posto por Deus à sua frente
para ser modelado;
e ora com firmeza rude e brava,
ora com branda ternura,
o Mar foi modelando
a sua nova escultura...
A pouco e pouco então,

30. Este poema figura na separata do número dous de *Céltica* e formaría parte do libro *Maruxa* que pensaba publicar.

o barro duro e quente e atrigueirado,
foi-se doirando de beleza e graça
e foi tomando a forma fascinante
que uma só vez na vida se realisa:
E um dia, um dia, enfim,
tu surgiste, Galiza...

Mulher e feiticeira
de olhos compridos, carnes matinais,
tu és, terra de Além,
a tentação das almas siderais,
daquelas almas que andam pelo mundo
de olhar perdido, vago, procurando
a Pátria feminina do seu sonho
e com ela sonhando...
Mulher e feiticeira de alma céltica,
dada a mistérios e encantos
das mais longínquas eras e depois
rendida cristãmente à voz dos santos,
tu és a terra bendita
de que a minha alma, tua irmã, precisa,
tu és, terra de sonho,
Pátria da minha Pátria, a Galiza...

Nas súas visitas a Galiza, Betanzos foi o motivo xerador do seguinte poema:

Noiva do Mar

Betanzos, noiva do Mar
A quem o Mar fugiu...
Tira o vestido branco de noivado
Que nao serviu
E guarda-o na arca velha da família
Num desses palácios opulentos
Onde os minutos da história
Bateram lentos

Betanzos, mira o seu ceptro
Que está no seu escrínio de princesa
Que há muito foi destronada
Há muito sem realeza

Betanzos, de fronte erguida
No jeito de quem usou coroa
Julgando que nas abóbadas
A marcha das trombetas inda ecoa

Betanzos, de olhos distantes
Num sono vago e perdido
Um sono azul diluído
Em roupagens flutuantes
Betanzos sonhando branca
À luz branca do luar
O nobre reino perdido
Perdido o Reino do Mar

Oliveira Guerra cría na "Santa Irmandade" pola que loitaron os galeguistas da Cova Céltica e figuras moi importantes de Portugal como Leonardo Coimbra, Alexandre de Córdova, Pedro de Menezes, António Correia de Oliveira e Alfredo Pedro Guisado, pero o camiño reiniciado por el, como xa acontecera antes, encontrou o relanzo tan temido por Uxío Carré Alvarellos.

LAXEIRO, una personalidad inolvidable

ANDRÉS BEADE DOPICO*

Sumario
Notas biográficas del pintor gallego José Otero Abeledo-LAXEIRO relativas a su estancia en la Argentina.
Abstract
Biographical notes on the galician painter José Otero Abeledo-Laxeiro relating to his stay in Argentina.

Conocí a José Otero Abeledo-LAXEIRO de la mano de Pepe Ruibal y su amigo lalinense Guillermo Taboada. Acompañándoles a ambos, le visitamos en su domicilio de la calle Juncal en Buenos Aires a fin de hacerle un reportaje para el periódico Galicia, de la Federación de Sociedades Gallegas, de cuya comisión de redacción éramos los tres integrantes. Ruibal y Taboada (1) ya eran amigos suyos y yo personalmente sólo conocía aspectos de su obra como pintor, en parte por haber asistido como visitante a algunas de sus exposiciones en la capital argentina y a través de las críticas sobre su obra que se publicaban en la prensa porteña, y muy especialmente en la revista Galicia del Centro Gallego, dirigida a la sazón por Luis Seoane, y también por Galicia Emigrante editada por Seoane, fundamentalmente, en la que colaboraban destacados figuras de la cultura gallega en la diáspora -exiliados unos, emigrados otros- y desde la propia Galicia.

Recuerdo que el primer impacto que tuve al entrar en su domicilio fue un cuadro a medio terminar sobre un caballete del estudio. Laxeiro, a quién recien saludáramos al llegar y me presentaran a él, se dio cuenta de mi sorpresa y me preguntó en gallego: ¿A que non sabes que representa este debuxo? Sin pensarlo le contesté: A Franco. E como te diche conta? Home, non hai outro persoaxe igual ou parecido sobre a terra nestes intres.

Ciertamente, era el caudillo por la gracia de Dios, el jerarca de los españoles adictos a su régimen que lo aceptaban como buen hijo de la gracia ..., a la que un criollo agregaría sin repensarlo “de puta”. No era dificil descubrir el secreto de la imagen: sobre un caballo enjaezado de vistosas vainicas de la Sección Femenina de la Falange, y en los atuendos de montar relucientes incrustaciones moriscas, aparecía un jinete vestido con traje caqui militar y sus correajes, regordete y de talla pequeña, con bigotito raquítico, gorro con borla rojo y negro inclinado a la derecha, y sosteniendo entre sus dientes un cuchillo

---

***Andrés Beade Dopico es Presidente Honorario del Centro Betanzos de Buenos Aires y fue concejal del Ayuntamiento de Betanzos.**

(1) Pepe Ruibal poco tiempo después regresó a España y viajó a Nueva York donde desarrolló una destacada actividad como dramaturgo. Guillermo Taboada se especializó en periodismo como crítico de arte.

chorreando sangre. Era un monstruo, y los trazos y colores laxeiranos le otorgaban todos los atributos de salvador de la civilización cristiana que le conferían ciertos obispos en Burgos acompañándole con sus saludos de brazo tendido hacia arriba, al mejor estilo nazi, en los actos oficiales durante la Guerra Civil. Provocada por el contubernio de la ultraderecha con los estamentos más reaccionarios del país, y que jamás pidieron perdón por las muertes de más de un millón de españoles, prisiones y exilios de otros tantos, y sufrimientos inenarrables a todo un pueblo. Los crímenes políticos y/o sociales no prescriben nunca. Pesan en la eternidad. En aquel cuadro Laxeiro dejaba un testimonio.

El trabajo pictórico le fuera encargado expresamente por una importante personalidad argentina, de una posición económica elevada, y muy interesada por las obras de Laxeiro de las que poseía una selecta colección.

Pepe Ruibal dirigió el reportaje en torno a una mesa en la que Lala, la mujer de Laxeiro, una simpática y activa madrileña hija de un alto jefe militar republicano, sirvió un te para cinco, a las cinco de la tarde, un día cinco de setiembre. Lala era una artista muy cotizada en el diseño y elaboración de finas piezas de cerámica, muchas de las cuales decoraban la estancia.

La casa de Laxeiro y Lala atesoraba un auténtico y generoso taller y exposición de las artes plásticas, en sus expresiones creativas, donde color y forma se brindaban en sus diversas etapas de eclosión.

El reportaje se publicó en Galicia recogiendose en su contenido originales opiniones del pintor y una descripción de su entorno igualmente reveladora de su mundo artístico y personal muy sugestivos y ricos de matices.

Laxeiro en la Federación de Sociedades Gallegas

La organización de la F.S.G. de la República Argentina se basaba en pautas estatutarias y programáticas inspiradas por el federalismo republicano. Cada una de las sociedades integradas en la misma -llegó a contar con más de cuarenta- representaban a parroquias, municipios y comarcas de las cuatro provincias gallegas y gozaban de total autonomía en sus actividades específicas dentro de la Federación. En su conjunto movilizaban a miles de gallegos y gallegas emigrados en la Argentina. Las instalaciones de la Federación en su histórico edificio de la calle Chacabuco 947-955 en el barrio porteño más céntrico y clásico de San Telmo, en la capital argentina, y su campo de recreo en las riberas del Rio de la Plata, eran patrimonio de todas la sociedades federadas para sus reuniones directivas, actos sociales, culturales y recreativo-deportivos, etc. Aparte, la edición del periódico Galicia, portavoz de la Federación, era distribuida por correo a todos los asociados gratuitamente, en cuyo tiraje incluía varias páginas reservadas para que las sociedades federadas publicasen sus crónicas y notas sociales comentando sus actos y sus respectivas programaciones futuras.

La Junta ejecutiva de la Federación la integraban proporcionalmente los representantes electos en las asambleas federales, y constituían las diferentes corrientes de opinión existentes en el contexto social y político de la institución. Sus tribunas estaban siempre abiertas a las personalidades más representativas de los partidos políticos gallegos y españoles democráticos, sin excepción, y constituían un ejemplo de pluralismo participativo, único entre todas las asociaciones gallegas y españolas de la emigración y/o el exilio. Así fue antes y durante la República, en el curso la Guerra Civil, en la posguerra y la dictadura franquista. Jamás abdicó de sus principios, aunque a veces se cometieron



Maternidad, óleo de Laxeiro (0,50x0,40 cm.).

errores de conducción que no favorecieron su amplio y fecundo desarrollo como postulaban sus fundamentos orgánicos.

Por sus características y objetivos fue la entidad más luchadora y solidaria en favor de las libertades y el progreso de Galicia y de España, particularmente activa en el período anterior a

la República, durante la vigencia del régimen republicano y en el transcurso de la Guerra Civil. Después siguió un ejemplar ejercicio de la solidaridad con los exiliados, los represalidados y la resistencia antidictatorial dentro y fuera de España, desde 1939 a la caída del franquismo. En ese sentido ninguna otra entidad social superó su entrega a una justa causa.

En diferentes ocasiones Laxeiro participó en actos de la Federación. Su mujer, Lala, frecuentaba las actividades de la comisión femenina, cuyas principales tareas eran de carácter cultural y solidario. En muchas ocasiones las mujeres federadas se destacaron por su laboriosidad e iniciativas propias en la obtención de medios económicos para emprender actos de ejemplar solidaridad con presos por causas políticas, exiliados y familias que demandaban esa acción social. Recuerdo que en algunas de estas jornadas Laxeiro y su mujer contribuyeron con sus respectivas creaciones plásticas para secundar el acopio de los medios económicos perseguidos. En una oportunidad, siendo secretario general de la Federación, asistí a una exhibición que Laxeiro hizo de su espontaneidad para hacer dibujos y distribuirlos entre algunos asistentes a una de estas reuniones de las mujeres, donando un cuadro que trajo expresamente, gesto que fue emocionante y aplaudido por la numerosa concurrencia de compañeras y compañeros federados, como era habitual el trato entre los integrantes de la Federación.

En el Centro Betanzos de Buenos Aires


Esta centenaria asociación betanceira de Buenos Aires fue desde su fundación en 1905 una referencia única de la comunidad betanceira residente en la República Argentina, un lugar de encuentro de esta numerosa colectividad y ejemplo de convivencia democrática y pluralismo de sentimientos y vocaciones sociales y políticas libres de ciudadanos y ciudadanas libres, sin duda más ciudadanos y ciudadanas de lo que se sintieron en el ayuntamiento de Betanzos en algunas etapas históricas por las que tuvo que transitar Galicia y España, donde la condición de ciudadano consistía en permanecer sumiso a los dictados de un vulgar y siniestro personaje local, provincial o estatal que hicieron del caciquismo o de la dictadura los ejes de su poder de unicorde. Una ciudadanía sin democracia y libertades públicas es una condición humillante de existencia, indigna de ningún pueblo. El pueblo o es ciudadano o no es más que una mueca de libertad fingida.

Los betanceiros y betanceiras residentes en Buenos Aires y este pais, desde el mismo momento que pisaron tierra argentina se sintieron siempre gentes libres y respetadas, orgullosas de serlo. En el Centro Betanzos hicieron gala de esas libertades y atributos sin ningún tipo de discriminación. En esa condición de iguales y fraternidad se fue forjando una institución respetada y altamente considerada en la comunidad gallega y española de la Argentina y dentro del propio pueblo argentino.

Así se dieron circunstancias en que en la casa betanceira porteña su hospitalidad alcanzó índices de grandeza al brindarla a aquellos movimientos culturales y solidarios al servicio de la causa de las libertades del pueblo gallego y de España en su conjunto.

Uno de ellos tuvo vigencia de los años 1965 a 1978. Fue la Organización por la Amnístia y las Libertades Democráticas en España y Portugal, a la que estuvieron adheridos destacados intelectuales y representantes de la sociedad progresista de España y Portugal en el exilio, así como innumerables artistas, políticos y personalidades de la cultura de Argentina, conjuntando un fuerte y activo movimiento de solidaridad que consiguió importantes objetivos de liberación de presos políticos en España y Portugal y amplia

repercusión en los medios de la opinión pública, y de la vida política y cultural argentina.



Laxeiro en su estudio.

Laxeiro (2) y su mujer asistían con frecuencia a las reuniones de esta organización. En una ocasión le propuse organizar una conferencia suya sobre pintura y sus propias experiencias en este campo del arte. Hablamos un rato sobre el tema para convencerlo. Le expliqué que ya había tratado previamente del acto en la comisión directiva del Centro Betanzos, en la que desempeñaba el cargo de secretario. Tenía la aprobación de la directiva para convenir con Laxeiro sus honorarios por la actividad solicitada. Laxeiro se negó terminantemente a percibir ninguna compensación económica en caso que decidiera dar la charla, como él definía dicha posibilidad, alegando que no sabía nada de pintura y que nunca había hablado en público. A mi me produjo una estruendosa carcajada. Sabía positivamente que estaba ante un talento y un hombre con una considerable experiencia y veteranía en el arte y en las propias secuencias del día a día y la visión de futuro. Por fin aceptó y ya decidimos como dar a conocer a los medios de comunicación el acto, su contenido, día y hora y lugar.

En esta época se utilizaba mucho la multicopista para reproducir volantes y folios de propaganda y publicidad. Y a ese medio acudimos. En una de las oficinas del Centro Betanzos existía un equipo adecuado para abocarnos a la difusión de la noticia. Extendimos un stencil sobre un vidrio y Laxeiro grabó en él el título de la conferencia en mayúscula estilizada: CONFERENCIA DE LAXEIRO EN EL CENTRO BETANZOS. Más abajo y en amplio recuadro hecho también por él con un punzón, dibujó un muchacho desnudo jineteando un esbelto caballo al galope y con las crines al viento, como la cabellera del jovenzuelo, en una impresionante simbología de elegancia y gallardía. En la parte inferior del grabado ya con letra mecanografiada se indicaba el día, la hora y la dirección del Centro Betanzos: Calle México 1660 - Capital Federal (Entrada libre).

La noticia se extendió en diversos diarios bonaerenses, uno de los cuales de mayor circulación, publicó con el programa del acto el dibujo de Laxeiro. Llegó el día del acontecimiento y las instalaciones del Centro Betanzos rebosaban de público. A la hora fijada no quedaba espacio libre alguno. El presidente de la entidad, Enrique Sóñora Couceiro, con María Teresa León a su derecha y José Otero Abeledo -LAXEIRO a la izquierda, dio la bienvenida a los numerosos asistentes: “Señoras y señores, por primera

(2) Laxeiro concurría a las reuniones de la OALDEP en su carácter de Vicepresidente de la Asociación de Artistas Plásticos de la Argentina.

vez en mi vida me corresponde presidir un acto público tan representativo y concurrido que me faltan palabras para agradecerles su asistencia, con la solemnidad y gratitud debidas que merecen, pero estoy seguro que de este acto saldrán todos ustedes complacidos por su original contenido y su sentido humanístico. María Teresa León, compañera de Rafael Alberti, aquí presentes, y ampliamente conocidos por su talento y brillante creación literaria y poética, en la vanguardia del mundo, será ella quien tenga a su cargo la presentación del conferenciante. María Teresa León tiene la palabra."

María Teresa León al referirse a la personalidad y originalidad de las pinturas de Laxeiro dijo que estaba hablando con la ternura y el humedal y verdor de Galicia, y con el dolor rosaliano de ausencias, emigraciones y exilios injustos y penosos en todos los casos, pero particularmente trágicos para un artista que lleva en su sangre y en su espina dorsal el numen de aquella tierra lejana a la que tantas veces amó y de la que se vio obligado a abandonar muchas otras ... De tales esencias surge una pintura fuerte como el roble y colorida y pujante como los surcos de siembra en tierras de Lalín, muy cercanas al conferenciante, del que conozco por comentarios de gentes del Centro donde se celebraba el acto que no era muy partidario de ofrecernos esta conferencia, por una supuesta inhibición de hablar en público -ante mucho público, como hoy- y además no haberlo hecho nunca. Pero no nos va a dejar salir de aquí sin hacernos partícipes de una velada cultural desprejuciada y valiente. Es un hombre de mundo, un actor nato, y un pintor sin igual. No hay otro Laxeiro. Sólo el que está con nosotros es capaz de decirnos quién es, de donde viene y adonde va. Y eso en el arte es de vital importancia. Las formas y los matices policromáticos se advierten en su obra. Es decir, su obra es él y está hoy con nosotros. Laxeiro tiene la palabra.

A María Teresa no le habíamos dicho nada acerca de que Laxeiro manifestara con cierta picardia que no sabía nada de pintura ...

Laxeiro vaciló un poco antes de comenzar la disertación. Ni siquiera tenía anotaciones. Todo su discurso expositivo estuvo regido por una espontaneidad e improvisación de admirable impacto emocional y sensación de una rampa ascendente y descendente que producía vértigo e hilaridad, según el acto que el actor elegía para dar continuidad y densidad temática o reposo meditativo para la acción siguiente. Fue una auténtica revelación de un talento acumulado en una mentalidad infinitamente humana, con una apariencia indisciplinada. Volcó en la conferencia toda su experiencia vital.

Historió su vida desde su infancia en la aldea natal, donde se preguntaba sobre los secretos de la naturaleza viva y recóndita. Relató como en la corteza de los sauces y alisos grababa figuras y palabras que se iban ensanchando con el crecimiento de los árboles, y como construía flautines y pipiritañas de alcaceres y cortezas extraídas íntegras de ramas de las betuláceas.

En sucesivas reflexiones en torno a como fue introduciéndose en el dibujo y la pintura abundó en anécdotas y metáforas muy originales y variopintas, desde aquellas que producian una explosión de hilaridad a las que por su genuino sentido e interpretación del dolor y la adversidad constreñian el corazón.

Entre las primeras merecen una mención particular sus experiencias en las ferias de Lalín, adonde concurría en su adolescencia llevado por su pasión al dibujo y la pintura y por una necesidad de supervivencia primaria. Allí instalaba una silla, una pequeña mesa y un caballete y un letrero colgado de una rama para llamar la atención de la concurrencia y

promover su original oferta: “Afeitado e retrato por dous reais” . A pesar de la ganga los clientes escaseaban. Eran tiempos de escasez y pobreza en nuestro país y las delicias de un buen afeitado y la compra de un retrato hecho por un pintor desconocido eran atrevimientos limitados. Bajó la tarifa y la cosa empezó a moverse. En una ocasión de fiesta y feria coincidentes hizo quince dibujos y nueve afeitados. Ese día óptimo empezó a firmar sus obras de arte como Laxeiro .

Se preguntó a sí mismo. “¿Por donde andarán aquéllas óperas primas de mis andanzas de adolescente? ¿Que será de aquél hombre, ya mayor, de barbas blancas y tan duras como codesos, parco en palabras, que me pidió un cuadro con la barba y otro después de afeitado, operación convenida en tres reales?

Fue dramática la segunda escena de una obra inconclusa. Primero se sentó en la silla como un patriarca y lo pinté con especial dedicación y gusto. Hice de su efigie un auténtico Bakunin. Quedó maravillado de su figura apostólica, y faltó poco para que anulara el trato suprimiendo el segundo y tercer actos. Ojalá lo hubiera hecho, pero al fin se decidió para hacer el afeitado.

Traté por todos los medios a mi alcance de llegar al fondo de su barbado rostro con una intensa aplicación de un enjabonado. Era inútil. Su densa y tupida barba impedian cualquier ablande previo al rasurado. Intenté una y otra vez iniciar el afeitado con la navaja barbera bien afilada y no hubo caso. Rechinaba y retrocedia amenazando con romperse por la parte más fina. No quedó más remedio que recurrir a las tijeras. Si fuesen de podar irían mejor, pero las que yo tenía me hicieron sudar tinta. Por fin finalizó la fase de las tijeras, y continué la faena del afeitado con un fatal desenlace. Un pequeño corte en el mentón originó una insistente hemorragia, alterando la paciencia del cliente hasta extremos de histeria. Me corrió a bastonazo limpio y desaparecí del escenario, abandonando el tenderete ante la furia del Bakunin de la pintura que no dejó nada en su lugar. Era el día de mi 13º cumpleaños.

Visto lo visto decidí emprender el camino de la emigración, y a las pocas semanas me embarcaba para La Habana. Las circunstancias no me ofrecían nada bueno en mi tierra. Como todo emigrante me iba con pena pero esperanzado en conseguir un trabajo que me permitiera la supervivencia y un espacio disponible para dedicarme a lo que era y siempre fue la pasión de mi vida en el arte: la pintura.

En Cuba tuve ocasión de colaborar en algunos periódicos y de asistir a centros de perfeccionamiento, a conferencias y exposiciones que en conjunto me permitieron avanzar en el campo de mis devociones artísticas. Lamentablemente me falló la salud. Una enfermedad pulmonar forzó mi regreso a España.

De vuelta en Galicia mejoró poco a poco mi estado físico y recomencé la actividad pública en la pintura con exposiciones, en una de las cuales fui premiado por la Diputación de Pontevedra; mi paso por la Academia de Bellas Artes de San Fernando y hasta hoy, con todas las alternativas gratas e ingratas de la vida.

Debo destacar que en los años de mi permanencia en la Argentina mi vocación se ha fortalecido y enriquecido, gracias a la impresionante actividad cultural de Buenos Aires donde florecen las diversas escuelas y procedimientos pictóricos.Aquí sentí un tremendo influjo de la diversidad y la calidad, y como gallego tengo la natural nostalgia propia de nuestras características, en parte importante amortiguada en mis encuentros con los paisanos, pero mi pintura está indisolublemente inspirada en sus raíces gallegas, rezuma universalidad, y es respetuosa de todas las expresiones plásticas. Y al propio tiempo,

manifiesta mi anarquismo indolente, mi rebeldia y disconformidad con lo que considero injusto, hipócrita o falso. Yo sigo siendo siempre el mismo...".

Después de la conferencia las autoridades del Centro Betanzos ofrecieron una cena a Laxeiro y su mujer, a María Teresa León y Rafael Alberti, al presidente de la Sociedad

Argentina de Escritores, Bernardo Canal Feijóo y los pintores Ismael Mallo López y Benito Quinquela Martín, así como otras destacadas personalidades de la cultura. Laxeiro fue el centro de la mesa con un torrente de anécdotas y relatos de mosquetero de la picardía y la risa más explosiva.

Fue un acto inolvidable.



«Home con flor», 1975. Tinta sobre papel (24x 16 cm.) Colección particular.

Apuntes gráficos dunha orquestra popular das Mariñas: Os Rambalts

XULIO CUNS LOUSA*
XOSÉ Mª VEIGA FERREIRA**

Sumario

Comentarios a varias fotografías e carteis que nos mostran diversos aspectos, algúns dos seus integrantes e a evolución dunha orquestra de baile da comarca das Mariñas: Os Rambalts.

Abstract

Comments on various photographs and posters which show us different aspects, some of the players, and the evolution of a dance orchestra from the Mariñas region: The Rambalts.

Non se pode denominar máis que *apuntes* a este pequeno acercamento a unha das formacións musicais que ó longo de corenta anos, animou as festas das Mariñas. Gran cantidade dos músicos da comarca –e houbo bastantes- tocaron nalgún momento na Orquestra Rambalts, formación que foi unha verdadeira institución, aínda que non foi a única.

As orquestras de baile son un fenómeno relativamente moderno, xa que se orixinaron nos primeiros anos do século XX. O nacemento e a súa evolución vai responder a un cambio nos gustos e forma de desenrolar as festas tradicionais. Neste cambio tiveron gran influencia a introducción dos novos ritmos como o jazz, o tango, a samba, etc. que se escoitaban nas primeiras décadas do século gracias ós novos medios técnicos como eran a radio e o cine sonoro. Estes van ser, sen lugar a dúbidas, dous elementos fundamentais na universalización da música.

- I Encontro Provincial de Voluntariado no Albergue de Gandarío. Un voluntario.

CAMPAÑAS E EVENTOS VARIOS

1. DÍA DA BANDEIRIÑA. O día 1 de Maio, como xa é tradicional, celebrouse o "Día da Bandeiriña", que cada ano é posible gracias á colaboración desinteresada de voluntarios/as doutras asociacións de Betanzos: Asociación de Mulleres Rurais "Liafail", Asociación Española contra o Cancro, Cáritas, e a Asociación de Amas de Casa. Participaron 13 voluntarios/as de tódalas áreas desta Asamblea.

2. SORTEO DO OURO. O 21 de xullo celebrouse en Pamplona o popular Sorteo do Ouro de Cruz Vermella Española, que é unha das principais fontes de ingreso desta Entidade, e que contou coa colaboración de 17 voluntarios/as e de varios establecementos.

3. SORTEO DE LOTERÍA EXTRAORDINARIO DE NADAL.

Como novidade con respecto a outros anos, cabe sinalar a venda de participacións para o sorteo de Lotería Extraordinario de Nadal que se celebra o día 22 de Decembro. O número co que se participou foi o 53371, e contouse coa colaboración de 7 voluntarios/as.

4. DÍA MUNDIAL DO VOLUNTARIADO. Xunto con outras sete asociacións de voluntarios de Betanzos: Cáritas, Manos Unidas, Hermanas Hospitalarias do Sagrado Corazón de Xesús, Intermón Oxfam, Asociación de Loita Contra o Cancro, Asociación Xuvenil Brigantium, e o Voluntariado do Concello, celebrouse, na Plaza da Constitución, o Día Mundial do Voluntariado, o 5 de Decembro.

Este día repartiuse un manifesto do Voluntariado, realizado conxuntamente por tódalas asociacións, e cada unha informou acerca das súas actividades. Voluntarios/as de Cruz Vermella Xuventude realizaron xogos para os máis pequenos/as que se achegaban ata a Praza do Campo.

5. CAMPAÑA "PON O TEU MÓBIL ONDE MÁIS SE NECESITA". Campaña lanzada por Cruz Vermella e Entreculturas (Alboan no País Vasco e Navarra), que pretende a recollida de teléfonos móbiles para xerar recursos para os seus programas de educación e desenvolvemento en sectores desfavorecidos en países do Sur e contribuir á conservación do medio ambente. Dende o 7 de setembro e baixo o lema «Pon o teu móbil onde máis se necesita», busca dar utilidade social ós móbiles que xa non están en servizo, para crear unha nova vía de obtención de recursos para apoiar proxectos sociais, informar á sociedade sobre as necesidades máis acuciantes dos países do Sur, sensibilizar á poboación española sobre a necesidade de coidar o Medio Ambiente e implicar a empresas e institucións.

A loxística de recollida, reciclaxe e recuperación dos móbiles corre a cargo de CMR, Corporate Mobile Recycling Ltd., unha compañía do Reino Unido especializada na *xestión ecolóxica* de residuos de móbiles fora de uso e na recuperación e posta a punto de terminais viables. CMR é colaboradora habitual de outras ONG en campañas solidarias. Esta compañía recolle e analiza estes terminais. Se o móbil non funciona ou é moi vello, o recicla según os protocolos de protección medioambiental e tratamento de residuos perigosos, asumindo o coste do proceso. Se o móbil funciona ben ou é reparable o recupera para reutilizalo e contribúe ós fins de Entreculturas e Cruz Vermella cunha cantidade acorde ós prezos de mercado. Para colaborar, pódense deixar estes móviles nas caixas da propia oficina da Cruz Vermella, na Casa da Xuventude de Betanzos, e na Oficina de Información Xuvenil do Concello de Sada.

CRUZ VERMELLA XUVENTUDE

Neste ano cabe destacar o nomeamento de tres voluntarios/as desta Asemblea en diferentes postos a nivel estatal e provincial:

-Santiago Mosquera Faraldo, no mes de setembro foi elexido membro da Comisión Estatal de Saúde de Cruz Vermella Xuventude.

-Almudena Fernández González e Emilio Francos López, foron elexidos, no mes de Decembro, Directora e Vicedirector Provincial de Cruz Vermella Xuventude respectivamente.

1. CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE XOGUETES

Baixo o lema "Desarma os teus xogos" esta campaña 2003-04 de recollida de xoguetes presentouse na Asemblea Local de Betanzos polos voluntarios de Cruz Vermella Xuventude. Dende CVX trabállase pola igualdade, a xustiza social e os dereitos da infancia, promovendo unha resposta social solidaria, como é a entrega de xoguetes novos e non bélicos ós nenos e nenas pertencentes a familias de colectivos vulnerables. Además trátase tamén de sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre as situacións de desigualdade social que nos rodean. Como noutros anos incidiuse en que os xoguetes fosen novos, educativos, non bélicos e non sexistas. Novos porque non se debe nin se pode establecer diferenciacións entre familias con diferentes recursos; educativos porque un xoguete non só debe de se ser para xogar senón que debemos de ver en él unha ferramenta máis para educar; non bélicos, porque se pretende educar en e pola paz; e non sexistas porque non se debe establecer

diferenciacións entre sexos. Tamén se recolleron xoguetes usados que eran educativos e estaban en moi bo estado.

Esta campaña pode situarse mayoritariamente no Concello de Betanzos, aínda que tamén se beneficiaron nenos/as de Concellos como Paderne, Coirós, Miño, Irixoa, Bergondo e Aranga, e tamén un grupo de nenos/as da Asociación coruñesa Remar.

Ós particulares deuselles cumprida información da Campaña persoalmente a todos os que acudiron a preguntar ou a doar xoguetes, e ós comerciantes entregóuselles unha carta e un díptico explicativo que contiña información básica, e tamén se lles informou que non só se pretendía recoller xoguetes, senón tamén calquera producto do seu comercio, coa fin de abarcar máis idades e agasallar roupa e complementos.

Esta campaña de xoguetes desenvolveuse nos meses de decembro de 2003 e xaneiro de 2004. Oficialmente, comenzou a principios de decembro, cando chegou a documentación da campaña (dossier informativo, carteis e dípticos), e logo presentóuse a todos os voluntarios/as participantes, que se puxeron a traballar coa fin de que todo estivese listo para que o día 5 de xaneiro poideranse entregar os xoguetes ós pais dos nenos/as beneficiados. Os destinatarios foron 133 nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e os 17 anos. Un 53% pertencían ó Concello de Betanzos, mentras que un 47% facíano a municipios cercanos, como Coirós, Paderne, Miño, Irixoa, Bergondo e Aranga. Contóuse coa axuda de 9 voluntarios/as: Bea, Cecilia, Ana, Graciela, Alexandre, Alma, Almudena, Chelo e Iria. Recolléronse xoguetes nos comercios, no local da Vermella, e no campo de fútbol García Hermanos para recoller as doazóns feitas polo Betanzos C.F.

A valoración da campaña deste ano foi moi positiva xa que se incrementaron notablemente o número de usuarios e de doacións recibidas. En total foron 78 os comercios colaboradores e todos eran de Betanzos.

2. CAMPAÑA "ESCOLAS, PONTES DE SOLIDARIDADE"

Cruz Vermella Xuventude aposta pola creación da Área de Educación para o Desenvolvemento e Cooperación Internacional, fortalecendo a implicación da asociación no marco da cooperación internacional con accións



específicas de participación e acción. Deste modo, CVX de Betanzos desenvolve a súa labor nesta área a través de diferentes vías, como é a da Cooperación Internacional, có obxectivo de reducir a vulnerabilidade da infancia e xuventude en situacións de desastres naturais e desigualdade, fortalecendo en tódolos casos as Sociedades Nacionales onde se actúa, e impulsando actividades vinculadas ás grandes crisis humanitarias e ás campañas de recadación de fondos que apoien: Axuda Humanitaria, Cooperación para o Desenvolvemento e Cooperación Institucional.

A Campaña "Escolas, Pontes de Solidaridade" queda así enmarcada nestas actuacións có propósito de fortalecer as capacidades da infancia e xuventude, nesta ocasión de Colombia e Mozambique, propiciando o desenvolvemento dunha sociedade menos vulnerable. A gravidade da situación en determinadas zonas xeográficas que sofren pobreza estructural afectadas por desastres naturais ou conflictos armados, lévanos a pensar nun dos colectivos máis vulnerables que poden ser afectados, a infancia e a xuventude, así como a repercusión nun dos procesos fundamentais para o seu desenvolvemento persoal e comunitario: a educación.

A educación non só implica un proceso de ensinanza e aprendizaxe académico, senón un

desenvolvemento integral da persoa, a nivel social, cognitivo e afectivo. O feito de que millóns de nenos/as non poidan participar dos procesos educativos, da posibilidade de relacionarse no seu lugar de convivencia e da disponibilidade dos recursos mínimos é un problema que preocupa prioritariamente a CVX.

Por iso, non só quere basar as suas accións en intervencións de sensibilización e educación no noso país, senón que entende que é necesario colaborar, a través da infancia e xuventude españolas, para que outros nenos e nenas disfruten axeitadamente dos seus procesos educativos no marco doutros proxectos de Cooperación Internacional de Cruz Vermella. Con esta Campaña pretendía sensibilizar ós alumnos de primaria do Colexio Público Cruz do Sar sobor das situacións sociais e educativas de Mozambique a causa da pobreza, desastres naturais ou consecuencia de conflictos armados, e dotar dos materiais escolares mínimos ós nenos e nenas daquel país. Os destinatarios desta campaña son dous, os de España, neste caso os 149 alumnos do colexio Cruz do Sar que cursan 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e 1º da E.S.O, e os do material escolar, dos que podemos sinalar que son 9.000 nenos e nenas en idade escolar de Mozambique pertencentes ás provincias de Manica, Nampula e C. Maputo.

Foi unha campaña moi positiva, tanto pola implicación dos voluntarios como pola colaboración do colexio e da participación dos alumnos; así como polo material recollido. En total participaron 150 alumnos/as do C.E.I.P Cruz do Sar de Bergondo, e enviáronse 113 bolsas con material escolar.

3. XORNADA DE EDUCACIÓN VIAL NO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN

No colexio de Educación Especial Sagrado Corazón de Betanzos tiveron lugar, 12 e 19 de Maio, unhas xornadas adicadas á educación vial, a través de dinámicas adaptadas ós destinatarios/as das mesmas, un total de 50 rapaces/as aprenderon diferentes aspectos da educación vial con sete voluntarios de CVX: Santi, María, Alma, Alexandre, Blanca, Alicia, e Chelo

4. XOGOS TRADICIONAIS NA VII FEIRA FRANCA MEDIEVAL

Un ano máis, Cruz Vermella Xuventude, colaborou có Concello de Betanzos na VII Feira Franca Medieval. Oito voluntarios animaron a mañá do día 11 de Xullo ós máis novos a participar en xogos tradicionais, tales como carreira de sacos, carreira de relevos de ovos, tirar da corda ou a intentar coller unha mazá colgada dunha corda sen utilizar as mans.

5. DÍA MUNDIAL DA S.I.D.A.

Con motivo do día Mundial da S.I.D.A. o un de decembro, CVX sumouse a este día pendurando un gran lazo vermello do balcón no edifico do cine Alfonsetti en colaboración có Concello de Betanzos. Tivo tamén un posto informativo na oficina da Vermella e colgou otros lazos e información neutros puntos coma a Casa da Xuventude, a biblioteca, os centros educativos de secundaria, no centro social, …Durante ese día houbo un posto informativo na oficina de Cruz Vermella.

6. CAMPAÑA DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NA INFANCIA E XUVENTUDE ("Cadernos de Abel")

Esta campaña consistiu nunha serie de accións destinadas a sensibilizar a nenos/as para comprender a realidade do mundo no que vivimos e a importancia da Cooperación Internacional e da Educación para o Desenvolvemento, para aprender a compartir e traballar entre todos e todas para construir un mundo mellor.

Esta acción está enmarcada nas accións do ano 2004 de sensibilización e Educación para o Desenvolvemento da Estratexia 2001- 2004 de Cruz Vermella Española e a Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI).

Os obxectivos foron reforzar os valores de solidaridade e cooperación nos nenos e nenas de 6 a 12 anos, fomentar a tolerancia e a solidaridade con outras persoas e pobos, o respeto hacia outras formas de vida e a cooperación como forma de traballo, e a importancia e necesidade das accións da cooperación internacional e da educación para o desenvolvemento.

Participaron os Colexios C.E.I.P. de Curtis, onde participaron 39 nenos/as de 5º e 6º de Primaria, e o C.E.I.P. "Virxe da Cela" de Monfero, con 41 nenos/as de 5º e 6º de Primaria. Para a realización desta actividade, contouse coa colaboración de seis voluntarios/as.

Cruz Vermella Xuventude de Betanzos quere agradecer a todos as colaboracións e apoios que cada ano prestan as institucións, concellos, asociacións, medios de comunicación, anónimos e voluntarios/as ós proxectos que desenvolve, pois sen cada un deles non podería levar a bon porto todas estas actividades. Gracias.



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego / O Correo Galego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Periódico de las Mariñas Coruñesas* e *Mariñán*.



Balconadas.

1 de xaneiro de 2004
Como ven sendo habitual nos últimos anos, un gran número de mozos da comarca elixiron a nosa cidade para pasar as primeiras horas do ano, tomar o chocolate e percorrer os distintos postos da feira.
3 de xaneiro de 2004
Dentro do programa de Nadal organizado polo Concello, tivo lugar no Edificio Liceo o *II Campionato de Xadrez*, organizado polo Club Xadrez Betanzos, Asociación Xuvenil Lanzós e Asociación de Veciños Rosalía de Castro. O primeiro clasificado foi José M. Lodeiro.
4 de xaneiro de 2004
Na aula Municipal de Cultura, e dentro do *Programa de Nadal* elaborado polo Concello, tivo lugar a representación da obra "*A longa agonía das centolas*", a cargo do grupo de Teatro da Lúa. Esta representación estivo enmarcada no convenio entre o Concello de Betanzos e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).



5 de xaneiro de 2004
Os Reis Magos de Oriente percorreron as rúas da cidade e atenderon as peticións dos máis pequenos. A organización correu a cargo dos Amigos da Cabalgata, que contou co patrocinio do Concello e coa colaboración dun grupo de voluntarios do concello.



César Delgado

Xaneiro de 2004
Neste mes foi distribuído entre os veciños o novo calendario editado polo Concello, con fotos antigas do Arquivo Municipal e fotos actuais nas que participaron os fotógrafos da cidade.

17 de xaneiro de 2004
A "avoa de Betanzos" como se lle coñece a Dª Petra Josefa Fernández Vázquez, cumpriu neste día cento tres anos. Con este motivo o Alcalde, D. Manuel Lagares, trasladouse ó seu domicilio para entregarlle un agasallo.



19 de xaneiro de 2004
Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, dirixida polo violinista Michael Gilbert.
Xaneiro de 2004
Neste mes poido contemplarse no Edificio Liceo a obra do gravador sirio Ali Ali.

Xaneiro de 2004
As parroquias de Betanzos editaron un calendario litúrxico para o ano 2004.

28 de xaneiro de 2004
Dª María Barral tomou posesión do cargo de concelleira, asumindo as funcións da Concellería de Servicios Sociais, Turismo e Emigración que viñera desempregando ata agora D. Xosé Manuel Montero, quen renunciou ó seu cargo.



Xaneiro de 2004
O Concello instalou mobiliario de xogos para os nenos na Praza de Doña Águeda e no parque da rúa Pintor Seijo Rubio, e sustituiu o existente no parque infantil do Pasatempo, adaptando á nova normativa europea.
29 de xaneiro-1 de febreiro de 2004
A cidade de Betanzos estivo presente ó longo destes días na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur). A delegación municipal estivo encabezada polo

Alcalde, D. Manuel Lagares, a Concelleira de Turismo, Dª. María Barral e a Concelleira de Economía e Festas, Dª Beatriz Gómez Iglesias. Ademais de dar a coñecer os atractivos da nosa cidade aproveitouse a ocasión para establecer lazos de unión cos betanceiros afincados en Madrid.



4 de febreiro de 2004

Presentouse a última novela de Xabier López "*A vida que nos mata*" que fora premio de novela García Barros 2003. No acto celebrado na sala azul do Liceo interviron D. Carlos Lema, pola editorial Galaxia, D. Francisco X. Fernández Naval, D. Xosé Luis Sobrino e o autor.

8 de febreiro de 2004

Patrocinada por Caixa Galicia e organizada polo Concello tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra *Liturxia de Tebas*, da autoría de Manuel Lourenzo. A representación correu a cargo do grupo Casahamlet.

9 de febreiro de 2004

O Vicepresidente da Deputación Provincial, D. Xaime Vello, visitou o casco histórico da cidade. Estivo acompañado do Concelleiro de Urbanismo, D. Isidro Doporto e o Concelleiro de Casco Histórico, D. Xabier López.

Febreiro de 2004

Coñeceuse que a páxina web do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, recibiu un accésit no primeiro concurso de premios Siega (Sistema de Información de Educación Galega) convocado pola Xunta de Galicia. A páxina que realiza e coordina o profesor D. Pedro Rodríguez, contén unha ampla información sobre a historia, características e organización do centro.

12 de febreiro de 2004

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a segunda fase do convenio entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello para a rehabilitación de 31 vivendas e edificios no casco histórico.



17 de febreiro de 2004

O Presidente da Confederación Galega de Minusválidos (Cogami), D. Domingo Dosil Cubelo, e o Alcalde, D. Manuel Lagares, asinaron un convenio para a instalación dun quiosco na nosa cidade. O obxetivo é a creación de postos de traballo e facilitar a inserción de personas con minusvalías.



César Delgado

19 de febreiro de 2004

Na Sala multiusos do Edificio Liceo tivo lugar a presentación dun libro de D. Antonino Vázquez Bonome e Dª María García Fernández, titulado *Tratado de auditoría laboral*. A presentación correu a cargo do profesor de dereito, D. Antonio Mª Faraldo Tenreiro. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Manuel Lagares.

19 de febreiro de 2004
Na Aula Municipal de Cultura e organizada pola Escola de Fútbol Base de Betanzos, tivo lugar unha charla coloquio sobre a transición do fútbol base a fútbol de elite. Para a ocasión contouse coa presencia do adestrador do deportivo Javier Irureta, do segundo técnico, Pazo Melo e dos xogadores do primeiro equipo, Manuel Pablo e Diego Tristán.



César Delgado

20 de febreiro de 2004
O Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda, realizou unha visita oficial á a nosa cidade. Foi recibido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e estivo acompañado de varios concelleiros e representantes dos distintos partidos políticos. Visitou o Centro Internacional de Estampa Contemporánea, o Colexio Vales Villamarín e o Parque do Pasatempo.

20-25 de febreiro de 2004
Desenrolouse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo Concello, no que tiveron cabida bailes, atraccións para nenos, concursos de disfraces, rematando co enterro da sardiña no río Méndeo. O Antroido en Betanzos deixou curiosas e simpáticas imaxes nas que se ve a imaxinación e o bo humor dos betanceiros para disfrutar destas festas tradicionais.

26 de febreiro de 2004
Un grupo de estudiantes do Liceo Adam Mickiwicz de Cracovia (Polonia), que participaron nun intercambio cultural cos alumnos do Instituto Francisco Aguiar, foron recibidos na Sala Capitular polo Alcalde, D. Manuel Lagares, a quen acompañaban a Concelleira de Servicios Sociais, Turismo e Emigración, Dª María Barral e o Concelleiro de Casco Histórico, D. Xabier López.

Febreiro-Maio de 2004
Nestes meses o *Tren da Lingua* achegou á nosa cidade a máis de dous mil escolares da Coruña e Ferrol. Estes viaxes véñense realizando nos últimos anos para acercar ós máis pequenos ó tren e ó mesmo tempo fomenta-lo uso do idioma. A iniciativa foi promovida pola Xunta de Galicia, Renfe e Caixanova, e contou coa colaboración do Concello.

27 de febreiro de 2004
O Grupo de Teatro do Instituto Francisco Aguiar dirixido polo profesor D. Constantino Chao, representou na Aula Municipal de Cultura *El rey enamorado* e *Monólogos de Antroido*.

29 de febreiro de 2004
Na Aula Municipal de Cultura e a cargo do Grupo Bacana Teatro representouse a comedia musical *Ratman & Bobyn*.


3 de marzo de 2004
Faleceu neste día en Madrid D. Francisco Iglesias González. Ocupaba dende había pouco tempo a Cátedra de Empresa Informativa da Universidade Complutense de Madrid. Foi un dos primeiros

doutores españois en Ciencias da Información na Universidade de Navarra. Foi autor de varios libros: *Betanzos revivido; Historia de una empresa periodística: Prensa española (1891-1978); Guía de los estudios universitarios: Ciencias de la Información..., Marketing y gestión de periódicos; La empresa informativa; La alegría de vivir en gracia*. Foi autor así mesmo de numerosos artigos periodísticos e coautor do libro, *El Globo de Betanzos*. Desde a redacción do Anuario Brigantino lembrámolo con amizade e moito agarimo.



Marzo de 2004

A Biblioteca de Betanzos contou a partir deste mes cun novo servicio que permite ós usuarios consultas en internet a través de varios ordenadores na sala de lectura. Esta nova mellora foi realizada pola Xunta de Galicia a través do programa *Red.es*.



8-17 de marzo de 2004

Celebráronse ó longo destes días os actos programados do Día Internacional da Muller, organizados pola Concellería de Servicios Sociais. Realizouse na Sala de Exposicións do Edificio Liceo unha mostra fotográfica titulada: *Ser muller en Afganistán*. Os actos completáronse coa proxección no salón multiusos dos films *Solas* de Benito Zambrano e *Flores de otro mundo* de Itciar Bollaín.

13 de marzo de 2004

Betanzos uniuse ás manifestacións de protesta que se produciron en todo o Estado con motivo dos atentados terroristas do 11 de marzo en Madrid. Milleiros de persoas concentráronse na Praza da Constitución e rúas contiguas. Os asistentes gardaron cinco minutos de silencio baixo o lema "Coas víctimas, coa Constitución e pola derrota do terrorismo".



César Delgado

14 de marzo de 2004
Celebráronse as eleccións xerais ó Congreso de Deputados. No Concello de Betanzos acudiron a votar 8.596 persoas. Os resultados foron os seguintes: Partido Popular (3.783 votos), PSOE (3.454), BNG (933), EU-IU (144), outros (204) e 78 votos nulos.

19 de marzo de 2004
A artista e profesora do Centro Internacional de Estampa Contemporánea de Betanzos, Anne Heyvaert, recibiu en Marbella o premio José Luis Morales y Marín, pola súa obra "Caja de cartón 2", nos XI Premios Nacionales de Grabado, convocados polo Museo de Grabado Español Contemporáneo de Marbella.

24-25 de marzo de 2004
Desenroláronse ó longo destes días as xornadas *Todosenior*, de atención ós maiores que organizou o Consorcio das Mariñas dentro do proxecto *Andar*, coa colaboración do Fondo Social Europeo e a Deputación Provincial. O obxectivo foi o de formar e insertar laboralmente no ámbito dos servicios sociais a persoas con necesidade de emprego. Ademais das conferencias e información diversa, poido contemplarse unha mostra das últimas novidades deste sector. O acto de inauguración correu a cargo da Directora Xeral do Maior e Persoas con Discapacidade da Xunta de Galicia e foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares. As xornadas foron clausuradas polo Presidente da Deputación, D. Salvador Fernández Moreda.

25 de marzo de 2004
Pasaron por Betanzos os alcaldes e representantes dos municipios integrados no Consorcio do Camiño Inglés (Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo, Mesía, Ordes, Oroso e Santiago), que realizan unha peregrinación institucional como acto de promoción desta ruta. Na etapa que compredía a nosa cidade foron acompañados por varios concelleiros dos distintos grupos políticos con representación municipal.


César Delgado

29 de marzo de 2004
Comerciantes de Betanzos participaron nunha viaxe a Pontevedra, organizada pola Concellería de Comercio, Casco Histórico e Desenvolvemento Local, para coñecer o proceso de peonalización que se levou a cabo na zona monumental desa cidade.

Marzo de 2004
Neste mes realizáronse traballos de restauración no retablo do Convento das Agustinas Recoletas, que data do s. XVIII. Estas labores poideron levarse a cabo pola colaboración da Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Concello e por aportes de particulares.

Marzo de 2004
A Asociación Galega da Carne distinguiu cunha insignia de ouro a D. Andrés Marqués Velo, pola súa labor como director do Matadeiro Frigorífico de Montellos.

3 de abril de 2004
Membros de tódalas Corporacións democráticas, que formaron parte do Concello desde o ano 1979, festexaron o 25 Aniversario das primeiras eleccións democráticas. Os actos consistiron nunha ofrenda floral no cemiterio polos Concelleiros xa falecidos, e posteriormente nunha recepción na Sala Capitular do Concello. Aquí, D. Vicente de la Fuente leu o seguinte discurso:

25 ANIVERSARIO DE LAS ELECCIONES MUNICIPALES
Hoy se cumplen 25 años de las primeras elecciones democráticas. Estamos aquí los protagonistas de aquella primera legislatura, y estais también los componentes de las siguientes.
Como ya dije en acto plenario del 26 de septiembre de 1979 al tomar posesión como Alcalde titular, me encuentro aquí "porque los caminos de Dios no son nuestros caminos". Hoy le hubiese correspondido al que fue nuestro primer Alcalde democrático, D. Ramón Sánchez García.



César Delgado

Es Día de recordar con alegría, y confirmo lo que dije en esta misma Sala Capitular en el acto de despedida de la primera Corporación, "los tiempos no han sifo fáciles pero sí han sido interesantes. La verdad histórica no podrá negarnos la parte que nos corresponde a la adaptación de nuevos sistemas. Creo que toda la Corporación ha sabido estar a la altura de las circunstancias".

Se ha gobernado con luz y taquígrafos, y las decisiones han estado por encima de las ideologías partidistas, afanándose más en los temas estructurales por ser los que a la larga generan mayor bienestar y riqueza.

Hemos potenciado un estilo nuevo: El de la tolerancia, participación y transparencia, y quizás todo ello, nos ha permitido el poder mantener una relación fluida entre todos nosotros.

En la función del Voto a San Roque del año 1980 le decía: "Temos esperanza: Na nosa Galicia e na nosa xente betanceira, pero sabemos que soamente traballando e colaborando axudámosche a que nos axudes."

Hoy también sigo teniendo esperanza, de que por encima de las lícitas diferencias ideológicas, se trabaje conjuntamente en beneficio de nuestro Betanzos que en definitiva es lo que importa.

Se hoxe estivese con nós, o portavoz que foi do Partido Comunista da nosa Corporación, Ricardo García Gondel, podería lernos un fermoso poema que publicou en plena dictadura, aló polo ano de 1972 nun diario rexional adicada á Virxe dos Remedios e que na primeira estrofa dicía:

De lonxe veñen as xentes,
A pedirlle reverentes.
Remedio pra os seus males,
Entre doenzas e cantigas lares.



César Delgado

Y terminaba al final diciendo:

¡ Virxen dos Remedios!
Tes os téus medios.
¡Sinto medo! ¡Rézoche baixo!
El fálame do refaixo.
¡Virxen dos Remedios!
Ti, tes os téus medios.

No quisiera despedirme sin daros las gracias a todos, y muy especialmente a los componentes de la PRIMERA CORPORACIÓN DEMOCRATICA. Creo que podemos felicitarnos por la transición política municipal efectuada y a la vez sentirnos orgullosos de ella.

Vicente de la Fuente García



César Delgado



3 de abril de 2004

O escritor e actual concelleiro, D. Xabier López foi galardoado co Premio Nacional da Crítica, no apartado de lingua galega, pola súa obra *A vida que nos mata*. Este premio auspiciado pola Asociación Española de Críticos Literarios fallouse neste día na cidade de Pamplona.

3-11 de abril de 2004

Ó longo destes días viñéronse desenrolando os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo sacerdote e Doctor en Teoloxía, D. Andrés López Calvo, na igrexa de San Francisco. Os actos máis relevantes foron as procesións de Domingo de Ramos, Vía Crucis, Santo Enterro e a dos Caladiños.

6 de abril de 2004


Encadrada dentro dos actos de celebración da Semana Santa e organizada polas parroquias de Betanzos, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha conferencia de D. Ramón Sánchez-Dopico, membro da Sociedade Española de Sindología, sobre a Sábana Santa.

12 de abril de 2004

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia, dirixida por Rubén Gimeno. Actuaron como solistas o violinista Jorge Montes e a soprano Yolanda Montousset, con obras de Adams, Bruch e Falla.



César Delgado





14 de abril de 2004

Celebrouse neste día un acto conmemorativo do 73 aniversario da proclamación da República en España. Foi presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e fíxose unha ofrenda floral e homenaxe á bandeira do Goberno Republicano no exilio custodiada no Museo das Mariñas. Posteriormente na Sala de Azul do Liceo tivo lugar unha conferencia a cargo do Presidente do Instituto de Estudios Políticos e Sociais de Galicia, D. Antonio Campos Romay, titulada *A Segunda República. Horizonte de Esperanza*.



Alfredo Erias

Abril de 2004

Deron comezo no Centro de Formación de Bellavista os cursos de fontanería e soldadura, organizados pola concellería de Formación Ocupacional, Xuventude e Normalización Lingüística.

16-30 de abril de 2004

Ó longo destes días poido contemplarse na Sala de Exposicións do Edificio Liceo unha mostra de pinturas de Antonio J. Vázquez.

18 de abril de 2004

Na Aula de Cultura tivo lugar a representación da obra *Fobias*, a cargo da compañía Lagarta Lagarta.

20-22 de abril de 2004




Celebrouse no Colexio Nosa Señora do Carme (A Grande Obra de Atocha) o III Ciclo de Conferencias Familia y Escuela Juntas. Contaron coa participación de D. José Ramón Amor Pan, director da Residencia Universitaria José Sardina da Coruña; D. Alberto González Armesto, director xeral de Centros e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia; Dª Amalia Campo Fernández, psicóloga do Punto de Encontro Familiar Fonseca; Dª Elisa Madarro González, directora xeral do Maior e de Persoas con Discapacidade da Xunta de Galicia e D José Manuel Hermida Abad, párroco de Nosa Señora do Socorro da Coruña.

25 de abril de 2004



César Delgado

Celebrouse na Praza do Campo a *V Feira do Queixo* baixo o lema "Comercia en Betanzos. Consume Productos da nosa Terra", na que participaron máis de vinte productores de toda a comarca, e que se complementou ademais cun mercado de productos comarcais. A organización correu a cargo das delegacións de Servicios, Comercio, Casco Histórico e Desenvolvemento Local do Concello, que contaron coa colaboración de diversas asociacións e entidades de Betanzos e comarca. O primeiro premio ó mellor queixo fresco foi para Dª María del Carmen Merelas de Vilasantar. O primeiro premio para os semi curados foi para Dª Ana María Ramos Espantoso de Santaia (Curtis).




26 de abril de 2004

Faleceu neste día D. Rafael Vicente Teijo, carpinteiro artesán que realizou desinteresadamente diversas obras para o Museo das Mariñas como a oficina de información, as vitrinas para traxes, xoguetes tradicionais e os espellos das portas antigas de Betanzos e máis aló. Foi, sen dúbida, xunto ós



Mancera e outros máis, un dos grandes carpinteiros da cidade. Desde o Museo e o Anuario lembrámolo con agarimo e agradecemento.

1 de maio de 2004
Celebrouse con gran afluencia de público a tradicional Feira do Primeiro de Maio, unha das máis importantes do ano.



Maio de 2004
Ó longo deste mes desenrolouse o programa de actos das Letras Galegas, organizado pola Delegación de Cultura do Concello, e que este ano estivo adicado a Xaquín Lourenzo Fernández "*Xocas*". Para o seu desenrolo contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións do Concello como o Museo das Mariñas co mes de Portas Abertas, Campañas de Animación á Lectura na Biblioteca Municipal, etc.

4 de maio de 2004
No Colexio Nosa Señora do Carme (A Grande Obra de Atocha) tivo lugar un acto de celebración dos 25 anos de implantación do bacharelato no centro e por outro unha homenaxe á directora, Dª Pastora Mato, polos vintecinco anos que leva á fronte da institución. O acto estivo presidido polo Conselleiro da Presidencia, D. Jaime Pita Varela.

7-9 de maio de 2004
Celebrouse a XIX Festa do Viño de Betanzos, organizada pola Asociación de Colleiteiros de Betanzos, que deu comezo coa lectura do pregón a cargo do Conselleiro de Medio Ambiente, D. Xosé Manuel Barreiro. Na cata dos viños presentados a concurso resultaron gañadores: D. Pedro Vilariño, en tinto, e D. Andrés Gómez, en branco. A festa volveu ser, como en anos anteriores, un éxito de público e vendas.

14 de maio de 2004
O Centro de Maiores de Caixa Galicia de Betanzos celebrou un maratón de lectura, no Salón de Actos desta entidade, como homenaxe a Xaquín Lourenzo Fernández "Xocas". Nel participaron varias asociacións culturais e alumnos dos centros escolares.



15 de maio de 2004
Dentro do Programa de actos elaborado pola Delegación de Cultura con motivo das Letras Galegas, representouse na Aula Municipal de Cultura a obra *Pallasos*, a cargo da compañía Uvegá Teatro.

17 de maio de 2004
Dentro da celebración do Día das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro, *Así foi... e seguirá sendo*, do que é autor Xulio Cuns Lousa. A presentación foi realizada polo poeta, Xulio Valcárcel. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, e contou coa presencia do Delegado de Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz. Posteriormente tivo lugar un concerto da Coral Polifónica de Betanzos.





César Delgado

18 de maio de 2004

Dentro do programa de actos elaborado pola Delegación de Cultura con motivo das Letras Galegas, na Sala de Exposicións do Edificio Liceo inaugurouse a *IX Mostra Documental de Betanzos*, realizada polo Arquivo Municipal, titulada: "*Feiras, mercado e oficios*".

18 de maio de 2004

Dentro do Programa de actos elaborado pola Delegación de Cultura con motivo das Letras Galegas e patrocinada pola Xunta de Galicia, representouse na Aula Municipal de Cultura a obra Cousas que pasan, pola compañía Migallas.

20 de maio de 2004

Na aula Municipal de Cultura representouse a obra *A incrible historia dun libro*, a cargo da compañía Berrobamban.

21 de maio de 2004

O grupo de Teatro Brétema IES "As Mariñas" representou na Aula Municipal de Cultura as obras "O Pauto" de Xesús Pisón, "Carapuchiña vermella" (adaptación do conto) e "Monólogo: Teño un fillo adolescente" de Dores e Adrián.

22 de maio de 2004

Con motivo da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios da Administrción Local, o Alcalde, D. Manuel Lagares, entregoulles insignias ós traballadores que se xubilaron neste ano que foron: D. Adolfo Cortés Sampayo, D. Silvestre Seoane Medín e Dª Pilar Sánchez Rodríguez. Recibiron tamén un distintivo Dª Purificación Calviño Ruanova e D. Jesús Otero Faraldo por levar vintecinco anos vinculados ó Concello.

23 de maio de 2004

Na aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra "Bicos con lingua", a cargo da compañía Talía Teatro. A representación foi organizada pola Delegación de Cultura do Concello e contou co patrocinio do Instituto Galego de Artes e Imaxe (Igaem). O 25, Títeres Cachirulo representaron a obra "A merenda de Gamelón" na Aula Municipal de Cultura.

29 de maio de 2004

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra "Romance de Micomicón e Adelaha". A representación foi organizada pola Delegación de Cultura do Concello e contou co patrocinio do Instituto Galego de Artes e Imaxe (Igaem).



30 de maio de 2004

A Agrupación Teatral *Mariñán* celebrou o seu décimo aniversario poñendo en escea na Aula Municipal de Cultura a obra "*10 años*", patrocinada polo Concello e na que colaboraron a Casa da Xuventude e a Xunta de Galicia.

30 de maio de 2004

Celebrouse o octavo medio maratón Volta á ría de Betanzos, organizado polo Club de Atletismo As Mariñas, que contou coa colaboración dos concellos de Bergondo, Betanzos e Paderne.

1 de xuño de 2004



O director rexional da empresa Mapfre, D. José Ramón Segura e o Alcalde, D. Manuel Lagares, firmaron un convenio de colaboración para a realización de cursos de Seguridade Vial para alumnos de primaria e secundaria do concello de Betanzos, e que dende o ano 1996 levan a cabo a Delegación de Tráfico do Concello en colaboración coa Policía Local.

4 de xuño de 2004



O Conselleiro de Xustiza da Xunta de Galicia, D. Xesús Palmou e o Alcalde, D. Manuel Lagares, visitaron as obras de reforma e acondicionamento dos xulgados de Betanzos (antigo Hospital de San Antonio).





Xuño de 2004



Desenrolouse este mes unha campaña publicitaria de peonalización do casco histórico, levada a cabo pola Concellería de Casco Histórico e Desenvolvemento Local.

5 de xuño de 2004

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a clausura do Curso Municipal de Teatro, coa representación por parte dos alumnos da obra "A doncela guerreira" de Rafael Dieste. A continuación tivo lugar un recital de cantigas de amor e amigo. O curso, organizado pola Delegación de Cultura, foi impartido por Manuel Lourenzo, Paulo Serantes e Santiago Fernández.

6 de xuño de 2004

Encadrado dentro do Programa de actos elaborado pola Delegación de Cultura con motivo das Letras Galegas, e contando coa colaboración da Asociación de Amigos da Banda, desenrolouse o VII Encontro de Bandas de Música, coa participación das Bandas Municipais de Sada, Padrón e Betanzos.

9 de xuño de 2004

O Rector da Universidade da Coruña, D. José María Barja, realizou unha viaxe oficial a Betanzos co obxectivo de estudiar a posible ubicación dun Instituto de Antropoloxía na nosa cidade. Na visita estivo acompañado do Alcalde, D. Manuel Lagares, do Catedrático de Antropoloxía da Universidade da Coruña, D. Antonio Fernández de Rota e do Concelleiro de Educación, Cultura e Deportes, D. Francisco Díaz.

11 de xuño de 2004



Representantes da Dirección Xeral do Catastro e o Alcalde, D. Manuel Lagares, asinaron un convenio polo que os veciños de Betanzos poderán consultar datos e obter información do catastro nas dependencias municipais.

13 de xuño de 2004

Celebráronse as eleccións ó Parlamento Europeo, nas que acadou un escano de Deputado o betanceiro, D. Antolín Sánchez Presedo. Licenciado en Dereito (Máster en Dereito da Unión Europea) D. Antolín Sánchez, ten unha longa traxectoria política: Alcalde de Betanzos, Deputado no Parlamento de Galicia, Secretario Xeral do PS de G-PSOE, candidato á Presidencia da Xunta, Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, Presidente do Instituto Galego de Vivenda e Solo.




César Delgado

16 de xuño de 2004

Realizou unha visita oficial á nosa cidade o Delegado do Goberno en Galicia, D. Manuel Ameijeiras. Foi recibido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez na Sala Capitular do Concello.





17-30 de xuño de 2004

Na Sala de Exposicións do Edificio Liceo tivo lugar a III Exposición Vitofílica de Betanzos, organizada pola Asociación Vitofílica da Coruña, presidida por Dª Estela Cortés Cobo, quen delegou no coleccionista brigantino, D. Antonio Pedreira Gómez.

Participaron na mesma coleccionistas de Madrid, Zaragoza, Valencia, Coruña e Betanzos. Da nosa cidade cabe destacar as aportacións de coleccionistas como Dª Ana Cribeiro Parapar, D. Guillermo González Novoa e do mesmo D. Antonio Pedreira.

A organización contou coa colaboración de diversas entidades da cidade e do Concello de Betanzos.

18 xuño de 2004

A Confederación Galega de Minusválidos inaugurou un quiosco na praza Uxío Novoneyra, dentro da política de integración de persoas con minusvalías ó mercado laboral. O acto contou coa presencia do Vicepresidente desta entidade, D. Anxo Queiruga, do Alcalde, D. Manuel Lagares, e da Concelleira de Asuntos Sociais, Dª María Barral.

20 de xuño de 2004

Tivo lugar na catedral de Lugo a Ofrenda ó Santísimo Sacramento dentro das solemnidades do Corpus, que este ano correspondeu á Cidade de Betanzos a través do seu Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, quen como Delegado Rexio realizou a dita ofrenda no transcurso dunha Misa Solemne. A misa oficiada polo Arcebispo de Santiago, Monseñor Julián Barrio, contou coa presencia de representantes de cada unha das provincias do Antigo Reino de Galicia, como ven sendo habitual dende o ano 1669 en que se realiza. O Alcalde estivo acompañado por numerosos betanceiros.



Ofrenda que fai o Alcalde-Presidente da Moi Nobre, Sempre Leal e Real Cidade de Betanzos dos Cabaleiros, como Delegado do Antigo Reino de Galicia, no día da Infraoitava do Corpus Christi, na Igrexa Catedral de Lugo, o presente ano de dous mil catro.

SEÑOR:

Torno hoxe aquí, a esta marabillosa catedral de Lugo, en delegación do Antigo Reino de Galicia, para facer presente unha vez máis que a nosa terra está hoxe, como en séculos pasados, disposta a enfrontar o futuro sempre incerto que nos espera. Viva cara ó porvir, pero tamén viva nas tradicións, sendo esta que celebramos unha das máis prezadas para todos nós, porque nos amosa xuntos, unidos baixo unha única bandeira, a da fraternidade entre os galegos.

Pero este ano, máis que nunca, teño a obriga de falar da Galicia solidaria, da que non esquece nin esquecerá a desgracia dos nosos irmáns madrileños, sexa cal sexa a súa orixe, o 11 de marzo. Ese día uns innomeables sementaron morte e destrucción en Madrid, no atentado máis estremecedor que se recorda en Europa. Non hai ningunha xustificación para semellante acto, pero a fera que todos levamos dentro pode espertar en calquera momento baixo xustificacións varias e sempre perversas, sendo, curiosamente, as de tipo relixioso as máis socorridas. Non permitas Señor, que no teu nome, sexa cal sexa este, se mate, se invadan países e se prive de liberdade e xustiza á xente.

Galicia, *finisterrae* de Europa, é tamén hoxe, e máis neste ano Xacobeo, centro e meta dos anceios de boa parte do noso vello continente e máis aló. Aquí se xuntan persoas de todas partes, de tódalas etnias, de tódalas culturas. Veñen na procura dos bens espirituais que quedaron acobillados desde a noite dos tempos e que seguen vivos arredor do Camiño e do que representa: ese Camiño de Santiago a Occidente, que anuncia o Alén, pero tamén o eterno retorno da vida que renace co amencer.

O tempo das Cruzadas, as medievais e outras que chegan ata nós, debe rematar para sempre e ocupar o seu baleiro ideas de tolerancia, de diálogo, de comprensión, de irmandade. Porque estamos a construír unha obra grande e fermosa, que é Europa, unha Europa unida como non se recorda, e ademais unida polas relacións entre persoas e non a sangue e lume como hai 2000 anos. Nesa Europa Galicia quere estar, xunto cos demais pobos de España, con Portugal, con todos, con respeto para todos, pero tamén demandando xustiza cando é necesario, xustiza para os mariñeiros, os campesiños,

os que dan servicios de distinta orde. Porque somos un pobo forte, traballador, que soubo percorrer os camiños de Europa para reconstruíla na longa posguerra, traballando arreo como emigrantes, con humildade, axudando a erguer o edificio que agora está en pé.

Nunca esqueceremos tampouco a América, particularmente á América hispana na que se afunden as nosas raíces familiares. Para toda ela tamén pido xustiza, para que dunha vez por todas os poderosos deixen vivir en paz e liberdade moitos dos pobos que aínda están a sufrir a dictadura do medo e da desatención social e cultural máis absoluta. E para os galegos que están na diáspora e que se fan vellos mirando ó Atlántico con morriña,

pídoche que poidan regresar á súa Galicia para vela, polo menos, unha vez máis.

É certo que hoxe estamos en Galicia mellor que en tempos pasados, pero non me podo esquecer de que tamén aquí hai desigualdade e situacións de desamparo polas razóns que sexa. Pídoche, Señor, que mires para tódolos galegos do mundo, para que nos manteñas unidos como hoxe estamos aquí, para que saibamos manter viva a nosa lingua, as nosas paisaxes naturais, o urbanismo antergo das nosas poboacións, así como os mitos, lendas, contos e demais compoñentes do noso patrimonio.

Protexe a herdanza dos devanceiros, guía ós nosos mozos para que saiban atopar o camiño do futuro sen esquecer de onde veñen. Que este día de festa, de ledicia, de esperanza e de unidade se alongue no decorrer do ano, para ben de Galicia e do Mundo.

¡Gracias!



21 de xuño de 2004

Faleceu neste día D. Julián Gilsanz Arteaga, creador da Empresa Gilsanz de autobuses e colaborador do noso Arquivo Municipal ó que permitiu reproducir numerosas fotografías. Lembrámolo con agarimo.



César Delgado

22 de xuño de 2004

Reuniuse baixo a presidencia do Alcalde, D. Manuel Lagares, a Xunta Local de Seguridade para tratar de potenciar a colaboración entre a Garda Civil e a Policia Local. Contou coa presencia da Subdelegada do Goberno, Dª Obdulia Taboadela e representantes dos corpos policiais e de Protección Civil.

24 de xuño de 2004


Na Sala de Servicios Múltiples tivo lugar a presentación da VII Semana Internacional de Cine de Betanzos, enmarcada dentro do VII Curso de Verán da Universidade da Coruña. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares e contou coa presencia do Director de Servicios de Medios Audiovisuais da Universidade da Coruña e director do curso, D. José María Paz Gago, e dous representates da Xunta de Galicia e Caixa Galicia



26 de xuño de 2004

Foille concedida a D. Santiago López Díaz, a Cruz Distinguida da Orde de San Raimundo de Peñafort, pola súa labor ininterrumpida ó longo de corenta anos como Procurador dos Tribunais.

Xullo-Agosto de 2004



Desenrolouse ó longo destes meses o Programa de *Verán 2004*, elaborado pola Delegación Municipal de Educación, Cultura e Deporte. A oferta dirixida ós nenos, contou con diversas actividades como talleres de psicomotricidade, de plástica, de musicoterápia, de xogos populares e de radio e publicidade. Varios campamentos como o *III Campus de fútbol*, e *Vive a natureza*. Complementouse este programa coas Noites de Cine en distintos lugares do concello.



2-15 de xullo de 2004

Poido contemplarse no Edificio Liceo unha exposición de pintura de Teresa Castro Bolaño.

8-11 de xullo de 2004

Celebrouse na Praza García Irmáns a II Feira do Libro de Betanzos, organizada pola Asociación de Libreiros e pola Delegación de Cultura do Concello, coa colaboración de Caixanova. Esta edición foi inaugurada coa lectura do pregón a cargo da poeta Emma Couceiro e nela participaron librerías de toda Galicia.

9-11 de xullo de 2004



Celebrouse ó longo destes días no casco histórico da cidade a VII Feira Franca Medieval, que contou como ven sendo habitual cunha ampla participación de tódolos cidadáns e gran afluencia de visitantes.
As recreacións históricas como a expulsión dos leprosos, o tributo das cen doncelas, a queima da bruxa... repetíronse un ano máis causando a admiración dos asistentes. O torneo medieval, as exhibicións de tiro con arco e cetrería, torneos a cabalo, danzas gremiais, xogos infantis, actuacións de malabares... volveron a ser o centro de atención de numeroso público.
A feira deu comezo coa inauguración do Alcalde, D. Manuel Lagares e a lectura do pregón a cargo da escritora Ánxeles Penas.

Ilmo. Sr. Alcalde, Revmo. Arcipreste de Xanrozo, rexedores e notables da vila, miñas donas e meus señores todos; veciños ou forasteiros que compartiredes estos días de ledicia e rememoración dos tempos do Medievo, tan cheos de forza e de vitalidade:

Hoxe é un día significativo para a cidade de Betanzos; e, para mín, é motivo de grande honra e de xúbilo o ter sido nomeada para facer de pregoeira de tan importante acontecemento, neste que foi un dos lugares máis significados do Antigo Reino de Galicia. A vila de Betanzos ten para nós doces acentos e lembranzas saudosas dun pasado que nos conformou e nos diu o substrato do que somos hoxe, pois –como di Vicente Risco– «os estados e os feitos políticos pasan, pero o esforzo e a alma inmorrente dos pobos fican para sempre». Así que, baixo estas pedras seculares, aínda latexa o espíritu dos devanceiros, un vello perfume sacral de antigas crenzas que tiveron por marco o Castro de Untia, e un eco de feitos cabaleirescos que se mesturaron coa vitalidade dun pobo rexo, alegre e dionisíaco; un xeito de ser que perdura ata hoxe e que fai de Betanzos a cidade galega que máis fondo cala no corazón dos forasteiros.



César Delgado

Betanzos, situada no cumio do Castro de Untia, no mesmo corazón do Portus Magnus Artabrorum,

que xa asombrara aos romanos pola súa privilexiada configuración xeolóxica, e abrazada e abalada, como polos brazos amorosos dun amante namorado, por dous ríos míticos, o Mendo e o Mandeo, é unha xoia histórica de irrepetible singularidade, un exemplo de «medievalismo vivo», na que todo «é memoria e nostalxia» dos tempos en que foi «corte do rei don García de Galicia e tivo un vivir aristocrático», como di Martínez Barbeito. Testemuña da grandeza destes tempos idos, cando erguían os seus pazos soarengos os Andrades, os Figueroas, os Lanzós, os Taboadas, os Castros, os Masedas, os Pardos, os Villouzás e tantos outros, son as nobres pedras de Santa María do Azougue, de resoancias alquimistas e templarias; de Santiago, cuxas lanzais agullas furan, incólumes, definitorias, o ceo das edades, sinalando o centro, o axis mundi dun universo hierofánico e dándolle a Betanzos o seu perfil inesquencible; e, finalmente, a maravillosa xoia gótica da iglesia do convento de San Francisco, onde Fernán Pérez de Andrade, o Bó durme o sono eterno sobor das míticas bestas totémicas do oso e do xabarín que simbolizan a forza, a reciedume e o valor deste pobo.



César Delgado

A alma de Galicia, que xa viña formándose dende os tempos megalíticos, rexa como as grandes rochas conmemorativas: mámoas, medoñas, medorras, dólmenes... que erguían os nosos ancestros, recibiu no Medievo un selo que a marcou a fogo e deixou vestixios dos cales, a vella, a un tempo señorial e burguesa e popular, Brigantium, da testemuña cos nomes das súas encantadoras rúas en costa nos que aínda é posible rememorar o trafego dos vellos gremios, o ir e vir de mercadorías e de xentes fabriles ou escoitar como unha campá lonxana e rebuldeira, o son metálico do martelo do ferreiro, do selleiro, do ourive, do carpinteiro de ribeira...; onde aínda resoa a cantiga da tecedeira, da brosladora, da costureira ou da labrega que ameniza o traballo con versos de amores ou con decires de rexouba; onde aínda o mercachifle, o buhoneiro, a vendedora de froita ou de peixe deixan oir no lonxe o seu cantareiro pregón. Aínda é posible soñar co arrandeo dos barcos na Ribeira, coa pel curtida dos vellos mareantes, dos que Carré Alda dixo que «foran os xenoveses de España»; aínda pervive, nas barcazas que van aos Caneiros o aceno das singladuras e das derrotas de alén mar, aínda pode dibuxarse no aire do tempo o perfil das galeras do mouro que arelaba arrebatarlle a Betanzos as súas louras doncelas. Agora todo é memoria que semella ir esbarando, como unha longa lingua griseira e crepuscular, polas calmas curvas da ría, cara o Atlántico que se alonxa.

Mais, pesie a elo, Betanzos conserva o seu espíritu ledo, rebuldeiro, extrovertido; o seu riso franco e noble; a súa cortesía secular. Don M. Murguía di, no seu libro «Os Precursores» que os fillos de Betanzos «teñen algo de brandura daqueles campos fertilísimos, algo da firmeza das montañas que cortan o seu horizonte, algo tamén da fondura das augas inmóviles en que se espellan as vellas murallas que cinguen a cidade benamada».



César Delgado

Hoxe as murallas, como a mar, son un anaco perdido do pasado que rodea virtualmente o círculo máxico do burgo antigo, o cal, por unhos días, voltará a recuperar o perfume dos antergos oficios: das fiadeiras, dos alfaiates, dos zapateiros, dos cesteiros, dos ferreiros, dos

pasteleiros, dos prateiros, das palilleiras e brosladoras que fan nacer xardíns dos blancos fíos, dos ferreiros, dos labregos, dos moinantes, buhoneiros, bufóns e cómicos dos camiños, dos troveiros, malabares e acróbatas, dos nigromantes, curandeiros e adiviños, dos botadores de sortes de toda clase, dos botánicos, dos físicos, dos expendedores de cervexa e de viño, dos vendedores e tendeiros de paños, de liño, de lá, de algodón, ou de seda, dos alfareiros, dos ourives, dos debuxantes, dos escultores, dos canteiros, dos cambiadores de ouro e de prata, dos taberneiros e oficiales de toda laia.

Agora, co poder que me dan as autoridades da vila, convoco a tódalas xentes da bisbarra e dos arredores e das terras limítrofes ou lonxanas, a participar nesta Feira Franca Medieval, na que non se pagará alcabala, nen portazgo algún, senón que se cambiará libremente, participando tamén da exuberancia, da festa, da retranca rebuldeira e do festivo sentido do humor que caracterizan a esta cidade. Haxa saúde, boa venda, ledicia e viño para todos.

Eu, Ánxeles Penas, suliño este pregón, no 9 de Xullo, do ano do Señor do 2004. ¡VIVA A FEIRA FRANCA MEDIEVAL!

Ánxeles Penas



César Delgado

14 de xullo de 2004

No Edificio Liceo foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares e varias concelleiras, un grupo de nenos saharauis que viñeron pasar este verán con familias betanceiras.

18 de xullo de 2004

Morreu o excelente músico e debuxante humorístico betanceiro, D. Xosé Luis Muñoz Vales. Coa súa profesión de músico levou a Betanzos e Galicia polo mundo adiante, sobre todo na etapa da orquestra "Los Españoles", en que actuou por toda Europa e ata chegaron a facerse famosos no Xapón. En Betanzos era coñecido ademais pola súa habilidade como caricaturista e debuxante, coa que participou nalgún número do Anuario Brigantino e en diversos libros e prensa. Era un home bo e un artista e amigo de verdade. Non o esqueceremos.



Alfredo Erias



César DCésar

20 de xullo de 2004

Tivo lugar a IX Bienal de Pintura Balconadas, organizada pola Delegación de Cultura do Concello, co patrocinio da Deputación da Coruña, Fundación Caixa Galicia e Gadisa. Foron máis de cen as obras seleccionadas, que quedaron penduradas dos balcóns do casco histórico. A presentación estivo presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares, acompañado do Concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz e do Director do Certame, D. Javier Meléndrez "Urza". O primeiro premio foi para o madrileño Javier Albar, o segundo, para Cristina Brea, de Pontevedra e o terceiro para Ali Ali de Siria. O premio por elección popular, patrocinado pola Fundación Manuel Villuendas, foi para a betanceira, Lucía Calviño Ponte.

25 de xullo de 2004

No cruceiro da Cruz Verde tivo lugar a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia. O acto, que contou coa presencia de varios concelleiros, estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares.

27-30 de xullo de 2004



César Delgado

Desenrolouse ó longo destes días a VII Semana Internacional de Cine de Betanzos, enmarcada dentro do VII Curso de Verán, organizado pola Universidade da Coruña, en colaboración co Concello de Betanzos. Este ano estivo dedicada ó productor galego, Julio Fernández e á empresa audiovisual Filmax. O evento contou coa participación de diversos profesionais relacionados co mundo do cine como Elsa Pataki, Raquel Meroño, Goya Toledo, Bárbara Elorrieta, Mariana Carballal, Sancho Gracia, Brian Yuzna, Román Gubern, Alberto Vázquez Figueroa, alfredo Conde...así coma o propio Julio Fernández. As conferencias e coloquios completáronse con varias proxeccións na aula Municipal de Cultura e no CGAI.

29 de xullo de 2004

A Corporación municipal aprobou nomear Fillo Adoptivo de Betanzos a Antolín Faraldo Asorey (1822-1853). Naceu en Betanzos e foi membro da Academia Literaria de Santiago e da Deputación Arqueolóxica Galega. Participou en política e formou parte do grupo de provincialistas que levaron a cabo o levantamento de 1846 en Galicia.

6-8 de agosto de 2004

Celebrouse na Praza do Campo, organizada por un grupo de hosteleiros, a primeira festa da cervexa "Brigo Birra 2004". No desenrolo da mesma celebráronse varios concertos musicais e concentracións de motos e coches clásicos, así como unha mexillonada. Como complemento, no Edificio Liceo tivo lugar unha conferencia a cargo de D. Marcelino Álvarez titulada: "La recogida y fabricación del lúpulo en Betanzos", así como unha exposición de fotografía sobre o tema.

12 de agosto de 2004

Celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto do Coro Unión Fenosa, dirixido por Ilona Stepan.

13 de agosto de 2004

No convento de San Francisco celebrouse o *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Carlos Seijo, Coral Polifónica e Banda Municipal de Música.

14-29 de agosto de 2004



Arume

Poido contemplarse no Edificio Liceo unha mostra de artesanía en pedra do canteiro de Pontevedra, D. Juan José Fernández Ferreira.

14 de agosto de 2004

Na Praza da Constitución, o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raíña das Festas, a fermosa moza brigantina Laura Asensi Zapata. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do director de cine, José Luis Cuerda.

Fíxose entrega dos premios Garelos 2004 que foron os seguintes: En Cultura, a Asociación Cultural Eira Vella; en Deporte, o deportista e fundador da escola de fútbol base, Oscar Gilsanz; en industria, a ferretería Raimundo Núñez. Entregouse ademais un premio Garelo especial a D. Marcelino Vázquez, pola doazón económica que permitiu construir o Centro Social e Polideportivo de Guiliade. Entregáronse así mesmo os premios da IX Bienal Balconadas.

Pregón das Festas

Buenas tardes. A la gente buena mariñana, a los afortunados habitantes de Betanzos, a sus afortunadas autoridades electas, a los poderes presentes, eclesiásticos, militares y civiles, se haya accedido a ellos por oposición reñida, designación o delegación, a la afortunadísima Raiña das Festas y a la no menos afortunada corte que la acompaña, a los feirantes y festeiros, a los que pasáis el verano, año tras año, en este lugar bendito, casi desde que Betanzos era Brigantium, y desde que Brigantium era Unta, a los que íbais de paso y se os ha cruzado San Roque en el camino, a las lactantes, que nadie se acuerda de ellas casi nunca, a los que andáis a la caza y a los que os gustaría ser cazados, a los forasteros sorprendidos, a los ricachos y a los más menguados de bienes, a toso quisque, para resumir, os convoco, desde aquí y desde ahora, a sacrosanto deber de la diversión, al jolgorio de obligado cumplimiento, al desparramo más ancho y largo, y a los goces más altos y más profundos, con que seáis capaces de atiborrar vuestros sentidos, sin faltar al prójimo. Ánimo.

Y hago tal convocatoria, como veis, desde la privilegiada posición del pregonero, que, a poco que grite, se le oye y hasta se le escucha, porque es costumbre suponerle que, si pregona, es que algo de interés tendrá que pregonar.

Aunque pregonar que se nos echan encima las fiestas, es asunto un poco tonto, creo yo, porque, si algo sabe el humano de normal laborioso, cumplidor y hasta machacado por el curro cotidiano, es que hay unos días en los que el almanaque de su ciudad, villa, pueblo o lugar se ensancha, se orea, se descuajeringa incluso, se tiñe de hermosísimo color rojo y se declara vacante, inútil y desperdiciado a efectos contables, y sabe también, el citado humano, que a eso se le llaman fiestas, y que las tales



Arume

llegan a fecha fija, fecha que él conoce y reconoce, como si se lo exigieran sus pulsos, sin error posible, y sin necesidad de que nadie se la pregone.

Pero es que, además, en el día de hoy, para más inri en cuanto a la no necesidad, o inadecuación del hecho pregonador, y por locura, no inhabilitante, todo hay que decirlo, del excelentísimo señor alcalde, locura que comparto y asumo al estar yo aquí, quien esto os pregona, José Luis Cuerda Martínez, hijo de Abel y de Irene, ambos difuntos, e indígena de Albacete capital, ni siquiera fala galego, con lo que tiene que dirigirse a vosotros en tan íntimas datas, en este que forzosamente os suena como pedregoso idioma castellano, con tantas tes, tantas erres, tantas ques y tantos tropiezos palatales y fricativos, que más que un habla de humanos, parece una fervenza de letras sobre croios. Vengo, os lo he dicho, de Albacete, el Al-basit de los árabes, la llanura, un secarral pardo, gélido o candente como pocos, que ha estado media historia a trasmano del mundo, pero al que, por ser yo bien nacido, supongo, quiero sin remedio, como se quiere al propio cuerpo, a la vida que a uno le queda por delante o a la propia niñez.

Tendría, es la costumbre, que hablaros de vuestros emprendedores devanceiros romanos, o de la insigne tortilla que os es propia, del gótico de San Francisco y de la casa de Lope García de Vilousaz, o del globo de papel encandilador, esperemos que incombustible, que tan alto y tan bien vuela, del eclecticismo arquitectural de vuestras casonas, o del Pasatiempo de vuestros amorosos y didácticos palacios. De San Roque bondadoso, de su perro. Pero ¿Que os voy a contar de todo esto que no sepáis mejor que yo? ¿Lo que haya podido entresacar de libros, manejados con urgencia, para cumplir contrato? Os voy a hablar de Albacete, qué narices. ¿A que nadie os ha hablado de Albacete en vuestro pregón de fiestas? Las de Albacete, la feria le llamamos, se celebre en los días que rodean, por delante y por detrás, el siete de septiembre.

Nuestra Patrona es la Virgen de los Llanos, con lo cual, si vais por allí, yo os invito y el alcalde de Albacete está de acuerdo -luego le llamanos por el móvil, para que lo confirme- os encontraréis con un abultado censo de albaceteñas de buen ver, y que transportan como pueden el nombre de llanos, Llanitos, las más pequeñas. Nombre éste, tenéis que reconocérmelo, bizarramente chusco, aplicado a la anatomía humana que, llanos tendrá, pocos, pero que se caracteriza, y es mucho más alabada, por sus protuberancias que por sus planicies. La feria de Albacete es la única en España que cuenta con recinto propio, construido en el siglo dieciocho, con dedicación exclusiva a menesteres feriales, y está compuesto por un paseo o rabo de sartén, y unas construcciones en círculos concéntricos en los que se sitúan los puestos de chucherías, baratijas, artesanía, aperos de labranza, relojes de cuarzo, bebidas gaseosas, vinillos y mistelas, calculadoras, abanicos, gajos de coco y tantas invenciones de consumo menor haya parido la imaginación humana. En mis tiempos, los críos teníamos derecho a una compra de juguete por feria y a montar una vez al día en alguno de los mecanismos- noria, látigo, caballitos o coches de choque- que se instalaban en el rabo de la sartén anteriormente descrito.Yo compraba entonces- y aún lo he hecho en los últimos años alguna vez, viajando ex profeso desde Madrid, con billete ferroviario de ida y vuelta, en el mismo día -una armónica alemana, marca Honner siempre, y, la mayoría de las veces, modelo “O fado portuguesa”-.



Arume

Nunca aprendí a tocar la armónica, pero me la compraba todos los años y, durante algunos meses, soplaba en ella con mucho entusiasmo y dedicación.
Probablemente fuera este un temprano tributo a lo inútil- actitud anacrónica y despreciada hoy- que siempre he practicado y practico con gozo. De ahí que haya salido, con mayor o menor acierto, medio artista.
Cuando yo aprendía latín- ahora sé latín, cosa que advierto a cualquiera que quiera venderme burras, sean del pelaje y naturaleza que sean las burras, cuando yo aprendía latín, digo, nunca sentí esa desazón de tiempo perdido que sienten los aficionados a la matemática, a la ingeniería y al cálculo económico. A mí me parecía más útil saber latín que echar cuentas. Raro que es uno.
Con los números, con la estadística, yo sabría de vosotros que el sector terciario representa el 62,37% de vuestra economía, que el 48,15% del territorio municipal de Betanzos está dedicado a la agricultura y que hay unas cincuenta explotaciones ganaderas que ocupan una media de casi dos hectáreas cada una. Y esos datos, qué queréis que os diga, gozo-gozo, me producen relativamente poco. Cuidado. Están bien. No lo discuto. Pero ¿Cómo disfrutar con los porcentajes? ¿No es consustancial al placer el vislumbre de totalidad y de plenitud que encierra siempre? Un número es la negación por definición de un todo. Y ¿Quién no querría permanecer inmutable y peremne en la cima del goce? A estas degustaciones mentales- llamadas también de otra manera cuando no hay niños delante- me lleva a mí el conocimiento y almacenaje de saberes inútiles. Y lo paso divinamente.
Para la redacción de estos párrafos me introduje, poco y mal, para lo que acostumbra uno en esto del estudio, en la biografía, titubeante e insegura aún, a estas alturas, de Fernán Pérez de Andrade, O Bo. Y me ganó más de él, que fuera bo, que que fuera diestro pendenciero. Me gusta más que hiciera iglesias hermosísimas y puentes con hospital de pobres en su mitad, que sus correrías bélicas. Cuando yo tenía siete años, Don Alonso, el maestro de mi escuela, nos preguntó a los críos que qué querríamos ser en caso de guerra. Unos contestaron: “De artillería”, otros: “De aviación”, yo respondí: “Confitero”. Me gustaban mucho más los pasteles que las pistolas y las ensaimadas que los cañones. Desde entonces me ha repugnado que nadie ni por nada quiera resolver pleitos mediante muertos, y mi repugnancia ha llegado a su límite en estos últimos tiempos, en los que, además de como carne de cañón, se nos ha tratado como imbéciles tragamentiras, en vez de como ciudadanos informados de lo



Arume



Arume

que hay. Me gusta que quien ha sido bo, el buen Andrade, y no voy a hacer más averiguaciones por si no fue tan bo, repose, todo y uno ya, sin posibilidad de merma o cambio, en piedra firma, sobre escenas de caza, esa actividad lúdica, sin más servidumbre a señor alguno, que no sea el propio ocio e interés, rodeado en el lecho por sus canes favoritos, y apoyado el túmulo entero, sobre los dos animales simbólicos, adoptados por la familia Andrade: el oso y el jabalí. Reconocimiento definitivo de que la muerte puede al poder, y que no hay fiereza y resistencia que sustente nada, más allá de la nada, porque en la nada todo se disuelve, como los ríos que van a dar a la mar. Y abandono aquí, ahora mismo, las inoportunas por fecha y hora, artes elucubradoras del latín y sus asignaturas afines, para no cansar más. Repose O bo Andrade y dé así y definitivamente a la caza alcance.

¿Pensáis como yo que ha llegado el momento de que de una vez por todas nos zambullamos en la fiesta, el desenfreno y el gran juego? Me da miedo de que no sean el lugar y la hora más adecuada, para jugar a lo que os voy a proponer. Se trata de ese juego en el que cada movimiento, la suma de ellos, la frecuencia con que se realizan, la intensidad, la intención y la cantidad de los mismos, los ademanes y las voces que los acompañan, así como los forzados o deseados tramos de quietud, llevan o alejan al final exitoso o al fracaso. Un juego en el que los contendientes no dudan en comerse, en empujarse, en acelerar o frenar sus ímpetus, en perseguirse hasta la extenuación. Me refiero, como todos estáis pensando, al juego maravilloso del parchís. ¿Jugamos al parchís? ¿Que no habéis traído el tablero? ¿Que preferís tomaros un traguito y echar un baile?

Ya sabéis que el beber tiene tres límites. El primero lo pone la guardia civil: el que vaya a conducir, que no beba. El segundo, lo pone la prudencia, y está, más o menos, en el doble del que permite el sopladoiro. A este puede acceder todo vecino peatón. Y el tercero lo marca el propio aguante. Yo creo que se deberían interrrumpir las libaciones antes de caer en la grosería, en la patochada y en el, con perdón, mear fuera de tiesto, evitando así que la cama se convierta en barca a la deriva y recipiente vomitorio.

Estas son vuestras fiestas! Son las fiestas de todos los presentes, y de los que vayan llegando, y aquí se queden: Vayamos a la fiesta en paz! Y que San Roque nos ampare y su perro nos guarde de los malos y los tontos. A divertirse.

José Luis Cuerda

15 de agosto de 2004

Na igrexa de Santa María celebrouse o cincuenta aniversario de Santa María do Azougue como Copatrona de Betanzos.

«Betanzos se preparó con ilusión para celebrar los CINCUENTA años de SANTA MARÍA DEL AZOGUE como COPATRONA de la ciudad, hecho ocurrido en agosto de 1954. En todo el orbe católico era Año Mariano por celebrarse el Centenario de la proclamación del dogma de la Inmaculada Concepción, promulgado en 1854 por el Papa Pio IX.

El 15 de agosto de 2004, nuestro arzobispo Excmo. Sr. D. Julián Barrio Barrio presidió la solemne Concelebración Eucarística en la iglesia parroquial de Santa María del Azogue, a la que asistió, como todos los años, la Corporación Municipal.

Al comienzo de la misma el Sr. Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, en presencia del Sr. Arzobispo, de nuestro párroco D. Manuel Rodríguez Rodríguez, sacerdotes, autoridades y fieles, descubrió en un muro de la nave de la izquierda interior, una placa conmemorativa en la que se lee:

O CONCELLO DE BETANZOS
Á NOSA SEÑORA
STA. MARÍA DO AZOUGUE
NO 50 ANIVERSARIO
COMO COPATRONA
DA NOSA CIDADE
15 AGOSTO 2004



Fersal

Con el Sr. Arzobispo concelebraron los siguientes sacerdotes: D. Carlos Álvarez Varela (Formador del Seminario Mayor de Santiago, que vino acompañando al Sr. Arzobispo), D. Alejandro Barral Iglesias, Canónigo de la catedral de Santiago, presidente de la Comisión del Cabildo Compostelano y director del Museo Catedralicio (estuvo en esta parroquia desde julio de 1957 a septiembre de 1959), D. Manuel Ares Faraldo, párroco de Nuestra Señora de los Remedios, D. Miguel Martínez Fernández, sacerdote colaborador en Betanzos, jubilado de la diócesis de Astorga y D. Manuel Rodríguez Rodríguez.

Junto al Sr. Alcalde estaban los concejales: María Barral Varela, Luis Alberto Carro Erias, Javier de la Fuente Lago, Francisco Díaz Pereira, Mª Dolores Faraldo Botana, José Ramón García Vázquez, Francisco Gestal Calvete, Beatriz Gómez Iglesias, Francisco Martinez García y Andrés Porcas Fraga. También asistieron el Cronista de la ciudad José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro y el Sr. Alcalde de Tías (Lanzarote) que vino con la Banda Municipal de esta localidad canaria.


A la izquierda del Sr. Alcalde se situó a D. Enrique Sanz Ares, Teniente Alcalde de la Corporación Municipal existente en 1954, cuando se declaró Copatrona de Betanzos a Santa María del Azogue. El Sr. Sanz hizo entrega al Sr. Arzobispo de la copia del Acta de Nombramiento de la Virgen como Copatrona; los demás componentes de aquella Corporación Municipal han fallecido.

En la "Monición de Entrada" de la Misa se dio lectura a los miembros de aquella Corporación: Tomás Dapena Espinosa como alcalde y los señores concejales Julio Rodriguez Ares, Antonio Pérez López, Víctor Loureda Lago, Antonio Golpe López, Francisco Asensi Ramallo, Lino Benito Rey, Joaquín Peña Rodriguez, Luis Soto López, Salvador Sánchez García, Antonio Palla Insua; y el teniente de alcalde Enrique Sanz Ares. También se hizo mención a los sacerdotes que ejercieron su ministerio sacerdotal en esta parroquia desde 1954: Reverendos José Sieira Bustelo, Eduardo Seoane Meijide, Jesús Golpe López, Juan Penedo López, José Severino Couto, ya fallecidos y Luis Alfredo Díaz Díaz, Nicolás Garrido Piñeiro, Alejandro Barral Iglesias, Manuel Ares Faraldo, Manuel Espiña Gamallo, Perfecto Esparís Freire, Gelasio López Rodriguez, Manuel Veiga Castiñeira, José Manuel Iglesias González y el párroco actual Manuel Rodriguez Rodriguez.

Al finalizar la Celebración Eucarística todos, con las autoridades civiles y eclesiásticas, hemos ido en procesión, con las imágenes de la Virgen, bellamente adornada, y la de San Roque, patrón de Betanzos, hasta la iglesia de Santo Domingo; ambas fueron portadas por la multisecular "Danza de Marineros", siendo la primera vez que éstos llevaban la de San Roque.

Desde el campanario de la iglesia pendía una colgadura azul de 7 metros de largo, en la que, en letras blancas, se leía:





"1954–2004. CINCUENTENARIO COPATRONA. SANTA MARÍA DEL AZOGUE. BETANZOS". La realizó el matrimonio formado por Mª do Ceo Castro Pinto de Sousa y José Pérez Novo.

Para celebrar este Aniversario se ha hecho un folleto, en el que de forma sencilla, se hace un recorrido de la historia de este templo parroquial, detallando el nombramiento de Santa María del Azogue como COPATRONA de BETANZOS y haciendo una descripción de su retablo del siglo XVIII, en el que figuran catorce grupos escultóricos del siglo XV que representan los misterios Gozosos, Dolorosos y Gloriosos del Rosario. Sus autoras son Lucía Tenreiro Gómez y Mercedes Morandeyra Fajardo de Andrade, feligresas de la parroquia de Santa María del Azogue».

María Mercedes Morandeyra Fajardo de Andrade



Fersal

15 de agosto de 2004

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Alba Pérez Sánchez, que recibiu a coroa de mans do Alcalde, D. Manuel Lagares. Acto seguido, Alba Barral deu lectura ó Pregón Infantil.



Fersal

Función do Voto

(16 de agosto)

SEÑOR SAN ROQUE

Torno hoxe diante de Tí, na representación do pobo de Betanzos, para presentarche esta humilde invocación que constituie unha das máis fermosas tradicións da nosa Galicia. Tradición que ten cerca de seis séculos e que, como tódalas representacións populares avaladas polas xustas demandas cidadáns, espero que teña continuidade por moitos máis.

Representa esta presentación un recoñecemento pola Túa labor mediadora para rematar coa peste que nos asolaba entre os anos 1405 e 1415 e que Tí, con decidida intervención, nos axudache a erradicar. Además do recoñecemento e como magnífico protector dos betanceiros e galegos, pídoche que igualmente continúes coa xenerosa labor de protección, axuda e colaboración.

O pobo de Betanzos considerou no ano 1948 a Túa decisiva mediación e concedeuche a Medalla de Ouro da Cidade. E dende 1416, de xeito puntual, o Alcalde fai esta humilde lectura que constituie un dos acontecementos máis importantes das festas patronáis. Festas que che adicamos e que teñen además desta cita, aoutras que permiten estar declaradas de interese turístico: o lanzamento do Globo, que esta noite espero surque novamente o aire na Túa memoria, as romarías dos Caneiros, os concertos, as actividades culturáis, deportivas, recreativas e sociáis e un importante conxunto de eventos. Espero que as disfrutemos coa ledicia e a fraternidade que Tí nos enseñaches.

É certo que necesitamos rematar no día de hoxe con odios e pestes que cercan á humanidade, e que levaron a cometer o atentado terrorista do 11 de Marzo en Madrid, no que morreron preto de 200 persoas. Non permitas que se cometan tal tipo de actos terroristas que destrozan á nosa sociedade e que deixan baleiros incubribles en moitas familias inocentes.

Enche as nosas vidas de comprensión, diálogo, concordia e solidariedade, precisamente neste Ano Xacobeo, no que Betanzos representa un eslabón importante do camiño, e fai que o respeto ós dereitos humáns, sexan unha premisa das nosas vidas.

Protexe dunha maneira primordial ós nosos xóvenes para que atopen unha solución digna ás súas vidas. Ós nosos maiores que merecen o mellor trato polos seus desvelos en crear un mundo mellor, e ten unha cobertura preferente para quen máis o necesita: ós parados, as persoas maltratadas, ós emigrantes e inmigrantes, os discaparacitados e a todos aqueles que sufren situacións de desigualdade e de desamparo polas motivacións que sexan.

Guía dun xeito especial ós betanceiros, tanto presentes como ausentes, e encamiña ó mundo polos principios da liberdade, paz, xustiza, amor, tolerancia e o respeito ós Dereitos Humáns.

Que así sexa. Moitas gracias.

Manuel Lagares Pérez

Alcalde de Betanzos



Fersal

16 de agosto de 2004
O mal tempo non impediu que como tódolos anos ás doce da noite, se lanzase o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita. O numeroso público asistente poido contemplar como ascendía ó ceo de Betanzos para despois descender na Capela, a uns trinta quilometros.

18 e 25 de agosto de 2004
Como é tradicional, foron moitas as persoas que subiron río arriba polo Mandeo e para achegarse ó campo dos Caneiros para disfrutar desta singular romaría. As lanchas déronlle vistosidade a estas xiras. Foron máis de cen persoas as que participaron no dispositivo de seguridade para evitar todo tipo de accidentes.
22 de agosto de 2004
Desenrolouse a IX Carreira Popular de Atletismo de Betanzos, organizada polo Clube de Atletismo As Mariñas.

27 de agosto de 2004
Na Praza da Constitución tivo lugar un concerto da Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia, baixo a dirección de Pietro Rizzo.

Setembro de 2004
Entrou en funcionamento a Segunda Fase de Peonalización do Casco Histórico, consistente na renovación da imaxe da parte histórica da cidade coa instalación de macetas e sinais verticais que impiden o aparcamento de vehículos na Porta da Vila, Rúa do Castro e Rúa Travesa.

1-15 de setembro de 2004
Poido contemplarse estes días na Sala de Exposicións do Edificio Liceo unha mostra pictórica de Ismael Rodríguez Fraga.


Alfredo Erias


César Delgado

2 de setembro de 2004
Na Aula Municipal de Cultura celebrouse un recital de fusión de poesía e tango a cargo de Marina Cedro, á que acompañou á guitarra Ricardo Urrutia. O acto foi organizado pola Concellería de Cultura.

8 de setembro de 2004
Varios milleiros de persoas achegáronse ó Santuario dos Remedios para celebrar a tradicional romaría.

Setembro de 2004



O Consello de Ministros concedeu ó avogado e político betanceiro, D. José Manuel Romay Beccaría, a Gran Cruz da Orde de San Raimundo de Peñafort. Un recoñecemento profesional a unha persoa que ó longo da súa traxectoria ocupou importantes postos no Goberno e no Estado como o de Ministro de Sanidade ou últimamente o de Presidente do Consello de Estado.

10 de setembro de 2004

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, dirixida por Rubén Gimeno.

Setembro de 2004

Comezaron neste mes as obras de reforma da Casa Consistorial, que inclúe unha nova cuberta, rehabilitación do segundo piso, cambio de cableado eléctrico e colocación de canalóns.

13 de setembro de 2004

Presentouse no Edificio Liceo o XXII Curso de Saúde Ambiental, incluído dentro do programa Municipios Saudables e Sostibles 2000-2004 en Galicia, organizado por Caixa Galicia. No acto, presidido polo Alcalde en funcións, D. Francisco Díaz, estivo presente o Director do Curso, D. Francisco Peña, o Director da Obra Social de Caixa Galicia, D. Vicente Iglesias e concelleiros de Curtis, Irixoa, Cesuras e Betanzos.

18 de setembro de 2004

O Alcalde, D. Manuel Lagares, recibiu a un grupo de membros da Agrupación Galaica de Caracas residentes en España.

23 de setembro de 2004

Na Sala de Conferencias do Edificio Liceo presentouse o Anuario Brigantino, nº 26. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz, así como o Drector da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do poeta, dramaturgo e narrador, Miguel Anxo Fernán-Vello.



Alberto Erias



23 de setembro de 2004


O deseñador betanceiro, Jorge Vázquez, acadou o premio L´Oreal, á mellor colección novel na pasarela Cibeles de Madrid.

Setembro de 2004

O clube de pesca Río Mandeo acadou o primeiro posto no Campionato Galego de Pesca Mar-Costa que se disputou en Razo. O equipo estivo composto por: Francisco Arroyo, Adolfo Conde, Gonzalo Rubi, Orlando Pereira e Kiko Fernández.

30 de setembro de 2004

Por iniciativa do Liceo Internacional Agarimo, visitaron a nosa cidade un grupo de touroperadores culturais procedentes de diferentes partes do mundo. A visita tivo por obxecto dar a coñecer Betanzos como destino cultural e turístico. Foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares e por Dª Carmen López Villasol. A organización contou coa colaboración de TourEspaña, TurGalicia, Fundación Comarcal de Betanzos, Fundación Ciec e Concello de Betanzos.



Setembro de 2004


A finais deste mes comezou a funcionar o novo Plan de Ordenación do Tráfico que convertiu a Praza do Campo nunha gran rotonda con sentido único de circulación.

1 de outubro de 2004

Presentouse na Librería Donín o libro de Xesús Fraga, co que xa obtivera o premio Rubia Varcia-Cidade de Ferrol, titulado *Solimán*. A presentación correu a cargo de D. Eduardo Fuentes Abeledo e o representante de Edición Xerais de Galicia, D. Manuel Bragado.

2 de outubro de 2004

Celebrouse na nosa cidade a *XVI Asamblea de Alcaldes del V Centenario*, co obxetivo de abordar temas de interese municipal e para celebrar o descubrimento de América, que cada ano celebra nun pobo distinto, con actividades culturais. Os participantes foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares no Edificio Liceo.



Outubro de 2004

Coñeceuse pola prensa que o betanceiro D. Jorge Martín Sánchez, se proclamou subcampión mundial de caza na categoría San Huberto en Eslovaquia. No mesmo campionato, xunto cun compañeiro andaluz, foi campión por equipos. A este capionato mundial chegou despois de se proclamar subcampión de España nas probas celebradas en Huércanos (A Rioxa).

5-10 de outubro de 2004

Desenrolouse no Edificio Liceo e nas rúas da cidade o Festival Internacional de Títeres Galicreques 2004, no que participaron os seguintes grupos: *Anima Sonho* de Brasil, *Chucho Teatro de Viña* de Chile, Era uma vez de Portugal, Fundus das Museum de Alemania, Kalina de Bulgaria, La Mar de Marionetas de Madrid e Plansjet de Bélxica. O certame organizado pola Delegación de Cultura, contou coa colaboración da Asociación Barriga Verde, Xunta de Galicia, Xacobeo 2004, Deputación da Coruña, Igaem e Ministerio de Educación.

5-15 de outubro de 2004

Poido contemplarse no Edificio Liceo unha exposición titulada Biblioteca de Libros Fantásticos, realizados por Carmen Domech.

8 de outubro de 2004

Celebrouse na Praza da Constitución e Rúa do Castro o 1º Mercado do Producto Ecolóxico, organizado pola Concellería de Comercio casco histórico e Desenvolvemento Local e polo Sindicato Labrego Galego.



16 de outubro de 2004
O xove músico brigantino, Dani López, presentou na Aula de Cultura o seu primeiro disco titulado *Flautasía*.

17 de outubro de 2004
Na Aula de Cultura representouse "As damas de Ferrol" pola compañía de Teatro do Noroeste, dirixida por Eduardo Alonso coa actuación de Luma Gómez e Elina Luaces.

18-21 de outubro de 2004
Desenrolouse ó longo destes días na Aula Sociocultural Caixa Galicia o XXII Curso de Saúde Ambiental, incluído dentro do programa Municipios Saudables e Sostibles 2000-2004 en Galicia, organizado por Caixa Galicia e dirixido por D. Francisco Peña. O acto de inauguración estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado doutros rexidores, concelleiros e representantes comarcais.

20-22 de outubro de 2004
Desenrolouse o programa *Cinensino*, adicado á prevención do consumo de drogas para os alumnos de primeiro de ESO dos concellos de Abegondo, Bergondo e Betanzos, no que se usou como soporte base o cine. A organización correu a cargo da Delegación de Servicios Sociais do Concello, dentro do Plan de Prevención de Drogodependencias.

22 de outubro de 2004
Tivo lugar no Edificio Liceo a sinatura dun convenio de colaboración entre Gas Galicia, (representada por D. Juan Picón) e o Concello (polo Alcalde, D. Manuel Lagares), mediante o que se permitiu á empresa comezar os traballos de canalización na cidade.



22 de outubro de 2004
No Edificio Liceo presentouse o libro *A Segunda República nunha vila galega. Betanzos 1931-1936*, de D. Xesús Torres Regueiro. No acto participaron o historiador D. Dionisio Pereira e o Director do Anuario Brigantino, D. Alfredo Erias. O acto foi organizado pola Asociación Cultural Eiravella, que preside Dª Pilar Vázquez.

28 de outubro de 2004



Tivo lugar no Edificio Liceo a sinatura dun convenio de colaboración entre a empresa "R", representada por D. Arturo Dopico e o Concello, polo Alcalde, para a instalación na cidade dunha rede de telecomunicación, consistente en servicios de Internet, televisión e teléfono.

29 de outubro de 2004

Nun acto celebrado en Madrid e promovido polo ministerio de Vivenda e o Consello Superior de Colexios de Arquitectos, foi homenaxeado o arquitecto brigantino, D. José Caridad Mateo (1906-1996). Foi recordado xunto a outros arquitectos españois depurados despois da guerra civil. Foi exiliado despois da guerra e tras pasar por un campo de concentración francés recalou en México, onde exerceu a súa profesión ata a súa morte en 1996.



Outubro de 2004

A Concelleira betanceira, Dª María Dolores Faraldo, foi nomeada Directora Provincial do Sergas. Licenciada en medicina e ciruxía pola Universidade de Santiago, médico puericultora, diplomada en Sanidade e Máster en Xestión Sanitaria poa Universidade da Coruña, ocupou diversos cargos de dirección nos dezaoito anos que leva vinculada á sanidade.

1 de novembro de 2004

Celebrouse a tradicional Feira de Santos á que asistiron varios miles de persoas da comarca. Os productos estrela deste día, como é habitual, foron as flores e as castañas.

2 de novembro de 2004

A Corporación, con asistencia dos tres grupos políticos representados, celebrou unha ofrenda floral en memoria dos defuntos. O Alcalde, D. Manuel Lagares, presidiu o acto que tivo lugar no cemiterio municipal.

4 de novembro de 2004

O Alcalde, D. Manuel Lagares e as concelleiras de Servicios Sociais, Dª María Barral, e de Facenda, Dª Beatriz Gómez, presentaron o Plan de Igualdade da Muller, Información, Actividades e Educación co fin de favorecer a integración social, familiar e laboral da muller.

Novembro de 2004

Coñeceuse pola prensa que a empresa de Piadela Obradoiro Penumbra, fora distinguida co primeiro premio nacional de ancadernación artística que anualmente concede o Ministerio de Cultura.

12 de novembro de 2004

O Concello a través da Delegación de Cultura, entregou ó Colexio Vales Villamarín catro balconadas realizadas polo escultor Manuel Patiña.

12 de novembro de 2004

Na reunión do patronato da Fundación Comarcal de Betanzos celebrada no Edificio Liceo, coa presencia do Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, D. José Antonio Santiso, aprobouse o proxecto de Estudio Medioambiental das Marxes do Río Mandeo, elaborado pola Universidade de Santiago, para unha mellora do entorno fluvial.



Novembro-Decembro de 2004

Ó longo destes meses desenrolouse o programa elaborado pola Concellería de Servizos Sociais Actividade de Ocio e Tempo de Lecer, que contou con diversas excursións de achegamento á natureza.



Novembro de 2004

Coñeceuse a noticia de que o Consello de Ministros nomeara ó betanceiro D. Agustín Núñez novo Embaixador de España na República de Honduras. Licenciado en Dereito, xa ocupara ata o momento varios cargos de relevancia en diversos países como Etiopía, Filipinas, e ultimamente era Director Xeral da Unidade de Coordinación da Participación de España no Consello de Seguridade de Nacións Unidas.

25 de novembro de 2004

Con motivo da celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o Consorcio das Mariñas en colaboración coa Universidade da Coruña organizou unha carreira de relevos por varios concellos. Na Praza do Campo a Concelleira de Servicios Sociais, Dª María Barral, acompañada de varios concelleiros, leu un manifesto das mulleres maltratadas.



26 de novembro de 2004

Na Aula Municipal de Cultura representouse a obra de Gustavo Pernas *Paso de Cebra*, por Áncora Producción.

29 de novembro de 2004


Foron aprobados no Pleno deste día os presupostos municipais para o ano 2005, que superan os nove millóns de euros.

3-18 de decembro de 2004

Ó longo destes días desenrolouse no Edificio Liceo o ciclo audiovisual *Outros Cines, Outras Culturas, unha ollada sobre Palestina*, que organizou a concellería de Xuventude, Formación e Normalización Lingüistica.

1 de decembro de 2004

A partir deste día e ata o mes de xaneiro desenrolouse o Programa de *Festexos do Nadal* organizado pola Delegación Municipal de Cultura, Deportes e Benestar Social e a Delegación Municipal de Festexos, que contaron coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Lucía Díaz Vilariño do Colexio Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de Carteis de Nadal organizado polo Concello.



Decembro de 2004

Neste mes D. Isidro do Porto presentou a súa dimisión como concelleiro. Ata este momento viña desempregando as funcións da Concellería de Urbanismo.

Decembro de 2004

D. Javier de la Fuente presentou a súa dimisión como concelleiro da corporación brigantina.

11 de decembro de 2004

Dentro dos actos programados para a celebración do vintecinco aniversario da "Agrupación Musical de Pulso e Púa Carlos-Seijo" presentouse o libro de D. Marcelino Álvarez *Rondallas Brigantinas: 25 años de la Agrupación Musical Carlos Seijo*.

13 de decembro de 2004
Celebrouse no Edificio Liceo o *Primeiro Foro Galego de Sensibilización Social*, co obxecto de realizar novas estratexias para a sensibilización empresarial e inserción laboral de buscadores de emprego en Galicia. A inauguración estivo presidida polo Alcalde, D. Manuel Lagares, que estivo acompañado pola Presidenta de Coruña Solidaria, Dª Mar Barcón, D. José Fernández, en representación do Consorcio das Mariñas e D. Juan Manuel Sánchez, como administrador do Fondo Social Europeo.

16 de decembro de 2004
A partir deste día poido contemplarse no Edificio Liceo a exposición de fotografías de Xacobe Meléndrez Fassbender, titulada: *As mans do vento*.

17 de decembro de 2004
Celebrouse na Praza da Constitución e Rúa do Castro o II Mercado do Producto Ecolóxico, organizado pola Concellería de Comercio Casco Histórico e Desenvolvemento Local e polo Sindicato Labrego Galego.

17 de decembro de 2004
Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un recital poético da poeta, actriz e cantante, Maite Dono.

17 de decembro de 2004
No Edificio Liceo inaugurouse o Belén Móvil que realiza o Grupo de Amigos Belenistas, que este ano contou con algunhas novidades significativas. O acto foi presentado pola escritora e artísta, Ánxeles Penas.

23 de decembro de 2004
Finou en Cali (Colombia) o que fora concelleiro da Coporación, D. Martín Iglesias Salorio.

25 de decembro de 2004
Con motivo do cen cumpreanos da veciña de Tiobre, Dª María del Carmen Casanova, o Alcalde, D. Manuel Lagares trasladouse ó seu domicilio para entregarlle un agasallo.



Diego de Andrade (s. XV)
no Museo das Mariñas.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traduccións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al*.

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique.* Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espacios á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción. Non se admitirán variacións substanciais no texto.



Deseño para abano (acuarela), de F. J. Martínez Santiso (1895). Museo das Mariñas.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2004, Nº 27,
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2005